I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

I

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo terceiro do seu título preliminar a definición de currículo e enumera os elementos que o integran, e tamén establece que o currículo deberá estar orientado a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos e dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual, sen que en ningún caso poida supoñer unha barreira que xere abandono escolar ou impida o acceso e o exercicio do dereito á educación.

Así mesmo, coas modificacións introducidas pola citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, realízase unha nova distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, establecendo que, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos títulos correspondentes, o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas. Esas ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia. As administracións educativas, pola súa vez, serán as responsables de establecer o currículo correspondente para o seu ámbito territorial, do que formarán parte os aspectos básicos antes mencionados. Finalmente, corresponderá aos propios centros docentes desenvolver e completar, de ser o caso, o currículo de cada etapa e ciclo no uso da súa autonomía, e tal como se recolle na propia lei.

Por outra banda, con relación ao bacharelato, a nova redacción da lei modifica algúns aspectos da ordenación e da organización das ensinanzas desa etapa.

En desenvolvemento do anterior, o Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, aprobou e concretou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para o bacharelato, determinando os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa ordenación, tales como a avaliación, a

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

promoción e a titulación, a atención ás diferenzas individuais, a autonomía dos centros e os documentos e informes de avaliación.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución española e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 desta, o desenvolvan, e das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución española, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e a súa garantía.

Neste contexto, este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

II

Son moitos os cambios que se produciron nos últimos anos nos comportamentos sociais, cambios que tamén afectan o papel da educación e a percepción que a sociedade ten desta. Entre eses cambios cabe destacar o uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá, que está a modificar a maneira en que as persoas participan na sociedade, e as súas capacidades para construír a propia personalidade e para aprender ao longo da vida.

O sistema educativo galego non pode permanecer alleo a estes continuos cambios que deben ter un reflexo na aprendizaxe das persoas ao longo da vida, con diferentes enfoques para adaptar a formación aos requisitos actuais e futuros. Entre os moitos enfoques que hai que ter presentes, destacan os dereitos da infancia como principio reitor; a igualdade de xénero a través da coeducación e a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual; a inclusión educativa para que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros docentes e unha maior personalización da aprendizaxe; a importancia de atender ao desenvolvemento sustentable, que inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica; e tamén o cambio dixital que se está a producir nas nosas sociedades e que forzosamente afecta a actividade

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

educativa. A sociedade no seu conxunto reclama un sistema educativo moderno, menos ríxido, máis aberto, multilingüe e cosmopolita, que desenvolva todo o potencial e o talento do alumnado.

Todas estas importantes consideracións teñen que estar presentes na configuración dun currículo galego para a etapa de bacharelato, que permita establecer e homoxeneizar no territorio os dereitos formativos e de aprendizaxe do alumnado, pero tamén guiar o profesorado nos procesos de ensino e aprendizaxe que poña en práctica, permitíndolle ter unha base máis clara sobre a que desenvolver a súa docencia segundo as idades do alumnado. Nese sentido, unha das funcións do currículo será a de indicar ás e ós docentes sobre o que se pretende acadar e proporcionarlles pautas de acción e orientacións sobre como conseguilo. Ademais, constitúe un referente dentro do propio sistema educativo e para as avaliacións da calidade deste, entendidas como a súa capacidade para acadar as intencións educativas fixadas.

O currículo do bacharelato pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias clave e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física.

A etapa de bacharelato participa do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente, que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave adáptaronse ao contexto escolar, así como aos principios e aos fins do sistema educativo.

Este currículo baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación, que van supoñer un importante cambio nas tarefas para o alumnado, e propostas metodolóxicas innovadoras.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as materias e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O rol do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

Todos estes enfoques están considerados neste decreto e van unidos ao recoñecemento dunha maior autonomía dos centros docentes, aumentando a súa capacidade de decisión no desenvolvemento do currículo.

III

Desde o punto de vista formal, o decreto conta con trinta e seis artigos estruturados en catro títulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición transitoria única, unha disposición derrogatoria única e tres disposicións derradeiras.

O título preliminar, relativo ás disposicións xerais, establece o obxecto e o ámbito de aplicación do decreto, e concreta os fins e os principios xerais da etapa de bacharelato no marco do sistema educativo.

O título I, que se denomina «Organización e desenvolvemento», distribúese en catro capítulos.

No capítulo primeiro defínese o currículo e os elementos que o conforman, e concrétanse os obxectivos xerais e as competencias clave para esta etapa educativa. Abórdase a organización das materias da etapa, que son de tres tipos (comúns, específicas de modalidade e optativas), e a súa estrutura curricular, referida aos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos e as orientacións pedagóxicas. Tamén se regula a organización do bacharelato en catro modalidades: a de Artes, que á súa vez se organiza na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, e na vía de Música e Artes Escénicas; a de Ciencias e Tecnoloxía; a de Humanidades e Ciencias Sociais; e a Xeral, que supón unha novidade respecto á anterior lei educativa. Así mesmo, regúlase a posibilidade da organización do bacharelato en tres anos académicos. Finalmente, abórdase tamén o horario da etapa.

No capítulo segundo regúlase o desenvolvemento do currículo, potenciando a autonomía dos centros e establecendo o contido que deberán ter a concreción curricular e as

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

programacións didácticas. Neste capítulo tamén se tratan os principios pedagóxicos da intervención educativa e os elementos transversais.

No capítulo terceiro trátase o papel da titoría, así como a atención á diversidade.

No capítulo cuarto regúlase a avaliación, a promoción e a titulación de bacharelato, establecendo o grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa como os referentes para as avaliacións.

O título II regula os documentos oficiais de avaliación do alumnado; nel defínese cales deben ser os documentos e os informes de avaliación, regúlanse as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e o informe persoal por traslado, e establécense tamén as garantías para a autenticidade, seguridade e confidencialidade dos documentos oficiais de avaliación.

Por último, o título III dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionar ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento da lectura, e do proceso de educación dixital, no que a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento.

O decreto finaliza con cinco disposicións adicionais, relativas á ensinanza da relixión, á aprendizaxe de linguas estranxeiras, á educación de persoas adultas, a obtención de novas modalidades de bacharelato e a simultaneidade de estudos; máis unha diposición transitoria, unha disposición derrogatoria e tres disposicións derradeiras.

Neste decreto inclúense, ademais, catro anexos: o anexo I, relativo ás competencias clave e aos descritores operativos que rexerán na etapa; o anexo II, sobre o currículo de cada materia da etapa, que se estrutura en introdución, obxectivos, criterios de avaliación e contidos organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa, e orientacións pedagóxicas; o anexo III, sobre a continuidade curricular en certas materias da etapa; e o anexo IV, no que se regula o horario escolar das materias en cada un dos cursos da etapa.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

IV

Desde o punto de vista da mellora da calidade normativa, este decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, que se recollen no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para a regulación da ordenación e do currículo da etapa de bacharelato conforme a nova redacción da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tras as modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, e o Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

De acordo cos principios de proporcionalidade e de simplicidade, contén a regulación imprescindible da estrutura destas ensinanzas ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos.

Conforme os principios de seguridade xurídica e eficiencia, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Cumpre tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, xa que se identifica claramente o seu propósito e durante o procedemento de tramitación da norma permitiuse a participación activa das persoas potenciais destinatarias, a través do trámite de consulta pública previa e de publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Escolar de Galicia, de acordo co Consello Consultivo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 15 de setembro de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto establecer a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

maio, de educación, e no Real decreto 243/2022, do 5 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Este decreto será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de bacharelato.

Artigo 3. *A etapa de bacharelato*

1. A educación secundaria divídese en educación secundaria obrigatoria e educación secundaria postobrigatoria.

2. O bacharelato é unha das ensinanzas que conforman a educación secundaria postobrigatoria, xunto coa formación profesional de grao medio, as ensinanzas artísticas profesionais, tanto de música e de danza como de artes plásticas e deseño de grao medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio.

3. Sen prexuízo do previsto no artigo 12, a etapa comprende dous cursos, desenvólvese en modalidades diferentes e organízase de modo flexible en materias comúns, materias específicas de modalidade e materias optativas, coa finalidade de que poida ofrecer unha preparación especializada ás alumnas e aos alumnos.

Artigo 4. *Fins*

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Artigo 5. *Principios xerais*

1. Poderá acceder aos estudos de bacharelato quen estea en posesión do título de:

a) Graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

b) Técnica ou técnico de formación profesional.

c) Técnica superior ou técnico superior de formación profesional.

d) Técnica ou técnico de Artes Plásticas e Deseño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

e) Técnica superior ou técnico superior de Artes Plásticas e Deseño.

f) Técnica deportiva ou técnico deportivo.

g) Técnica deportiva superior ou técnico deportivo superior.

2. As alumnas e os alumnos poderán permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante catro anos, consecutivos ou non.

Artigo 6. *Currículo*

1. De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación do bacharelato constitúe o currículo desta etapa.

2. Para os efectos deste decreto entenderase por:

a) Obxectivos da etapa: logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

b) Competencias clave: desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c) Obxectivos de materia: desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada materia. Estes obxectivos constitúen un elemento de conexión entre, por unha banda, as competencias clave e, por outra, os criterios de avaliación e os contidos das materias. Os obxectivos de materia correspóndense coas competencias específicas establecidas no Real decreto 243/2022, do 5 de abril.

d) Criterios de avaliación: referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada materia

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da materia, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

e) Contidos: coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha materia e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da materia. Os contidos están enunciados en forma de saberes básicos de acordo co sinalado no artigo 17.1 do Real decreto 243/2022, do 5 de abril.

f) Orientacións pedagóxicas: indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave.

Artigo 7. *Obxectivos da etapa*

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Artigo 8. *Competencias clave*

1. As competencias clave da etapa, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

b) Competencia plurilingüe (CP).

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

d) Competencia dixital (CD).

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

f) Competencia cidadá (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

2. As competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do grao de adquisición destas que estea previsto ao finalizar a etapa, interpretaranse de acordo coas definicións contidas no anexo I.

3. O currículo que establece este decreto ten por obxecto garantir o desenvolvemento das competencias clave previsto no anexo I. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente os descritores operativos que se detallan nel.

TÍTULO I
Organización e desenvolvemento

CAPÍTULO I
Organización

Artigo 9. *Organización xeral*

1. As modalidades e, de ser o caso, as vías de bacharelato que poderán ofrecer os centros docentes autorizados serán as seguintes:

a) Artes, na vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

b) Artes, na vía de Música e Artes Escénicas.

c) Ciencias e Tecnoloxía.

d) Humanidades e Ciencias Sociais.

e) Xeral.

2. O alumnado de bacharelato terá que cursar materias comúns; materias específicas da modalidade elixida, obrigatorias e de opción, e materias optativas.

3. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, os centros docentes na configuración da súa oferta poderán establecer agrupacións en itinerarios das materias específicas da modalidade elixida e das materias optativas, orientados aos diversos campos das ensinanzas superiores.

4. Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias específicas das modalidades e, de ser o caso, vías que teñan autorizadas.

Só se poderá limitar a elección de materias específicas da modalidade ou, de ser o caso, da vía por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste para algunha das materias ou vías, segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación e que terá en conta o carácter específico dos ámbitos rurais.

Cando a oferta de materias específicas quede limitada nun centro docente por razóns organizativas, a consellería con competencias en materia de educación facilitará que as materias que non poidan impartirse por esta causa se poidan cursar mediante a modalidade de educación a distancia ou, de non ser posible, noutros centros docentes.

5. A materia de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo ao de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais, segundo o establecido no artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Artigo 10. *Organización do primeiro curso*

1. Todo o alumnado debe cursar as seguintes materias comúns:

a) Educación Física.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

b) Filosofía.

c) Lingua Castelá e Literatura I.

d) Lingua Estranxeira I.

e) Lingua Galega e Literatura I.

2. O alumnado da modalidade de Artes na vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Debuxo Artístico I.

b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:

– Cultura Audiovisual.

– Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I.

– Proxectos Artísticos

– Volume.

3. O alumnado da modalidade de Artes na vía Música e Artes Escénicas debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Análise Musical I ou Artes Escénicas I.

b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:

– Análise Musical I.

– Artes Escénicas I.

– Coro e Técnica Vocal I.

– Cultura Audiovisual.

– Linguaxe e Práctica Musical.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

4. O alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Matemáticas I.

b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:

– Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.

– Debuxo Técnico I.

– Física e Química.

– Tecnoloxía e Enxeñaría I.

5. O alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Latín I ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.

b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:

– Economía.

– Grego I.

– Historia do Mundo Contemporáneo.

– Latín I.

– Literatura Universal.

– Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.

6. O alumnado da modalidade Xeral debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Matemáticas Xerais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

b) Dúas materias de opción que se elixirán entre as seguintes:

– Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial.

– As materias de modalidade de primeiro curso que se ofrezan no centro.

7. Todo o alumnado debe cursar unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

– Anatomía Aplicada.

– Antropoloxía.

– Cultura Científica.

– Segunda Lingua Estranxeira I.

– Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.

– Tecnoloxías da Información e da Comunicación I.

– As materias de modalidade de primeiro curso das enumeradas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 deste artigo.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo das materias optativas ás que se refire este punto de acordo co establecido neste decreto.

Artigo 11. *Organización do segundo curso*

1. Todo o alumnado debe cursar as seguintes materias comúns:

a) Lingua Castelá e Literatura II.

b) Lingua Estranxeira II.

c) Lingua Galega e Literatura II.

d) Historia de España.

e) Historia da Filosofía.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2. O alumnado da modalidade de Artes na vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Debuxo Artístico II.

b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:

– Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II.

– Deseño.

– Fundamentos Artísticos.

– Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica.

3. O alumnado da modalidade de Artes na vía Música e Artes Escénicas debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Análise Musical II ou Artes Escénicas II.

b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:

– Análise Musical II.

– Artes Escénicas II.

– Coro e Técnica Vocal II.

– Historia da Música e da Danza.

– Literatura Dramática.

4. O alumnado da modalidade de Ciencias e Tecnoloxía debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:

– Bioloxía.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Debuxo Técnico II.

– Física.

– Xeoloxía e Ciencias Ambientais.

– Química.

– Tecnoloxía e Enxeñaría II.

5. O alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:

– Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.

– Xeografía.

– Grego II.

– Historia da arte.

– Latín II.

– Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

6. O alumnado da modalidade Xeral debe cursar as seguintes materias de modalidade:

a) Ciencias Xerais.

b) Dúas materias de opción da modalidade que se elixirán entre as seguintes:

– Movementos Culturais e Artísticos.

– As materias de modalidade de segundo curso que se ofrezan no centro.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

7. Todo o alumnado debe cursar unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes:

– Métodos Estatísticos e Numéricos.

– Psicoloxía.

– Segunda Lingua Estranxeira II.

– Tecnoloxías da Información e da Comunicación II.

– Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia.

– As materias de modalidade de segundo curso das enumeradas nos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 deste artigo.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo das materias optativas ás que se refire este punto de acordo co establecido neste decreto.

Artigo 12. *Organización do bacharelato en tres anos académicos*

1. Conforme o previsto no artigo 32.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o previsto no artigo 15 do Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato, a consellería con competencias en materia de educación disporá as medidas que posibiliten que unha alumna ou un alumno realice o bacharelato en tres anos académicos, en réxime ordinario, sempre que as súas circunstancias persoais, permanentes ou transitorias, o aconsellen. Nestes casos considerarase a posibilidade de que o alumnado curse simultaneamente materias de ambos os cursos de bacharelato.

2. Poderá acollerse a esta medida o alumnado que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Que curse a etapa de maneira simultánea ás ensinanzas profesionais de Música ou de Danza.

b) Que acredite a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

c) Que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo.

d) Que alegue outras circunstancias que, a xuízo da consellería con competencias en materia de educación e nos termos que dispoña, xustifique a aplicación desta medida.

3. A consellería con competencias en materia de educación determinará a distribución que se fará das materias que compoñen o bacharelato, procurando a adecuada planificación da oferta de materias con continuidade curricular que se dispón no anexo III.

Artigo 13. *Estrutura curricular das materias*

1. A organización en materias desenvólvese no anexo II seguindo, respecto de cada materia, a seguinte estrutura:

a) Introdución.

b) Obxectivos, que serán comúns para toda a etapa.

c) Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos cursos da etapa.

d) Orientacións pedagóxicas.

2. A agrupación por bloques dos criterios de avaliación e dos contidos de cada materia non supón unha secuencia establecida nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis adecuada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnas e alumnos ao que van dirixidos.

Artigo 14. *Horario*

1. A carga horaria semanal en períodos lectivos para cada unha das materias dos distintos cursos da etapa é a que figura no anexo IV.

Este horario débese entender como o tempo semanal necesario para o traballo en cada unha das materias.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2. A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

CAPÍTULO II
Desenvolvemento do currículo

Artigo 15. *Autonomía dos centros*

1. Os centros docentes disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas normas que a desenvolven, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente. A consellería con competencias en materia de educación fomentará e favorecerá a aplicación por parte dos centros docentes do disposto neste número.

2. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo do bacharelato adaptándoo ás características do alumnado e á súa realidade educativa, e fixarán a súa concreción e incorporarana ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

3. No exercicio da súa autonomía, os centros docentes poderán adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de materias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin leve consigo a imposición de achegas ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, nin exixencias para as administracións educativas.

Artigo 16. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2. A concreción curricular da etapa incluirá, como mínimo:

a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.

b) A contribución á adquisición das competencias clave.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e os recursos didácticos.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

h) Os criterios para o deseño dos plans de recuperación para o alumnado que acade a promoción con materias pendentes do curso anterior.

i) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.

j) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra.

k) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

l) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

m) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

3. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e na modificación da concreción curricular.

Artigo 17. *Programacións didácticas*

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

materias seguindo as decisións e criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

2. As programacións didácticas das materias das ensinanzas de bacharelato incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introdución.

b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

– Concrecións metodolóxicas.

– Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

– Procedemento para a avaliación inicial.

– Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia, e criterios de recuperación.

– Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

– Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

– Concreción dos elementos transversais.

– Actividades complementarias.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

h) Práctica docente.

– Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

– Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

Artigo 18. *Principios pedagóxicos*

1. No bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas.

Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

Artigo 19. *Elementos transversais*

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

CAPÍTULO III
Titoría e atención á diversidade

Artigo 20. *Titoría e orientación*

1. No bacharelato, a titoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional do alumnado, así como a preparación do seu futuro itinerario formativo, constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción titorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.

As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información subministrarase, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluirá as cualificacións obtidas en cada materia.

3. Coa finalidade de fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporarase a perspectiva de xénero ao ámbito da orientación educativa e profesional.

4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das modalidades, as vías e as materias ás que se refiren os artigos 9, 10 e 11 sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa e/ou profesional posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.

Artigo 21. *Atención á diversidade*

1. Na etapa de bacharelato prestarase especial atención ás alumnas e aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo. Para estes efectos, estableceranse as alternativas organizativas e metodolóxicas, e as medidas de atención á diversidade precisas para facilitar o acceso ao currículo deste alumnado, así como as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2. A escolarización e a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexeranse polos principios de normalización e inclusión, e asegurarán a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso ao sistema educativo e na permanencia nel.

Así mesmo, fomentarase a equidade e inclusión educativa, a igualdade de oportunidades e a non discriminación do alumnado con discapacidade. Para iso estableceranse as medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas de accesibilidade e deseño universal que sexan necesarias para conseguir que este alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

3. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.

Entre estas medidas estarán as de apoio educativo para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. En particular, favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua estranxeira, para este alumnado. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

4. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

5. Para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato haberá que aterse ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

CAPÍTULO IV
Avaliación, promoción e titulación

Artigo 22. *Avaliación*

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

5. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 23. *Promoción*

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

Artigo 24. *Título de bacharel*

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Artigo 25. *Obtención do título de bacharel desde outras ensinanzas*

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade Xeral mediante a superación das materias comúns.

2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.

3. Tamén poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes quen superase as ensinanzas profesionais de música ou de danza e supere, ademais, as materias comúns.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

4. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:

a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do bacharelato.

b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido na súa normativa de ordenación correspondente.

Artigo 26. *Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva*

Co fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás nais, aos pais e ás persoas titoras legais os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción e os criterios de titulación que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter continuo e diferenciado segundo as distintas materias da avaliación nesta etapa.

Artigo 27. *Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais*

1. De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 28 do Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción a través dun boletín individualizado, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

2. Os dereitos e os deberes referidos no punto anterior fanse extensivos ao alumnado maior de idade, sen prexuízo de que as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poidan facelos igualmente efectivos se xustifican o interese lexítimo.

3. Igualmente, os centros docentes promoverán compromisos educativos coas nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado, ou co propio alumnado no caso de ser maior de idade, nos que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado.

TÍTULO II
Documentos oficiais de avaliación

Artigo 28. *Documentos e informes de avaliación*

1. No bacharelato, os documentos oficiais de avaliación son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado.

2. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

3. Os documentos oficiais de avaliación deberán recoller sempre a norma que establece o currículo correspondente. Cando teñan que producir efecto fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, observarase o disposto no artigo 15.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A custodia e o arquivamento dos documentos oficiais de avaliación correspóndenlles aos centros docentes en que se realizasen os estudos. O labor de cubrir e custodiar os ditos documentos será supervisado pola Inspección educativa.

Artigo 29. *Actas de avaliación*

1. As actas de avaliación expediranse para cada un dos cursos e pecharanse ao termo do período lectivo despois da convocatoria ordinaria, e tras a convocatoria extraordinaria.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Comprenderán, polo menos, a relación nominal do alumnado que compón o grupo, xunto cos resultados da avaliación das materias e as decisións sobre promoción e permanencia.

2. Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais, e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase «Non presentado» (NP).

3. Nas actas de segundo curso figurará, ademais, o alumnado con materias non superadas do curso anterior e recollerase a proposta de expedición do título de bacharel, xunto coa nota media da etapa, que se calculará segundo o establecido no artigo 24.4. Neste curso expediranse actas de avaliación de materias pendentes ao termo do período lectivo ordinario e da convocatoria da proba extraordinaria.

4. Para a aplicación do previsto no punto quinto da disposición adicional primeira, farase constar ademais unha nota media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación da materia de Relixión.

5. A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente na etapa para a que se outorga.

6. As actas de avaliación serán asinadas por todo o profesorado do grupo e levarán o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 30. *Expediente académico*

1. O expediente académico recollerá, xunto cos datos de identificación do centro, os da alumna ou do alumno, así como a información relativa ao seu proceso de avaliación. Abrirase ao comezo da etapa ou, de ser o caso, no momento de incorporación ao centro e recollerá, polo menos, os resultados da avaliación das materias nas diferentes convocatorias, as decisións de promoción e titulación e, de existiren, as medidas de apoio educativo e as adaptacións que se adoptasen para a alumna ou o alumno. Igualmente, farase constar a nota media obtida na etapa, así como a media normalizada á que se refire o punto 4 do artigo anterior.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2. O expediente académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 31. *Historial académico*

1. O historial académico terá valor acreditativo das ensinanzas realizadas. Como mínimo recollerá os datos identificativos da alumna ou do alumno, as materias cursadas en cada un dos anos de escolarización, as medidas de apoio educativo aplicadas, os resultados da avaliación en cada convocatoria, as decisións sobre promoción e permanencia, a nota media do bacharelato e a nota media normalizada, así como a información relativa aos cambios de centro e as datas en que se producisen os diferentes feitos.

2. Tras finalizar a etapa, o historial académico do bacharelato entregarase ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou o alumno no caso de que sexa maior de idade.

3. O historial académico será asinado pola persoa que exerza a secretaría do centro e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 32. *Informe persoal por traslado*

1. Cando unha alumna ou un alumno se traslade a outro centro antes de finalizar a etapa para proseguir os seus estudos, o centro de orixe remitirá ao de destino, por petición deste, copia do historial académico e o informe persoal por traslado. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico. A matrícula adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a copia do historial académico.

2. O informe persoal por traslado conterá os resultados das avaliacións realizadas, a aplicación, de ser o caso, de medidas de apoio ou adaptacións, e todas as observacións que se consideren oportunas acerca do progreso xeral da alumna ou do alumno.

3. O informe persoal por traslado será asinado pola persoa que exerza a titoría do grupo da alumna ou do alumno e levará o visto e prace da directora ou do director do centro.

Artigo 33. *Autenticidade, seguridade e confidencialidade*

1. A consellería con competencias en materia de educación establecerá os procedementos oportunos para garantir a autenticidade dos documentos oficiais de avaliación,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

a integridade dos datos recollidos nestes e a súa supervisión e custodia, así como a súa conservación e o seu traslado en caso de supresión ou extinción do centro.

2. No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á súa cesión duns centros docentes a outros e á seguridade e á confidencialidade destes, atenderase ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, ao establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Os documentos oficiais de avaliación e os seus procedementos de validación descritos nos puntos anteriores poderán ser substituídos polos seus equivalentes realizados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e conservación, e sempre que se cumpran as garantías e os requisitos establecidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola normativa que os desenvolve.

4. O expediente electrónico do alumnado estará constituído, polo menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación e cumprirá o establecido no Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da administración electrónica, e demais normativa aplicable.

TÍTULO III
Plans educativos

Artigo 34. *Bibliotecas escolares e lectura*

1. Os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas a afianzar o hábito da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de pro-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

movela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

Artigo 35. *Educación dixital*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional a súa estratexia dixital a través dun plan dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe, e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. A consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros educativos promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, sen prexuízo das competencias que, no ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

4. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

Artigo 36. *Promoción de estilos de vida saudables*

1. Os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da promoción da práctica de deporte e exercicio físico e dunha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

e dos alumnos, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidos polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

Disposición adicional primeira. *Ensinanza de relixión*

1. As ensinanzas de relixión incluiranse no bacharelato de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. A consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado menor de idade poidan manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelen reciban ou non ensinanza de relixión, así como o alumnado maior de idade.

3. Os centros docentes disporán, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais, ou o propio alumnado, no caso de ser maior de idade, non optasen por cursar ensinanzas de relixión reciban, de ser o caso, a debida atención educativa. Para tal finalidade, os centros docentes contarán cunha sesión lectiva de libre disposición en cada un dos cursos do bacharelato.

4. A avaliación da ensinanza da relixión católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que a das outras materias do bacharelato. A avaliación das ensinanzas das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación en materia educativa subscritos polo Estado.

5. A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrencia entre todo o alumnado, as cualificacións obtidas na avaliación das ensinanzas de relixión non se computarán na obtención da nota media para os efectos de acceso a outros estudos, nin para a obten-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ción da mención de matrícula de honra, nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo en que deban entrar en concorrencia os expedientes académicos.

Disposición adicional segunda. *Aprendizaxe de linguas estranxeiras*

1. Na impartición de materias en linguas estranxeiras, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, sen que iso supoña modificación dos aspectos regulados neste decreto e na normativa básica estatal correspondente. Neste caso, procurarase que ao longo da etapa as alumnas e os alumnos adquiran a terminoloxía propia das materias na lingua estranxeira e nas dúas linguas oficiais de Galicia.

2. Os centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan unha parte das materias do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos no artigo 86 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición adicional terceira. *Educación de persoas adultas*

1. A consellería con competencias en materia de educación adoptará as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan dunha oferta específica dos estudos de bacharelato organizada de acordo coas súas características.

Igualmente, organizará a oferta pública de educación a distancia co fin de dar unha resposta adecuada á formación permanente das persoas adultas. Esta oferta incluirá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

2. Co fin de adaptar a oferta do bacharelato ao principio de flexibilidade que rexe a educación de persoas adultas, na oferta que realice a consellería con competencias en materia de educación para as devanditas persoas adultas non será de aplicación o disposto nos puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 23.

3. As alumnas e os alumnos que cursen o bacharelato no marco da oferta específica establecida pola consellería con competencias en materia de educación para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias, agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. Así mesmo, o alumnado que curse estas ensinanzas e se atope en posesión dalgún dos títulos a que se refire o artigo 25 poderá obter o título de bacharel mediante o procedemento previsto no devandito artigo.

5. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación a organización de probas para que as persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de bacharel, sempre que demostren alcanzar os obxectivos e as competencias clave do bacharelato. As devanditas probas, que deberán contar coas medidas de accesibilidade universal e as adaptacións que precise todo o alumnado con necesidades educativas especiais, organizaranse de maneira diferenciada segundo as modalidades do bacharelato.

Disposición adicional cuarta. *Obtención de novas modalidades de bacharelato*

As persoas que obtivesen o título de bacharel poderán obter, nos termos que se establezan, calquera das outras modalidades mediante a superación das materias de modalidade de primeiro e de segundo curso que, conforme o previsto neste decreto, se requiren para a modalidade elixida.

Disposición adicional quinta. *Simultaneidade de estudos*

No marco do establecido neste decreto, a consellería con competencias en materia de educación facilitará a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria. Con este fin, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que incluirán, entre outras, as validacións e a creación de centros integrados.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Disposición transitoria única. *Aplicabilidade do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, será de aplicación no segundo curso de bacharelato, durante o curso académico 2022/23, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda do Real decreto 243/2022, do 5 de abril.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derrogado o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establecen o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante o anterior, será de aplicación no segundo curso do bacharelato durante o curso académico 2022/23.

2. Quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación*

O disposto no presente decreto implantarase para o primeiro curso de bacharelato no curso escolar 2022/23, e para o segundo curso de bacharelato no curso escolar 2023/24.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no relativo á organización e materias propias do seu departamento e ao desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, quince de setembro de dous mil vintedous

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ANEXO I

Competencias clave no bacharelato

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Debe, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitalo para o acceso á educación superior.

Para cumprir estes fins, é preciso que esta etapa contribúa a que o alumnado progrese no grao de desenvolvemento das competencias que, de acordo co perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, debe ter alcanzado ao finalizar a educación secundaria obrigatoria. As competencias clave que se recollen no devandito perfil de saída son as seguintes:

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

CP-Competencia plurilingüe.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

CD-Competencia dixital.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

CC-Competencia cidadá.

CE-Competencia emprendedora.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

Estas competencias clave son a adaptación ao sistema educativo español das establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. Esta adaptación responde á necesidade de vincular as devanditas competencias aos retos e aos desafíos do século XXI, así como ao contexto da educación formal e, máis concretamente, aos principios e aos fins do sistema educativo establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Aínda que a Recomendación se refire á aprendizaxe permanente, que debe producirse ao longo de toda a vida, o perfil de saída remite ao momento preciso do final do ensino básico. Do mesmo xeito, e dado que as competencias clave se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva ao longo de toda a vida, resulta necesario adecualas a ese outro momento do desenvolvemento persoal, social e formativo do alumnado que supón o final do bacharelato. Consecuentemente, neste anexo defínese para cada unha das competencias clave un conxunto de descritores operativos, que dan continuidade, afondan e amplían os niveis de desempeño previstos ao final do ensino básico, co fin de os adaptar ás necesidades e aos fins desta etapa postobrigatoria.

Do mesmo xeito, no deseño das ensinanzas mínimas das materias de bacharelato, mantense e adáptase ás especificidades da etapa a necesaria vinculación entre as devanditas competencias clave e os principais retos e desafíos globais do século XXI aos que o alumnado se vai ver confrontado. Esta vinculación seguirá a dar sentido as aprendizaxes e achegará o punto de partida para favorecer situacións de aprendizaxe relevantes e significativas, tanto para o alumnado como para o persoal docente.

Con carácter xeral, débese entender que a consecución das competencias e dos obxectivos do bacharelato está vinculada á adquisición e ao desenvolvemento das devanditas competencias clave. Por este motivo, os descritores operativos de cada unha das competencias clave constitúen o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos das diferentes materias. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave esperadas en bacharelato e, xa que logo, a consecución das competencias e dos obxectivos previstos para a etapa.

Descritores operativos das competencias clave no ensino para bacharelato.

A seguir, defínese cada unha das competencias clave e enúncianse os descritores operativos do nivel de adquisición esperado ao termo do bacharelato. Para favorecer e explicitar a continuidade, a coherencia e a cohesión entre etapas, inclúense tamén os descritores operativos previstos para o ensino básico.

É importante sinalar que a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe xerarquía entre elas, nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas materias e, pola súa vez, se adquiren e se desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no conxunto destas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

CCL-Competencia en comunicación lingüística.

A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos, e con propósitos comunicativos diversos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CCL1. Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais.	• CCL1. Exprésase de xeito oral, escrito, signado ou multimodal con fluidez, coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais e académicos, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para intercambiar información, crear coñecemento e argumentar as súas opinións como para establecer e coidar as súas relacións interpersoais.
• CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional, para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento.	• CCL2. Comprende, interpreta e valora con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos distintos ámbitos, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada, e para construír coñecemento.
• CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual.	• CCL3. Localiza, selecciona e contrasta de xeito autónomo información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e intégraa e transfórmaa en coñecemento para a comunicar de maneira clara e rigorosa adoptando un punto de vista creativo e crítico, á par que respectuoso coa propiedade intelectual.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CCL4. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade.	• CCL4. Le con autonomía obras relevantes da literatura e ponas en relación co seu contexto sociohistórico de produción e coa tradición literaria anterior e posterior, e examina a pegada do seu legado na actualidade, para construír e compartir a súa propia interpretación argumentada das obras, crear e recrear obras de intención literaria e conformar progresivamente un mapa cultural.
• CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.	• CCL5. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando e rexeitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos sistemas de comunicación.

CP-Competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade, co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CP1. Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.	• CP1. Utiliza con fluidez, adecuación e aceptable corrección unha ou máis linguas, ademais da lingua familiar ou das linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas con espontaneidade e autonomía en diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
• CP2. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.	• CP2. A partir das súas experiencias, desenvolve estratexias que lle permitan ampliar e enriquecer de forma sistemática o seu repertorio lingüístico individual co fin de se comunicar de xeito eficaz.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CP3. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.	• CP3. Coñece e valora criticamente a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal e antepondo a comprensión mutua, como característica central da comunicación, para fomentar a cohesión social.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• STEM1. Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se fose necesario.	• STEM1. Selecciona e utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións propias da modalidade elixida e emprega estratexias variadas para a resolución de problemas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, en caso necesario.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.	• STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar fenómenos relacionados coa modalidade elixida, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, formulándose hipóteses e contrastándoas ou comprobándoas mediante a observación, a experimentación e a investigación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade, e amosando unha actitude crítica acerca do alcance e das limitacións dos métodos empregados.
• STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.	• STEM3. Formula e desenvolve proxectos deseñando e creando prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou a un problema de xeito colaborativo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e avaliando o produto obtido de acordo cos obxectivos propostos, a sustentabilidade e o impacto transformador na sociedade.
• STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.	• STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de investigacións de forma clara e precisa, en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas e símbolos), aproveitando a cultura dixital con ética e responsabilidade e valorando de xeito crítico a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, para compartir e construír novos coñecementos.
• STEM5. Emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.	• STEM5. Planea e emprende accións fundamentadas científicamente para promover a saúde física e mental, e para preservar o ambiente e os seres vivos, practicando o consumo responsable, aplicando principios de ética e seguridade, para crear valor e transformar a súa contorna de maneira sustentable, adquirindo compromisos como cidadán ou cidadá nos ámbitos local e global.

CD-Competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

(incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CD1. Realiza procuras na Internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.	• CD1. Realiza procuras avanzadas comprendendo como funcionan os motores de procura na internet, aplicando criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e organizando o almacenamento da información adecuadamente e con seguridade, para a referenciar e a reutilizar posteriormente.
• CD2. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.	• CD2. Crea, integra e reelabora contidos dixitais de forma individual ou colectiva, aplicando medidas de seguridade e respectando sempre os dereitos de autoría dixital, para ampliar os seus recursos e xerar novo coñecemento.
• CD3. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.	• CD3. Selecciona, configura e utiliza dispositivos dixitais, ferramentas, aplicacións e servizos en liña, e incorpóraos na súa contorna persoal de aprendizaxe dixital, para se comunicar, traballar colaborativamente e compartir información, xestionando de maneira responsable as súas accións, a presenza e a visibilidade na rede, e exercendo unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.
• CD4. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.	• CD4. Avalía riscos e aplica medidas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e fai un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable desas tecnoloxías.
• CD5. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.	• CD5. Desenvolve solucións tecnolóxicas anovadoras e sustentables para dar resposta a necesidades concretas, amosando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

forma construtiva; manter a resiliencia, e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea, a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

<table>
<tr><th colspan="2">Descritores operativos</th></tr>
<tr><th>Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…</th><th>Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…</th></tr>
<tr><td rowspan="2">• CPSAA1. Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.</td><td>• CPSAA1.1. Fortalece o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de obxectivos de xeito autónomo para facer eficaz a súa aprendizaxe.</td></tr>
<tr><td>• CPSAA1.2. Desenvolve unha personalidade autónoma, xestionando construtivamente os cambios, a participación social e a súa propia actividade, para dirixir a súa vida.</td></tr>
<tr><td>• CPSAA2. Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.</td><td>• CPSAA2. Adopta de maneira autónoma un estilo de vida sustentable e atende o benestar físico e mental propio e o das demais persoas, procurando e ofrecendo apoio na sociedade, para construír un mundo máis saudable.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">• CPSAA3. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuíndo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.</td><td>• CPSAA3.1. Amosa sensibilidade cara ás emocións e as experiencias das demais persoas, sendo consciente da influencia que exerce o grupo nas persoas, para consolidar unha personalidade empática e independente e desenvolver a súa intelixencia.</td></tr>
<tr><td>• CPSAA3.2. Distribúe nun grupo as tarefas, os recursos e as responsabilidades de xeito ecuánime, segundo os seus obxectivos, favorecendo un enfoque sistémico para contribuír á consecución de obxectivos compartidos.</td></tr>
<tr><td>• CPSAA4. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.</td><td>• CPSAA4. Compara, analiza, avalía e sintetiza datos, información e ideas dos medios de comunicación, para obter conclusións lóxicas de forma autónoma, valorando a fiabilidade das fontes.</td></tr>
<tr><td>• CPSAA5. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.</td><td>• CPSAA5. Planifica a longo prazo avaliando os propósitos e os procesos da construción do coñecemento, relacionando os campos deste para desenvolver procesos autorregulados de aprendizaxe que lle permitan transmitir ese coñecemento, propor ideas creativas e resolver problemas con autonomía.</td></tr>
</table>

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

CC-Competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CC1. Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.	• CC1. Analiza feitos, normas e ideas relativas á dimensión social, histórica, cívica e moral da súa propia identidade, para contribuír á consolidación da súa madureza persoal e social, adquirir unha conciencia cidadá e responsable, desenvolver a autonomía e o espírito crítico, e establecer unha interacción pacífica e respectuosa coas demais persoas e coa contorna.
• CC2. Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.	• CC2. Recoñece, analiza e aplica en diversos contextos, de forma crítica e consecuente, os principios, os ideais e os valores relativos ao proceso de integración europea, a Constitución española, os dereitos humanos e a historia e o patrimonio cultural propios, á vez que participa en todo tipo de actividades grupais cunha actitude fundamentada nos principios e nos procedementos democráticos, o compromiso ético coa igualdade, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
• CC3. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.	• CC3. Adopta un xuízo propio e argumentado ante problemas éticos e filosóficos fundamentais e de actualidade, afrontando con actitude dialogante a pluralidade de valores, crenzas e ideas, rexeitando todo tipo de discriminación e violencia, e promovendo activamente a igualdade e a corresponsabilidade efectiva entre mulleres e homes.
• CC4. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.	• CC4. Analiza as relacións de interdependencia e ecodependencia entre as nosas formas de vida e a contorna, realizando unha análise crítica da pegada ecolóxica das accións humanas, e demostrando un compromiso ético e ecosocialmente responsable con actividades e hábitos que conduzan ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable e a loita contra o cambio climático.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

CE-Competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición a aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CE1. Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.	• CE1. Avalía necesidades e oportunidades e afronta retos, con sentido crítico e ético, avaliando a súa sustentabilidade e comprobando, a partir de coñecementos técnicos específicos, o impacto que poidan supor na contorna, para presentar e executar ideas e solucións anovadoras dirixidas a distintos contextos, tanto locais como globais, no ámbito persoal, social e académico, con proxección profesional emprendedora.
• CE2. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autocoñecemento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e as finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.	• CE2. Avalía e reflexiona sobre as fortalezas e as debilidades propias e as das demais persoas, facendo uso de estratexias de autocoñecemento e autoeficacia; interioriza os coñecementos económicos e financeiros específicos e transfíreos a contextos locais e globais, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia ou unha iniciativa emprendedora de valor.
• CE3. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.	• CE3. Leva a cabo o proceso de creación de ideas e solucións anovadoras e toma decisións, con sentido crítico e ético, aplicando coñecementos técnicos específicos e estratexias áxiles de planificación e xestión de proxectos, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para elaborar un prototipo final de valor para as demais persoas, considerando a experiencia, tanto de éxito como de fracaso, unha oportunidade para aprender.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CCEC1. Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.	• CCEC1. Reflexiona, promove e valora criticamente o patrimonio cultural e artístico de calquera época, contrastando as súas singularidades e partindo da súa propia identidade, para defender a liberdade de expresión, a igualdade e o enriquecemento inherente á diversidade.
• CCEC2. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.	• CCEC2. Investiga as especificidades e as intencionalidades de diversas manifestacións artísticas e culturais do patrimonio, mediante unha postura de recepción activa e deleite, diferenciando e analizando os contextos, os medios e os soportes en que se materializan, así como as linguaxes e os elementos técnicos e estéticos que as caracterizan.
• CCEC3. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.	• CCEC3.1. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións con creatividade e espírito crítico, realizando con rigor as súas propias producións culturais e artísticas, para participar de xeito activo na promoción dos dereitos humanos e os procesos de socialización e de construción da identidade persoal que derivan da práctica artística.
	• CCEC3.2. Descobre a autoexpresión, a través da interactuación corporal e a experimentación con diferentes ferramentas e linguaxes artísticas, enfrontándose a situacións creativas cunha actitude empática e colaborativa, e con autoestima, iniciativa e imaxinación.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Descritores operativos	
Ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno…	Ao completar o bacharelato, a alumna ou o alumno…
• CCEC4. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.	• CCEC4.1. Selecciona e integra con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para deseñar e producir proxectos artísticos e culturais sustentables, analizando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral que ofrecen, servíndose da interpretación, a execución, a improvisación ou a composición.
	• CCEC4.2. Planifica, adapta e organiza os seus coñecementos, as súas destrezas e as súas actitudes para responder con creatividade e eficacia aos desempeños derivados dunha produción cultural ou artística, individual ou colectiva, utilizando diversidade de linguaxes, códigos, técnicas, ferramentas e recursos plásticos, visuais, audiovisuais, musicais, corporais ou escénicos, valorando tanto o proceso como o produto final, e comprendendo as oportunidades persoais, sociais, inclusivas e económicas que ofrecen.

ANEXO II

Currículo das materias

1. Análise Musical.

1.1. Introdución.

A materia de Análise Musical proporciónalle ao alumnado unha formación que lle permite desenvolver as súas habilidades perceptivas para identificar os elementos que forman parte das obras musicais e, a partir de aí, profundar na súa comprensión global. Isto implica examinalas desde un punto de vista crítico e estético, establecendo relacións entre a proposta musical e o contexto histórico-social en que foi creada. Ademais, a materia permite descubrir aspectos relacionados coa incidencia da música no oínte e a súa utilización como medio terapéutico ou o seu uso en combinación con outras manifestacións artísticas.

A materia, que supón unha continuación e unha especialización dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos durante as etapas educativas anteriores, estrutúrase en dous cursos. No primeiro, establécense as bases para o coñecemento dos elementos da análise musical, da forma musical e dos principios compositivos fundamentais. No segundo, profúndase nesas aprendizaxes e introdúcense aspectos histórico-estéticos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

A través da escoita activa e do estudo de partituras, o alumnado da materia de Análise Musical identifica as características de diferentes obras, podendo establecer relacións entre os seus elementos. Neste proceso analítico familiarízase, por unha banda, con procedementos compositivos tales como a repetición, a variación, a imitación ou o desenvolvemento e, por outra, coa identificación dos trazos estilísticos que permiten asociar as obras cun autor ou autora, un xénero ou un contexto musical determinado. O feito de aprender a analizar unha proposta musical non só lle permite ao alumnado aproximarse ao procedemento e aos mecanismos de deconstrución dunha obra, senón que o dota das ferramentas necesarias para comprender o conxunto da proposta e saber utilizar, en diferentes contextos, os elementos que a conforman.

Así mesmo, a partir dese proceso de análise, o alumnado pode expresar unha opinión fundamentada a través de recensións, comentarios ou críticas musicais, utilizando un vocabulario adecuado e difundindo o resultado a través de diversos medios, analóxicos e dixitais, respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.

A interiorización das aprendizaxes da materia, a partir do recoñecemento e a reprodución de padróns musicais, xa sexan melódicos, rítmicos, harmónicos ou formais, permítelle ao alumnado contar con recursos aplicables a procesos de creación ou improvisación de obras sinxelas, xerando novas ideas sonoras. No seu desenvolvemento, préstase especial atención, por unha banda, ás posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais destinadas á composición musical e, por outra, aos beneficios educativos derivados da organización de proxectos creativos grupais nos que o alumnado planifica, achega ideas, respecta as opinións dos demais e asume diferentes funcións.

Completa a materia o descubrimento dos usos que se fan da música para, de forma consciente, influír no oínte, xa sexa con fins terapéuticos ou con outra funcionalidade vinculada á súa utilización en ámbitos non estritamente musicais.

Todas estas aprendizaxes organízanse ao redor de cinco obxectivos que foron deseñados a partir das competencias clave do bacharelato e dos obxectivos da etapa. Eses obxectivos permiten que o alumnado aplique procesos de análise musical para descubrir, comprender e utilizar a música como medio de expresión, desenvolver un espírito crítico e coñecer a súa incidencia no ser humano.

Os criterios de avaliación formuláronse tendo en conta os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretende que alcance o alumnado, coa finalidade de determinar o nivel de logro dos obxectivos con que se relacionan.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques que se reparten entre os dous cursos en que se imparte a materia. No primeiro curso, os bloques de contidos refírense á análise musical e á forma musical. O bloque de «Iniciación á análise musical» céntrase na aplicación da escoita activa e o estudo de partituras para recoñecer os elementos da música e a relación que existe entre eles dentro do discurso musical. Ademais, inclúense aspectos relativos ao uso de recursos dixitais para a elaboración de recensións e a difusión musical. O segundo bloque, «A forma musical», aglutina aqueles contidos referentes aos diferentes elementos estruturais, formas musicais básicas, procedementos compositivos e funcións da música en vinculación con outras manifestacións artísticas.

No segundo curso, inclúense dous bloques de criterios de avaliación e contidos que abordan as técnicas de análises e os xéneros musicais. No que leva por título «Técnicas de análise musical» recóllense procedementos útiles para a realización de análises de obras musicais, de comentarios e críticas musicais, así como o uso de recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. Pola súa vez, no bloque denominado «Xéneros musicais» introdúcense criterios de avaliación e contidos relacionados coas características sonoras, formas e xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade, e coa utilización da música con fins terapéuticos.

Na materia de Análise Musical exporanse situacións de aprendizaxe que requiran reflexión e acción, así como unha actitude aberta e colaborativa, coa intención de que o alumnado adquira os instrumentos, técnicas e estratexias necesarias para desenvolver as súas habilidades perceptivas e profundar na comprensión global do feito musical. Estas situacións deben estar vinculadas a contextos reais que favorezan unha aprendizaxe significativa, e han de permitir a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes que o alumnado poida aplicar fóra da contorna da aula.

1.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar os elementos musicais de diferentes obras, utilizando a escoita activa e o estudo de partituras, para describir as súas características e establecer comparacións.
• A identificación, a través da análise e a partir da escoita activa ou do estudo de partituras, dos elementos que constitúen unha obra musical e da función que estes realizan dentro da composición resulta fundamental para a súa comprensión.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Xunto a esta análise, a descrición das características dos elementos que constitúen a obra (ritmo, melodía, harmonía, timbre, compoñentes expresivos etc.) potencia a conexión entre as aprendizaxes sobre teoría musical e o seu recoñecemento perceptivo, proporcionando, ademais, a posibilidade de realizar comparacións entre os trazos que definen diversas composicións. • Así mesmo, a detección de analoxías e diferenzas entre obras musicais creadas en diferentes contextos e pertencentes a xéneros e estilos variados permítelle ao alumnado o acceso a un universo sonoro amplo que posibilita o enriquecemento dos seus gustos musicais e a ampliación do seu repertorio artístico.
OBX2. Establecer relacións entre os elementos musicais dunha composición, a través da análise da súa estrutura e dos procedementos compositivos utilizados, para asociar a obra cun xénero, un estilo e un contexto de creación.
• No discurso musical establécense relacións entre os distintos elementos que forman parte dunha obra. Quen compón utilizou procedementos (repetición, variación, contraste, desenvolvemento, etc.) que determinan en gran medida a natureza das devanditas relacións e a estrutura ou forma resultante. A súa análise non só permite profundar na comprensión das técnicas compositivas empregadas, senón que, ademais, favorece a construción dunha visión global da obra musical a través da interrelación que se produce entre os diversos compoñentes e os factores contextuais e estilísticos que inciden no resultado musical final. Neste marco, o desenvolvemento de investigacións a partir de fontes de información, tanto analóxicas como dixitais, sobre o autor ou autora e o contexto de creación contribúe a un mellor desenvolvemento desta competencia. • Finalmente, o alumnado poderá asociar os trazos distintivos dunha composición cos estilos e os xéneros que se foron desenvolvendo ao longo da historia da música, así como con determinadas formas-tipo de especial relevancia que foron evolucionando ao longo do tempo.
OBX3. Elaborar comentarios e críticas musicais sobre as obras analizadas, utilizando unha terminoloxía adecuada e consultando distintas fontes de información, para expresar xuízos persoais fundamentados e contribuír á difusión do patrimonio musical a través dos medios dispoñibles.
• O desenvolvemento de habilidades de identificación, análise e descrición de elementos musicais, así como de comparación entre diversas obras e interpretacións, achégalle ao alumnado a terminoloxía e as ferramentas necesarias para expresar, de maneira fundamentada, a súa valoración persoal sobre a creación ou sobre a interpretación dunha obra determinada. • Estes comentarios persoais veranse enriquecidos pola posta en común na clase de diferentes puntos de vista argumentados e pola información obtida a través da consulta de distintas fontes fiables. A lectura de críticas publicadas en xornais xeneralistas ou revistas especializadas permitirá, ademais, reflexionar sobre a estrutura e o vocabulario utilizado neste tipo de textos e ofrecerá modelos e exemplos para as recensións, comentarios ou críticas musicais que o alumnado poderá elaborar e difundir a través de medios analóxicos ou dixitais. • Dado que a elaboración dos devanditos textos supón en moitos casos a reelaboración da información consultada, promoverase o respecto aos dereitos de autor e á propiedade intelectual.
OBX4. Utilizar os procedementos compositivos fundamentais e as tecnoloxías dixitais, empregando os elementos e as estruturas musicais máis adecuadas, para crear obras sinxelas e realizar improvisacións.
• Comprender a música a través da súa visión analítica permítelle ao alumnado recoñecer os elementos sobre os que se constrúe a obra. Ao mesmo tempo, favorece a interiorización de fórmulas rítmicas, melódicas ou harmónicas a través da reprodución de padróns que, unha vez analizados, poden ser utilizados en procesos creativos como base para xerar novas ideas. Neste marco, a aplicación dos procedementos compositivos fundamentais facilita a construción de novas obras en contextos onde se integre ese novo material musical no proceso creativo. • A creación de pezas sinxelas ou a realización de improvisacións, utilizando a interpretación vocal, corporal ou instrumental, implican a aplicación de aprendizaxes da materia cunha finalidade expresiva. Para iso, deben considerarse, ademais, as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais vinculadas aos procesos de creación musical.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Promóvese así a posta en práctica de aprendizaxes relacionadas cos procedementos compositivos fundamentais, á vez que se cultiva o desenvolvemento das capacidades expresivas e de actitudes de emprendemento, a través da participación en proxectos musicais grupais en que o alumnado asume diferentes funcións e respecta as achegas e ideas dos demais.
OBX5. Investigar sobre os usos da música con fins terapéuticos e en combinación con outras formas de expresión artística, utilizando diferentes fontes de información e analizando as características musicais das obras, para entender de que forma inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións.
• Tradicionalmente enfocouse a análise musical na comprensión da obra no seu contexto de creación, sen facer fincapé no efecto que a música pode xerar en quen a percibe. • O uso da música como medio terapéutico foi obxecto de numerosas investigacións nas últimas décadas e existen evidencias do beneficio que produce en persoas con problemas físicos, cognitivos, psicolóxicos ou sociais. Isto supón unha oportunidade para que o alumnado enriqueza a súa visión analítica da música a través da identificación das características daquela utilizada con fins terapéuticos e a súa incidencia na saúde e nas emocións. Para iso, será necesario desenvolver procesos de investigación do repertorio seleccionado, utilizando fontes de información fiables. • Así mesmo, a análise das características e das funcións que cumpre a música en combinación con outras artes como o cinema, a danza ou o teatro permitiralle ao alumnado recoñecer e interiorizar recursos musicais que xeran ambientes emocionais diversos, para, posteriormente, utilizalos no desenvolvemento de propostas creativas que combinen a música con outras formas de expresión artística.

1.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Análise Musical I 1º curso	
Bloque 1. Iniciación á análise musical	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura.	OBX1
• CA1.2. Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos.	OBX1
• CA1.3. Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	OBX2
• CA1.4. Asociar as obras analizadas co seu contexto de creación, investigando sobre o seu autor ou autora e a súa época.	OBX2
• CA1.5. Expresar unha opinión propia, informada e fundamentada, sobre as obras analizadas, utilizando un vocabulario musical adecuado.	OBX3
• CA1.6. Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical.	OBX4
Contidos	
• A escoita activa e o estudo de partituras como soportes para a análise. • Elementos básicos da música e a relación entre eles: ritmo, tempo, melodía, harmonía, textura, timbre, dinámica e agóxica.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Técnicas de análise auditiva de obras de diferentes estilos e xéneros. Estratexias de análise dos elementos musicais da partitura con apoio da audición. • Recensións musicais. • Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. • Dereitos de autor e propiedade intelectual.

Bloque 2. A forma musical	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar os elementos que constitúen unha obra musical e a súa función dentro da composición a través da escoita activa e con apoio da partitura.	OBX1
• CA2.2. Describir as características musicais básicas dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos.	OBX1
• CA2.3. Analizar, de forma guiada, obras musicais, identificando a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	OBX2
• CA2.4. Reproducir padróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais de obras analizadas, aplicando estratexias de memorización e utilizando a interpretación vocal, corporal ou instrumental en proxectos musicais grupais.	OBX4
• CA2.5. Xerar novas ideas musicais, combinando padróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais previamente analizados e interiorizados.	OBX4
• CA2.6. Utilizar, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais na composición musical.	OBX4
• CA2.7. Identificar as funcións que cumpre a música cando se asocia con outras formas de expresión (cinema, teatro, danza…), analizando as súas características e o efecto que xera no espectador.	OBX5
Contidos	
• Elementos estruturais: célula, motivo, frase e semifrase, período, sección e movemento. Ritmo melódico e harmónico. Cadencias. • Formas simples, formas compostas e libres. Formas-tipo. Representación de esquemas formais. • Procedementos compositivos fundamentais: repetición, variación, contraste e desenvolvemento. • Función da música en combinación con outras manifestacións artísticas. • Improvisación, creación e interpretación de estruturas musicais breves para a interiorización dos elementos formais traballados previamente. • Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación.	

2º curso.

Materia de Análise Musical II 2º curso	
Bloque 1. Técnicas de análise musical	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	OBX1
• CA1.2. Comparar os elementos constitutivos e as características musicais de diferentes obras, establecendo analoxías e diferenzas entre elas, a partir da escoita activa e do estudo de partituras.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	OBX4
• CA1.4. Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	OBX4
• CA1.5. Expresar xuízos persoais sobre as obras analizadas, argumentando a opinión propia e utilizando unha terminoloxía musical adecuada.	OBX3
• CA1.6 Xustificar a opinión propia sobre as obras analizadas, investigando e seleccionando a información máis pertinente a partir de medios analóxicos e dixitais.	OBX3
• CA1.7. Publicar críticas musicais e comentarios propios nos medios dispoñibles, analóxicos e dixitais, respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.	OBX3
• CA1.8. Utilizar, de forma eficaz, as tecnoloxías dixitais na composición musical.	OBX4
Contidos	
• A comparación como técnica analítica. • Técnicas de análise de audición e de partituras. • Técnicas para a análise do contexto de creación. O pensamento da persoa creadora, os condicionantes contextuais e a interpretación da obra. • Comentarios e críticas musicais. • Recursos dixitais para a investigación, a composición e a difusión musical. • Dereitos de autor e propiedade intelectual.	
Bloque 2. Xéneros musicais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Describir as características musicais dunha obra a partir da escoita activa e o estudo de partituras, analizando os seus elementos constitutivos e a función que estes cumpren dentro da composición.	OBX1
• CA2.2. Distinguir os principais xéneros e estilos musicais que se desenvolven na historia, analizando os factores que inciden na evolución das formas musicais.	OBX2
• CA2.3. Realizar improvisacións sinxelas ou pequenas composicións, en proxectos musicais grupais, utilizando os procedementos compositivos fundamentais e aplicando padróns melódicos, rítmicos, harmónicos e formais previamente analizados e interiorizados.	OBX4
• CA2.4. Asociar as obras analizadas cun xénero, un estilo e un contexto de creación determinados, identificando, de forma autónoma, a estrutura formal e os procedementos compositivos utilizados.	OBX3
• CA2.5. Analizar os usos terapéuticos da música e como inciden determinados trazos musicais na saúde e nas emocións, a partir da información obtida en fontes de información fiables.	OBX5
• CA2.6. Describir as características da música que se utiliza con fins terapéuticos, analizando exemplos de obras e relacionando os seus trazos con posibles efectos no oínte.	OBX5
Contidos	
• As características sonoras e estilísticas da música desde a Idade Media ata a actualidade. Evolución organolóxica. • As formas e os xéneros musicais desde a Idade Media ata a actualidade. • Uso da música con fins terapéuticos. • Normas de comportamento individuais e grupais na interpretación.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

1.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Análise Musical desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Análise Musical e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2				5	1		1-2
OBX2	2			1	4	1		1-2
OBX3	1			3	4	1	3	3.1
OBX4	1		1	3	3.1-3.2		3	3.1-3.2
OBX5	3		4	1-3	4			2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo. Ademais, a metodoloxía que se empregará favorecerá a aprendizaxe de contidos teóricos a través da práctica.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A ênfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Fomentarase o uso de medios tecnolóxicos e diferentes soportes para a análise musical.

2. Artes Escénicas.

2.5. Introdución.

A materia de Artes Escénicas impártese en dous cursos académicos, ao longo dos cales o currículo se desenvolve de forma progresiva. O seu carácter eminentemente práctico convértea nun espazo de experimentación e exploración colectiva desde o que fomentar o desenvolvemento da expresividade e a creatividade, e descubrir os códigos específicos das artes escénicas, incluídas as performativas. Esa mesma natureza práctica convida a vincular esta materia con outras en que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

A materia está deseñada a partir de cinco obxectivos, que se vinculan cos obxectivos xerais da etapa e coas competencias clave previstas para o bacharelato. Estes obxectivos permítenlle ao alumnado participar da vida cultural da súa contorna, difundir e valorar o patrimonio. Facilitan, igualmente, o enriquecemento do seu imaxinario, o crecemento do seu repertorio persoal de recursos, a ampliación das súas posibilidades de gozo das manifestacións artísticas e a identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional ligadas a estas artes.

Así mesmo, favorecen o criterio estético, as habilidades de comunicación e negociación, o autocoñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor. Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución.

Os contidos da materia que será necesario activar para adquirir os devanditos obxectivos organízanse en cinco bloques, que non deben acometerse obrigatoriamente na orde

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

na que están presentados, senón dunha maneira integrada en función das demandas que expoñan as distintas situacións de aprendizaxe, facilitándose deste xeito unha visión global da materia.

O primeiro bloque, «Patrimonio escénico», atende ás tipoloxías e ás tradicións das artes escénicas, así como aos seus cambios e transformacións ao longo do tempo. O segundo bloque, «Expresión e comunicación escénica», comprende diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica. O terceiro bloque, «Interpretación», recolle os elementos relativos á recreación e á representación da acción dramática. O cuarto bloque, «Representación e escenificación», engloba os saberes relativos ao espectáculo escénico e ao traballo en grupo. Finalmente, o bloque chamado «Recepción nas artes escénicas» ocúpase do público e das estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas.

Espérase que o alumnado sexa capaz de poñer en funcionamento os contidos en situacións de aprendizaxe onde actúe como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe.

2.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, describindo as súas características, establecendo relacións co seu contexto e identificando posibles influencias e proxeccións, para valorar o patrimonio e enriquecer o imaxinario propio.
• A adquisición deste obxectivo implica aprender a identificar e a describir as características dos principais tipos de espectáculos escénicos de diferentes épocas e tradicións, así como a relacionalos co seu contexto histórico e xeográfico, valorando a súa importancia nas transformacións sociais de que son orixe ou reflexo. A contextualización destes espectáculos fará posible a súa adecuada valoración como produtos dunha época e un contexto social determinados, á vez que permitirá a reflexión sobre a súa evolución e a súa relación co presente. Por este motivo, ademais de acudir ao canon occidental, convén achegarse a outras tradicións culturais. Prestarase atención aos distintos tipos de relacións que se establecen na diversidade do patrimonio escénico: desde as influencias entre formas e estilos, separados ou non no tempo, ata a permanencia de certos elementos dun período a outro, pasando polas reaccións, rexeitamentos ou subversión que xera un estilo ou corrente concreta. Doutra banda, incluír a perspectiva de xénero e intercultural ao abordar a análise do contexto axudará a que o alumnado comprenda o papel que a muller e as persoas de grupos étnicos e poboacionais que sofren discriminación desempeñaron na arte ao longo da historia, e as distintas consideracións que recibiron en cada época. Neste sentido, non só se deberán estudar as súas representacións en diversas obras, senón tamén as súas achegas ás artes escénicas. • No marco do desenvolvemento deste obxectivo analizaranse, desde a recepción activa e cun vocabulario técnico adecuado, manifestacións escénicas representativas a través da súa posta en escena, en directo ou mediante reproducións analóxicas ou dixitais. Resultarán tamén de utilidade o comentario de textos e imaxes e a consulta de fontes bibliográficas. • O descubrimento de formas de expresión distintas daquelas coas que está máis familiarizado enriquecerá o imaxinario do alumnado, achegándolle ideas e técnicas para aplicar nas súas propias creacións ou interpretacións.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico, para incorporar o seu uso ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados á intención comunicativa.
• O descubrimento e a exploración das distintas posibilidades expresivas que ofrecen os diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica permítenlle ao alumnado enriquecer o seu repertorio persoal de recursos e aprender a seleccionar e a aplicar os máis adecuados a cada necesidade ou intención comunicativa. • A dramatización, o xogo, a creación colectiva e a improvisación, tanto pautada como libre, constitúen un medio idóneo para levar a cabo esta exploración. Na aula, estas actividades de carácter práctico brindaranlle ao alumnado a oportunidade de descubrir e aplicar, de maneira individual ou en grupo, diferentes técnicas e estratexias para reflexionar sobre a situación, a acción e o conflito dramático, ou realizar a análise, a construción e a caracterización da personaxe. • Así mesmo, estas actividades constituirán unha ferramenta moi útil para aprender a seleccionar os recursos plásticos, literarios, audiovisuais ou doutro tipo que mellor se axustan ás ideas, sentimentos e emocións que se pretenden plasmar sobre o escenario. As tecnoloxías dixitais facilitarán tamén o acceso a unha ampla gama de exemplos de uso destes recursos. • A exploración das posibilidades de expresión e comunicación escénica favorece o autocoñecemento, a confianza e a motivación, e contribúe ao fomento do respecto pola diversidade de ideas e opinións, ao enriquecemento cultural entre iguais e á superación de barreiras e estereotipos sociais, culturais ou sexistas.
OBX3. Abordar a recreación e representación da acción dramática, a partir da construción colectiva de escenas que mostren todo tipo de personaxes e conflitos, para desenvolver habilidades de comunicación e negociación e reforzar o autocoñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor en diversas situacións e contextos.
• A recreación e representación da acción dramática favorece a comprensión das manifestacións escénicas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural, así como a ampliación das posibilidades de expresión persoal mediante a adquisición das destrezas e técnicas vocais, xestuais, corporais e rítmico-musicais propias do intérprete. • A lectura e a análise de obras, o visionamento de espectáculos, así como os ensaios, constitúen momentos e espazos para a adquisición desas destrezas e técnicas de interpretación individual e grupal. A interpretación individual permite traballar aspectos como a concentración, a memorización, a expresión persoal ou a adecuación ás directrices da dirección. Pola súa banda, a interpretación grupal favorece o desenvolvemento da capacidade de desempeñar diversas funcións ou de escoitar os demais e interactuar con eles durante a representación. Para asegurar a adquisición deste obxectivo, débese incentivar a participación do alumnado na construción colectiva de escenas que mostren todo tipo de personaxes, situacións e conflitos dramáticos. • Tanto a asimilación de técnicas de interpretación como a representación de obras dentro ou fóra da aula fan necesaria a adquisición doutras estratexias e destrezas que axuden o alumnado para xestionar adecuadamente a frustración que pode xerar o propio proceso de aprendizaxe, así como a manter a concentración e a superar a inseguridade e o medo escénico durante as actuacións. Estas estratexias de control e xestión das emocións axudarán o alumnado a desenvolver a súa autoestima e permitiranlle afrontar con maior seguridade as situacións de incerteza e os retos aos que deberá de enfrontarse.
OBX4. Realizar proxectos de creación e difusión escénica, planificando as súas fases, seleccionando e estruturando os elementos de significación e asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, para expresar unha intención comunicativa, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.
• O deseño e a realización dun proxecto de creación e difusión escénica require dun traballo planificado e en equipo. Ser partícipe deste proceso de creación conxunto contribúe a fomentar a iniciativa e a autonomía do alumnado, a resolución creativa das dificultades atopadas, a valoración do traballo en equipo, a asunción de responsabilidades individuais para lograr un obxectivo común, así como a empatía e o respecto pola diversidade de aptitudes e opinións.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O alumnado deberá xerar e perfeccionar ideas de proxecto, recorrendo a distintas fontes dixitais e bibliográficas, respectando a propiedade intelectual e tendo en conta a intención comunicativa, as características do marco de recepción previsto, así como a viabilidade e a sustentabilidade do proxecto na súa relación cos posibles condicionantes e limitacións técnicas. Ademais, seleccionará e estruturará os elementos de significación máis adecuados; establecerá as directrices de interpretación, representación e escenificación; planificará as distintas etapas do proxecto, asegurando, especialmente, o tempo necesario para os ensaios; e realizará unha repartición de tarefas, equilibrado e eficaz, a partir da identificación das diferentes funcións e da carga de traballo asociada a cada unha delas nas distintas fases do proceso. Deberá prever tamén un plan de difusión, promoción e avaliación, que poderá incluír o contacto con institucións e organismos públicos e privados implicados no fomento das artes escénicas. Para poder levar a cabo todas estas accións, resultará de grande utilidade analizar, na clase, casos concretos que permitan visualizar e entender o proceso que vai desde a idea inicial ata a posta en escena do espectáculo. • O proxecto pode supoñer, tamén, o traballo multidisciplinario e o uso de diferentes aplicacións e ferramentas tecnolóxicas, analóxicas e dixitais. Por outra banda, tanto a interpretación como o desempeño dalgunha das funcións da produción permitiranlle ao alumnado recoñecer as súas aptitudes e descubrir distintas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional ligadas ao ámbito das artes escénicas.
OBX5. Valorar criticamente manifestacións escénicas, identificando o público ao que se dirixen e analizando as súas características e os seus presupostos artísticos, para desenvolver o criterio estético, difundir o patrimonio e ampliar as posibilidades de gozo das artes escénicas.
• A asistencia a distintos espectáculos ou o visionado de diferentes manifestacións escénicas, xa sexa en vivo ou a través de medios dixitais, permítelle ao alumnado tomar conciencia do dobre papel do espectador como receptor activo e valorador crítico. Débese aproveitar esta experiencia para profundar na noción de público e descubrir a súa tipoloxía. • A vivencia colectiva da catarse, o estrañamento, a identificación e a participación favorecen, ademais, a comprensión do proceso de recepción e poden funcionar como elemento motivador no desenvolvemento da recepción activa. Este verase beneficiado pola adquisición de estratexias e técnicas de análise crítica, que poden abordarse a partir da posta en común das impresións e dos comentarios que, sobre unha determinada obra, formulen as persoas que integran o grupo. Contribuirán a este proceso de construción conxunta do coñecemento as valoracións expresadas por especialistas en críticas escénicas e en recensións dramáticas. Ao consultar eses textos, o alumnado atopará un vocabulario específico, novas estruturas e novas ferramentas que lle axudarán a articular mellor as súas propias valoracións críticas. Poderá formulalas de forma oral, escrita ou multimodal, sempre desde o respecto á propiedade intelectual, empregando os conceptos e as estratexias de análise máis adecuadas en cada caso. Estas producións poderán incluír, de ser o caso, unha valoración do texto do que parte a obra. • A publicación das críticas do alumnado pode servir como instrumento para a difusión do patrimonio e como invitación para acudir a diferentes espazos escénicos.

2.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Artes Escénicas I 1º curso	
Bloque 1. O patrimonio escénico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar, cun vocabulario adecuado, as principais características de manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, establecendo relacións co seu contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción activa.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Establecer conexións entre manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, valorando a súa influencia sobre as artes escénicas actuais.	OBX1
• CA1.3. Identificar diferentes manifestacións escénicas empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables e reflexionando criticamente sobre as súas características.	OBX5
Contidos	
• Artes escénicas: concepto, tipoloxías e tradicións. • As artes escénicas e a súa historia: cambios e transformacións. • Dramaticidade, teatralidade e performatividade. • O patrimonio inmaterial.	
Bloque 2. Expresión e comunicación escénica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico.	OBX2
• CA2.2. Recrear a acción dramática, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	OBX2
Contidos	
• Códigos de significación escénica: natureza, descrición e clasificación. • O espazo escénico como xerador de significado. A convención teatral. • Recursos plásticos: escenografía volumétrica e virtual, caracterización, iluminación e espazo sonoro. • Recursos literarios e outros materiais. O texto dramático. • O conflito dramático: personaxe, situación e acción dramática. • A personaxe dramática: análise, caracterización e construción. • Xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.	
Bloque 3. Interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Empregar técnicas elementais de interpretación aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita, diálogo e aprendizaxe.	OBX3
• CA3.2. Recrear e representar a acción dramática, demostrando eficacia, seguindo as indicacións da dirección, mantendo a concentración e xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico.	OBX3
Contidos	
• Preparación física e preparación pre-expresiva. O coidado do corpo nas artes escénicas e performativas. • Métodos e técnicas de interpretación. • Os instrumentos do intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical. A conciencia emocional. • A personaxe dramática: graos de representación, obxectivos e funcións. • A partitura interpretativa e a súa execución.	
Bloque 4. Representación e escenificación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Participar activamente na realización de proxectos colectivos de creación e difusión escénica, asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, e valorando e respectando as achegas e experiencias do resto de integrantes do grupo.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.2. Avaliar e presentar os resultados da participación en proxectos de creación e difusión escénica, analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido, e explicando de forma argumentada as posibles diferenzas entre eles.	OBX4
• CA4.3. Representar e adaptar a acción dramática, os elementos dramáticos, expresivos e plásticos dispoñibles aos requirimentos do proxecto para desenvolver, baseándose no traballo colaborativo e inclusivo.	OBX2
Contidos	
• O espectáculo escénico: concepto e características. • Tipoloxías básicas do espectáculo: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, dancístico, de interior, de rúa. • Outras formas de presentación escénica: *happening*, *performance*, videoteatro ou teatro-danza. • O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. • Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización. • Representación de espectáculos escénicos. • Estratexias de traballo en equipo. Resolución de conflitos.	
Bloque 5. Recepción nas artes escénicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Identificar o tipo de público ao que se dirixe un espectáculo determinado, baseando os argumentos na análise da obra e nas reaccións do público.	OBX5
• CA5.2. Comentar manifestacións escénicas empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables e reflexionando criticamente sobre as súas características e presupostos artísticos.	OBX5
Contidos	
• O público: concepto e tipoloxías. • A recepción teatral: catarse, estrañamento e participación. • Estratexias e técnicas de análise de manifestacións escénicas. • O respecto á propiedade intelectual. A protección da creatividade persoal.	

2º curso.

Materia de Artes Escénicas II 2º curso	
Bloque 1. Patrimonio escénico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar, cun vocabulario adecuado, manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, describindo as súas características, establecendo relacións co seu contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción activa.	OBX1
• CA1.2. Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes escénicos de diferentes épocas e tradicións, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	OBX1
Contidos	
• As artes escénicas e a súa historia: cambios e transformacións.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• Significado social das artes escénicas: memoria e reflexo. A perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural. Identidade e performatividade. • Manifestacións espectaculares: rituais e sociais. Os festexos populares. • Tendencias actuais na representación escénica e performativa. • Manifestacións escénicas e performativas non orais.

Bloque 2. Expresión e comunicación escénica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico.	OBX2
• CA2.2. Utilizar as diferentes técnicas de interpretación de forma creativa, seleccionando os recursos propios da expresión corporal para adaptarse ás exixencias dramáticas previamente establecidas.	OBX3
• CA2.3. Recrear a acción dramática, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención comunicativa.	OBX2
Contidos	
• Actos performativos: xeración de realidade. • Características do espazo escénico/performativo actual. • Estruturas dramáticas actuais. A memoria performativa. • A personaxe en acción nas manifestacións actuais. • Espazos non escénicos: adaptación de recursos plásticos a manifestacións escénicas e performativas. • Xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.	

Bloque 3. Interpretación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Empregar diferentes técnicas de interpretación de forma creativa, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita, diálogo e aprendizaxe.	OBX3
• CA3.2. Recrear e representar a acción dramática, demostrando precisión, eficacia e expresividade, seguindo as indicacións da dirección, mantendo a concentración e xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico.	OBX3
Contidos	
• Métodos interpretativos actuais. • Afondamento nos instrumentos do intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical. A conciencia emocional. • A construción actual da personaxe dramática. • Creación performativa: proceso e execución. Posibilidades de crecemento persoal, social, académico e profesional relacionadas coa materia.	

Bloque 4. Escenificación e representación escénica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA 4.1. Participar, con iniciativa, responsabilidade e conciencia de grupo, no deseño, na planificación e na realización de proxectos colectivos de creación e difusión escénica, organizando correctamente as súas fases, distribuíndo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sustentabilidade, e seleccionando e estruturando os elementos de significación, así como as directrices de interpretación, representación ou escenificación.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.2. Avaliar e presentar os resultados de proxectos de creación e difusión escénica, analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido, e explicando as posibles diferenzas entre eles.	OBX4
Contidos	
• O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo. Espazos escénicos e espazos non escénicos. Integración de linguaxes non orais e tecnolóxicas. • A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico. • A produción e a realización dun proxecto escénico. • A dirección artística en proxectos escénicos. • Os ensaios: funcións da dirección escénica e rexeduría. • Representación de espectáculos escénicos. Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional vinculadas coa materia. • Exhibición, difusión, distribución e avaliación de produtos escénicos. • Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos.	
Bloque 5. Recepción nas artes escénicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Valorar a recepción brindada a un espectáculo determinado, relacionando as características da obra, o contexto da posta en escena e as reaccións do público.	OBX5
• CA5.2. Realizar e compartir recensións e críticas escénicas empregando a terminoloxía adecuada, consultando fontes fiables e reflexionando, con rigor e solidez, sobre as características, os presupostos artísticos e a recepción da obra.	OBX5
• CA5.3. Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito artístico, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma crítica e respectuosa.	OBX4
Contidos	
• Estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas. O texto na súa relación coa posta en escena. • A crítica escénica. Estratexias e técnicas de elaboración dunha recensión. • O respecto á propiedade intelectual. A protección da creatividade persoal.	

2.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Artes Escénicas desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Artes Escénicas e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	3		1-2	2	1		1-2
OBX2	1			1	1.1-2	1	3	3.1
OBX3	1			2	1.1-2	1	1	3.1
OBX4	3			2	3.1-3.2	2-3	2-3	4.1-4.2
OBX5	1-3			1-2	4	1		1-2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a súa capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A importancia do fin buscado en cada un dos dous cursos: máis centrado na expresión individual e a representación escénica clásica en primeiro de bacharelato, e destinado a desenvolver un espectáculo complexo, actual e colaborativo en segundo de bacharelato. Resultará fundamental a relación con outras materias do bacharelato artístico. Todas elas están intimamente ligadas, dado que a adquisición de obxectivos é secuencial.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– As distintas indicacións segundo as situacións de aprendizaxe, que poden ser un elemento de partida moi importante para o traballo na aula.

– O desenvolvemento coa aprendizaxe baseada en proxectos e a aprendizaxe baseada en indagacións.

– O traballo interdisciplinario para aplicar coñecementos esenciais doutras disciplinas cun importante reflexo na materia, por exemplo, a aptitude vocálica.

– A creación de situacións a partir da asunción, por parte do alumnado, de diferentes funcións en distintas manifestacións e propostas, de forma que se converta en parte viva da recreación artística.

– A realización de propostas ante diferentes tipos de público e en distintos escenarios, compartindo o gozo artístico e enriquecendo a vida cultural da contorna.

– A selección de pezas que se fagan eco de múltiples referencias culturais.

3. Bioloxía.

3.1. Introdución.

A Bioloxía é unha materia cuxos avances se viron acelerados notablemente nas últimas décadas, impulsados por unha base de coñecementos cada vez máis ampla e fortalecida. Ao longo do seu progreso producíronse grandes cambios de paradigma (como o descubrimento da célula, o desenvolvemento da teoría da evolución, o nacemento da bioloxía e da xenética molecular ou o descubrimento dos virus e dos prións, entre outros) que revolucionaron o concepto de organismo vivo e a comprensión do seu funcionamento.

Pero o progreso das ciencias biolóxicas vai moito máis alá da mera comprensión dos seres vivos. As aplicacións da bioloxía supuxeron unha mellora considerable da calidade de vida humana ao permitir, por exemplo, a prevención e o tratamento de enfermidades que outrora ocasionaban moitas mortes nas poboacións, ou outras de nova aparición, como a COVID-19, para a que se desenvolveron terapias e vacinas a unha velocidade sen precedentes. Ademais, existen outras moitas aplicacións das ciencias biolóxicas dentro do campo da enxeñaría xenética e da biotecnoloxía, sendo algunhas delas a orixe de importantes controversias. Os grandes avances e descubrimentos da bioloxía non só posibilitaron a mellora das condicións de vida da cidadanía, senón que ao mesmo tempo xeraron fortes

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

impactos de distinta natureza (sociais, éticas, económicas, etc.) que non se poden obviar e que tamén deben ser obxecto de análise durante o desenvolvemento da materia.

En 2º de bacharelato, a madurez do alumnado permite que na materia de Bioloxía se incida notablemente nos obxectivos relacionados coas ciencias biolóxicas a través duns contidos aos que se lles dá un enfoque moito máis microscópico e molecular que nas materias de etapas anteriores. A Bioloxía ofrece, polo tanto, unha formación relativamente avanzada, proporcionándolle ao alumnado os coñecementos e as destrezas esenciais para o traballo científico e a aprendizaxe ao longo da vida e sentando as bases necesarias para o inicio dos estudos superiores ou para a incorporación ao mundo laboral. En última instancia, esta materia contribúe ao fortalecemento do compromiso do alumnado coa sociedade democrática e para a súa participación nesta.

A Bioloxía contribúe ao desenvolvemento das oito competencias clave e a satisfacer varios dos obxectivos da etapa.

Por unha banda, por tratarse dunha materia científica, promove de forma directa o desenvolvemento da competencia matemática e a competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM), así como a igualdade de oportunidades e as vocacións científicas entre as alumnas e os alumnos.

Pola súa vez, a Bioloxía potencia os hábitos de estudo e de lectura, a comunicación oral e escrita e a investigación a partir de fontes científicas e, polo tanto, contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. Ademais, dado que as publicacións científicas relevantes adoitan ser accesibles a través da internet e atoparse en linguas estranxeiras, nesta materia contribúese ao desenvolvemento da competencia dixital e da competencia plurilingüe.

Igualmente, con esta materia promóvese a análise das conclusións de publicacións científicas, fomentando así o espírito crítico e a autoaprendizaxe, e contribuíndo ao desenvolvemento da competencia persoal e social e da de aprender a aprender.

Así mesmo, a través do enfoque molecular da Bioloxía, o alumnado profundará nos mecanismos de funcionamento dos seres vivos e da natureza no seu conxunto. Isto permitiralle comprender a situación crítica na que se atopa a humanidade actualmente e a necesidade urxente de adoptar un modelo de desenvolvemento sustentable. Transmitirase a importancia dos estilos de vida sustentables como forma de compromiso cidadán polo

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ben común, relacionando a sustentabilidade coa saúde humana, o que contribúe ao desenvolvemento da competencia cidadá.

Fomentarase tamén que o alumnado de Bioloxía participe en iniciativas locais relacionadas con estilos de vida saudables e co desenvolvemento sustentable, o que lle permitirá traballar a competencia emprendedora e a competencia en conciencia e expresión culturais.

Na materia de Bioloxía trabállanse as oito competencias clave a través de seis obxectivos propios da materia, que son a concreción dos descritores operativos para a etapa, que constitúen o eixe vertebrador do currículo. Estes obxectivos poden resumirse en: interpretar e transmitir información científica e argumentar sobre ela; localizar, seleccionar e contrastar información científica; analizar de xeito crítico as conclusións de traballos de investigación; expor e resolver problemas relacionados coas ciencias biolóxicas; analizar a importancia dos estilos de vida saudables e sustentables e relacionar as características moleculares dos organismos coas macroscópicas.

Os criterios de avaliación son outro elemento curricular esencial e constitúen instrumentos para a valoración obxectiva do grao de logro dos obxectivos da materia por parte do alumnado. Estes están relacionados cos obxectivos de Bioloxía e poden conectarse de forma flexible cos contidos desta materia a elección do docente.

Os coñecementos da materia están recollidos nos seguintes seis bloques de criterios de avaliación e de contidos: «A base molecular da materia viva», centrado no estudo dos bioelementos e das moléculas orgánicas e inorgánicas que forman parte dos seres vivos; «Xenética molecular», que inclúe o mecanismo de replicación do ADN e o proceso da expresión xénica e a súa relación co proceso da diferenciación celular; «A célula» comprende os tipos de células, os seus compoñentes, o ciclo celular, a mitose, a meiose e a súa función biolóxica; «Metabolismo celular», que trata das principais reaccións químicas que teñen lugar dentro das células; «Biotecnoloxía», onde se estudan os métodos de manipulación dos seres vivos ou dos seus compoñentes para a súa aplicación tecnolóxica en diferentes campos, como a medicina, a agricultura ou a ecoloxía, entre outros, e, por último, «Inmunoloxía», enfocado cara ao concepto de inmunidade, os seus mecanismos e tipos (innata e adquirida), as fases das enfermidades infecciosas e o estudo das patoloxías do sistema inmunitario.

Como conclusión, cómpre dicir que o fin último da Bioloxía é contribuír a un maior grao de desempeño das competencias clave por parte do alumnado para finalmente ampliar de forma notable os seus horizontes persoais, sociais, académicos e profesionais, tendo pre-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

sente sempre que é o rigor científico e o coñecemento obtido mediante o método científico a base de calquera avance no campo de estudo das ciencias e da súa aplicación.

3.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Interpretar e transmitir información e datos a partir de traballos científicos e argumentar sobre estes con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos, procesos, métodos, experimentos ou resultados das ciencias biolóxicas.
• Dentro da ciencia, a comunicación ocupa un importante lugar, pois é imprescindible para a colaboración e a difusión do coñecemento, xa que contribúe a acelerar considerablemente os avances e os descubrimentos. A comunicación científica busca, polo xeral, o intercambio de información relevante da forma máis eficiente e sinxela posible, para o que se apoia en diferentes formatos, como gráficos, fórmulas, textos, informes ou modelos, entre outros. Ademais, na comunidade científica tamén existen discusións fundamentadas, evidencias e razoamentos aparentemente dispares. • A comunicación científica é, polo tanto, un proceso complexo no que se combinan de forma integrada destrezas e coñecementos variados e no que se exixe unha actitude aberta e tolerante cara ao interlocutor. No contexto desta materia, a comunicación científica require a mobilización das destrezas lingüísticas, matemáticas e dixitais, e tamén do razoamento lóxico. O alumnado debe interpretar e transmitir contidos científicos, así como formar unha opinión propia sobre estes baseada en razoamentos e evidencias, ademais de argumentar defendendo a súa postura de forma fundamentada e enriquecéndoa cos puntos de vista e coas probas achegadas polos demais. • En conclusión, a comunicación científica é un proceso complexo no que se combinan de forma integrada destrezas variadas e no que se mobilizan coñecementos e, ademais diso, exíxese unha actitude aberta e tolerante cara ao interlocutor. Todo isto é necesario non soamente para o traballo na carreira científica, senón que tamén constitúe un aspecto esencial para o desenvolvemento persoal, social e profesional de todo ser humano.
OBX2. Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando a información, avaliándoa criticamente e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas expostas de forma autónoma e crear contidos relacionados coas ciencias biolóxicas.
• Toda investigación científica comeza cunha recompilación das publicacións do campo que se pretende estudar. Para iso é necesario coñecer e utilizar fontes fidedignas e buscar nelas seleccionando a información relevante para responder as cuestións expostas. • Ademais, a aprendizaxe ao longo da vida require ter sentido crítico para seleccionar as fontes ou institucións adecuadas, cribar a información e quedar coa que resulte relevante de acordo co fin exposto. • A destreza para facer esta selección é, polo tanto, de grande importancia non só para o exercicio de profesións científicas, senón tamén para a aprendizaxe ao longo da vida, que é esencial no desenvolvemento de calquera tipo de carreira profesional, para a participación democrática activa e mesmo para o benestar emocional e social das persoas.
OBX3. Analizar traballos de investigación ou divulgación relacionados coas ciencias biolóxicas, comprobando con sentido crítico a súa veracidade ou se seguen correctamente os pasos dos métodos científicos para avaliar a fiabilidade das súas conclusións.
• O pensamento crítico é probablemente unha das destrezas máis importantes para o desenvolvemento humano e a base do espírito de superación e mellora. No ámbito científico é esencial, entre outras cousas, para a revisión por pares do traballo de investigación, que é o piar sobre o que se sustentan o rigor e a veracidade da ciencia.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Aínda que o pensamento crítico debe comezar a traballarse desde as primeiras etapas educativas, alcanza un grao de desenvolvemento significativo no bacharelato e o progreso neste obxectivo contribúe á súa mellora. Ademais, a análise das conclusións dun traballo científico en relación cos resultados observables implica mobilizar no alumnado non só o pensamento crítico, senón tamén as destrezas comunicativas e o razoamento lóxico.

• Así mesmo, a actitude analítica e o cultivo da dúbida razoable que se desenvolven a través deste obxectivo son útiles en contextos non científicos e preparan o alumnado para o recoñecemento de falacias, noticias falsas e información pseudocientífica, e para formar unha opinión propia baseada en razoamentos e evidencias, o que contribuirá positivamente á súa integración persoal e profesional e á súa participación na sociedade democrática.

OBX4. Expor e resolver problemas buscando e utilizando as estratexias adecuadas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se fose necesario, para explicar fenómenos relacionados coas ciencias biolóxicas.

• Este obxectivo fai referencia ao uso do razoamento como base para a resolución de problemas. Con todo, cabe destacar que, como novidade con respecto á etapa anterior, se pretende que o alumnado busque novas estratexias de resolución cando as estratexias que ten adquiridas non sexan suficientes. Para iso, será necesario utilizar diferentes ferramentas e recursos tecnolóxicos e mostrar unha actitude positiva cara aos retos e ás situacións de incerteza e resiliencia, para seguir probando novas vías de resolución en caso de falta de éxito inicial ou ben coa intención de mellorar os resultados.

• Ademais, en 2º de bacharelato é importante traballar a iniciativa no alumnado para que expoña novas cuestións ou problemas que poidan resolverse utilizando o razoamento e outras estratexias.

• A resolución de problemas é unha competencia esencial na carreira científica, pois as persoas dedicadas á ciencia enfróntanse con frecuencia a grandes retos e contratempos que fan tortuoso o camiño cara aos seus obxectivos. Así mesmo, este obxectivo é necesario en moitos outros contextos da vida profesional e persoal polo que contribúe á madureza intelectual e emocional do alumnado e, en última instancia, á formación de cidadanía plenamente integrada e comprometida coa mellora da sociedade.

OBX5. Analizar criticamente determinadas accións relacionadas coa sustentabilidade e coa saúde baseándose nos fundamentos da bioloxía molecular para argumentar acerca da importancia de adoptar estilos de vida sustentables e saudables.

• Coa materia de Bioloxía de 2º de bacharelato preténdese transmitir as actitudes e os estilos de vida compatibles co mantemento e coa mellora da saúde e cun modelo de desenvolvemento sustentable. A novidade desta materia con respecto a etapas anteriores é o seu enfoque molecular. Por este motivo, o estudo da importancia dos ecosistemas e de determinados organismos abordarase desde o coñecemento das reaccións bioquímicas que realizan e a súa relevancia no ámbito planetario. Deste xeito, conectarase o mundo molecular co macroscópico. Este obxectivo, ademais, busca que o alumnado tome iniciativas encamiñadas a analizar criticamente os seus propios hábitos e os dos membros da comunidade educativa desenvolvendo unha actitude crítica ante eles baseada nos fundamentos da bioloxía molecular e que propoña medidas para o cambio positivo cara a un modo de vida máis saudable e sustentable.

• O valor deste obxectivo radica na necesidade urxente de que a nosa sociedade adopte un modelo de desenvolvemento sustentable, que constitúe un dos maiores e máis importantes retos aos que se enfronta a humanidade actualmente. Para poder facer realidade este ambicioso obxectivo, é necesario conseguir que a sociedade alcance unha comprensión profunda do funcionamento dos sistemas biolóxicos para así poder apreciar o seu valor. Desta forma, adoptaranse estilos de vida e tornaranse actitudes responsables encamiñadas á conservación dos ecosistemas e da biodiversidade e ao aforro de recursos que, pola súa vez, mellorarán a saúde e o benestar físico e mental humanos desde o punto de vista individual e colectivo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX6. Analizar a función das principais biomoléculas e bioelementos e as súas estruturas e interaccións bioquímicas argumentando sobre a súa importancia nos organismos vivos, para explicar as características macroscópicas destes a partir das moleculares.
• No século XIX, a primeira síntese dunha molécula orgánica no laboratorio permitiu conectar a bioloxía e a química e marcou un cambio de paradigma científico que se foi afianzando no século XX coa descrición do ADN como molécula portadora da información xenética. Os seres vivos pasaron a concibirse como conxuntos de moléculas constituídas por elementos químicos presentes tamén na materia inerte. Estes fitos marcaron o nacemento da química orgánica, da bioloxía molecular e da bioquímica. • Na actualidade, a comprensión dos seres vivos fundaméntase no estudo das súas características moleculares e as ferramentas xenéticas ou bioquímicas son amplamente utilizadas nas ciencias biolóxicas. • O alumnado de 2º de bacharelato ten un maior grao de madurez para traballar este obxectivo. Ademais, a elección voluntaria da materia de Bioloxía nesta etapa está probablemente ligada a inquietudes científicas e á intención de realizar estudos terciarios no campo biomédico. Polos referidos motivos, este obxectivo é esencial para o alumnado de bacharelato ao lle permitir conectar o mundo molecular co macroscópico, adquirir unha visión global completa dos organismos vivos e desenvolver as destrezas necesarias para formular hipóteses e resolver problemas relacionados coas disciplinas biosanitarias.

3.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Bioloxía 2º curso	
Bloque 1. A base molecular da materia viva	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar de xeito crítico conceptos e procesos relacionados cos saberes da bioloxía molecular, seleccionando e interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, etc.).	OBX1
• CA1.2. Comunicar informacións razoadas relacionadas coa composición química da materia viva, transmitíndoas de forma clara e rigorosa, utilizando a terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais, etc.) e respondendo de maneira fundamentada e precisa ás cuestións que poidan xurdir durante o proceso.	OBX1
• CA1.3. Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada coa composición química da materia viva utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas, etc.	OBX2
• CA1.4. Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da bioloxía molecular de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	OBX3
• CA1.5. Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influído polo contexto político e social e polos recursos económicos.	OBX3
• CA1.6. Argumentar sobre a importancia de adoptar estilos de vida saudables compatibles cun modelo de desenvolvemento sustentable, baseándose nos principios da bioloxía molecular e relacionándoos cos procesos macroscópicos.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.7. Explicar as características e procesos vitais dos seres vivos mediante a análise das súas biomoléculas, das interaccións bioquímicas entre elas e das súas reaccións metabólicas.	OBX6
Contidos	
• Composición química da materia viva: bioelementos e biomoléculas. – Os bioelementos: concepto, tipos, propiedades e funcións biolóxicas. – As biomoléculas inorgánicas: características químicas, propiedades e funcións biolóxicas. Análise do proceso osmótico. – As biomoléculas orgánicas: concepto, clasificación e funcións biolóxicas. • Os glícidos; propiedades e características fisicoquímicas dos monosacáridos, disacáridos e polisacáridos con maior relevancia biolóxica. • Os lípidos: clasificación, propiedades e características fisicoquímicas. • As proteínas: clasificación, propiedades e características fisicoquímicas. – Importancia das proteínas como biocatalizadores. – As vitaminas e a súa importancia como cofactores enzimáticos. • Os ácidos nucleicos. – Estrutura, características fisicoquímicas e tipos. – Funcións dos ácidos nucleicos na expresión da información biolóxica. • A relación entre os bioelementos e as biomoléculas e a saúde. Estilos de vida saudables.	
Bloque 2. Xenética molecular	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Argumentar sobre aspectos relacionados cos saberes da xenética molecular, considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	OBX1
• CA2.2. Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xenética molecular, localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	OBX2
• CA2.3. Describir os procesos que comprende a expresión xénica recoñecendo o seu significado biolóxico.	OBX6
• CA2.4. Comparar os xenomas e os procesos da expresión xénica en procariotas e eucariotas.	OBX3
• CA2.5. Explicar fenómenos relacionados cos saberes da xenética molecular a través da formulación e da resolución de problemas, buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados.	OBX4
• CA2.6. Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da xenética molecular e reformular os procedementos utilizados ou as conclusións se esta solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Análise dos procesos da expresión xénica e o seu significado biolóxico: replicación, transcrición e tradución.
• Relación entre as mutacións, a replicación do ADN, a evolución e a biodiversidade.
• A regulación da expresión xénica e o seu significado biolóxico.
– Comparación dos procesos de expresión xénica e a súa regulación en procariotas e eucariotas.

Bloque 3. A célula	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Analizar de xeito crítico conceptos e procesos relacionados cos saberes da citoloxía seleccionando e interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, etc.).	OBX1
• CA3.2. Enunciar os postulados da teoría celular diferenciando morfolóxica, estrutural e funcionalmente os tipos de células e as súas estruturas e orgánulos.	OBX1
• CA3.3. Identificar imaxes citolóxicas utilizando diferentes técnicas e métodos de observación.	OBX2
• CA3.4. Recoñecer os diferentes tipos de envolturas celulares diferenciando os mecanismos de transporte de substancias a través delas.	OBX2
• CA3.5. Detallar os procesos que teñen lugar ao longo do ciclo celular identificando o significado biolóxico de cada un deles.	OBX6
• CA3.6. Explicar a relación do cancro co ciclo celular e as mutacións, recoñecendo a súa correlación cos estilos de vida saudables.	OBX5

Contidos
• A teoría celular e as súas implicacións biolóxicas.
• A célula procariota e a célula eucariota: diferenciación morfolóxica e estrutural. Fisioloxía celular.
– Observación e diferenciación de imaxes de citoloxía obtidas por microscopia. Técnicas de microscopia e preparación de mostras.
• As envolturas celulares: membrana plasmática, matriz extracelular e paredes celulares.
– Mecanismos de transporte de substancias a través da membrana plasmática, en función das propiedades das moléculas transportadas.
• Os orgánulos da célula eucariota e procariota: estrutura e funcións.
• O ciclo celular: fases e mecanismos de regulación.
– Mitose e meiose. Significado biolóxico.
– O cancro e a súa relación co ciclo celular e as mutacións.
– A importancia dos estilos de vida saudables e a súa correlación co cancro.

Bloque 4. Metabolismo celular	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar e diferenciar os procesos que comprende o catabolismo e o anabolismo celular, establecendo as interrelacións entre todos os procesos e rutas metabólicas que teñen lugar nas células.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.2. Explicar procesos relacionados co metabolismo celular, a través da formulación e resolución de cuestións e problemas, buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados.	OBX4
• CA4.3. Analizar a solución a problemas relacionados co metabolismo celular e reformular, de ser necesario, os procedementos utilizados ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	OBX4
Contidos	
• Enzimoloxía. – Modelos de acción enzimática. – Cinética enzimática. – Mecanismos de regulación enzimática. • O metabolismo celular. Comparación entre anabolismo e catabolismo. • Catabolismo. – Respiración aerobia β-oxidación dos ácidos graxos, ciclo de Krebs, cadea de transporte de electróns e fosforilación oxidativa. – Respiración anaerobia. Glicolise e fermentación. – Rendemento enerxético e eficiencia do metabolismo aeróbico fronte ao anaeróbico. • Anabolismo. – Anabolismo heterótrofo, síntese de aminoácidos, proteínas e ácidos graxos. – Anabolismo autótrofo, fotosíntese e quimiosíntese. – Importancia biolóxica dos principais procesos anabólicos.	
Bloque 5. Biotecnoloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Argumentar sobre aspectos relacionados coa biotecnoloxía considerando os puntos fortes e débiles das diferentes posturas que hai en relación a este tema na actualidade, sempre desde unha postura razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	OBX3
• CA5.2. Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada coa biotecnoloxía e as súas aplicacións utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas, etc.	OBX2
• CA5.3. Analizar e recoñecer as principais e máis relevantes técnicas de enxeñaría xenética, valorando as súas aplicacións en diferentes ámbitos de actuación.	OBX5
• CA5.4. Avaliar a aplicación da biotecnoloxía en distintos ámbitos, incorporando todos os coñecementos e técnicas que os últimos avances científico-tecnolóxicos proporcionen a este tipo de campos de investigación.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Técnicas de enxeñaría xenética. Aplicacións. – PCR, enzimas de restrición, clonación molecular, CRISPR-CAS9, etc. • Importancia e repercusións da biotecnoloxía en distintos ámbitos (saúde, agricultura, ambiente, novos materiais, industria alimentaria, etc.). – O papel dos microorganismos na biotecnoloxía.

Bloque 6. Inmunoloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Explicar e describir en que consiste a inmunidade, comentando a importancia das barreiras externas e achegando exemplos próximos.	OBX1
• CA6.2. Comparar os distintos tipos de inmunidade achegando exemplos.	OBX1
• CA6.3. Diferenciar e comparar as enfermidades infecciosas das non infecciosas, identificando as súas fases.	OBX5
• CA6.4. Describir as principais patoloxías do sistema inmunitario, identificando as súas causas e analizando a súa relevancia clínica.	OBX5

Contidos
• Concepto de inmunidade e importancia das barreiras externas para dificultar a entrada de patóxenos. • Tipos de inmunidade. – Inmunidade innata e específica. – Inmunidade humoral e celular. – Inmunidade artificial e natural, pasiva e activa. • Fases das enfermidades infecciosas. • Principais patoloxías do sistema inmunitario. Causas e relevancia clínica.

3.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Bioloxía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Bioloxía e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2	1	2-4	3	4	3		3.2
OBX2	2-3	2	4	1-2	4	3		
OBX3	2	1	2-3-4		4	3	1	
OBX4	2		1-2	1-5	1.1-5			
OBX5	3		2-5	4	2	3-4	1	
OBX6	1-2		1-2	1	4	4		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Traballar a materia seguindo un enfoque interdisciplinar, ligándoa á realidade do alumnado de forma práctica e significativa, buscando as situacións de aprendizaxe que, mediante actividades competenciais, conduzan á adquisición de aprendizaxes significativas.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O fin último da Bioloxía é contribuír a ampliar de forma notable os horizontes académicos, profesionais, sociais e persoais do alumnado a través do maior grao de desempeño das competencias clave.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Os contidos de cada bloque deben enfocarse desde un punto de vista competencial, de forma que estes constitúan un medio para o desenvolvemento das competencias clave e non simplemente un fin en si mesmos.

– Cabe destacar que a Bioloxía é unha materia de carácter científico e, como tal, recoméndase impartila ligándoa á realidade do alumnado, de maneira práctica e significativa e seguindo un enfoque interdisciplinar. Para tal fin, a metodoloxía que se propón é o uso de situacións de aprendizaxe que se traduzan en actividades competenciais.

4. Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais.

4.1. Introdución.

A materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais oriéntase á consecución e á mellora de seis obxectivos propios das ciencias, que son a concreción dos descritores operativos para a etapa derivados, pola súa banda, das oito competencias clave que constitúen o eixe vertebrador do currículo. Estes obxectivos poden resumirse en: interpretar e transmitir información científica e argumentar sobre esta; localizar e avaliar criticamente información científica; aplicar os métodos científicos en proxectos de investigación; resolver problemas relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e medioambientais; promover iniciativas relacionadas coa saúde e a sustentabilidade, e analizar o rexistro xeolóxico. O traballo dos obxectivos desta materia e a adquisición dos seus contidos contribúen ao desenvolvemento de todas as competencias clave e a satisfacer, como se explica a continuación, varios dos obxectivos da etapa e, con isto, ao crecemento emocional do alumnado e á súa futura integración social e profesional.

Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais favorece o compromiso responsable do alumnado coa sociedade no eido global ao promover os esforzos individuais e colectivos contra o cambio climático e para lograr un modelo de desenvolvemento sustentable (competencias STEM e cidadá) que contribuirá á mellora da saúde, á calidade de vida e á preservación do noso patrimonio natural e cultural (competencia en conciencia e expresión cultural). Esta materia tamén busca estimular a vocación científica en todo o alumnado, pero especialmente nas alumnas, para contribuír a acabar co baixo número de mulleres en postos de responsabilidade en investigación, fomentando así a igualdade efectiva de oportunidades entre ambos os sexos (competencias STEM, persoal e social e de aprender a aprender).

Así mesmo, traballando esta materia afianzaranse os hábitos de lectura e estudo no alumnado, polo que a comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais e posiblemente

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

noutras linguas (competencias STEM, en comunicación lingüística e plurilingüe) xoga un importante papel nesta.

Ademais, coa materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais promóvese entre o alumnado a procura da información sobre temas científicos, para o que se utilizan fundamentalmente as tecnoloxías da información e da comunicación (competencias STEM e dixital).

Do mesmo xeito, esta materia busca que as alumnas e os alumnos deseñen e participen no desenvolvemento de proxectos científicos para realizar investigacións tanto de campo coma de laboratorio, utilizando as metodoloxías e os instrumentos propios das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais, o cal contribúe a espertar neles o espírito emprendedor (competencias STEM, emprendedora, persoal, social e aprender a aprender).

Os criterios de avaliación son un dos elementos curriculares básicos, pois permiten valorar a adquisición e o desenvolvemento das competencias a través dos contidos integrados por coñecementos, destrezas e actitudes esenciais para a continuación de estudos académicos ou o exercicio de determinadas profesións relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.

Os contidos son o medio a través do cal se traballan os obxectivos e as competencias clave e, pola súa banda, comprenden coñecementos, destrezas e actitudes esenciais para a continuación de estudos académicos ou o exercicio de determinadas profesións relacionadas coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.

Os criterios de avaliación e os contidos aparecen agrupados en sete bloques: «Proxecto científico», centrado no desenvolvemento práctico a través dun proxecto científico, das destrezas e do pensamento propios da ciencia; «A xeodinámica interna» estuda os fenómenos xeolóxicos do interior e da superficie terrestre baseándose na teoría integradora da tectónica de placas, nos riscos internos e, ademais, recoñece os diferentes tipos de rochas e minerais; «A xeodinámica externa. Historia da Terra» trata sobre o estudo dos cambios no relevo terrestre, os riscos externos, a magnitude do tempo xeolóxico e a resolución de problemas baseados nos métodos xeolóxicos de datación; «Os seres vivos: niveis de organización, composición, diversidade e evolución» estuda a organización dos seres vivos establecendo a base molecular da materia viva co fin de favorecer unha comprensión dos procesos fisiolóxicos dos bloques posteriores e analiza os criterios de clasificación dos diferentes seres vivos e a súa evolución; «Os vexetais: funcións e adaptacións» introduce o alumnado nos mecanismos a través dos cales os vexetais realizan as súas funcións vitais e analiza as súas adaptacións ás condicións ambientais nas que se desenvolven e o balance xeral e impor-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

tancia biolóxica da fotosíntese; «Os animais: funcións e adaptacións» analiza a fisioloxía dos aparellos implicados nas funcións de nutrición e reprodución e o funcionamento dos receptores sensoriais, dos sistemas de coordinación e dos órganos efectores e as principais adaptacións ao medio; «Os microorganismos e formas acelulares» céntrase nalgunhas das especies microbianas máis relevantes, na súa diversidade metabólica, na súa relevancia ecolóxica e nas características e mecanismos de infección das formas orgánicas acelulares (virus, viroides e prións). Por último, o bloque «Ecoloxía e sustentabilidade» recolle os compoñentes dos ecosistemas, o seu funcionamento e a importancia dun modelo de desenvolvemento sustentable, esenciais para a continuación de estudos académicos ou o exercicio de determinadas profesións relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.

En conclusión, a materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1º de bacharelato contribúe, a través dos seus obxectivos, criterios de avaliación e contidos, a un maior grao de desenvolvemento das competencias clave. O seu fin último é mellorar a formación científica e a comprensión do mundo natural por parte do alumnado e así reforzar o seu compromiso polo ben común e as súas destrezas para responder á inestabilidade e ao cambio. Con todo isto búscase mellorar a súa calidade de vida presente e futura para conseguir, a través do sistema educativo, unha sociedade máis xusta, equitativa e comprometida co ambiente e coa súa sustentabilidade.

4.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre estes con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar procesos, métodos, experimentos ou resultados das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.
• A comunicación é un aspecto esencial do progreso científico, pois os avances e os descubrimentos non son o produto do traballo de individuos illados, senón de equipos colaborativos, con frecuencia de carácter interdisciplinar. Ademais, a creación de coñecemento só se produce cando os achados son publicados, o que permite a súa revisión e ampliación por parte da comunidade científica e a súa utilización na mellora da sociedade. • Dada a natureza científica da materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, esta contribúe a que o alumnado desenvolva as destrezas necesarias para extraer as ideas máis relevantes dunha información de carácter científico (en forma de artigos, diagramas, táboas, gráficos, etc.) e comunicalas de maneira sinxela, precisa e veraz, utilizando formatos variados (exposición oral, plataformas virtuais, presentación de diapositivas e pósteres, entre outros), tanto de forma analóxica como a través de medios dixitais. • Do mesmo xeito, este obxectivo busca potenciar a argumentación, esencial para o desenvolvemento social e profesional do alumnado. A argumentación en debates, foros ou outras vías dá a oportunidade de defender, de maneira lóxica e fundamentada, as propias posturas, pero tamén de comprender e asimilar as ideas doutras persoas. A argumentación é unha forma de pensamento colectivo que enriquece a quen participa nela e que lle permite desenvolver a resiliencia fronte aos retos, así como a flexibilidade para lles dar un xiro ás propias ideas ante argumentos alleos. Así mesmo, a argumentación, realizada de forma correcta, é un acto respecto da diversidade entre individuos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Localizar e utilizar fontes fiables, identificando, seleccionando e organizando a información, avaliándoa criticamente e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas expostas de forma autónoma relacionadas coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.
• Obter información relevante co fin de resolver dúbidas, adquirir novos coñecementos ou comprobar a veracidade de afirmacións ou noticias é unha destreza esencial para os cidadáns e as cidadás do século XXI. Así mesmo, toda investigación científica comeza coa coidadosa recompilación de publicacións relevantes da área de estudo. • A maior parte das fontes de información fiables son accesibles a través da internet, polo que se promoverá a través deste obxectivo o uso de diferentes plataformas dixitais de procura e comunicación. Con todo, a información veraz convive con noticias falsas, teorías conspiratorias e informacións incompletas ou pseudocientíficas. Por iso, é de vital importancia que o alumnado desenvolva un espírito crítico e contraste e avalíe a información obtida. • A información veraz debe ser tamén seleccionada segundo a súa relevancia e organizada para poder responder de forma clara as cuestións formuladas. Ademais, dada a madureza intelectual do alumnado desta etapa educativa, fomentarase que expoña estas cuestións seguindo a súa propia curiosidade e mostrando iniciativa.
OBX3. Deseñar, planear e desenvolver proxectos de investigación seguindo os pasos das diversas metodoloxías científicas, tendo en conta os recursos dispoñibles de forma realista e buscando vías de colaboración para indagar en aspectos relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.
• O coñecemento científico constrúese a partir de evidencias obtidas da observación obxectiva e da experimentación. A súa finalidade é explicar o funcionamento do mundo que nos rodea e achegar solucións a problemas. Os métodos científicos baséanse na formulación de preguntas sobre a contorna natural ou social, no deseño e execución adecuados de estratexias para poder respondelas, na interpretación e análise dos resultados, na obtención de conclusións e na comunicación destas. Con frecuencia, a execución destas accións descritas require da colaboración entre organizacións e individuos. • Polo tanto, expor situacións nas que o alumnado teña a oportunidade de aplicar os pasos dos diferentes métodos utilizados na ciencia contribúe a desenvolver nel a curiosidade, o sentido crítico, o espírito emprendedor e as destrezas para o traballo colaborativo. Ademais, esta forma de traballo permite comprender en profundidade a diferenza entre unha impresión ou opinión e unha evidencia, afrontando con mente aberta e perspicaz diferentes informacións, e aceptando e respondendo adecuadamente ante a incerteza. • En definitiva, este obxectivo non só é esencial para o desenvolvemento dunha carreira científica, senón tamén para mellorar a resiliencia necesaria para afrontar diferentes retos e así formar cidadáns plenamente integrados no eido persoal, social ou profesional.
OBX4. Buscar e utilizar estratexias na resolución de problemas analizando, criticamente as solucións e respostas achadas e reformulando o procedemento se fose necesario para explicar os fenómenos relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.
• A resolución de problemas é unha parte inherente da ciencia básica e aplicada. As ciencias empíricas constrúense contrastando razoamentos (hipóteses) mediante a experimentación ou a observación. O avance científico está, polo tanto, limitado pola destreza no exercicio intelectual de crear hipóteses e a capacidade técnica e humana de probalas experimentalmente. Ademais, o camiño cara aos achados e avances é rara vez directo e adoita verse obstaculizado por situacións inesperadas e por problemas de diferente natureza. É por iso imprescindible que, ao enfrontarse a dificultades, as persoas dedicadas á ciencia mostren creatividade, destrezas para a procura de novas estratexias ou para a utilización de ferramentas variadas, apertura á colaboración e resiliencia para continuar a pesar da falta de éxito inmediato. • Ademais, a resolución de problemas e a procura de explicacións coherentes a diferentes fenómenos noutros contextos da vida cotiá exixe similares destrezas e actitudes, necesarias para un desenvolvemento persoal, profesional e social plenos. Por estes motivos, a destreza na resolución de problemas considérase esencial e forma parte do currículo desta materia, pois permítelle ao alumnado desenvolver a análise crítica, colaborar, desenvolverse fronte a situacións de incerteza e cambios acelerados, participar plenamente na sociedade e afrontar os retos do século XXI, como o quecemento global ou as desigualdades socioeconómicas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX5. Deseñar, promover e executar iniciativas relacionadas coa conservación do ambiente, coa sustentabilidade e coa saúde, baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais, para fomentar hábitos sustentables e saudables.
• Na actualidade, a degradación ambiental está a levar á destrución dos recursos naturais a un ritmo moi superior ao da súa rexeneración. Para frear o avance destas tendencias negativas e evitar as súas consecuencias catastróficas son necesarias accións individuais e colectivas da cidadanía, dos estados e das corporacións. Para iso, é imprescindible que se coñeza o valor ecolóxico, científico, social e económico do mundo natural, e que se comprenda que a degradación ambiental é sinónimo de desigualdade, refuxiados climáticos, catástrofes naturais e outros tipos de crises humanitarias. • Polos motivos expostos, é esencial que o alumnado traballe este obxectivo e así coñeza os fundamentos que xustifican a necesidade urxente de implantar un modelo de desenvolvemento sustentable e que lidere iniciativas e proxectos innovadores para promover e adoptar estilos de vida sustentables desde o punto de vista individual e colectivo. Desenvolver competencia tamén lle permite ao alumnado profundar no estudo da fisioloxía humana e así propoñer e adoptar estilos de vida que contribúan a manter e a mellorar a saúde e a calidade de vida. Este aspecto é particularmente importante dada a tendencia á alza dos hábitos sedentarios e o consumo de alimentos hipercalóricos que están a ter serias consecuencias para a saúde da cidadanía do mundo desenvolvido.
OBX6. Analizar os elementos do rexistro xeolóxico utilizando fundamentos científicos para relacionalos cos grandes eventos ocorridos ao longo da historia da Terra e coa magnitude temporal en que se desenvolveron.
• O estudo da Terra presenta grandes dificultades e, como consecuencia, existen escasos datos sobre longos períodos da súa historia. Isto débese a que as evidencias necesarias para completar o rexistro xeolóxico están con frecuencia danadas ou destruídas, e as escalas espaciais e temporais nas que se desenvolven os eventos son dunha magnitude inconcibible desde o punto de vista humano. É por iso necesario aplicar o razoamento e as metodoloxías baseadas en probas indirectas. • En bacharelato, o alumnado adquirirá un grao de madurez que lle permitirá comprender os principios para a datación de materiais xeolóxicos utilizando datos de radioisótopos. Tamén terá o nivel de desenvolvemento intelectual necesario para comprender a escala de tempo xeolóxico e a relevancia dos principais eventos xeolóxicos e biolóxicos do noso planeta. • Traballar este obxectivo permitirá desenvolver no alumnado as destrezas para o razoamento e unha actitude de aprecio pola ciencia e polo medio natural. Estas calidades son especialmente relevantes no eido profesional, pero tamén é necesario que estean presentes nos cidadáns e cidadás do século XXI para reforzar o seu compromiso polo ben común e o futuro da nosa sociedade.

4.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais 1º curso	
Bloque 1. Proxecto científico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Expor preguntas, realizar predicións e formular hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos e que tenten explicar fenómenos biolóxicos, xeolóxicos ou ambientais.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Deseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais, e seleccionar os instrumentos necesarios, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta minimizando os nesgos na medida do posible.	OBX3
• CA1.3. Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos biolóxicos, xeolóxicos e ambientais seleccionando e utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	OBX3
• CA1.4. Interpretar e analizar resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas e recoñecendo o seu alcance e limitacións, e obtendo conclusións razoadas e fundamentadas ou valorando a imposibilidade de facelo.	OBX3
• CA1.5. Establecer colaboracións dentro e fóra do centro educativo nas distintas fases do proxecto científico, co fin de traballar con maior eficiencia, utilizando ferramentas tecnolóxicas adecuadas, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	OBX3
• CA1.6. Argumentar sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto político e os recursos económicos.	OBX2
Contidos	
• A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. • Estratexias para a elaboración dun proxecto científico. – Formulación de hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. – Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información científica. – Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización. – Controis experimentais e contraste de hipóteses. – Método de análise de resultados científicos: organización, representación e ferramentas estatísticas. – Comunicación científica de procesos e resultados con vocabulario científico e a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, pósteres, informe e outros). • Importancia social da contribución e do labor científico das persoas dedicadas á ciencia. O papel das mulleres na ciencia.	
Bloque 2. A xeodinámica interna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Explicar os modelos da estrutura e dinámica do interior terrestre diferenciando a composición e o comportamento das diferentes capas a través da información proporcionada polos principais métodos de estudo indirectos e directos.	OBX4
• CA2.2. Reflexionar sobre o xurdimento da teoría da tectónica de placas recoñecendo os antecedentes e probas que confirmaron o mobilismo e adoptando unha actitude crítica cara a informacións de dubidosa procedencia e sen unha base científica.	OBX2
• CA2.3. Argumentar desde a teoría da tectónica de placas os fenómenos xeolóxicos da superficie terrestre relacionándoos cos movementos das placas litosféricas e cos procesos térmicos do interior terrestre, e describindo as estruturas xeolóxicas asociadas.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Analizar a definición e a clasificación dos minerais atendendo á súa composición química e recoñecer as súas propiedades relacionándoas coa súa estrutura interna.	OBX1
• CA2.5. Recoñecer os tipos de rochas e interpretar os procesos xeolóxicos implicados na súa formación utilizando o ciclo xeolóxico á luz da teoría da tectónica de placas.	OBX3
• CA2.6. Identificar minerais mediante a observación das súas propiedades e as principais rochas segundo a súa composición, orixe e textura utilizando exemplos da contorna, relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá e promovendo a explotación e o uso sustentable e a súa relevancia como patrimonio xeolóxico.	OBX3
• CA2.7. Analizar os riscos a través dos seus factores e localizar áreas sísmicas e volcánicas en España interpretando información en diferentes formatos (mapas, gráficos, táboas, diagramas, esquemas...) e valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección.	OBX1

Contidos
• O estudo da Terra: métodos directos e indirectos.
• Os modelos da estrutura e dinámica da xeosfera.
• Os procesos xeolóxicos internos. O relevo e a relación coa tectónica de placas.
– Antecedentes: deriva continental, expansión do fondo oceánico e paleomagnetismo.
– As placas litosféricas. A convección terrestre.
– Tipos de bordos de placas. Estruturas e fenómenos xeolóxicos asociados aos límites e ás zonas de intraplaca.
– Consecuencias: a deformación das rochas. Pregamentos e fallas.
• Os minerais: concepto, propiedades e clasificación.
• As rochas.
– Magmatismo, metamorfismo e sedimentación.
– Clasificación segundo a súa orixe e composición. Rochas magmáticas, metamórficas e sedimentarias.
– Relación coa tectónica de placas. O ciclo das rochas.
• Clasificación e identificación dos minerais e rochas relevantes e da contorna. Explotación e uso sustentable. Importancia da conservación do patrimonio xeolóxico.
• Os riscos xeolóxicos internos.
– Factores de risco.
– Medidas de predición, prevención e corrección.
• O risco sísmico e volcánico en España.

Bloque 3. A xeodinámica externa. Historia da Terra	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Describir a acción dos axentes xeolóxicos externos recoñecendo as formas de relevo asociadas e analizando o relevo en Galicia e a paisaxe próxima.	OBX1
• CA3.2. Explicar os procesos edafoxenéticos identificando os factores de formación do solo e a importancia da súa conservación.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.3. Relacionar os grandes eventos da historia terrestre con determinados elementos do rexistro xeolóxico e cos sucesos que ocorren na actualidade, utilizando os principios xeolóxicos básicos e o razoamento lóxico.	OBX6
• CA3.4. Resolver problemas de datación analizando elementos do rexistro xeolóxico e fósil e aplicando métodos de datación relativa.	OBX6
• CA3.5. Interpretar e deducir en mapas e cortes a historia xeolóxica aplicando principios xeolóxicos básicos (intersección, horizontalidade...), determinando as descontinuidades estratigráficas e empregando fósiles guía.	OBX6
• CA3.6. Analizar criticamente os riscos xeolóxicos externos relacionándoos coas actividades humanas e valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección.	OBX1
Contidos	
• Os procesos xeolóxicos externos: axentes causais e consecuencias sobre o relevo. • A evolución dun solo: procesos, factores e conservación. • Os métodos e principios do estudo do rexistro xeolóxico: reconstrución da historia xeolóxica. • O tempo xeolóxico: magnitude, escala e métodos de datación absoluta e relativa. • A historia da Terra: principais acontecementos xeolóxicos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos. • Os riscos xeolóxicos externos e a súa relación coa actividade humana. Medidas de predición, prevención e corrección.	
Bloque 4. Os seres vivos: niveis de organización, composición, diversidade e evolución	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar os niveis de organización dos seres vivos exemplificando cada un deles e utilizando diferentes formatos para a súa diferenciación (esquemas, diagramas, táboas...).	OBX1
• CA4.2. Distinguir bioelementos a través de exemplos e identificar as diferentes biomoléculas, recoñecendo os monómeros constituíntes de cada unha e as súas respectivas funcións biolóxicas, demostrando a uniformidade química dos seres vivos.	OBX1
• CA4.3. Diferenciar as formas de organización celular procariota e eucariota utilizando diferentes formatos (debuxos, esquemas, microfotografías, vídeos…) e identificar os distintos orgánulos celulares relacionándoos coa súa función.	OBX1
• CA4.4. Relacionar os tecidos animais e vexetais coas células constituíntes a través de imaxes obtidas con diferentes técnicas, indicando xustificadamente as súas funcións e valorando as vantaxes evolutivas da organización pluricelular.	OBX1
• CA4.5. Analizar os criterios utilizados para a clasificación dos seres vivos, describindo as características dos tres dominios e os cinco reinos e xustificando desde a perspectiva evolutiva os cambios nos grandes grupos.	OBX1
• CA4.6. Diferenciar os principais grupos taxonómicos dos seres vivos, recoñecendo as súas características e achegando exemplos de seu propio medio, así como utilizar claves dicotómicas para a súa determinación.	OBX4
• CA4.7. Describir o proceso de especiación e argumentar sobre aspectos relacionados coa evolución utilizando as probas e os mecanismos evolutivos, e defendendo unha postura de forma razoada e cunha actitude aberta, flexible, receptiva ante a opinión dos demais.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Os niveis de organización dos seres vivos e a unidade de composición química.
• A composición química dos seres vivos.
– Os bioelementos: concepto e clasificación.
– As biomoléculas: clasificación, monómeros e funcións biolóxicas.
• A organización celular dos seres vivos.
– Organización procariota e eucariota: semellanzas e diferenzas.
• A organización pluricelular dos seres vivos.
– Histoloxía animal e vexetal.
– Órganos, aparellos e sistemas.
– Perspectiva evolutiva.
• Os principais grupos taxonómicos dos seres vivos: características fundamentais.
• As principais teorías evolutivas: probas e mecanismos da evolución. A especiación.
• A historia da vida na Terra: xustificación desde a perspectiva evolutiva dos principais cambios nos grupos de seres vivos.

Bloque 5. Os vexetais: funcións e adaptacións	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Explicar a fotosíntese como un proceso de nutrición autótrofa relacionándoa cos mecanismos e estruturas involucradas no transporte dos zumes e argumentando a súa relevancia para o mantemento da vida na Terra.	OBX4
• CA5.2. Recoñecer a función de relación das plantas diferenciando as nastias e os tropismos, asociando cada estímulo coa súa resposta e relacionando as principais hormonas coa súa función.	OBX1
• CA5.3. Describir as diferenzas entre a reprodución sexual e asexual, recoñecendo as vantaxes e inconvenientes de cada unha e analizándoas desde unha perspectiva evolutiva.	OBX1
• CA5.4. Explicar os ciclos biolóxicos dos diferentes grupos de plantas analizando as súas fases e estruturas características a través de debuxos, esquemas e gráficos.	OBX4
• CA5.5. Recoñecer os procesos implicados na reprodución sexual e os tipos de reprodución asexual, recoñecendo nesta última a súa aplicación no campo da agricultura.	OBX1
• CA5.6. Explicar a relación das adaptacións dos vexetais co medio en que se desenvolven utilizando exemplos significativos e recoñecendo a influencia de diferentes factores.	OBX4

Contidos
• A función de nutrición vexetal.
– A fotosíntese: balance xeral e importancia ecolóxica para a vida na Terra.
– Mecanismos de transporte do zume bruto e do zume elaborado nas plantas vasculares.
• A función de relación.
– Tipos de respostas dos vexetais aos distintos tipos de estímulos.
– As fitohormonas e o seu papel na fisioloxía vexetal.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• A función de reprodución.
– A reprodución asexual e a reprodución sexual. Relevancia ecolóxica e evolutiva.
– Os ciclos biolóxicos nos diferentes tipos de vexetais.
• As adaptacións dos vexetais ao medio.

Bloque 6. Os animais: funcións e adaptacións	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Identificar os órganos, aparellos e sistemas que interveñen na función de nutrición, relación e reprodución, recoñecendo a función de cada un nos diferentes grupos taxonómicos.	OBX1
• CA6.2. Recoñecer os aparellos dixestivos, os pigmentos e aparellos respiratorios, os tipos de circulación, os produtos de excreción e os procesos que interveñen na nutrición animal.	OBX1
• CA6.3. Describir os receptores sensoriais, sistemas de coordinación e órganos efectores de xeito comparado nos principais grupos de animais.	OBX1
• CA6.4. Describir e comparar os tipos de reprodución sexual e asexual, os tipos de fecundación e as estruturas implicadas na reprodución en diferentes grupos de animais analizando os ciclos biolóxicos máis representativos.	OBX1
• CA6.5. Explicar a relación das adaptacións dos animais co medio en que se desenvolven utilizando exemplos significativos e recoñecendo a influencia de diferentes factores.	OBX4
• CA6.6. Expor e resolver cuestións relacionadas cos diferentes animais localizando e citando fontes adecuadas e seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	OBX2
Contidos	
• A función de nutrición animal.	
– Procesos e estruturas implicadas nos diferentes grupos taxonómicos.	
• A función de relación.	
– Funcionamento dos sistemas de coordinación (nervioso e endócrino) nos diferentes grupos taxonómicos.	
• A función de reprodución.	
– Procesos e estruturas implicadas nos diferentes grupos taxonómicos.	
– Importancia biolóxica.	
• As adaptacións dos animais ao medio.	

Bloque 7. Os microorganismos e as formas acelulares	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA7.1. Identificar os diferentes tipos de microorganismos, clasificándoos nos dominios e reinos correspondentes.	OBX1
• CA7.2. Argumentar sobre a importancia ecolóxica dos microorganismos, relacionándoos cos ciclos bioxeoquímicos.	OBX5
• CA7.3. Describir os principais mecanismos de reprodución bacteriana facendo fincapé na transferencia xenética horizontal e nas súas consecuencias para a saúde humana.	OBX5
• CA7.4. Recoñecer as principais técnicas de cultivo de microorganismos a través da observación de vídeos, páxinas web, fotografías ou da práctica no laboratorio.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA7.5. Identificar as formas acelulares (virus, viroides e prións) e contrastar e xustificar a veracidade da información recoñecendo a súa importancia biolóxica, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas...	OBX2
• CA7.6. Comunicar informacións e describir as enfermidades infecciosas máis importantes relacionadas cos microorganismos, reflexionando sobre o papel dos antibióticos no seu tratamento e sobre o problema da resistencia, transmitíndoas de forma rigorosa e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados (gráficos, táboas, vídeos e informes, entre outros) e ferramentas dixitais.	OBX1
Contidos	
• Concepto e características xerais dos microorganismos. • O metabolismo dos microorganismos. Ciclos bioxeoquímicos e importancia ecolóxica. • A reprodución bacteriana. Mecanismos de transferencia xenética horizontal en bacterias. • As técnicas de esterilización, cultivo e illamento. • As formas acelulares: virus, viroides e prións. Características, mecanismos de infección e importancia biolóxica. • As enfermidades infecciosas. – Clasificación segundo os microorganismos causantes. – Resistencia aos antibióticos. Uso responsable destes.	
Bloque 8. Ecoloxía e sustentabilidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA8.1. Explicar a dinámica das capas fluídas da Terra, recoñecendo a interrelación entre todos os subsistemas terrestres e utilizando exemplos significativos.	OBX1
• CA8.2. Recoñecer un ecosistema, describindo as relacións tróficas, os ciclos bioxeoquímicos e o fluxo de enerxía a través dos diferentes elos e identificando a súa interdependencia.	OBX1
• CA8.3. Resolver problemas relacionados coas interaccións tróficas nos ecosistemas buscando e utilizando recursos variados, como coñecementos propios, datos e información obtidos, razoamento lóxico, pensamento computacional ou ferramentas dixitais.	OBX4
• CA8.4. Analizar as causas e as consecuencias ecolóxicas, sociais e económicas dos principais problemas ambientais, desde unha perspectiva individual, local e global, concibíndoos como grandes retos da humanidade.	OBX5
• CA8.5. Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo coas causas e consecuencias que o orixinan.	OBX4
• CA8.6. Avaliar diferentes problemas ambientais promovendo o desenvolvemento sustentable como modelo para a conservación do ambiente.	OBX5
• CA8.7. Propoñer e poñer en práctica hábitos de vida e iniciativas sustentables e saudables no eido local e global, argumentando sobre os seus efectos positivos e sobre a urxencia de adoptalos.	OBX5
Contidos	
• Estrutura, dinámica e funcións da atmosfera e da hidrosfera. • A dinámica dos ecosistemas. – As relacións tróficas. O fluxo de enerxía e os ciclos da materia.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

– Resolución de problemas e cuestións relacionados cos parámetros e coas relacións tróficas.

• Os principais impactos ambientais antrópicos.

– O cambio climático. Causas e consecuencias e estratexias para a mitigación e a adaptación.

– A perda da biodiversidade: causas e consecuencias ambientais e sociais. Importancia da súa conservación.

– Os residuos: efectos, prevención e xestión.

• Desenvolvemento sustentable: concepto e dimensións.

4.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2	1	4		4			3.2
OBX2	3	1	4	1-2-4	4-5			
OBX3	5		1-2-3	1-2	3.2		3	
OBX4	3		1-2	1-5	5		1	
OBX5	1		2-5	4	2	4	1-3	
OBX6	3	1	2-5	1	2	4		1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Os contidos da materia traballados de forma competencial que propicie a adquisición e o desenvolvemento das oito competencias clave buscando a interdisciplinariedade e ligándoa sempre ao contexto do alumnado.

– A realización de proxectos variados desde a resolución de problemas e a elaboración de proxectos, investigacións e actividades indagativas en contextos significativos e auténticos que permitan conectar coa realidade do alumnado.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo, de xeito que se promova o traballo en equipo e se propicie o interese pola materia e polos seus estudos posteriores.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e estratexias de regulación emocional tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O deseño de experiencias de laboratorio e o traballo de campo que lle permita ao alumnado asimilar de xeito significativo os contidos e que facilite a súa conexión coa realidade.

5. Ciencias Xerais.

5.1. Introdución.

Na sociedade actual, multitude de aspectos están relacionados coa actividade científica, tanto no campo sanitario como no tecnolóxico, no social e no divulgativo. É unha gran necesidade que a cidadanía posúa unha formación científica sólida para así ser capaz de defender unha opinión fundamentada ante feitos que non deberían ser controvertidos e que forman parte do día a día do noso mundo, determinando así o avance da sociedade. Esta materia ofrécelle ao alumnado unha formación básica nas catro disciplinas científicas fundamentais: bioloxía, xeoloxía, física e química. Ademais, o enfoque interdisciplinar

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

característico do ensino STEM confírelle ao currículo un carácter unificador que pon en evidencia que as diferentes ciencias non son máis ca unha especialización dentro dun conxunto global e coherente que é o coñecemento científico. De feito, no desenvolvemento da investigación como actividade laboral, os científicos e científicas relacionan coñecementos, destrezas e actitudes de todas as disciplinas para enriquecer os seus estudos e contribuír de forma máis eficiente ao progreso da sociedade.

O alumnado que cursa Ciencias Xerais adquire unha comprensión xeral dos principios xerais que rexen os fenómenos do mundo natural. Para iso, esta materia parte dos obxectivos da materia, que teñen como finalidade que o alumnado entenda, explique e mobilice coñecementos, destrezas e actitudes non só relacionados coa situación e as repercusións da ciencia na actualidade, senón tamén cos procedementos da actividade científica e a súa relevancia no avance social, a necesidade dun trato igualitario entre persoas na ciencia, e o carácter consistente e global do conxunto das disciplinas científicas. A esta materia poderán acceder diferentes perfís de estudantes con distintas formacións previas en ciencias, polo que a adquisición das aprendizaxes esenciais desta materia se constrúe a partir das ciencias básicas que todo alumno e alumna cursou durante a educación secundaria obrigatoria, profundando a partir de aí para alcanzar as competencias clave e os obxectivos propios da etapa do bacharelato.

As oito competencias clave trabállanse a través dos obxectivos propios da materia de Ciencias Xerais. Acompañándoos atópanse os criterios de avaliación. O seu marcado carácter competencial convérteos en avaliadores dos coñecementos, das destrezas e das actitudes que o alumnado debe adquirir para desenvolverse nunha sociedade que demanda espírito crítico ante cuestións científicas. As súas características correspóndense coas dun currículo que pretende desenvolver o pensamento científico para que os cidadáns sexan capaces de comprender, explicar e razoar por que sen ciencia non hai futuro.

A materia estrutúrase en seis bloques. No bloque 1, «Construíndo ciencia», trátanse os aspectos básicos da actividade científica xeral: o uso das metodoloxías científicas para o estudo de fenómenos naturais, a experimentación –incluídos os instrumentos necesarios e as súas normas de uso–, a utilización adecuada de linguaxes científicas e das ferramentas matemáticas pertinentes, etc. Trátase dun bloque introdutorio que, lonxe de pretender ser tratado de maneira teórica, busca desenvolver destrezas prácticas útiles para o resto dos bloques.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

No bloque 2, «O sistema Terra», faise unha aproximación ao estudo da Terra e dos sistemas terrestres desde o punto de vista da xeoloxía planetaria, da tectónica de placas e da dinámica das capas fluídas. Continúase co estudo dos seres vivos e das súas principais adaptacións aos medios.

No bloque 3, «Os ecosistemas e o ambiente», abórdase o estudo dos ecosistemas e dos solos e faise un gran fincapé en aspectos clave encamiñados á concienciación do alumnado sobre a necesidade de adoptar un desenvolvemento sustentable e o coidado do ambiente.

O bloque 4, «Bioloxía para o século XXI», iníciase cun percorrido pola bioloxía molecular e pola xenética para tratar a continuación distintas cuestións da enxeñaría xenética e biotecnoloxía e a súa importancia na investigación nos campos da medicina, agricultura, gandería e ambiente. O bloque péchase co estudo da saúde e enfermidades, concienciando do papel esencial das vacinas na sociedade, así como do uso correcto dos antibióticos, promovendo en todo momento hábitos saudables entre o alumnado.

O bloque 5, «Un universo de materia e enerxía», recolle dous conceptos principais da ciencia: a materia e a enerxía. Estes conceptos son esenciais no estudo e no traballo da ciencia, pois son a base para a construción de aprendizaxes sobre os sistemas fisicoquímicos, biolóxicos e xeolóxicos.

Por último, no bloque 6, «As forzas que nos moven», abórdanse conceptos cuxo eixe central son as forzas fundamentais da natureza e os efectos que teñen sobre os sistemas. Novamente trátase de contidos básicos para todas as disciplinas da ciencia, os cales permiten dar explicacións a aspectos tan importantes como o movemento dos corpos ou as deformacións da codia terrestre.

En definitiva, o currículo de Ciencias Xerais non só pretende concienciar sobre a importancia das ciencias e formar a cidadanía para que teña un criterio propio e fundamentado para a difusión de ideas científicas por encima de afirmacións pseudocientíficas e enganosas, senón que lle proporcionará ao alumnado que desexe explorar outros campos profesionais non vinculados directamente coas ciencias coñecementos e aprendizaxes propios destas que permitan un enfoque rigoroso e certeiro no seu labor profesional. As ferramentas que proporciona este currículo convidan ao desenvolvemento de proxectos e á cooperación interdisciplinar propios da investigación científica. Isto confírelle á aprendizaxe da ciencia un carácter holístico e integrado que enriquece a significatividade e que prepara o alumnado para afrontar o futuro.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

5.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Aplicar as metodoloxías propias da ciencia utilizando con precisión procedementos, materiais e instrumentos adecuados para responder a cuestións sobre procesos físicos, químicos, biolóxicos e xeolóxicos.
• Para conseguir unha alfabetización científica básica, cada alumna ou alumno debe comprender cal é o *modus operandi* de toda a comunidade científica no referente ao estudo dos fenómenos naturais e cales son as ferramentas de que se dispón para iso. As metodoloxías científicas son procedementos fundamentais de traballo na ciencia. O alumnado debe desenvolver as destrezas de observar, emitir hipóteses e experimentar sobre fenómenos fisicoquímicos e naturais, así como de poñer en común co resto da comunidade investigadora os resultados que obteña, sendo consciente de que as respostas a procesos, físicos, químicos, biolóxicos e xeolóxicos son complexas e necesitan de modelos contrastados e en constante revisión e validación. • Así mesmo, aínda que o alumnado non optase no futuro por dedicarse á ciencia como actividade profesional, o desenvolvemento deste obxectivo outórgalle algunhas habilidades e destrezas propias do pensamento científico que pode aplicar en situacións da súa vida cotiá, como a interpretación de fenómenos ou o respecto polo mundo natural que o rodea. Isto contribúe á formación de persoas comprometidas e á mellora da súa contorna e da sociedade.
OBX2. Comprender e explicar os procesos da contorna e explicalos utilizando os principios, leis e teorías científicas adecuados para adquirir unha visión holística do funcionamento do medio natural.
• O desenvolvemento da competencia científica ten como finalidade esencial comprender os procesos da contorna e interpretalos á luz dos principios, leis e teorías científicas fundamentais. Co desenvolvemento deste obxectivo tamén se contribúe a desenvolver o pensamento científico, o cal é clave para a creación de novos coñecementos fundamentados nos principios, leis e teorías da ciencia. • Ademais, a aplicación dos coñecementos está en liña cos principios da aprendizaxe STEM, que pretende crear unha aprendizaxe global das ciencias como un todo integrado de disciplinas interrelacionadas entre si. O alumnado que cursa esta materia aprende a relacionar conceptos, atopando nela os coñecementos, destrezas e actitudes necesarias que son a base para unha alfabetización científica xeral e que se presentan de maneira conxunta, xa que a ciencia é un conxunto de saberes dependentes entre si.
OBX3. Argumentar sobre a importancia dos estilos de vida sustentables e saudables baseándose nos fundamentos científicos para adoptalos e promovelos na súa contorna.
• Actualmente, un dos maiores e máis importantes retos aos que se enfronta a humanidade é a degradación ambiental que ameaza con poñer en perigo o desenvolvemento económico e a sociedade de benestar. Unha condición indispensable para abordar este desafío é adoptar un modelo de desenvolvemento sustentable. Para iso, é esencial que a cidadanía comprenda a súa dependencia do medio natural para así valorar a importancia da súa conservación e actuar de forma consecuente e comprometida con este obxectivo. Cabe tamén destacar que a adopción de estilos de vida sustentables é sinónimo de mantemento e mellora da saúde, pois existe un estreito vínculo entre o benestar humano e a conservación dos piares sobre os que este se sustenta. • A adquisición e o desenvolvemento deste obxectivo permitiralle ao alumnado comprender, a través do coñecemento do funcionamento do seu propio organismo e dos ecosistemas, a relación entre a saúde, a conservación do ambiente e o desenvolvemento económico e social, e converterse así en persoas comprometidas e críticas cos problemas do seu tempo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX4. Aplicar o pensamento científico e os razoamentos lóxico-matemáticos, mediante a procura e selección de estratexias e ferramentas apropiadas, para resolver problemas relacionados coas ciencias experimentais.
• O razoamento é unha ferramenta esencial na investigación científica, pois é necesario para expor hipóteses ou novas estratexias que permitan seguir avanzando e alcanzar os obxectivos propostos. Así mesmo, en certas disciplinas científicas non é posible obter evidencias directas dos procesos ou obxectos de estudo, polo que se require utilizar o razoamento lóxico-matemático para poder conectar os resultados coa realidade que reflicten. Do mesmo xeito, é común atopar escenarios da vida cotiá que requiren o uso da lóxica e o razoamento. • A inclusión deste obxectivo no currículo de Ciencias Xerais pretende que o alumnado aprenda que se pode chegar aos mesmos resultados utilizando diferentes ferramentas e estratexias, a condición de que sexan fiables e estean contrastadas. Así mesmo, búscase a consideración do erro como unha ferramenta para descartar liñas de traballo e unha maneira de aprender na que se melloran a autocrítica, a resiliencia e as destrezas necesarias para a colaboración entre iguais. • Cabe tamén destacar que a resolución de problemas é un proceso complexo onde se mobilizan non só as destrezas para o razoamento, senón tamén os coñecementos sobre a materia e as actitudes para afrontar os retos de forma positiva. Por iso, é imprescindible que o alumnado desenvolva este obxectivo, xa que lle permitirá madurar intelectualmente e mellorar a súa resiliencia para abordar con éxito diferentes tipos de situacións ás que se enfrontará ao longo da súa vida persoal, social, académica e profesional.
OBX5. Analizar a contribución da ciencia e das persoas que se dedican a ela, con perspectiva de xénero e entendéndoa como un proceso colectivo e interdisciplinar en continua construción, para valorar o seu papel esencial no progreso da sociedade.
• O desenvolvemento científico e tecnolóxico contribúe positivamente ao progreso da nosa sociedade. Con todo, o avance da ciencia e da tecnoloxía depende da colaboración individual e colectiva. Por iso, o fin deste obxectivo é formar unha cidadanía cun acervo científico rico e con vocación científica como vía para a mellora da nosa calidade de vida. • A través deste obxectivo, o alumnado adquire conciencia sobre a relevancia que a ciencia ten na sociedade actual. Así mesmo, recoñece o carácter interdisciplinar da ciencia, marcado por unha clara interdependencia entre as diferentes disciplinas de coñecemento que enriquece toda actividade científica e que se reflicte nun desenvolvemento holístico da investigación e do traballo en ciencia.
OBX6. Utilizar recursos variados, con sentido crítico e ético, para buscar e seleccionar información contrastada e establecer colaboracións.
• A comunicación e a colaboración son compoñentes inherentes ao proceso de avance científico. Parte deste proceso comunicativo implica buscar e seleccionar información científica publicada en fontes fidedignas que debe ser interpretada para responder preguntas concretas e establecer conclusións fundamentadas. Para iso, é necesario analizar a información obtida de maneira crítica, tendo en conta a súa orixe e diferenciando as fontes adecuadas daquelas menos fiables. • A cooperación é outro aspecto esencial das metodoloxías científicas e ten como obxectivo mellorar a eficiencia do traballo ao xuntar os esforzos de varias persoas ou equipos mediante o intercambio de información e recursos, co que se consegue un efecto sinérxico. • Ademais, desenvolver este obxectivo é de grande utilidade noutras contornas profesionais non científicas, así como no contexto persoal e social; por exemplo, na aprendizaxe ao longo da vida ou no exercicio dunha cidadanía democrática activa. A comunicación e a colaboración implican o despregamento de destrezas sociais, sentido crítico, respecto á diversidade e, con frecuencia, utilización eficiente, ética e responsable dos recursos tecnolóxicos, polo que esta competencia é esencial para o pleno desenvolvemento do alumnado como parte da sociedade.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

5.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Ciencias Xerais 2º curso	
Bloque 1. Construíndo ciencia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Expor e responder cuestións acerca de procesos observados na contorna, seguindo as pautas das metodoloxías científicas.	OBX1
• CA1.2. Contrastar hipóteses realizando experimentos en laboratorios ou en contornas virtuais seguindo as normas de seguridade correspondentes.	OBX1
• CA1.3. Comunicar os resultados dun experimento ou traballo científico utilizando os recursos adecuados e de acordo cos principios éticos básicos.	OBX1
• CA1.4. Recoñecer a relevancia da ciencia no progreso da sociedade, valorando o importante papel que xogan as persoas no desempeño da investigación científica.	OBX5
• CA1.5. Buscar, contrastar e seleccionar información sobre fenómenos e procesos físicos, químicos, biolóxicos ou xeolóxicos en diferentes formatos, utilizando os recursos necesarios, tecnolóxicos ou doutro tipo.	OBX6
• CA1.6. Establecer colaboracións, utilizando os recursos necesarios, tecnolóxicos ou doutro tipo, nas diferentes etapas do proxecto científico, na realización de actividades ou na resolución de problemas.	OBX6
• CA1.7. Recoñecer o papel das científicas e dos científicos no avance e nas melloras da sociedade, valorando as súas contribucións á ciencia e á tecnoloxía.	OBX6
Contidos	
• A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. • Estratexias para a elaboración dun proxecto científico interdisciplinar. – Fontes fiables de información: procura, recoñecemento e utilización. – Experiencias científicas de laboratorio e/ou de campo: deseño, planificación e realización. – Controis experimentais e contraste de hipóteses. – Métodos de análise de resultados: organización, representación e ferramentas estatísticas. – Comunicación científica: vocabulario científico, formatos (informes, vídeos, modelos, gráficos, diapositivas, gráficos, pósteres, modelos…) e ferramentas dixitais. • Importancia social da contribución e do labor científico das persoas dedicadas á ciencia. O papel das mulleres na ciencia.	
Bloque 2. O sistema Terra	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Explicar, utilizando os fundamentos científicos adecuados, os elementos e os procesos básicos da biosfera e da xeosfera.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Coñecer a orixe do Universo, do sistema solar, da Terra e da Lúa, describindo as súas características e os seus movementos e relacionando estes cos seus efectos.	OBX2
• CA2.3. Reflexionar sobre o proceso da aparición da vida adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica (pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, noticias falsas, etc.).	OBX2
• CA2.4. Relacionar a dinámica interna e externa da Terra coa teoría da tectónica das placas recoñecendo as estruturas xeorresultantes e analizando a aparición de riscos.	OBX2
• CA2.5. Analizar a estrutura e as funcións das capas fluídas reflexionando sobre o seu papel esencial para a vida na Terra.	OBX2
• CA2.6. Recoñecer os criterios utilizados para clasificar os seres vivos, identificando as principais características e describindo as súas adaptacións ao medio.	OBX2

Contidos
• O Universo.
– A orixe do Universo, do sistema solar e da Terra. Importancia das súas características para explicar a súa orixe.
– A Lúa e a Terra. Forma e movementos e os seus efectos.
– Aparición da vida na Terra. Principais hipóteses. Posibilidade de vida noutros planetas.
• A xeosfera.
– Estrutura e dinámica do interior terrestre. Teoría da tectónica de placas.
– Procesos xeolóxicos externos.
– Riscos xeolóxicos. Medidas de predición e prevención e de corrección.
• As capas fluídas da Terra.
– Funcións e dinámica da atmosfera e da hidrosfera.
– Interacción coa superficie terrestre e cos seres vivos.
• Os seres vivos.
– Clasificación e principais características dos distintos grupos.
– Adaptacións ao medio.

Bloque 3. Os ecosistemas e o ambiente	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Identificar os compoñentes do ecosistema, describindo as súas interaccións e explicando a transferencia de materia e enerxía nas redes tróficas.	OBX2
• CA3.2. Resolver problemas relacionados coa dinámica dos ecosistemas utilizando o pensamento científico e o razoamento lóxico-matemático.	OBX4
• CA3.3. Analizar a estrutura e as funcións dos solos reflexionando sobre o seu papel esencial para o desenvolvemento da vida.	OBX2
• CA3.4. Analizar e recoñecer as causas e as consecuencias das actividades humanas no ambiente, propoñendo accións para a súa conservación.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.5. Investigar e analizar criticamente a solución dun problema ambiental, transmitíndoa de forma clara e rigorosa e evitando informacións sen base científica (pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, informacións falsas, etc.).	OBX3
• CA3.6. Adoptar e promover hábitos compatibles cun modelo de desenvolvemento sustentable e valorar a súa importancia utilizando fundamentos científicos.	OBX3
Contidos	
• Os ecosistemas. – Estrutura: relación entre compoñentes bióticos e abióticos. – Dinámica: relacións tróficas. Fluxo de enerxía e ciclo da materia. – Resolución de problemas asociados. • Os solos. – Edafoxénese. – A importancia da conservación do solo. • O ambiente. – Principais problemas ambientais de extensión local, rexional e global (quecemento global, buraco da capa de ozono, destrución dos espazos naturais, perda da biodiversidade, contaminación do aire e da auga, desertificación…). Causas e consecuencias. – Recursos e fontes de enerxía renovables e non renovables. – Prevención e xestión de residuos. – Economía circular. – Relación entre conservación do ambiente, saúde humana e economía. Concepto *one health.* – Modelo de desenvolvemento sustentable.	
Bloque 4. Bioloxía para o século XXI	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Recoñecer no eido estrutural as biomoléculas, establecendo relacións coas súas funcións e importancia nos seres vivos.	OBX2
• CA4.2. Interpretar no eido molecular a expresión da información xenética, distinguindo os principais procesos e reflexionando sobre o seu significado biolóxico.	OBX2
• CA4.3. Coñecer conceptos básicos da xenética e resolver problemas e cuestións sinxelas de herdanza de caracteres interpretando os resultados de forma crítica.	OBX4
• CA4.4. Describir as principais técnicas da enxeñaría xenética e interpretar as implicacións éticas, sociais e ambientais en relación cos avances en biotecnoloxía e enxeñaría xenética, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica (pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, informacións falsas, etc.).	OBX2
• CA4.5. Analizar o concepto de saúde e enfermidade empregando a definición que proporciona a OMS.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.6. Relacionar as enfermidades infecciosas e non infecciosas cos seus axentes causantes e os seus tratamentos, reflexionando sobre o papel dos antibióticos e o uso adecuado destes.	OBX2
• CA4.7. Recoñecer o papel esencial das vacinas na sociedade, utilizando fontes fiables adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica (pseudociencias, teorías conspiratorias, crenzas infundadas, informacións falsas, etc.).	OBX2
• CA4.8. Adoptar e promover hábitos saudables (dieta equilibrada, hixiene, vacinación, uso adecuado de antibióticos, rexeitamento ao consumo de drogas, legais e ilegais, exercicio físico, hixiene do sono, posturas adecuadas…), valorar a súa importancia utilizando os fundamentos da fisioloxía humana.	OBX3

Contidos
• Bioloxía molecular.
– Bioelementos. Biomoléculas inorgánicas e orgánicas. Estrutura básica e funcións. Importancia biolóxica.
– Expresión da información xenética. Procesos implicados.
– O código xenético. Características e relación coa súa función biolóxica.
• Xenética.
– Conceptos básicos de xenética.
– A transmisión xenética de caracteres: resolución de problemas sinxelos.
– Introdución á xenética cuantitativa e á epixenética.
• Enxeñaría xenética e biotecnoloxía.
– Técnicas de enxeñaría xenética: PCR, enzimas de restrición, clonación molecular e CRISPR-CAS9.
– Posibilidades da manipulación dirixida do ADN.
– Aplicacións e repercusións da biotecnoloxía: agricultura, gandería, medicina ou recuperación ambiental. Importancia biotecnolóxica dos microorganismos.
• Saúde e enfermidade.
– Concepto de saúde (OMS).
– As enfermidades infecciosas e non infecciosas: causas, prevención e tratamento.
– As zoonoses e as pandemias.
– O mecanismo de actuación das vacinas e a súa importancia.
– O uso adecuado dos antibióticos.

Bloque 5. Un universo de materia e enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Analizar e explicar fenómenos da contorna, representándoos mediante expresións, táboas, gráficas, modelos, simulacións, diagramas ou outros formatos.	OBX2
• CA5.2. Explicar fenómenos que ocorren na contorna utilizando principios, leis e teorías das ciencias da natureza.	OBX2
• CA5.3. Identificar e analizar os fenómenos fisicoquímicos máis relevantes, explicándoos a través das principais leis ou teorías científicas.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.4. Resolver problemas relacionados con fenómenos e procesos físicos e químicos utilizando o pensamento científico e o razoamento lóxico-matemático e buscando estratexias alternativas de resolución cando sexa necesario.	OBX4
• CA5.5. Analizar criticamente a solución dun problema relacionado con fenómenos e procesos físicos e químicos, modificando as conclusións ou as estratexias utilizadas se a solución non é viable ou ante novos datos achegados.	OBX4
• CA5.6. Recoñecer a ciencia como unha área de coñecemento global, analizando a interrelación e a interdependencia entre cada unha das disciplinas que a forman.	OBX5

Contidos

• Sistemas materiais macroscópicos.

– A materia e os seus estados de agregación: sólido, líquido e gasoso.

– Teoría cinética e cambios de estado.

– Cambios físicos.

– Reaccións químicas.

• Clasificación dos sistemas materiais en función da súa composición.

– Mesturas, disolucións e substancias puras.

– Propiedades das disolucións.

• A estrutura interna da materia e a súa relación coas regularidades que se producen na táboa periódica.

– Estrutura electrónica dos átomos. Desenvolvemento histórico do modelo atómico.

– Desenvolvemento da táboa periódica: contribucións históricas á súa elaboración actual e importancia como ferramenta preditiva das propiedades dos elementos.

– Posición dun elemento na táboa periódica a partir da súa configuración electrónica.

– Tendencias periódicas. Aplicación á predición de valores de propiedades dos elementos da táboa a partir da súa posición nesta.

• Formación de compostos químicos.

– Normas de nomenclatura da IUPAC aplicando as devanditas normas ao recoñecemento e á escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas. Aplicacións que teñen na vida cotiá.

• Transformacións químicas dos sistemas materiais e leis que as rexen.

– Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas.

– Clasificación das reaccións químicas: aplicacións da reacción química en procesos industriais, ambientais e sociais significativos.

• Enerxía contida nun sistema, as súas propiedades e as súas manifestacións:

– Conservación da enerxía mecánica. Enerxía interna.

– Primeiro principio da termodinámica: intercambios de enerxía entre sistemas.

– Procesos termodinámicos: tipos.

– Ecuacións termoquímicas. concepto de entalpía de reacción. Procesos endotérmicos e exotérmicos. Balance enerxético entre produtos e reactivos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Segundo principio da termodinámica. Entropía. – Enerxía de Gibbs. Espontaneidade e equilibrio. – Enerxía e desenvolvemento sustentable.

Bloque 6. As forzas que nos moven	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Analizar e explicar fenómenos da contorna, representándoos mediante diversos formatos, como expresións, táboas, gráficas, modelos, simulacións ou diagramas.	OBX2
• CA6.2. Explicar fenómenos que ocorren na contorna utilizando principios, leis e teorías da física.	OBX2
• CA6.3. Resolver problemas de física relacionados con fenómenos e procesos da ciencia utilizando o pensamento científico e o razoamento lóxico-matemático e buscando estratexias alternativas de resolución cando sexa necesario.	OBX4
• CA6.4. Recoñecer a física como unha ciencia global e básica, fundamental para a comprensión doutras disciplinas científicas.	OBX5
Contidos	
• Descrición do movemento dun obxecto empregando as ecuacións básicas da cinemática. – Conceptos xerais: posición, velocidade e aceleración; compoñentes intrínsecas da aceleración. – Movemento rectilíneo uniforme e uniformemente acelerado; aplicacións, por exemplo, en seguridade viaria. – Movemento circular uniforme. • Dinámica newtoniana. – Leis de Newton. – Momento lineal e a súa conservación; aplicacións e manifestacións na natureza. – Momento de forzas e a súa relación coa rotación. • Estática: equilibrios de estruturas simples nas que interveñen pesos, tensións e forzas de reacción; aplicacións de interese en enxeñaría, xeoloxía e bioloxía. • Forzas fundamentais da natureza. – Forza gravitacional: lei da gravitación universal, campo gravitacional, órbitas de astros, leis de Kepler. – Forza electrostática: lei de Coulomb, campo electrostático, exemplos de interese na natureza. – Forza magnética: lei de Lorentz; campo magnético. – Electromagnetismo. Fenómenos electromagnéticos de interese. • Forza nuclear forte: estabilidade nuclear, fisión e fusión nucleares, radioactividade e lei de decaemento exponencial.	

5.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Ciencias Xerais desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alum-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

nado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar o adecuado grado de adquisición e o nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Ciencias Xerais e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	3		1-2-3	1-3	4		1	
OBX2	1-2	1	1-2-4	1	1.1			
OBX3	1-2		2-4	2	2	4		1
OBX4	3	1	1-2	1	1.1	3	1	
OBX5	1-2		4	3	4	1		1
OBX6	3		3-4	1-2-3	4	3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Un enfoque de traballo eminentemente práctico e conectado coa realidade, buscando a interdisciplinariedade e sempre tendo como horizonte o desenvolvemento das oito competencias clave.

– A posta en práctica de situacións de aprendizaxe ou actividades competenciais baseadas en situacións reais e que busquen que o alumnado mobilice de forma integrada unha ampla variedade de coñecementos, destrezas e actitudes.

– O desenvolvemento de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O deseño de experiencias de laboratorio para lle permitir ao alumnado asimilar de xeito significativo os saberes da materia e conectalos coa realidade.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A toma de decisións baseadas en xuízos morais e a resolución de problemas e conflitos en colaboración para contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir diversos procesos de pensamento, utilizar o razoamento lóxico e analizar e axuizar criticamente os problemas sociais e históricos.

6. Coro e Técnica Vocal.

6.1. Introdución.

O canto ten sido desde os inicios da humanidade un dos modos de expresión artística. Cantar é connatural ao ser humano e a utilización da voz como instrumento achega unha ampla capacidade expresiva. A práctica e a iniciación técnica ao canto resulta máis sinxela que a que comportan a maioría dous instrumentos musicais, pola relación musical directa que se establece na resposta inmediata do corpo e do son. De feito, é posible abordar con relativa facilidade gran cantidade de pezas vocais de moi diversos estilos nun curto período de tempo.

O coro permítelle ao alumnado poñer en práctica os diferentes estilos musicais a partir dunha achega emocional e comunicativa que conflúe co das súas compañeiras e compañeiros no logro duns obxectivos colectivos. A través do coro, as alumnas e os alumnos poden explorar e experimentar diferentes manifestacións culturais; trasladar á práctica o que se traballou en cursos anteriores e interpretar unha gran variedade de pezas de diferentes períodos históricos, culturais e estilos aplicando os coñecementos, as destrezas e actitudes adquiridos previamente.

Cantar individualmente ou en grupo é unha actividade motivadora, beneficiosa para a saúde, tanto no ámbito físico como mental, xa que favorece a postura corporal, a capacidade pulmonar, a memoria, reduce a tensión, mellora as relacións sociais e crea empatía,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

conciencia de grupo e dálle importancia ao traballo grupal. Ademais, ao igual que a práctica doutras actividades grupais musicais, axuda a desenvolver a perseveranza, disciplina, esforzo e constancia, ao tempo que contribúe ao fortalecemento da autoestima.

A materia de Coro e Técnica Vocal impártese en dous cursos, polo que se espera que o currículo se desenvolva de forma progresiva. O seu carácter eminentemente práctico convértea nun espazo de expresión artística colectiva, onde desenvolver e mellorar a habilidade de interpretar, a través da voz e do corpo, un repertorio extenso e variado desenvolvendo e mellorando a escoita activa, a respiración, a fonación, a resonancia vocal, os hábitos posturais ou os movementos que poden acompañar o canto. Esa mesma natureza práctica convida a vincular esta materia con outras nas que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

A materia está deseñada a partir de catro obxectivos, que se vinculan cos obxectivos da etapa e coas competencias clave previstas para bacharelato. Estes obxectivos permítenlle ao alumnado afianzar o seu criterio estético, estimular o seu hábito de escoita e ampliar as súas posibilidades de gozo da música. Facilítanlle, igualmente, desenvolver a voz e o corpo como instrumentos de comunicación, reforzando a súa autoestima e a súa autoconfianza. Ademais, potencian unha comunicación artística rica e ou desenvolvemento de valores colectivos. Por último, favorecen o crecemento persoal, o enriquecemento da contorna cultural e a identificación de oportunidades de desenvolvemento en distintos ámbitos.

Ao obxecto de valorar ou grao de consecución de cada un dos obxectivos, elaboráronse uns criterios de avaliación que se desprenden directamente deles. Nalgúns casos, mantense o mesmo criterio para os dous cursos de bacharelato, entendendo que a súa gradación se realizará a través do afondamento na súa aplicación ou da selección de repertorio abordado.

Os criterios de avaliación e os contidos preséntanse organizados en tres bloques: «Análise», «Técnica vocal» e «Práctica de conxunto». Estes bloques engloban os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o desenvolvemento dos obxectivos da materia e aparecen asignados a cada un dos cursos, aínda que tamén se prevén contidos comúns a toda a etapa. No bloque «Análise» inclúense, entre outros, o vocabulario específico, as estratexias de escoita activa, os recursos interpretativos e escénicos, ou as características básicas de distintos estilos e os xéneros musicais. Pola súa parte, no bloque denominado «Técnica vocal» recóllense contidos relativos a, por exemplo, o coidado da voz e a postura do corpo, os elementos da produción vocal, ou as improvisacións e vocalizacións. Por último, entre os contidos incluídos non terceiro bloque atópanse aqueles que están directa-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

mente relacionados co son en conxunto, os obxectivos grupais, o repertorio de coro ou as indicacións da dirección.

Espérase que o alumnado sexa capaz de poñer en funcionamento todos os contidos dentro de situacións de aprendizaxe onde actúe como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe.

6.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Escoitar e visionar de forma activa pezas vocais de distintos estilos, xéneros e culturas, analizando os trazos de estilo e as características da interpretación, para desenvolver o criterio estético, estimular o hábito de escoita activa e ampliar as posibilidades de gozo da música.
• A escoita e o visionado activos son indispensables para poder analizar unha proposta musical. Os elementos estilísticos comúns e a tradición na interpretación constituirán os referentes básicos desta análise, que será formulada con axuda dunha linguaxe técnica apropiada. Prestarase especial atención á relación do texto coa música para considerar o seu reflexo na interpretación. Pola súa vez, o visionamento de actuacións, en directo ou gravadas, axudará a profundar nas intencións expresivas e a descubrir os modos en que a linguaxe corporal acompaña a execución musical e a proposta escénica, de ser o caso. • A elección dun amplo abano de pezas vocais permitiralle ao alumnado ampliar os seus gustos, ir formando un criterio propio e potenciar a construción dunha identidade persoal e cultural baseada no respecto á diversidade. Pola súa banda, a práctica sistemática da escoita activa poderá refinar a análise e influír noutras escoitas máis amplas e persoais. En concreto, na práctica coral volverase máis complexa porque esta require a escoita do son propio, do son dos outros e do son de conxunto mentres a persoa dirixe, executa ou improvisa. Ademais, para asegurar a interacción, a incorporación da expresión corporal demanda tamén a atención cara ao movemento propio e do resto de integrantes. • Escoitar e ver para aprender, aplicando ás futuras producións e interpretacións propias aquilo que se entendeu, reflexionou e interiorizou, forma unha parte crucial da aprendizaxe e pode implicar un aspecto motivador para a mellora.
OBX2. Expresarse vocal e corporalmente, de forma individual e colectiva, a través da aplicación de diferentes técnicas e a realización de actividades de improvisación, para reforzar a autoestima e a autoconfianza e desenvolver a voz e o corpo como instrumentos de comunicación.
• As habilidades do canto adquírense poñendo en práctica diversas técnicas que implican o aparello fonador e o resto do corpo. Por iso, é crucial que o alumnado adopte unha actitude de escoita activa do seu propio corpo e do son que este emite, e que, ao mesmo tempo, vaia desenvolvendo unha percepción global do grupo, tanto no aspecto sonoro como no ámbito do movemento. Só desta maneira se poderán ir abordando apropiadamente as demandas musicais do repertorio, do seu texto e da improvisación, así como as necesidades dunha posta en escena. • A través de distintas prácticas de improvisación vocal e expresión corporal, pódense crear espazos para a experimentación. A realización destas actividades ha de constituír un medio para que, a partir da relaxación, a desinhibición e a procura da confianza nos demais, o alumnado explore a súa propia voz e recoñeza o seu propio son, e o son das súas compañeiras e dos seus compañeiros como sinal de identidade propio e inimitable. Trátase, en definitiva, de que as alumnas e os alumnos poidan vencer os seus medos e resistencias, e sexan capaces de valorar a diversidade e xestionar as súas incertezas e inseguridades. A aceptación da voz propia como proxección persoal, así como o emprego adecuado e saudable desta, reforzarán a súa autoestima e contribuirán ao equilibrio físico e emocional da persoa e do grupo. Neste contexto, cobra especial relevancia a adquisición de técnicas para o coidado da voz e do corpo como instrumento vivo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Interpretar pezas de diferentes estilos e xéneros musicais, participando en distintas formacións vocais, para potenciar unha comunicación artística rica e o desenvolvemento de valores colectivos.

• A interpretación de pezas de diferentes repertorios, expresados en distintos idiomas e provenientes de culturas e épocas diversas, contribúe a alongar o campo expresivo. Ademais, pode constituír un elemento motivador para o alumnado, pois eses repertorios achégano a unha enriquecedora variedade de estéticas, recursos, técnicas interpretativas e propostas escénicas, e, sobre todo, a unha gran diversidade de emocións emanadas tanto dos textos como da música. O achegamento a esta diversidade pode ser aproveitada para identificar exemplos vocais, xestuais e corporais que ilustren eficazmente modelos que seguir.

• A elección do repertorio debe estar directamente vinculada coas capacidades que vaia desenvolvendo ese «instrumento colectivo» que é o coro. A evolución do grupo e de cada unha das persoas que o compoñen manteñen unha relación estreita, de mutua influencia, pero non existe unha concordancia directa entre ambas, xa que as persoas e o grupo non sempre evolucionan de maneira sincronizada. Por iso, e para atender adecuadamente o alto grao de diversidade musical e vocal do alumnado, pódese recorrer ao traballo en pequenos grupos vocais e de acompañamentos instrumentais, o que, ademais, enriquecerá o repertorio seleccionado.

• Durante os ensaios, o alumnado irá perfeccionando a súa técnica e a súa expresión vocal e corporal, adecuándoa ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección. Estas aprendizaxes realizaranse nun marco cooperativo, no que as dinámicas de grupo incluirán o logro de obxectivos colectivos mediante a integración das diversas personalidades a través da achega do son persoal das súas voces.

• O poder sinérxico do canto como aglutinador de enerxías constitúe unha ferramenta para fomentar a socialización e a empatía cos demais. Compartir o son propio a través do canto é compartir a enerxía propia cos demais e desenvolver a expresión colectiva, convertendo a experiencia de cantar nun vigoroso vínculo emocional entre as persoas que integran o coro.

OBX4. Participar en proxectos escénicos, realizando actuacións e asumindo tarefas propias da produción, para favorecer o crecemento artístico persoal, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.

• O deseño e a posta en escena dun proxecto artístico require dun traballo en equipo. Ser partícipe deste proceso de creación conxunto, desde o inicio da idea ata a cristalización do produto, contribúe a fomentar a iniciativa e a autonomía do alumnado, a resolución creativa das dificultades atopadas e a asunción de responsabilidades individuais para lograr un obxectivo común.

• O proxecto facilita a posta en práctica dos recursos musicais adquiridos e require da toma de conciencia dos condicionantes e limitacións técnicas: só así poderá o alumnado reforzar a súa confianza e sacar o máximo proveito ás súas posibilidades. A participación artística no escenario implica tamén a xestión emocional e o recoñecemento do público nese espazo de comunicación.

• Por último, o proxecto pode supoñer o traballo multidisciplinario e o uso de diferentes aplicacións e ferramentas tecnolóxicas, analóxicas e dixitais, orientando a produción escolar a situacións profesionais artísticas e de xestión. Neste sentido, tanto a actuación como o desempeño dalgunha das funcións da produción artística (preprodución, organización de ensaios, apoio técnico ou difusión) permitiranlle ao alumnado recoñecer as súas aptitudes e descubrir distintas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional, ligadas ao ámbito da música.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

6.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Coro e Técnica Vocal I 1º curso	
Bloque 1. Análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena.	OBX1
• CA1.2. Expresarse con corrección, usando un vocabulario musical específico sobre conceptos de linguaxe musical, aspectos vocais e corais, para realizar xuízos de valor obxectivos sobre pezas vocais sinxelas e interpretacións de diferentes épocas e estilos.	OBX1
• CA1.3. Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	OBX1
Contidos	
• Vocabulario musical específico: conceptos de linguaxe musical e aspectos vocais e corais. • Estratexias de escoita activa: o silencio, primeira premisa para unha escoita activa; traballo práctico a través da voz e da audición sobre as calidades do son e a súa representación no pentagrama: pulso, compases, células rítmicas básicas, notas, intervalos e escalas, acordes, cadencias, dinámicas e agóxica, forma musical, tímbrica, texturas. • Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos. • Análise e escoita activa de pezas vocais sinxelas, de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular.	
Bloque 2. Técnica vocal	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA 2.1. Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	OBX2
• CA2.2. Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	OBX2
• CA2.3. Participar nas actividades de técnica vocal, con actitude de respecto cara ás producións dos demais, demostrando interese por mellorar, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada, con especial atención á calidade do son, precisión técnica e expresividade artística.	OBX3
• CA2.4. Expresarse cun vocabulario técnico apropiado no referido tanto ao canto, á técnica vocal como á linguaxe musical.	OBX1
Contidos	
• Práctica da relaxación e da concentración. • Coidado da voz e postura do corpo.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Rexistros vocais. Tesitura e coloratura. Afinación e empaste no conxunto.
• O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos melódicos e harmónicos sinxelos.
• Elementos da produción vocal: respiración, emisión, articulación, resonancias e dinámica.
• Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento.
• Exercicios e vocalizacións. Improvisacións.
• Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal.
• Interpretación de obras vocais significativas para a aprendizaxe da técnica e o desenvolvemento da expresividade interpretativa.

Bloque 3. Práctica de conxunto	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer as intencionalidades da práctica coral e o canto, tanto na música da nosa tradición occidental como na doutras culturas, distinguindo e valorando as características das súas linguaxes.	OBX1
• CA3.2. Participar como intérprete de coro, demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou o director.	OBX3
• CA3.3. Mostrar na actuación unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento grupais e respectando o público e as súas opinións.	OBX4
• CA3.4. Participar activamente na montaxe de proxectos escénicos con responsabilidade e conciencia de grupo, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto, para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	OBX4
• CA3.5. Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	OBX3
• CA3.6. Recoñecer a importancia da improvisación grupal, percusión corporal, o desenvolvemento da memoria e a utilización de diferentes técnicas coreográficas para crear un proxecto musical coral propio e orixinal.	OBX2

Contidos
• O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. Equilibrio entre voces e planos sonoros.
• Premisas para o desenvolvemento da improvisación.
• A percusión corporal e outros deseños coreográficos.
• A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional.
• A memoria musical.
• Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos.
• Indicacións e xestos da dirección coral: importancia da dirección nas actuacións en público.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Repertorio a unha, dúas e tres voces iguais como introdución á polifonía vocal: afinación, empaste e dinámica no canto a varias voces. • Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio coral de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, de nivel básico, con ou sen acompañamento instrumental. • O texto e a súa métrica como base da articulación, a velocidade e a precisión rítmica. • Actitude escénica e relación co público: representación pública de repertorio coral de diferentes épocas e estilos da música occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular.

2º curso.

Materia de Coro e Técnica Vocal II 2º curso	
Bloque 1. Análise	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar pezas vocais explicando de maneira razoada as calidades que as fan afíns a un estilo, a un xénero ou a unha cultura, así como outras características da interpretación e da posta en escena.	OBX1
• CA1.2. Explicar a relación do texto coa música en diferentes composicións vocais, analizando o texto e a curva de tensións musicais, mellorando a comprensión deste e buscando solucións que axuden á súa mellor interpretación.	OBX1
• CA1.3. Apreciar a importancia do silencio, a concentración e a atención como premisas básicas para realizar e traballar a escoita activa.	OBX1
• CA1.4. Aplicar con interese de mellora os coñecementos da linguaxe musical a través da análise, a escoita activa e a interpretación de variedade de partituras.	OBX3
Contidos	
• A relación texto-música. • O texto a través da análise fonética. Regras do sistema fonético-fonolóxico. • Vocabulario musical específico: referido a conceptos de linguaxe musical, así como a aspectos vocais e corais. • Recursos interpretativos e escénicos. Curva de tensións musicais. • Características básicas dos estilos, xéneros e culturas musicais seleccionados: recoñecemento auditivo, análise e xuízos de valor obxectivos. • Análise e escoita activa de pezas vocais de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.	
Bloque 2. Técnica vocal	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA 2.1 Experimentar as capacidades interpretativas da voz, realizar exercicios e improvisacións para o desenvolvemento da escoita activa e da capacidade vocal, aplicando técnicas vocais e corporais sas que permitan valorar a importancia desa técnica vocal e os hábitos corporais.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Relacionar a interpretación coa expresión de sentimentos e emocións, aplicando técnicas vocais e reforzando a autoestima e a confianza nun mesmo.	OBX2
• CA2.3 Participar como intérprete de coro demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas polo director ou directora.	OBX3
• CA2.4. Demostrar interese no desenvolvemento técnico continuo da competencia vocal, dominio da técnica vocal traballada, así como nas técnicas de improvisación, a través das distintas propostas musicais e exercicios traballados na aula.	OBX2
• CA2.5. Recoñecer a importancia de traballar nun marco de silencio, respectando as normas de comportamento individuais e grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou o director, interpretando os exercicios vocais, improvisatorios, coreográficos ou repertorios musicais propostos.	OBX3
Contidos	
• Práctica da relaxación e concentración. • Coidado da voz e postura do corpo. • Elementos da produción vocal: respiración, vocalización, dicción, articulación, emisión, resonancias, dinámicas, fraseo e control do son. • O silencio como marco da interpretación e da escoita musical. • Técnicas de expresión corporal. Relación da emisión vocal e o movemento. • Exercicios e vocalizacións. Improvisacións. • O oído harmónico e a afinación: entoación de intervalos, acordes e cadencias con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo. • Normas de comportamento individual e de colaboración e respecto cara aos demais na execución de exercicios de técnica vocal.	
Bloque 3. Práctica de conxunto	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Aplicar os conceptos técnicos e interpretativos traballados ás actuacións grupais tanto na aula como fóra desta.	OBX3
• CA3.2 Participar como intérprete de coro demostrando eficacia, escoita activa e unha expresión vocal e corporal adecuada ao servizo do conxunto e ás directrices da dirección, recoñecendo as indicacións, xestos básicos e pautas marcadas pola directora ou polo director.	OBX3
• CA3.3 Mostrar na actuación unha actitude escénica adecuada, cumprindo as normas de comportamento grupais e respectando o público e as súas opinións.	OBX4
• CA3.4 Participar con iniciativa, responsabilidade e conciencia de grupo na montaxe de proxectos escénicos, integrando de forma aberta os diferentes coñecementos adquiridos previamente sobre a voz e o canto, para crear proxectos innovadores que utilicen diversos soportes audiovisuais, relacionando inclusivamente as oportunidades artísticas actuais mediante o coñecemento de iniciativas musicais e o seu impacto social e profesional.	OBX4
• CA3.5 Valorar a práctica vocal de conxunto como forma de expresión musical e gozo, utilizando fontes musicais de notación convencional e non convencional como apoio á interpretación.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.6 Recoñecer e executar con corrección os xestos básicos e indicacións da dirección, respectando as normas de comportamento grupais e as pautas técnicas e interpretativas marcadas pola directora ou polo director, interpretando propostas musicais en distintas formacións e agrupacións.	OBX4
• CA3.7. Conectar as interpretacións vocais con outras artes e disciplinas, deseñando proxectos artísticos innovadores e creativos que utilicen diversos medios ou soportes audiovisuais, asumindo diferentes roles na montaxe e construíndo un proxecto musical cooperativo que respecte as opinións dos membros do grupo e saiba concordalas.	OBX4
Contidos	
• O son de conxunto: respiración, ataque, afinación, articulación, ritmo, fraseo e dinámica. O transporte. • Equilibrio entre voces e planos sonoros: traballo de empaste e dinámicas. • Premisas para o desenvolvemento da improvisación. • A percusión corporal e outros deseños coreográficos. • A lectura básica de partituras con notación convencional e non convencional. • Aprendizaxe memorística. • Traballo técnico, interpretativo e estilístico de repertorio de coro de diferentes épocas e estilos do ámbito occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular, con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo, con ou sen acompañamento instrumental. • Técnica básica de dirección coral: comprensión dos xestos básicos da dirección coral e valoración da súa importancia para lograr que o traballo grupal funcione. • Compromiso cos obxectivos grupais: normas de comportamento grupal na preparación do repertorio, nas actuacións e na asistencia como público a eventos musicais e escénicos. • Funcións da produción artística: preprodución, organización de ensaios, apoio técnico e difusión, relación entre a interpretación vocal e outras artes e disciplinas. • Representación pública de repertorio coral de diferentes épocas e estilos da música occidental, así como doutros ámbitos culturais e de orixe popular. • Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, ligadas ao ámbito musical: creación individual ou grupal dun proxecto musical no que se apliquen os coñecementos adquiridos en relación coa técnica e interpretación vocal, e a utilización de diversos medios tecnolóxicos de creación e gravación.	

6.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Coro e Técnica Vogal desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Coro e Técnica Vocal e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2	3	2		1.1	3		1-2-3.1
OBX2					2-3.1	1	2	3.1-3.2
OBX3		1			1.1-3.1			3.1-3.2
OBX4				3-5	1.1-1.2		1	3.1-4.1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A asimilación dos contidos, os procesos de análise e vocabulario técnico comprendéndoo sempre desde a práctica como base do noso ensino.

– A vivencia da música a través da interpretación vocal grupal, a creación e a escoita activa das distintas obras corais traballadas e propostas artísticas, seleccionando un repertorio rico e variado e considerando múltiples referencias culturais.

– A importancia da relación directa entre os criterios de avaliación e os obxectivos propostos, de modo que a superación con éxito dos criterios de avaliación amose o grao de adquisición deses obxectivos por parte do alumnado.

– O deseño de diferentes situacións de aprendizaxe, con procedementos diversos, para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado, e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten non contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A promoción, entendemento e comprensión do traballo en equipo, colaborativo, así como a importancia de saber desenvolver o rol preciso en cada momento por parte de cada integrante na agrupación, para que as propostas artísticas funcionen tanto na aula como fóra dela fronte ao público.

– O traballo da autoestima, a autonomía, a reflexión e a meditación da importancia do papel de cada un no conxunto social, xa que esta materia, precisamente polo seu carácter grupal, colaborativo e de equipo, se presenta como idónea para iso.

– O fomento da interpretación ante diferentes tipos de público e en distintos escenarios, compartindo o gozo musical e enriquecendo a vida cultural da contorna.

– A organización de producións que poidan dar cabida a outras manifestacións escénicas como a danza, o teatro ou a *performance*, e que permitan integrar as aprendizaxes doutras materias e potencien, ademais, novos talentos técnicos e artísticos.

7. Cultura Audiovisual.

7.1. Introdución.

A creación audiovisual forma parte esencial tanto da expresión artística contemporánea coma, en maior medida aínda, da comunicación mediática que caracteriza a nosa época, polo que entendela resulta útil para desenvolverse no mundo que nos rodea. A materia de Cultura Audiovisual contribúe a iso, xa que lle facilita ao alumnado unhas ferramentas válidas para o procesamento crítico da información audiovisual que lle chega desde múltiples vías e, ademais, proporciónalle os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para elaborar as súas propias producións audiovisuais. Para isto último, débense ter en conta os múltiples aspectos que se interrelacionan neste terreo: guión, produción, fotografía, iluminación, son, interpretación, dirección de arte, montaxe, etc., todo iso dentro dunha experiencia complexa de traballo colaborativo, o que implica poñer en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais, emocionais e afectivos. Igualmente, a práctica audiovisual pon en marcha o pensamento creativo e diverxente do alumnado, o que propicia o desenvolvemento dos valores e o enriquecemento da súa identidade persoal.

Na súa aprendizaxe audiovisual, é conveniente que os alumnos e as alumnas investiguen as solucións que os distintos creadores e creadoras expuxeron en situacións análogas ás que eles mesmos se poden atopar nas súas propias producións, o que permite incidir nun procedemento de traballo que comunica tanto o procesamento crítico da infor-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

mación audiovisual como a adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes para realizar proxectos propios. Do mesmo xeito, a análise de producións audiovisuais de diferentes épocas e culturas axudaralles a coñecer o patrimonio audiovisual global e a familiarizarse con numerosas referencias, o que permitirá establecer vínculos con outras disciplinas artísticas, ademais de enriquecer as creacións propias.

En canto ao proceso creativo, resulta importante distinguir entre as pezas con vontade de autoexpresión persoal –como aquelas que se difunden e se fomentan especialmente polas redes sociais, e ás que o alumnado adoita estar habituado–, e as producións audiovisuais cuns propósitos comunicativos concretos e que impliquen unha mensaxe e uns destinatarios previamente definidos fóra do ámbito persoal. En ambos os casos, a materia de Cultura Audiovisual préstalle unha especial atención á procura da orixinalidade, á espontaneidade na expresión de ideas, sentimentos e emocións a través dunha linguaxe inclusiva e respectuosa, e á innovación e ao pensamento crítico e autocrítico. Para iso, dada a natureza híbrida do medio audiovisual, é indispensable apropiarse e controlar os aspectos técnicos de diferentes disciplinas, as súas ferramentas e as súas linguaxes. O alumnado debe aprender a comunicarse con este medio, facendo súa a idea do erro ou do fracaso como aprendizaxe e estimulando o desexo de expresar unha visión do mundo propia a través de producións audiovisuais. A análise e a avaliación de todo este proceso permitiralle tomar conciencia do audiovisual como medio de coñecemento e de resolución de problemas, facilitando ademais unha aproximación crítica á súa natureza como o principal transmisor de ideas e contidos no mundo contemporáneo. Esta materia, en definitiva, contribúe de forma decisiva á educación da mirada.

Todo o anterior atópase na orixe dos obxectivos da materia Cultura Audiovisual, que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias clave previstas para a etapa de bacharelato, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal e escrita, a dixitalización, a convivencia a ou a interculturalidade.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques. O primeiro, «Fitos e contemporaneidade na fotografía e no audiovisual. Formatos audiovisuais», recolle os saberes relacionados coa historia destes medios e a súa situación actual, así como os diversos formatos que xerou o audiovisual. O segundo bloque, titulado «Elementos formais e capacidade expresiva da imaxe fotográfica e da linguaxe audiovisual», comprende os

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

elementos gramaticais e expresivos esenciais para realizar unha análise formal ou as funcións da imaxe. O terceiro bloque, «Narrativa audiovisual», abarca os aspectos necesarios para a creación dun relato audiovisual. Por último, «A produción audiovisual. Técnicas e procedementos» inclúe a planificación por fases, os medios técnicos e a difusión dunha produción audiovisual, así como as técnicas necesarias para o traballo en equipo e a avaliación das producións.

7.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar imaxes fotográficas fixas e producións audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, valorando as súas calidades plásticas, formais e semánticas, e reflexionando sobre a historia de ambos os medios, para desenvolver o criterio estético, valorar o patrimonio, ampliar as posibilidades de gozar e enriquecer o imaxinario propio.
• As manifestacións da fotografía e o audiovisual atópanse en aumento exponencial na sociedade contemporánea. O alumnado debe manexar con soltura a súa análise valorando as súas calidades plásticas, formais e semánticas por medio de producións orais, escritas, audiovisuais e multimodais nas que se expliquen desde a xustificación dos movementos de cámara ata a importancia do encadramento e o uso do fóra de campo, pasando pola significación da cor. Para isto, debe visionar imaxes fotográficas fixas e narracións audiovisuais que permitan apreciar a pluralidade de representacións que ambos os medios posibilitan, ampliando o punto de vista tanto cara ás obras de distintas épocas como cara ás provenientes doutras culturas. Ademais, entre os exemplos analizados débese incorporar a perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural, con énfase no estudo de producións realizadas por mulleres e por persoas de grupos étnicos e poboacionais que sofren discriminación, así como da súa representación na creación fotográfica e audiovisual. No proceso, o alumnado debe reflexionar sobre a historia de ambos os medios, para o que é indispensable coñecer a súa evolución tecnolóxica e deterse nos fitos específicos do audiovisual, como a incorporación do son á imaxe. • A asimilación activa destes coñecementos desenvolverá o criterio estético do alumnado, favorecido polo achegamento a obras de toda clase de estilos, formatos e xéneros, o que contribuirá igualmente a que aprenda a valorar o patrimonio fotográfico e audiovisual global. Finalmente, a adquisición desta competencia fomenta tamén o enriquecemento do imaxinario do alumnado, apoiado no descubrimento de formas de expresión distintas daquelas coas que está máis familiarizado, ademais de ampliar as posibilidades de gozo de ambos os medios ao partir dun achegamento informado.
OBX2. Elaborar producións audiovisuais individuais ou colectivas empregando a propia presenza na imaxe e a banda de son, e avaliando o rigor ético e formal dos procedementos, para expresar e comunicar ideas, opinións e sentimentos e construír unha personalidade creativa aberta, ampla e diversa.
• Levar a bo termo unha produción audiovisual é o resultado dun proceso complexo que implica, por unha banda, a capacidade de introspección e, por outra, a de proxección das propias ideas, sentimentos e opinións, dándolles unha forma orixinal e persoal. Así mesmo, ao incorporar características de distintas artes, a linguaxe audiovisual defínese pola súa natureza interdisciplinar e híbrida, polo que o alumnado debe afrontar o reto da creación audiovisual a partir dunha personalidade creativa aberta, ampla e diversa, que involucre un achegamento a outros medios de expresión. Neste proceso, é importante que as alumnas e os alumnos aprendan a utilizar nas súas producións a súa propia presenza na imaxe e na banda de son como un recurso expresivo e comunicativo máis, reforzando así o autocoñecemento e a autoconfianza.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Por outra banda, o alumnado debe ser consciente de que as ferramentas que se lle proporcionan para transmitir ideas, opinións e sentimentos na creación audiovisual poden ser empregadas cun maior ou menor rigor ético e formal. Este aspecto pódese desenvolver a partir da posta en común de exemplos escollidos de diversos formatos, xéneros e terreos (como o do xornalismo televisivo) e a súa comparación cos procedementos de traballo do alumnado que, deste xeito, debe entender que o efecto buscado na audiencia nunca pode poñerse por encima dun tratamento ético e formal dos materiais. Para iso, debe comprender a sintaxe do medio audiovisual en toda a súa complexidade, integrando de maneira activa e consciente o respecto á posición do público receptor.

• En último termo, o uso de aplicacións e recursos dixitais para a gravación, a edición ou a difusión de imaxes e sons facilita o desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes relacionados con esta materia, xerando ao mesmo tempo unha oportunidade para a reflexión sobre a necesidade de respectar a propiedade intelectual e os dereitos de autor.

OBX3. Seleccionar e utilizar as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe e da produción audiovisual, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición, etc.) para realizar creacións audiovisuais de forma colectiva e aprender a desenvolverse en circunstancias diversas.

• O proceso de realización dunha produción audiovisual colectiva é complexo e require da participación dun número de persoas relativamente amplo para cubrir todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), que implican desde a correcta utilización das convencións da linguaxe audiovisual, ata a organización de equipos humanos. Ademais, a contorna dixital propia do traballo audiovisual contemporáneo caracterízase pola necesidade de adaptación á transformación permanente das ferramentas e das tecnoloxías que xera, polo que o alumnado debe saber seleccionalas e utilizalas e ha de demostrar un coñecemento activo destas nas creacións propias.

• Polo demais, a produción audiovisual implica un proceso de traballo pautado e ordenado, con fases marcadas e cunha división das tarefas moi clara, para que os imprevistos non prexudiquen o proxecto. O alumnado debe organizar as súas creacións atendendo a este proceso, elaborando a documentación apropiada e adquirindo mediante a práctica a flexibilidade necesaria para adaptarse aos devanditos imprevistos, que poden abarcar desde a ausencia forzosa dalgún membro do equipo, ata a imposibilidade de levar a cabo o plan de rodaxe previsto debida ás condicións meteorolóxicas. A isto hai que lle engadir toda clase de circunstancias nas que o alumnado tamén debe aprender a desenvolverse, como a imposibilidade de contar cos equipos técnicos idóneos para a realización do planeado, polo que debe mostrar imaxinación e soltura no uso dos medios dispoñibles.

• Por último, é importante que o alumnado achegue a esta experiencia unha preocupación pola sustentabilidade, o que implica controlar o consumo de electricidade, sacar copias impresas só dos documentos de traballo que resulten indispensables ou xerar o mínimo de residuos posible.

OBX4. Determinar o público destinatario dunha produción audiovisual, analizando as súas características e atendendo ao propósito da obra para adoptar a linguaxe, o formato e os medios técnicos máis adecuados, e seleccionar as vías de difusión máis oportunas.

• Dado o amplo abano de posibilidades de achegamento á creación audiovisual que caracteriza a nosa época, exemplificado na multiplicación e mutación continua dos formatos que se lle asocian, é moi importante que o alumnado aprenda a deseñar producións audiovisuais a partir da elección previa, consciente e informada, do público ao que quere dirixirse. Para iso, debe exporse tanto a adecuación da linguaxe que se vai empregar, como os medios técnicos que deben utilizar e o formato no que encadralas. As diferenzas entre unha peza de videoarte propia dun museo de arte contemporánea, a creación de contidos multimedia, os múltiples formatos televisivos ou unha longametraxe industrial de ficción teñen tanto que ver coas súas condicións de produción coma co público ao que están destinados, a cuxas características están supeditados. Aínda que todos os exemplos citados se serven da linguaxe audiovisual, fano de maneiras diferentes e con propósitos distintos, pois créanse para audiencias diferenciadas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Entre as múltiples vías para a difusión dos traballos audiovisuais, as de acceso máis sinxelo son aquelas que proporciona a internet, aínda que non se deben desdeñar outras posibilidades. O alumnado debe familiarizarse co maior número delas, identificando as máis adecuadas para cada tipo de produción, de modo que lle poida dar a coñecer as súas propias a un público o máis amplo posible. En calquera caso, a difusión das producións audiovisuais a través de diferentes plataformas dixitais na internet amplía o marco comunicativo habitual do alumnado e, neste sentido, é importante que as alumnas e os alumnos avalíen os riscos dos espazos virtuais utilizados, que coñezan as medidas de protección de datos persoais e que aseguren o respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.

• Finalmente, é conveniente que o alumnado aprenda tamén a avaliar as reaccións da audiencia, sempre de maneira respectuosa, aberta e autocrítica, para o que se poden establecer debates dentro da aula ou na contorna do centro educativo se levan a cabo proxeccións a ese nivel, ademais de recollerse as reaccións que se produzan nunha eventual difusión pola internet ou por calquera outro medio.

7.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Cultura Audiovisual 1º curso	
Bloque 1. Fitos e contemporaneidade da fotografía e do audiovisual. Formatos audiovisuais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio.	OBX1
• CA1.2. Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polos que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas.	OBX1
• CA1.3. Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio.	OBX1
Contidos	
• Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios. • Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual. • Principais correntes en fotografía e cinema. • A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e internet. • Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, *fashion filme*, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais, etc). Aspectos formais máis destacados. • O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e internet.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Elementos formais e capacidade expresiva da imaxe fotográfica e da linguaxe audiovisual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión.	OBX2
• CA2.2. Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.	OBX2
• CA2.3. Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	OBX2
• CA2.4. Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo.	OBX3
• CA2.5. Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	OBX4
Contidos	
• Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo. • Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo. • Conceptos básicos sobre iluminación. • Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento. • Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía. • Retoque dixital. • Funcións da imaxe audiovisual.	
Bloque 3. Narrativa audiovisual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	OBX2
• CA3.2. Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	OBX4
Contidos	
• O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escaleta. • O guión técnico e o *storyboard*. • A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento. • A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática.	
• As linguaxes da televisión e a publicidade.	
Bloque 4. A produción audiovisual. Técnicas e procedementos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal.	OBX2
• CA4.2. Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio.	OBX3
• CA4.3. Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición, etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos.	OBX3
• CA4.4. Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo.	OBX3
• CA4.5. Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente.	OBX3
• CA4.6. Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir.	OBX4
• CA4.7. Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	OBX4
• CA4.8. Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo.	OBX4
Contidos	
• Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución.	
• A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.	
• Fases de traballo: preprodución, rodaxe e posprodución.	
• Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.	
• Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipamento de iluminación.	
• Gravación do son, sincrónico e recreado.	
• Principais softwares de edición non lineal.	
• Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais, etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.	
• Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

7.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Cultura Audiovisual desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Cultura Audiovisual e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2	1	2	1				1-2
OBX2		1		3	1.1-1.2	3	3	3.1 3.2
OBX3		1	3	2-3	3.1		2	4.1-4.2
OBX4		1	3	2-3	5		3	4.1-4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O fomento no alumnado da exploración a través da linguaxe fotográfica e audiovisual utilizando todos os medios dispoñibles, que poderán abarcar desde cámaras estenopeicas fabricadas polo alumnado ata teléfonos móbiles e ordenadores, pasando por todo o equipamento propio dunha produción audiovisual que o centro poida proporcionar, coñecendo e dominando conceptos básicos como a exposición, o enfoque, o encadramento e a profundidade de campo como elementos clave necesarios para dominar os conceptos básicos da linguaxe visual.

– O uso de distintos métodos e situacións de aprendizaxe que teñan en conta os diferentes ritmos do alumnado, que favorezan a súa capacidade autónoma de aprendizaxe e que promovan o traballo en equipo, tendo en conta as áreas de interese do alumnado e as súas

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

referencias culturais baixo unha visión estimulante e inclusiva, e aprendendo a valorar a importancia do proceso, o tratamento da imaxe e o retoque dixital na linguaxe audiovisual.

– A participación en diversas tarefas durante unha mesma proposta de creación co aumento gradual da complexidade, co fin de favorecer o progreso de actitudes como a apertura, o respecto e o afán de superación e mellora.

– O fomento no alumnado da utilización dun razoamento lóxico e da análise e xuízo crítico, nas producións alleas e nas súas propias, o que contribuirá á súa formación integral e ao desenvolvemento da humildade, da madureza emocional, persoal e académica, da autoconfianza e da socialización; en definitiva, ao desenvolvemento da súa intelixencia emocional.

– A potenciación do desenvolvemento de competencias que lle permitan ao alumnado un encontro coa creación audiovisual, impulsándoo a mirar, actuar e facer doutro xeito, estimulando unha conduta creativa que parta de recursos propios e referentes culturais e artísticos especificamente audiovisuais e implicándoo emocional e intelectualmente na linguaxe que define a nosa época.

– A inclusión de contidos transversais referidos á creación de proxectos sustentables, ao consumo eléctrico responsable e á seguridade no desempeño das tarefas, o que contribuirá a unha formación global e a unha educación ambiental do alumnado.

8. Debuxo Artístico.

8.1. Introdución.

Ao debuxar, a mirada convértese en observación precisa e contemplación que abstrae e sintetiza a realidade a través da expresión gráfica. O debuxo é, polo tanto, un proceso interactivo de observación, reflexión e representación. Un proceso que require unha técnica inicial, coñecer os seus recursos e elementos fundamentais, así como un exercicio continuo de adestramento e práctica. O seu desempeño implica comprender a súa linguaxe e como interveñen nel as formas e as súas relacións, as estruturas, os volumes, a perspectiva, as proporcións e o comportamento da luz e da cor. Partindo da consideración do debuxo como un método de traballo case científico de exploración e indagación, non convén esquecer os avances que se conseguiron ao longo da historia nin as solucións que se achegaron aos problemas da representación gráfica dunha contorna tridimensional. A análise de obras de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares axuda a identificar

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

os camiños que xa se percorreron, de modo que o alumnado poida servirse deles na súa propia incursión no debuxo.

O debuxo é unha linguaxe universal que supón unha actividade intelectual en tanto que é un medio de análise e de coñecemento. É a primeira ligazón de unión entre a idea e a súa representación gráfica, o que propicia que sexa a orixe de múltiples actividades creadoras e que resulte imprescindible no desenvolvemento de todas as demais artes, xa que é un paso previo na resolución de proxectos e propostas artísticas. Isto fai que os tipos de debuxo e os seus ámbitos de aplicación sexan extensos e variados, con áreas de coñecemento moi distintas e con necesidades formais e técnicas igualmente diversas.

Constitúese como unha linguaxe específica e complexa que presenta múltiples posibilidades prácticas, organizativas e expresivas.

Con todo, o debuxo non só é a orixe de múltiples actividades artísticas ou unha ferramenta de coñecemento, tamén é un instrumento de expresión e de comunicación, xa que, ao utilizalo, se proxecta unha visión do mundo na que se combinan o estudo atento e analítico da realidade e a reinvención que dela fai a imaxinación. O debuxo, ademais de servir para realizar as primeiras exteriorizacións de pensamentos e emocións, é íntimo e directo, liberador na súa inmediatez; en definitiva, supón un primeiro intento de apropiación do espazo. O trazo e o xesto revelan sen dúbida unha necesidade creativa. Esta necesidade e a asimilación da localización espacial foron evolucionando ao longo da historia da humanidade. O debuxo contén a esencia do ser humano, é representativo do seu autor ou autora e, en consecuencia, ten un valor autónomo como obra de arte.

Tendo en conta todos estes aspectos, a materia de Debuxo Artístico presenta unha serie de obxectivos que buscan asegurar a adquisición das destrezas e técnicas necesarias, incluídas as dixitais, para a súa aplicación en diferentes proxectos e ámbitos, descubrindo o debuxo como linguaxe gráfica intelectual e desenvolvendo no alumnado a facultade dunha observación activa. Así mesmo, búscase promover unha sensibilidade estética cara ás obras propias e cara ás dos demais, descubrindo o debuxo como medio independente de expresión persoal.

Estes obxectivos específicos da materia emanan das competencias clave e dos obxectivos xerais establecidos para a etapa de bacharelato, en especial, dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden, entre outros, aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estes obxectivos están deseñados para que varios

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

deles poidan traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado da materia, polo que a orde en que están presentados non é vinculante.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os contidos da materia están organizados en oito bloques que se distribúen entre os dous cursos da etapa:

A. O bloque «Concepto e historia do debuxo», común a Debuxo Artístico I e Debuxo Artístico II, recolle os contidos relacionados coa concepción do debuxo e a súa evolución ao longo da historia, a súa presenza en diferentes obras artísticas e a súa importancia e funcionalidade en moi diversos ámbitos disciplinares.

B. O segundo bloque, «A expresión gráfica e os seus recursos elementais», tamén común aos dous cursos da etapa, contén os contidos relacionados coa terminoloxía específica da materia, así como coas técnicas e elementos propios da expresión gráfica e a súa linguaxe.

C. «Percepción e ordenación do espazo» é un bloque específico de Debuxo Artístico I que engloba os contidos relacionados coa percepción visual e os sistemas de ordenación do espazo.

D. «Debuxo e espazo» é un bloque específico de Debuxo Artístico II e supón unha profundización nos contidos do bloque anterior referidos á percepción visual do espazo e da natureza, como a perspectiva, o encadramento ou a relación da natureza coa xeometría.

E. O bloque titulado «A luz, o claroscuro e a cor», común a Debuxo Artístico I e Debuxo Artístico II, inclúe os contidos relacionados coa comprensión e co tratamento da luz e as súas dimensións, así como cos usos das técnicas do claroscuro e da cor.

F. «Tecnoloxías e ferramentas dixitais», bloque específico de Debuxo Artístico I, recolle unha introdución ás ferramentas dixitais aplicadas ao debuxo, tanto no trazado coma na edición da imaxe artística.

G. «A figura humana», bloque específico de Debuxo Artístico II, contén os aspectos relacionados coa representación do ser humano a través da historia, cos coñecementos anatómicos básicos, coas técnicas de apuntamento, co estudo e co retrato, así como coa función da figura humana no debuxo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

H. O bloque «Proxectos gráficos colaborativos», tamén común a Debuxo Artístico I e Debuxo Artístico II, engloba aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario poñer en práctica para levar a cabo este tipo de proxectos, nos que o papel do debuxo artístico é fundamental.

Para a adquisición dos obxectivos da materia, estes non deben entenderse como independentes, senón que poden e deben traballarse no seu conxunto. Isto require situacións de aprendizaxe diversas que permitan a exploración dunha ampla gama de experiencias de expresión gráfica nas que, ademais, para contribuír a unha formación global do alumnado, se deben abordar, de maneira transversal, unha serie de aspectos relacionados coa sustentabilidade, a seguridade e o impacto ambiental dos diferentes procedementos e materiais artísticos.

Por último, cómpre engadir que o ensino do debuxo artístico contribúe á formación do alumnado no desenvolvemento da sensibilidade artística e do gozo estético, da creatividade e da expresividade, sen esquecer o progreso na capacidade de observación, de análise e de reflexión sobre a realidade. Debuxar conxuga tanto a intuición como a idea e o coñecemento previos, fomentando unha dinámica creativa de retroalimentación que estimula o pensamento diverxente e facilita a conexión da imaxinación coa realidade.

8.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, comparando o uso que se fai del en manifestacións culturais e artísticas de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares e valorando a diversidade de significados que orixina para apreciar a importancia da diversidade cultural e a relevancia da conservación e da promoción do patrimonio.
• As sociedades realizan representacións do mundo por diversos medios expresivos que xeran tanto unha identidade e un proceso reflexivo propios coma unha pluralidade cultural e artística. Neste sentido, o debuxo é unha das formas de pensamento de toda sociedade e, por iso, identificar a súa presenza nas manifestacións culturais e artísticas de calquera lugar e época, así como en distintos ámbitos disciplinares, axuda a que o alumnado o comprenda como unha ferramenta universal de coñecemento, comunicación e expresión. Ao mesmo tempo, pode entender a importancia da diversidade cultural como unha fonte de riqueza, considerando a relevancia da promoción e conservación do patrimonio. • O feito de comparar e apreciar a pluralidade de usos do debuxo en diferentes ámbitos, de forma razoada e compartida e mediante producións orais, escritas ou multimodais, debe promover nas alumnas e nos alumnos a curiosidade por coñecer e explorar as súas diferentes linguaxes e técnicas, favorecendo unha análise crítica e un xuízo propio sobre as súas funcións e intencionalidades que lle permita valorar a diversidade de significados aos que dá lugar, introducindo o concepto de liberdade de expresión.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Analizar con actitude crítica e reflexiva, utilizando a terminoloxía específica adecuada, producións plásticas de distintas épocas e estilos artísticos, recoñecendo a linguaxe, as técnicas e os procedementos, a función significativa e a expresividade do debuxo presentes nelas, para desenvolver a conciencia visual e o criterio estético, e ampliar as posibilidades de gozar da arte.
• Unha recepción artística completa require situarse ante calquera proposta cultural, incluídas as contemporáneas, con actitude aberta e co maior coñecemento posible da linguaxe, das técnicas e dos recursos que son necesarios en todo proceso creativo. Recoñecer as dificultades que se expoñen ao longo do devandito proceso contribúe á súa valoración. Ademais, a análise crítica e reflexiva da expresividade gráfica e a función significativa presentes en toda produción plástica axúdalle ao alumnado a utilizar correctamente a terminoloxía específica. Entre os exemplos considerados débese incorporar a perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural, incidindo no estudo de producións realizadas por mulleres e por persoas de grupos étnicos e poboacionais que sofren a discriminación racial, así como a súa representación na arte. • É un obxectivo ineludible desta materia conxugar a análise co coñecemento mantendo unha postura aberta e respectuosa ante as dificultades atopadas, o que favorece a adquisición dunha conciencia visual e, en paralelo, o desenvolvemento dun criterio estético informado ante calquera manifestación cultural ou artística, e aumenta as posibilidades de gozo na recepción artística.
OBX3. Analizar, interpretar e representar a realidade, utilizando os recursos elementais e a sintaxe do debuxo, para ofrecer unha visión propia desa realidade, potenciar a sensibilidade e favorecer o desenvolvemento persoal e artístico.
• A acción de debuxar supón unha actitude de apertura e unha indagación sobre o mundo, ao mesmo tempo que unha reflexión sobre a interpretación persoal que facemos del. O debuxo é, pois, un dos medios artísticos máis completos para comprender, analizar e interpretar a realidade porque nos ofrece unha visión obxectiva desta e tamén propicia a expresión inmediata e directa dunha visión subxectiva. Coñecer estas calidades fai que o alumnado poida utilizalo na exteriorización do seu pensamento, o que favorece o seu desenvolvemento persoal e artístico. • Para apoiar este proceso creativo débense coñecer e explorar as posibilidades expresivas dos recursos elementais propios do debuxo: punto, liña, forma e textura, así como a súa sintaxe. É moi importante, igualmente, realizar bosquexos a partir da observación detallada da realidade, para ir avanzando cara a unha expresión gráfica persoal que poida incluír as representacións da imaxinación.
OBX4. Experimentar con diferentes materiais, técnicas e soportes, incluído o propio corpo, e analizar a importancia deste nas propostas artísticas contemporáneas para descubrir o xesto do debuxo e a apropiación do espazo como medios de autoexpresión e aceptación persoal.
• Ao longo da historia da arte, os grandes avances e transformacións producíronse pola incesante experimentación que diferentes artistas introduciron nas súas obras, xa sexa en canto aos materiais, técnicas e soportes dispoñibles en cada momento coma en canto á representación da tridimensionalidade e á apropiación e localización no espazo da figura humana. A pesar das grandes diferenzas que poden atoparse nas distintas tendencias artísticas e épocas, repítese o feito de que a percepción e a representación do espazo se realizaron tomando a medida da figura humana como referencia de escala e proporción. Nalgunhas propostas artísticas contemporáneas, o corpo humano traspasou ese límite de referencia para converterse no protagonista da creación, xa sexa como soporte ou como ferramenta, levando a expresividade do xesto e da pegada ao centro mesmo da obra. Igualmente, traspasouse tamén o límite da representación bidimensional da tridimensionalidade para chegar á apropiación mesma do espazo, converténdoo no soporte da propia intervención artística. • Descubrir e explorar diferentes formas de expresión gráfica, incluídas as que sitúan o corpo humano no seu centro, favorece a autoexpresión e desenvolve a autoconfianza e a aceptación persoal.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX5. Utilizar a práctica do debuxo como medio de expresión de ideas, opinións, sentimentos e emocións, investigando os referentes culturais das novas creacións como parte inherente a estas, para ampliar o repertorio artístico e enriquecer as producións propias.
• O coñecemento e a análise de diferentes manifestacións culturais e artísticas de calquera lugar e época favorecen que o alumnado comprenda as influencias que unhas propostas tiveron sobre outras, incluso tomando referentes de culturas e disciplinas diferentes ás propias da persoa que crea. Poden establecer así conexións entre distintos tipos de linguaxes plásticas, visuais e audiovisuais (fotografía, cómic, cinema, publicidade, etc.) e explorar a presenza do debuxo como medio de expresión en cada un deles. Ao mesmo tempo, o alumnado fórxase unha cultura visual e descobre os avances en procedementos ou técnicas utilizados en cada medio creativo. Ademais, asimilando que as novas creacións artísticas nunca rompen totalmente cos referentes previos, pode valorar a importancia da práctica artística como medio para expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións ao longo da historia e apoiarse niso para enriquecer as súas propias producións.
OBX6. Realizar producións gráficas expresivas e creativas valorando a importancia dos elementos da linguaxe gráfica e a súa organización na definición dun estilo persoal, para progresar na execución técnica e nas calidades comunicativas e expresivas das producións propias.
• O debuxo parte da observación precisa e activa da realidade, polo que é fundamental entender como funciona a percepción visual da que partimos, as súas leis e principios, e a organización dos elementos no espazo. O coñecemento e o uso dos elementos da linguaxe gráfica, as súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais facilítanlle ao alumnado a construción dun mecanismo de traballo co debuxo como base. Este permítelle comprender as imaxes, as súas estruturas e a súa composición. O debuxo convértese, deste xeito, nun método de análise das formas, onde se mostra o máis destacado dos obxectos, que ao mesmo tempo se descobren ante nós en toda a súa verdade desvelando aquilo que nos pasaba desapercibido. Como todo método, o debuxo necesita unha constancia no traballo. Só debuxando se chegan a conseguir a destreza e a habilidade necesarias para empregalas nos nosos proxectos. • O debuxo é, asemade, un método de coñecemento e un método de expresión. Ao avanzar na súa práctica, o trazo e o xesto vólvense máis persoais e chegan a converterse en pegadas expresivas e comunicativas coas que se exteriorizan o mundo interior e a propia visión da realidade.
OBX7. Experimentar coas técnicas propias do debuxo identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e analizando o seu posible impacto ambiental, para integralas de forma creativa e responsable na realización de producións gráficas.
• Para que o alumnado poida experimentar coas técnicas do debuxo, tanto coas tradicionais como coas dixitais, debe adquirir uns coñecementos básicos previos dun catálogo amplo de ferramentas, medios e soportes. Unha vez identificadas as súas posibilidades de uso e de expresión, poderá seleccionar aqueles máis adecuados aos seus fins en cada momento, experimentando con eles e explorando solucións alternativas nas representacións gráficas que se lle expoñan. Neste terreo, tamén é importante que coñeza o impacto ambiental dos materiais que emprega, tanto no relativo á súa produción como á xestión dos refugallos que produce, co fin de adoptar prácticas de traballo sustentables, seguras e responsables. • Recoñecer o debuxo non só como un método de análise, senón tamén como unha linguaxe creativa, supón comprender os distintos niveis de iconicidade que se poden dar nas representacións gráficas, así como os valores expresivos do claroscuro e da cor. Para crear producións gráficas que resolvan estas formulacións de forma coherente coa intención orixinal, pero sen pecharse a posibles modificacións que as enriquezan durante o proceso creativo, o alumnado debe seleccionar e aplicar as técnicas máis adecuadas e buscar, ademais, un uso creativo, responsable, seguro e sustentable destas para conseguir resultados persoais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX8. Adaptar os coñecementos e as destrezas adquiridos desenvolvendo a retentiva e a memoria visual para responder con creatividade e eficacia a novos desafíos de representación gráfica.
• A observación consciente da contorna para abstraer e seleccionar o máis representativo é fundamental no proceso de representación gráfica da realidade. O que se percibe non é máis que a reconstrución que fai o cerebro da información recibida e nesa reconstrución intervén como factor fundamental a memoria visual, entendida como a capacidade de lembrar imaxes. Cando se debuxa do natural, débese observar, analizar e reter a información que se quere trasladar ao debuxo, e para iso exercítanse a memoria visual e a retentiva, destrezas fundamentais na expresión gráfica. A través do encadramento e do encaixe organízase esa información no soporte elixido e establécense proporcións, tendo en conta a perspectiva, tanto nas formas e obxectos coma no espazo que os rodea, procesos que poñen en xogo os coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado. • Ademais, no proceso de debuxar interveñen a imaxinación, os recordos e as imaxes mentais, e é por isto que nas producións gráficas se transmite tanto a visión e a interpretación exterior do mundo como a interior, o que propicia unha expresión persoal e diferenciada do resto.
OBX9. Crear proxectos gráficos colaborativos contribuíndo de forma creativa á súa planificación e realización e adaptando o deseño e o proceso ás características propias dun ámbito disciplinar, para descubrir posibilidades de desenvolvemento académico e profesional e apreciar o enriquecemento que supoñen as propostas compartidas.
• O debuxo está presente en múltiples ámbitos disciplinares, tales como o deseño, a arquitectura, a ciencia, a literatura ou a arte. Deseñar creativamente un proxecto concreto, de forma colaborativa e cunha finalidade definida, require establecer unha planificación adecuada, unha organización e unha repartición de tarefas coherente, entendendo que crear calquera proxecto gráfico axustado a un ámbito disciplinar concreto supón, ademais dun enriquecemento, asumir riscos e retos. O alumnado debe ser consciente diso e ter presente en todo momento a intención última do proxecto que está a crear. O traballo colaborativo, ademais, permítelle a asunción de distintos roles e responsabilidades, e contribúe a que aprenda a respectar as opinións do resto. Por outra banda, no desenvolvemento dos proxectos gráficos deberá facer fronte ás posibles dificultades e cambios exixidos polas circunstancias ou polo propio deseño da produción, aumentando a súa resiliencia e aprendendo a adaptar a planificación inicial aos imprevistos que poidan xurdir. • Avaliar as diversas fases e o resultado do proxecto descubrindo os posibles erros e acertos facilita procesos posteriores de creación e elaboración e permite introducir alternativas e propostas diversas, á vez que desenvolve no alumnado unha maior seguridade na súa capacidade de afrontar no futuro proxectos máis complexos en contextos académicos ou profesionais.

8.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Debuxo Artístico I 1º curso	
Bloque 1. Concepto e historia do debuxo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, reflexionando con iniciativa sobre a súa presenza en distintas manifestacións culturais e artísticas e comparando de forma autónoma o seu uso nestas.	OBX1
• CA1.2. Comparar as múltiples funcións do debuxo a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Valorar a pluralidade cultural e artística relacionándoa coa liberdade de expresión, argumentando a opinión propia de forma activa, comprometida e respectuosa, e analizando os usos do debuxo en diversas manifestacións artísticas.	OBX1
• CA1.4. Analizar a linguaxe, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas, entendendo os cambios que se produciron nas tendencias ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	OBX2
• CA1.5. Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas, comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	OBX2
• CA1.6. Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada, describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen entre eles e en diferentes ámbitos disciplinares.	OBX5
• CA1.7. Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións, a través de creacións gráficas e debuxos propios, incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	OBX5
Contidos	
• O debuxo como proceso interactivo de observación, reflexión, expresión, imaxinación, representación e comunicación. • O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. • O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais, deseño, arquitectura, ciencia e literatura.	
Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Analizar a linguaxe, os materiais, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas, entendendo os cambios que se produciron no seu uso ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	OBX2
• CA2.2. Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo (punto, liña, forma) e da súa sintaxe, mellorando o proceso de creación gráfica.	OBX3
• CA2.3. Analizar, interpretar e representar graficamente a realidade mediante bosquexos e esbozos, utilizando as técnicas e ferramentas adecuadas e desenvolvendo unha expresión propia, espontánea e creativa.	OBX3
• CA2.4. Achegar unha pegada e un xesto propios á realización de debuxos combinando de maneira adecuada o uso tradicional de diferentes materiais, soportes e técnicas, cunha manipulación persoal e creativa.	OBX4
• CA2.5. Expresar, a través do trazo e do xesto do debuxo, unha visión propia da realidade ou do mundo interior, experimentando cos elementos da linguaxe gráfica e coas súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	OBX6
• CA2.6. Propoñer distintas solucións gráficas a unha mesma proposta visual, utilizando diferentes niveis de iconicidade, identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios, e xustificando razoada e respectuosamente a elección realizada.	OBX7
• CA2.7. Representar graficamente o modelo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	OBX8

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.8. Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica, analizando tanto os diferentes volumes coma o espazo que completa o conxunto.	OBX8
Contidos	
• Terminoloxía e materiais do debuxo. • O punto e as súas posibilidades plásticas e expresivas. • A liña: trazo e grafismo. As tramas. • A forma. Análise da súa tipoloxía. Diferentes aplicacións e combinacións. • Niveis de iconicidade da imaxe. • O bosquexo ou esbozo. Introdución ao encaixe. • Técnicas gráfico-plásticas, secas e húmidas. • Materiais gráfico-plásticos. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e sustentabilidade.	
Bloque 3. Percepción e ordenación do espazo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo, a composición e os sistemas de ordenación na sintaxe visual, mellorando o proceso de creación gráfica.	OBX3
• CA3.2. Realizar composicións bidimensionais, figurativas ou abstractas, explorando a percepción e a ordenación do espazo e indagando sobre a representación do corpo humano e a súa posible utilización como soporte ou como ferramenta gráfica.	OBX4
• CA3.3. Comprender e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual, as súas leis e principios, así como a composición e a ordenación de elementos no espazo mostrando interese nas súas aplicacións.	OBX6
• CA3.4. Representar graficamente o espazo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	OBX8
• CA3.5. Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica, analizando os diferentes volumes, as súas proporcións e posición relativa e tamén o espazo que completa o conxunto.	OBX8
Contidos	
• Fundamentos da percepción visual. • Principios da psicoloxía da Gestalt. • Ilusións ópticas. • A composición como método. O equilibrio compositivo. Direccións visuais. Aplicacións. • Sistemas de ordenación na sintaxe visual. Aplicacións. • Introdución á representación do espazo mediante a perspectiva.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	OBX5
• CA4.2. Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	OBX5
• CA4.3. Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e ás súas leis e principios, mostrando interese nas súas aplicacións.	OBX6
• CA4.4. Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	OBX7
Contidos	
• A luz e o volume. • Tipos de luz e de iluminación. • Valoración tonal e claroscuro. • Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. • Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo.	
Bloque 5. Tecnoloxías e ferramentas dixitais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Comparar as múltiples funcións do debuxo e da pintura dixital a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	OBX1
• CA5.2. Achegar unha pegada e un facer propios á realización de producións gráficas, combinando o uso das tecnoloxías e das ferramentas de edición dixitais, de forma persoal e innovadora.	OBX4
• CA5.3. Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas de edición propias de cada programa de pintura ou debuxo dixital máis adecuadas á intención creativa, nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	OBX7
• CA5.4. Investigar de forma activa e aberta sobre a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos, integrándoas no proceso creativo e expresivo propio.	OBX7
• CA5.5. Representar graficamente o modelo elixido mediante procedementos de debuxo dixital, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	OBX8
Contidos	
• Introdución ao debuxo e á imaxe dixital. O seu uso en diferentes ámbitos disciplinares. • Debuxo vectorial. • Ferramentas de edición de imaxes para a expresión artística. • Programas de pintura e debuxo dixital.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Planificar proxectos gráficos colaborativos sinxelos identificando o ámbito disciplinar en que se desenvolverán, organizando e distribuíndo as tarefas de maneira adecuada e determinando as diferentes fases do proxecto.	OBX9
• CA6.2. Realizar proxectos gráficos colaborativos enmarcados nun ámbito disciplinar concreto utilizando con interese os valores expresivos do debuxo artístico e os seus recursos.	OBX9
• CA6.3. Analizar as dificultades xurdidas na planificación e realización de proxectos gráficos compartidos, entendendo este proceso como un instrumento de mellora do resultado final.	OBX9
• CA6.4. Identificar posibilidades de desenvolvemento académico e profesional relacionadas co debuxo artístico, comprendendo as oportunidades que ofrece e o valor engadido da creatividade nos estudos e no traballo e expresando a opinión propia de forma razoada e respectuosa.	OBX9
Contidos	
• A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto. • Fases dos proxectos gráficos. • Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas. • Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.	

2º curso.

Materia de Debuxo Artístico II 2º curso	
Bloque 1. Concepto e historia do debuxo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar a presenza do debuxo en diferentes manifestacións culturais e artísticas establecendo con criterio propio relacións entre elas e valorándoo como ferramenta de expresión.	OBX1
• CA1.2. Explicar as múltiples funcións do debuxo a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	OBX1
• CA1.3. Defender a importancia da liberdade de expresión para a pluralidade cultural e artística a través dun discurso razoado, argumentado de forma activa, comprometida e respectuosa e analizando os usos do debuxo en diversas manifestacións artísticas.	OBX1
• CA1.4. Analizar a linguaxe, as técnicas e procedementos, a función e a expresividade do debuxo en diferentes producións plásticas, incluídas as contemporáneas, utilizando a terminoloxía específica máis adecuada e identificando con actitude aberta as intencionalidades das súas mensaxes.	OBX2
• CA1.5. Explicar de forma razoada a elección do debuxo como ferramenta de expresión e transmisión de significados en distintas manifestacións culturais e artísticas.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.6. Describir os referentes artísticos presentes en obras contemporáneas explicando a influencia que exercen e as relacións que establecen entre elas e recoñecendo a importancia da herdanza cultural.	OBX5
• CA1.7. Expresar de forma autónoma ideas, opinións, sentimentos e emocións propios na práctica artística, tomando como punto de partida a exploración da contorna e obras artísticas de interese persoal.	OBX5
Contidos	
• O debuxo na arte dos séculos XIX e XX. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. • Da representación obxectiva á subxectiva. Do figurativo á abstracción. • A Bauhaus e o deseño. • O debuxo como expresión artística contemporánea. Debuxar no espazo. • Debuxo e artes plásticas en Galicia nos séculos XIX e XX. O Laboratorio de Formas.	
Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Analizar, interpretar e representar a realidade a partir de obras gráficas que exploren as posibilidades expresivas de formas e texturas, experimentando con elas e empregando con corrección e destreza os recursos do debuxo.	OBX3
• CA2.2. Usar o debuxo como medio de autoexpresión experimentando con diferentes materiais, técnicas e soportes, integrándoos nas producións plásticas propias e incorporando as posibilidades que ofrece o corpo humano como recurso.	OBX4
• CA2.3. Expresar a través do debuxo unha visión propia da realidade ou do mundo interior cun trazo e un xesto persoais, usando os elementos da linguaxe gráfica, as súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	OBX6
• CA2.4. Expor solucións alternativas na representación da realidade con diferentes niveis de iconicidade experimentando coas formas e as súas transformacións, mostrando un pensamento diverxente, utilizando adecuadamente as ferramentas, medios e soportes seleccionados, analizando o seu posible impacto ambiental e buscando activamente un resultado final axustado ás intencións expresivas propias.	OBX7
• CA2.5. Empregar creativamente as tecnoloxías dixitais en producións gráficas integrándoas no proceso creativo e expresivo propio.	OBX7
• CA2.6. Interpretar graficamente a realidade observada abstraendo a información recibida e desenvolvendo a capacidade de análise e observación, a retentiva e a memoria visual.	OBX8
Contidos	
• A retentiva e a memoria visual. • As formas e a súa transformación: a forma entendida como unha estrutura de elementos e relacións. Espazos negativos e positivos das formas. • Textura visual e táctil. • Técnicas gráfico-plásticas, tradicionais, alternativas e dixitais.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. Debuxo e espazo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recrear graficamente a realidade tridimensional no plano mediante o debuxo do natural, bosquexos ou esbozos, partindo tanto da observación detallada dos espazos circundantes coma da propia imaxinación.	OBX3
• CA3.2. Recrear graficamente o espazo tridimensional, en producións artísticas bidimensionais ou tridimensionais, utilizando diversos materiais, técnicas e soportes e experimentando de forma aberta co efecto perspectiva de profundidade.	OBX4
• CA3.3. Representar graficamente as formas, a súa xeometría, as súas posibles combinacións e os espazos negativos e positivos presentes en contornas urbanas ou naturais, a partir de un estudo destes intencionado e selectivo.	OBX6
• CA3.4. Expresar a través do debuxo unha visión propia da realidade ou do mundo interior cun trazo e un xesto persoais, usando os elementos da linguaxe gráfica, as súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	OBX6
• CA3.5. Expor solucións alternativas á representación da realidade para partir da análise das relacións entre xeometría e natureza, en diferentes niveis de iconicidade, utilizando con corrección as ferramentas, medios e soportes seleccionados e buscando activamente un resultado final axustado ás súas intencións expresivas.	OBX7
• CA3.6. Interpretar graficamente a realidade observada abstraendo a información recibida e desenvolvendo a retentiva e a memoria visual.	OBX7
• CA3.7. Lograr o efecto perspectiva de profundidade en representacións gráficas propias e creativas, atendendo correctamente ás normas básicas da perspectiva visual, ás proporcións e aos contrastes lumínicos, e valorando a perspectiva como un método para recrear a tridimensionalidade.	OBX8
Contidos	
• A liña, o debuxo e a tridimensionalidade. • A perspectiva. Aplicación da perspectiva cónica ao debuxo artístico. • Encadramento e debuxo do natural. Relación coa fotografía. • Espazos interiores, exteriores, urbanos e naturais. • Xeometría e natureza.	
Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Recrear graficamente a realidade mediante o uso do claroscuro ou da cor partindo tanto da observación detallada coma da propia imaxinación e utilizando unha expresión persoal e espontánea.	OBX3
• CA4.2. Analizar, interpretar e representar as calidades e as relacións da cor, explorando as súas posibilidades expresivas e empregando con corrección e destreza os recursos do debuxo.	OBX3
• CA4.3. Describir os referentes artísticos presentes en obras contemporáneas con relación ao uso da cor, dos efectos ópticos e da xeometría, explicando a influencia que exercen e as relacións que establecen entre elas.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Seleccionar e utilizar con destreza e de maneira creativa as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención persoal, empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nas interpretacións gráficas propias da realidade e na representación do mundo interior.	OBX7
• CA4.5. Lograr o efecto perspectiva de profundidade en representacións gráficas persoais e creativas, atendendo aos contrastes lumínicos e cromáticos e valorando a perspectiva atmosférica como un método para recrear a tridimensionalidade.	OBX8
Contidos	
• O sombreado e a mancha. Escalas e claves tonais. • Calidades e relacións da cor. O contraste de cor. Cor local, tonal e ambiental. Usos da cor no debuxo. • Dimensións da cor. Aplicacións prácticas. • Perspectiva atmosférica. • A cor asociada á liña. Arte óptica e xeométrica.	
Bloque 5. A figura humana	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Identificar a presenza do debuxo da figura humana ao longo da historia en diferentes manifestacións culturais e artísticas, establecendo con criterio propio relacións entre elas e valorando os estereotipos de beleza en diferentes épocas.	OBX1
• CA5.2. Recrear graficamente a figura humana mediante bosquexos ou esbozos e apuntamentos do natural, partindo tanto da observación detallada coma da propia imaxinación e utilizando unha expresión persoal e espontánea.	OBX3
• CA5.3. Usar o debuxo como medio de autoexpresión, experimentando con diferentes materiais, técnicas e soportes, integrándoos nas producións plásticas propias e incorporando as posibilidades que ofrece o corpo humano como recurso e forma de expresión.	OBX4
• CA5.4. Analizar a importancia do corpo humano nas propostas artísticas contemporáneas estudando os diferentes materiais, técnicas e soportes utilizados.	OBX4
• CA5.5. Interpretar graficamente a realidade observada analizando a información recibida para captar trazos, xestos, proporcións e movemento e desenvolvendo a retentiva e a memoria visual.	OBX8
• CA5.6. Lograr o efecto perspectiva de profundidade en representacións gráficas propias e creativas, atendendo ás proporcións e aos contrastes lumínicos e valorando o escorzo como un método para recrear a tridimensionalidade na representación da figura humana.	OBX8
Contidos	
• Representación do ser humano ao longo da historia. Canon e proporción. Os estereotipos de beleza en diferentes épocas. • Nocións básicas de anatomía artística. • Apuntamento do natural e do escorzo. • O retrato. Faccións e expresións. • O corpo humano como soporte e como instrumento de expresión artística.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Planificar producións gráficas de forma colaborativa adaptando o deseño e o proceso ao ámbito disciplinar elixido e organizando e distribuíndo as tarefas de maneira adecuada.	OBX9
• CA6.2. Realizar, con decisión e actitude positiva, proxectos gráficos compartidos, respectando as achegas dos demais, afrontando os retos que xurdan e avaliando tanto a planificación como as modificacións realizadas.	OBX9
• CA6.3. Afrontar con creatividade os posibles retos que xorden na execución de proxectos gráficos colaborativos, contribuíndo á consecución e á mellora do resultado final e avaliando tanto a planificación como as modificacións realizadas.	OBX9
• CA6.4. Identificar posibilidades de desenvolvemento académico e profesional relacionadas co debuxo artístico, comprendendo as oportunidades que ofrece e o valor engadido da creatividade nos estudos e no traballo, e expresando a opinión propia de forma razoada e respectuosa.	OBX9
Contidos	
• A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto. • Fases dos proxectos gráficos. • Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas. • Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.	

8.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Debuxo Artístico desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Debuxo Artístico e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1					1-3		1-2
OBX2	1	2-3				1-3		1-2
OBX3					1.1-1.2	1-2		3.1
OBX4					5	1-3		1-3.1-3.2
OBX5						1-3		1-2-3.1
OBX6					1.1-5			3.2-4.1-4.2
OBX7			1	2	5	1-4	1	4.1-4.2
OBX8					1.1-5	1		4.1-4.2
OBX9			2-3		3.1-4		1-3	4.1-4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A exploración dunha ampla gama de experiencias de expresión gráfica utilizando diversas técnicas, soportes, materiais tradicionais e alternativos, así como a incorporación de medios e ferramentas tecnolóxicos.

– O desenvolvemento da sensibilidade artística e do gozo estético do alumnado facilitando o seu coñecemento e análise das diferentes tendencias e propostas artísticas, incluídas as contemporáneas, e utilizando correctamente o vocabulario e a terminoloxía específica.

– O uso de estratexias para o fomento dunha dinámica creativa e da expresividade do alumnado, así como o desenvolvemento da observación, da análise e da reflexión sobre a realidade, estimulando un pensamento diverxente e unha conexión inmediata da imaxinación coa realidade.

– O traballo conxunto dos diferentes contidos e competencias facendo que interveñan aqueles desempeños máis significativos en cada caso, de forma que se poidan adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes de maneira interrelacionada e progresiva no referente á súa complexidade.

– O desenvolvemento no alumnado dunha cultura visual propia e dunha postura aberta e respectuosa ante a pluralidade e a diverxencia de diferentes propostas estéticas e cultu-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

rais, de forma que entenda, desde o recoñecemento da súa propia identidade, a importancia da diversidade como riqueza cultural.

– A realización de proxectos gráficos colaborativos significativos para o alumnado, xerando situacións de traballo colaborativo que promovan a resolución de problemas e que reforcen a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Ademais, estas situacións proporcionaranlle ao alumnado un panorama amplo das diversas posibilidades formativas e profesionais do debuxo nas súas múltiples facetas.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e que promovan o traballo en equipo.

– O emprego de estratexias para traballar transversalmente a creación de proxectos sustentables, a xestión responsable dos residuos, a seguridade dos proxectos e o estudo da toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuír a unha formación global e a unha educación ambiental do alumnado.

9. Debuxo Técnico.

9.1. Introdución.

O debuxo técnico constitúe un medio de expresión e comunicación convencional para calquera proxecto cuxo fin sexa a creación e a fabricación dun produto, e é un aspecto imprescindible do desenvolvemento tecnolóxico. Dota o alumnado dun instrumento eficiente para se comunicar de xeito gráfico e obxectivo, para expresar e difundir ideas ou proxectos de acordo con convencións que garanten a súa interpretación fiable e precisa.

Para favorecer esta forma de expresión, a materia de Debuxo Técnico desenvolve a visión espacial do alumnado ao representar o espazo tridimensional sobre o plano, e por medio da resolución de problemas e da realización de proxectos tanto individuais como en grupo. Tamén potencia a capacidade de análise, creatividade, autonomía e pensamento diverxente, favorecendo actitudes de respecto e empatía. O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece unha metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, de experimentación sobre a base de resolución de problemas prácticos, ou mediante a participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave correspondentes e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén retos do século XXI de xeito integrado durante os dous anos de bacharelato,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

o compromiso cidadán no ámbito local e global, a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural.

Esta materia desenvolve un conxunto de obxectivos que procuran no alumnado apreciar e analizar obras de arquitectura e enxeñaría desde o punto de vista das súas estruturas e dos seus elementos técnicos; resolver problemas gráfico-matemáticos aplicando razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos que poñan en práctica os fundamentos da xeometría plana; desenvolver a visión espacial para recrear a realidade tridimensional por medio do sistema de representación máis apropiado á finalidade da comunicación gráfica; formalizar deseños e presentar proxectos técnicos colaborativos seguindo a normativa aplicable, e investigar e experimentar con programas específicos de deseño asistido por computador.

Neste sentido, o desenvolvemento dun razoamento espacial adecuado á hora de interpretar as construcións en distintos sistemas de representación supón certa complexidade para o alumnado. Os programas e as aplicacións CAD ofrecen grandes posibilidades, desde unha maior precisión e rapidez ata a mellora da creatividade e a visión espacial mediante modelos 3D. Por outra banda, estas ferramentas axudan a diversificar as técnicas empregables e a axilizar o ritmo das actividades complementando os trazados en soportes tradicionais e con instrumentos habituais (por exemplo, xiz, escuadra, cartabón e compás) polos xerados con estas aplicacións, o que permitirá incorporar interaccións e dinamismo nas construcións tradicionais que non son posibles con medios convencionais, podendo mostrar movementos, xiros, cambios de plano e, en definitiva, unha representación máis precisa dos corpos xeométricos e as súas propiedades no espazo.

Os criterios de avaliación son o elemento curricular que avalía o nivel de consecución dos obxectivos da materia, e formúlanse cunha evidente orientación competencial mediante a aplicación de contidos e a valoración de destrezas e actitudes como a autonomía e a autoaprendizaxe, o rigor nos razoamentos, a claridade e a precisión nos trazados.

Ao longo dos dous cursos de bacharelato os contidos adquiren un grao de dificultade e afondamento progresivo. No primeiro curso, o alumnado iníciase no coñecemento de conceptos importantes á hora de establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas ou que son soporte doutros posteriores e, gradualmente, no segundo curso, vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en torno a catro bloques interrelacionados e intimamente ligados aos obxectivos:

No bloque «Fundamentos xeométricos» o alumnado aborda a resolución de problemas sobre o plano e identifica a súa aparición e a súa utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría.

No bloque «Xeometría proxectiva» preténdese que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial, co fin de expresar con precisión as solucións a un problema construtivo ou de interpretalas para a súa execución. empregando os diversos sistemas de xeometría descritiva.

No bloque «Normalización e documentación gráfica de proxectos» dótase o alumnado dos coñecementos necesarios para visualizar e comunicar a forma e as dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, co fin de elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura.

Por último, no bloque «Sistemas CAD» preténdese que o alumnado aplique as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando programas de deseño asistido por computador; o seu desenvolvemento, xa que logo, débese facer de xeito transversal en todos os bloques de criterios de avaliación e contidos, e ao longo de toda a etapa.

9.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.
• O debuxo técnico ocupou e ocupa un lugar importante na cultura; esta disciplina está presente nas obras de arquitectura e de enxeñaría de todos os tempos, non só polo papel que desempeña na súa concepción e produción, senón tamén como parte da súa expresión artística. A análise e o estudo fundamental das estruturas e dos elementos xeométricos de obras do pasado e do presente, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, contribuirá ao proceso de apreciación e deseño de obxectos e espazos que posúan rigor técnico e sensibilidade expresiva e artística.
OBX2. Utilizar razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.
• Esta competencia aborda o estudo da xeometría plana aplicada ao debuxo arquitectónico e da enxeñaría a través de conceptos, propiedades, relacións e construcións fundamentais. Proporciona ferramentas para a resolución de problemas matemáticos de certa complexidade de maneira gráfica, aplicando métodos indutivos e dedutivos con rigor e valorando aspectos como a precisión, a claridade, a descrición e o traballo ben feito.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.
• Os sistemas de representación derivados da xeometría descritiva son necesarios en todos os procesos construtivos, xa que calquera proceso proxectual require o coñecemento dos métodos que permitan determinar, a partir da súa representación, as súas verdadeiras magnitudes, as formas e as relacións espaciais entre elas. Esta competencia vincúlase, por unha banda, coa capacidade para representar figuras planas e corpos, e pola outra, coa de expresar e calcular as solucións a problemas xeométricos no espazo, aplicando para todo isto coñecementos técnicos específicos, reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.
OBX4. Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.
• O debuxo normalizado é o principal vehículo de comunicación entre os axentes do proceso construtivo, e posibilita desde unha primeira expresión de posibles solucións mediante esbozos ata a formalización final por medio de planos de taller e/ou de construción. Tamén se ten en conta a súa relación con outros compoñentes mediante a elaboración de planos de montaxe sinxelos. Este obxectivo está asociado a funcións instrumentais de análise, expresión e comunicación. Por outra parte, e para que esta comunicación sexa efectiva, débese vincular necesariamente ao coñecemento dunhas normas e dunha simboloxía establecidas, as normas UNE, DIN e ISO, e iniciar o alumnado no desenvolvemento da documentación gráfica de proxectos técnicos.
OBX5. Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.
• As solucións gráficas que achegan os sistemas CAD forman parte dunha realidade xa cotiá nos procesos de creación de proxectos de enxeñaría ou arquitectura. Atendendo a esta realidade, esta competencia achega unha base formativa sobre os procesos, os mecanismos e as posibilidades que ofrecen as ferramentas dixitais nesta disciplina. En tal sentido, débese integrar como unha aplicación transversal aos saberes da materia relacionados coa representación no plano e no espazo. Xa que logo, esta competencia favorece unha iniciación ao uso e aproveitamento das potencialidades destas ferramentas dixitais no alumnado.

9.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Debuxo Técnico I 1º curso	
Bloque 1. Fundamentos xeométricos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	OBX1
• CA1.2. Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	OBX2
• CA1.3. Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.	OBX2
• CA1.5. Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	OBX3
Contidos	
• Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. • Orixes da xeometría. Thales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría. • Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana. • Proporcionalidade, equivalencia e semellanza. • Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. • Tanxencias básicas. Curvas técnicas. • Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.	
Bloque 2. Xeometría proxectiva	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia.	OBX3
• CA2.2. Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	OBX3
• CA2.3. Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	OBX3
• CA2.4. Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	OBX3
• CA2.5. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	OBX3
Contidos	
• Fundamentos da xeometría proxectiva. • Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas. • Relacións entre elementos: intersección, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan. • Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano. • Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos. • Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. Normalización e documentación gráfica de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	OBX2
• CA3.2. Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.	OBX4
• CA3.3. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	OBX3
• CA3.4. Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	OBX4
Contidos	
• Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. • Formatos. Dobradura de planos. • Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. • Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.	
Bloque 4. Sistemas CAD	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	OBX5
• CA4.2. Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	OBX5
• CA4.3. Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	OBX4
Contidos	
• Aplicacións vectoriais 2D-3D. • Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. • Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. • Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2º curso.

Materia de Debuxo Técnico II 2º curso	
Bloque 1. Fundamentos xeométricos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar a evolución das estruturas xeométricas e dos elementos técnicos na arquitectura e na enxeñaría contemporáneas, valorando a influencia do progreso tecnolóxico e das técnicas dixitais de representación e modelaxe nos campos da arquitectura e da enxeñaría.	OBX1
• CA1.2. Construír figuras planas aplicando transformacións xeométricas e valorando a súa utilidade nos sistemas de representación.	OBX2
• CA1.3. Resolver tanxencias aplicando os conceptos de potencia cunha actitude de rigor na execución.	OBX2
• CA1.4. Trazar curvas cónicas e as súas rectas tanxentes aplicando propiedades e métodos de construción, e amosando interese pola precisión.	OBX2
• CA1.5. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	OBX3
Contidos	
• A xeometría na arquitectura e na enxeñaría desde a Revolución Industrial. Os avances no desenvolvemento tecnolóxico e nas técnicas dixitais aplicadas á construción de novas formas e deseños. • Transformacións xeométricas: homoloxía e afinidade. Aplicación para a resolución de problemas nos sistemas de representación. • Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Eixe radical e centro radical. Aplicacións en tanxencias. • Curvas cónicas: elipse, hipérbole e parábola. Propiedades e métodos de construción. Rectas tanxentes. Trazado con e sen ferramentas dixitais.	
Bloque 2. Xeometría proxectiva	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	OBX3
• CA2.2. Resolver problemas xeométricos mediante abatementos, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre os métodos utilizados e os resultados obtidos.	OBX3
• CA2.3. Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico.	OBX3
• CA2.4. Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas e cónicas, aplicando os coñecementos específicos dos devanditos sistemas de representación.	OBX3
• CA2.5. Resolver problemas xeométricos e de representación mediante o sistema de planos acotados.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Sistema diédrico: figuras contidas en planos. Abatementos e verdadeiras magnitudes. Xiros e cambios de plano. Aplicacións. Representación de corpos xeométricos: prismas e pirámides rectas e oblicuas. Seccións planas e verdadeiras magnitudes da sección. Representación de corpos de revolución rectos: cilindros e conos. Representación de poliedros regulares: tetraedro, hexaedro e octaedro. • Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Representación de figuras e sólidos. • Sistema de planos acotados. Resolución de problemas de cubertas sinxelas. Representación de perfís ou seccións de terreo a partir das súas curvas de nivel. • Perspectiva cónica. Representación de sólidos e formas tridimensionais a partir das súas vistas diédricas.

Bloque 3. Normalización e documentación gráfica de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Resolver problemas xeométricos mediante abatementos, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre a súa utilidade na obtención de cortes, seccións e roturas.	OBX3
• CA3.2. Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico para xerar vistas normalizadas.	OBX3
• CA3.3. Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas normalizadas, aplicando os coñecementos específicos do devandito sistema de representación.	OBX3
• CA3.4. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	OBX3
• CA3.5. Desenvolver proxectos gráficos sinxelos mediante o sistema de planos acotados.	OBX3
• CA3.6. Elaborar a documentación gráfica apropiada a proxectos de diferentes campos, formalizando e definindo deseños técnicos empregando esbozos e planos conforme a normativa UNE e ISO.	OBX4

Contidos
• Representación de corpos e pezas industriais sinxelas. Esbozos e planos de taller. Cortes, seccións e roturas. Perspectivas normalizadas. • Deseño, ecoloxía e sustentabilidade. • Proxectos en colaboración. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto de enxeñaría ou arquitectónico sinxelo. • Planos de montaxe sinxelos. Elaboración e interpretación.

Bloque 4. Sistemas CAD	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Analizar a evolución das estruturas xeométricas e dos elementos técnicos na arquitectura e na enxeñaría contemporáneas, valorando a influencia do progreso tecnolóxico e das técnicas dixitais de representación e modelaxe nos campos da arquitectura e da enxeñaría.	OBX1
• CA4.2. Elaborar mediante aplicacións CAD a documentación gráfica apropiada a proxectos de diferentes campos, formalizando e definindo deseños técnicos conforme a normativa UNE e ISO.	OBX4
• CA4.3. Integrar o soporte dixital na representación de obxectos e construcións mediante aplicacións CAD valorando as posibilidades que estas ferramentas achegan ao debuxo e ao traballo colaborativo.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Aplicacións CAD. Construcións gráficas en soporte dixital.

9.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Debuxo Técnico desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Debuxo Técnico e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2		4	1	4	1		1-2
OBX2	2		1-2-4		1.1-5		2	
OBX3			1-2-4		1.1-5		2-3	
OBX4	2		1-4	2	1.1-3.2-5		3	
OBX5			2-3-4	1-2-3			3	3.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A preparación do futuro profesional e persoal do alumnado por medio do manexo de técnicas gráficas con medios tradicionais e dixitais, xerando situacións de traballo nas que se apliquen as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando ferramentas de deseño asistido por computador.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A adquisición e a posta en práctica de estratexias como o razoamento lóxico, a visión espacial, o uso da terminoloxía específica, a toma de datos e a interpretación de resultados necesarios en estudos posteriores.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias cun enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación da fenda de xénero que existe actualmente nos estudos técnicos.

10. Debuxo Técnico Aplicado ás Ártes Plásticas e ao Deseño.

10.1. Introdución.

O debuxo técnico e o debuxo artístico son dúas disciplinas complementarias e, de feito, existe unha poderosa relación entre a arte e a xeometría ou a arte e a ciencia, relación que se remonta á cultura exipcia e ao clasicismo grego, pasando polo Renacemento, a Revolución Industrial ou movementos de vangarda, como o construtivismo ruso ou a escola Bauhaus, e que segue presente tanto en correntes artísticas e técnicas de ilustración que teñen como soporte a pura xeometría, ata a súa inequívoca presenza como ferramenta de creación e comunicación no deseño e en diversos oficios artísticos. Esta materia, dirixida ao alumnado que cursa estudos de bacharelato na modalidade de Artes, pretende poñer en valor o relevante papel que cumpre o debuxo técnico como elemento de comunicación gráfica e xerador de formas, así como a súa incidencia na transformación da contorna construída. Vincúlase ademais con moitas das competencias clave e cos obxectivos da etapa, en tanto que desenvolve a creatividade e enriquece as posibilidades de expresión do alumnado, consolida hábitos de disciplina e responsabilidade no traballo individual e en grupo, integra coñecementos científicos, estimula o razoamento lóxico para a resolución de problemas prácticos, desenvolve destrezas tecnolóxicas, competencias dixitais e fortalece

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

capacidades e intelixencias inter e intrapersoais. De forma transversal, abórdanse tamén desafíos do século XXI, especialmente e de maneira moi directa o consumo responsable, a valoración da diversidade persoal e cultural, o compromiso cidadán no ámbito local e global, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital e a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento.

A materia de Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño ten un marcado carácter multidisciplinar e funcional, favorecedor de metodoloxías activas que promovan o traballo en grupo, a experimentación e o desenvolvemento da creatividade sobre a base da resolución de propostas de deseño ou a participación en proxectos interdisciplinares, o que contribúe ao desenvolvemento das competencias clave no seu conxunto e á adquisición dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, a incorporación de maneira transversal de diferentes ferramentas e programas de deseño e debuxo en 2D e 3D contribúe a que o alumnado integre esta linguaxe e dótao de competencias dixitais indispensables para o seu futuro profesional. Ademais, fomenta a participación activa do alumnado en igualdade, adoptando un enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación de calquera estereotipo que supoña unha discriminación.

As ensinanzas artísticas teñen entre os seus obxectivos proporcionarlle ao alumnado as destrezas necesarias para representar e crear obxectos e espazos, comunicar ideas e sentimentos e desenvolver proxectos. Entre estas ensinanzas, atópase a materia de Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño, que adquire un papel especialmente relevante en todas aquelas disciplinas artísticas que requiren anticipar e comunicar aquilo que despois vai ser materializado seguindo unhas pautas de representación que atenden a sistemas normalizados. A comprensión e o uso de diferentes construcións xeométricas e técnicas de representación mediante a realización de bosquexos, esbozos a man alzada, planos ou modelizacións dixitais é de grande importancia para desenvolver a creatividade do alumnado e unha comunicación máis efectiva, e favorece ademais o desenvolvemento do pensamento diverxente, a observación, a transferencia a outras situacións, así como a comprensión da súa contorna.

A finalidade dos criterios de avaliación é determinar o grao de consecución dos obxectivos da materia, comprobar en que medida se interiorizan os coñecementos, como se aplican estes e determinar se o alumnado adopta actitudes ou valores importantes para o seu

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

desenvolvemento persoal e académico. Na súa formulación, polo tanto, atópanse claras referencias ao saber ver, ao saber facer e ao saber ser.

Ao longo dos dous cursos de bacharelato, os conxuntos de contidos adquiren un grao de dificultade e de afondamento progresivo. Durante o primeiro curso trabállanse transformacións e construcións xeométricas básicas, iníciase o alumnado nos sistemas de representación, na normalización e no traballo con ferramentas dixitais en dúas e tres dimensións e, en todos os casos, propóñense aplicacións prácticas destes contidos en diferentes ámbitos da arte e do deseño. Durante o segundo curso, e sobre a base dos contidos anteriores, o alumnado irá adquirindo un coñecemento máis amplo desta disciplina e abordará a súa aplicación en proxectos máis especializados ou cun grao de complexidade maior.

Os criterios de avaliación e os contidos desta materia organízanse ao redor de catro bloques interrelacionados:

No bloque «Xeometría, arte e contorna», o alumnado analiza a presenza da xeometría nas formas naturais e nas obras e representacións artísticas do pasado e do presente, e aborda o estudo das principais construcións e transformacións xeométricas para aplicalas ao deseño gráfico, de patróns e mosaicos.

No bloque «Sistemas de representación do espazo aplicados», preténdese que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial ou comunicar o resultado final dun produto ou espazo que deseñaron, optando polo sistema representativo máis conveniente para o seu proxecto creativo.

No bloque «Normalización e deseño de proxectos», dótase o alumnado dos contidos necesarios para que a información representada sexa interpretada de forma inequívoca por calquera persoa que posúa o coñecemento dos códigos e normas UNE e ISO, co fin de elaborar, de forma individual ou en grupo, proxectos de deseño sinxelos.

Por último, no bloque «Ferramentas dixitais para o deseño», preténdese que o alumnado sexa capaz de utilizar diferentes programas e ferramentas dixitais en proxectos artísticos ou de deseño e que adquira un coñecemento básico que lle permita experimentar e, posteriormente e de forma autónoma, actualizar continuamente as súas habilidades dixitais e técnicas implicadas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

10.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Observar, analizar e valorar a presenza da xeometría na natureza, a contorna construída e a arte, identificando as súas estruturas xeométricas, elementos e códigos, cunha actitude proactiva de apreciación e gozo, para explicar a súa orixe, función e intencionalidade en distintos contextos e medios.
• Este obxectivo fai referencia á capacidade de identificar e de analizar a presenza de estruturas xeométricas subxacentes na arte do pasado e do presente, na natureza e na contorna construída, e de recoñecer o seu papel relevante como elemento compositivo e xerador de ideas e formas. Trátase, polo tanto, de abordar o estudo da xeometría a través da exploración e do descubrimento, de analizar o uso de curvas, polígonos e transformacións xeométricas no contexto das culturas nas que se empregaron, para chegar a un coñecemento máis amplo e rico das manifestacións artísticas do pasado e do presente. Esta amplitude de coñecemento fomentará no alumnado que gocen coa análise e coa identificación das formas e estruturas xeométricas presentes tanto en producións artísticas coma na súa contorna construída.
OBX2. Desenvolver propostas gráficas e de deseño utilizando tanto o debuxo a man alzada como os materiais propios do debuxo técnico e elaborando trazados, composicións e transformacións xeométricas no plano de forma intuitiva e razoada, para incorporar estes recursos tanto na transmisión e desenvolvemento de ideas coma na expresión de sentimentos e emocións.
• Este obxectivo implica o dominio na representación e no trazado das principais formas e construcións xeométricas e, o que é máis importante, a súa integración dentro da linguaxe plástica persoal do alumnado. Trátase, polo tanto, de fomentar a incorporación deses elementos en procesos de creación autónoma e de experimentación práctica estimulando, por unha banda, a súa percepción e conceptualización da realidade coa finalidade de recreala ou de interpretala artisticamente e, por outra, de proporcionar recursos xeométricos básicos para a concepción e o deseño de elementos decorativos, mosaicos, patróns e tipografías. Estas producións artísticas non só materializan estruturas formais, ideas ou conceptos estéticos, senón que constitúen para o alumnado un recurso valioso para expresar os seus sentimentos e canalizar as súas emocións e que o apoiará na construción da súa identidade.
OBX3. Comprender e interpretar o espazo e os obxectos tridimensionais analizando e valorando a súa presenza nas representacións artísticas, seleccionando e utilizando o sistema de representación máis adecuado para aplicalo á realización de ilustracións e proxectos de deseño de obxectos e espazos.
• Este obxectivo fai referencia á aptitude para escoller e aplicar os procedementos e sistemas de representación –vistas en diédrico, perspectiva axonométrica, perspectiva cabaleira e perspectiva cónica– máis adecuados á finalidade do proxecto artístico que se quere plasmar. Persegue tamén o desenvolvemento da visión espacial e a habilidade no esbozo e no debuxo a man alzada, co que se mellorarán as destrezas gráficas do alumnado en cómics, ilustracións e deseños de obxectos e espazos. Trátase, en fin, de dotar o alumnado de ferramentas comunicativas gráficas, de mellorar a súa visión espacial e de inicialo nalgunha das aplicacións dos sistemas de representación nos campos da arte e do deseño.
OBX4. Analizar, definir formalmente ou visualizar ideas, aplicando as normas fundamentais UNE e ISO para interpretar e representar obxectos e espazos, así como documentar proxectos de deseño.
• Este obxectivo require a aplicación dunha serie de códigos gráficos e normas xeneralizadas (UNE e ISO) que permiten comunicar, de forma clara e unívoca, solucións persoais e proxectos de deseño, realizados de forma individual ou en grupo, mediante o debuxo de bosquexos ou esbozos, co que supón o paso intermedio entre a idea e a execución material do deseño. Trátase de iniciar o alumnado nun tipo de representación cuxas calidades fundamentais son a funcionalidade, a operatividade e a universalidade, pois o debuxo normalizado debe ser portador de información útil, eficaz para ser aplicada e altamente codificada mediante normas internacionais para que sexa interpretado de forma inequívoca.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX5. Integrar e aproveitar as posibilidades que ofrecen as ferramentas dixitais, seleccionando e utilizando programas e aplicacións específicas de debuxo vectorial 2D e de modelaxe 3D para desenvolver procesos de creación artística persoal ou de deseño.
• Este obxectivo comporta a adquisición dun coñecemento práctico e instrumental das principais ferramentas e técnicas de debuxo e modelaxe en dúas e tres dimensións de maneira transversal ao resto de contidos da materia. Implica o uso de dispositivos dixitais como ferramentas de aplicación no proceso creativo, a súa incorporación para a experimentación en diferentes disciplinas e tendencias artísticas e como instrumento de xestión e presentación de proxectos de deseño gráfico, de obxectos e de espazos.

10.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I 1º curso	
Bloque 1. Xeometría, arte e contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer diferentes tipos de estruturas, formas e relacións xeométricas na natureza, na contorna urbana, na arte e no deseño, e tamén nos elementos da vida cotiá, analizando a súa función e valorando a importancia dentro do contexto histórico e social no que aparecen.	OBX1
• CA1.2. Debuxar formas poligonais e resolver tanxencias básicas e simetrías aplicadas ao deseño de formas, valorando a importancia da limpeza e a precisión no trazado co instrumental de debuxo técnico.	OBX2
• CA1.3. Transmitir ideas, sentimentos e emocións mediante a realización de estudos, esbozos e apuntamentos do natural a man alzada, identificando a xeometría interna e externa das formas e apreciando a súa importancia no debuxo de obxectos e a composición no cadro.	OBX2
• CA1.4. Realizar bosquexos e esbozos conforme a norma UNE ISO comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	OBX4
Contidos	
• A xeometría na natureza, na contorna e na arte. Observación directa e indirecta. • A xeometría na composición. • A representación do espazo na arte. Estudos sobre a xeometría e a perspectiva ao longo da historia da arte. • Relacións xeométricas na arte e no deseño: proporción, igualdade e simetría. O número áureo na arte e na natureza. • Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. • Construcións poligonais. Aplicación no deseño. • Tanxencias básicas. Curvas técnicas. Aplicación no deseño. • Estudos a man alzada da xeometría interna e externa da forma. Apuntamentos e esbozo.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Sistemas de representación do espazo aplicado	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Diferenciar as características dos distintos sistemas de representación seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación.	OBX3
• CA2.2. Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas diédricas en sistema europeo.	OBX3
• CA2.3. Deseñar envases sinxelos representándoos de forma clara e precisa en perspectiva isométrica ou cabaleira seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	OBX3
• CA2.4. Debuxar ilustracións ou viñetas aplicando as técnicas da perspectiva cónica na representación de espazos, obxectos ou persoas desde distintos puntos de vista.	OBX3
• CA2.5. Realizar bosquexos e esbozos conforme a norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	OBX4
Contidos	
• Concepto e tipos de proxección. Finalidade dos distintos sistemas de representación. • Sistema diédrico ortogonal no primeiro diedro. Vistas en sistema europeo. • Perspectivas isométrica e cabaleira. Iniciación ao deseño de *packaging*. • Aplicación da perspectiva cónica, frontal e oblicua ao cómic e á ilustración.	
Bloque 3. Normalización e deseño de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Diferenciar as características dos distintos sistemas de representación seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación.	OBX3
• CA3.2. Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas diédricas no sistema europeo.	OBX3
• CA3.3. Deseñar envases sinxelos representándoos de forma clara e precisa en perspectiva isométrica ou cabaleira, seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	OBX3
• CA3.4. Realizar bosquexos e esbozos conforme a norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	OBX4
Contidos	
• Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE e ISO. • Documentación gráfica de proxectos: necesidade e ámbito de aplicación das normas. • Elaboración de bosquexos e esbozos.	
Bloque 4. Ferramentas dixitais para o deseño	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas diédricas en sistema europeo.	OBX3
• CA4.2. Deseñar envases sinxelos representándoos de forma clara e precisa en perspectiva isométrica ou cabaleira, seleccionando en cada caso o sistema máis apropiado á finalidade da representación e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.3. Realizar bosquexos e esbozos conforme a norma UNE ISO, comunicando a forma e as dimensións de obxectos, propoñendo ideas creativas e resolvendo problemas con autonomía, limpeza e precisión.	OBX4
• CA4.4. Adquirir destrezas no manexo de programas, ferramentas e técnicas de debuxo vectorial en 2D, aplicándoos á realización de proxectos de deseño.	OBX5
• CA4.5. Iniciarse na modelaxe en 3D mediante o deseño de esculturas ou instalacións, valorando o seu potencial como ferramenta de creación e expresión.	OBX5
Contidos	
• Iniciación ás ferramentas e ás técnicas de debuxo vectorial en 2D. Aplicacións ao deseño gráfico. • Iniciación á modelaxe en 3D. Aplicacións a proxectos artísticos.	

2º curso.

Materia de Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II 2º curso	
Bloque 1. Xeometría, arte e contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar e explicar a presenza de formas e relacións xeométricas na arte e no deseño, comprendendo o motivo ou a intencionalidade coa que se utilizaron.	OBX1
• CA1.2. Deseñar patróns e mosaicos aplicando as transformacións xeométricas ao deseño de patróns, mosaicos e redes modulares.	OBX2
• CA1.3. Deseñar formas creativas empregando tanxencias, enlaces e curvas cónicas e técnicas.	OBX2
• CA1.4. Deseñar espazos ou escenografías aplicando a perspectiva cónica, representando as luces e as sombras dos obxectos contidos para alcanzar unha maior comprensión e definición da realidade e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	OBX3
• CA1.5. Realizar e presentar proxectos aproveitando as posibilidades que os diferentes programas dixitais, aplicacións infográficas e ferramentas de debuxo vectorial achegan aos campos do deseño e da publicidade.	OBX5
Contidos	
• Composicións modulares no deseño gráfico de obxectos e de espazos. • Xeometría e ilusións ópticas na arte e no deseño. • As curvas cónicas na natureza, na contorna, na arte e no deseño. • A representación do espazo no deseño e na arte contemporánea. • Transformacións xeométricas aplicadas á creación de mosaicos e patróns. Trazado con e sen ferramentas dixitais. • Enlaces e tanxencias. Aplicación no deseño gráfico mediante trazado manual e dixital.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Sistemas de representación do espazo aplicado	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Debuxar, nas perspectivas isométrica e cabaleira, formas volumétricas incorporando curvas.	OBX3
• CA2.2. Deseñar espazos ou escenografías aplicando a perspectiva cónica, representando as luces e as sombras dos obxectos contidos para alcanzar unha maior comprensión e definición da realidade e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	OBX3
• CA2.3. Proxectar, de maneira individual ou en grupo, un deseño sinxelo, comunicando de maneira clara e inequívoca a súa forma e dimensións mediante o uso da normalización, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo.	OBX4
• CA2.4. Realizar e presentar proxectos, aproveitando as posibilidades que os diferentes programas dixitais, aplicacións infográficas e ferramentas de debuxo vectorial achegan aos campos do deseño, do publicidade e da arte.	OBX5
Contidos	
• Representación da circunferencia e de sólidos sinxelos en perspectivas isométrica e cabaleira. Aplicación ao deseño de formas tridimensionais. • Estruturas poliédricas. Os sólidos platónicos. Aplicación na arquitectura e no deseño. • Aplicacións da perspectiva cónica, frontal, oblicua e de cadro inclinado ao deseño de espazos e obxectos. Representación de luces e sombras.	
Bloque 3. Normalización e deseño de proxectos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Debuxar, nas perspectivas isométrica e cabaleira, formas volumétricas incorporando curvas.	OBX3
• CA3.2. Deseñar espazos ou escenografías aplicando a perspectiva cónica, representando as luces e as sombras dos obxectos contidos para alcanzar unha maior comprensión e definición da realidade e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	OBX3
• CA3.3. Proxectar, de maneira individual ou en grupo, un deseño sinxelo, comunicando de maneira clara e inequívoca a súa forma e dimensións mediante o uso da normalización, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo.	OBX4
• CA3.4. Realizar e presentar proxectos aproveitando as posibilidades que os diferentes programas dixitais, aplicacións infográficas e ferramentas de debuxo vectorial achegan aos campos do deseño, da publicidade e da arte.	OBX5
Contidos	
• Fases dun proxecto de deseño: do esbozo ao plano de taller. • Representación de obxectos mediante as súas vistas coutadas. Cortes, seccións e roturas.	
Bloque 4. Ferramentas dixitais para o deseño	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Deseñar patróns e mosaicos aplicando as transformacións xeométricas ao deseño de patróns, mosaicos e redes modulares.	OBX2
• CA4.2. Deseñar formas creativas, empregando tanxencias, enlaces e curvas cónicas e técnicas.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.3. Debuxar, nas perspectivas isométrica e cabaleira, formas volumétricas incorporando curvas.	OBX3
• CA4.4. Deseñar espazos ou escenografías aplicando a perspectiva cónica, representando as luces e as sombras dos obxectos contidos para alcanzar unha maior comprensión e definición da realidade e reflexionando sobre o proceso realizado e o resultado obtido.	OBX3
• CA4.5. Proxectar, de maneira individual ou en grupo, un deseño sinxelo, comunicando de maneira clara e inequívoca a súa forma e dimensións mediante o uso da normalización, aplicando estratexias e destrezas que axilicen o traballo colaborativo.	OBX4
• CA4.6. Realizar e presentar proxectos aproveitando as posibilidades que os diferentes programas dixitais, aplicacións infográficas e ferramentas de debuxo vectorial achegan aos campos do deseño, da publicidade e da arte.	OBX5
Contidos	
• Debuxo asistido por ordenador aplicado a proxectos de arte e de deseño.	

10.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2		2	1	4	1		1-2
OBX2	1		2		1.1-5			3.1-3.2-4.1-4.2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3			4		1.1-5		3	3.1-3.2-4.1-4.2
OBX4	2		4	3	5		3	3.2-4.1-4.2
OBX5		1-2	3	2-3	5		3	3.1-4.1-4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O deseño de proxectos multidisciplinares de carácter funcional que doten dun sentido práctico os traballos desenvolvidos, co fin de potenciar unha aprendizaxe significativa.

– O uso de diferentes metodoloxías activas que promovan o traballo en grupo na resolución colaborativa de problemas, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos de forma autónoma e sempre tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe dos membros de cada equipo de traballo.

– A creación na aula dun clima apropiado para reforzar a autoestima, o desenvolvemento da creatividade, a experimentación técnica en proxectos interdisciplinares gráfico-plásticos e potenciando tamén o uso de ferramentas e programas de deseño e debuxo en 2D e 3D.

– O emprego de estratexias para traballar transversalmente a participación activa do alumnado en materia de igualdade, cun enfoque inclusivo, non sexista e de superación de estereotipos discriminatorios. Tamén empregar estratexias para superar os desafíos do século XXI que atendan ao consumo responsable, á diversidade cultural dun mundo cada vez máis globalizado, a unha actitude crítica, ética e responsable da cultura dixital e ao entendemento de que o coñecemento e o compromiso cidadán son o motor do desenvolvemento.

– A realización de traballos diferenciados que favorezan un proceso creativo autónomo, baseado na reflexión persoal, na disciplina e na responsabilidade, atendendo á individualidade de cada alumno, así como ás necesidades específicas de todos eles, á prevencións de dificultades e á posta en práctica de mecanismos para superalas a medida que aparezan.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

11. Deseño.

11.1. Introdución.

O concepto de deseño foi evolucionando ao longo da historia, pero é a partir da Revolución Industrial cando, a medida que os procesos industriais mecanizados van superpoñéndose e superando os artesanais, a organización e a planificación gañan en importancia. En consecuencia, o concepto vaise achegando á súa acepción máis actual. Grazas ao deseño mellórase a nosa calidade de vida, xerando produtos, aplicacións e servizos que modifican e interveñen na contorna segundo unhas necesidades concretas. O deseño converteuse nunha actividade fundamental no noso mundo, xa que se encarga de dinamizar a industria e a economía, e é, pola súa vez, un motor xerador de consumo. Por este motivo, faise necesaria unha reflexión responsable sobre como optimizar os recursos dispoñibles e levar a cabo un deseño sustentable que posibilite o equilibrio entre a calidade de vida e a modificación da contorna sen deteriorar o ambiente e sen comprometer os recursos naturais. Xunto a esta reflexión de sustentabilidade xorde un discurso centrado na igualdade de oportunidades, no respecto á diversidade e, en consecuencia, a adecuación dun deseño cada vez máis inclusivo.

O coñecemento do deseño non só inclúe os antecedentes, correntes, estéticas e figuras relevantes, senón tamén a resposta a problemas concretos que existen detrás dunha necesidade funcional. O deseño proporciónalle ao alumnado ferramentas para desenvolver ideas, representalas e dar solución a problemas concretos, favorecendo o uso de metodoloxías proxectuais propias desta disciplina.

Doutra banda, e de maneira transversal, inclúese nos temas de análises propias da materia a transformación que supuxo en todos os ámbitos do deseño a democratización dos medios e ferramentas dixitais, xa que estas supuxeron unha revolución tanto no tempo que se inviste nun proxecto como nas metodoloxías de traballo, as técnicas de creación, a presentación e a difusión de proxectos.

A materia de Deseño proporciónalle ao alumnado os fundamentos e destrezas necesarios para iniciarse no deseño e senta as bases para afrontar estudos superiores relacionados con esta disciplina. Supón unha aproximación tanto aos principais campos do deseño como a distintas metodoloxías de análises, estudo e creación, que son aplicables tamén a outros ámbitos de coñecemento Para iso, a materia organízase ao redor do seguintes catro grandes eixos temáticos. Nun primeiro lugar, unha análise reflexiva e crítica do mundo que rodea o alumnado, que permitirá identificar as estruturas formais, semánticas e comuni-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

cativas dos produtos de deseño mediante a decodificación da súa linguaxe específica. En segundo lugar, o coñecemento das técnicas, ferramentas e procedementos analóxicos e dixitais de creación, composición, representación e presentación propios do deseño bidimensional e tridimensional. Nun terceiro lugar, o afondamento nas metodoloxías proxectuais aplicadas ao desenvolvemento de produtos innovadores e creativos sobre a base do deseño inclusivo. E, por último, en cuarto lugar, o estudo da relación entre forma e función no deseño.

Os obxectivos da materia de Deseño formúlanse arredor deses catro eixes que emanan das competencias clave e os contidos establecidos para a etapa de bacharelato. Estes obxectivos están deseñados de maneira que varios deles poden acometerse de maneira global e simultánea, polo que a orde no que se presentan non é vinculante nin representa ningunha xerarquía entre eles.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución.

Os contidos da materia organízanse en cinco bloques. O primeiro, denominado «Concepto, historia e campos do deseño», permite abordar a evolución histórica do deseño, así como conceptos máis recentes como o deseño sustentable ou o deseño inclusivo. Este bloque tamén inclúe os diversos campos de aplicación do deseño, así como unha reflexión sobre ausencias e esquecementos neste ámbito, como o das mulleres deseñadoras ou as achegas ao deseño contemporáneo de culturas que non pertencen ao foco occidental. «O deseño: configuración formal e metodoloxía» é a denominación do segundo bloque, que abarca os elementos básicos da linguaxe propia do deseño e as súas formas de organización, desde a sintaxe visual e os significados, ata as diferentes fases do proceso de deseño. Neste bloque incorpórase, así mesmo, unha aproximación a aspectos relacionados coa propiedade intelectual. O terceiro bloque, titulado «Deseño gráfico», incorpora os campos propios do deseño bidimensional, como a tipografía, o deseño editorial, a imaxe de marca, a sinalización e o deseño publicitario bidimensional. Tamén recolle as técnicas propias do deseño gráfico e a maquetación, ademais da concepción de proxectos de comunicación gráfica. No cuarto bloque, denominado «Deseño tridimensional de produto», inclúense os sistemas de representación espacial adecuados a cada proxecto, considerando tamén o packaging ou a representación de volumes. Neste bloque introdúcense os conceptos de ergonomía, biometría e antropometría, ademais do de diversidade funcional. No quinto bloque, «Deseño de espazos», recóllense, por unha banda, as tipoloxías e as sensacións que os espazos xeran e, por outro, o diálogo entre o deseño e a funcionalidade destes, incorporando a perspectiva do deseño inclusivo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

A aprendizaxe destes contidos cobra todo as súas sentido grazas ao papel fundamental que xogan no proceso de adquisición dos obxectivos. Por iso, a orde secuencial no que están presentados non debe interpretarse como unha invitación a que sexan tratados de maneira sucesiva; ao contrario, será necesario abordalos de maneira integral, co fin de facilitarlle ao alumnado unha visión global do deseño. De maneira transversal, incorporarase o uso de ferramentas dixitais aplicadas tanto ao deseño bidimensional como ao tridimensional.

Por último, non hai que esquecer que deseñar é planificar e, polo tanto, anticipar as actuacións e intervencións para obter a solución a un problema determinado. O obxectivo do deseño é mellorar a contorna, e con el, a calidade de vida, mediante a mellora dos produtos que utilizamos. O deseño implica traballo interdisciplinario, interacción de saberes, conexión de disciplinas; en definitiva, trátase dunha gran ferramenta á disposición do alumnado capaz de aproveitar o seu poder de transformación.

11.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Identificar os fundamentos do deseño para partir da análise crítica de diversos produtos de deseño bidimensional e tridimensional, para profundar na comprensión tanto da complexidade dos procesos e ferramentas que interveñen, como da dimensión simbólica e semántica das súas linguaxes.
• A diversidade do patrimonio cultural e artístico debe entenderse como unha das maiores fontes de enriquecemento da humanidade. Os produtos elaborados por esta materializan ese concepto de diversidade unido ao do seu deseño, que se fundamenta nos seus procesos e ferramentas propios. Mediante a exploración das formas e funcións desas producións, o alumnado poderá descifrar as súas estruturas internas e os seus procesos materiais e conceptuais de creación, xerando así unha oportunidade para reflexionar sobre as posibilidades de volver transformar estes obxectos xa existentes, mellorándoos na súa funcionalidade ou adaptándoos a novas necesidades. Os ámbitos de aplicación do deseño son extremadamente amplos, xa que o seu desenvolvemento cobre a totalidade da actividade humana. Da mesma forma, as linguaxes específicas do deseño son igualmente ricas e plurais, e presentan unha importante dimensión simbólica e semántica. Os soportes, medios e elementos poden ser moi numerosos, de modo que o seu estudo resulta complexo. A pesar diso, os significantes e os significados dos produtos de deseño articúlanse mediante unha sintaxe que podería considerarse como universal, aínda que presenta a miúdo variantes culturais, xeográficas, económicas e sociais que deben coñecerse para comprender mellor a súa intención comunicativa e para que a recepción destes produtos sexa correcta. • A asimilación desta sintaxe por parte do alumnado permítelle comprender as linguaxes que articula, así como valorar o peso da función e a forma en calquera produto de deseño. Deste xeito, pode identificar a relación existente entre estes dous conceptos, de cuxo equilibrio ou desequilibrio depende a identidade dun produto de deseño. • O alumnado pode traballar estes aspectos por medio da investigación de fontes documentais de diversos tipos, analóxicas ou dixitais, así como a partir da análise dos propios obxectos, comunicando as súas conclusións mediante producións orais, escritas e multimodais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Reflexionar desde a propia identidade cultural sobre as orixes, os principios e as funcións do deseño, comparando e analizando producións de diferentes épocas, estilos e ámbitos de aplicación, para valorar a influencia da contorna e a cultura na devandita actividade, asociando estas tarefas cos niveis de impacto ambiental do ser humano no planeta.
• O concepto de deseño variou ao longo da historia, pero sempre estivo ligado á planificación do desenvolvemento de produtos que acheguen solucións a problemas determinados. Como consecuencia da variabilidade dos problemas e necesidades das distintas sociedades e ámbitos de aplicación, a historia do deseño reflicte como as circunstancias históricas, xeográficas, económicas e sociais condicionaron fortemente a estética e a funcionalidade dos produtos que aquelas crearon. O coñecemento destes aspectos polo alumnado condúceo, ademais, a unha reflexión profunda sobre o modo en que a humanidade foi transformando o planeta sen tomar conciencia do impacto ambiental que producía. En cambio, o deseño actual preséntase como unha potente ferramenta para buscar a sustentabilidade en calquera actividade, posibilitando así o amortecemento do devandito impacto. • Tamén se propiciará a reflexión sobre outros aspectos relevantes que axuden a visibilizar ausencias importantes na construción do canon do deseño, como a de mulleres entre as figuras relevantes desta disciplina ou a da achega das culturas non occidentais. • O alumnado pode traballar estes aspectos por medio da investigación de fontes documentais de diversos tipos, tanto analóxicas como dixitais, así como da análise dos propios obxectos, comunicando as súas conclusións mediante producións orais, escritas e multimodais.
OBX3. Analizar de maneira crítica e rigorosa distintas configuracións formais, compositivas e estruturais presentes no deseño de diferentes produtos, identificando os seus elementos plásticos, estéticos, funcionais e comunicativos, para enriquecer as súas propias producións e conformarse unha opinión sólida que responda a estratexias comerciais e de mercadotecnia vinculadas ao deseño gráfico, a campañas de deseño publicitario, ao *packaging* de produtos ou ao deseño de espazos que favorecen a actividade comercial.
• O xiro cara a unha sociedade de consumo responsable e sustentable debe ser un eixe vertebrador da materia de Deseño. É este un terreo que supón unha gran responsabilidade, que o alumnado debe coñecer e asumir aplicando criterios éticos na xeración de produtos, o que idealmente poderá trasladar ao seu propio rol como consumidor e achegaralle ferramentas poderosas para responder á manipulación da propaganda. • O alumnado debe identificar os diferentes elementos constitutivos do deseño, entre os que destacan a forma e a cor, moi importantes na estética, así como a composición (orde, composición modular, simetría, dinamismo e deconstrución) ou os aspectos materiais e as súas múltiples combinacións e articulacións. Pola súa vez, ha de descifrar e descubrir as estratexias comunicativas ou funcionais subxacentes en produtos de deseño relativos a calquera campo de aplicación, tendo moi en conta a contorna dixital. Ademais de identificar estes elementos, debe coñecer as metodoloxías e procesos proxectuais que conducen á creación de produtos de deseño, o que lle permitirá tanto recoñecelos na súa contorna como aplicalos nas súas propias producións.
OBX4. Planificar proxectos de deseño individuais e colectivos, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos necesarios, para propoñer e analizar criticamente solucións creativas en resposta a necesidades propias e alleas.
• O deseño gráfico, de produto ou de espazos, tanto bidimensional como tridimensional, incluída a contorna dixital, require dunha metodoloxía concreta baseada na planificación dunhas fases específicas. A organización destas estratexias de planificación depende de moitos factores, pero en gran medida o condicionante maior é o público obxectivo ao que se destina o produto. O alumnado debe avaliar o proxecto valorando a súa adecuación aos obxectivos propostos e seleccionando con criterio as ferramentas e recursos necesarios para o desempeño do traballo, entre os que se contan os soportes, técnicas, métodos e sistemas de representación e presentación –incluída a contorna dixital–, entendendo que o proceso é unha parte fundamental do deseño e debe terse en conta tanto como o produto final que hai que xerar. Ao valoralos destácanse os mecanismos subxacentes que rodean o produto creado, o que permite aplicalos tanto ás subseguintes creacións propias como á análise doutros produtos de deseño alleos. Dentro do contexto global de sustentabilidade que privilexia a disciplina, débese promover o enfoque creativo e innovador tanto no proceso de procura de solucións e planificación, como na resolución e creación dos produtos. A materia inclúe o traballo colaborativo

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

como unha forma de enriquecemento persoal e como unha maneira de anticiparse a posibles proxeccións académicas ou profesionais, integrando o alumnado en equipos de traballo que se organicen autonomamente e dean unha resposta diversa e imaxinativa aos problemas que vaian xurdindo no desenvolvemento de proxectos de deseño. Para iso, é importante que as alumnas e os alumnos sexan capaces de responder con flexibilidade e eficacia ás necesidades, circunstancias e características dos proxectos que se expoñan.

OBX5. Desenvolver propostas persoais e imaxinativas a partir de ideas ou produtos preexistentes, considerando a propiedade intelectual, para responder con creatividade a necesidades propias e alleas e potenciar a autoestima e o crecemento persoal.

• A actividade do deseño consiste en formular a solución dun problema ou dunha necesidade por medio de diversas propostas. O desenvolvemento destas propostas é, por unha banda, un vehículo para comunicar ideas propias, sentimentos e inquietudes persoais, e, por outro, unha oportunidade da imaxinación e da creatividade para materializarse en produtos cunha función determinada, proceso que resulta especialmente efectivo partindo da contorna inmediata do alumnado. Neste sentido, a adaptación creativa de produtos de deseño preexistentes é un exercicio moi enriquecedor para o alumnado, que lle permite, ademais, familiarizarse coas regulacións que protexen a propiedade intelectual, asimilándoa como un elemento esencial para o exercicio dunha cidadanía responsable e respectuosa.

• Por outra banda, o desenvolvemento da proposta poderá complementarse coa argumentación, exposición e posta en común das solucións de deseño adoptadas, o que dará como resultado unha reflexión empática e autocrítica sobre o traballo realizado e exposto, reforzando desta maneira a autoestima do alumnado.

OBX6. Crear produtos de deseño, respondendo con creatividade a necesidades concretas, incluídas as do deseño inclusivo e as relativas á sustentabilidade, e coidando a corrección técnica, a coherencia e o rigor da factura do produto, para potenciar unha actitude crítica e responsable que favoreza o desenvolvemento persoal, académico ou profesional no campo do deseño.

• O deseño é un proceso que supón a realización dun produto físico ou dixital, polo que debe cumprir cuns criterios técnicos de elaboración e execución e axustarse ás normas de representación formal e material da proposta, xa sexa en dúas ou en tres dimensións. Ante as diversas clases de necesidades que se lle formulen, o alumnado ha de seleccionar e utilizar de maneira coherente os recursos técnicos e procedementais ao seu alcance, utilizándoos como un apoio facilitador da comunicación e non como un condicionante. Este proceso require tanto dunha actitude crítica como autocrítica, algo que, ademais, contribúe á construción e ao enriquecemento da identidade persoal e das aptitudes académicas ou profesionais do alumnado.

• Por outra banda, entre os cambios que enriqueceron a disciplina nas últimas décadas, atópanse os producidos pola incorporación da sustentabilidade e do deseño inclusivo. Este último implica unha modificación na mentalidade respecto ao paradigma da normalidade, xa que parte da idea de que as limitacións non corresponden ás persoas, senón que se producen na interacción entre estas e a contorna e os obxectos. Esta categoría do deseño, tamén coñecida como total ou universal, considera na súa orixe as habilidades, en lugar de propoñer adaptacións a unha solución de deseño non inclusiva. Así pois, esta competencia pretende que o alumnado tome conciencia de que o deseño inclusivo estea na base de todas as súas propostas de deseño gráfico, de produto ou de espazos, e que sexa tamén o punto de partida desde o que argumentar redeseños innovadores de produtos xa existentes, tanto en proxectos individuais como colectivos. Do mesmo xeito, as alumnas e os alumnos han de considerar a sustentabilidade nas súas propostas, tendo en conta para iso aspectos económicos, sociais e ecolóxicos. O alumnado ha de valorar o deseño inclusivo e a sustentabilidade como ferramentas de transformación da sociedade, tanto no persoal como no compartido, con múltiples derivadas en diversos ámbitos sociais, académicos e profesionais, e non debe esquecer o relativo á propiedade intelectual, sempre importante nos traballos de deseño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

11.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Deseño 2º curso	
Bloque 1. Concepto, historia e campos do deseño	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar as posibilidades de intervención do deseño inclusivo en diferentes ámbitos da actividade humana, poñendo en valor os proxectos innovadores e transformadores da sociedade.	OBX6
• CA1.2. Identificar as características fundamentais dos movementos, correntes, escolas e teóricos relacionados co deseño, de contextos xeográficos, históricos e sociais diversos e reflexionando de maneira crítica sobre as achegas das mulleres e das culturas non occidentais.	OBX2
• CA1.3. Analizar de maneira crítica as diferentes solucións de deseño vinculadas a un mesmo problema, reflexionando sobre o seu impacto na contorna e establecendo argumentos que promovan unha conciencia comprometida co ambiente e co deseño sustentable.	OBX2
• CA1.4. Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	OBX6
• CA1.5. Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sustentabilidade.	OBX4
• CA1.6 Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	OBX6
• CA1.7 Avaliar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos, como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	OBX6
Contidos	
• O deseño, as súas clasificacións e campos de aplicación. • Evolución histórica do deseño. Concepto e teorías do deseño. Artesanía e industrialización. A achega galega: o laboratorio de formas e Sargadelos. • Tendencias, períodos e principais escolas e figuras máis representativas no campo do deseño. A presenza da muller no ámbito do deseño. • Deseño, ecoloxía e sustentabilidade. O deseño na sociedade de consumo. Achegas do ecodeseño á solución dos retos socioambientais. • A diversidade como riqueza patrimonial. Deseño inclusivo.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Achega das culturas non occidentais ao canon do deseño universal. A apropiación cultural. • Fundamentos da propiedade intelectual. A protección da creatividade. Patentes e marcas.	
Bloque 2. O deseño: configuración formal e metodoloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer a relación entre as formas e as funcións en deseños, tanto bidimensionais como tridimensionais, percibíndoos como produtos susceptibles de transformacións e melloras.	OBX1
• CA2.2. Explicar nos obxectos de deseño as dimensións simbólicas e semánticas propias da súa linguaxe, identificando os seus elementos sintácticos e constitutivos con actitude receptiva e respectuosa.	OBX1
• CA2.3. Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sustentabilidade e o consumo responsable.	OBX3
• CA2.4. Proxectar solucións de deseño innovadoras en resposta a necesidades persoais ou de expresión propias, a partir de ideas ou produtos preexistentes.	OBX5
• CA2.5. Avaliar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	OBX6
• CA2.6. Participar activamente na organización adecuada dos equipos de traballo dos proxectos de deseño colaborativo, identificando as habilidades requiridas e repartindo e asumindo as tarefas con criterio.	OBX4
• CA2.7. Analizar as relacións compositivas en distintos produtos de deseño, identificando os elementos básicos da linguaxe visual e explicando o seu impacto en aspectos como a inclusión, a sustentabilidade e o consumo responsable.	OBX3
Contidos	
• Deseño e función. • A linguaxe visual. Elementos básicos: punto, liña, plano, cor, forma e textura. • Sintaxe da imaxe bidimensional e tridimensional. • Ordenación e composición modular. • Dimensión semántica do deseño. • Procesos creativos nun proxecto de deseño. • Proceso e fases do deseño. A metodoloxía proxectual. • Estratexias de organización dos equipos de traballo.	
Bloque 3. Deseño gráfico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sustentabilidade e o consumo responsable.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	OBX6
• CA3.3. Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	OBX6
• CA3.4. Avaliar as propostas de planificación propias e alleas de maneira crítica e argumentada, analizando a súa adecuación ao impacto de comunicación buscado.	OBX4
• CA3.5. Avaliar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos, como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	OBX6
• CA3.6. Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sustentabilidade.	OBX4
Contidos	
• Funcións comunicativas do deseño gráfico. • A tipografía: principais familias, lexibilidade, propiedades e usos no deseño. • O deseño gráfico e a composición. • Procesos e técnicas de deseño gráfico. • A imaxe de marca: o deseño corporativo. • Deseño editorial. A maquetación e composición de páxinas. • O deseño publicitario. Proxectos de comunicación gráfica. • A sinalización e as súas aplicacións.	
Bloque 4. Deseño de produto	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Analizar de maneira crítica as diferentes solucións de deseño vinculadas a un mesmo problema, reflexionando sobre o seu impacto na contorna e establecendo argumentos que promovan unha conciencia comprometida co ambiente e co deseño sustentable.	OBX2
• CA4.2. Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	OBX6
• CA4.3. Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sustentabilidade.	OBX4
• CA4.5. Participar activamente na organización adecuada dos equipos de traballo dos proxectos de deseño colaborativo, identificando as habilidades requiridas e repartindo e asumindo as tarefas con criterio.	OBX4
• CA4.6. Avaliar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	OBX6
• CA4.7. Identificar as posibilidades de intervención do deseño inclusivo en diferentes ámbitos da actividade humana, poñendo en valor os proxectos innovadores e transformadores da sociedade.	OBX6
• CA4.8. Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sustentabilidade e o consumo responsable.	OBX3
Contidos	
• Deseño de produto. Tipoloxías de obxectos no deseño volumétrico. • Sistemas de representación e estruturas compositivas aplicados ao deseño de produto. • Antropometría, ergonomía e biónica aplicadas ao deseño. • Deseño de produto e diversidade funcional. • Materiais, texturas e cores. Sistemas de produción e a súa repercusión no deseño. • O *packaging*: do deseño gráfico ao deseño do contedor do produto tridimensional. Iniciación ao seu desenvolvemento e técnicas de produción.	
Bloque 5. Deseño de espazos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Explicar nos obxectos de deseño as dimensións simbólicas e semánticas propias da súa linguaxe, identificando os seus elementos sintácticos e constitutivos con actitude receptiva e respectuosa.	OBX1
• CA5.2. Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	OBX6
• CA5.3. Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sustentabilidade e o consumo responsable.	OBX3
• CA5.4. Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sustentabilidade.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.5. Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	OBX6
• CA5.6. Identificar as posibilidades de intervención do deseño inclusivo en diferentes ámbitos da actividade humana, poñendo en valor os proxectos innovadores e transformadores da sociedade.	OBX6
Contidos	
• Deseño de espazos. Organización do espazo habitable, público ou privado. Distribución de espazos e percorridos. • Elementos construtivos. Principios de iluminación. Deseño de espazos interiores. • Percepción psicolóxica do espazo. • O deseño inclusivo de espazos.	

11.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Deseño desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e ou logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Deseño e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-3		1-2	1	4	1		2
OBX2	1-3		2		1.1	1-3-4		1
OBX3			1-5	2		1-4	1	1-2-4.1
OBX4		1	3	3	3.2-5	4	1-3	4.1-4.2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5			3		1.1	1-4	1-2-3	3.1-3.2-4.1-4.2
OBX6		1	3	3	2	4	1-3	3.2-4.1-4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de mecanismos que atendan os diferentes ritmos de aprendizaxe e que axuden á prevención das dificultades do alumnado durante o desenvolvemento das fases de investigación, análise e resolución das súas solucións creativas, tanto en traballo individual como en equipo e que promovan tamén a autoaprendizaxe fomentando a autonomía e a mellora da autoestima.

– O traballo en equipo como suma e interacción de saberes e personalidades diferentes para buscar solucións variadas, creativas, desenvolver diferentes roles dentro do grupo e repartir tarefas para obter distintas respostas, valorar e reflexionar sobre a importancia de traballar con outras persoas e obter solucións distintas ás que chegariamos de non o facer en común.

– A abordaxe de maneira transversal, para contribuír a unha formación global do alumnado, de aspectos relacionados coa prevención e xestión responsable dos residuos, así como sobre a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos materiais utilizados nos proxectos. O uso destas estratexias permitirá a creación de proxectos sustentables e a formación dunha conciencia ambiental desde as propias creacións na aula.

– A procura da reflexión sobre outros aspectos relevantes relacionados co impacto sociocultural desta disciplina, como o consumo responsable ou a propiedade intelectual para protexer a creatividade propia e allea.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O deseño como proceso para poñer en funcionamento diferentes procesos cognitivos e emocionais do alumnado que axuden a formar un pensamento creador sen prexuízos, a construír a súa propia identidade, valorar as opinións alleas, desenvolver o sentido crítico e traballar a empatía, a intelixencia emocional e a autoestima.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– As solucións creativas ás propostas da aula como posibilidade para valorar unha boa presentación, a composición organizada, a limpeza, a orde, e un bo acabado que será fundamental nunha primeira impresión ao dar a coñecer o resultado do seu traballo, non só durante o curso, senón tamén nun futuro laboral relacionado co deseño. Sen esquecer a transferencia e aplicación destas experiencias e aprendizaxes a outras disciplinas do saber.

– O deseño como ferramenta para aprender a planificar e anticipar as actuacións e intervencións e para obter solucións a problemas determinados, así como medio de conexión de disciplinas variadas.

– O poder de transformación do deseño como fin para mellorar a contorna e a calidade de vida. Reflexionar sobre a utilidade e perfección dos obxectos que utilizamos na vida cotiá.

– A proposta de situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado mellorar o desempeño das habilidades de creación, innovación, traballo en equipo e experimentación con diferentes técnicas, tanto tradicionais como dixitais, e sistemas de representación que sexan máis axeitados ao tipo de proposta curricular. Tamén a utilización do debuxo técnico como medio para definir e concretar as ideas creativas e valorar a innovación e actualización dos coñecementos das técnicas dixitais relacionadas co deseño de produtos e espazos.

– O traballo conxunto dos bloques de criterios de avaliación e contidos, no desenvolvemento destas situacións de aprendizaxe, sempre de acordo coa súa natureza. Desta forma, os coñecementos, destrezas e actitudes adquírense e aplícanse de maneira interrelacionada e progresiva, profundando no seu grao de complexidade. Estas situacións de aprendizaxe deben proporcionar unha visión dinámica das oportunidades de desenvolvemento persoal, académico e profesional que ofrece esta materia, e facilitar a posible transferencia destas aprendizaxes a outros campos ou disciplinas.

12. Economía.

12.1. Introdución.

A nosa realidade é incerta, pero ofrece multitude de posibilidades, vivimos nunha etapa de profundas transformacións aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da vida. Na nosa sociedade gozamos dun progreso económico único

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

que, con todo, xera niveis de pobreza non desexables, un exceso de contaminación, un incremento da desigualdade e un envellecemento da poboación nos países desenvolvidos. A globalización actual non se pode entender sen a dixitalización, que está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto.

O noso planeta está interconectado de múltiples maneiras, no ámbito económico, cultural, ambiental e social, entre outros. Somos responsables do impacto das nosas decisións, tanto individuais coma colectivas, no mundo. É necesario coñecer e tomar conciencia de como as nosas formas de vida afectan o clima, os recursos dispoñibles, a biodiversidade e a propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) para afrontar conxuntamente os principais desafíos do futuro. A educación é un instrumento fundamental para facer posible ese compromiso e, neste sentido, a formación económica axuda a comprender desde a súa perspectiva cales son eses desafíos e como afrontalos.

Entender a realidade desde un punto de vista económico axuda a desenvolver mellor o noso comportamento individual e colectivo tras unha reflexión racional e ética que nos permita tomar decisións financeiras e económicas na nosa vida cotiá e valorar o seu impacto. Canto mellor comprendemos o mundo no que vivimos, máis capaces somos de tomar decisións que nos permitan mellorar a nosa vida, a sociedade e a contorna en que vivimos.

Coa materia de Economía trátase de aproximar o alumnado ao coñecemento da economía de maneira introdutoria, para entender a sociedade na que vive, espertar o seu interese e promover iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade, tras unha análise crítica desta, e tomar de maneira razoada e responsable as súas propias decisións, con repercusión económica e financeira tanto no ámbito individual coma colectivo, para que lles sirva de base non só a aqueles alumnos e alumnas que decidan estudar posteriormente esta disciplina, senón tamén aos que orienten o seu itinerario académico noutra dirección e desexen adquirir unha cultura económica xeral necesaria para participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

O currículo de Economía toma como referentes os descritores operativos que concretan o desenvolvemento competencial do alumnado ao termo do bacharelato. Ademais, desenvolveuse tendo en conta os obxectivos fixados para esta etapa, contribuíndo a afianzar no alumnado «o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en si mesmo e sentido crítico».

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

A materia de Economía parte da adquisición de todas as competencias clave por parte do alumnado nas etapas de educación primaria e educación secundaria obrigatoria, pero de forma particular da competencia emprendedora, da competencia cidadá e da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Estas compleméntanse achegando, por unha banda, elementos que permiten comprender a economía, as oportunidades sociais e económicas, así como as dificultades ás que se enfronta unha organización ou a propia sociedade con outros relacionados coa reflexión crítica e construtiva e a proposta de solucións a problemas e retos contemporáneos.

O currículo desta materia, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos. En primeiro lugar, tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos desde a perspectiva económica, tanto no plano persoal coma social. En segundo lugar, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que brinda a propia ciencia económica. As devanditas ferramentas permitirán estudar, por unha banda, o comportamento dos diversos axentes económicos, con visión microeconómica e, por outra, o funcionamento económico agregado, desde unha perspectiva macroeconómica. E, en terceiro lugar, inclúe tanto a explicación de ferramentas de intervención económica, as políticas económicas, como a exposición de retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións. A ciencia económica, como ciencia social, ten unha proxección cara á acción que permite desenvolver propostas de intervención na economía e contribuír a unha mellora do benestar da sociedade.

Os criterios de avaliación establecidos van dirixidos a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos da materia, isto é, o nivel de desempeño cognitivo, instrumental e actitudinal que poida ser aplicado en situacións ou actividades dos ámbitos persoal, social e educativo cunha futura proxección profesional.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques e é obxectivo desta materia que o alumnado tome un primeiro contacto cos saberes de economía, que os comprenda e os relacione e que adquira unha visión global e integradora.

O primeiro deses bloques relaciónase coas decisións económicas a partir da análise da realidade. O segundo e o terceiro vincúlanse ao coñecemento e ao uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva tanto micro coma macroeconómica. O cuarto lígase ás políticas económicas, aos aspectos principais da súa terminoloxía e á repercusión que teñen na contorna económica nun marco globalizado, así como aos problemas e aos instrumentos cos que contan os gobernos para

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

dar respostas aos devanditos problemas. O quinto e último bloque céntrase na contorna económica máis inmediata para identificar as fortalezas e as debilidades da economía española.

Finalmente, exponse o enfoque desta materia desde unha perspectiva teórico-práctica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, que lle permitirá ao alumnado desenvolver un pensamento crítico e tomar decisións fundamentadas, propoñendo iniciativas que poidan dar solucións aos novos retos que expón a sociedade actual.

12.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.
• É necesario estudar o problema económico da escaseza e analizar como afecta aos diferentes sectores, así como as solucións alternativas a este que propoñen os distintos sistemas económicos, aprendendo a valorar con espírito crítico as vantaxes e os inconvenientes de cada un deles. • Ser conscientes da realidade actual desde unha perspectiva económica permite comprender mellor o noso comportamento á hora de tomar decisións responsables, xa sexa na procura da satisfacción de necesidades propias coma na distribución equitativa dos recursos. • Así mesmo, é necesario reflexionar sobre como a globalización e os procesos de cooperación e integración económica están a modificar non só a estrutura produtiva global, senón tamén a estrutura económica e a propia sociedade no seu conxunto.
OBX2. Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.
• O funcionamento do mercado, así como dos distintos modelos de competencia, son aspectos que o alumnado debe comprender para interpretar e prever as consecuencias derivadas de cambios na oferta e na demanda e actuar en consecuencia. • Por outra banda, é necesario que o alumnado identifique e analice con espírito crítico os fallos e os límites do mercado que explican a necesidade de intervir no funcionamento da economía a través de diversas medidas de política económica. Todo isto levará o alumnado a recoñecer o papel regulador do sector público e as medidas de política económica e fiscal que leva a cabo e a reflexionar sobre os efectos que esas políticas teñen na igualdade de oportunidades, no crecemento e na redistribución da renda.
OBX3. Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.
• Para entender a realidade económica desde un punto de vista macroeconómico é preciso analizar o papel que os distintos axentes económicos –Estado, empresas, familias e outros– xogan no desenvolvemento económico e no benestar da sociedade. Cada un deles, coa súa participación, colabora nese desenvolvemento económico, xa sexa a través da produción de bens e servizos, do traballo, o aforro/gasto, das políticas fiscais ou das subvencións, entre outros.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O crecemento derivado do fluxo da renda xera moitos beneficios, pero tamén algúns desequilibrios que o alumnado ten que valorar con espírito crítico, como o desemprego e os seus custos sociais e económicos, os fluxos migratorios como consecuencia da concentración empresarial, a economía mergullada ou a sustentabilidade ambiental. Que o alumnado coñeza e valore estes elementos permitiralle adquirir os saberes necesarios para explicar como se produce o desenvolvemento económico e para expor alternativas a situacións problemáticas.
OBX4. Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.
• É necesario que o alumnado coñeza o funcionamento do sistema financeiro e os produtos que ofrece relacionados co investimento, co aforro, co endebedamento, cos seguros…, para mellorar a súa competencia á hora de adoptar decisións financeiras e planificar e xestionar con autonomía as finanzas persoais. Así mesmo, é importante que comprenda cara a onde se dirixe e evoluciona o sistema financeiro en relación cos cambios sociais e tecnolóxicos. • Ademais, é preciso que o alumnado coñeza ferramentas que lle permitan analizar e valorar as políticas monetarias e entender os seus efectos sobre a inflación, o crecemento e o benestar, dentro do marco financeiro actual.
OBX5. Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfronta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade.
• A economía actual enfróntase a retos e desafíos importantes dentro dun contexto globalizado onde as relacións económicas son cada vez máis complexas. É moi importante neste novo contexto saber recoñecer o impacto que a nova economía e a revolución dixital van supor sobre a actividade empresarial, o emprego e a distribución da renda. • O alumnado debe valorar de forma crítica o seu comportamento como futuros consumidores e xeradores de renda e, para iso, é necesario que coñeza e comprenda aspectos sobre a pegada da globalización e os problemas asociados, como o desemprego, o esgotamento de recursos, a pobreza ou o consumismo. Estes coñecementos vanlle permitir xerar iniciativas e levar a cabo accións que propicien a igualdade, o consumo responsable, a mellora continua e o benestar social, participando activamente na economía.
OBX6. Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sustentables que respondan a necesidades individuais e colectivas.
• A realidade socioeconómica é complexa, polo que é importante dispor de diversos métodos de análise desta realidade que permitan unha comprensión máis profunda desta e supoñan unha axuda para poder intervir nela ofrecendo propostas e solucións de valor que contribúan á mellora e ao benestar da sociedade. • É importante que o alumnado aprenda a utilizar ferramentas propias da economía experimental, por exemplo, deseñando e pondo en marcha experimentos económicos sinxelos sobre cuestións próximas, analizando o custo-beneficio nun proxecto de carácter económico-empresarial básico ou simplemente facendo un estudo de casos sobre a realidade económica aplicando o método científico. • Por outra banda, tamén é interesante que saiban analizar a realidade económica desde a perspectiva da economía do comportamento, observando ademais dos aspectos económicos outros factores de carácter cognitivo, psicolóxico, sociolóxico, emocional e ambiental para ofrecer respostas a problemas actuais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

12.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Economía 1º curso	
Bloque 1. As decisións económicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	OBX1
• CA1.2. Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	OBX1
• CA1.3. Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	OBX1
• CA1.4. Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	OBX2
• CA1.5. Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	OBX3
• CA1.6. Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	OBX3
• CA1.7. Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	OBX4
• CA1.8. Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	OBX4
• CA1.9. Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funciona-amento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	OBX4
• CA1.10. Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	OBX6
Contidos	
• A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas. • O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.
• Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros.
• Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos.
• Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.
• Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.

Bloque 2. A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	OBX2
• CA2.2. Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	OBX2
• CA2.3. Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	OBX2

Contidos
• Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.
• A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

Bloque 3. A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión macroeconómica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas –a escaseza–, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	OBX1
• CA3.2. Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	OBX2
• CA3.3. Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	OBX3
• CA3.4. Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	OBX3
• CA3.5. Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.6. Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	OBX4
• CA3.7. Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	OBX4
• CA3.8. Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provocan a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	OBX5
• CA3.9. Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	OBX5
• CA3.10. Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	OBX6
Contidos	
• A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. • Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. • Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A fenda salarial. • O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. • O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.	
Bloque 4. As políticas económicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	OBX1
• CA4.2. Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	OBX1
• CA4.3. Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	OBX4
• CA4.5. Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	OBX4
• CA4.6. Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	OBX6
Contidos	
• Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. • A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. • A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.	
Bloque 5. Os retos da economía española nun contexto globalizado	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	OBX1
• CA5.2. Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución destes.	OBX1
• CA5.3. Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	OBX1
• CA5.4. Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sustentable e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	OBX3
• CA5.5. Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	OBX3
• CA5.6. Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	OBX5
• CA5.7. Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.8. Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	OBX6
Contidos	
• A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. • A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. • O futuro do estado do benestar. Sustentabilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. • Teorías sobre o decrecemento económico. • Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.	

12.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Economía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Economía e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2		2		4-5		1-2	
OBX2	2-3		2		4	3	1-2	
OBX3	2-3				4-5	3-4	1-2	
OBX4	2-3			4	1.2-4-5		1-2	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5	2-3		4	5	1.2-4-5		1	
OBX6	3		2		5	3-4	1-2-3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O uso de métodos e procedementos de observación e investigación, desde unha perspectiva teórico-práctica, que favorezan a aplicación dos saberes e a análise de casos de investigación sobre a realidade socioeconómica.

– A realización de estudos da realidade, desde unha perspectiva económica, que favorezan a interconexión con outras disciplinas e que lle permitan ao alumnado tomar decisións fundamentadas, así como propor iniciativas que poidan dar solucións aos novos retos da sociedade actual.

13. Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial.

13.1 Introdución.

Todo cidadán necesita comprender a estrutura e o funcionamento da organización económica e social co fin de converterse en parte activa e construtiva da sociedade e contribuír a atopar solucións aos problemas que poidan xurdir nela.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Esta materia de modalidade que está exposta para o bacharelato xeral, trata de achegar os conceptos económicos e empresariais necesarios para que o alumnado teña un soporte teórico que lle permita realizar análises críticas e fundamentadas a partir do estudo de casos sobre a realidade económica actual, valorar os efectos que provoca nos distintos ámbitos da vida e aproveitar estas aprendizaxes para xerar unha actitude proactiva e comprometida coa sociedade e de procura dun maior benestar tanto colectivo como individual.

A materia parte da adquisición de todas as competencias clave por parte do alumnado na etapa de educación primaria e educación secundaria obrigatoria, pero, de forma particular, da competencia emprendedora, da competencia cidadá e da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Estas compleméntanse achegando, por unha banda, elementos que permiten comprender o funcionamento de economía, das empresas e do perfil das persoas emprendedoras, así como aqueles elementos relacionados coa reflexión crítica e construtiva e a proposta de solucións a problemas e retos contemporáneos cunha visión interdisciplinaria.

Está organizada arredor duns obxectivos que propoñen que o alumnado analice de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas; que estude, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento das persoas e institucións respecto da toma de decisións económicas, partindo do problema da escaseza e os seus efectos; que se sensibilice e comprometa coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable; que identifique e valore as habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras para facelas súas na medida en que así o necesite; que coñeza e comprenda as distintas estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio e que analice as transformacións socioeconómicas que son producidas e producen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.

Os criterios de avaliación e contidos organízanse en tres bloques, facendo coincidir os seus títulos coa denominación da materia. O primeiro deles vincúlase a aspectos puramente económicos e comprende, pola súa vez, dúas partes: a primeira recolle o problema da escaseza e o tratamento do problema económico; a segunda aborda cuestións relacionadas coa economía e as súas conexións con outras disciplinas, permitindo realizar unha análise da realidade desde unha perspectiva máis ampla e integradora. O segundo bloque lígase ao emprendemento e ao coñecemento das persoas emprendedoras. Trata de presentarlle ao alumnado aquelas habilidades e competencias que son características das persoas con iniciativa e sentido emprendedor vendo nelas referentes reais que o inspiren no seu camiño cara ao futuro. De igual modo, tamén busca dar unha visión obxectiva e

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

realista das dificultades que poden atopar no devandito camiño. O terceiro e último bloque céntrase na actividade empresarial e pretende analizar as estratexias que levan cabo as empresas, así como os novos modelos de negocio tendo sempre presente as novidades que existen neste campo como consecuencia da revolución tecnolóxica e dixital.

Os criterios de avaliación establecidos para esta materia van dirixidos a coñecer o grao de competencia que o alumnado adquirise, isto é, o desempeño no ámbito cognitivo, instrumental e actitudinal, respecto dos contidos propostos que serán aplicados ao ámbito persoal, social e académico cunha futura proxección profesional.

Preténdese abordar a materia desde unha perspectiva teórico-práctica aplicando os contidos á análise de casos e investigacións sobre a realidade empresarial, de forma obxectiva. Coñecer e debater estratexias empresariais a partir do estudo de casos reais e significativos permitirá que o alumnado tome conciencia da importancia de potenciar as calidades propias e dos demais e fomentar actitudes de esforzo, constancia e superación vendo nestes elementos unha achega de valor tanto individual como colectivo no camiño cara á aprendizaxe e o logro.

13.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar de forma crítica e reflexiva as achegas da ciencia económica, valorando a súa interrelación con outras disciplinas, para entender a realidade desde unha visión integral e actuar como cidadáns responsables, autónomos e comprometidos.
• A realidade económica actual é complexa, así como a solución aos problemas e a toma de decisións neste ámbito, porque interveñen nela moitas variables. Por iso, é importante que o alumnado, a través do estudo e da análise reflexiva, consiga relacionar os coñecementos da ciencia económica cos que ofrecen distintas disciplinas, xa sexan do ámbito das ciencias sociais ou doutros ámbitos. Esta conexión proporciona unha visión máis completa do mundo, permite comprender mellor os cambios na contorna económica e social e propoñer solucións integrais a problemas económicos como cidadáns responsables, autónomos e comprometidos.
OBX2. Analizar, desde un enfoque interdisciplinario, o comportamento tanto individual como colectivo na toma de decisións económicas, avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, para comprender os cambios económicos e sociais derivados do devandito problema e actuar en consecuencia.
• O problema da escaseza e os seus efectos subxace a toda a ciencia económica e condiciona o comportamento dos individuos e da sociedade á hora de tomar decisións neste campo. • Se o alumnado consegue ter unha perspectiva integral deste problema, vai ser capaz de actuar e tomar decisións máis rigorosas froito dunha análise global, tendo en conta tanto aspectos económicos como doutro tipo, por exemplo: de tipo sociolóxico, filosófico e ético.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Establecer correspondencias entre os obxectivos de desenvolvemento sustentable e as aprendizaxes adquiridas a través do estudo de casos reais, analizándoos con axuda de ferramentas económicas e empresariais para xerar unha actitude sensible e un comportamento responsable e proactivo que contribúa a dar resposta aos retos actuais.
• Comprender de forma práctica como afectan os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) ao desenvolvemento económico e social e aprender a analizalos con axuda de ferramentas económicas e empresariais permitiralle ao alumnado tomar conciencia da importancia de lograr estes obxectivos e dar resposta aos desafíos mundiais do século XXI con ampla repercusión no ámbito económico. • O estudo de casos concretos tamén vai permitir que o alumnado se sensibilice e comprenda que, con accións sinxelas, individuais ou colectivas, se pode mellorar a sociedade e a contorna.
OBX4. Identificar e valorar habilidades e competencias que caracterizan as persoas emprendedoras dentro da realidade actual, analizando os seus perfís e a súa forma de afrontar os retos, para recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias e aplicalas a situacións reais da vida.
• Analizar o perfil do emprendedor actual require reflexionar sobre as competencias persoais e sociais que son desexables, como a creatividade, a empatía, a capacidade de iniciativa e de enfrontarse aos retos. Tamén é necesario valorar e ter en conta outros aspectos psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento dese perfil, como as crenzas limitantes que provocan medos á hora de emprender, a importancia da intelixencia emocional ou o control das emocións, que condicionan os pensamentos e o alcance do logro. • É conveniente achegar o alumnado a persoas emprendedoras reais para saber recoñecer esas calidades e competencias de modo que poidan aprender delas e avaliar en que medida son capaces de adquirilas ou potencialas con formación e adestramento, para aplicalas na súa vida cotiá.
OBX5. Comprender as estratexias empresariais, analizando a súa evolución e distinguindo os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades vinculadas a diferentes ámbitos e sectores, para identificar a filosofía das empresas, recoñecer as tendencias e poñer en valor, con sentido crítico, a súa actividade na sociedade actual.
• A estratexia empresarial evoluciona e adáptase aos cambios económicos e sociais. É preciso analizar esa evolución e reflexionar sobre os novos modelos de negocio e as tendencias da empresa na sociedade actual, valorando con espírito crítico os cambios que se están incorporando como, por exemplo, a nova forma de entender o lugar de traballo ou as novas características do cliente, o que require de novas estratexias de negocio. • O alumnado, a través da análise de casos concretos de empresas reais, poderá comprender mellor a visión e a filosofía empresarial de cada unha delas e valorar os seus puntos fortes e débiles. A análise de casos pode tratar sobre grandes empresas con estratexias innovadoras que cambiaron o concepto de empresa no seu sector, ou doutras máis pequenas e próximas cuxa proposta de valor non sexa tan ambiciosa, pero si efectiva en diferentes contornas rurais, urbanos, locais e globais.
OBX6. Analizar a transformación económica e social e as súas consecuencias, recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial, para comprender as respostas que as empresas lles ofrecen aos desafíos actuais e propoñer alternativas e novas solucións aos devanditos desafíos.
• A rápida transformación tecnolóxica, económica e social está a provocar cambios profundos na actividade empresarial, o cal obriga as empresas a adaptarse e innovar para sobrevivir nun mundo cada vez máis competitivo, dar resposta a problemas cada vez máis complexos e ofrecer solucións aos desafíos actuais. • Comprender como as empresas están a levar a cabo esta transformación vaille permitir ao alumnado avaliar os efectos da revolución tecnolóxica e a transformación dixital na economía, pero tamén noutros ámbitos como o mercado de traballo ou a súa organización, podendo formular alternativas e solucións para mellorar os desaxustes desde unha análise crítica.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

13.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial 1º curso	
Bloque 1. Economía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Entender a realidade partindo da análise crítica e reflexiva sobre as achegas que ofrece a ciencia económica e valorando a súa interrelación con outras disciplinas, de modo que o alumnado adquira unha visión integral desta e asuma responsabilidades e compromisos.	OBX1
• CA1.2. Comprender os cambios económicos e sociais desde unha análise interdisciplinaria sobre o comportamento humano no proceso de toma de decisións e avaliando o problema da escaseza e os seus efectos, estimulando o alumnado para actuar en consecuencia.	OBX2
• CA1.3. Xerar actitudes sensibles e comportamentos responsables e proactivos que contribúan a dar resposta aos retos actuais a partir do estudo de casos reais establecendo correspondencias entre a realidade mundial e as aprendizaxes adquiridas.	OBX3
• CA1.4. Tomar conciencia dos problemas mundiais analizándoos a través de ferramentas económicas e empresariais.	OBX3
• CA1.5. Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos ambientais e retos económicos, analizando, a través de casos reais, as medidas que implementan.	OBX6
• CA1.6. Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos ambientais e aos retos económicos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	OBX6
Contidos	
• A escaseza e o tratamento do problema económico. – A escaseza e as súas implicacións. O custo de oportunidade. A escaseza e a eficiencia. O paradoxo do valor, o valor de uso e o valor de cambio dos bens. – A escaseza e o funcionamento do mercado. Os prezos como mecanismo de asignación de recursos ao transmitir información. Sistemas de asignación de recursos. – Os fallos do mercado e a intervención do sector público. Fallos do sector público e as súas implicacións. – O fluxo circular da renda. Oferta e demanda agregada. Análise das interrelacións (conexións) que existen entre os diversos elementos (agregados) da realidade económica. – A contorna financeira. Diñeiro e transaccións. Planificación e xestión das finanzas persoais: risco e beneficio. – Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos. • Economía e outras disciplinas. – A economía como ciencia social. Principais problemas para a análise económica: a complexidade da realidade e a incorporación de supostos simplificadores. A dificultade para establecer leis xerais que non sexan de carácter probabilístico. A modelización matemática como ferramenta para a análise económica.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A análise económica e o individualismo metodolóxico. Outras alternativas de análises da realidade social. Perspectiva sociolóxica: o grupo social como unidade de análise económica.

– Os individuos e o comportamento racional. Fallos da racionalidade: a racionalidade limitada. A economía do comportamento, a psicoloxía económica e a teoría da decisión.

– Os axentes económicos e a maximización da súa utilidade: filosofía e economía: o utilitarismo e a felicidade. Utilitarismo como teoría ética fronte a outras posturas. A maximización do benestar social e o debate eficiencia *versus* equidade desde un punto de vista ético. O benestar social e a calidade de vida desde unha perspectiva sociolóxica. O benestar na psicoloxía positiva. A economía da felicidade e o paradoxo de Easterlin.

– Economía e ecoloxía: cambio climático, desenvolvemento sustentable e economía circular.

Bloque 2. Emprendemento	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer e potenciar as destrezas emprendedoras propias, identificando e valorando previamente as habilidades que posúen persoas emprendedoras reais e analizando as súas competencias á hora de afrontar os retos que se lles presentan.	OBX4
• CA2.2. Afrontar retos sinxelos da vida cotiá aplicando as destrezas propias que caracterizan unha persoa emprendedora.	OBX4
• CA2.3. Coñecer a evolución na xestión de grupos e relacións humanas na empresa, comprendendo e valorando as tendencias actuais.	OBX5
Contidos	
• A persoa emprendedora e intraemprendedora. Competencias, calidades e hábitos. A intelixencia emocional e a intelixencia executiva. • O espírito emprendedor: procura de necesidades e oportunidades. Adestramento da creatividade e proactividade. • Crenzas sobre emprendemento. O medo para emprender: a xestión do erro como unha oportunidade para aprender. • Competencias sociais. Tipos e aplicación. A xestión de grupos e a teoría das relacións humanas. • Misión e visión da persoa emprendedora. Creación e posta en marcha do seu proxecto emprendedor. Protección da idea, do produto e da marca. • Autoavaliación da persoa emprendedora. Ferramentas.	

Bloque 3. Actividade empresarial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer as tendencias e identificar a filosofía das empresas comprendendo as estratexias empresariais levadas a cabo por distintas entidades e analizando a súa evolución, así como os modelos de negocio desenvoltos valorando, con sentido crítico, a súa actividade empresarial.	OBX5
• CA3.2. Distinguir os novos modelos de negocio desenvoltos por entidades pertencentes a diversos sectores e ámbitos analizando as súas posibilidades e limitacións no mercado.	OBX5
• CA3.3. Comprender as respostas que ofrecen as empresas aos desafíos actuais, analizando a transformación económica e social que está a experimentar a sociedade.	OBX6
• CA3.4. Propoñer alternativas e novas solucións aos desafíos actuais, analizando os efectos da transformación económica e social e recoñecendo a importancia que teñen a innovación e a revolución dixital na actividade empresarial.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• A revolución tecnolóxica. O poder da tecnoloxía. Os modelos de negocio.
• Mercado e clientes. Márketing dixital. Novos modelos de negocio.
• Cultura empresarial e xestión do talento. O liderado. O papel das mulleres na actividade empresarial.
• O lugar de traballo. A empresa do futuro. Tendencias.
• Estratexia e xestión da empresa. Transformación dixital. Innovación. Sustentabilidade.
• Análise de casos: análise interna e externa. DAFO. Estratexia.

13.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2		4-5		1.2-5	1	1-2	
OBX2	2		2		1.2-5	4	1-2	
OBX3			2-5		1.2	4	1-2	
OBX4					1.1-1.2-3.1	1-3	2	
OBX5	2		2	1	4	1-3	1-2	
OBX6	2-3		4	5	4	4	1-2	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A utilización de investigacións sobre a realidade empresarial e a análise de casos desde unha perspectiva teórico-práctica na que se estudarán diferentes estratexias empresariais e tamén as dificultades femininas para abordar o emprendemento, tanto nas liñas de financiamento como nos servizos, actividades e industrias que soen acometer.

– A énfase na potenciación das calidades propias e as dos outros, fomentando actitudes de esforzo, constancia e superación.

14. Educación Física.

14.1 Introdución.

A Educación Física en bacharelato formula dúas liñas de evolución claras. A primeira, dar continuidade ao traballo realizado na educación obrigatoria e aos retos clave que nela se abordan como, por exemplo, que o alumnado consolide un estilo de vida activo, goce da súa propia corporalidade e das manifestacións culturais de carácter motor, desenvolva activamente actitudes ecosocialmente responsables ou afiance o desenvolvemento de todos os procesos de toma de decisións que interveñen na resolución de situacións motrices. Estes elementos contribúen a que o alumnado sexa motrizmente competente, o que facilita o seu desenvolvemento integral, posto que a motricidade constitúe un elemento esencial da propia aprendizaxe. En segundo lugar, nesta etapa, a materia adopta un carácter propedéutico desta. Neste sentido, a evolución que experimentaron a actividade física, o de-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

porte, a saúde e o uso do tempo libre explica o incremento exponencial que se produciu na oferta de titulacións e opcións laborais relacionadas con ela. A materia presenta unha gama de alternativas representativas da versatilidade da disciplina, que serven para achegar o alumnado a esta serie de profesións e posibilidades de estudo, xa sexa no ámbito universitario, no da formación profesional ou no dos ensinos deportivos.

Os descritores das competencias establecidos para o bacharelato, xunto cos obxectivos xerais desta etapa, establecen o punto de partida para a definición dos obxectivos desta materia. Este elemento curricular convértese no referente que cómpre seguir para lle dar forma á Educación Física que se pretende desenvolver: máis competencial, actual e adaptada ás necesidades da cidadanía do século XXI.

Os obxectivos da materia de Educación Física recollen e sintetizan estas liñas de traballo que, a través da capacitación do alumnado na planificación autónoma e a autorregulación da súa práctica física, buscan consolidar un estilo de vida activo e saudable ao longo da súa vida.

Na educación obrigatoria, a motricidade desenvolveuse a través de numerosas prácticas motrices, con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados, en contextos de certeza e incerteza e con distintas finalidades. Na etapa de bacharelato continuarase incidindo no dominio da competencia motriz e profundarase en compoñentes técnico-tácticos das súas manifestacións, así como nos factores que condicionan a súa adecuada posta en práctica.

Doutra banda, aínda que as capacidades de carácter cognitivo e motor sigan sendo claves para abordar con éxito diferentes situacións motrices, para o desenvolvemento integral seguirán sendo importantes en bacharelato, e especialmente de cara ao futuro persoal e profesional, as capacidades de carácter afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que ser capaz de xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos variados de práctica motriz, e a través doutros roles que rodean a actividade física.

As distintas manifestacións da cultura motriz seguirán constituíndo un elemento máis para abordar durante esta etapa. Nesta ocasión, ademais da propia experimentación motriz, preténdese progresar no coñecemento dos factores sociais, económicos, políticos ou culturais que foron dando forma a cada manifestación, para comprender mellor a súa evolución, así como os valores universais que fomentan.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Finalmente, deberase continuar insistindo na necesidade de convivir de maneira respectuosa co ambiente, desenvolvendo para iso actividades físico-deportivas en contextos variados e participando na súa organización desde formulacións baseadas na conservación e na sustentabilidade.

Os contidos da materia de Educación Física organízanse en seis bloques, que deberán desenvolverse en distintos contextos coa intención de xerar situacións motrices de aprendizaxe variadas.

O primeiro bloque, «Vida activa e saudable», aborda os tres compoñentes da saúde: benestar físico, mental e social, a través do desenvolvemento de relacións positivas en contextos de práctica físico-deportiva, atendendo ás recomendacións sobre actividade física saudable e utilitaria de organismos internacionais, nacionais e autonómicos, aproveitando o potencial dos recursos dixitais e rexeitando comportamentos antisociais, discriminatorios ou contrarios á saúde.

O segundo bloque, «Organización e xestión da actividade física», inclúe catro compoñentes diferenciados: a elección da práctica física, a preparación da práctica motriz, a planificación e autorregulación de proxectos motores, ademais da xestión da seguridade antes, durante e despois da actividade física e deportiva.

O terceiro bloque, «Resolución de problemas en situacións motrices», cun carácter transdisciplinario, aborda tres aspectos clave: a toma de decisións, o uso eficiente dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade, e os procesos de creatividade motriz. Estes contidos deberán desenvolverse en contextos moi variados de práctica que, en calquera caso, responderán á lóxica interna da acción motriz desde a que se deseñaron: accións individuais, cooperativas, de oposición e de colaboración-oposición.

O cuarto bloque, «Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices», céntrase, por unha banda, en que o alumnado desenvolva os procesos dirixidos a regular a súa resposta emocional ante situacións derivadas da práctica de actividade física e deportiva, mentres que, por outro, incide no desenvolvemento das habilidades sociais e no fomento das relacións construtivas entre os participantes neste tipo de contextos motrices.

O quinto bloque, «Manifestacións da cultura motriz», engloba tres compoñentes: o coñecemento da cultura motriz tradicional, a cultura artístico-expresiva contemporánea e o deporte como manifestación cultural, profundando na perspectiva de xénero e nos factores que o condicionan. Cabe destacar os xogos e deportes tradicionais galegos que, xunto

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

cos bailes e danzas propios de Galicia, supoñen un importante elemento de transmisión do noso patrimonio artístico e cultural, ademais de fomentar as relacións interxeracionais.

E, por último, o sexto bloque, «Interacción eficiente e sustentable coa contorna», incide sobre a interacción co medio natural e urbano desde unha tripla vertente: o seu uso desde a motricidade, a súa conservación desde unha visión sustentable e o seu carácter compartido desde unha perspectiva comunitaria da contorna.

14.2 Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Interiorizar o desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable, planificando responsable e conscientemente a súa actividade física a partir da autoavaliación persoal con base en parámetros científicos e avaliables, e axustando as prácticas motrices ás súas necesidades e motivacións persoais para satisfacer as súas demandas de lecer activo e de benestar persoal, así como coñecer posibles saídas profesionais asociadas á actividade física.
• A adquisición deste obxectivo materializarase cando o alumnado, consciente de todos os elementos que condicionan a saúde e a actividade física, sexa capaz de telos en conta, adaptalos e coordinalos para xestionar, planificar e autorregular a súa propia práctica motriz e os seus hábitos de vida con base nos seus intereses e obxectivos persoais. • Este obxectivo de carácter transdisciplinario impregna a globalidade da materia de Educación Física, podendo abordarse desde a participación activa, a alimentación saudable, a educación postural, o coidado do corpo, o autoconcepto, a autoestima, a imaxe percibida no campo da actividade física e o deporte ou a análise dos comportamentos antisociais e os malos hábitos para a saúde que se poidan producir en contextos cotiáns e/ou vinculados co deporte e a práctica de actividade física, entre outros. Existen distintas fórmulas e contextos de aplicación para materializar estas aprendizaxes, que deben seguir traballándose en relación coa planificación persoal da práctica motriz (de forma clásica ou mediante aplicacións dixitais) ou a análise de diferentes aspectos para o mantemento dunha dieta saudable, pasando pola análise crítica de situacións que teñan que ver coa motricidade, ata os primeiros auxilios, a prevención e o coidado de lesións ou a participación nunha ampla gama de propostas físico-deportivas que acheguen contexto a todo o anterior a través da transferencia á súa vida cotiá. • O bo uso da tecnoloxía debe ser un aliado desde un punto de vista transdisciplinario na nosa materia, especialmente neste obxectivo, na loita contra o sedentarismo e as chamadas enfermidades hipocinéticas ocasionadas, en gran medida, polo aumento do tempo de exposición ás pantallas.
OBX2. Adaptar autonomamente as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices específicas das modalidades practicadas, a diferentes situacións con distintos niveis de dificultade, aplicando eficientemente procesos de percepción, decisión e execución adecuados á súa lóxica interna para resolver situacións motrices vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas, e consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.
• Este obxectivo implica tomar decisións axustadas ás circunstancias, definir metas, elaborar plans, secuenciar accións, executar o planificado, analizar que ocorre durante o proceso, cambiar de estratexia se é preciso e valorar finalmente o resultado. A bagaxe motora que o alumnado desta etapa posúe nestas idades permitiralle anticiparse ás distintas situacións e adaptar as súas habilidades motrices ás exixencias de cada situación. Esta vantaxe permitiralle focalizar a súa atención en aspectos que ata o de agora quedaban nun segundo plano, mellorando e perfeccionando así a súa execución técnico-táctica e identificando os erros máis habituais que se dan en cada situación para poder evitalos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Estes aspectos deberán desenvolverse en contextos de práctica moi variados. Entre eles poderían destacarse os proxectos e montaxes, os desafíos físico-cooperativos, a dramatización e, por suposto, os deportes. En relación con estes últimos, é posible atopar distintas manifestacións segundo as súas características, desde xogos deportivos de invasión con ou sen oposición regulada, ata xogos de rede e muro, pasando por deportes de campo e bate, de albo e diana, de loita ou de carácter individual, procurando, na medida do posible e segundo o contexto particular de cada centro, priorizar as manifestacións máis descoñecidas para o alumnado, ou que destaquen polo seu carácter mixto ou inclusivo, ou que teñan presenza na súa contorna.
OBX3. Difundir e promover novas prácticas motrices, compartindo espazos de actividade físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto cara aos participantes e ás regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica e proactiva ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír autonomamente ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa, fomentando a detección precoz e o coñecemento das estratexias para abordar calquera forma de discriminación ou violencia.
• Este obxectivo pretende superar as desigualdades e que se reproduzan comportamentos cívicos e democráticos nos contextos físico-deportivos. Para iso, incide na xestión persoal das emocións e no fomento de actitudes de superación, tolerancia á frustración e manexo do éxito e do fracaso en contextos de práctica motriz, mentres que no plano colectivo implica poñer en xogo habilidades sociais para afrontar a interacción coas persoas coas que se convive na práctica motriz. Trátase de dialogar, debater, contrastar ideas e poñerse de acordo para resolver situacións, expresar propostas, pensamentos e emocións, escoitar activamente e actuar con asertividade. Como consecuencia diso poderanse formular situacións nas que o alumnado teña que desempeñar roles diversos relacionados coa práctica física (participante, público, xuíz, persoal técnico, etc.) que axudarán a analizar e vivenciar as relacións sociais desde diferentes perspectivas. Este obxectivo pretende ir un paso máis aló nesta etapa, contribuíndo a xeneralizar e democratizar as prácticas motrices que se desenvolven no centro, así como os espazos de interacción nos que se reproduzan, fomentando a difusión de manifestacións deportivas que non están afectadas por estereotipos de xénero ou competencia motriz.
OBX4. Analizar criticamente, e investigar, sobre as prácticas e manifestacións culturais vinculadas coa motricidade segundo a súa orixe e evolución, desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económicos, políticos e sociais que condicionasen o seu desenvolvemento, practicándoas e fomentando a súa conservación para ser capaz de defender, desde unha postura ética e contextualizada, os valores que transmiten.
• Este obxectivo profunda no concepto da cultura motriz pretendendo que o alumnado comprenda os valores que transmite e que fan interesante a súa conservación, xa que neles reside a clave da súa propia existencia e a súa principal achega á cultura global. Trátase de continuar consolidando a identidade propia a partir deste coñecemento en profundidade que permita analizar e comprender globalmente as súas manifestacións, así como os seus factores condicionantes. • Existen numerosas opcións para conseguir este obxectivo. A cultura motriz tradicional pode abordarse a través de xogos tradicionais, populares e autóctonos, danzas propias do folclore tradicional, xogos multiculturais ou danzas do mundo, entre outros. Para abordar a cultura artístico-expresiva contemporánea poden empregarse técnicas expresivas concretas, o teatro, representacións máis elaboradas, ou actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. Ademais, nesta etapa, estes contidos poden enriquecerse incorporando elementos de crítica social, emocións ou coeducación ás representacións.
OBX5. Implementar un estilo de vida sustentable e comprometido coa conservación e mellora da contorna, organizando e desenvolvendo accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, asumindo responsabilidades na seguridade das prácticas, para contribuír activamente ao mantemento e coidado do medio natural e urbano e dar a coñecer o seu potencial entre os membros da comunidade.
• Os esforzos nesta etapa irán dirixidos á consolidación dun estilo de vida sustentable e comprometido coa conservación e mellora da contorna.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O alumnado de bacharelato deberá participar en numerosas actividades en contextos naturais e urbanos que ampliarán a súa bagaxe motora e as súas experiencias fóra do contexto escolar. Tamén poderán deseñar e organizar actividades para outros, que ademais de respectar o ambiente e os seres vivos que nel habitan, tratarán de melloralo e concienciar diso. Este enfoque de responsabilidade ecolóxica e social, que considera o medio como un ben comunitario, podería dar lugar á organización de eventos e actividades físico-deportivas benéficas, moi na liña de formulacións como a aprendizaxe-servizo.

• Desta forma, no que respecta ás contornas urbanas, pódense aproveitar os espazos ou instalacións próximas aos centros docentes, xa que ofrecen múltiples posibilidades de práctica. O mesmo ocorre no relativo ao medio natural, segundo a localización do centro, a súa contorna e a dispoñibilidade de acceso que teña a distintos enclaves naturais, tanto terrestres como acuáticos, é posible atopar unha variada gama de contextos de aplicación, afrontados desde a óptica dos proxectos dirixidos á interacción coa contorna desde un enfoque sustentable, no que tamén se inclúen as actividades complementarias e extraescolares tan vinculadas con este tipo de experiencias.

14.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Educación Física 1º curso	
Bloque 1. Vida activa e saudable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Planificar, elaborar e poñer en práctica de maneira autónoma un programa persoal de actividade física dirixido á mellora ou ao mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, segundo as necesidades e intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal, avaliando os resultados obtidos.	OBX1
• CA1.2. Incorporar de forma autónoma, e segundo as súas preferencias persoais, os procesos de activación corporal, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural e relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, reflexionando sobre a súa relación con posibles estudos posteriores ou futuros desempeños profesionais.	OBX1
• CA1.3. Actuar de forma crítica, comprometida e responsable ante os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal e os comportamentos que poñan en risco a saúde, aplicando con autonomía e independencia criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade á información recibida.	OBX1
• CA1.4. Empregar de maneira autónoma aplicacións e dispositivos dixitais relacionados coa xestión da actividade física, respectando a privacidade e as medidas básicas de seguridade vinculadas á difusión pública de datos persoais.	OBX1
Contidos	
• Saúde física. – Programa persoal de actividade física atendendo á frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade. – Autoavaliación das capacidades físicas e coordinativas como requisito previo á planificación: técnicas, estratexias e probas de valoración.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Identificación de obxectivos motrices, saudables, de actividade ou similares a alcanzar cun programa de actividade física persoal.

– Avaliación do logro dos obxectivos do programa e reorientación de actividades a partir dos resultados.

– Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas: forza e resistencia.

– Sistemas de adestramento.

– Profesións vinculadas á actividade física e á saúde.

– Dietas equilibradas segundo as características físicas e persoais.

– Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.

– Técnicas básicas de descarga postural e relaxación.

– Exercicios compensatorios da musculatura segundo a actividade física.

– Musculatura lumbo-pélvica para adestramento da forza.

– Identificación de problemas posturais básicos e planificación preventiva da saúde postural en actividades específicas.

• Saúde social.

– Beneficios e regras da práctica de actividade física para a saúde individual ou colectiva.

– Hábitos sociais e os seus efectos na condición física e a saúde.

– Vantaxes e inconvenientes do deporte profesional.

• Saúde mental.

– Técnicas de respiración, visualización e relaxación para liberar tensión e os seus beneficios na atención e concentración.

– Trastornos vinculados coa imaxe corporal.

– Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza en publicidade, e medios de comunicación e redes sociais.

Bloque 2. Organización e xestión da actividade física	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Coñecer e implementar de maneira responsable e autónoma medidas específicas para a prevención de lesións antes, durante e despois da actividade física, así como para a aplicación de primeiros auxilios ante situacións de emerxencia ou accidente, poñendo en práctica normas de seguridade individuais e colectivas, identificando as posibles transferencias que estes coñecementos teñen ao ámbito profesional e ocupacional.	OBX1
• CA2.2. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	OBX2
• CA2.3. Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Xestión das medidas relacionadas coa planificación da actividade física e deportiva (tipo de deporte, material necesario, obxectivos da preparación, actividades e similares).
• Selección responsable e sustentable do material deportivo.
• Análise crítica de estratexias publicitarias.
• Autoxestión de proxectos persoais de carácter motor.
• Prevención de accidentes nas prácticas motrices.
– Xestión do risco propio e do dos demais: planificación de factores de risco en actividades físicas, medidas colectivas de seguridade.
– Protocolos ante alertas escolares.
• Actuacións críticas ante accidentes.
– Conduta PAS: protexer, avisar, socorrer.
– Desprazamentos e transporte de accidentados.
– Reanimación mediante desfibrilador automático (DEA) ou semiautomático (DESA).
– Protocolo RCP (reanimación cardiopulmonar).
– Técnicas específicas e indicios de accidentes cardiovasculares (manobra de Heimlich, sinais de ictus e similares).
– Contido básico de caixa de primeiros auxilios.

Bloque 3. Resolución de problemas en situacións motrices	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, xestionando autonomamente calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso de forma eficiente, creativa e axustada aos obxectivos que se pretendan alcanzar.	OBX2
• CA3.2. Solucionar de forma autónoma situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos con fluidez, precisión e control, aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación e adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.	OBX2
• CA3.3. Identificar, analizar e comprender os factores clave que condicionan a intervención dos compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade na realización de xestos técnicos ou situacións motrices variadas, identificando erros comúns e propoñendo solucións para estes.	OBX2
• CA3.4. Colaborar mostrando iniciativa durante o desenvolvemento de proxectos e producións motrices, liquidando de forma coordinada calquera imprevisto ou situación que poida ir xurdindo ao longo do proceso.	OBX3

Contidos
• Toma de decisións.
– Resolución de situacións motrices variadas axustando eficientemente os compoñentes da motricidade en actividades individuais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Análise colectiva de resultados e reaxuste de actuacións para conseguir o éxito en actividades cooperativas.

– Accións que provocan situacións de vantaxe con respecto ao adversario nas actividades de oposición.

– Oportunidade, pertinencia e risco das accións nas actividades físico-deportivas de contacto a partir da análise dos puntos fortes e débiles propios e do rival.

– Desempeño de roles variados en procedementos ou sistemas tácticos postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.

• Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal; toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz sobre os mecanismos coordinativos, espaciais e temporais, así como reaxuste da propia intervención para resolvela adecuadamente respecto a si mesmo, aos participantes e ao espazo no que se desenvolve a práctica.

• Perfeccionamento das habilidades específicas dos deportes ou actividades físicas.

• Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema coa resolución máis eficiente de acordo cos recursos dispoñibles.

Bloque 4. Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	OBX3
• CA4.2. Establecer mecanismos de relación e entendemento co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, e situándose activa, reflexiva e criticamente fronte aos estereotipos, as actuacións discriminatorias e a violencia, así como coñecer as estratexias para a súa prevención, detección precoz e abordaxe.	OBX3
• CA4.3. Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	OBX4

Contidos

• Xestión do éxito e da fama en contextos físico-deportivos: exemplos, dificultades e estratexias.

• Habilidades sociais: estratexias de inclusión doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.

• Medidas para fomentar a igualdade no deporte.

• Desempeño de roles e funcións relacionados co deporte: arbitraxe, persoal técnico, participante, público e outros.

• Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.

• Deporte e perspectiva de xénero: estereotipos de xénero en contextos físico-deportivos, presenza en medios de comunicación e redes sociais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 5. Manifestacións da cultura motriz	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Organizar e practicar diversas actividades motrices, valorando o seu potencial como posible saída profesional e analizando os seus beneficios desde a perspectiva da saúde, o gozo, a autosuperación e as posibilidades de interacción social, adoptando actitudes de interese, esforzo, liderado e empatía ao asumir e desempeñar distintos roles relacionados con elas.	OBX3
• CA5.2. Comprender e contextualizar a influencia cultural e social das manifestacións motrices máis relevantes no panorama actual, analizando as súas orixes e a súa evolución ata a actualidade e rexeitando aqueles compoñentes que non se axusten aos valores dunha sociedade aberta, inclusiva, diversa e igualitaria.	OBX4
• CA5.3. Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas, con e sen base musical, aplicando con precisión, idoneidade e coordinación escénica as técnicas expresivas máis apropiadas a cada composición para representalas ante as súas compañeiras e compañeiros ou outros membros da comunidade.	OBX4
Contidos	
• Os xogos e deportes tradicionais e autóctonos e o seu vínculo cultural: orixe, evolución, preservación e factores condicionantes. • Técnicas específicas de expresión corporal. • Práctica de actividades rítmico-musicais con intencionalidade estética ou artístico-expresiva. • Historias de vida significativas de deportistas profesionais de ambos os xéneros, exemplos de boas prácticas profesionais no deporte. • Deporte: análise crítica da súa influencia na sociedade. • Mercado, consumismo e deporte. • Saídas profesionais no ámbito deportivo.	
Bloque 6. Interacción eficiente e sustentable coa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Promover e participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais terrestres ou acuáticas, interactuando con elas de maneira sustentable, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir reducindo ao máximo a súa pegada ecolóxica e desenvolvendo actuacións dirixidas á conservación e mellora das condicións dos espazos nos que se desenvolvan.	OBX5
• CA6.2. Practicar e organizar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano, asumindo responsabilidades e aplicando normas de seguridade individuais e colectivas para previr e controlar os riscos intrínsecos á propia actividade derivados da utilización dos equipamentos, a contorna ou a propia actuación dos participantes.	OBX5
Contidos	
• Fomento da mobilidade activa, segura, saudable e sustentable en actividades cotiás. A aprendizaxe da práctica ciclista urbana segura. • Análise das posibilidades da contorna natural e urbana e actuacións para a súa mellora desde o punto de vista da motricidade, para a práctica de actividade física e deporte: equipamentos, accesibilidade, usos e necesidades.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

- Prevención de riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.
- Materiais e equipamentos: manexo segundo as súas especificacións técnicas.
- Uso sustentable e conservación de recursos urbanos e naturais para a práctica de actividade física.
- Promoción e usos creativos da contorna desde a motricidade.

14.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Educación Física desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Educación Física e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			2-5	1-4	1.1-1.2-5		3	
OBX2					1.2-4		2-3	
OBX3	5	3			1.1-2-5	3		
OBX4		3	5		1.2	1		1
OBX5			5		1.2-2	4	1	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A Educación Física nesta etapa terá un carácter motriz, práctico e vivencial, que incremente a actividade física efectiva do alumnado.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A asimilación das aprendizaxes e a adaptación ao traballo das capacidades condicionais do alumnado en Educación Física determinan a distribución das sesións semanais en diferentes días.

– As situacións de aprendizaxe integrarán procesos orientados á adquisición da competencia motriz e das competencias clave e deberán enfocarse desde diferentes bloques, evitando centrarse nun de maneira exclusiva e, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, novos modelos pedagóxicos, o tipo e a intención das actividades formuladas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

– Todos estes procesos deben establecerse en función da interacción dos criterios de avaliación e os contidos, o profesorado, o alumnado, o contexto e os recursos, considerando especialmente as tecnoloxías dixitais desenvolvidas nos últimos tempos en diferentes ámbitos da Educación Física; pero, sobre todo, tendo claro por que e para que se utilizan. Isto, pola súa vez, permitirá experimentar e evidenciar o carácter propedéutico da materia.

– A atención á diversidade deberá ser personalizada, tanto para a prevención das dificultades de aprendizaxe e a implantación de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten, como para atender os diferentes ritmos ou formas de aprendizaxe do alumnado.

– Pola vital influencia do movemento na aprendizaxe, recoméndase o desenvolvemento transdisciplinario de distintas situacións que o incorporen como recurso educativo, así como enfoques e proxectos interdisciplinarios e significativos, na medida en que sexa posible, usando estratexias para traballar transversalmente a competencia motriz, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, ou o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Deberase ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe ou a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos que permitan comprobar o valor e a utilidade do aprendido; aspecto este último clave para unha sociedade máis xusta e equitativa.

– O grao de desenvolvemento e consecución dos diferentes obxectivos da materia será avaliado a través dos criterios que constitúen o referente para levar a cabo este proceso.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

A relación existente entre os criterios de avaliación e os contidos permitirá integrar e contextualizar a avaliación no seo das situacións de aprendizaxe ao longo da etapa.

– Os contidos asociados aos criterios de avaliación de cada bloque en cada nivel serán concretados na programación didáctica, de forma que cada centro poida determinalos en función das instalacións e recursos materiais dispoñibles, ademais das características da contorna onde se localiza.

– O departamento didáctico, logo dunha reflexión, debe formular con criterios consensuados unha estratexia metodolóxica común para desenvolver ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe considerando, ademais, que a promoción da práctica diaria do deporte e o exercicio físico por parte do alumnado durante a xornada escolar forma parte do seu desenvolvemento integral. Así mesmo, promoverase darlle continuidade á materia de Educación Física ao longo de toda a etapa, tendo en conta as diferentes opcións que nos ofrece a organización curricular do bacharelato.

– Deberá procurarse a implicación das familias como un factor clave para facer do alumnado auténticos suxeitos activos dunha xestión autónoma e comprometida cun estilo de vida activo e saudable.–

15. Empresa e Deseño de Modelos de Negocio.

15.1. Introdución.

O mundo da empresa está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, formando parte da vida de millóns de persoas e repercutindo en todos os fogares. O coñecemento sobre a empresa constitúe un paso esencial para comprender o funcionamento global da economía, pola interrelación que existe entre a empresa e o contexto no que leva a cabo a súa actividade.

A materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio ten como finalidade que o alumnado comprenda e analice como responden as empresas aos desafíos que se lles presentan, empregando un enfoque actualizado e, sobre todo, adaptado á realidade, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación, ao ser esta en moitos casos o elemento determinante da súa supervivencia.

Esta materia de modalidade, integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, persegue dous obxectivos: por unha banda, aproximar o alumnado

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ao coñecemento da empresa como catalizador do desenvolvemento económico, salientando a innovación como aspecto fundamental da actividade empresarial, e aos valores propios da responsabilidade social corporativa; e pola outra, fomentar unha cultura emprendedora que potencie a creatividade, o espírito de innovación, a reflexión crítica e a toma de decisións fundamentais que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.

O deseño da materia toma coma referentes os descritores operativos que concretan o desenvolvemento competencial esperado para o alumnado de bacharelato. Ademais, ten en conta os obxectivos fixados na lexislación vixente, contribuíndo a afianzar «o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico».

Desta forma e partindo de xeito especial das competencias emprendedora, cidadá, persoal, social e de aprender a aprender adquiridas en etapas educativas previas, achéganse elementos que ao tempo que permiten comprender o funcionamento das empresas, as oportunidades e as dificultades ás que se enfrontan, integran outros relacionados coa reflexión crítica e construtiva e a proposta de solucións a problemas e retos actuais.

A consecución dos fins propostos desenvólvese a través de aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, e organízase arredor da adquisición duns obxectivos que tratan, en primeiro lugar, sobre a importancia que a actividade empresarial e o emprendemento teñen na transformación social. En segundo lugar, sobre o coñecemento do contexto para determinar as interrelacións entre este e as empresas. En terceiro lugar, sobre o funcionamento e estrutura interna das empresas e a proposta de novos modelos de negocio. En cuarto lugar, sobre a utilización de ferramentas innovadoras e a valoración do uso de estratexias comunicativas por parte das empresas. En quinto e último lugar, sobre a avaliación do modelo de negocio proposto, utilizando ferramentas de análise empresarial que permitan determinar a súa viabilidade. O aprendido ao longo de todo este proceso deberá capacitar o alumnado para redactar e presentar un plan básico de empresa.

Os criterios de avaliación van dirixidos a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos propostos, isto é, o desempeño no ámbito cognitivo, instrumental e actitudinal que poida ser aplicado a situacións ou actividades do ámbito persoal, social e académico cunha futura proxección profesional.

Os criterios de avaliación e os contidos que contribúen á consecución dos obxectivos estrutúranse en catro bloques. O primeiro céntrase en coñecer a orixe dun proxecto empre-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

sarial: a persoa que arrisca e leva a cabo a actividade, nun contexto de responsabilidade social, igualdade e inclusión, sendo consciente das tendencias cambiantes do mercado e da importancia da innovación como factor clave de supervivencia. O segundo bloque oriéntase cara á análise das diferentes áreas funcionais da empresa, que constitúen os eixes fundamentais de calquera modelo de negocio, desde os máis tradicionais ata os máis innovadores. O terceiro inclúe, por unha banda, o estudo de padróns de modelos de negocio e diríxese a ofrecerlle ao alumnado exemplos vixentes que poden servir como fonte inspiradora para outras propostas que xeren valor e se adapten a novos contextos; e pola outra, presenta aqueles recursos e ferramentas que ofrecen maiores posibilidades creativas e de innovación, e que poden ser aplicados nas diferentes fases do proceso. Por último, o cuarto bloque vincúlase cos contidos que permiten aplicar ferramentas de análise empresarial para determinar a viabilidade do proxecto. Este bloque incorpora a análise das contas anuais coa finalidade de redactar un plan básico de empresa adaptado a un contexto determinado.

Finalmente, proponse un enfoque teórico-práctico da materia a través da simulación dun modelo de negocio que permita abordar os diferentes bloques de contido, poñelos en práctica e avaliar a viabilidade do modelo presentado. Desta forma, tras unha investigación sobre os eixes que sustentan un modelo de negocio e o debate de cuestións relativas á responsabilidade social corporativa, a inclusión e o papel das mulleres emprendedoras, poderase deseñar unha proposta adaptada a unha situación concreta, empregando as diferentes ferramentas recollidas nos contidos anteriores e propoñendo solucións aos desequilibrios encontrados.

15.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar a actividade empresarial e emprendedora, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización neste proceso, para comprender o papel que desempeñan dentro do funcionamento global da economía actual.
• Entender a realidade desde unha perspectiva económica é fundamental para comprender mellor o mundo no que vivimos, por iso é importante que o alumnado coñeza o papel que as persoas emprendedoras e as empresas exercen como elementos transformadores do contexto actual, caracterizado polo seu gran dinamismo e pola rápida incorporación das novas tecnoloxías e as súas múltiples aplicacións. Todo isto está a cambiar non só a estrutura produtiva global, senón tamén a estrutura económica e social no seu conxunto, convertendo a innovación no elemento crucial para calquera empresa. • Se o alumnado é capaz de comprender o que acontece ao seu arredor, poderá adoptar decisións que lle permitan mellorar tanto a súa vida como a da sociedade na que se integra.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Investigar o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial, analizando as interrelacións empresas-contexto e identificando estratexias viables que partan dos criterios de responsabilidade social corporativa, da igualdade e a inclusión, para valorar a capacidade de adaptación das empresas.
• A análise da realidade desde unha perspectiva económica e social permite que o alumnado tome conciencia, por unha banda, dos efectos da contorna sobre a empresa e, pola outra, das consecuencias da actividade empresarial sobre a propia sociedade ou o ambiente, entre outros aspectos. • As empresas non son organizacións alleas ao que acontece ao seu arredor, polo que é imprescindible comprender como os elementos, tanto do contexto xeral coma do específico, van influír nas decisións adoptadas. • Espertar a curiosidade e ter unha visión aberta sobre a realidade constitúe o punto de partida da investigación do contexto socioeconómico. Este coñecemento permitiralle ao alumnado identificar problemas e propor solucións que melloren o benestar social, mais sen esquecer que estas mesmas solucións poden producir esgotamento de recursos, precariedade, desigualdade e outros efectos externos. Por isto é fundamental que o alumnado valore o esforzo que realizan as empresas ao alinear os seus obxectivos cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS), integrando a responsabilidade social corporativa (RSC), contribuíndo así a diminuír estes desaxustes e sendo capaz de xerar unha proposta de valor orientada a alcanzar unha sociedade máis equitativa e sustentable, sen deixar de adaptarse con rapidez á contorna e ás necesidades dos consumidores e consumidoras.
OBX3. Recoñecer e comprender modelos de negocio actuais comparándoos con outros tradicionais, aplicando estratexias e ferramentas que faciliten o deseño creativo e propoñendo modelos de negocio que, achegando valor, permitan satisfacer necesidades e contribuír ao benestar económico e social.
• Na actualidade, as empresas, desde as máis tradicionais ata as máis tecnolóxicas, conviven en medios dinámicos. Estes últimos caracterízanse pola rapidez coa que se producen os cambios e a complexidade dos problemas a afrontar, xerando unha enorme incerteza sobre o futuro e provocando un grande impacto nas decisións estratéxicas empresariais. • Os novos modelos de negocio como, por exemplo, long tail, freemium, multiplataforma e app, permiten que as empresas se enfronten a estes contextos e actúen con axilidade. O alumnado debe coñecer estes modelos e ser quen de propor e deseñar outros novos con creatividade e espírito innovador. • Para xerar modelos de negocio proponse o uso da ferramenta do lenzo CANVAS, coa que o alumnado elaborará a súa proposta de valor, sen esquecer a análise de actividades, recursos e asociacións clave, así como as canles e as relacións con clientes, estrutura de custos e fontes de ingresos. Xunto a esta ferramenta poden traballarse outras complementarias, como o mapa de empatía de clientes e o pensamento visual, entre outras. • As empresas na actualidade propóñense como obxectivos a xeración de riqueza, a innovación e o afán de mellora continua e de adaptación ao contexto; mais tamén, a satisfacción das necesidades dos seus clientes e contribuír ao benestar económico e social. Por todo isto, cómpre que o alumnado comprenda que esta dualidade é complementaria desde o punto de vista empresarial.
OBX4. Valorar e seleccionar estratexias comunicativas de aplicación ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas e obtendo a información que se xera tanto no ámbito interno como externo da empresa, para xestionar eficazmente a información necesaria no proceso de toma de decisións e a súa correcta transmisión.
• A obtención de información xunto a un sistema eficaz de comunicación resultan esenciais para lograr obxectivos en calquera ámbito. Esta cuestión adquire especial relevancia no mundo empresarial, onde o fluxo de información vai ser utilizado non só pola empresa, senón tamén polo resto de axentes que interactúan con ela. Todo isto lévase a cabo a través do uso de novas estratexias comunicativas moi ligadas ás novas tecnoloxías. Relacionado co anterior, o alumnado debe coñecer estratexias de comunicación eficaces e áxiles na xestión e intercambio de información entre a empresa e os axentes da súa contorna, e saber aplicar diferentes ferramentas comunicativas como a narración de historias ou *storytelling* e o discurso do ascensor ou *elevator*

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

pitch. En todo este proceso resulta esencial desenvolver unha actitude cooperativa e respectuosa na forma de comunicarse, aprendendo a argumentar, escoitar e a transmitir eficazmente o que se pretende dar a coñecer. • Ademais, a globalización económica propia do século XXI implica que as empresas estean cada vez máis internacionalizadas e se comuniquen con maior frecuencia noutras linguas. Para isto é fundamental que o alumnado se exercite no uso de distintos idiomas, comunicándose con corrección e autonomía ante diferentes situacións.
OBX5. Realizar a análise previsional do modelo de negocio deseñado, aplicando as ferramentas de análise empresarial necesarias para comprender o proceso levado a cabo e validar a proposta presentada.
• As distintas ferramentas de análise empresarial aplicadas en diferentes momentos do proceso permiten obter información útil para validar a proposta do modelo de negocio. A validación débese facer nun escenario simulado concreto, ofrecéndolle ao alumnado unha visión global de todo o proceso e, ao mesmo tempo, permitindo a rectificación de calquera decisión adoptada ata ese momento. • A información obtida, as decisións adoptadas coa súa correspondente xustificación e os resultados procedentes das ferramentas de análise utilizadas supoñen a base para que o alumnado confeccione un plan de negocio básico. • Deste modo, preténdese que o alumnado empatice e se poña no lugar da persoa emprendedora, adquirindo unha perspectiva integral de todo o proceso levado a cabo e que aprenda tanto dos acertos como dos erros.

15.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio 2º curso	
Bloque 1. A empresa e a súa contorna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Comprender a importancia da actividade empresarial e o emprendemento na economía actual, recoñecendo o poder de transformación que exercen na sociedade e reflexionando sobre o valor da innovación e a dixitalización.	OBX1
• CA1.2. Analizar o papel da I+D+i no desenvolvemento social e empresarial, identificando novas tendencias e tecnoloxías que teñen un alto impacto na economía.	OBX1
• CA1.3.Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sustentable das empresas aos cambios do contexto e ás exixencias do mercado, investigando o contexto económico e social e a súa influencia na actividade empresarial.	OBX2
• CA1.4. Coñecer os distintos tipos de empresa, os seus elementos e funcións, así como as formas xurídicas que adoptan relacionando cada unha delas coa responsabilidade legal dos seus propietarios e xestores e coas exixencias de capital.	OBX2
• CA1.5. Identificar e analizar as características do contexto no que a empresa desenvolve a súa actividade, explicando, a partir destas, as distintas estratexias e decisións adoptadas e as posibles implicacións sociais e medioambientais da súa actividade.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• O empresario ou a empresa. Perfís. • A empresa. Clasificación. Localización e dimensión da empresa. Marco xurídico que regula a actividade empresarial. • O contexto empresarial. Responsabilidade social corporativa. Muller e emprendemento. Inclusión e emprendemento. • A empresa, dixitalización e innovación. I+D+i. Teorías da innovación. Tipos de innovación. Tendencias emerxentes. Estratexias de innovación.

Bloque 2. O modelo de negocio e de xestión	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar e analizar as distintas políticas empresariais de xestión, contratación e formación de recursos humanos, valorando e recoñecendo as actuacións das empresas en materia de igualdade e inclusión.	OBX2
• CA2.2. Comprender o concepto de modelo de negocio como unha forma de lles dar resposta ás necesidades actuais, comparando distintos modelos, desde os máis tradicionais aos máis innovadores.	OBX3
• CA2.3. Analizar as características organizativas e funcionais da empresa, explicando, a partir delas, as decisións de planificación, xestión e optimización de actividades, recursos e asociacións clave dun modelo de negocio innovador.	OBX3
• CA2.4. Analizar e tomar decisións sobre os procesos produtivos desde a eficiencia e a produtividade, definindo o soporte necesario para facer realidade un modelo de negocio.	OBX3
• CA2.5. Analizar e tomar decisións sobre investimento e financiamento, aplicando métodos de selección de investimentos e recoñecendo as vantaxes e inconvenientes das distintas fontes de financiamento empresarial.	OBX3
• CA2.6. Analizar as características do mercado, explicando, de acordo con elas, a proposta de valor, canles, relacións con clientes e fontes de ingresos dun modelo de negocio innovador.	OBX3
• CA2.7. Analizar e explicar a situación económico-financeira da empresa a partir da información recollida nas contas anuais, indicando as posibles solucións aos desequilibrios atopados e analizando o impacto dos tributos que ten que satisfacer a empresa.	OBX5

Contidos
• Empresa e modelo de negocio. • A función comercial. Segmento de clientes. A proposta de valor. Canles. Relacións con clientes. Fontes de ingresos. Estratexias de márketing. • A función produtiva. Proceso produtivo. Eficiencia e produtividade. Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave. Estrutura de custos: clasificación e cálculo de custos. • A xestión dos recursos humanos. Formación e funcionamento de equipos áxiles. Habilidades que demanda o mercado de traballo. A contratación e as relacións laborais da empresa. As políticas de igualdade e de inclusión nas empresas. • A función financeira. Estrutura económica e financeira. Investimento. Valoración e selección de investimentos. Recursos financeiros. Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo. • A información na empresa: obrigas contables. Composición e valoración do patrimonio. Contas anuais e imaxe fiel. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• Fiscalidade empresarial: principais tributos que gravan a actividade empresarial.	
Bloque 3. Ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Valorar a capacidade de adaptación áxil, responsable e sustentable das empresas ás exixencias do mercado, explorando ideas, escenarios futuros e novos padróns e modelos de negocio.	OBX2
• CA3.2. Coñecer as distintas estratexias e ferramentas de deseño creativo, aplicando estas á xeración dun modelo de negocio transformador que permita dar resposta ás necesidades actuais.	OBX3
• CA3.3. Xestionar eficazmente a información e facilitar o proceso de toma de decisións a partir da información obtida, tanto no ámbito interno como externo da empresa, aplicando estratexias e novas fórmulas comunicativas.	OBX4
• CA3.4. Seleccionar estratexias de comunicación aplicadas ao mundo empresarial, utilizando novas fórmulas comunicativas que faciliten a xestión eficaz da información e a súa transmisión.	OBX4
• CA3.5. Coñecer as ferramentas necesarias que permitan expoñer o proxecto de modelo de negocio, espertando o interese e cativando os demais coa proposta de valor presentada.	OBX4
Contidos	
• O lenzo de modelo de negocio e de xestión: concepto, áreas, bloques, utilidade e padróns de modelos de negocio. • O punto de vista dos clientes: mapa de empatía. • A creatividade aplicada ao deseño do modelo de negocio e de xestión. O proceso de creatividade: diverxencia e converxencia. Dinámicas de xeración de novas ideas de modelos de negocio. • A competencia e os nichos de mercado. • As ferramentas de organización de ideas: Pensamento visual ou Visual Thinking. Capacidade de síntese. Ideación. Comunicación. • O prototipado: concepto e utilidade. Posibilidades de prototipado: bens, servizos e aplicacións. • As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Metodoloxía: narración de historias ou storytelling e o discurso no ascensor ou elevator pitch. Outras metodoloxías. • Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros e novos modelos de negocio. • Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión.	
Bloque 4. Estratexia empresarial e métodos de análise da realidade empresarial: estudo de casos e simulación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Validar a proposta de modelo de negocio deseñado dentro dun contexto determinado, definíndoo a partir das tendencias clave do momento, a situación macroeconómica, o mercado e a competencia, comprendendo todo o proceso levado a cabo e aplicando técnicas de estudo previsional e ferramentas de análise empresarial.	OBX5
• CA4.2. Determinar previsionalmente a estrutura de ingresos e custos, calculando o seu beneficio e limiar de rendibilidade a partir do modelo de negocio proposto.	OBX5
• CA4.3. Elaborar un plan de negocio básico sobre un escenario simulado concreto, xustificando as decisións tomadas.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Determinar a estratexia de propiedade industrial da empresa, establecendo as liñas de actuación en materia de protección de idea, produto e marca.	OBX5
• CA4.5. Valorar a situación económico-financeira da proposta presentada, analizando e interpretando a información recollida tanto no balance como na conta de perdas e ganancias e indicando as posibles solucións aos desequilibrios encontrados.	OBX5
Contidos	
• O contexto do modelo de negocio. Previsión: tendencias clave. Macroeconomía: variables macroeconómicas. Competencia: forzas competitivas. • A avaliación previa de modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos e o limiar de rendibilidade. • A validación do modelo de negocio. Lean Startup. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil. • A protección da idea, do produto e da marca. • A toma de decisións. Estratexias. Simulación en folla de cálculo. Redacción dun plan de negocios básico. • A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.	

15.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Empresa e Deseño de Modelos de Negocio e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2			2-5	1.2-4	1	1-2	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2	2-3		4	1	2-5	4	1	
OBX3	2-3		2-4		4	3	1	
OBX4	1-3	1-2		3	4		2	
OBX5				2-3	1.1-5		1-2-3	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A utilización dun enfoque teórico-práctico a través dunha proposta de modelo de negocio que permita abordar os distintos bloques de contido, poñelos en práctica e avaliar a súa viabilidade.

– O debate de cuestións relativas á responsabilidade social corporativa, a inclusión ou o papel das mulleres emprendedora e a promoción entre as mulleres de negocios con bases diferentes aos do sector servizos.

– A énfase en que o alumnado se converta no verdadeiro protagonista do proceso de toma de decisións, investigando para dispoñer da información necesaria que lle permita redactar e comunicar un plan básico de empresa.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

16. Filosofía.

16.1. Introdución.

As actuais sociedades democráticas, inseridas nun mundo globalizado en permanente cambio e composto por unha mestura de persoas e comunidades, proxectos e intereses, requiren un pensamento racional e crítico que forneza a mocidade de ferramentas para comprender o mundo complexo que nos rodea e, ao tempo, que proporcione instrumentos para edificar e consolidar unha sociedade libre, igual e xusta. A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo, de tal xeito que poida analizar, entender e propor solucións aos desafíos materiais, intelectuais e morais do século XXI.

A filosofía asume daquela unha dobre vertente de grande interese para o alumnado: por unha banda, de xeito absoluto achégalle reflexión e lucidez á persoa para que poida entenderse a si mesma e a realidade que a rodea e, por outra, axuda decididamente a formar unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, comprometida coas institucións democráticas e con habilidades prácticas para a resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

O valor da indagación que promove a materia de Filosofía impulsa o alumno á reflexión argumentada sobre os aspectos xerais da existencia e da vida en sociedade, descubrindo deste xeito os móbiles derradeiros das posicións adoptadas. En suma, a materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión necesaria para realizar estas tarefas desde un prisma claramente holístico, que ha de incentivar un alumnado activo, curioso, argumentativo, reflexivo e innovador.

A materia de Filosofía, pola radical actitude cognoscitiva que representa e a variedade de temas e aspectos dos que trata, proporciona un espazo idóneo para o desenvolvemento integrado das competencias clave e dos obxectivos da etapa de bacharelato. Neste sentido, a indagación sobre problemas universais e fundamentais, tales como os referidos á natureza última da realidade, a verdade, a xustiza, a beleza ou a propia identidade e dignidade humanas, xunto á reflexión crítica sobre as ideas e prácticas que constitúen a nosa contorna cultural, serven, simultaneamente, ao propósito de promover a madurez persoal e social do alumnado e ao desenvolvemento, tanto da súa dimensión intelectual como da-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

queles outros aspectos éticos, políticos, cívicos, emocionais e estéticos que configuran a súa personalidade.

Así, a materia de Filosofía en bacharelato ten, en primeiro lugar, a finalidade de ofrecer un marco conceptual e metodolóxico para a análise das inquietudes esenciais e existenciais do alumnado de bacharelato, na que este poida abordar persoalmente as grandes preguntas e propostas filosóficas e emprender unha reflexión crítica sobre o sentido e valor dos distintos coñecementos, actividades e experiencias que configuran a súa contorna vital e formativa. En segundo lugar, a educación filosófica resulta imprescindible para a articulación dunha sociedade democrática sobre principios, valores e prácticas éticas, políticas e cívicas cuxa lexitimidade e eficacia precisan da deliberación dialóxica, a convicción racional e a autonomía de xuízo da cidadanía. A Filosofía, por último, supón tamén unha reflexión crítica sobre as emocións e os sentimentos, presentes en todos os ámbitos, desde a estética á teorética pasando pola ética e, a miúdo, esquecidos nos currículos.

A materia de Filosofía atende estes tres propósitos a través do desenvolvemento conxunto dunha serie de obxectivos representativos, case todos eles, das fases habituais do proceso de crítica e exame dialéctico de problemas e hipóteses filosóficas. Dado o carácter eminentemente maiéutico de devandito proceso, tales obxectivos deben ser, ademais, necesariamente implementados no marco metodolóxico dun ensino, en boa medida dialóxico, que tome como centro de referencia a propia indagación filosófica do alumnado.

Os tres primeiros obxectivos, de marcado carácter transversal, refírense á adquisición dunha perspectiva holística e interdisciplinaria para analizar as cuestións filosóficas fundamentais, discriminando o substantivo do accidental. Esta tarefa require, pola súa vez, do desenvolvemento de obxectivos referidos ao manexo e produción crítica e rigorosa de información, ao uso e identificación de argumentos e á práctica do diálogo como proceso cooperativo de coñecemento. A práctica do diálogo, algo formalmente constitutivo do exercicio filosófico, implica, pola súa vez, como outro dos obxectivos que hai que desenvolver, o recoñecemento do carácter plural e non dogmático das ideas e teorías filosóficas, así como a implementación do devandito recoñecemento na dobre tarefa, crítica e construtiva, de contrastalas e descubrir a oposición e a complementariedade entre elas. A actividade filosófica ha de procurar, ademais, o desenvolvemento de facultades útiles para a formación integral da personalidade do alumnado, co obxecto de afrontar con éxito os desafíos persoais, sociais e profesionais que trae consigo un mundo, como o noso, en perpetua

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

transformación e sementado de incertezas. Así, a adquisición dunha perspectiva global e interdisciplinaria dos problemas, a facultade para xerar un pensamento autónomo á vez que rigoroso sobre asuntos esenciais, e o desenvolvemento dunha posición e un compromiso propio fronte aos retos do século XXI, son elementos imprescindibles para o logro da plena madurez intelectual, moral, cívica e emocional de alumnas e alumnos. Finalmente, o cuarto e derradeiro obxectivo abrangue o recoñecemento das diversas concepcións e ideas sobre os problemas filosóficos fundamentais da filosofía. Perséguese que o alumnado comprenda as ideas e teorías filosóficas das máis grandes pensadoras e pensadores a través dunha análise crítica das diversas teses e dos problemas aos que responden, promovendo unha actitude aberta e tolerante ao tempo que crítica e creativa.

En canto aos criterios de avaliación, estes formúlanse en relación directa a cada un dos obxectivos xa expostos, e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daquelas. É por iso polo que, en conexión cos contidos, deben atender tanto aos procesos como aos propios produtos da aprendizaxe, requirindo, para a súa adecuada execución, de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe nos que haxa de concretarse o desenvolvemento das competencias.

Os contidos, distribuídos en tres grandes bloques, están dirixidos a dotar o alumnado dunha visión básica e de conxunto do rico e complexo campo de estudo que comprende a filosofía, malia que en cada caso, e atendendo á idiosincrasia do alumnado, ao contexto educativo ou a outros criterios pedagóxicos ou científicos, se poderá profundar nuns máis ca noutros, ademais de agrupalos e articulalos a conveniencia. Así, tras un primeiro bloque de contidos dedicado á natureza da propia actividade filosófica e á súa vinculación cos problemas da condición humana, desenvólvense outros dous bloques, un de natureza especialmente teórica dedicado á análise de cuestións básicas sobre o coñecemento e a realidade, e outro consagrado á filosofía práctica, isto é, á análise dos problemas relativos á ética, á filosofía política e á estética. No deseño e distribución de bloques de criterios de avaliación e contidos buscouse o equilibrio e o diálogo entre distintas propostas e correntes, o desenvolvemento dos obxectivos xa enunciados e o intento de reparar aquelas situacións como a marxinación e o ocultamento histórico da muller ou os prexuízos culturais de carácter etnocéntrico, racista ou antropocéntrico, que puideron lastrar ata épocas recentes o desenvolvemento da disciplina.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

16.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinarios, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.
• A actividade filosófica invita a reflexionar sobre as grandes preguntas sobre a realidade, da propia entidade e identidade humana, e das súas relacións teóricas, prácticas e estéticas coa contorna, ademais de desvelarse a través da mesma experiencia problemática do mundo. O seu obxectivo primordial é que o alumnado tome plena consciencia da pertinencia e a proxección universal, á vez que histórica e culturalmente incardinada, das citadas cuestións, da necesaria interpelación vital que estas supoñen, e da necesidade de afrontalas para o logro dunha vida reflexiva, crítica e plenamente consciente de si. • Unha das funcións educativas da filosofía, no seu intento por pensar de maneira sistemática e atendendo aos seus aspectos esenciais, cuestións de moi diverso tipo, é a de contribuír ao logro dun entendemento integral, sistémico, interdisciplinario e transdisciplinario de asuntos como os da especificidade e identidade humana, a natureza última do cosmos, a arte ou a relixión, as condicións e consecuencias da investigación científica, as novas contornas mediáticas e comunicativas e outras cuestións cuxa incidencia global condiciona hoxe, a distintos niveis, a nosa vida. Neste último sentido, a natureza complexa e global das cuestións ecosociais, dos procesos económicos e políticos, ou dos fenómenos ligados ao desenvolvemento tecnolóxico e a dixitalización da contorna, entre outras, poden entenderse mellor a través dunha análise na que se integran datos e explicacións científicas xunto a concepcións filosóficas de natureza antropolóxica, ética, política ou estética. De modo análogo, a ontoloxía e a epistemoloxía filosóficas constitúen un marco disciplinario idóneo para formular asuntos relativos á relación entre concepcións culturais diversas, á vinculación problemática e enriquecedora entre o local e o global, ás controversias científicas, ou á conexión entre os múltiples e cada vez máis especializados campos do saber e a experiencia humana, entre outros moitos. En todos os casos se trataría de promover un tipo de comprensión complexa, interdisciplinaria, categorialmente organizada e filosoficamente orientada, de problemas, cuestións e proxectos de natureza global; comprensión esta que servirá ao alumnado para afrontar con espírito crítico e transformador os retos do século XXI.
OBX2. Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses.
• O coñecemento das técnicas fundamentais de investigación en filosofía comeza polo dominio de criterios e procedementos de procura, organización e avaliación de información segura e relevante, tanto en contornas dixitais como noutras máis tradicionais, e tanto no ámbito académico como no máis cotián. Por outro lado, a investigación filosófica a partir de fontes documentais exixe non só o desenvolvemento, entre outros, do hábito lector, senón tamén do emprego de estratexias básicas e específicas de análise, interpretación, recensión e avaliación crítica e filosófica destes documentos, sexan escritos ou orais, de carácter textual ou audiovisual, e sexan ou non de xénero estritamente filosófico. Así mesmo, a investigación filosófica precisa tamén do dominio de métodos e protocolos de produción e transmisión dos coñecementos obtidos, tales como pautas para a elaboración e comunicación pública de proxectos que poidan plasmarse en textos, disertacións, presentacións, documentos audiovisuais ou calquera outro tipo de creación. O obxectivo é que o alumnado, xenuinamente movido por preguntas e problemas filosóficos, e unha vez obtida, a través da argumentación e do diálogo, unha comprensión básica e informada das principais teses e concepcións filosóficas, prosiga e complemente o exercicio dialéctico arredor destas teses cunha proposta construtiva, que baixo o formato do

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

traballo de investigación ou outro similar, contribúa a desenvolver o xuízo propio, a autonomía de criterio e a madurez persoal.

• O dominio consciente dos procedementos de argumentación é condición necesaria para pensar e comunicarse con rigor e efectividade, tanto no ámbito do coñecemento filosófico ou científico como no da vida cotiá, así como para a formación do propio xuízo e o desenvolvemento da autonomía persoal do alumnado. A argumentación é, indubidablemente, un tipo de competencia transversal, como son a linguaxe ou o cálculo; pero, dada a súa importancia para calquera outro tipo de aprendizaxe, o seu ensino, tal como o da linguaxe ou o cálculo, será tematizado nun espazo educativo propio. O ámbito máis apropiado para a aprendizaxe dos procedementos de argumentación é o da filosofía, pois é nela onde se tratan de forma substantiva, exhaustiva e problematizada, os fundamentos, condicións, normas, tipos, propiedades e límites da argumentación, así como a súa inserción no proceso completo do coñecemento, da argumentación en xeral e dos métodos do coñecemento racional. O obxectivo é que o alumnado produza e recoñeza argumentos lóxica e retoricamente correctos e ben fundados, así como que detecte falacias, nesgos e prexuízos en diferentes contornas comunicativas. É necesario tamén que o alumnado se exercite nas virtudes propias do diálogo filosófico e que o distinguen do simple discurso persuasivo: a investigación en común, o compromiso coa verdade, e o recoñecemento respectuoso de todas as ideas e posicións racionalmente sustentables.

OBX3. Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.

• O modelo dialóxico goza, desde os seus comezos, dunha indubidable preeminencia como método do filosofar e como referente esencial do exercicio da cidadanía democrática. É esta, pois, unha das competencias máis relevantes de entre aquelas polas que podemos dicir que a filosofía constitúe unha auténtica educación cívica. O diálogo filosófico compréndese baixo unha idea de disensión como expresión de pluralidade e requirimento de complementariedade máis que como mero conflito, e une arredor de si virtudes que en poucas ocasións aparecen xuntas: a exixencia de rigor racional xunto á aceptación do pluralismo ideolóxico e a actitude de respectuosa e empática cara a aquelas persoas coas que disentimos, sen que por iso deixemos de buscar xuntos unha posición común, e sen que a disensión deba entenderse necesariamente como conflito máis que como pluralidade de perspectivas e complementariedade. A práctica do diálogo filosófico representa, polo demais, un proceso análogo ao da propia aprendizaxe desde case calquera punto de vista pedagóxico que incida nos aspectos motivacionais, a aprendizaxe activa e significativa, o ensino por indagación ou descubrimento, o traballo colaborativo, ou a formación ao longo da vida. En xeral, a práctica dialóxica integra construtivamente os elementos da incerteza e da crítica, permitindo descubrir, a partir deles, formulacións novas e superadoras, e réxese polos principios de cooperación, honestidade e xenerosidade hermenéutica, así como polo seu espírito aberto e inconcluso, aínda que non por iso menos efectivo para a indagación filosófica e para o exercicio activo e democrático da cidadanía.

OBX4. Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos.

• A tarefa de indagación filosófica, tanto histórica como actualmente, e a diferenza do que ocorre noutros ámbitos do coñecemento, preséntase radicalmente aberta e disputada en todas as súas áreas. Con todo, e lonxe de interpretar este feito como un defecto ou disfunción, debe concibirse como unha propiedade intrínseca do pensamento filosófico, entendido como irredutiblemente plural e dialéctico e, tamén, como unha ocasión para o exercicio dun diálogo racional aberto e construtivo, como parece ser o propio en todos aqueles asuntos que, por afectar o carácter, sentido e valor último das ideas, accións, experiencias e circunstancias humanas, non admiten unha interpretación unívoca e pechada, tales como son, entre outros, os que entrañan problemas éticos, políticos ou estéticos. Así, preséntase aquí a oportunidade de exercer unha forma complexa de pensamento na que se revele, de forma sistemática, a necesidade de poñerse no lugar do pensamento do outro,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

comprendendo e respectando o seu punto de vista en canto fundado honestamente en razóns, sen por iso verse levado a aceptar as diferentes formas de inxustiza e discriminación que precisamente operan contra as condicións de equidade do debate público. É, pois, esta competencia, xunto coa anteriormente descrita e relativa ao diálogo, a que mellor e máis profundamente pode proporcionarlle ao alumnado unha educación adecuada para o exercicio da cidadanía democrática.

• O diálogo e a investigación sobre as preguntas filosóficas radicarán nun coñecemento profundo daquelas ideas e hipóteses que forman parte xa do patrimonio cultural común e que deben selo, tamén, da bagaxe intelectual da cidadanía. Estas concepcións e ideas, formuladas e discutidas ao longo do tempo polos principais pensadoras e pensadores da historia, son parte insubstituíble da nosa identidade, do substrato ideolóxico e argumental das doutrinas económicas, políticas, científicas, estéticas ou relixiosas vixentes na nosa cultura, así como do conxunto de principios e valores que orientan ou inspiran a nosa acción moral, social e política. Coñecer e apreciar estas ideas con rigor e profundidade non é só condición para a análise dos problemas filosóficos e, en certa medida, de calquera outra cuestión de orde cultural ou ético-política, senón tamén un requisito esencial para o coñecemento dun mesmo, en tanto que son esas ideas as que nutren e orientan as accións e pensamentos que nos definen. É tamén claro que a comprensión e o uso do caudal de termos, conceptos e teorías con que a filosofía formulou e tratou cada un dos seus problemas non pode comprenderse se non é no contexto da experiencia xenuína destes, polo que é preciso que o alumnado recoñeza, valore e reinterprete todas aquelas ideas e propostas teóricas como parte dun exercicio persoal e colectivo de verdadeira investigación filosófica.

16.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Filosofía 1º curso	
Bloque 1. A filosofía e o ser humano	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	OBX1
• CA1.2. Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	OBX1
• CA1.3.Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	OBX3
• CA1.5. Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	OBX4
• CA1.6. Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	OBX4
• CA1.7. Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	OBX4

Contidos
• A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía.
– Características da filosofía.
– Concepcións da filosofía.
• A tradición filosófica.
– Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía.
– A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico.
• As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición.
– Filosofía e condición social: a discriminación social.
– Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía.
– Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural.
• A filosofía como saber.
– A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.
– Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.
– Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética.
– As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.
– Os métodos da filosofía.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O traballo filosófico.
– Uso e análise crítico de fontes.
– O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
– O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
– A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
– A investigación e a disertación filosóficas.
• O sentido da filosofía no século XXI.
– Sentido e finalidade da filosofía.
– A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.
– Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.
• O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica.
– As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano.
– A filosofía e a existencia humana.
• O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana.
– A especificidade natural do *Homo sapiens*.
– Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos.
• Personalidade e identidade persoal.
– A estrutura psicosomática da personalidade.
– Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas.
– Consciencia e linguaxe.
– O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade.
– Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

Bloque 2. Coñecemento e realidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	OBX1
• CA2.2. Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.3. Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	OBX2
• CA2.4. Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	OBX3
• CA2.5. Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.	OBX4
• CA2.6. Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	OBX4
• CA2.7. Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	OBX4

Contidos
• O problema filosófico do coñecemento. – Definición, posibilidade e límites do coñecemento. – A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías. • A verdade como obxectivo do coñecemento. – As teorías da verdade. – O fenómeno da desinformación e a «posverdade». • O razoamento e a argumentación. – A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional. – A argumentación informal. – A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos. • O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• A dimensión social e política do coñecemento.
– O papel das mulleres na ciencia e nos outros saberes.
– Coñecemento e interese.
– Saber e poder.
– A tecnociencia contemporánea.
• O problema metafísico do real.
– Aparencia e realidade. As realidades virtuais.
– Unidade e pluralidade.
– Categorías e modos de ser.
– Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais.
– O problema filosófico do tempo e do cambio.
• O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial.
– O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade.
• O problema filosófico da existencia de Deus.
– Teísmo, ateísmo e agnosticismo.

Bloque 3. Acción e creación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1.Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	OBX1
• CA3.2. Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	OBX1
• CA3.3.Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	OBX2
• CA3.4. Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.5. Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	OBX4
• CA3.6. Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	OBX4
• CA3.7. Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	OBX4

Contidos

• O feito ético e a razón práctica.

– Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.

– A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.

• Metaética e ética normativa.

– Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.

– Formalismo ético fronte a materialismo ético.

– Universalismo e relativismos éticos.

– Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.

– Éticas aplicadas.

– A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.

• Problemas éticos actuais.

– A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.

– As desigualdades e a pobreza.

– A discriminación e o respecto polas minorías.

– Problemas ecosociais e ambientais.

• Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.

– Orixe, legitimidade e vixencia.

– Xeracións dos dereitos humanos.

– Los derechos de la infancia.

– Dereitos dos animais.

• O ser humano como animal político.

– Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo.

– Definición do político: legalidade e lexitimidade.

– Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo.

– Cidadanía e Estado de benestar.

• Xustiza e democracia.

– A xustiza como problema filosófico.

– A reflexión filosófica sobre a democracia.

– Ideais, utopías e distopías.

• Os movementos sociais e políticos.

• O feminismo e a perspectiva de xénero.

• Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto.

• Teorías sobre a beleza e a arte.

– Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte.

– Teorías e problemas estéticos contemporáneos.

• A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual.

• A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política.

– Ética e estética.

– O papel político da arte.

16.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Filosofía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Filosofía e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3				1.2-4	1-3-4		1
OBX2	1-2-3-5		1	1-3	4	3	3	
OBX3	1-5		1		3.1	2-3		1-3.2
OBX4	2-5					1-2-3		2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A xeración dunha experiencia real de descubrimento dos interrogantes filosóficos, a partir da cal se invite o alumnado á investigación analítica sobre estes.

– A avaliación crítica das diversas respostas que se lles deron aos interrogantes filosóficos e á construción rigorosa dos seus propios posicionamentos persoais. O desenvolvemento dunha praxe consecuente cos devanditos posicionamentos e que poida orientar a vida persoal, social e profesional do alumnado.

– O fomento da natureza dialóxica, participativa, interdisciplinaria, creativa e comprometida cos problemas de relevancia que posúe en si mesma a actividade filosófica.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A orientación cara ao logro da autonomía persoal e o exercicio crítico e ecosocialmente responsable da cidadanía.

17. Física.

17.1. Introdución.

A física, como disciplina que estuda a natureza, encárgase de entender e de describir o Universo en todas as súas escalas, desde os fenómenos que se producen no microcosmos ata aqueles que se dan no eido cosmolóxico. Porén, a materia, a enerxía e as interaccións maniféstanse de forma diversa en función do contexto considerado, o que fai que os modelos, principios e leis da física que o alumnado ten que aplicar para explicar a natureza deban axustarse á escala de traballo. Por outra banda, resulta adecuado que as alumnas e os alumnos perciban a física como unha ciencia que evoluciona e que os coñecementos que integra a relacionan intimamente co progreso noutras áreas, entre as que está a tecnoloxía e, en definitiva, o da propia sociedade. En consecuencia, trátase dunha ciencia indispensable para a formación individual nos ámbitos científico e tecnolóxico, pois proporciona a capacidade de ser parte activa dun saber en construción, debido ás destrezas que se adquiren para observar, analizar e explicar fenómenos naturais.

Por outra parte, co ensino desta materia preténdese desmitificar que a física sexa algo complexo, mostrando que moitos dos fenómenos que ocorren no día a día se poden comprender e explicar a través de modelos e leis accesibles. Conseguir que o seu estudo resulte interesante contribúe a formar unha cidadanía crítica e cunha base científica axeitada. A física está presente en avances tecnolóxicos que posibilitan atopar solucións sustentables para problemas moi importantes no mundo actual. A continua innovación impulsa o desenvolvemento tecnolóxico e o alumnado, que poderá formar parte da comunidade científica, ten que posuír as competencias necesarias para contribuír aos devanditos avances, así como os coñecementos, destrezas e actitudes que estas levan asociados. Fomentar no estudantado a curiosidade polo funcionamento e o coñecemento da natureza é o punto de partida para conseguir logros que repercutirán de forma positiva na sociedade.

O presente currículo parte duns obxectivos cuxa adquisición lle outorgará ao alumnado a capacidade de adquirir destrezas, actitudes e coñecementos científicos avanzados, respecto dos cursos anteriores. Eses obxectivos non se refiren exclusivamente a elementos da física, senón tamén a outros transversais que xogan un papel importante na formación integral dos alumnos e das alumnas. Neste proceso ocupa un lugar central o carácter experimental desta ciencia, por iso se propón a utilización de metodoloxías e instrumentos experimentais que, xunto coa formulación matemática das leis e dos principios e os seus

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

desenvolvementos, e os medios tecnolóxicos apropiados, facilitarán a comprensión dos conceptos e dos fenómenos. Por outra banda, con estes obxectivos tamén se pretende, a través do fomento do traballo en equipo e dos valores sociais e cívicos, lograr persoas comprometidas que utilicen a ciencia para a formación permanente ao longo da súa vida, o desenvolvemento da conciencia medioambiental, o ben comunitario e o progreso da sociedade.

Os coñecementos, destrezas e actitudes básicas que o alumnado adquiriu na etapa de educación secundaria obrigatoria e no primeiro curso de bacharelato crearon nel unha estrutura competencial sobre a que consolidar e construír os saberes científicos que a materia de Física achega neste curso. Os diferentes bloques desta materia van enfocados a completar os das etapas anteriores, de xeito que o alumnado poida adquirir unha percepción global das distintas liñas de traballo en física e das súas moi diversas aplicacións. Cómpre sinalar que, aínda que aparezan organizados dun xeito concreto, en particular cunhas agrupacións de criterios de avaliación e de contidos determinadas, en realidade a ordenación non responde a unha secuencia preceptiva, senón que o profesorado poderá traballar de acordo coa temporalización que considere máis apropiada para as necesidades do seu alumnado.

A que aquí se presenta admite ser visualizada desde o punto de vista global dalgúns aspectos importantes do progreso da física, desde os primeiros logros alcanzados no ámbito da gravitación universal ata os primordiais da física do século XX. Outro é o do estudo das interaccións fundamentais, comezando pola gravitacional e a electromagnética, para avanzar despois cara aos fundamentos das necesarias para describir fenómenos propios da física nuclear e de partículas, o que xustifica a introdución das bases e a fenomenoloxía da física ondulatoria.

Despois dun bloque sobre a actividade científica na física, de carácter transversal e que engloba saberes de natureza eminentemente xeral para as ciencias experimentais, os dous que lle seguen fan referencia á teoría clásica de campos. No primeiro deles, abórdanse coñecementos, destrezas e actitudes referidos ao estudo do campo gravitacional desde unha perspectiva newtoniana. Nel trátanse, empregando as ferramentas matemáticas adecuadas para conferir o rigor suficiente, as interaccións entre partículas con masa, así como a súa relación con coñecementos de cursos anteriores sobre dinámica, con especial atención á enerxía e aos principios de conservación. A continuación, o seguinte bloque comprende aprendizaxes sobre os fundamentos do electromagnetismo clásico. Describe os campos eléctrico e magnético, tanto estáticos coma variables no tempo, e as súas características e aplicacións tecnolóxicas, biosanitarias e industriais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

O seguinte bloque aborda o estudo das vibracións e ondas e nel considérase o movemento oscilatorio como xerador de perturbacións e a súa propagación a través dun movemento ondulatorio, en cuxas análises se inclúen aspectos relacionados coa conservación da enerxía. Complétase coa aplicación deses conceptos ás ondas sonoras e ás electromagnéticas, o que abre o estudo de procesos propios da óptica física e da xeométrica.

Co último bloque abórdanse cuestións de gran relevancia pertencentes á física do século XX e que constitúen o fundamento da do presente e do futuro. Nel expóñense coñecementos de carácter introdutorio á física cuántica e á física de partículas. Xunto cos principios da física relativista, este bloque aborda a constitución da materia e a descrición de procesos que ocorren nas escalas atómica e subatómica. Con estes coñecementos posibilitaráselle ao alumnado aproximarse ás fronteiras da física e abrir a súa curiosidade, o mellor motor para a súa aprendizaxe, ao ver que aínda quedan preguntas importantes por resolver e moitos retos que deben ser atendidos desde a investigación e o progreso desta ciencia.

17.2 Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Utilizar as teorías, principios e leis que rexen os procesos físicos máis importantes, considerando a súa base experimental e a súa descrición teórica e desenvolvemento matemático na resolución de problemas, para recoñecer a física como unha ciencia relevante implicada no desenvolvemento da tecnoloxía, da economía, da sociedade e da sustentabilidade ambiental.
• Utilizar os principios, leis e teorías da física require dun amplo coñecemento dos seus fundamentos teóricos. Comprender e describir, a través da experimentación ou da utilización de desenvolvementos matemáticos, as interaccións que se producen entre os corpos e os sistemas na natureza permite, pola súa vez, desenvolver o pensamento científico para construír un novo coñecemento aplicado á resolución de problemas nos distintos contextos nos que intervén a física. Isto comporta apreciar a física como un campo do saber con importantes implicacións na tecnoloxía, na economía, na sociedade e na sustentabilidade ambiental. • Deste xeito, a partir da comprensión das repercusións da física na vida diaria, conséguese formar unha opinión fundamentada sobre as situacións que afectan a cada contexto, o que é necesario para desenvolver un pensamento crítico e unha actitude axeitada para contribuír ao progreso a través do coñecemento científico adquirido, achegando solucións sustentables.
OBX2. Adoptar os modelos, teorías e leis aceptados da física como base de estudo dos sistemas naturais e predicir a súa evolución para inferir solucións xerais aos problemas cotiáns relacionados coas aplicacións prácticas demandadas pola sociedade no campo tecnolóxico, industrial e biosanitario.
• O estudo da física, como ciencia da natureza, debe prover o alumnado da competencia para analizar fenómenos que se producen na contorna natural. Para iso, é necesario adoptar os modelos, teorías e leis que forman as bases fundamentais deste campo de coñecemento e que, pola súa vez, permiten predicir a evolución dos sistemas e obxectos naturais. En particular, esa suficiencia evidénciase cando se relacionan os fenómenos observados en situacións cotiáns cos fundamentos e principios da física.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• Ademais, a partir da análise de diversas situacións particulares apréndese a inferir solucións xerais a problemas cotiáns que poden redundar en aplicacións prácticas necesarias para a sociedade e que darán lugar a produtos e beneficios no eido tecnolóxico, industrial ou biosanitario.
OBX3. Utilizar a linguaxe da física coa formulación matemática dos seus principios e leis, magnitudes, unidades etc. para establecer unha comunicación axeitada entre diferentes comunidades científicas e como unha ferramenta fundamental na investigación desta ciencia.
• O logro deste obxectivo pretende trasladarlles aos alumnos e alumnas un conxunto de criterios para o uso de formalismos propios da ciencia, coa finalidade de poder planear e de discutir axeitadamente a resolución de problemas de física e as súas aplicacións no mundo que os rodea. Ademais, preténdese que se valore a universalidade da linguaxe matemática e a súa formulación para intercambiar ideas e problemas físicos e as súas resolucións en distintas contornas e medios. • Integrar o alumnado na participación colaborativa coa comunidade científica require dun código específico, rigoroso e común que asegure a claridade das mensaxes que intercambian os seus membros. É por este motivo que a capacidade para expresar adecuadamente información propia da física, de maneira textual, simbólica ou gráfica, ocupa un lugar central na consecución deste obxectivo.
OBX4. Utilizar de forma autónoma, eficiente, crítica e responsable recursos en distintos formatos, plataformas dixitais de información e de comunicación no traballo individual e colectivo, para o fomento da creatividade mediante a produción e o intercambio de materiais científicos e divulgativos que faciliten achegar a física á sociedade como un campo de coñecementos accesible.
• Entre as destrezas que se deben adquirir nos novos contextos de ensino e aprendizaxe actuais está a de utilizar plataformas e contornas virtuais. Estas serven de repositorio de recursos e materiais de diversos tipos e formatos e son útiles para o estudo da física e, pola súa vez, como medios para a aprendizaxe individual e en grupo. É necesario, polo tanto, desenvolver a capacidade de utilizar estes recursos de xeito autónomo e eficiente para facilitar a aprendizaxe autorregulada e, ao mesmo tempo, a responsabilidade nas interaccións con outros estudantes e co profesorado. • Así mesmo, a produción e o intercambio de materiais científicos e divulgativos permiten achegarse á física de maneira creativa, presentándoa como un campo de coñecementos accesible á sociedade.
OBX5. Aplicar técnicas de traballo e de indagación propias da física, así como a experimentación, o razoamento lóxico-matemático e a cooperación, na resolución de problemas e a interpretación de situacións relacionadas con esta ciencia para pór en valor o papel da física nunha sociedade baseada en valores éticos e sustentables.
• As ciencias da natureza teñen un carácter experimental intrínseco. Un dos principais obxectivos de calquera destas disciplinas científicas é a explicación de fenómenos naturais mediante a formulación de teorías e leis aplicables en diferentes sistemas. No caso da física, como ciencia básica, esta característica resulta especialmente importante, polo que é relevante fomentar no alumnado a curiosidade polos fenómenos que suceden na contorna, así como noutras escalas. Hai procesos físicos cotiáns que son reproducibles facilmente e que poden ser explicados e descritos con base nos principios e nas leis da física. Así mesmo, hai procesos que, aínda que non sendo reproducibles ou de difícil medición coa instrumentación dispoñible, están presentes na contorna natural de xeito xeneralizado e, grazas aos laboratorios virtuais, pódense simular para achegarse máis facilmente ao seu estudo. • O traballo experimental inclúe un conxunto de tarefas que fomentan a colaboración e o intercambio de información, ambos os dous moi necesarios nos campos de investigación actuais. Débese fomentar no alumnado o respecto polas medidas de seguridade e o traballo en equipo, así como o rigor no desenvolvemento dese traballo, que incluirá a estimación das incertezas dos resultados obtidos. • Igualmente, o alumnado debe asumir, como parte do traballo experimental, a utilización de distintas fontes bibliográficas, así como a elaboración dos informes correspondentes, que se axustarán ás estruturas habituais das publicacións propias da física, preparándose así para formar parte da comunidade científica.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX6. Recoñecer e analizar o carácter multidisciplinar da física, considerando o seu relevante percorrido histórico e as súas contribucións ao avance do coñecemento científico como un proceso en continua evolución e innovación, para establecer unhas bases de coñecemento e de relación con outras disciplinas científicas.
• A física é unha ciencia que está profundamente implicada en distintos ámbitos das nosas vidas diarias e que é clave no avance científico, tecnolóxico e industrial. Os seus coñecementos e aplicacións forman, xunto cos doutras ciencias como as matemáticas ou as propias da tecnoloxía, un sistema simbiótico cuxas achegas se benefician mutuamente. Así, a historia da ciencia revela, por exemplo, como os progresos nas matemáticas beneficiaron fondamente a física, e viceversa. Por outra banda, disciplinas como a química atoparon fundamentos esenciais para esas ciencias como consecuencia de avances de tipo físico. • Así mesmo, a investigación experimental ou teórica na física, tanto na busca de novas leis ou teorías coma para pór a proba as xa existentes, require de tales recursos técnicos que implica un incentivo no desenvolvemento tecnolóxico. Por outra banda, o progreso da tecnoloxía conduce en ocasións a novos descubrimentos que precisan de explicación a través das ciencias básicas como a física. • En definitiva, a colaboración entre distintas comunidades científicas expertas en diferentes disciplinas é imprescindible en todo ese desenvolvemento e por iso resulta necesario que o alumnado desta materia sexa consciente desas relacións multidisciplinares e a súa importancia.

17.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Física 2º curso	
Bloque 1. A actividade científica na física	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Utilizar de xeito rigoroso as unidades das variables físicas en diferentes sistemas de unidades, empregando correctamente a súa notación e as súas equivalencias, así como a elaboración e interpretación axeitada de gráficas que relacionan variables físicas, posibilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	OBX3
• CA1.2. Expresar de forma axeitada os resultados, argumentando as solucións obtidas na resolución dos exercicios e problemas que se formulan, ben sexa a través de situacións reais ou ideais.	OBX3
• CA1.3. Consultar, elaborar e intercambiar materiais científicos e divulgativos en distintos formatos con outros membros da contorna de aprendizaxe, utilizando de xeito autónomo e eficiente plataformas dixitais.	OBX4
• CA1.4. Usar de xeito crítico, ético e responsable medios de comunicación dixitais e tradicionais como modo de enriquecer a aprendizaxe e o traballo individual e colectivo.	OBX4
• CA1.5. Obter relacións entre variables físicas, medindo e tratando os datos experimentais, determinando os erros e utilizando sistemas de representación gráfica.	OBX5
• CA1.6. Reproducir en laboratorios, reais ou virtuais, determinados procesos físicos modificando as variables que os condicionan, considerando os principios, leis ou teorías implicados, xerando o correspondente informe con formato axeitado e incluíndo argumentacións, conclusións, táboas de datos, gráficas e referencias bibliográficas.	OBX5
• CA1.7. Inferir solucións a problemas xerais a partir da análise de situacións particulares e das variables de que dependen.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Emprego de instrumentos básicos para o estudo da física: linguaxe lóxico-matemática, ferramentas matemáticas, representacións gráficas e sistemas de unidades. • Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica. • Deseño e execución de experimentos (reais ou virtuais) e de proxectos de investigación, en condicións de seguridade e utilizando instrumental axeitado, para a resolución de problemas de física. • Ferramentas matemáticas para o tratamento de datos experimentais e para a análise de resultados na resolución de problemas de física. • Interpretación e produción de información científica.

Bloque 2. Campo gravitacional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer a relevancia da física dos sistemas gravitacionais no desenvolvemento da ciencia, na tecnoloxía, na economía, na sociedade e na sustentabilidade ambiental, empregando axeitadamente os fundamentos científicos apropiados.	OBX1
• CA2.2. Resolver problemas de gravitación newtoniana de maneira analítica e experimental virtual, utilizando principios, leis e teorías da física.	OBX1
• CA2.3. Analizar e comprender a evolución dos sistemas de corpos en interacción gravitacional, utilizando modelos, leis e teorías da gravitación newtoniana.	OBX2
• CA2.4. Identificar os principais avances científicos relacionados coa gravitación newtoniana que contribuíron ao desenvolvemento da física e, en consecuencia, á formulación das leis e teorías aceptadas actualmente no conxunto das disciplinas científicas, como as fases para o entendemento das metodoloxías da ciencia, a súa evolución constante e a súa universalidade.	OBX6

Contidos
• Gravitación universal. – Determinación, a través do cálculo vectorial, do campo gravitacional producido por un sistema de masas. Efectos sobre as variables cinemáticas e dinámicas de partículas de proba inmersas no campo. – Momento angular dun obxecto nun campo gravitacional: cálculo, relación coas forzas centrais e aplicación da súa conservación no estudo do seu movemento. • Órbitas gravitacionais e Universo. – Leis que se verifican no movemento planetario e extrapolación ao movemento de satélites e corpos celestes. – Enerxía mecánica dun obxecto sometido a un campo gravitacional: tipo de órbita que posúe, cálculo do traballo ou os balances enerxéticos existentes en desprazamentos entre distintas posicións, así como en cambios das súas velocidades e tipos de traxectorias. – Introdución á cosmoloxía e á astrofísica como aplicación dos conceptos gravitacionais: implicación da física na evolución de obxectos astronómicos e do coñecemento do Universo e repercusión da investigación nestes ámbitos na industria, na tecnoloxía, na economía e na sociedade.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. Campo electromagnético	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Recoñecer a relevancia do electromagnetismo clásico no desenvolvemento da ciencia, da tecnoloxía, da economía, da sociedade e da sustentabilidade ambiental, empregando axeitadamente os fundamentos científicos apropiados.	OBX1
• CA3.2. Resolver problemas de electromagnetismo clásico de xeito experimental e analítico, utilizando principios, leis e teorías da física.	OBX1
• CA3.3. Analizar e comprender a evolución dos sistemas de partículas cargadas utilizando modelos, leis e teorías do electromagnetismo clásico.	OBX2
• CA3.4. Coñecer aplicacións prácticas e produtos útiles para a sociedade no eido tecnolóxico, industrial e biosanitario, analizándoos con base nos modelos, nas leis e nas teorías do electromagnetismo clásico.	OBX2
• CA3.5. Aplicar os principios, leis e teorías científicas na análise crítica de procesos electromagnéticos da contorna, como os observados e os publicados en distintos medios de comunicación, analizando, comprendendo e explicando as causas que os producen.	OBX3

Contidos

• Campo eléctrico.

– Campo eléctrico: tratamento vectorial, determinación das variables cinemáticas e dinámicas de cargas eléctricas libres en presenza deste campo. Fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en que se aprecian estes efectos.

– Intensidade do campo eléctrico en distribucións de cargas discretas.

– Cálculo e interpretación do fluxo de campo eléctrico; teorema de Gauss e aplicacións: intensidade do campo eléctrico en distribucións de carga continuas.

– Enerxía potencial e potencial eléctrico en distribucións de cargas estáticas: equilibrio electrostático de condutores.

– Conservación da enerxía e cambios nas magnitudes cinemáticas no desprazamento de cargas libres entre puntos de distinto potencial eléctrico.

– Liñas de campo eléctrico producido por distribucións de carga sinxelas.

• Campo magnético e indución electromagnética.

– Campo magnético: tratamento vectorial, determinación das variables cinemáticas e dinámicas de cargas eléctricas libres en presenza deste campo. Fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas nos que se aprecian estes efectos.

– Campos magnéticos xerados por fíos con corrente eléctrica en distintas configuracións xeométricas: rectilíneos, espiras, solenoides ou toros. Interacción con cargas eléctricas libres presentes na súa contorna.

– Liñas de campo magnético producido por imáns e fíos con corrente eléctrica en distintas configuracións xeométricas.

– Forzas magnéticas sobre correntes: funcionamento de motores sinxelos.

– Xeración de forza electromotriz mediante sistemas nos que se produce unha variación do fluxo magnético: xeradores e transformadores.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 4. Vibracións e ondas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Resolver problemas sobre osciladores harmónicos, física ondulatoria e óptica xeométrica de xeito experimental e analítico utilizando principios, leis e teorías da física.	OBX1
• CA4.2. Analizar e comprender a evolución de sistemas naturais mecánicos oscilantes, utilizando modelos, leis e teorías da física ondulatoria e de osciladores harmónicos.	OBX2
• CA4.3. Coñecer aplicacións prácticas e produtos útiles para a sociedade no eido tecnolóxico, industrial e biosanitario, analizándoos con base nos modelos, nas leis e nas teorías da física ondulatoria e dos osciladores harmónicos, así como da óptica.	OBX2
Contidos	
• Movemento ondulatorio. – Movemento oscilatorio: variables cinemáticas e dinámicas dun corpo oscilante e conservación da enerxía nestes sistemas. – Movemento ondulatorio: gráficas de oscilación en función da posición e do tempo, función de onda que o describe e relación co movemento harmónico simple. Distintos tipos de movementos ondulatorios na natureza. – Fenómenos ondulatorios: situacións e contextos naturais en que se poñen de manifesto distintos fenómenos ondulatorios e aplicacións. Cambios nas propiedades ondulatorias en función do movemento do emisor e do receptor. Ondas sonoras e as súas calidades. • Óptica. – A luz como onda electromagnética. Espectro electromagnético. – Formación de imaxes en medios e obxectos con distinto índice de refracción. – Sistemas ópticos: lentes delgadas, espellos planos e curvos e as súas aplicacións.	
Bloque 5. Física moderna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Recoñecer a relevancia da física relativista e da física cuántica no desenvolvemento da ciencia, da tecnoloxía, da economía, da sociedade e da sustentabilidade ambiental empregando axeitadamente os fundamentos científicos apropiados.	OBX1
• CA5.2. Resolver problemas de física moderna de xeito experimental, real ou virtual, e analítico utilizando principios, leis e teorías da física.	OBX1
• CA5.3. Coñecer aplicacións prácticas e produtos útiles para a sociedade no eido tecnolóxico, industrial e biosanitario, analizándoos con base nos modelos, nas leis e nas teorías da física moderna.	OBX2
• CA5.4. Valorar a física debatendo de maneira fundamentada sobre os seus avances e a implicación na sociedade desde o punto de vista da ética e da sustentabilidade.	OBX5
• CA5.5. Identificar os principais avances científicos relacionados coa física moderna que contribuíron á formulación das leis e das teorías aceptadas actualmente no conxunto das disciplinas científicas, como as fases para o entendemento das metodoloxías da ciencia, a súa evolución constante e a súa universalidade.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.6. Recoñecer o carácter multidisciplinar da ciencia e as contribucións dunhas disciplinas noutras, establecendo relacións entre a física e a química, a bioloxía, a xeoloxía ou as matemáticas.	OBX6
Contidos	
• Física cuántica e relativista. – Natureza da luz: controversias e debates históricos acerca dela. Efecto fotoeléctrico. Cuantización da enerxía. – Dualidade onda-corpúsculo e cuantización: hipótese de De Broglie. Principio de incerteza: relacións posición-momento e tempo-enerxía. – Principios da relatividade especial e as súas consecuencias: contracción da lonxitude, dilatación do tempo, masa e enerxía relativistas. • Física nuclear e de partículas. – Núcleos atómicos e estabilidade de isótopos. Radioactividade natural e outros procesos nucleares. Aplicacións nos eidos da enxeñaría, da tecnoloxía e da saúde. – Modelo estándar na física de partículas. Clasificacións das partículas fundamentais. As interaccións fundamentais como procesos de intercambio de partículas (bosóns). Aceleradores de partículas.	

17.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Física desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Física e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-3	5				

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2			2-5		2	4		
OBX3	1-2		1-4	3				
OBX4		1	3-5	1-3	4			
OBX5			1		3.2	4	3	
OBX6			2-5		5		1	1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O deseño da programación didáctica que relacione entre si todos os elementos curriculares, obxectivos, criterios de avaliación e contidos, de acordo co sentido integrado e holístico que corresponde ao currículo desta materia.

– O uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e que promovan tanto o traballo individual como o cooperativo e o colaborativo.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado de tarefas de carácter experimental, así como situacións-problema formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así como a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Débese ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado parte da formulación de cuestións científicas baseadas na observa-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ción directa ou indirecta do mundo en situacións e contextos habituais. A explicación a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes precisa unha adecuada adquisición das competencias referidas neste parágrafo.

– A realización de actividades de carácter interdisciplinar que combinen saberes das diferentes ciencias, da tecnoloxía e das matemáticas, como corresponde ao carácter STEM da física. Deberase ter en conta que as ciencias básicas que se inclúen nos estudos de bacharelato, entre elas a física, contribúen, todas por igual e de forma complementaria ao desenvolvemento dun perfil do alumnado baseado na argumentación e no razoamento que son propios do pensamento científico.

– O uso de metodoloxías motivadoras que busquen fomentar no alumnado o gusto pola ciencia e a promoción de vocacións científicas. O fin último da aprendizaxe da física nesta etapa é acadar un coñecemento físico máis profundo que desenvolva o pensamento científico, espertando máis preguntas, máis coñecemento, más hábitos do traballo característico da ciencia e, nunha última instancia, máis vocación, de xeito que se favoreza que o alumnado se poida dedicar a actividades tan apaixonantes como son a investigación e as actividades laborais científicas. Co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que o profesorado consiga que o alumnado comprenda o que aprende, que saiba para que o aprende e que sexa quen de utilizar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

– A realización de actividades de afianzamento que favorezan a adquisición de aprendizaxes significativas que, en relación co punto anterior, axuden positivamente á formación das futuras xeracións dos nosos científicos e científicas. A este respecto, merecen especial consideración as preconcepcións contrarias ás evidencias científicas, polas barreiras que implican para o logro dos obxectivos deste currículo.

– O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora, a través dun proceso en que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar en que os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

– O primeiro bloque, de carácter transversal, deberase traballar en combinación co resto dos bloques e ao longo de todo o curso.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

18. Física e Química.

18.1 Introdución.

O bacharelato é unha etapa de gran transcendencia para o alumnado, pois ademais de afrontar os cambios propios no seu desenvolvemento madurativo ha de facer fronte a aprendizaxes cun carácter máis profundo que nas etapas educativas precedentes, co fin de satisfacer a demanda dunha preparación adecuada para a vida e para os estudos posteriores. As ensinanzas de Física e Química en bacharelato aumentan a formación científica que o alumnado adquiriu ao longo da educación secundaria obrigatoria e contribúen de forma activa á adquisición dunha base cultural científica rica e de calidade que lle permitirá desenvolverse con autonomía nunha sociedade que demanda perfís científicos e técnicos, tanto no ámbito da investigación como no mundo laboral.

A separación das ensinanzas do bacharelato en modalidades posibilita unha especialización das aprendizaxes que configura definitivamente o perfil persoal e profesional de cada alumno e alumna. Esta materia ten como finalidade profundar nas competencias que se desenvolveron durante toda a educación secundaria obrigatoria e que xa forman parte da bagaxe cultural científica do alumnado, aínda que tamén posúe carácter propedéutico para aqueles estudantes que desexen elixir unha formación científica máis avanzada no curso seguinte, no cal Física e Química se desdobrará en dúas materias, unha para cada disciplina científica.

O enfoque STEM que se lle pretende outorgar á materia de Física e Química en todo o ensino secundario e no bacharelato prepara o alumnado de forma integrada nas ciencias para afrontar un avance que se orienta á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable. Moitos alumnos e alumnas probablemente exercerán nun futuro cada vez máis próximo profesións que aínda non existen, polo que o currículo desta materia busca ser aberto e competencial, e ten como finalidade non só contribuír a profundar na adquisición de coñecementos, destrezas e actitudes da ciencia, senón tamén encamiñar o alumnado para que deseñe o seu perfil persoal e profesional de acordo coas súas preferencias e expectativas. Para iso, o currículo de Física e Química de primeiro de bacharelato deséñase partindo dos seus obxectivos como eixe vertebrador dos demais elementos curriculares.

Así pois, partindo dos obxectivos, este currículo presenta uns criterios de avaliación que tratan de evitar a avaliación exclusiva de contidos. Con este propósito, os criterios de avaliación e os contidos son organizados presentando os coñecementos, destrezas e acti-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

tudes que han de ser adquiridos ao longo do curso. Atópanse distribuídos en bloques que buscan unha continuidade e ampliación respecto da etapa anterior.

Como na devandita etapa, establécese un bloque específico sobre destrezas científicas básicas que deben ser consideradas de maneira transversal ao longo do curso.

O segundo bloque recolle a estrutura da materia e da enlace químico, coñecementos fundamentais neste curso e no seguinte, non só nas materias de Física e de Química senón tamén noutras disciplinas científicas que se apoian nestes contidos, como a Bioloxía.

A continuación, o bloque de reaccións químicas profunda en coñecementos que o alumnado aprendeu durante a educación secundaria obrigatoria, proporcionándolle máis ferramentas para a realización de cálculos estequiométricos, por exemplo os relacionados con excesos de reactivos, cálculos termoquímicos, como os baseados na lei de Hess ou os relativos á espontaneidade –o que relaciona este bloque co da enerxía–, e cálculos en xeral con sistemas fisicoquímicos importantes, como as disolucións e os gases ideais.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios da química terminan cun bloque sobre química orgánica, un ámbito que se introduciu no último curso da educación secundaria obrigatoria e que se aborda agora cunha maior profundidade para coñecer as propiedades xerais dos compostos do carbono e ampliar a súa formulación e nomenclatura, e desta maneira deixar o alumnado en disposición de acceder a novos contidos da materia de Química, en segundo curso de bacharelato.

Os saberes de física comezan cun bloque de cinemática. Para alcanzar un nivel de significación maior na aprendizaxe con respecto á etapa anterior, neste curso trabállase desde un enfoque vectorial, de modo que a carga matemática desta unidade se vaia adecuando aos requirimentos do desenvolvemento madurativo do alumnado. Ademais, o feito de abordar un maior número de movementos permítelles ampliar as perspectivas desta rama da mecánica.

Igual de importante é coñecer as causas do movemento. Por iso, o seguinte bloque presenta coñecementos, destrezas e actitudes correspondentes á estática e á dinámica. Aproveitando o enfoque vectorial do bloque anterior, o alumnado aplica esas ferramentas á descrición dos efectos das forzas sobre partículas e sobre sólidos ríxidos, que inclúe o estudo do momento resultante dun conxunto de forzas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Por último, o bloque de enerxía presenta os saberes como continuidade aos que se estudaron na etapa anterior, profundando máis no traballo, na potencia e na enerxía mecánica e a súa conservación e tamén nos aspectos básicos da termodinámica que lles permitan entender o comportamento de sistemas termodinámicos simples e as aplicacións máis inmediatas. Todo iso encamiñado a comprender a importancia do concepto da enerxía na nosa vida cotiá e noutras disciplinas científicas e tecnolóxicas.

18.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Resolver problemas e situacións relacionados coa física e coa química, aplicando as leis e teorías científicas adecuadas, para comprender e explicar os fenómenos naturais e evidenciar o papel destas ciencias na mellora do benestar común e na realidade cotiá.
• Aplicar os coñecementos científicos adecuados á explicación dos fenómenos naturais require a construción de razoamentos que favorecen a formación de pensamentos de orde superior, o que pola súa vez redunda nunha mellor comprensión das leis e teorías científicas, nun proceso de retroalimentación. Entender os fenómenos fisicoquímicos implica comprender como son as interaccións que se producen entre os corpos e os sistemas na natureza, analizalas á luz das leis e teorías fisicoquímicas que as describen, interpretar os fenómenos nos que participan e utilizar ferramentas científicas para a toma e rexistro de datos e a súa análise crítica para a construción de novos coñecementos científicos. • Este obxectivo require usar as formas e os procedementos que se utilizan na investigación científica acerca da natureza e permítelle ao alumnado, pola súa vez, forxar unha opinión informada sobre aspectos que afectan a súa realidade próxima e actuar con sentido crítico na mellora desta a través do coñecemento científico adquirido. Así pois, lograr este obxectivo permite detectar problemas da contorna cotiá e da realidade socioambiental global e abordalos desde a perspectiva da física e da química, buscando solucións sustentables que repercutan no benestar social común.
OBX2. Razoar usando con solvencia o pensamento científico e as destrezas relacionadas co traballo da ciencia para aplicalos á observación da natureza e da contorna, á formulación de preguntas e hipóteses e á validación destas a través da experimentación, da indagación e da procura de evidencias.
• O alumnado ha de desenvolver habilidades para observar desde unha óptica científica os fenómenos naturais e para propoñer explicacións mediante os procedementos que caracterizan o traballo científico, particularmente na física e na química. En consecuencia, con este obxectivo preténdese desenvolver a capacidade de investigar fenómenos naturais a través da experimentación, da procura de evidencias ou do razoamento científico, facendo uso dos coñecementos que se adquiren nesta materia, xa que as destrezas alcanzadas en etapas anteriores permiten utilizar a metodoloxía científica con maior rigor e obter conclusións e respostas de maior alcance e mellor elaboradas, empregando, cando sexa posible, diferentes procedementos cos que contrastar a validez das devanditas conclusións. • Por outra banda, o alumnado competente é capaz de establecer relacións entre o meramente académico e as vivencias da súa realidade cotiá, que no caso desta materia se traducirá en atopar vínculos entre as leis e as teorías que aprenden e os fenómenos que observan no mundo que os rodea. Como consecuencia, as cuestións que expoñan e as hipóteses que formulen estarán elaboradas de acordo con coñecementos fundamentados e poñendo en evidencia as relacións entre as variables que se estuden, formuladas en termos matemáticos coherentes coas leis da física e da química, de maneira que as conclusións e as explicacións que se proporcionen sexan consistentes coas teorías científicas establecidas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Manexar con propiedade e solvencia o fluxo de información nos diferentes rexistros de comunicación da ciencia, como son a nomenclatura de compostos químicos, a linguaxe matemática, as unidades de medida e os códigos de seguridade no traballo experimental, para a produción e interpretación de información en diferentes formatos e a partir de fontes diversas.
• Para lograr unha completa formación científica do alumnado que optou por cursar esta materia en bacharelato é necesario adecuar o nivel de exixencia ao avaliar as súas destrezas para a comunicación científica. Por esta razón, con este obxectivo preténdese que os alumnos e alumnas comprendan a información que se lles proporciona sobre fenómenos fisicoquímicos que ocorren no mundo cotián, sexa cal sexa o formato desta, e que sexan capaces de producir así mesmo nova información con corrección, veracidade e fidelidade, utilizando correctamente a linguaxe matemática, os sistemas de unidades, as normas da IUPAC, coa finalidade de recoñecer o valor universal da linguaxe científica na transmisión de coñecemento que se necesita para a construción dunha sociedade mellor. • O correcto uso da linguaxe científica universal e a soltura á hora de interpretar e producir información de carácter científico permiten crear relacións construtivas entre a física, a química e outras áreas de coñecemento que se estudan no bacharelato. Ademais, prepara a os estudantes para establecer conexións cunha comunidade científica activa, preocupada por conseguir unha mellora da sociedade, que repercuta en aspectos tan importantes como a conservación do ambiente e a saúde individual e colectiva, o que dota este obxectivo dun carácter esencial para este currículo. • En particular, con respecto a estes aspectos, resulta especialmente relevante o coñecemento e o respecto das normas de seguridade dos laboratorios científicos, imprescindible non só na formación específica da física e da química, senón tamén na científica en xeral.
OBX4. Utilizar de forma autónoma, crítica e eficiente plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, consultando e seleccionando información científica veraz, creando materiais en diversos formatos e comunicando de maneira efectiva en diferentes contornas de aprendizaxe, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social.
• O desenvolvemento das competencias científicas require o acceso a unha diversidade de fontes de información para a selección e utilización de recursos didácticos, tanto tradicionais como dixitais. Na actualidade, moitos dos recursos necesarios para o ensino e a aprendizaxe da física e da química poden atoparse en distintas plataformas dixitais de contidos, polo que o seu uso autónomo facilita procesos cognitivos de nivel superior e propicia a comprensión, a elaboración de xuízos, a creatividade e o desenvolvemento persoal. O seu uso crítico e eficiente implica a capacidade de seleccionar entre os distintos recursos existentes aqueles que resultan veraces e adecuados para as necesidades de formación e que están axustados ás tarefas que se están desempeñando e ao tempo dispoñible. • Pola súa vez, é necesaria a autonomía, responsabilidade e uso crítico das plataformas dixitais e as súas diferentes contornas de aprendizaxe. Tal é o caso, por exemplo, das ferramentas de comunicación para o traballo colaborativo mediante o intercambio de ideas e contidos a través de documentos en distintos formatos e que favorece a aprendizaxe social. Para iso, é necesario que o alumnado aprenda a producir, con medios tradicionais ou dixitais, documentos que teñan valor, non só para si mesmos, senón tamén para o resto da sociedade, e debe formar parte do devandito proceso a citación de fontes e o respecto aos dereitos de autor.
OBX5. Traballar de forma colaborativa en equipos diversos, aplicando habilidades de coordinación, comunicación, emprendemento e repartición equilibrada de responsabilidades, para predicir as consecuencias dos avances científicos e a súa influencia sobre a saúde propia e comunitaria e sobre o desenvolvemento ambiental sustentable.
• A aprendizaxe da física e da química, no referido aos seus métodos de traballo, ás súas leis e teorías máis importantes e ás relacións entre elas, así como co resto das ciencias, coa tecnoloxía, coa sociedade e co ambiente, implica que o alumnado teña unha actitude comprometida no traballo experimental e no desenvolvemento de proxectos de investigación en equipo, que adopte certas posicións éticas e que sexa consciente dos compromisos sociais que se infiren destas relacións.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Ademais, o proceso de formación en ciencias implica o traballo activo integrado coa lectura, coa escritura, coa expresión oral, coa tecnoloxía e coas matemáticas. O desenvolvemento de todas estas destrezas de forma integral ten moito máis sentido se se realiza no marco colaborativo dun grupo diverso que respecte as diferenzas de xénero, orientación, ideoloxía etc., fundamentado non só na cooperación, senón tamén na comunicación, no debate e na repartición consensuada de responsabilidades. As ideas que se expoñen no traballo destes equipos son validadas a través da argumentación e é necesario o acordo común para que o colectivo as acepte, do mesmo xeito que sucede na comunidade científica, na que o consenso é un requisito para a aceptación universal das novas ideas e descubrimentos. Non se deben esquecer, por outra banda, as vantaxes de desenvolver o traballo colaborativo pola interdependencia positiva entre os membros do equipo, a complementariedade, a responsabilidade compartida, a avaliación grupal etc., que se fomentan a través do logro deste obxectivo.
OBX6. Participar de forma activa na construción colectiva e evolutiva do coñecemento científico, na súa contorna cotiá e próxima para converterse en axentes activos da difusión do pensamento científico, na aproximación escéptica á información científica e tecnolóxica e á posta en valor da preservación do ambiente e da saúde pública, no desenvolvemento económico e na procura dunha sociedade igualitaria.
• Con este obxectivo, preténdese dotar o alumnado da destreza para valorar con criterios cientificamente fundamentados a repercusión técnica, social, económica e ambiental das distintas aplicacións que teñen os avances, as investigacións e os descubrimentos que a comunidade científica acomete no transcurso da historia, coa finalidade de que sexan cidadáns e cidadás competentes comprometidos co mundo en que viven. O coñecemento e a explicación dos aspectos da ciencia e da tecnoloxía que son máis importantes para a sociedade permite valorar criticamente as repercusións que teñen, e así ter mellores criterios á hora de tomar decisións sobre os usos adecuados dos medios e produtos científicos e tecnolóxicos que a sociedade pon á nosa disposición. • Así mesmo, este obxectivo desenvólvese a través da participación activa do alumnado en proxectos que involucren a toma de decisións e a execución de accións cientificamente fundamentadas na súa vida cotiá e na contorna social. Con iso mellórase a conciencia social da ciencia, algo que é necesario para construír unha sociedade de coñecemento máis avanzada.

18.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Física e Química 1º curso	
Bloque 1. A actividade científica na física e na química	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Formular e verificar hipóteses como respostas a diferentes problemas e observacións, manexando con soltura o traballo experimental, a indagación, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático.	OBX2
• CA1.2. Utilizar diferentes métodos para atopar a resposta a unha soa cuestión ou observación, cotexando os resultados obtidos para asegurarse da súa coherencia e fiabilidade.	OBX2
• CA1.3. Integrar as leis e teorías científicas coñecidas no desenvolvemento do procedemento da validación das hipóteses formuladas, aplicando relacións cualitativas e cuantitativas entre as diferentes variables, de maneira que o proceso sexa fiable e coherente co coñecemento científico adquirido.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Poñer en práctica os coñecementos adquiridos na experimentación científica en laboratorio ou campo, incluído o coñecemento dos seus materiais e a súa normativa básica de uso, así como das normas de seguridade propias destes espazos, e estimando a importancia que no progreso científico e emprendedor ten que a experimentación sexa segura, sen comprometer a integridade física propia nin a colectiva.	OBX3
• CA1.5. Interactuar con outros membros da comunidade educativa a través de diferentes contornas de aprendizaxe, reais e virtuais, utilizando de forma autónoma e eficiente recursos variados, tradicionais e dixitais, con rigor e respecto e analizando criticamente as achegas dos participantes.	OBX 4
• CA1.6. Traballar de forma autónoma e versátil, individualmente e en equipo, na consulta de información e na creación de contidos, utilizando con criterio as fontes e as ferramentas máis fiables e refugando as menos adecuadas para mellorar a aprendizaxe propia e colectiva.	OBX 4
• CA1.7. Participar de maneira activa na construción do coñecemento científico, evidenciando a existencia de interacción, cooperación e avaliación entre iguais e mellorando o cuestionamento, a reflexión e o debate ao alcanzar o consenso na resolución dun problema ou situación de aprendizaxe.	OBX5
• CA1.8. Construír e producir coñecementos a través do traballo colectivo, ademais de explorar alternativas para superar a asimilación de coñecementos xa elaborados e atopando momentos para a análise, a discusión e a síntese, obtendo como resultado a elaboración de produtos representados en informes, pósteres, presentacións, artigos etc.	OBX5
Contidos	
• Utilización das metodoloxías propias da investigación científica para a identificación e a formulación de cuestións e conxecturas, a elaboración de hipóteses e a comprobación experimental destas. • Deseño e execución de experimentos e de proxectos de investigación en condicións de seguridade, utilizando instrumental adecuado e razoamento lóxico-matemático e analizando os resultados obtidos para a resolución de problemas e cuestións relacionados coa física e coa química. • Recoñecemento e utilización de fontes veraces e medios de colaboración para a procura de información científica en diferentes formatos e facendo uso das ferramentas necesarias. • Interpretación e produción de información científica cunha linguaxe adecuada para desenvolver un criterio propio baseado na evidencia e no razoamento.	
Bloque 2. Enlace químico e estrutura da materia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa estrutura da materia comprendendo as causas que os producen e elaborar explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA2.2. Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos inorgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	OBX3
• CA2.3. Empregar diferentes formatos para interpretar e expresar información relativa a un proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si a información que cada un deles contén e extraendo o relevante para a resolución dun problema.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Desenvolvemento da táboa periódica: contribucións históricas á súa elaboración actual e importancia como ferramenta preditiva das propiedades dos elementos.
• Estrutura electrónica dos átomos tras a análise da súa interacción coa radiación electromagnética: explicación da posición dun elemento na táboa periódica e da similitude nas propiedades dos elementos químicos de cada grupo.
• Teorías sobre a estabilidade de átomos e ións: predición da formación de enlaces entre os elementos, representación destes e dedución de propiedades das substancias químicas. Comprobación a través da observación e da experimentación.
• Formulación e nomenclatura de substancias simples, ións e compostos inorgánicos: aplicacións que teñen na vida cotiá.

Bloque 3. Reaccións químicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Aplicar as leis e as teorías científicas na análise de reaccións químicas, comprendéndoas e explicándoas utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA3.2. Resolver problemas sobre reaccións químicas e as substancias que nelas participan aplicando as leis adecuadas para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA3.3. Identificar situacións problemáticas na contorna nas que estean implicadas reaccións químicas, emprender iniciativas e buscar solucións sustentables desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no ambiente.	OBX1
• CA3.4. Debater, de maneira informada e argumentada, sobre cuestións ambientais, sociais e éticas relacionadas co desenvolvemento da física e da química, alcanzando un consenso sobre as consecuencias dos seus avances e propoñendo solucións creativas en común ás cuestións expostas.	OBX5
• CA3.5 Identificar e argumentar cientificamente, á luz da física e da química, as repercusións de accións que se acometen na vida cotiá analizando como melloralas, como forma de participar activamente na construción dunha sociedade mellor.	OBX6
• CA3.6. Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados con reaccións químicas que axuden a satisfacer as devanditas necesidades, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sustentable e a promoción da saúde.	OBX6

Contidos
• Leis fundamentais da química: relacións estequiométricas en reaccións químicas e na constitución de compostos. Resolución de cuestións cuantitativas relacionadas coa química na vida cotiá.
• Clasificación das reaccións químicas: relacións que existen entre a química e aspectos importantes da sociedade actual, como por exemplo a conservación do ambiente ou o desenvolvemento de fármacos.
• Cálculo de cantidades de materia en sistemas fisicoquímicos concretos, como gases ideais ou disolucións, así como o estudo das súas propiedades e variables de estado en situacións da vida cotiá.
• Estequiometría das reaccións químicas: aplicacións en procesos industriais significativos da enxeñaría química.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 4. Química orgánica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa química orgánica, emprender iniciativas e buscar solucións sustentables desde a física e a química, analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no ambiente.	OBX1
• CA4.2. Nomear e formular correctamente substancias simples, ións e compostos químicos orgánicos utilizando as normas da IUPAC, como parte da linguaxe integradora e universal da comunidade científica.	OBX3
• CA4.3. Detectar necesidades da sociedade sobre as que aplicar coñecementos relacionados coa química orgánica que axuden a satisfacelas, incidindo especialmente en aspectos importantes como a resolución dos grandes retos ambientais, o desenvolvemento sustentable e a promoción da saúde.	OBX6
Contidos	
• Propiedades físicas e químicas xerais dos compostos orgánicos a partir dos seus grupos funcionais: xeneralidades nas diferentes series homólogas e aplicacións no mundo real. • Regras da IUPAC para formular e nomear correctamente algúns compostos orgánicos mono e polifuncionais (hidrocarburos, compostos osixenados e compostos nitroxenados).	
Bloque 5. Cinemática	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Aplicar os conceptos da cinemática clásica na análise de movementos cotiáns, elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA5.2. Resolver problemas sobre movementos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando os conceptos propios da cinemática para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA5.3. Utilizar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes cinemáticas, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	OBX3
Contidos	
• Variables cinemáticas en función do tempo nos distintos movementos que pode ter un obxecto, con ou sen aceleración: resolución de situacións reais relacionadas coa física e coa contorna cotiá. • Variables cinemáticas que interveñen nun movemento rectilíneo e circular: magnitudes e unidades empregadas. Movementos cotiáns que presentan estes tipos de traxectoria. • Expresión da traxectoria dun movemento composto en función das magnitudes que o describen.	
Bloque 6. Estática e dinámica	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Aplicar as leis da dinámica newtoniana e os seus teoremas de conservación na análise do repouso ou movemento dos corpos en situacións cotiás, comprendendo as forzas que os producen e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA6.2. Resolver problemas de estática e dinámica de corpos expostos a partir de situacións cotiás, aplicando as leis da dinámica newtoniana e os teoremas de conservación pertinentes para atopar e argumentar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.3. Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias das magnitudes da mecánica empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	OBX3
Contidos	
• Predición, a partir da correspondente composición vectorial, do comportamento estático ou dinámico dunha partícula. Par de forzas. Estática de sólidos ríxidos. • Relación da mecánica vectorial aplicada sobre unha partícula ou un sólido ríxido co seu estado de repouso ou de movemento. Aplicacións estáticas ou dinámicas da física noutros campos de interese. • Interpretación das leis da dinámica en termos de magnitudes como o momento lineal e o impulso mecánico: aplicacións.	
Bloque 7. Enerxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA7.1. Aplicar os conceptos de calor e traballo e o teorema de conservación da enerxía mecánica na análise de fenómenos cotiáns en que se produza transferencia de enerxía, comprendendo as causas que producen esta transferencia e elaborando explicacións utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	OBX1
• CA7.2. Resolver problemas sobre transferencia de enerxía mecánica e térmica expostos a partir de situacións cotiás, aplicando o concepto de calor e o teorema de conservación da enerxía mecánica para atopar e argumentar as solucións expresando adecuadamente os resultados.	OBX1
• CA7.3. Identificar situacións problemáticas na contorna relacionadas coa enerxía e as súas manifestacións, emprender iniciativas e buscar solucións sustentables desde a física e a química analizando criticamente o impacto producido na sociedade e no ambiente.	OBX1
• CA7.4. Utilizar e relacionar de maneira rigorosa as unidades propias de magnitudes relacionadas coa enerxía, empregando correctamente as súas notacións e equivalencias e facendo posible unha comunicación efectiva coa comunidade científica.	OBX3
Contidos	
• Conceptos de traballo e potencia: elaboración de hipóteses sobre o balance enerxético de sistemas mecánicos ou eléctricos da contorna cotiá e o seu rendemento. • Enerxía potencial e enerxía cinética dun sistema sinxelo: aplicación á conservación da enerxía mecánica en sistemas conservativos e non conservativos e ao estudo das causas que determinan o movemento dos obxectos no mundo real. • Variables termodinámicas dun sistema para relacionar as variacións de temperatura que experimenta coas transferencias de enerxía que se producen coa súa contorna.	

18.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Física e Química desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Física e Química e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-5		1.2			1
OBX2			1-2		4	4	1	
OBX3	1-2		4	2				
OBX4		1	3	1-3	3.2		2	1
OBX5			3-5		3.1-3.2	4		
OBX6			3-4-5		5	4	2	1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O deseño da programación didáctica que relacione entre si todos os elementos curriculares; obxectivos, criterios de avaliación e contidos, de acordo co sentido integrado e holístico que corresponde ao currículo desta materia.

– O uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan tanto o traballo individual coma o cooperativo e o colaborativo.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado de tarefas de carácter experimental, así como situacións-problema formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así como a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, o enfoque

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

que se lle dea a esta materia debe incluír un tratamento experimental e práctico que amplíe a experiencia dos alumnos e alumnas máis alá do académico e que lles permita facer conexións coas súas situacións cotiás, o que contribuirá de forma significativa a que todos desenvolvan as destrezas características da ciencia.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Débese ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado parte da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e contextos habituais. A explicación a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes precisa unha adecuada adquisición das competencias referidas neste parágrafo.

– A realización de actividades de carácter interdisciplinar que combinen saberes das diferentes ciencias, da tecnoloxía e das matemáticas, como corresponde ao carácter STEM da física. Deberase ter en conta que as ciencias básicas que se inclúen nos estudos de bacharelato, entre elas a física e a química, contribúen, todas por igual e de forma complementaria, ao desenvolvemento dun perfil do alumnado baseado na argumentación e no razoamento que son propios do pensamento científico.

– O uso de metodoloxías motivadoras que busquen fomentar no alumnado o gusto pola ciencia e a promoción de vocacións científicas. O fin último da aprendizaxe da física e da química na presente etapa é acadar un coñecemento fisicoquímico máis profundo que desenvolva o pensamento científico e que esperte máis preguntas, máis coñecemento, más hábitos do traballo característico da ciencia e, nunha última instancia, máis vocación, favorecendo que o alumnado se poida dedicar a actividades tan apaixonantes como son a investigación e as actividades laborais científicas. Co propósito de manter a motivación por aprender é necesario que o profesorado consiga que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de utilizar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

– A realización de actividades de afianzamento que favorezan a adquisición de aprendizaxes significativas que, en relación co punto anterior, axuden positivamente á formación das futuras xeracións dos nosos científicos e científicas. A este respecto, merecen especial

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

consideración as preconcepcións contrarias ás evidencias científicas, polas barreiras que implican para o logro dos obxectivos deste currículo.

– O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que lle axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinar no que os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

– O primeiro bloque, de carácter transversal, deberase traballar en combinación co resto dos bloques e ao longo de todo o curso.

19. Fundamentos Artísticos.

19.1. Introdución.

A casuística da arte radica na súa propia concepción, que deu lugar a que tanto a súa definición como a súa función fosen cambiando ao longo da historia e presenten diferenzas dependendo da cultura e o contexto xeográfico desde os que se consideren. En consecuencia, a aproximación á arte resulta complexa e dinámica, e nesta relatividade residen tanto a dificultade do seu estudo, como o atractivo e a riqueza da súa percepción e apreciación. Os diferentes enfoques e puntos de vista neste sentido apuntan cara a procesos metodolóxicos e de coñecemento que, lonxe de ser subxectivos, son perfectamente obxectivables e susceptibles de ser aprehendidos e aplicados.

A través da materia de Fundamentos Artísticos, o alumnado analiza diferentes obras de diversas disciplinas artísticas, con variadas formas e técnicas, identificándoas, situándoas cronolóxica e espacialmente, e vinculando ese proceso coa idea de creación artística. A visión das distintas formulacións artísticas entendidas desde os seus aspectos básicos permítelle ao alumnado construír un discurso argumentado e, nun estadio posterior, interpretar as creacións artísticas, ampliando os recursos propios e enriquecendo o seu repertorio. Todo iso, ademais, favorece que o alumnado desenvolva unha conciencia sensible cara ao patrimonio cultural e artístico. Mención á parte merecen o descubrimento e a visibilización de obras e artistas que, por diversos motivos, foron excluídos do relato da historia da arte tradicional. Neste sentido, é indispensable abordar a análise dos diferentes contextos históricos, sociais e xeográficos de creación desde unha perspectiva de xénero que permita que o alumnado entenda cal foi e cal é o papel das mulleres na arte. Así mesmo, realizar

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

o estudo das distintas obras tamén desde unha perspectiva intercultural, incluíndo o patrimonio e as manifestacións artísticas galegas, axudará a que alumnas e alumnos poidan desenvolver unha actitude respectuosa coa diversidade e comprometida coa igualdade e a cohesión social.

A análise comparada entre obras de distintas épocas e culturas permite realizar conexións significativas entre movementos, o que ofrece a oportunidade de enriquecer a interpretación das producións artísticas, favorecendo así unha visión menos compartimentada da arte. Esta percepción diacrónica e intercultural do patrimonio artístico contribúe a que o alumnado poida opinar sen prexuízos, de maneira argumentada, aberta e plural sobre as creacións artísticas de calquera cultura, época e estilo.

Por outra banda, as aprendizaxes derivadas da análise e a apreciación estética das distintas obras van ligados á comprensión dos procesos de creación e produción artística. Deste xeito, o alumnado pode poñer en práctica esas aprendizaxes nos proxectos artísticos que leve a cabo a partir doutras materias desta modalidade, ademais de sentar as bases que lle permitirán afrontar unha formación artística superior ou participar en proxectos profesionais vinculados á arte.

A materia de Fundamentos Artísticos está estruturada en torno tres eixes: por unha banda, a análise de producións artísticas ao longo da historia e a identificación dos seus elementos constituíntes e as claves das súas linguaxes; todo iso asociado á época ou corrente estética na que as obras foron creadas. Por outra, o coñecemento das metodoloxías, as ferramentas e os procedementos de procura, rexistro, análise, estudo e presentación de información, privilexiando o uso de recursos dixitais. Por último, a adquisición dunha conciencia sensible e de respecto cara ao patrimonio artístico e a cultura visual.

Os obxectivos da materia, en coherencia cos devanditos eixes, desenvolvéronse a partir das competencias clave e dos contidos establecidos para a etapa de bacharelato, en especial, dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, ao que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a sustentabilidade ambiental, a interculturalidade ou a creatividade. Os obxectivos combinan os aspectos relacionados coa evolución do concepto de arte e as súas funcións ao longo da historia coas estratexias e métodos de análises das diferentes obras e os seus contextos. Todo iso, ademais do estudo das creacións artísticas e a súa comparación con outras obras de distintas épocas e culturas, permítelle ao alumnado non só enriquecer o seu repertorio, senón tamén adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para desenvolver unha interpretación propia da arte, aumentando dese modo a súa sen-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

sibilidade e o seu sentido crítico. Así mesmo, permitiranlle aprender a elaborar proxectos artísticos propios, xa sexan individuais ou colectivos, de modo que poida dar forma ás súas ideas e aprenda a afrontar novos retos artísticos.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

En canto aos bloques de criterios de avaliación e contidos da materia de Fundamentos Artísticos, o primeiro bloque, «Os fundamentos da arte», introduce o concepto de arte, así como as diferentes ferramentas que se utilizan para a súa análise. O segundo, «Visión, realidade e representación», inclúe as distintas formas de representación da realidade a través de diferentes movementos artísticos, desde a arte primitiva ata a abstracción. O terceiro bloque, «A arte clásica e as súas proxeccións», recolle a tradición grecorromana, incorporando diferentes obras pictóricas, escultóricas e arquitectónicas. O cuarto bloque, «Arte e expresión», achégase a algúns movementos artísticos que destacan pola súa vertente expresiva. O quinto bloque, «Natureza, sociedade e comunicación na arte» recolle, por unha banda, as influencias da natureza na arte e, por outra, a importancia da arte na sociedade e na comunicación. Por último, o bloque de «Metodoloxías e estratexias» engloba as metodoloxías de estudo e análise da arte desde distintas perspectivas, así como os criterios de avaliación e os contidos relacionados co traballo en equipo e as fases dos proxectos artísticos.

19.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender os cambios na concepción da arte, analizando as semellanzas e as diferenzas entre distintos períodos históricos ou contextos culturais, para explicar o enriquecemento que supón a diversidade.
• A definición do concepto de arte segue abrindo debates a día de hoxe. O seu significado é un elemento vivo, cambiante, que foi modificándose ao longo da historia da humanidade. Non se trata soamente de cambios asociados á cronoloxía dos acontecementos, senón que se relacionan coa diversidade das culturas que producen arte. A aparición da arte informal, o cuestionamento dadaísta ou a irrupción da fotografía, por exemplo, provocaron fortes conmocións neste concepto, polo que constitúen fitos cos que o alumnado debe familiarizarse. • A apreciación e coñecemento deses cambios supón un enriquecemento dos recursos cos que o alumnado levará a cabo a análise das manifestacións artísticas de diferentes estilos e épocas cun criterio máis formado, comparando obras distintas, establecendo conexións entre elas e explicándoas de maneira argumentada. Todo iso fará posible que o alumnado poida explicar o enriquecemento que supón a diversidade artística a través de producións orais, escritas ou multimodais, achegándose a ela sen prexuízos e ampliando así o seu propio repertorio cultural.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Reflexionar sobre as funcións da arte ao longo da historia, analizando a evolución do seu papel en cada período, para apreciar as súas singularidades e poñer en valor o patrimonio cultural e artístico de calquera época.
• Ao profundar no significado de arte, xorde irremediablemente o cuestionamento da súa utilidade. Do mesmo xeito que foi cambiando o concepto, tamén o fixo a función da arte ao longo da historia. As funcións apotropaica, relixiosa, pedagóxica, conmemorativa ou estética, conforman, entre outras, algúns dos múltiples cometidos que as producións artísticas desempeñado desde as orixes da humanidade. Pola súa vez, as distintas sociedades e culturas outorgaron usos diferentes a produtos artísticos xa existentes, ás veces, moi afastados dos que tiveron no momento da súa creación. Este dinámico xogo de atribución de funcionalidades da actividade artística debe ser coñecido e apreciado polo alumnado para que, desta forma, lle conceda ao patrimonio cultural e artístico de calquera época a importancia que ten. Ademais, as alumnas e os alumnos han de ser conscientes dos condicionamentos ambientais e contextuais que enmarcan calquera produción artística e que condicionan a súa función para analizar as obras desde o respecto, con profundidade e criterio, e compartir as súas conclusións por medio de producións orais, escritas ou multimodais nas que poña en valor as súas singularidades e descarte as miradas prexuizosas.
OBX3. Analizar formal, funcional e semanticamente producións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo os seus elementos constituíntes e as claves das súas linguaxes usando vocabulario específico, para desenvolver o criterio estético e ampliar as posibilidades de gozar da arte.
• Cada movemento artístico posúe unhas claves comúns asociadas a unha linguaxe propia, que axudan á súa comprensión e identificación no momento da recepción das obras. Este método de aproximación, que busca a clasificación e o marco das obras de arte, consiste nunha primeira forma de abordar a complexidade circunstancial e substancial da produción artística. Co fin de achegarse ao estudo dos estilos, movementos ou tendencias na arte, é necesario investigar diversas producións artísticas e analizar a información obtida a partir de fontes analóxicas e dixitais, explicando tanto as particularidades e os puntos en común como as diferenzas. O alumnado debe coñecer a ampla terminoloxía específica para saber describir cunha linguaxe precisa, adecuada e coherente a multiplicidade de matices, variables e sutilezas que admite a análise dunha obra de arte. • Ademais, debe comprender e aplicar con criterio as diferentes metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, porque fundamentan a aproximación ás obras e permiten recoñecer as diferentes linguaxes utilizadas na arte. O obxectivo é desenvolver no alumnado un criterio estético informado ante calquera manifestación artística, que fusione na súa formulación a identificación do estilo e o contexto coa valoración da riqueza expresiva da arte, aumentando así as posibilidades de gozo na súa recepción.
OBX4. Explicar obras artísticas realizadas en distintos medios e soportes, de calquera estilo ou período, identificando o contexto social, xeográfico e histórico no que se crearon, así como as súas posibles influencias e proxeccións, para valoralas como testemuños dunha época e unha cultura, e como elementos do propio patrimonio.
• Para poder apreciar correctamente o patrimonio artístico, non só é necesario coñecer en profundidade as obras que o compoñen, senón que tamén se debe entender o contexto da súa creación. Así, para realizar un achegamento rigoroso ao estilo dunha obra determinada en calquera medio ou soporte e ao movemento en que se enmarca, han de terse en conta os aspectos históricos, xeográficos e sociais que os rodean. Isto, sumado a unha análise técnica e procedemental, proporcionará as claves necesarias para a interpretación das distintas manifestacións artísticas e permitiralle ao alumnado valorar as obras dunha maneira consciente e respectuosa. Incluír a perspectiva de xénero ao abordar a análise do contexto histórico, social e xeográfico no que as obras foron creadas axudará, ademais, a que alumnas e alumnos comprendan o papel que a muller desempeñou na arte ao longo da historia e as distintas consideracións que se tiveron dela en función de cada época. Neste sentido, non só se terán que estudar as súas representacións, senón tamén as súas achegas como creadoras.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Doutra banda, na diversidade do patrimonio cultural e artístico danse diferentes tipos de relacións: desde as influencias entre estilos, separados ou non no tempo, ata a permanencia de certos elementos dun período a outro, pasando polas reaccións, rexeitamentos ou subversións que xera un estilo ou corrente concreta. O estudo, coñecemento e identificación dos fenómenos que condicionan as relacións entre obras ou estilos, abordado a partir de diversas fontes analóxicas e dixitais, permítelle ao alumnado analizar con maior criterio e profundidade calquera produción artística. Desta maneira, xéranse conexións que permiten alcanzar unha visión máis aguda da obra no seu contexto. • As conclusións da análise das obras realizadas en distintos medios e soportes, que darán lugar a producións orais, escritas ou multimodais en que o alumnado poida compartir os resultados da súa investigación, permiten valorar as manifestacións artísticas como testemuño cultural da súa época e tamén como parte da totalidade do patrimonio.
OBX5. Comprender o poder comunicativo da arte, identificando e recoñecendo o reflexo das experiencias vitais en diferentes producións, para valorar a expresión artística como ferramenta potenciadora da creatividade, a imaxinación, a autoestima e o crecemento persoal.
• As diferentes linguaxes características da creación artística supoñen unha gran ferramenta para transmitir tanto ideas e conceptos como sentimentos e emocións que se desprenden da súa creación ou gozo. Pero a significado da arte, como en todo acto comunicativo, é o resultado da combinación da expresión do artista e a recepción da obra por parte do público. O coñecemento e a práctica desta dobre dimensión das linguaxes artísticas permítenlle ao alumnado profundar nas análises das producións artísticas, expresando e compartindo o experimentado ante todo tipo de obras. Igualmente, ao conectar as súas experiencias vitais cos produtos artísticos, o alumnado pode considerar a expresión artística como un medio para desenvolver a creatividade, a imaxinación, a autoestima e o crecemento persoal.
OBX6. Interpretar diversas creacións artísticas a partir do estudo da súa forma, o seu significado, o seu contexto de creación e a súa recepción, para desenvolver a sensibilidade e o sentido crítico e para apreciar a diversidade de percepcións e opinións ante as producións artísticas.
• O estudo da forma, o significado e o contexto destacan entre os aspectos básicos da análise das producións artísticas e, ademais, son tamén relevantes na análise da súa recepción. A súa identificación permítelle ao alumnado avanzar con criterio cara a un nivel superior de achegamento á obra: a interpretación, que supón, a partir da análise anterior, vincular a produción artística a elementos alleos a ela que poden atoparse en diferentes campos do coñecemento. A interpretación require dun exercicio de incorporación, non soamente de ideas e coñecementos propios, senón tamén de sentimentos e emocións. Desta forma, faise posible que a obra resulte algo vivo para o alumnado, facéndoa súa e converténdoa nun obxecto dinamizador do diálogo e da pluralidade de opinións, así como favorecedor da empatía. A interpretación enriquece a creatividade do alumnado. Ao valorar diferentes puntos de vista, este aprende a desenvolver a sensibilidade e o sentido crítico e a apreciar a diversidade de percepcións e opinións ante as producións artísticas. As interpretacións propias de distintas obras artísticas poden ser comunicadas a través de textos orais, escritos e multimodais, de modo que dean lugar a debates e postas en común dos diferentes puntos de vista.
OBX7. Elaborar con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, investigando estilos, técnicas e linguaxes multidisciplinarias e seleccionando e aplicando os máis adecuados, para dar forma ás ideas e obxectivos expostos e para aprender a afrontar novos retos artísticos.
• Os proxectos artísticos innovadores e creativos que integran diferentes disciplinas, considerando espacialmente a contorna dixital, supoñen unha maneira de impulsar a arte e a cultura e dan forma a ideas e obxectivos dentro dun contexto de diversidade cultural que favoreza esta clase de retos. A participación nestes proxectos supón a necesidade dunha organización de persoas e de recursos, así como a súa planificación en diferentes fases. A participación activa do alumnado en proxectos individuais e colectivos permitiralle aprender a organizarse, a distribuír as tarefas e a valorar as achegas dos demais con respecto e empatía. Estas tarefas teñen que desenvolverse nun contexto de inclusión que favoreza o uso de metodoloxías colaborativas. Neste proceso resulta clave a integración de recursos e de medios para o desenvolvemento e difusión dos proxectos. Para iso, tanto o uso de linguaxes e técnicas multidisciplinarias como a combinación e aplicación creativa destes deben dotar o alumnado das habilidades necesarias para afrontar con solvencia outros proxectos futuros.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

19.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Fundamentos Artísticos 2º curso	
Bloque 1. Os fundamentos da arte	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte a que responden.	OBX1
• CA1.2. Expor proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuíndo as tarefas de maneira razoada.	OBX7
• CA1.3. Distinguir as funcións da arte ao longo da historia, analizando sen prexuízos a súa evolución para partir do estudo de diversas producións artísticas de distintos estilos e épocas.	OBX2
• CA1.4. Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	OBX4
• CA1.5. Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	OBX3
• CA1.6. Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	OBX4
Contidos	
• Tecnoloxía da arte, materiais, técnicas e procedementos. • Terminoloxía específica da arte e da arquitectura. • Aspectos históricos, xeográficos e sociais da arte. • Teorías da arte. Definición de arte ao longo da historia e perspectiva actual. • Perspectiva de xénero na arte: representacións e creacións de mulleres. • Arte conceptual e arte obxecto.	
Bloque 2. Visión, realidade e representación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	OBX1
• CA2.2. Distinguir as funcións da arte ao longo da historia, analizando sen prexuízos a súa evolución para partir do estudo de diversas producións artísticas de distintos estilos e épocas.	OBX2
• CA2.3. Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Analizar formal, funcional e semanticamente con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	OBX3
• CA2.5. Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	OBX4
• CA2.6. Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	OBX6
Contidos	
• Introdución á arte precolombina e á arte africana precolonial. • Sistemas de representación espacial na pintura. Da pintura primitiva á ruptura cubista. • O impresionismo e posimpresionismo pictórico. O inicio da escultura moderna. • O realismo: conceptos e enfoques. O hiperrealismo. • O surrealismo. Influencias posteriores na arte, o cinema e a publicidade. • A abstracción pictórica e escultórica: orixes e evolución. • Tradición e vangarda da arte galega.	
Bloque 3. A arte clásica e as súas proxeccións	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	OBX2
• CA3.2. Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	OBX3
• CA3.3. Analizar formal, funcional e semanticamente con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	OBX3
• CA3.4. Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	OBX4
Contidos	
• Introdución á arquitectura e escultura gregas. Ordes. Obras e períodos máis relevantes. • O retrato escultórico na Roma Antiga. • Claves da arquitectura a través das diferentes épocas e estilos: da romanización á Baixa Idade Media. • O renacer da arte clásico na arquitectura, pintura e escultura: do *trecento* ao *cinquecento*. • A proxección clásica na idade contemporánea: do neoclasicismo á pintura metafísica.	
Bloque 4. Arte e expresión	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando a súa semellanzas e diferenzas.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.2. Interpretar creacións artísticas de distintos períodos e estilos, analizando a súa forma, o seu significado e o seu contexto de creación e incorporando as ideas, coñecementos, emocións e sentimentos propios.	OBX6
• CA4.3. Explicar as diferentes posibilidades expresivas da arte e o seu poder de transmisión de ideas, conceptos, sentimentos e emocións a partir de obras de artistas de distintas épocas e estilos, analizando as distintas interpretacións que se deron delas.	OBX5
• CA4.4. Analizar producións artísticas de diversos períodos e estilos vinculándoas creativamente con experiencias vitais propias e alleas e valorándoas como ferramentas potenciadoras da creatividade, a imaxinación, a autoestima e o crecemento persoal.	OBX5
• CA4.5. Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	OBX6
Contidos	
• O simbolismo: expresión pictórica e literaria. A irmandade prerrafaelita. • A exaltación barroca, achegas á pintura e escultura. • O Romanticismo e a orixe da modernidade. • O Expresionismo alemán. Do fauvismo ao expresionismo figurativo do século XX. • Do rexeitamento dadaísta á arte intermedia de Fluxus.	
Bloque 5. Natureza, sociedade e comunicación na arte	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Distinguir as funcións da arte ao longo da historia, analizando sen prexuízos a súa evolución para partir do estudo de diversas producións artísticas de distintos estilos e épocas.	OBX2
• CA5.2. Compartir as conclusións de investigacións sobre producións artísticas de diversos estilos e épocas e as relacións co seu contexto, usando os medios analóxicos e dixitais máis adecuados.	OBX4
• CA5.3. Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función social de forma aberta, crítica e respectuosa.	OBX2
• CA5.4. Analizar producións artísticas de diversos estilos e épocas, realizadas en distintos medios e soportes, relacionándoas co seu contexto social, xeográfico e histórico de creación e explicando as posibles relacións con obras doutras épocas e culturas.	OBX4
• CA5.5. Comparar as interpretacións que se deron de diversas manifestacións artísticas, analizando os diferentes puntos de vista e propoñendo unha valoración persoal.	OBX6
Contidos	
• O modernismo. Arquitectura e artes aplicadas. A arquitectura orgánica. • A Bauhaus. Arte e función. Deseño e artes aplicadas. O Art decó. Arte e artesanía. Laboratorio de formas: Sargadelos. • A arquitectura do vidro e o ferro e o movemento moderno. • Arte e medios de comunicación: do cartelismo ao Pop Art. • A arte en pantalla: a videoarte, arte nas redes, arte dixital. A luz como elemento plástico. • Arte e ecoloxía. Do Land Art e a Arte Povera ata os nosos días.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• A arte como instrumento de transformación da sociedade. Dos individualismos artísticos á arte colaborativa. Espazos urbanos e intervencións artísticas. Arte urbana.	
Bloque 6. Metodoloxías e estratexias	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Explicar de forma respectuosa o enriquecemento que supón a diversidade na arte, estudando obras de épocas e culturas distintas a partir da vinculación co seu contexto e analizando o concepto de arte ao que responden.	OBX1
• CA6.2. Argumentar a evolución da concepción da arte na historia, comparando con iniciativa os seus significados en períodos e culturas diferentes e analizando as súas semellanzas e diferenzas.	OBX1
• CA6.3. Explicar as singularidades de diversas manifestacións culturais e artísticas, relacionándoas coa súa función de forma aberta, crítica e respectuosa.	OBX2
• CA6.4. Identificar os elementos constituíntes de manifestacións artísticas de diversos períodos e estilos, recoñecendo as claves das súas linguaxes e xustificando a súa relación coa época, artista ou movemento correspondente.	OBX3
• CA6.5. Analizar formal, funcional e semanticamente, con criterio e sensibilidade, diferentes manifestacións artísticas, facendo uso da terminoloxía específica asociada ás súas linguaxes.	OBX3
• CA6.6. Formular proxectos artísticos, individuais ou colectivos, seleccionando os estilos, técnicas e linguaxes máis adecuadas de diversas disciplinas, e organizando e distribuíndo as tarefas de maneira razoada.	OBX7
• CA6.7. Levar a cabo con creatividade proxectos artísticos individuais ou colectivos, materializando as ideas e obxectivos expostos, aplicando as aprendizaxes adquiridas, asumindo os roles asignados e respectando, de ser o caso, as achegas dos demais.	OBX7
Contidos	
• Metodoloxías de estudo das formas, as funcións e os significados asociados aos movementos e estilos artísticos, e de análise técnica e procedemental á obra de arte. • A distribución de tarefas nos proxectos artísticos colectivos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas. • Metodoloxía proxectual. Fases dos proxectos artísticos. • Estratexias de selección de estilos, técnicas e linguaxes.	

19.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Fundamentos Artísticos desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado ou logro dous obxectivos dá materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e ou logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presen-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

tan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Fundamentos Artísticos e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1				4	1		1-2
OBX2	1				4	1-3		1-2
OBX3	2			1	1.2-4	1		1-2
OBX4	1-2			1	4	1		1-2
OBX5	1				1.1-1.2-3.1	1		2-3.1
OBX6	1		4		4	1-3		1-2
OBX7		1	3	3	3.1-3.2	3	2-3	4.1-4.2

Liñas de actuación non proceso de ensino e aprendizaxe.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O deseño de situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado adquirir e aplicar as habilidades de análise, innovación, interpretación e defensa das diferentes producións artísticas, tanto propias como alleas. Tamén é preciso o uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O desenvolvemento no alumnado do respecto á propia cultura artística e dunha postura respectuosa e aberta ante a pluralidade das diferentes propostas estéticas, de xeito que entenda, desde o recoñecemento da súa propia identidade, a importancia da diversidade como riqueza cultural.

– O traballo conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes, facendo que o seu grao de importancia sexa relativo á natureza da situación de aprendizaxe. Desta maneira, os obxectivos adquiriranse de xeito interrelacionado, incrementando progresivamente ou seu grao de complexidade. Mediante estas situacións o alumnado terá unha visión máis dinámica tanto das súas aplicacións directas das aprendizaxes adquiridas no mundo laboral e profesional, como da transferencia destas experiencias a outros campos ou disciplinas do saber diferentes.

20. Grego.

20.1. Introdución.

As humanidades e a proposta dunha educación humanista na civilización europea van intrinsecamente ligadas á tradición e á herdanza cultural da Antigüidade clásica. Unha educación humanista sitúa as persoas e a súa dignidade como valores fundamentais, guiándoas na adquisición das competencias que necesitan para participaren de forma efectiva nos procesos democráticos, no diálogo intercultural e na sociedade en xeral. A través da aprendizaxe da lingua, a cultura e a civilización gregas, a materia de Grego permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, política ou ciencia, capacitando o alumnado que a cursa, non sendo unha materia obrigatoria, para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos, e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Grego ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización helena á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade grega como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vertébrase arredor

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo grego; e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización grega.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización helena, o alumnado de Grego localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos de morfoloxía, sintaxe e léxico grego e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua grega baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do grego, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico. O texto –orixinal, adaptado, en edición bilingüe ou traducido, en función da situación– é o punto de partida desde o cal o alumnado mobiliza todos os contidos para, partindo da súa contextualización, concluír unha lectura comprensiva directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido. As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas. Finalmente, cando se opte pola utilización de métodos activos, o uso na aula da lingua grega, tanto oral como escrita, permitiralle ao alumnado, por unha banda, consolidar os coñecementos adquiridos e, por outra, poñer en práctica estratexias comunicativas que melloren a súa capacidade de expresión.

Así mesmo, a materia de Grego parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo heleno ao mundo occidental, así como á capacidade da civilización grega para dialogar coas influencias externas, adaptándoas e integrándoas nos seus propios sistemas de pensamento e na súa cultura. Ambos os aspectos resultan especialmente relevantes para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Grecia e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

O estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico grego, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización helena. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado –preservación, conservación e restauración– supón, tamén,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Os obxectivos de Grego foron deseñados a partir dos descritores operativos das competencias clave nesta etapa, especialmente da competencia plurilingüe, a competencia en comunicación lingüística e a competencia cidadá, xa mencionada. A competencia plurilingüe, que ten como referente a Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, sitúa o latín e o grego clásicos como ferramentas para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral. O enfoque plurilingüe da materia de Grego en bacharelato implica unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da propia lingua grega, o seu léxico, os seus formantes, as súas peculiaridades e a súa riqueza en matices, senón tamén das linguas de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado, estimulando a reflexión metalingüística e interlingüística e contribuíndo ao reforzo das competencias comunicativas, ao aprecio da diversidade lingüística e á relación entre as linguas desde unha perspectiva inclusiva, democrática e libre de prexuízos.

Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a produción lingüística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización, activando simultaneamente os contidos de carácter lingüístico e non lingüístico; e por outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva arredor dos textos e do legado material e inmaterial da civilización grega e a súa achega fundamental á cultura, a sociedade, a política e a identidade europeas.

Os criterios de avaliación da materia permiten avaliar o grao de logro dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a elas. Consonte a súa formulación competencial, exponse enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir e o contexto ou modo de aplicación e uso. A nivelación dos criterios de avaliación desenvolveuse tendo en conta a adquisición das competencias de forma progresiva durante os dous cursos. Neste sentido, os procesos de autoavaliación e coavaliación prevén o uso de ferramentas de reflexión sobre a propia aprendizaxe como o portfolio lingüístico, a contorna persoal de aprendizaxe, o diario de lectura ou o traballo de investigación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense nos dous cursos, permitindo unha gradación e secuenciación flexible segundo os distintos contextos de aprendizaxe, e están

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

organizados en cinco bloques. O primeiro, «Comprensión e interpretación dos textos», céntrase na aprendizaxe da lingua helena como ferramenta para acceder a fragmentos e textos de diversa índole a través da lectura directa e a tradución e comprende, pola súa vez, tres subloques: «Unidades lingüísticas da lingua grega»; «A tradución: técnicas, procesos e ferramentas» e «Destrezas comunicativas do uso da lingua grega». Esta última liña, potenciada polo feito de que o grego conta coa súa versión moderna na cal é doado apoiarse tanto no aspecto léxico como no uso da pronunciación histórica, ten como obxectivo sustentar normativamente o uso, cada día máis estendido, de métodos activos para a aprendizaxe do grego sen limitar, de ningún xeito, o uso da metodoloxía tradicional, deixando a criterio do profesorado a escolla do achegamento que lle pareza en cada caso máis axeitado. O segundo bloque, «Grego e plurilingüismo», pon o acento en como a aprendizaxe da lingua grega, en concreto o estudo e identificación dos étimos gregos, amplía o repertorio léxico do alumnado para que adecúe de maneira máis precisa os termos referidos ás diferentes situacións comunicativas. O terceiro bloque, «A literatura grega nos seus textos», tratado só no segundo curso, integra todos os saberes implicados na comprensión e interpretación de textos literarios gregos, contribuíndo á identificación e descrición de universais formais e temáticos inspirados en modelos literarios clásicos mediante un enfoque intertextual. O cuarto bloque, «A antiga Grecia», que será tratado no primeiro curso, comprende as estratexias e coñecementos necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e humanista, fomentando a reflexión sobre as semellanzas e diferenzas entre pasado e presente. O quinto e último bloque, «Legado e patrimonio», recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza material e inmaterial da civilización grega recoñecendo e apreciando o seu valor como fonte de inspiración, como testemuño da historia e como unha das principais raíces da cultura europea.

20.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.
• A comprensión dos textos constitúe o núcleo do proceso de aprendizaxe das linguas clásicas. Con este fin, proponse unha progresión na ensinanza para conducir o alumnado cara ao coñecemento básico do léxico, as construcións idiomáticas, a morfoloxía e a sintaxe da lingua grega. A partir dos coñecementos adquiridos, o alumnado accede á comprensión e/ou traduce, de maneira progresivamente autónoma, textos de dificultade adecuada e gradual con atención á corrección ortográfica e estilística. Os procesos de comprensión e tradu-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ción favorecen a reflexión sobre a lingua, o manexo de termos metalingüísticos e a ampliación do repertorio léxico do alumnado. Complementarios aos procesos de comprensión e tradución como medio de reflexión sobre a lingua son os procesos de utilización activa da lingua e de tradución inversa ou retroversión, que permiten, ben consolidar a través da práctica os coñecementos adquiridos, ben adquirilos a través do uso. Dous son os enfoques propostos para o desenvolvemento deste obxectivo. En primeiro lugar, a comprensión dos textos e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a utilización activa da lingua grega son procesos que contribúen a impulsar os contidos de carácter lingüístico como ferramenta e non como fin, reforzando as estratexias de identificación e análise, en sentido amplo, de unidades lingüísticas da lingua grega, complementándoas coa comparación con linguas coñecidas, cando esta sexa posible. En segundo lugar, os métodos de comprensión, a tradución e, cando corresponda, o uso activo da lingua contribúen a desenvolver a constancia, a capacidade de reflexión e o interese polo propio traballo e a súa revisión, apreciando o seu valor para a transmisión de coñecementos entre diferentes culturas e épocas.
• É preciso, ademais, que o alumnado aprenda a desenvolver habilidades de xustificación e argumentación da comprensión alcanzada do texto e, se procede, do uso activo realizado da lingua, atendendo, no primeiro suposto, tanto aos mecanismos e estruturas lingüísticas como a referencias intratextuais e intertextuais que sexan esenciais para coñecer o contexto e o sentido do texto. A mediación docente resulta aquí imprescindible, especialmente como guía para o uso de recursos e fontes bibliográficas de utilidade e, cando cumpra, como modelo de uso de lingua. Todo iso coa finalidade última de promover o exercicio de reflexión sobre a lingua que se atopa, por unha banda, na base da técnica da tradución e, por outra, no correcto uso, tanto oral como escrito, da lingua grega.
• Así mesmo, coa práctica progresiva da lectura directa, necesaria e inherente aos procesos de comprensión e tradución, o alumnado desenvolve estratexias de asimilación e adquisición tanto das estruturas gramaticais como do vocabulario grego de frecuencia e consegue mellorar a comprensión dos textos gregos, base da nosa civilización.
OBX2. Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.
• O ensino da lingua grega desde un enfoque plurilingüe permítelle ao alumnado activar o seu repertorio lingüístico individual, relacionando as linguas que o compoñen e identificando nelas raíces, prefixos e sufixos gregos, e reflexionando sobre os posibles cambios morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar ao longo do tempo. O enfoque plurilingüe e comunicativo favorece o desenvolvemento das destrezas necesarias para a mellora da aprendizaxe de linguas novas e permite ter en conta os distintos niveis de coñecementos lingüísticos do alumnado, así como os seus diferentes repertorios léxicos individuais. Así mesmo, favorece unha aprendizaxe interconectada das linguas, recoñecendo o carácter do grego como lingua presente en gran parte do léxico e sistemas de escritura de diferentes linguas modernas e que é a base do grego moderno, co obxectivo de apreciar a variedade de perfís lingüísticos e contribuíndo á identificación, valoración e respecto da diversidade lingüística, dialectal e cultural para construír unha cultura compartida.
• O estudo do léxico da lingua grega axuda a mellorar a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, así como a consolidar e a ampliar o repertorio do alumnado nas linguas que o conforman ofrecendo a posibilidade de identificar e definir o significado etimolóxico dun termo, e de inferir significados de termos novos ou especializados, tanto do ámbito humanístico como do científico-tecnolóxico.
OBX3. Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.
• A lectura, a interpretación e o comentario de textos gregos pertencentes a diferentes xéneros e épocas constitúe un dos piares da materia de Grego na etapa de bacharelato e é imprescindible para que o alumnado tome conciencia da importancia do uso das fontes primarias na obtención de información. A comprensión e interpretación destes textos necesita dun contexto histórico, cívico, político, social, lingüístico e cultural que debe ser produto da aprendizaxe. O traballo con textos orixinais, en edición bilingüe ou adaptados, completos ou a través de fragmentos seleccionados, permite prestar atención a conceptos e termos básicos en grego

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

que implican un coñecemento léxico e cultural, co fin de contribuír a unha lectura crítica e de identificar os factores que determinan o seu valor como clásicos para a civilización occidental. Ademais, ese traballo favorece a integración de contidos de carácter lingüístico e non lingüístico, ofrecendo a posibilidade de comparar diferentes adaptacións, traducións e distintos enfoques interpretativos, discutindo as súas respectivas fortalezas e debilidades.

• A lectura de textos gregos supón xeralmente acceder a textos que non están relacionados coa experiencia do alumnado, de aí que sexa necesaria a adquisición de ferramentas de interpretación que favorezan a autonomía progresiva con relación á propia lectura e á emisión de xuízos críticos de valor. A interpretación de textos gregos implica a comprensión e o recoñecemento do seu carácter fundacional da civilización occidental, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico que ten en conta desde o coñecemento sobre o contexto e o tema ata o desenvolvemento de estratexias de análise, reflexión e creación para lle dar sentido á propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética. O coñecemento das creacións literarias e artísticas e dos feitos históricos e lendarios da Antigüidade clásica, así como a creación de textos con intencionalidade estética tomando estes como fonte de inspiración, a través de distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas, audiovisuais ou dixitais, contribúe a facer máis intelixibles as obras, identificando e valorando a súa persistencia no noso patrimonio cultural e os seus procesos de adaptación ás diferentes culturas e movementos literarios, culturais e artísticos que tomaron as súas referencias de modelos antigos. A mediación docente no establecemento da xenealoxía dos textos a través dun enfoque intertextual permite constatar a presenza de universais formais e temáticos ao longo das épocas, á vez que favorece a creación autónoma de itinerarios lectores que aumenten progresivamente a súa complexidade, calidade e diversidade ao longo da vida.

OBX4. Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.

• A análise das características da civilización helena e a súa achega á identidade europea supón recibir información expresada a través de fontes gregas e contrastala, activando as estratexias adecuadas para poder reflexionar sobre o legado desas características e a súa presenza na nosa sociedade. Este obxectivo vertébrase arredor de tres ámbitos: o persoal, que inclúe aspectos tales como os vínculos familiares e as características das diferentes etapas da vida das persoas no mundo antigo ou o respecto aos maiores; o relixioso, que comprende, entre outros, o concepto antigo do sagrado e a relación do individuo coas divindades e os ritos; e o sociopolítico, que atende á relación do individuo coa πόλις, ás súas institucións, ás formas de goberno e ás clases sociais.

• A análise crítica da relación entre pasado e presente require da investigación, da procura guiada e selección final de información guiada, en grupo ou de maneira individual, en fontes tanto analóxicas como dixitais, con ferramentas de índole variada, co obxectivo de reflexionar, desde unha perspectiva humanista, tanto sobre as constantes como sobre as variables culturais ao longo do tempo. Os procesos de análise crítica requiren contextos de reflexión e comunicación dialóxicos, respectuosos coa herdanza da Antigüidade clásica e coas diferenzas culturais que teñen a súa orixe nela, e orientados á consolidación dunha cidadanía democrática e comprometida co mundo que a rodea, polo que supón unha excelente oportunidade para poñer en marcha técnicas e estratexias de debate e de exposición oral na aula, en consonancia coa tradición clásica da oratoria.

OBX5. Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.

• O patrimonio cultural, tal e como sinala a Unesco, é á vez un produto e un proceso que fornece as sociedades dun caudal de recursos que se herdan do pasado, créanse no presente e transmítense ás xeracións futuras. É, ademais, como sucede coa mitoloxía clásica, fonte de inspiración para a creatividade e a innovación, e xera produtos culturais contemporáneos e futuros, polo que coñecelo e identificalo favorece a súa comprensión e a da súa evolución e a súa relación ao longo do tempo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O legado da civilización helena, tanto material como inmaterial (mitos e lendas, restos arqueolóxicos, representacións teatrais, usos sociais, sistemas de pensamento filosófico, modos de organización política etc.), constitúe unha herdanza excepcional cuxa sustentabilidade implica atopar o xusto equilibrio entre sacar proveito do patrimonio cultural no presente e preservar a súa riqueza para as xeracións futuras. Neste sentido, a preservación do patrimonio cultural grego require o compromiso dunha cidadanía interesada en conservar o seu valor como memoria colectiva do pasado e en revisar e actualizar as súas funcións sociais e culturais, para ser quen de relacionalos cos problemas actuais e manter o seu sentido, o seu significado e o seu funcionamento no futuro. A investigación acerca da persistencia da herdanza do mundo grego, así como dos procesos de preservación, conservación e restauración, implica o uso de recursos, tanto analóxicos como dixitais, para acceder a espazos de documentación como bibliotecas, museos e escavacións.

20.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Grego I 1º curso	
Bloque 1. Comprensión e interpretación dos textos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	OBX1
• CA1.2. Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	OBX1
• CA1.3. Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	OBX1
• CA1.4. Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	OBX1
• CA1.5. Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	OBX1
• CA1.6. Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	OBX1
• CA1.7. Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.8. Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	OBX1
• CA1.9. Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	OBX2

Contidos

• Unidades lingüísticas da lingua grega.

– Alfabeto, prosodia e signos gráficos da lingua grega clásica. Aproximación ás principais leis fonéticas.

– Clases de palabras.

– Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).

– Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.

– Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.

– Formas nominais do verbo.

• A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.

– A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.

– Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.

– Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.

– Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.

– Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.

– Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.

– A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.

– Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.

– Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

• Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.

– Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.

– Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.

– Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, etc.
– Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

Bloque 2. Grego e plurilingüismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	OBX2
• CA2.2. Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	OBX2
• CA2.3. Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	OBX2
• CA2.4. Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	OBX3
Contidos	
• Sistemas de escritura ao longo da historia.	
• O alfabeto grego: a súa historia e influencia posterior. Regras de transcrición do alfabeto grego ás linguas do repertorio do alumnado.	
• Do indoeuropeo ao grego. Etapas da lingua grega.	
• Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.	
• Léxico.	
– Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.	
– Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.	
– Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.	
– Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.	
– Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.	
• Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.	
• Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).	
• Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.	
• Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.	
• Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. A antiga Grecia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	OBX4
• CA3.2. Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	OBX4
• CA3.3. Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	OBX5
Contidos	
• Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres. • Historia. – Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C. – Lendas e principais episodios históricos. – Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa. • Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense. • Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller. • Influencias da cultura grega na civilización latina. • A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. • Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). • O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura. • A importancia do discurso público para a vida política e social.	
Bloque 4. Legado e patrimonio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	OBX4
• CA4.2. Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	OBX4
• CA4.3. Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	OBX5
• CA4.5. Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	OBX5
• CA4.6. Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	OBX5
Contidos	
• Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. • A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. • Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. • As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. • As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade. • As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual. • A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais. • Principais obras artísticas da Antigüidade grega. • Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.	

2º curso.

Materia de Grego II 2º curso	
Bloque 1. Comprensión e interpretación dos textos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	OBX1
• CA1.2. Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	OBX1
• CA1.3. Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	OBX1
• CA1.5. Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	OBX1
• CA1.6. Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	OBX3
• CA1.7. Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	OBX1
• CA1.8. Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	OBX1

Contidos

• Unidades lingüísticas da lingua grega.

– Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego).

– Sintaxe oracional: afondamento nas funcións básicas e sintaxe dos casos.

– Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.

– Formas nominais do verbo.

• A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.

– A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución.

– Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.

– Ferramentas de tradución.

– Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.

– Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.

– Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.

– A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese.

– Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.

– Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. – Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. – Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. – Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática. – Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

Bloque 2. Grego e plurilingüismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	OBX2
• CA2.2. Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	OBX2
• CA2.3. Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.	OBX2
• CA2.4. Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	OBX3

Contidos
• Léxico grego e plurilingüismo. – Procedementos de composición e derivación na formación de palabras gregas. – Lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega no léxico de uso común e nos léxicos especializados doutros campos. – Significado e definición de léxico nas linguas do repertorio lingüístico do alumnado, reflexión sobre o significado etimolóxico e o significado semántico. – Técnicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia. • O significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. • Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. • Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional. • Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. A literatura grega nos seus textos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	OBX3
• CA3.2. Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	OBX3
• CA3.3. Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	OBX3
• CA3.4. Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	OBX4
Contidos	
• Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. • A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. • Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. • Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. • Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, *imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio*. • Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. • Introdución á crítica literaria. • A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. • Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.	
Bloque 4. Legado e patrimonio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	OBX4
• CA4.2. Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	OBX5
• CA4.3. Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	OBX5
Contidos	
• A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. • As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. • Técnicas de debate e de exposición oral.	

20.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Grego desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Grego e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2	2	1-2					
OBX2		2-3	1		5			
OBX3	4							1-2
OBX4	3	3		1	3.1	1		
OBX5	3			2		1-4	1	1-2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O ensino da lingua, a cultura e a civilización gregas ofrece oportunidades significativas de traballo interdisciplinario que permiten combinar contidos e activar obxectivos doutras materias, contribuíndo desta maneira a que o alumnado perciba a importancia de coñecer o legado clásico para enriquecer o seu xuízo crítico e estético, a súa percepción de si mesmo e do mundo que o rodea. Neste sentido e de maneira destacada, a frecuente coincidencia do estudo do grego co da lingua e da cultura latinas favorece un tratamento coordinado de ambas as dúas materias, especialmente no primeiro curso de bacharelato.

– En consonancia co carácter competencial deste currículo, proponse crear tarefas interdisciplinarias, contextualizadas, significativas e relevantes, e desenvolver situacións de aprendizaxe desde un tratamento integrado das linguas en que se considere o alumnado como axente social progresivamente autónomo e responsable do seu propio proceso de aprendizaxe, tendo en conta os seus repertorios de linguas e intereses, así como as súas circunstancias específicas.

– A coordinación cos departamentos de linguas para acordar unha nomenclatura gramatical común e evitar a confusión do alumnado ante a diversidade terminolóxica, así como a posta en común de aspectos gramaticais e a temporización e secuenciación dos contidos. Recoméndase, así pois, a actualización dos documentos do centro correspondentes.

– A coordinación con outros departamentos para o establecemento de lecturas obrigatorias e/ou voluntarias de carácter transversal.

– A introdución de actividades, preferentemente no primeiro curso, en coordinación con outros departamentos (especialmente de linguas e historia, mais non exclusivamente) onde se lle dea a oportunidade ao establecemento de relacións entre aspectos comúns destas materias.

– A experimentación con novas metodoloxías como o traballo por proxectos, a clase invertida (*flipped classroom*), a aprendizaxe colaborativa, etc., que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimizar resultados e facer o proceso de ensinanza máis inclusivo e variado, adaptándose ás especiais características desta etapa educativa, en que a preparación para a superación das probas de acceso á universidade é un obxectivo básico.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Tratamento transversal, a través de textos en grego orixinais, adaptados e/ou creados ex professo, dos contidos de historia, sociedade e legado, tendo en conta a perspectiva de xénero.

– A potenciación do uso das TIC, favorecendo a realización de vídeos, gravacións de son, presentacións en formato dixital, uso de aplicacións que favorezan a aprendizaxe, creación e difusión de contidos, etc.

– A incorporación de métodos activos que implican as seguintes recomendacións: introdución da expresión oral en grego adecuada ao contexto da práctica diaria na aula; elección, adaptación e/ou creación dun corpus de textos que permitan a aprendizaxe, preferentemente por uso, da gramática grega en xeral (introducindo progresivamente terminoloxía gramatical e sintáctica), e do vocabulario e expresións máis habituais dos textos obxecto de estudo, en particular; introdución de exercicios escritos e orais nos que se traballen a lectura e comprensión de textos gregos a través de preguntas en grego; introdución de exercicios escritos e orais nos que o alumnado, a partir dos textos obxecto de estudo, teña que expresar as mesmas ideas en grego con vocabulario e/ou expresións equivalentes aplicando o seu coñecemento da lingua grega; introdución de exercicios de tradución e/ou paráfrase de grego ás linguas de uso do alumnado, nos que se demostre a correcta comprensión do texto e a capacidade para expresar nas linguas propias as expresións idiomáticas presentes nos textos gregos. No segundo curso, estes exercicios terán por obxecto preferentemente os textos dos autores escollidos para a proba de acceso á universidade; introdución de exercicios de representación, preferentemente no primeiro curso, en posible coordinación cos outros departamentos de linguas, en que o alumando compoña e interprete pequenas escenas en grego relacionadas coa vida cotiá, para reforzar a percepción de que as linguas clásicas tamén poden desenvolver unha función comunicativa real; uso correcto e guiado do dicionario e o seu apéndice gramatical e/ou outras ferramentas dixitais como posible apoio para a resolución de dúbidas gramaticais e léxicas.

21. Historia da Arte.

21.1 Introdución.

O obxecto da materia de Historia da Arte é a análise do feito artístico nas súas múltiples facetas e dimensións, non só desde unha perspectiva histórica, mediante a contextualización cultural e temporal de estilos, obras e artistas, senón entendéndoo como unha manifestación da intelixencia e da creatividade humana.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

A Historia da Arte, materia coa que o alumnado tomou xa contacto na educación secundaria obrigatoria a través dos contidos de materias como Xeografía e Historia, Filosofía, Latín, Música e Educación Plástica, Visual e Audiovisual, está estreitamente vinculada co logro dos obxectivos de etapa e co desenvolvemento das competencias clave, especialmente no que compete ao cultivo da sensibilidade artística e ao desenvolvemento de criterios estéticos, entendidos ambos como aspectos esenciais da formación integral do alumnado e do seu enriquecemento cultural e persoal. Esta formación, en tanto que implica a comprensión da forma en que ideas e emocións se comunican de forma creativa a través de diversas manifestacións artísticas e culturais, relaciónase directamente coa competencia en conciencia e expresión culturais. Dun modo máis indirecto, a aprendizaxe da Historia da arte contribúe ao logro da madurez intelectual e emocional do alumnado, proporcionándolle o coñecemento de códigos e linguaxes e promovendo o desenvolvemento do seu propio xuízo e criterio estético. Ademais, a contribución desta materia ás competencias e obxectivos mencionados ha de procurar o coñecemento das realidades do mundo contemporáneo e do seu significado estético e a adopción dunha actitude construtiva con respecto á interpretación, protección e mellora do patrimonio cultural.

A materia está estruturada ao redor de tres eixes fundamentais: a análise, a comprensión histórica e a apreciación crítica das principais manifestacións artísticas, e das súas relacións co resto de dimensións e aspectos da cultura e a experiencia humana; a incorporación da perspectiva de xénero e, por iso, entre outros aspectos, da visibilización das mulleres creadoras habitualmente excluídas do canon dominante; e a educación para a preservación, mellora e uso sustentable do patrimonio histórico-artístico, entendido como elemento de desenvolvemento económico, social, ambiental e cultural.

Os obxectivos da materia inclúen aspectos sobre o recoñecemento, estudo e análise da diversidade de manifestacións artísticas, o emprego básico das linguaxes artísticas e do vocabulario da disciplina, a identificación das diversas funcións atribuíbles á produción artística, así como á súa maior ou menor vinculación con diferentes movementos, xéneros, estilos, épocas e artistas, a diferenciación de cambios estéticos nas representacións do ser humano, a comprensión contextualizada das creacións culturais como reflexo da sociedade que as xerou, o coñecemento e protección do patrimonio histórico-artístico local, nacional e internacional, e a xa citada incorporación da perspectiva de xénero ao estudo histórico da arte.

En canto aos criterios de avaliación, estes están deseñados para comprobar o grao de consecución dos obxectivos da materia e, en conexión cos contidos, están orientados ao logro dos obxectivos do bacharelato e das competencias clave. Intégranse as pautas me-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

todolóxicas propias da Historia da Arte. Estes criterios supoñen, tamén, o deseño de instrumentos múltiples e diferentes con que valorar as accións que delimitan as competencias tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos agrúpanse, pola súa vez, en catro bloques. Así, se organizaron por criterios temáticos, sen ser un obstáculo para que sexa posible realizar unha aproximación a eles seguindo unha orde cronolóxica. No primeiro bloque, «Aproximación á Historia da Arte», afróntase o problema da definición do obxecto de estudo artístico e a súa evolución no tempo, a linguaxe artística como forma de expresión e comunicación, o reto da interpretación e o xuízo estético, o vocabulario e a terminoloxía específicos que o alumnado debe saber utilizar, así como as técnicas do comentario histórico-artístico. O traballo con respecto a estes contidos ha de desenvolverse ao longo de todo o curso, pois constitúen elementos esenciais da disciplina.

No segundo bloque, «A arte e as súas funcións ao longo da historia: da antigüidade á modernidade», trátanse as funcións e significados da actividade artística ao longo do tempo. Esta actividade, e as obras de arte debidas a ela, constitúen un valioso documento para coñecer as culturas que caracterizaron as distintas sociedades humanas ao longo de distintas épocas. É por iso que resulta imprescindible o estudo da obra de arte no seu contexto. Preténdese que o alumnado comprenda a relación entre a actividade artística e os fenómenos políticos, sociais, económicos e ideolóxicos. Abordarase, cando cumpra, o carácter subxectivo do autor e o problema do carácter autónomo da obra de arte.

No terceiro bloque, «A arte e as súas funcións na contemporaneidade», ademais do establecido no bloque anterior, analízase o papel da arte como expresión da identidade individual e colectiva e dos sentimentos de pertenza. Trátase aquí de identificar e comprender todos aqueles elementos visuais, icónicos e simbólicos que, presentes en todas as culturas, definen a identidade individual e colectiva. Ademais, examínase criticamente a participación das mulleres e outórgaselles visibilidade ás artistas que estiveron marxinadas dun canon tradicionalmente concibido desde unha perspectiva androcéntrica.

Por último, no cuarto e último bloque, «Realidade, espazo e territorio na arte», reflexiónase sobre a concepción da arte como representación e reflexo da realidade. Abórdanse contidos relacionados coa creación do espazo arquitectónico, o urbanismo e a relación da arte e o patrimonio artístico coa natureza e do desenvolvemento sustentable.

Finalmente, convén subliñar que o enfoque competencial do bacharelato e da Historia da Arte posibilita deseñar situacións e contextos de aprendizaxes máis activas, nos que

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

dotar de maior protagonismo o alumnado e promover o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido. As propostas didácticas incluirán metodoloxías en que se apliquen, entre outros aspectos, a análise e a valoración argumentada, así como o uso crítico e ético da información.

21.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Identificar diferentes concepcións da arte ao longo da historia, seleccionando e analizando información diversa de forma crítica, para valorar a diversidade de manifestacións artísticas como produto da creatividade humana e fomentar o respecto por estas.
• Todas as estratexias e procesos relacionados coa procura, selección, tratamento e análise da información resultan indispensables para a aprendizaxe e adquisición de novos coñecementos. Por iso faise necesario que o alumnado se exercite neles, procurando un grao suficiente de manexo crítico de fontes, de precisión na recollida de datos e de tratamento contrastado da información para partir da análise crítica e rigorosa desta. Este proceso ha de culminar coa elaboración de síntese, resumos, informes, recensións ou reelaboracións propias a través dos que organizar, interiorizar e comunicar o aprendido. • Outro elemento fundamental é a delimitación do seu campo de estudo, algo ligado aos cambios históricos que se deron na comprensión deste e á evolución do significado dos seus conceptos fundamentais, empezando polo propio concepto de «obra de arte». En último termo, é esencial que o alumnado recoñeza a diversidade e heteroxeneidade, tanto diacrónica como sincrónica, dos criterios estéticos, identificando aqueles que son propios de diferentes culturas, sociedades e artistas, prestando especial atención ao ámbito da arte contemporánea, de maneira que, máis aló das distincións clásicas, se identifique e aprecie unha gran variedade de expresións e estilos creativos, incluídas formas de expresión ligadas aos modos actuais de produción e comunicación, tales como o cómic, a arte urbana, o videoarte ou a arte dixital, entre outros.
OBX2. Recoñecer as diversas linguaxes artísticas como unha forma de comunicación e expresión de ideas, desexos e emocións, utilizando con corrección a terminoloxía e o vocabulario específico da materia, para expresar con coherencia e fluidez os seus propios xuízos e sentimentos e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais.
• Resulta especialmente relevante que o alumnado recoñeza as diversas linguaxes artísticas como unha forma de comunicación e expresión estética con regras e pautas propias que se orixinan, vulneran e recrean de moi variados modos a teor de cada época, cultura, xénero, estilo ou artista individual. Estas regras poden referirse a padróns formais e pautas técnicas (simetría, proporción, equilibrio da composición, tensión entre elementos, entre moitos outros), que convén que o alumnado recoñeza, sen que este coñecemento obstaculice a apreciación de obras artísticas máis innovadoras e menos suxeitas a regras e criterios estéticos preestablecidos. En calquera caso, o alumnado debe comprender que a experiencia artística precisa, en moitas ocasións, do coñecemento previo dos códigos representativos e linguaxes plásticas cos que opera cada arte e cada artista. • Doutra banda, é necesario que o alumnado coñeza e utilice con propiedade e corrección a terminoloxía e o vocabulario propio da materia, o que lle vai permitir realizar e comunicar os seus propios produtos, tales como comentarios artísticos, traballos de investigación ou reflexións persoais con fluidez e rigor, tanto en formatos dixitais como noutros máis tradicionais. O obxectivo é que o alumnado poida expresar de forma solvente ideas e xuízos propios, construír e integrar novos coñecementos, mobilizar os coñecementos que xa ten adquiridos e participar con actitude cooperativa en situacións comunicativas relacionadas co ámbito artístico, respectando sempre a diversidade de percepcións e opinións ante a obra de arte.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Distinguir as distintas funciones da arte ao longo da historia, analizando a dimensión relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética da obra de arte, da súa produción e a súa percepción, para promover unha apreciación global e un xuízo crítico e informado destas.

• A produción artística adquiriu a miúdo, de maneira intencionada ou non, diferentes funcións. Así, a arte puido instrumentalizarse, nas súas orixes e aínda hoxe, como proceso máxico e ritual. Empregouse tamén como linguaxe para a transmisión de determinadas ideas, crenzas e doutrinas relixiosas. Serviu, en ocasións, a Estados, colectivos e individuos, como medio de influencia e control, tanto para xerar conformidade coa orde social, como para subvertela e transformala. Foi igualmente utilizada como elemento de cohesión social e representación identitaria de grupos e colectividades. Concibiuse como actividade económica e na actualidade confúndese con procesos como o deseño industrial ou a publicidade. Interpretouse tamén como modo de expresión da subxectividade e dos sentimentos, e foi concibida, desde a época moderna, como unha actividade esencialmente autónoma, sen subordinación posible a ningunha outra función salvo a de recrearse a si mesma, volvendo en ocasións á realidade na posmodernidade.

• Así, é importante que o alumnado identifique e contextualice historicamente as relacións complexas entre a produción artística e as mentalidades, intereses e accións dos Estados e outros grupos de poder, das distintas clases e grupos sociais, así como das empresas e doutras instancias ou suxeitos individuais ou colectivos, incidindo nas que se establecen, hoxe en día, no marco dunha cultura audiovisual dominada polos medios e redes de comunicación. O obxectivo último é comprender a produción e percepción artística como un proceso histórico complexo, vinculado a distintos contextos, intencións e funcionalidades que resultan finalmente plasmadas na propia obra de arte.

OBX4. Identificar e caracterizar os principais movementos artísticos ao longo da historia, recoñecendo as relacións de influencia, préstamo, continuidade e ruptura que se producen entre eles, para comprender os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte e fomentar o respecto e aprecio ás manifestacións artísticas de calquera época e cultura.

• Ao final da etapa de bacharelato, o alumnado debe adquirir unha visión xeral sobre as distintas etapas e movementos que conforman a historia da arte. Trátase, nese sentido, de ir caracterizándoos nos seus trazos esenciais, establecendo relacións entre eles, identificando semellanzas e diferenzas, e sistematizando de modo crítico a información básica arredor destes. A dificultade de abarcar, dada a súa amplitude, toda esta secuencia histórica, fai necesaria unha selección equilibrada de elementos temáticos que favoreza unha aproximación xeral ao desenvolvemento da historia da arte, propiciando unha concepción global desta na que se complementen a secuenciación lineal cunha análise transversal relativa ás funcións, valores e significados atribuíbles á creación e á experiencia artísticas.

• Concederáselles, así, especial atención ás relacións de influencia e aos mecanismos de reprodución que fan que un movemento artístico se prolongue no tempo, como ocorre na relación entre a arte grega e a romana, que perdure en si mesma, como a arte islámica, ou que, mediante unha ruptura, dea lugar a un movemento novo, como é o caso do Neoclasicismo e do Romanticismo. A propia reflexión sobre a linguaxe artística axudaralle ao alumnado a entender por que a un estilo lle segue outro, moitas veces contraposto, ou por que dous estilos conviven no tempo. Doutra banda, trátase tamén de identificar as continuas influencias que se dan entre o pasado e o presente, retomándose en ocasións linguaxes e elementos do pasado e rompendo noutros casos con el, para dar lugar, de forma progresiva ou máis abrupta, a novos movementos artísticos.

OBX5. Identificar e contextualizar espacial e temporalmente as máis relevantes manifestacións e personalidades artísticas, analizando a súa contorna social, política e cultural, e os seus aspectos biográficos, para valorar as obras e os seus artistas como expresión da súa época e ámbito social, apreciar a súa creatividade e promover o coñecemento de diversas formas de expresión estética.

• É importante que o alumnado identifique as obras máis significativas de distintos artistas e movementos artísticos. Trátase de analizar aquelas que, pola súa significación e a súa repercusión ao longo do tempo, marcaron un fito na historia da arte. É igualmente importante que, na delimitación das obras e no proceso mesmo da análise, se evite usar criterios que, polo seu carácter ideolóxico, eurocéntrico, sexista ou, en xeral, discriminatorio, supoñan un nesgo inxustificado. Para evitalo, é conveniente infundir unha visión global e sen prexuízos da historia da arte, examinando e apreciando obras doutras culturas ou aquelas que, a pesar do

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

seu interese e calidade, fosen marxinadas dos canons ao uso. Isto mesmo é extensible a artistas que, por diversos motivos, a historiografía esqueceu e que caeron no anonimato.

• Doutra banda, un dos eixes da materia debe ser entender as creacións artísticas como expresión da actividade humana e as súas circunstancias en determinada cultura e momento histórico. O estudo dunha obra de arte adquire así todo o seu significado, cando é posta en relación co seu contexto sociocultural e coa biografía da súa autora ou do seu autor. Convén, ademais, ter en conta o carácter bidireccional da devandita relación, de maneira que, aínda que ningunha obra pode ser plenamente entendida sen considerar os factores e circunstancias espaciotemporais e biográficos que interviñeron na súa creación, o estudo da obra de arte resulta igualmente un factor para ter en conta para o coñecemento da época, a cultura e a personalidade que a xestou.

OBX6. Coñecer e valorar o patrimonio artístico no ámbito local, nacional e mundial, analizando exemplos concretos do seu aproveitamento e as súas funcións, para contribuír á súa conservación, o seu uso comprometido a favor da consecución dos obxectivos do desenvolvemento sustentable e promoción como elemento conformador da identidade individual e colectiva, e como dinamizador da cultura e da economía.

• O recoñecemento do patrimonio artístico como un elemento que nos foi legado polas xeracións pasadas e a necesidade da súa conservación, uso sustentable e promoción representan un imperativo fundamental para calquera sociedade e cultura. Neste sentido, o papel da materia de Historia da Arte resulta crucial, pois dificilmente podemos valorar algo que non coñecemos. Trátase, pois, de que o alumnado tome conciencia, a través da análise pormenorizada de casos concretos, do valor simbólico e da importancia social, ambiental e material do patrimonio artístico e cultural, apreciando a complexidade e o mérito do traballo dos profesionais encargados do seu mantemento, así como daquelas repercusións económico-culturais que supón a súa conservación e posta en valor.

• A expresión da identidade e dos sentimentos de pertenza é unha das funcións atribuíbles á arte en practicamente todas as épocas e culturas, pois esta adoita reflectir, en gran medida, aqueles elementos visuais, icónicos e simbólicos que definen as singularidades e crenzas colectivas. É importante, pois, que o alumnado reflexione de forma crítica e dialóxica sobre como a arte xera e transmite tales sentimentos e crenzas a distintas escalas, sendo instrumentalizada, en ocasións, como un medio propagandístico, de representación e de educación ao servizo do Estado ou outros grupos, mediante a creación, por exemplo, de institucións académicas e museísticas.

OBX7. Distinguir e describir os cambios estéticos e os diferentes canons de beleza ao longo da historia da arte, realizando análises comparativas entre obras de diversos estilos, épocas e lugares, para formarse unha imaxe axustada de si mesmo e consolidar unha madurez persoal que permita mostrar sensibilidade e respecto cara á diversidade superando estereotipos e prexuízos.

• A historia da arte é un medio para a reflexión sobre as distintas formas de representación humana ao longo do tempo. A necesidade humana de representarse, proxectarse e identificarse a través da imaxe é unha constante histórico-cultural que conduce á pregunta recorrente polas formas e propósitos da devandita representación. É necesario, pois, que a través da análise de xéneros como o do retrato e outros se promova no alumnado a captación da psicoloxía e a mirada interior das personaxes, a expresión da diversidade de razas e etnias ou o reflexo do ciclo vital desde a infancia ata a vellez e a morte.

• Todo o anterior pode relacionarse, pola súa vez, co concepto de beleza e os seus opostos e a súa evolución histórica. Deste xeito, a través da análise comparativa de obras de distintos períodos, o alumnado pode recoñecer como foron cambiando a idea de beleza e os canons de valoración estética, adquirindo unha concepción complexa e non dogmática das ideas estéticas e dando ocasión ao desenvolvemento do seu propio criterio e gusto. Outro dos propósitos desta análise é contribuír a que o alumnado adopte unha actitude de respecto e recoñecemento da diversidade humana, tanto nos seus aspectos psíquicos e físicos como en canto ás súas manifestacións culturais, rexeitando todo tipo de prexuízos e estereotipos estéticos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX8. Integrar a perspectiva de xénero no estudo da historia da arte, analizando o papel que ocuparon a muller e a imaxe que dela se deu nos diferentes estilos e movementos artísticos, para visibilizar as artistas e promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
• A historiografía da arte, xestada a partir de mediados do século XVIII, relegou a muller das distintas disciplinas artísticas, negando e ocultando a súa capacidade creadora, como constata a escasa presenza feminina nas coleccións dos grandes museos. A materia de Historia da Arte pode ser unha ferramenta moi útil para inverter esta tendencia, recuperando e valorando aquelas figuras artísticas que, pola súa condición de muller, foron inxustificadamente marxinadas do canon da arte occidental. • Por outra banda, analizando os estereotipos e símbolos relacionados coa muller e o ámbito feminino presentes nas obras de arte e nos que se representan espazos, roles, actividades e modos de vida, pódense contextualizar e comprender mellor as relacións entre ambos os sexos ao longo da historia. Trátase aquí de, a partir dunha análise crítica destas representacións e da súa función como xeradoras de conformidade social, promover no alumnado actitudes de rexeitamento fronte a condutas e comportamentos sexistas e de discriminación cara ás mulleres.

21.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Historia da Arte 2º curso	
Bloque 1. Aproximación á historia da arte	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Valorar e respectar a diversidade de manifestacións artísticas a partir da investigación e o debate arredor das diferentes concepcións da arte e a análise de obras concretas sobre as que comprobar a pertinencia das devanditas concepcións.	OBX1
• CA1.2. Elaborar e expresar con coherencia e fluidez xuízos e emocións propios sobre as obras de arte e mostrar respecto e empatía polos xuízos e expresións dos demais, utilizando a terminoloxía e o vocabulario específico da materia e demostrando un coñecemento básico de diversas linguaxes artísticas aprendidas.	OBX2
• CA1.3. Recoñecer os mecanismos que rexen a evolución da historia da arte a partir da análise comparativa de obras de diversas épocas e da explicación das relacións de influencia, préstamos, continuidade e ruptura que se producen entre estilos, autores e movementos.	OBX4
Contidos	
• O debate sobre a definición de arte. O concepto da arte ao longo da historia. • A linguaxe artística: a arte como forma de comunicación. A variedade de códigos e linguaxes. Símbolos e iconografía na arte. A subxectividade creadora. A complexidade da interpretación. O xuízo estético. • Terminoloxía e vocabulario específico da arte na arquitectura e nas artes plásticas. • Ferramentas para a análise da obra de arte: elementos técnicos, formais e estilísticos. Estudo iconográfico e significado, identificación, contextualización e relevancia da obra. A análise comparativa. • Influencias, préstamos, continuidades e rupturas na historia da arte.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. A arte e as súas funcións ao longo da historia: da Antigüidade á Modernidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Distinguir e analizar as funcións e as dimensións relixiosa, ideolóxica, política, social, económica, expresiva e propiamente estética das obras de arte, demostrando unha comprensión e un xuízo crítico e fundamentado destas e da súa produción e a súa percepción.	OBX3
• CA2.2. Elaborar comentarios histórico-artísticos de distintas obras de arte a partir do coñecemento crítico e argumentado do seu contexto histórico, as súas funcións e a súa relevancia social, política e cultural, valorando e respectando distintas obras e formas de manifestacións artísticas.	OBX5
• CA2.3. Identificar e analizar a complexidade do proceso de creación artística, elaborando recensións biográficas sobre as figuras máis destacadas e atendendo aos aspectos persoais que faciliten a comprensión do significado e do valor da obra, tomando conciencia do papel do artista no proceso creador.	OBX5
• CA2.4. Elaborar argumentos propios sobre a noción de beleza, comparando canons e obras de diversos tipos, estilos, épocas e lugares, apreciando a diversidade como fonte de enriquecemento, superando estereotipos e prexuízos, e promovendo a formación dunha imaxe axustada de si mesmo.	OBX7
• CA2.5. Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	OBX6
Contidos	
• A arte como instrumento máxico-ritual ao longo da historia. • A arte como dispositivo de dominación e control: desde as primeiras civilizacións urbanas ata o século XIX. • O Clasicismo grego: antecedentes, plenitude e Helenismo. • A arte e a súa función didáctica e relixiosa nas sociedades teocéntricas. • Arte e romanización: a obra civil romana. • A arte prerrománica en España. A arte románica e gótica. • A arte renacentista: Quattrocento e Cinquecento. O Renacemento en España: Juan de Herrera e O Greco. • Barroco e Contrarreforma en Italia e España: obras esenciais en arquitectura, escultura e pintura. Arquitectura barroca galega. • Pintura e perspectiva: a conquista da terceira dimensión. • A arte e o seu valor propagandístico: desde o mundo antigo ata o século XIX. • O papel das academias no século XVIII. O Neoclasicismo. • A arte como idioma de sentimentos e emocións. A natureza e a representación das emocións. O Romanticismo. • Pintura española do século XIX: Goya. • A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o pensamento ilustrado ata o século XIX. O Realismo. • Arte e identidade individual: a necesidade de representarnos. A imaxe do corpo humano. O xénero do retrato. A evolución na imaxe do artista. • Arte e identidade colectiva: escolas, rexionalismos e procura de identidade.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. A arte e as súas funcións na contemporaneidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Coñecer e explicar as principais manifestacións e movementos artísticos, identificando e analizando o seu contexto cultural, a súa vinculación coas funcións atribuíbles á arte, as súas características estilísticas fundamentais e o seu desenvolvemento no tempo.	OBX4
• CA3.2. Coñecer as principais figuras femininas da historia da arte, dándolle visibilidade á muller como artista, analizando o contexto político, social e cultural no que desenvolveron a súa produción artística e recoñecendo o seu esforzo por facerse valer nel.	OBX8
• CA3.3. Coñecer e analizar criticamente a imaxe que se deu da muller na historia da arte, mediante a análise comparativa de obras de distintas épocas e culturas nas que se representen figuras, roles, símbolos e temas relacionados coa feminidade.	OBX8
Contidos	
• A pintura impresionista. • Vangardas e novas formas de expresión. • A arte como dispositivo de dominación e control: desde o século XIX á sociedade contemporánea. • A arte e o seu valor propagandístico: desde o século XIX á actual sociedade de consumo. • A arte como medio de progreso, crítica e transformación sociocultural desde o século XX á actualidade. • A arte como expresión dos avances tecnolóxicos: desde a Revolución Industrial ata a era dixital. • Arte e realidade: imitación e interpretación. A revolución da fotografía e do cinema. • A representación da muller na arte desde unha perspectiva crítica. • A muller como artista. A loita pola visibilidade ao longo da historia da arte.	
Bloque 4. Realidade, espazo e territorio na arte	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Comprender a importancia da conservación e promoción do patrimonio artístico, investigando sobre os procesos de adquisición, conservación, exhibición e uso sustentable de obras de arte, así como sobre o impacto positivo e negativo das accións humanas sobre elas.	OBX6
• CA4.2. Analizar o papel conformador da identidade individual e colectiva que posúen a arte e o patrimonio artístico, analizando as autorrepresentacións humanas e o uso de recursos estéticos e iconográficos na xeración e o mantemento dos vínculos grupais.	OBX6
Contidos	
• Arquitectura e espazo: a creación de espazos arquitectónicos. • Arquitectura do século XX. Principais arquitectos do século XX. • Arte e intervención no territorio: o urbanismo como arte. • Arquitectura, urbanismo e deseño sustentable. A contribución da arte aos obxectivos de desenvolvemento sustentable. Arte e ambiente. • O patrimonio artístico: preservación, conservación e usos sustentables. Museografía e museoloxía. • Arte, mecenado e coleccionismo como elementos de diferenciación social.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

21.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Historia da Arte desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Historia da Arte e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	3				4	1-3		1-3.2
OBX2	1-5			1	1.2-5	1	3	2-3.2
OBX3					1.2-4	1-3		1-2-3.2
OBX4					4	1-2-3		1-2-3.2
OBX5					3.1-4	1-2-3		1-2-3.2
OBX6					4	1-2-3	1	1-2-3.2
OBX7					1.1-3.1-4	1-3		1-3.2
OBX8	5				3.1	1-2-3		1-2-3.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A explicación dos aspectos técnicos, conceptuais e formais das artes plásticas e a arquitectura que permitan ao alumnado afrontar con solvencia a análise dunha obra.

– A análise do enclave espaciotemporal da produción artística para unha axeitada comprensión e explicación do contexto político, social, cultural, económico, relixioso e ideolóxico en que esta se desenvolve.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O traballo da competencia lingüística do alumnado no vocabulario e nos termos propios da materia para a realización, tanto oral como escrita, de produtos solventes.

– O uso de estratexias para traballar a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A realización dun traballo de investigación sobre o patrimonio cultural galego, a súa protección legal e accións públicas e privadas para a súa conservación, mantemento e posta en valor.

22. Historia da Filosofía.

22.1. Introdución.

As culturas humanas constitúense e recoñécense de acordo coas respostas que ofrecen para as cuestións máis fundamentais. Entre estas cuestións atópanse as referidas á orixe, natureza e sentido do cosmos, ao propio ser e destino do ser humano, á posibilidade e as formas do coñecemento, e á definición daqueles valores (a verdade, o ben, a xustiza, a beleza) que consideramos adecuados para orientar as nosas accións e creacións. Agora ben, aínda que as cuestións son, en esencia, as mesmas, a variabilidade histórica das formas en que se formulan e das tentativas de solución é aparentemente enorme. O obxectivo da materia de Historia da Filosofía é percorrer o camiño no que estas preguntas e respostas se deron, dunha forma distintivamente crítica e racional, no devir do pensamento occidental, sen que iso signifique ignorar a riqueza e relevancia doutras tradicións de pensamento. Este obxectivo é dunha importancia sobresaínte para o logro da madurez persoal, social e profesional do alumnado. Aventurarnos a explorar a vida das ideas filosóficas, na relación complexa e dialéctica que manteñen historicamente entre si e con outros aspectos da nosa cultura, é tamén explorar a intricada rede de conceptos e representacións sobre a que pensamos, desexamos, sentimos e actuamos. Así, lonxe de ser un mero compendio erudito de coñecementos, a materia de Historia da Filosofía debe representar para as alumnas e os alumnos un fascinante exercicio de descubrimento do conxunto de ideas e valores que sustentan tanto a súa forma de ser como a da súa propia época e contorna social.

Ademais, aínda que a materia de xeito ineludible mire sempre de esguello as probas xerais ao remate do curso no que se imparte, preséntase como unha continuidade da disciplina impartida no primeiro curso de bacharelato. Se alí se buscaba fornecer o alumno dunha serie de conceptos básicos, dun vocabulario mínimo para a comprensión filosófica,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

agora a materia Historia da Filosofía presenta nunha perspectiva histórica e ampliada os problemas e conceptos tratados con anterioridade. Deste xeito, a óptica histórica debe afianzar a comprensión dos grandes problemas filosóficos apuntados, que agora lle deben aparecer ao alumnado baixo unha perspectiva máis rica e complexa.

Para lograr as metas proponse o desenvolvemento dunha serie de obxectivos que, máis aló de profundar nos procedementos da indagación filosófica cos que se traballou en primeiro de bacharelato, e do coñecemento significativo dalgunhas das máis importantes concepcións, documentos, autores e autoras da historia do pensamento occidental, lle dean ao alumnado a posibilidade de analizar criticamente as ideas coas que pensa, identificándoas na súa orixe máis remota e perseguíndoas no transcurso das súas variacións históricas. Esta análise histórica e dialéctica das ideas debe atender tanto ás súas relacións de oposición e complementariedade co resto das ideas filosóficas como á súa conexión coa xeneralidade das manifestacións culturais, políticas ou sociais en que aquelas ideas se expresan e xunto ás que cabe contextualizalas. Por iso nesta proposta se insístese en comprender a historia do pensamento filosófico, non de maneira illada, limitándoa ao coñecemento dos seus textos, autores e autoras máis relevantes, senón en relación coa totalidade do contexto histórico e cultural no que as ideas se descobren, xeran e manifestan, atendendo ás múltiples expresións e fenómenos sociais, políticos, artísticos, científicos ou relixiosos nos que podemos encontrar e incardinar estas ideas e, máis especificamente, inquirindo sobre elas en textos e documentos de carácter literario, histórico, científico ou de calquera outro tipo. O fin último é que o alumnado, unha vez que entenda as teorías e controversias filosóficas que articularon a historia do pensamento occidental, estea en mellores condicións para adoptar unha posición propia, dialogante, crítica e activa ante os problemas do presente e os retos e desafíos do século XXI.

Cada un dos obxectivos referidos relaciónase cos obxectivos xerais de etapa para bacharelato e coas competencias clave, e máis directamente con determinados criterios de avaliación. Estes criterios entenderanse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición dos devanditos obxectivos. Dado este enfoque competencial, os criterios de avaliación, sempre en relación cos contidos, deberán atender ineludiblemente tanto aos procesos de aprendizaxe como ao produto ou resultante destes. Doutra banda, tales criterios terán que poñerse en práctica a través de instrumentos de avaliación diferenciados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe en que deba concretarse o desenvolvemento dos citados obxectivos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

En canto aos criterios de avaliación e os contidos, estes están distribuídos en tres bloques, referidos a tres intervalos históricos especialmente significativos na historia do pensamento filosófico occidental: a orixe e desenvolvemento da filosofía na Antigüidade grega, o xurdimento da modernidade europea a partir das súas raíces no pensamento e a cultura medieval e, por último, o clímax e a crise do pensamento moderno ata chegar ao heteroxéneo panorama filosófico dos nosos días. En cada un destes tres bloques enúncianse aqueles contidos que resulta esencial tratar nun curso básico de historia da filosofía no bacharelato, sen prexulgar o grao de atención que deba prestárselle a cada bloque e coñecemento nin a forma de articulalos, de maneira que se poidan seleccionar aqueles que conveña tratar por extenso e aqueloutros que se comprendan de maneira complementaria ou contextual.

Os criterios de avaliación e os contidos organizáronse arredor dunha serie de problemas filosóficos fundamentais e a partir do diálogo que con respecto a eles mantiveron e manteñen entre si diferentes pensadoras e pensadores desta ou de diferentes épocas. Preténdese evitar así a mera relación diacrónica de autores ou textos canónicos e darlle á materia unha orientación máis temática. Ademais, proponse abordar cada un deses problemas non só a través de textos de eminente natureza filosófica e dun nivel adecuado ao carácter básico da materia, senón tamén mediante a análise complementaria de textos e documentos literarios, historiográficos e de calquera outro tipo, que sexan pertinentes e teñan ou tivesen relevancia histórica en relación co problema tratado.

Doutra banda, nos tres bloques proponse analizar a situación da muller no ámbito da filosofía, coa intención de reparar o agravio histórico con respecto a aquelas filósofas que foron marxinadas no canon tradicional pola súa simple condición de mulleres, medida que se complementa coa atención que no derradeiro bloque se lle presta ao pensamento feminista como unha das concepcións máis representativas da historia recente das ideas. O abandono, así mesmo, dos catro períodos historiográficos tradicionais pretende subliñar o aspecto dinámico e interconectado das distintas etapas ou fases da historia do pensamento filosófico, así como darlle un maior peso á análise do pensamento moderno e contemporáneo, que é o protagonista dos dous últimos bloques, sen que iso supoña esquecer o inmenso e riquísimo caudal de cuestións e ideas que representa o pensamento antigo e medieval.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

22.2. Obxectivos.

Obxectivos da área
OBX1. Buscar, analizar, interpretar, producir e transmitir información relativa a feitos histórico-filosóficos, a partir do uso crítico e seguro de fontes e o dominio de técnicas sinxelas de investigación, para xerar coñecementos e producións propias sobre a historia dos problemas e ideas filosóficos.
• O labor de investigación da historia da filosofía comparte cos estudos históricos, pero tamén coa filoloxía e con outras ciencias humanas, o feito de que o seu obxecto de estudo veña marcado por textos, documentos e outras manifestacións análogas legadas pola tradición. É, pois, fundamental que o alumnado saiba traballar con fontes fiables e relevantes, entendéndoas no seu contexto social e cultural á vez que na súa proxección histórica, e establecendo relacións entre documentos de diferentes épocas e culturas. Para iso, é preciso dotalo de ferramentas de investigación con que buscar e organizar a información, tanto en contornas dixitais como noutras máis tradicionais, avaliala e utilizala de maneira crítica para a produción e transmisión de coñecementos relativos á materia. O obxectivo é que, ademais do uso de documentos dunha certa complexidade formal e material, poida construír os seus propios xuízos e elaborar producións a partir do dialogo con tales documentos e do exercicio dunha actitude indagadora, autónoma e activa sobre a aprendizaxe da disciplina. Isto supón non só a facultade de interpretar e comentar formalmente textos e outros documentos e manifestacións histórico-filosóficas, relacionándoos con problemas, teses e autores, senón tamén a de realizar esquemas, mapas conceptuais, cadros cronolóxicos e outras elaboracións, incluídas a produción e exposición de traballos de investigación de carácter básico, utilizando os protocolos para o efecto, e tanto de forma individual como colaborativa.
OBX2. Recoñecer as normas e pautas da argumentación e o diálogo filosóficos, mediante a súa identificación e análise en distintos soportes e a través de diversas actividades, para aplicalas con rigor na construción e exposición de argumentos e no exercicio do diálogo cos demais.
• O dominio da argumentación é un factor fundamental para pensar e comunicarse con rigor e efectividade, tanto no ámbito das ciencias e saberes como no da vida cotiá, así como unha condición necesaria para a formación do propio xuízo persoal. É, pois, necesario que o alumnado, tanto no traballo con textos e documentos como no dialogo filosófico con outros, empregue argumentos correctos e ben fundados, apreciando o rigor argumentativo e detectando e evitando os modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster ou discutir opinións e hipóteses. • Doutra banda, se o diálogo goza na didáctica da filosofía dun merecido recoñecemento, tanto como expresión do carácter propiamente dialéctico da indagación filosófica como en tanto elemento esencial do exercicio da cidadanía democrática, no estudo da historia das ideas garda unha dobre función: a de promover o debate filosófico e a de facelo arredor de formulacións e concepcións que gardan á vez entre elas un diálogo ao longo do tempo. Trátase, pois, de promover non só o diálogo empático, cooperativo e comprometido coa busca do coñecemento, a libre expresión de ideas e o respecto á pluralidade de teses e opinións, senón tamén a aptitude para o pensamento crítico e relacional arredor de ideas de autoras e autores de épocas moi distintas, entendendo en todos os casos a disensión e a controversia non necesariamente como un conflito senón tamén como complementariedade e ocasión para unha mellor comprensión dos problemas.
OBX3. Comprender e expresar diferentes concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante o achegamento ás súas fontes e o traballo crítico sobre estas, para desenvolver o coñecemento dun acervo que constitúe parte esencial do patrimonio cultural común.
• A tradición filosófica, así como o debate filosófico contemporáneo, viñeron acumulando e transmitindo, e seguen producindo hoxe, un inmenso e moi valioso acervo de formulacións, preguntas, intentos de resposta, ideas, argumentacións e formulacións diferentes arredor das cuestións filosóficas, moduladas de acordo co contexto histórico e o esforzo das autoras e dos autores nos que, en cada caso, tiveron medio de expresión. O coñecemento das máis importantes destas propostas filosóficas debe formar parte da cultura de todo o alumnado e, en xeral, dunha cidadanía ilustrada. Doutro lado, a aprendizaxe de tales concepcións filosóficas precisa dun traballo orientado desde a experiencia actualizada de cuestións xa tratadas en primeiro de bacharelato, de maneira que sexa o alumnado o que, en relación coas devanditas cuestións, sinta a necesidade de

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

investigar a súa raíz e dimensión histórica a través do contacto directo con documentos e do traballo a partir destes. Unha indagación que debe ser, ademais, allea a prexuízos etnocéntricos, sexistas ou de calquera outro tipo, e recoñecer o papel, a miúdo oculto e marxinado, das mulleres, así como a importancia e influencia doutras tradicións de pensamento diferentes á nosa, analizando criticamente as conceptualizacións de carácter excluínte ou discriminatorio que formen ou formasen parte do discurso filosófico.

OBX4. Recoñecer a natureza esencialmente plural e diversa das concepcións filosóficas historicamente dadas, mediante a súa posta en relación dialéctica, de confrontación e complementariedade, para xerar unha concepción complexa e dinámica da historia do pensamento, e promover unha actitude tolerante e comprometida coa resolución racional e dialogada dos conflitos.

• A filosofía, a diferenza doutros ámbitos do coñecemento, preséntase radicalmente aberta e disputada en todas as súas áreas, algo que non ten por que ser interpretado como defecto ou disfunción, senón, ao contrario, como indicio do carácter complexo e dialéctico tanto da disciplina como de moitas das cuestións filosóficas en que non son posible, nin quizais desexable, a unanimidade, pero si o diálogo respectuoso e construtivo.

• Este carácter plural da filosofía é mais evidente cando o comprendemos a través da súa dimensión histórica. Con todo, tampouco aquí esta riqueza de perspectivas compromete a unidade esencial que define a toda a empresa filosófica como unha busca incondicionada e integral da verdade e do sentido da realidade nos seus aspectos máis fundamentais. Doutro lado, o contacto cos distintos modos de argumentación e exposición que corresponden ás concepcións filosóficas, así como coa diversidade de formas con que cabe interpretalas, resultan, unha experiencia óptima para a práctica do pensamento complexo, a análise, a síntese, e a comprensión da realidade e dos problemas filosóficos e de relevancia cultural e social desde unha perspectiva máis profunda e plural, menos nesgada, e crítica con todo dogmatismo, en consonancia co que debe ser o exercicio dunha cidadanía democrática.

OBX5. Recoñecer o modo en que se formularon sucesivamente, a través de distintas épocas e concepcións filosóficas, os mesmos problemas filosóficos, mediante a análise e interpretación de textos e outros modos de expresión filosófica ou máis amplamente culturais historicamente dados, para afrontar tales problemas a partir da reflexión crítica sobre o coñecemento do achegado pola tradición.

• A reflexión filosófica, que no curso de primeiro de bacharelato se abordaba de maneira principalmente temática, desenvólvese aquí de modo tamén diacrónico, analizando os problemas filosóficos en diferentes momentos históricos, linguaxes e formas, e en relación cos aspectos socioculturais de cada época e cultura. A suma das devanditas fases ou momentos comprende un conxunto de formulacións e respostas que o alumnado debe coñecer non só para comprender a historia pasada, e mesmo o propio concepto de historia, senón tamén para entender o seu propio presente e pensar o seu futuro de maneira máis reflexiva e coidadosa. Ademais, na filosofía, dado o seu carácter plural e sempre aberto, é aínda máis pertinente que noutros saberes ter consciencia dese proceso histórico, el mesmo un obxecto de reflexión filosófica, e no que se pode atopar, ademais, o xerme de todo o pensamento contemporáneo.

• É necesario, por iso, que o alumnado analice os problemas filosóficos ao longo da historia, esclarecendo as condicións socioculturais da súa aparición e conectando o tratamento que se fai destes en distintas correntes e escolas de pensamento. O obxectivo é que alumnas e alumnos afronten tales problemas desde o recoñecemento tanto da súa radicalidade e universalidade como da pluralidade e variabilidade en que se expresan, reflexionando sobre a relación de ambos os aspectos, co fin de promover un coñecemento profundo e crítico da filosofía e da cultura en que esta se insire e desenvolve.

OBX6. Recoñecer as formas diversas en que os interrogantes filosóficos e os seus intentos de resposta se presentaron historicamente noutros ámbitos da cultura, mediante a análise interpretativa de textos e outras manifestacións pertencentes a eses ámbitos, para promover unha concepción sistemática, relacional e complexa da historia da cultura occidental e do papel das ideas filosóficas nela.

• A filosofía, lonxe de ser un saber ensimesmado nos seus problemas e linguaxe, alleo ao resto de saberes e aspectos da existencia humana, mostrouse sempre interesada en dialogar con outros ámbitos de coñecemento, nutríndose deles e enriquecéndoos con novas ideas e perspectivas. A iso súmaselle que o estudo da filosofía resulta máis estimulante e rico cando se exercita mediante a análise doutras manifestacións culturais nas que os problemas e as concepcións histórico-filosóficas están presentes, de maneira polo menos

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

tácita. Por iso, o achegamento á materia de Historia da Filosofía debe realizarse non só a través do estudo e interpretación dos textos das grandes filósofas e dos grandes filósofos, senón tamén a través das análises daqueloutros documentos e acontecementos históricos de carácter político, artístico, científico ou relixioso que resulten filosoficamente relevantes. • O obxectivo é, por unha banda, que o alumnado comprenda a natureza interdisciplinaria e transdisciplinaria da reflexión filosófica e a súa función articuladora do conxunto dos saberes e, polo outro, que recoñeza a relación entre as distintas teorías filosóficas e aqueles movementos, doutrinas e creacións sociais, políticas, morais, artísticas, científicas e relixiosas coas que aquelas compartiron espazo histórico e cultural, identificando as súas influencias mutuas e, en especial, os fundamentos e problemas filosóficos que latexan baixo os citados movementos, doutrinas e creacións.
OBX7. Analizar problemas fundamentais e de actualidade, mediante a exposición crítica de distintas posicións histórico-filosóficas relevantes para a comprensión e discusión daqueles, para desenvolver a autonomía de xuízo e promover actitudes e accións cívica e eticamente consecuentes.
• Os grandes sistemas de pensamento desenvolvidos ao longo do tempo non son só lugares de referencia para entender en profundidade o pasado, os nosos sinais de identidade culturais ou o noso modo mesmo de ser, coñecer ou valorar, senón que son tamén guías que, tratadas de maneira crítica, iluminan os máis complexos debates actuais, constituíndo así unha ferramenta indispensable para a nosa tarefa de promover un mundo máis xusto, sustentable e racional. Neste sentido, a historia da filosofía representa un esforzo progresivo por comprender a realidade e orientar a acción humana, tanto nun sentido individual como colectivo. Ademais, prové o alumnado dun marco de referencia idóneo para o exercicio dunha cidadanía consciente, criticamente comprometida cos valores comúns e posuidora dunha actitude reflexiva e construtiva ante os retos do século XXI. Así, en canto se coñecen con profundidade as distintas ideas, teorías e controversias filosóficas implicadas nas cuestións que conforman a actualidade, tales como a desigualdade e a pobreza, a situación dos dereitos humanos no mundo, o logro da efectiva igualdade entre homes e mulleres ou os problemas ecosociais, que conforman a actualidade, estarase en mellores condicións para entendelos e afrontalos. O propósito último é que o alumnado poida postularse ante eles con plena conciencia do que as súas ideas deben ao curso histórico do pensamento filosófico e, por iso, cunha maior exixencia crítica e un máis firme compromiso co seu perfeccionamento, así como coas actitudes e accións que caiba deducir delas.

22.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Historia da Filosofía 2º curso	
Bloque 1. Da orixe da filosofía en Grecia ata o fin da Antigüidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	OBX1
• CA1.2. Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	OBX1
• CA1.3. Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	OBX2
• CA1.5. Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	OBX3
• CA1.6. Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	OBX3
• CA1.7. Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de síntese comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	OBX4
• CA1.8. Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	OBX5
• CA1.9. Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	OBX5
• CA1.10. Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	OBX6
• CA1.11. Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	OBX7

Contidos
• Introdución á historia da filosofía.
– A universalidade dos problemas aos que se enfronta.
– A historicidade das concepcións filosóficas propostas.
– Os métodos de traballo en Historia da Filosofía.
• O xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos.
– A orixe grega da filosofía occidental. A filosofía noutras tradicións culturais.
– A cosmovisión mítica.
– A teorización filosófica como proposta dunha cosmovisión racional.
– O pensamento dos presocráticos sobre a realidade.
• O século V, o esplendor de Atenas.
– A democracia ateniense e a época de Pericles.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Aspasia de Mileto e o papel das mulleres na cultura e na filosofía gregas.

– A reflexión sofista sobre o individuo e a cidadanía.

– A figura de Sócrates e o compromiso coa *polis*.

• O problema da realidade.

– A solución platónica: a teoría das ideas e o dualismo ontolóxico e a súa problematicidade.

– As críticas aristotélicas á teoría das ideas. Hilemorfismo, teoría das causas e teleoloxismo na natureza.

• O problema do coñecemento.

– Os conceptos universais en Sócrates.

– A teoría platónica do coñecemento. A dialéctica como saber. A reminiscencia.

– O proceso de coñecemento segundo Aristóteles. Experiencia sensible e o traballo do entendemento.

• A antropoloxía na filosofía clásica.

– O método socrático e o coñecemento de si.

– O dualismo antropolóxico platónico. A teoría da alma.

– As funcións da alma en Aristóteles.

• A discusión ética.

– O intelectualismo socrático.

– A fundamentación teórica da xustiza e as virtudes en Platón.

– Eudemonismo e virtudes na ética aristotélica.

• O debate político.

– O isomorfismo ético-político en Platón: o estado xusto e o papel da educación.

– O ser humano como animal político. A reflexión aristotélica sobre a *polis*.

• A época helenística.

– Alexandre Magno. Da *polis* ao imperio.

– Filosofía, ciencia e cultura no Helenismo. A figura de Hipatia de Alexandría.

– As grandes escolas morais no Helenismo. Estoicismo e Epicureísmo.

Bloque 2. Da Idade Media á modernidade europea	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación deste, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	OBX1
• CA2.2. Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	OBX1
• CA2.3. Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	OBX2
• CA2.5. Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	OBX3
• CA2.6. Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	OBX3
• CA2.7. Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de síntese comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	OBX4
• CA2.8. Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	OBX5
• CA2.9. Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	OBX5
• CA2.10. Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	OBX6
• CA2.11. Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	OBX7

Contidos
• A asimilación do pensamento grego pola filosofía cristiá. Etapas e cuestións fundamentais na filosofía medieval. – O encontro do cristianismo coa filosofía grega. – A patrística: o neoplatonismo en Agostiño de Hipona. – A filosofía árabe e xudía. – A escolástica. O aristotelismo en Tomé de Aquino e a crise da escolástica en Guillerme de Ockham. – A personalidade polifacética de Hildegard von Bingen. – O problema da relación entre fe e razón na filosofía medieval. De Agostiño a Ockham. • O nacemento da modernidade europea. – O Renacemento. – A reforma protestante. – A revolución científica.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O xiro epistemolóxico da modernidade. – O Racionalismo: René Descartes. – O Empirismo: David Hume. • O debate metafísico na modernidade. – A teoría cartesiana das substancias. – O materialismo desde Thomas Hobbes á Ilustración. • A cuestión da orixe e fundamento da sociedade e o poder na modernidade. – A ruptura co pensamento político medieval. – A teoría do contrato social. Thomas Hobbes, John Locke e Jean-Jacques Rousseau. • A Ilustración como cumio da modernidade. – O proxecto ilustrado: potencia e límites da razón. – Os dereitos do home. – A filosofía crítica de Immanuel Kant e o problema da metafísica como ciencia. – A ética formal kantiana fronte ás éticas materiais (éticas da felicidade e utilitarismo).

Bloque 3. Da modernidade á posmodernidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	OBX1
• CA3.2. Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	OBX1
• CA3.3. Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soster opinións e hipóteses.	OBX2
• CA3.4. Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	OBX2
• CA3.5. Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	OBX3
• CA3.6. Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	OBX3
• CA3.7. Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de síntese comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.8. Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	OBX5
• CA3.9. Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	OBX5
• CA3.10. Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	OBX6
• CA3.11. Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	OBX7
Contidos	
• O cuestionamento do proxecto político da Ilustración desde o século XIX á actualidade. – O pensamento revolucionario de Marx: dialéctica e materialismo histórico. – A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da Ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt. • A creba do pensamento filosófico occidental. – A crítica á cultura occidental en Nietzsche. Nihilismo e transvaloración. – Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble. • O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica. • O Existencialismo. – A analítica do ser-aí. Heidegger. – Existencia humana e liberdade radical. Sartre. • O pensamento feminista desde a Ilustración. – A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. – A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir. – O pensamento feminista na actualidade. • A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de María Zambrano. • O pensamento galego no século XX.	

22.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Historia da Filosofía desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Historia da Filosofía e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2-3			1-3	4	3	3	
OBX2	1-5		1		3.1	2-3		1-3.2
OBX3						1-2-3		1
OBX4	2					1-2-3		
OBX5	2					1-2-3		1
OBX6	2					1-2-3		1
OBX7					4	1-2-3-4	1	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo, e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O desenvolvemento efectivo da competencia persoal, social e de aprender a aprender, que nesta materia pode supor un pulo e sentido definitivo para que o alumnado, entendendo a historia das ideas, se comprenda a si mesmo, como parte crítica e reflexiva da sociedade globalizada en que se atopa.

– A concreción, en consonancia co espírito competencial da materia, para entendela desde o «aprender a filosofar» kantiano como lema orientador.

– A disposición da actividade indagadora do alumnado como centro e fin de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

– A profundación no desenvolvemento daquelas competencias desenvolvidas na materia Filosofía de primeiro de bacharelato.

– A contribución ao logro da autonomía intelectual, moral e da madurez cívica do alumnado.

– A conveniencia ineludible de insistir na comprensión da historia da filosofía no contexto cultural que lle serve de marco, evitando un tratamento illado e puramente academicista desta.

– A posta en valor da filosofía como unha ferramenta idónea para tratar de xeito reflexivo e crítico as máis graves cuestións que rexen a actualidade, especialmente aquelas referidas á equidade entre os seres humanos, a xustificación dos dereitos humanos, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e os problemas ecosociais.

23. Historia da Música e da Danza.

23.1 Introdución.

A Historia da Música e da Danza persegue dotar o alumnado das ferramentas necesarias para abordar o coñecemento das expresións artísticas máis significativas no devir da humanidade.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

A materia de Historia da Música e da Danza proporciónalle ao alumnado unha visión global da evolución de ambas as disciplinas, establecendo unha relación causal entre xéneros, estilos e épocas nos que xurdiron. Introduce, así, o alumnado no descubrimento dos períodos nos que tradicionalmente se clasificou a evolución histórica da música e da danza, desde a Antigüidade clásica ata os nosos días, prestando atención aos diferentes xéneros e estilos abordando o traballo de distintos períodos históricos, observando e analizando a súa vinculación coa sociedade mesma, o seu contexto e a súa evolución histórica a través do recoñecemento das características máis relevantes que configuran un estilo e os diferentes modos de concibir a creación musical e dancística que, en gran medida, discorreron de forma conxunta ao longo do tempo. Desta forma, para xénero e estilo, o alumnado poderá identificar as características da música e da danza para comprender a súa evolución e establecer asociacións con outras manifestacións artísticas, enriquecendo o seu repertorio cultural.

A perspectiva de Historia da Música e da Danza debe ser eminentemente práctica. Así mesmo, a interpretación e a dramatización a través da voz, o corpo e diferentes instrumentos musicais permiten a comprensión da música e a danza desde a experimentación e a experiencia propias, vivenciando o feito artístico. A práctica habitual de escoitar, visionar ou presenciar en vivo ou practicar manifestacións musicais ou dancísticas representativas de diferentes períodos históricos e culturais e distintas estéticas fará que o alumnado adquira unha perspectiva máis ampla desde a que contemplar, comprender e valorar a creación e interpretación artística a través de diferentes medios. Así mesmo, o coñecemento das características estilísticas e das correntes estéticas dos contextos nos que se desenvolveron estas artes axudará no entendemento dos gustos artísticos pasados e presentes, á vez que favorecerá a construción dunha identidade cultural baseada na diversidade.

Ademais, a investigación dos contextos en que se desenvolveron estas artes facilitará a comprensión das transformacións dos gustos artísticos ao longo do tempo, á vez que favorece a construción dunha identidade cultural baseada na diversidade.

Por último, esta materia debe estar conectada co resto das materias do currículo, xa que a súa concepción interdisciplinaria favorece a adquisición conxunta de competencias e axuda o alumnado para ter unha percepción global da aprendizaxe.

Os obxectivos desta materia deseñáronse a partir dos descritores das competencias clave do bacharelato e dos obxectivos da etapa. Están orientados a que o alumnado desenvolva o aprecio polas manifestacións artísticas, relacione o feito musical co pensamento artístico, experimente a través da interpretación e a dramatización, recoñeza as caracte-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

rísticas máis importantes de cada período histórico e poida emitir xuízos de valor propios e ben fundamentados. Estes obxectivos contribúen tamén a que o alumnado poida ampliar as ferramentas das que dispoñen para abordar os procedementos de escoita e visionado, realizar comentarios de texto e comparar as manifestacións musicais e dancísticas coas demais artes. Ademais, fomentan a interiorización conceptual necesaria para a elaboración de argumentacións críticas, para a formación dun gusto musical propio e para o desenvolvemento e enriquecemento do repertorio cultural e estético do alumnado. A través da realización de investigacións e da difusión dos seus resultados, así como do visionado e da escoita de interpretacións de pezas musicais e de danza, esta materia incide sobre a reflexión ética arredor dos dereitos de autor e da propiedade intelectual. A materia de Historia da Música e da Danza contribúe así a que o alumnado amplíe a súa formación cultural e artística, adquira unha visión máis global do lugar que ocupan a música e a danza na historia da arte e desenvolva criterios para establecer xuízos estéticos propios.

Os criterios de avaliación da materia determinan o grao de consecución dos obxectivos e foron deseñados para permitir a observación, a toma de información e a valoración da adquisición das devanditas competencias desde múltiples perspectivas.

Os criterios de avaliación e contidos están organizados en catro bloques. No primeiro, «Percepción visual e auditiva», están incluídos os coñecementos, as destrezas e as actitudes necesarias para a recepción das distintas manifestacións musicais e dancísticas, a identificación dos seus elementos e a súa análise. Pola súa banda, o bloque «Contextos de creación» contén os contidos propios das distintas etapas históricas, os xéneros, os estilos, os compositores e compositoras relevantes, os intérpretes e a relación da música e da danza con outras manifestacións artísticas. O terceiro bloque, «Investigación, opinión crítica e difusión», recolle contidos relacionados con procesos de indagación, uso de fontes fiables, dereitos de autor e propiedade intelectual, así como a incidencia das tecnoloxías dixitais na difusión de ambas as expresións. Por último, a través do bloque «Experimentación activa», introdúcense os contidos que necesitará o alumnado para abordar o estudo da evolución da música e da danza desde a interpretación musical, a práctica de danzas sinxelas ou a dramatización de obras representativas.

O alumnado poderá facer uso en contextos formais, non formais e informais, de situacións de aprendizaxe que potencien a interrelación das diferentes materias do currículo e a translación dos desempeños a situacións reais, á vez que se converte no protagonista da súa propia aprendizaxe a través de experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a súa capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Espérase que as alumnas e os alumnos activen os distintos contidos para enfrontarse ás devanditas situacións que, relacionadas cos retos do século XXI, favorecerán a interdisciplinariedade e a translación dos desempeños a situacións reais.

23.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Identificar as características técnicas da música e da danza, apreciando a súa evolución ao longo da historia a través da análise das fontes de estudo dispoñibles, para recoñecer os seus trazos estilísticos e a súa función nun determinado contexto.
• A música e a danza son medios de expresión e comunicación que, transcendendo o uso da linguaxe verbal, desenvolveron un código propio que as identifica e que, en moitas ocasións, evolucionou de maneira conxunta. En cada período varían os trazos estilísticos que caracterizan estas artes, pois gardan relación con outros aspectos definitorios do seu contexto e coa función que desempeñan nun determinado momento. • A escoita ou o visionado de pezas de distintas épocas, así como a análise de textos e de partituras representativas, permitiranlle ao alumnado identificar e comparar as súas características técnicas, apreciando a evolución da música e da danza ao longo do tempo. Ademais, atendendo a parámetros histórico-estéticos, o alumnado poderá contextualizar as pezas e determinar a súa función na contorna creativa correspondente e poderá compartilo na clase a través de textos orais, escritos ou multimodais de natureza expositiva.
OBX2. Relacionar a música e a danza con outras formas de expresión artística, vinculándoas coa evolución do pensamento humano, para comprender o carácter interdisciplinario da arte e valorar a importancia da súa conservación e difusión como patrimonio cultural.
• Do mesmo xeito que outras manifestacións artísticas, a música e a danza están ligadas á propia historia da humanidade e aos diversos factores que a condicionan. Neste sentido, o coñecemento, a análise, a comprensión e a valoración crítica da evolución das formas de expresión doutras artes e a súa relación co feito musical ou dancístico achéganlle ao alumnado unha visión interdisciplinaria que o enriquece culturalmente, e lle permite adoptar unha postura respectuosa e responsable en relación coa importancia da conservación e a difusión do patrimonio. A este respecto, resultan de grande utilidade as tecnoloxías dixitais, pois facilitan o acceso a bibliotecas e coleccións dixitais a través das cales se pode consultar textos literarios ou observar, por exemplo, obras de artes plásticas ou de artes decorativas.
OBX3. Interpretar fragmentos musicais ou adaptacións de obras relevantes da música e da danza de diferentes épocas e estilos, a través da dramatización e o emprego da voz, o corpo e distintos instrumentos, para vivenciar o feito artístico e comprendelo desde a propia experiencia.
• A música e a danza son dúas das manifestacións artísticas que lle serviron á humanidade para expresarse. Por iso, o seu estudo require a organización de actividades que lle permitan ao alumnado experimentar, en primeira persoa coa música e a danza de diferentes períodos, a través da interpretación ou a dramatización de obras relevantes de ambas as disciplinas. • A interpretación de adaptacións de pezas instrumentais ou vocais, así como de danzas sinxelas de diferentes períodos históricos, facilítalle ao alumnado non soamente a inmersión práctica na música e na danza dun determinado período histórico, senón que favorece o seu recoñecemento e comparación con mostras orixinais e coa evolución posterior de ambas as expresións artísticas, tomando conciencia da riqueza do patrimonio musical e dancístico. • O desenvolvemento de tarefas conxuntas de interpretación implica, ademais, a adquisición de valores de respecto, colaboración e traballo en equipo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX4. Investigar sobre os principais compositores, intérpretes e obras da historia da música e da danza, utilizando fontes de información fiables, para analizar as diferentes correntes interpretativas e reflexionar sobre a riqueza do patrimonio musical e sobre a propia identidade cultural.
• A adquisición e construción dun criterio propio a través da investigación, a análise e a valoración crítica das diferentes propostas musicais e dancísticas contribúe ao desenvolvemento dunha postura aberta e receptiva que lle proporciona ao alumnado unha visión ampla desde a que situarse no mundo cunha actitude de aceptación e respecto cara á diversidade. A procura de información en fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, é un medio a través do cal o alumnado pode abordar, de forma autónoma, a investigación sobre a historia da música e a danza. • A análise da evolución musical e dancística no seu contexto facilita o desenvolvemento dunha identidade cultural propia desde a que afrontar os retos que formula o futuro en relación co desenvolvemento e a evolución da arte e da cultura. Neste sentido, a aula ofrécese como espazo idóneo no que fomentar a reflexión arredor da creación ou da interpretación musical e escénica como expresión da personalidade artística de quen compón ou interpreta as obras.
OBX5. Transmitir opinións e ideas propias, informadas e fundamentadas, sobre a evolución da música e da danza, usando un vocabulario específico, formulando argumentos de carácter teórico e estético e analizando criticamente o contexto de creación das obras, para desenvolver a capacidade comunicativa sobre o feito musical.
• A transmisión de ideas e opinións propias, informadas e fundamentadas, sobre a evolución da música e da danza ao longo da historia, garántelle ao alumnado unha mellor comprensión do feito musical e dancístico. Para iso, é importante que aprenda a consultar distintas fontes e que desenvolva estratexias de procura, selección e reelaboración da información coas que poder extraer datos que sirvan de fundamento ás súas ideas e opinións. Así mesmo, é necesario que adquira un vocabulario específico que lle permita expresar os seus argumentos de forma adecuada. • Ofrécese, así, ao alumnado a posibilidade de desenvolver unha visión crítica sobre cuestións teóricas e estéticas que afectan á música e á danza. Para compartir esa visión crítica proponse a produción de traballos, recensións ou comentarios, orais, escritos ou multimodais, que tomen en consideración o contexto de creación das obras e respecten os dereitos de autor e a propiedade intelectual. Neste sentido, o uso de aplicacións dixitais como apoio á comunicación ou difusión da información en diferentes formatos servirá para mellorar a capacidade comunicativa do alumnado sobre o feito musical.

23.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Historia da Música e da Danza 2º curso	
Bloque 1. Percepción visual e auditiva	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer os trazos estilísticos da música e da danza nas diferentes épocas históricas, a través da escoita activa e do visionado de manifestacións artísticas, así como da análise de partituras e textos representativos.	OBX1
• CA1.2. Determinar a función da música e da danza nos diferentes contextos, establecendo vínculos entre as características destas manifestacións artísticas e os feitos histórico-estéticos que determinan o período.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Valorar a riqueza do patrimonio musical e dancístico a través do recoñecemento das características dun determinado período na adaptación das interpretacións e o contraste coas mostras orixinais.	OBX3
• CA1.4. Analizar as diferentes correntes interpretativas, comparando distintas versións musicais dunha mesma obra e identificando a súa vinculación coa estética do período.	OBX4
• CA1.5. Explicar os distintos conceptos teórico-estéticos aplicados á música e á danza, usando de forma fiable e responsable as tecnoloxías dixitais e respectando os dereitos de autor e a propiedade intelectual.	OBX5
• CA1.6. Expresar opinións e ideas propias, informadas e fundamentadas, sobre o patrimonio musical e dancístico, usando un vocabulario específico, formulando argumentos de carácter teórico e estético, e analizando criticamente o contexto de creación das obras.	OBX5
Contidos	
• Elementos da música e da danza: identificación e análise. • Trazos que definen a música e a danza de diferentes períodos históricos no ámbito auditivo e visual. • Aspectos socioculturais da recepción artística. Evolución dos formatos e desenvolvemento do público. • Estratexias de escoita, visionado e análises de textos e partituras.	
Bloque 2. Contextos de creación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Establecer para cada contexto as diferentes funcións da música e da danza, vinculando as características propias das manifestacións artísticas ao contexto histórico e estético do período traballado.	OBX5
• CA2.2. Explicar a relación entre a música, a danza e outras manifestacións artísticas, identificando os condicionantes históricos e os fundamentos estéticos que comparten, e analizando o seu carácter interdisciplinario.	OBX2
• CA2.3. Recoñecer e comparar diferentes versións musicais dunha mesma obra dentro das correntes interpretativas, identificando a súa relación coa estética do período.	OBX4
• CA2.4. Utilizar un vocabulario adecuado na manifestación de ideas e opinións, partindo dunha base informada, sobre o patrimonio dancístico e musical, utilizando argumentos xustificados na teoría e na estética, e mostrando unha análise crítica do contexto creativo das obras.	OBX5
Contidos	
• Factores culturais, sociais, económicos e políticos que inciden na creación musical. Función social da música e da danza. • Características e evolución estética e estilística da música e da danza ao longo da historia. • Principais correntes, escolas, autoras e autores, intérpretes e obras representativas da música e da danza desde a Antigüidade clásica ata os nosos días. • O papel do intérprete ao longo da historia. • A música e a danza e a súa relación coas demais artes. • Interese por coñecer, respectar e difundir o patrimonio musical e dancístico.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. Investigación, opinión crítica e difusión	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Analizar a importancia do patrimonio musical, escénico e artístico como expresión dunha época, valorando a responsabilidade sobre a súa conservación e difusión.	OBX2
• CA3.2. Utilizar fontes de información fiables en investigacións sobre os principais compositores, intérpretes e obras da historia da música e da danza, aplicando estratexias de procura, de selección e de reelaboración da información.	OBX4
• CA3.3. Recoñecer a identidade cultural propia, valorando a riqueza do patrimonio musical a través das investigacións realizadas.	OBX4
• CA3.4. Recoñecer, identificar e expoñer os conceptos teórico-estéticos relacionados coa música e a danza, a través do uso fiable e responsable das tecnoloxías dixitais e tendo en conta tanto a propiedade intelectual como os dereitos de autor.	OBX4
• CA3.5. Realizar unha análise crítica do contexto teórico e estético da creación das obras, de forma argumentada e mediante o vocabulario adecuado, expresando ideas propias e opinións informadas e fundamentadas sobre o patrimonio musical e dancístico.	OBX5
Contidos	
• A investigación musical: procesos de procura, selección, tratamento e difusión da información. Fontes de investigación musical: fiabilidade e validez. • Uso das tecnoloxías dixitais na difusión da música e da danza. Recensións, comentarios e críticas musicais. Dereitos de autor e propiedade intelectual.	
Bloque 4. Experimentación activa	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Experimentar coas características da música e da danza dun período histórico determinado, interpretando ou dramatizando fragmentos ou adaptacións de obras relevantes con instrumentos musicais, a voz ou o propio corpo.	OBX3
• CA4.2. Apreciar, recoñecer e distinguir o patrimonio musical e dancístico de determinado período e as súas características, a través da adaptación das interpretacións e mediante o contraste coas mostras orixinais.	OBX3
• CA4.3. Participar activamente nas interpretacións asumindo as diferentes funcións que se asignen e mostrando interese por aproximarse ao coñecemento e gozo do repertorio proposto.	OBX3
Contidos	
• Técnicas sinxelas de interpretación de obras adaptadas ou fragmentos musicais representativos do repertorio musical. • Práctica de danzas sinxelas de diferentes períodos históricos. • Estratexias e técnicas básicas de dramatización de textos da música vocal e a súa dramatización.	

23.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Historia da Música e da Danza desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e ou seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Historia da Música e da Danza e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2-3		2		4	3		2
OBX2	2		2	1	4	1		1-2
OBX3	2				1.1-3.1-3.2		2	3.1-4.1-4.2
OBX4	2-3	1	2	1-2	4	1		1-2
OBX5	1			2-3	1.1-5	3	3	1-4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Un enfoque metodolóxico que promova a aprendizaxe participativa na que o alumnado se involucre activamente no proceso de ensino, adquirindo os obxectivos a partir dunha escoita e visionado reflexivos e críticos. Así mesmo, a práctica instrumental, vocal ou de danza debe considerarse como un recurso metodolóxico primordial na adquisición dos obxectivos da materia.

– A importancia de ter en conta a execución práctica de repertorio de diferentes épocas para comprender e interiorizar, a través desa práctica, os elementos traballados no ámbito teórico en cada período histórico.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– A énfase no correcto e adecuado uso de diferentes fontes de información como método de investigación e autoaprendizaxe, a través de todos os medios dispoñibles, destacando o uso das novas tecnoloxías.

– O uso de medios tecnolóxicos específicos para a creación de proxectos artísticos como forma de reflectir con carácter global experiencias significativas que engloben os ámbitos comunicativo, analítico e expresivo.

– O uso en contextos formais, non formais e informais, das situacións de aprendizaxe utilizadas, favorecendo a súa fusión, potenciando a interdisciplinariedade e a súa aplicación en situacións reais.

– Converter o alumnado en protagonista da súa aprendizaxe a través de experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a súa capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade.

24. Historia de España.

24.1. Introdución.

A materia de Historia de España introduce o alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfronta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente para orientar a súa actuación con coñecemento e responsabilidade. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades a que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores estruturais, institucionais e conxunturais que condicionan a actuación humana, e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional en que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

A aproximación á metodoloxía histórica, ao uso rigoroso e crítico das fontes, aos marcos conceptuais propios e doutras disciplinas afíns, ás narrativas que constrúen e á propia historiografía, introduce o alumnado nun coñecemento do pasado baseado no rigor propio da disciplina histórica. Pola súa vez, débese facilitar o exercicio de procesos indutivos e de indagación, relacionados con estratexias asociadas á utilización de fontes, á procura e tratamento da información, ao acceso a documentos de distinta natureza en plataformas dixitais, e ao seu contraste, contextualización e interpretación, o que lle permitirá entender a historia como un ámbito de coñecemento en construción, en constante revisión e cambio. Trátase de transmitir unha concepción dinámica condicionada polos asuntos que suscitan interese na comunidade académica e tamén, dunha maneira moi directa, polos que a sociedade considera relevantes. Por iso, a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Os obxectivos da materia estruturáronse arredor dos vectores que veñen constituíndo os principais centros de interese no presente, que definen as estratexias para aprender do pasado e que resultan relevantes para orientar o noso porvir. Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

A liberdade é o primeiro deses eixes vertebradores, que ofrece unha perspectiva nada lineal que atravesa toda a época contemporánea ata os nosos días, recollendo a xénese e traxectoria do noso Estado liberal ata a Constitución de 1978 e os retos actuais e futuros aos que se ve enfrontada a nosa democracia. As identidades nacionais e rexionais proxéctanse máis atrás no tempo, como as crenzas e as ideoloxías, que tanta transcendencia

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

teñen e tiveron ao longo da historia, conectan procesos históricos diversos e resultan esenciais para destacar, antes que o que nos separa e diferencia, os elementos que nos unen, co fin de favorecer o diálogo e a convivencia. O progreso e o crecemento económico, desde a perspectiva da cohesión territorial, así como a visión da diversidade social ou da igualdade de xénero ao longo do tempo, convertéronse tamén en campos fundamentais para o estudo da historia e a análise do presente. O marco comparativo coa historia doutros países do mundo occidental, as relacións internacionais e a conexión do territorio español cos grandes procesos históricos, constitúe igualmente un vector imprescindible para a interpretación da evolución e desenvolvemento do noso país, destacando aquelas etapas históricas nas que as súas institucións, colectivos e individuos destacados tiveron un especial protagonismo. Finalmente, outro dos obxectivos, de carácter transversal, subliña a expresión práctica e metodolóxica do pensamento histórico e da aprendizaxe activa que debe levar a cabo o alumnado.

Os criterios de avaliación conxugan os obxectivos da materia cos contidos e van orientados ao logro dos obxectivos do bacharelato e das competencias clave. Supoñen, polo tanto, unha adaptación das metodoloxías e accións educativas para este tipo de aprendizaxe por parte do alumnado, utilizando estratexias nas que este poida exercitar tanto os procesos instrumentais como as actitudes, utilizando as bases metodolóxicas do pensamento histórico na construción do coñecemento. Todo iso implica dispoñer de novos instrumentos para valorar un conxunto amplo e diverso de accións tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos agrúpanse en catro bloques: «Sociedades no tempo. O proceso de construción nacional en España», «O camiño cara á contemporaneidade. Das revolucións liberais ao tardofranquismo», «O modelo de desenvolvemento económico español: pautas, ritmos e ciclos de crecemento» e «Retos do mundo actual». Segue similar arquitectura que na materia de Historia do Mundo Contemporáneo de primeiro de bacharelato, o que lles confire continuidade e coherencia aos principios que guían e orientan estas materias. Na súa organización optouse pola presentación cronolóxica, coa que o profesorado e o alumnado se atopa máis familiarizado, pero na súa propia definición e articulación pode observarse unha intención temática, incidindo naqueles aspectos ou elementos que resultan máis relevantes de cada época histórica. Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

24.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.
• A Constitución de 1978 iniciou a etapa de convivencia pacífica e democrática máis longa e duradeira da historia de España. O alumnado debe concibir o Estado social e de dereito actual non só como resultado do entendemento e da acción das mulleres e homes comprometidos coa liberdade, senón tamén como o froito do exercicio diario dunha cidadanía activa identificada cos seus principios e inspirada nos seus valores. Deste xeito, hase de interpretar a memoria democrática non só como efecto directo da experiencia histórica da Transición, senón como resultado do complexo camiño que o constitucionalismo percorreu desde 1812. Todo isto implica considerar a historia como un proceso non lineal, de avances e retrocesos, valorando o que as distintas culturas políticas achegaron ao afianzamento do parlamentarismo e ao establecemento da democracia. Para iso resulta necesario desenvolver estratexias comparativas sobre os distintos réximes políticos que se foron sucedendo desde a fin do Absolutismo e o reinado de Isabel II ata a Restauración e a Constitución de 1931, así como a correcta utilización daqueles termos e conceptos históricos, políticos e xurídicos que permitan definir a súa natureza e contextualizar as súas dinámicas e logros obtidos. Doutra banda, perséguese o recoñecemento e interpretación dos diferentes significados asignados ao concepto de liberdade, así como a análise dos distintos e, ás veces, contrapostos intereses presentes neles, de maneira que o alumnado entenda que a liberdade, como principio inherente do ser humano, implica unha actitude crítica e exixente ante o cumprimento dos seus principios e aspiracións, dentro do propio marco constitucional.
OBX2. Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.
• A definición constitucional da nación española e o recoñecemento doutras identidades exixen o estudo dos procesos de nacionalización que se dan por mor da incorporación do concepto de soberanía nacional e do uso da historia para xustificalos. Unha cidadanía informada e crítica debe ser capaz de interpretar discursos e ideas diferentes, incluídos aqueles que son contrarios aos seus propios, e defender a solidariedade e a cohesión como base da convivencia, así como o respecto aos símbolos e normas comúns. A coexistencia de identidades, especialmente as que teñen que ver co sentimento nacional, é un dos feitos que máis interese esperta na actualidade e que máis tensión provocou na sociedade española das últimas décadas. Como fenómeno político e cultural, exixe no alumnado unha aproximación rigorosa en canto á súa contextualización histórica, a través da análise crítica de fontes e da interpretación rigorosa destas. É tamén necesario que poida describir a orixe e evolución do Estado nacional, así como dos distintos nacionalismos e rexionalismos, articulados en movementos políticos e culturais a partir do século XIX. Igualmente, debe poder identificar a orixe da idea de España e doutras identidades territoriais a través dos textos, desde as súas primeiras formulacións e a través da súa evolución no tempo. Doutra banda, respectar os distintos sentimentos de pertenza

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

implica tratalos nas súas diferentes escalas e dimensións, e traballar sobre a compatibilidade de identidades múltiples, valorando a riqueza das súas diferentes expresións e manifestacións. Finalmente, tomar conciencia histórica da articulación e organización territorial do estado implica recoñecer as accións orientadas á centralización administrativa e política desde o nacemento do Estado moderno, os conflitos que xerou e os modelos alternativos á devandita centralización.
OBX3. Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sustentabilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.
• O alumnado debe concibir que a sustentabilidade e o conxunto dos obxectivos de desenvolvemento sustentable constitúen un principio inescusable tanto no local como no global, e tanto para afrontar a emerxencia climática como para alcanzar os niveis mínimos de xustiza social. Unha perspectiva que implique unha mirada crítica á idea do progreso, ás súas formulacións filosóficas e económicas e ás súas derivacións políticas debe considerar as consecuencias que xerou un crecemento económico que, historicamente, non tivo en conta entre as súas prioridades nin a distribución da riqueza nin os efectos ambientais. O estudo da modernización económica exixe, pois, poñer en contacto as estruturas a longo prazo, que en España se mantiveron desde a época medieval, como é o caso da propiedade da terra, con outras a medio e curto prazo, vinculándoas con conxunturas concretas como os elevados custos pola implicación nos conflitos bélicos da época moderna, o comercio colonial ou as políticas comerciais. Tamén se debe prestar especial atención ao estudo comparativo da evolución do capitalismo e a industrialización en España coa doutros países europeos que nos serven de referencia, a través da análise dos respectivos ritmos de crecemento. Manexar ese cadro de magnitudes supón, ademais, o exercicio de habilidades econométricas, o uso de bases estatísticas, a lectura de gráficos, o manexo de datos e recursos dixitais e o emprego de aplicacións informáticas. Esta tarefa exixe igualmente o desenvolvemento da aptitude interpretativa e de relación, con obxecto de poder asociar os factores económicos coa desigualdade social e territorial, e de percibir a velocidade dos cambios do mundo actual, fenómenos estes que demandan unha cidadanía resiliente, innovadora, emprendedora e comprometida coa mellora da humanidade e do planeta.
OBX4. Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.
• O incremento dos niveis de equidade e igualdade constitúe o criterio ético desde o que valorar o desenvolvemento humano dun país e medir o alcance dos seus logros sociais. O alumnado debe percibir a gran heteroxeneidade e complexidade da sociedade española ao longo da súa historia, algo que resulta necesario analizar para entender a súa evolución demográfica, os desequilibrios territoriais e o desigual acceso aos recursos, aos dereitos e á participación no poder. Para iso precisa combinar o estudo histórico coas achegas de disciplinas como son, entre outras, a antropoloxía, a psicoloxía social, as ciencias políticas ou a socioloxía, con obxecto de interpretar as distintas respostas, individuais e colectivas, que se dan ante situacións de adversidade, incumprimento de expectativas ou ante a percepción da inxustiza. Unha aproximación esta que debe centrarse no suxeito e nas experiencias colectivas, nos modos de vida, nas mentalidades, na estrutura cultural e nas emocións, por medio da análise de fontes documentais literarias ou audiovisuais, a través da lectura de publicacións e da prensa de época, así como da consulta de bibliotecas e hemerotecas dixitais, co fin de percibir a multiplicidade de accións de protesta que se produciron tanto no mundo agrario como no urbano, desde as sociedades do Antigo Réxime ao proletariado industrial e outros movementos sociais máis recentes. Resultará igualmente necesario atender ás medidas que, desde o Estado e outras institucións, se adoptaron para xestionar os conflitos, paliar as desigualdades, neutralizar a tensión social ou reprimir as alteracións da orde, xerando no alumnado unha perspectiva que o leve a valorar a progresiva ampliación dos dereitos laborais e sociais, a inclusión das minorías e a cohesión dunha sociedade múltiple e diversa, combatendo todo tipo de discriminación.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX5. Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.
• As crenzas e as ideoloxías constituíron un dos principais eixes vertebradores da sociedade, a partir dos cales se xeraron os máis importantes espazos de sociabilidade e de creación de vínculos e identidades colectivas. O alumnado debe identificar os cambios nas crenzas e prácticas relixiosas, as formas de pensamento e as concepcións políticas que foron emerxendo e transformándose desde a etapa do Absolutismo e o Estado liberal ata a actual sociedade democrática. A través da lectura de manifestos, artigos de prensa ou debates parlamentarios deben poder inferir os proxectos políticos que motivaron os enfrontamentos entre partidos e movementos políticos da época contemporánea, desde o Carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e as ideoloxías revolucionarias. Especial interese cobra, pola súa significación histórica e o intenso debate social que suscita, o proceso reformista e democratizador que emprendeu a Segunda República, así como as reaccións antidemocráticas que se xeraron ante o seu avance e o golpe de Estado que supuxo a súa fin. Resulta necesario que o alumnado forme xuízos propios argumentados en fontes fiables e en traballos históricos contrastados, que eviten a desinformación e favorezan o diálogo. A Guerra Civil e o Franquismo dan conta do grao de violencia que poden adquirir os conflitos e das consecuencias do uso ditatorial do poder, feitos estes, traumáticos e dolorosos, que deben coñecerse con rigor para que nunca máis volvan producirse. Analizar esta complexa estrutura de correntes ideolóxicas e loitas políticas require, en fin, a aproximación á historiografía e ao modo polo que os historiadores tratan de explicalo mediante a aplicación de métodos, conceptos e marcos teóricos, con rigor e honestidade.
OBX6. Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analoxías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.
• Unha aproximación comprensiva á historia de España debe partir dunha visión espacial e cartográfica, deducindo como a súa localización lle permitiu formar parte dos principais itinerarios históricos da humanidade e dos procesos clave que ocorreron arredor das súas principais dimensións xeográficas: o Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental. Valorar e interpretar o legado histórico e cultural permítelle ao alumnado conectar o presente co pasado, identificando o papel que xogaron as relacións internacionais nun mundo cada vez máis interconectado. Isto precisa do manexo dun marco comparativo que evite caer nunha imaxe singular da evolución histórica española baseada en mitos e estereotipos, como a lenda negra ou a idea de decadencia tras a fin do imperio e as sucesivas crises coloniais, que o afastan do seu contexto interpretativo. O estudo deste conxunto amplo de temas históricos require de procesos indutivos baseados no exercicio da autonomía e a madurez persoal e no desenvolvemento de procesos avanzados de procura, selección e tratamento crítico da información, que lle permitan ao alumnado elaborar o seu propio coñecemento en distintos formatos, tales como informes, esquemas, portfolios e síntese. Unha mirada histórica desde o presente debe incluír tamén unha análise do papel que representa a España de hoxe no mundo, asumindo os compromisos que supón a súa pertenza á Unión Europea e a outros organismos internacionais, e promovendo no alumnado unha conciencia de seguridade e cooperación nacional e internacional, recoñecendo os instrumentos dos que dispón o Estado para preservar os dereitos, liberdades e benestar da cidadanía, e valorando o papel de institucións e entidades dedicadas á cooperación e a axuda humanitaria.
OBX7. Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.
• A perspectiva de xénero responde a unha exixencia ética nas sociedades contemporáneas e ten por obxecto comprender cal é a situación real da igualdade entre mulleres e homes na España actual, valorar os avances

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

conseguidos e formular os retos do futuro. Incorporar esta visión aos estudos históricos permítelle ao alumnado situar nun lugar central novos conceptos no estudo das relacións sociais, analizando os mecanismos de dominación, control, subordinación e submisión que se mantiveron ao longo da historia. Identificar a ausencia da muller, tanto a título individual como colectivo, na narrativa histórica exixe explorar novas fontes, especialmente literarias e artísticas, e tamén orais. Nelas, e a través da análise de estereotipos, símbolos e iconografías relacionados coa muller e o mundo feminino, en que se representen espazos, actividades, roles, condutas, imaxes e modos de vida, pódense contextualizar temporal e espacialmente as relacións de xénero e visibilizar a súa presenza na historia. Todo iso supón tamén o rescate daquelas mulleres que foron capaces de superar o silencio e o esquecemento, dotándoas dun protagonismo que a historia escrita lles negou relegándoas a personaxes secundarias e irrelevantes. Finalmente, o estudo das loitas pola emancipación e dos movementos feministas permite analizar as estratexias de acción, a súa conexión con determinadas culturas políticas e movementos sociais, identificar os seus antagonistas e asociar os seus logros á modernización do país, mostrando unha complexa traxectoria que debe promover actitudes informadas fronte á situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.
OBX8. Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico, para o desenvolvemento da iniciativa, do traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.
• O alumnado debe coñecer que a historia se concibe como un proceso aberto e en constante revisión, que se interpreta en función das preocupacións e intereses da sociedade en cada momento. Así, investigando os fins, intereses e usos que por parte de diferentes entidades e institucións condicionaron o coñecemento histórico ao longo do tempo, enriquécese o coñecemento do pasado. O alumnado debe comprender que os cambios metodolóxicos e historiográficos responden, en gran medida, ás transformacións que se producen no presente e ao modo no que a investigación pode achegar ideas e solucións relativas aos retos aos que nos enfrontamos. Esta visión funcional e crítica debe incorporarse á aprendizaxe da Historia de España, integrando o pensamento histórico e os seus métodos a través da realización de proxectos orientados a unha finalidade social ou cultural determinada, preferentemente conectada coa contorna real, xerándose así formulacións que acheguen o alumnado a unha perspectiva da «historia desde abaixo», así como a «talleres de historia» que o leven a adestrar os procesos de indagación e de investigación. Deste xeito, conséguese identificar o legado histórico como un ben común, en cuxa construción e posta en valor debe participar a comunidade, conservando a memoria colectiva a través do contacto e a solidariedade entre as xeracións. Trátase tamén aquí de sinalar aqueles problemas ecosociais que máis preocupan na actualidade e tomar conciencia histórica deles, elaborando produtos creativos e eficaces transferindo ese coñecemento e espertando o interese social. O patrimonio histórico e cultural adquire, en fin, unha nova dimensión ao contextualizar e ao contrastar os seus diferentes significados, asumindo como unha responsabilidade individual e colectiva a súa conservación e a súa utilización para o fortalecemento da cohesión social.

24.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Historia de España 2º curso	
Bloque 1. Sociedades no tempo. O proceso de construción nacional en España	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do Estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	OBX2
• CA1.3. Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	OBX5
• CA1.4. Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	OBX6
Contidos	
• O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. • O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. • O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do Estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os decretos de nova planta e a crise do Antigo Réxime. • O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a «revolución dos prezos». • Relixión, Igrexa e Estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.	
Bloque 2. O camiño cara á contemporaneidade. Das revolucións liberais ao tardofranquismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	OBX1
• CA2.2. Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	OBX4
• CA2.3. Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.4. Empregar o rigor metodolóxico da historia no estudo das grandes reformas estruturais que acometeu a Segunda República, identificando os seus logros e fracasos, tamén as reaccións que se produciron e que, entre outras consideracións, derivaron no golpe de Estado de xullo de 1936, aproximándose á historiografía sobre a Guerra Civil e ao marco conceptual do estudo dos sistemas totalitarios e autoritarios a través da interpretación da evolución do Franquismo.	OBX5
• CA2.5. Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	OBX7
Contidos	
• Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a Constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. • Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflitividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao Republicanismo e o Obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades. • A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea. • A Segunda República e a transformación democrática de España: as grandes reformas estruturais e a súa orixe histórica. Realizacións sociais, políticas e culturais; reaccións contra as reformas. • O golpe de Estado de 1936. A Guerra Civil e o Franquismo: aproximación á historiografía sobre o conflito e ao marco conceptual dos sistemas totalitarios e autoritarios. • Fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, relacións internacionais e etapas políticas e económicas. A represión e os movementos de protesta contra a ditadura. • Memoria democrática: recoñecemento das accións e movementos en favor da liberdade na historia contemporánea de España, conciencia de feitos traumáticos do pasado e do deber de non repetilos. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia e do terrorismo en España. As políticas de memoria en España. Os lugares de memoria. • Mecanismos de dominación, roles de xénero, espazos de actividade e escenarios de sociabilidade das mulleres na historia de España. Protagonistas femininas individuais e colectivas. A loita pola emancipación da muller e os movementos feministas. Fontes literarias e artísticas nos estudos de xénero.	
Bloque 3. O modelo de desenvolvemento económico español: pautas, ritmos e ciclos de crecemento	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	OBX3
• CA3.2. Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.3. Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	OBX4

Contidos
• A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia.
• As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións.
• Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía.
• Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar.
• Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural.
• A loita pola igualdade e a xustiza social: conflitividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro.

Bloque 4. Retos do mundo actual

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Identificar e valorar o papel da Transición no establecemento da democracia actual e da Constitución de 1978 como fundamento e garantía dos dereitos e liberdades dos españois, a través da elaboración de xuízos propios sobre os principais debates que afectan o sistema constitucional, mediante o dominio de procesos de procura e tratamento da información.	OBX1
• CA4.2. Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do Estado constitucional, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polo Estado ata o presente, a evolución dos niveis de vida e de benestar, así como os límites e retos de futuro.	OBX4
• CA4.3. Sinalar os retos globais e os principais compromisos do Estado español na esfera internacional, así como os que derivan da súa integración na Unión Europea, a través de procesos de procura, selección e tratamento da información, así como do recoñecemento dos valores da cooperación, a seguridade nacional e internacional, a sustentabilidade, a solidariedade, o europeísmo e o exercicio dunha cidadanía ética dixital.	OBX6
• CA4.5. Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	OBX7
• CA4.6. Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	OBX8

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• A Transición e a Constitución de 1978: identificación dos retos, logros e dificultades da fin da ditadura e do establecemento da democracia. A normalización democrática e a ameaza do terrorismo. Conciencia democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá.
• Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español.
• España en Europa: derivacións económicas, sociais e políticas do proceso de integración na Unión Europea, situación actual e expectativas de futuro. Os valores do europeísmo: principios que guían a idea da Unión Europea e actitude participativa ante os programas e proxectos comunitarios.
• España e o mundo: a contribución de España á seguridade e cooperación mundial e a súa participación nos organismos internacionais. O compromiso institucional, social e cidadán ante os obxectivos de desenvolvemento sustentable. O comportamento ecosocial. Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan a España e ao mundo e condutas tendentes ao compromiso social, ao asociacionismo e oa voluntariado.
• Crecemento económico e sustentable: manexo de datos, aplicacións e gráficos para a análise da evolución da economía española desde o desenvolvementismo á actualidade. Desequilibrios sociais, territoriais e ambientais.
• A cultura de seguridade nacional e internacional, instrumentos estatais e internacionais para preservar os dereitos, as liberdades e o benestar da cidadanía.
• Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.
• Cidadanía ética dixital: respecto á propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

24.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Historia de España desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Historia de España e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2				1.2-3.1	1-2		
OBX2	3	2-3			3.1	1-2-3		1-2
OBX3			1-4	2	1.2-2	1-4		
OBX4	2-4		4	1	4	1-3		2
OBX5	3		4		3.1-4	1-2-3		1
OBX6			4		1.1-4	1-2-3		1-2
OBX7	4				1.1-1.2-3.1	2-3		1-2
OBX8			3		1.1-3.1-3.2	1-3	3	3.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Utilizar estratexias en que o alumnado exercite tanto os procesos instrumentais como as actitudes, utilizando as bases discursivas do pensamento histórico na construción do coñecemento. Todo iso implica dispoñer de novos instrumentos para valorar un conxunto amplo e diverso de accións, tendo en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

– O uso da metodoloxía propia da historia e as ciencias sociais, promovendo a análise crítica das fontes e o desenvolvemento da terminoloxía e dos coñecementos que lle permitan ao alumnado afrontar con solvencia a redacción de composicións históricas.

– O emprego de métodos cuantitativos de carácter serial, gráfico e estatístico na longa e curta duración, que lle permitan ao alumnado comprender e explicar as variables sociais e económicas que incidiron no devir histórico da historia de España.

– Facer énfase nas diversas orientacións de carácter competencial (indutivas e dedutivas) á disposición do historiador para o coñecemento crítico dos procesos e transformacións sociais, as súas causas e as consecuencias derivadas, traballando especialmente sobre conceptos e logros esenciais como a perspectiva de xénero e o acceso á cidadanía, á liberdade, á igualdade, á equidade e ao benestar social.

– Fomentar no alumnado a fundamentación de xuízos propios baseados no uso habitual de fontes primarias e textos historiográficos que lle permitan o achegamento crítico ás

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

diversas ideoloxías e identidades presentes no pensamento sociopolítico da historia de España e de Galicia.

– Realizar traballos de investigación e «obradoiros de historia», xerando produtos a través da indagación e a investigación que poñan en valor o patrimonio histórico considerado como un ben común que hai que conservar.

– Traballar de maneira coordinada con outras áreas de coñecemento, de maneira que se facilite a interconexión dos saberes e se propicie o seu afianzamento.

25. Historia do Mundo Contemporáneo.

25.1. Introdución.

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo pretende proporcionarlle ao alumnado unha visión rigorosa e á vez útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e, ao mesmo tempo, o exercicio dunha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, que integra o conxunto de intencións, estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual e a previsión do porvir que xa despunta de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, as preguntas e tal vez tamén algunha das respostas coas que entender e mellorar o mundo en que vivimos. Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. Neste sentido, o alumnado debe tomar conciencia de que herda un legado, dado nas experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que, xunto aos grandes logros que nos permiten dispoñer hoxe dun relativo benestar, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar e incorporar á nosa memoria colectiva para aprender a evitar situacións semellantes. Agora ben, concibir a historia como un proceso aberto, sempre en construción, no que a cidadanía escribe o seu propio destino, implica asumir unha responsabilidade cívica, comprometida cunha sociedade máis xusta, equitativa e solidaria.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso riguroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e do marco da historiografía, e

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ao coñecemento reflexivo das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais. Por último, a utilización de datos, o contraste, contextualización e interpretación da información e o traballo directo coa narración histórica permiten entender a historia como un ámbito de coñecemento en construción, en continua revisión e cambio, e condicionado polos intereses que, desde o presente, marcan a relevancia de determinadas cuestións e formulacións. En todos estes procesos adquire un papel fundamental o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado que, ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Os diferentes obxectivos que conforman a materia diríxense ao logro dos fins xa enunciados, identificando as estratexias, ferramentas e procesos necesarios para introducir o alumnado no pensamento histórico e para abordar as claves e as grandes cuestións arredor das que se configura o mundo contemporáneo. Trátanse nelas os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI. Así, ademais de habilidades e procedementos concretos, e referencias a determinados ámbitos de coñecemento asociados a cuestións e temas clave, os obxectivos refiren aqueles valores e actitudes que conforman a orientación práctica e funcional da materia e o compromiso social que esta quere promover.

Os criterios de avaliación conxugan os obxectivos cos contidos e están orientados ao logro dos obxectivos xerais do bacharelato. Neles incorpóranse todos os tipos de contidos, destrezas, actitudes e valores que deberán considerarse de maneira conxunta e equilibrada. Supoñen, deste xeito, a adaptación de estratexias metodolóxicas e accións educativas nas que se exerciten tanto os procesos instrumentais como as actitudes, aplicándose para iso os principios e pautas metodolóxicas do pensamento histórico na construción do coñecemento. Esta adaptación implica, polo tanto, a disposición de instrumentos de avaliación adecuados e diferenciados cos que ponderar un conxunto amplo e diverso de accións, tendo sempre en conta a diversidade e individualidade do alumnado.

A formulación e deseño desta materia responde a unha proposta de aprendizaxe xeral común ao desenvolvemento da materia de Xeografía e Historia en educación secundaria

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

obrigatoria e da materia de Historia de España de segundo de bacharelato. Desta maneira, tanto os presupostos didácticos e a definición competencial como a organización dos contidos manteñen unha redacción e estrutura estreitamente vinculada, o que permite concibir dun modo coherente a aprendizaxe da historia e das ciencias sociais, así como apreciar mellor o seu valor educativo.

Os criterios de avaliación e os contidos están agrupados en catro bloques: «Revolución e restauración. Capitalismo, nación e imperio», «Primeira Guerra Mundial. Período de Entreguerras. Segunda Guerra Mundial e Guerra Fría», «Desenvolvemento económico, poboación e identidades» e «Un mundo globalizado. Retos do mundo actual». A súa organización e redacción aséntase arredor dos eixes e claves conceptuais que estruturan os obxectivos e teñen unha clara intencionalidade temática, aínda que manteñan una certa disposición cronolóxica e un bloque específico dedicado ao mundo actual. Esta forma de organizar os contidos pretende promover non só a conexión do pasado co presente inmediato, para insistir así no carácter funcional e significativo das aprendizaxes, senón tamén o establecemento de marcos comparativos con respecto ao desenvolvemento de experiencias e procesos históricos determinados entre distintas etapas desta mesma época. Deste xeito acentúase o tipo de aproximación interpretativa e comprensiva da historia contemporánea que se pretende, sen que por iso se descontextualicen os feitos e acontecementos concretos máis relevantes, que deben ser identificados e explicados desde os parámetros e variables que definen cada momento histórico e a aplicación do criterio de causalidade, esencial nesta disciplina. Polo demais, esta proposta de contidos ha de permitirlles ao profesorado e ao equipo docente dos centros desenvolver as súas propias intencións e programacións educativas, incorporando proxectos interdisciplinarias que impliquen o traballo con outras materias.

Desde esta perspectiva competencial da materia, na que o exercicio de habilidades e procesos asociados ao pensamento histórico resulta ineludible dado o valor que se lle confire a esta disciplina para a análise da realidade, é recomendable tratar constantemente situacións actuais e establecer constantes inferencias entre o pasado e o presente. Ademais, a presenza dun bloque específico sobre os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI. Convén afastarse así de propostas de aprendizaxe excesivamente lineais en que, por unha atención excesiva ás etapas máis afastadas, se posterguen as cuestións máis próximas e de maior actualidade. En calquera caso, haberase de procurar que as aprendizaxes se conecten coa realidade próxima ao alumnado, relacionando os distintos contidos co conxunto de experiencias históricas que

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

forman a memoria colectiva, o patrimonio e a contorna cultural, material e inmaterial do que aquel forma parte.

25.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.
• O concepto de liberdade constitúe un dos elementos fundamentais para a análise e comprensión da historia do mundo contemporáneo. A aproximación aos múltiples significados que foi adquirindo desde o século XVIII ata a actualidade resulta esencial para comprender os principais movementos ideolóxicos, políticos e sociais que se desenvolveron e os procesos de transformación aos que deu lugar. Do mesmo xeito, o alumnado debe entender e introducir na súa análise as distintas dimensións do tempo histórico, así como a relación entre os factores máis lentos e estruturais e as conxunturas de cambio, a través do uso de conceptos claves do pensamento histórico, así como os de revolución ou transición. Doutra banda, a adopción dunha perspectiva non estritamente lineal do transcurso da historia, identificando os avances e retrocesos en función das reaccións que se producen ante as novas realidades, como foi o caso dos réximes liberais e do establecemento da democracia, proporciona unha visión que atende antes ás experiencias históricas reais que ás visións ideolóxicas e teleolóxicas derivadas de determinados modelos teóricos, algo especialmente necesario para analizar as revolucións socialistas e o establecemento dos estados comunistas. Así mesmo, o estudo comparado dos procesos de transformación máis significativos, así como da evolución dos principais sistemas políticos ata o presente, resulta necesario para que o alumnado identifique as variables e factores que interveñen no seu desenvolvemento e, sobre todo, valore os logros que se foron alcanzando para a realización efectiva dos dereitos e liberdades fundamentais. A comprensión crítica destes procesos históricos e do funcionamento das democracias consolidadas permítelle percibir os seus riscos e ameazas, así como a necesidade da participación e o exercicio da cidadanía activa para a súa defensa e o cumprimento das súas aspiracións e expectativas.
OBX2. Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.
• A Idade Contemporánea é a etapa histórica da que máis constancia e evidencias dispoñemos sobre os niveis de violencia e barbarie aos que pode chegar a humanidade. Coñecer o alcance da destrución, o número de vítimas e o grao de desolación xerados como consecuencia dos múltiples enfrontamentos armados, especialmente das dúas guerras mundiais, sucedidos durante este período faise imprescindible para desenvolver unha actitude comprometida coa defensa da paz, o diálogo e a mediación fronte aos conflitos. Esta toma de conciencia implica recoñecer tamén a importancia histórica das organizacións e institucións internacionais e nacionais que tratan de evitar as guerras, impedir ou denunciar a violación dos dereitos humanos e promover a cooperación internacional no desempeño de misións humanitarias para o logro da paz, a seguridade e a xustiza. Doutra banda, ademais de relacionar os múltiples factores que provocan unha determinada conflagración e analizar as transformacións que teñen lugar nunha sociedade en conflito, o alumnado debe atender aos mecanismos psicolóxicos, sociais e culturais que conducen ao uso da violencia ou á súa xustificación. As implicacións ideolóxicas e emocionais que derivan dos conflitos máis recentes, especialmente das guerras civís e doutros enfrontamentos fratricidas, precisan do rigor no tratamento da información, do acceso a fontes documentais e do coñecemento das interpretacións elaboradas polos historiadores, para poder argumentar e defender xuízos propios, identificar as falsas noticias e neutralizar a desinformación. Trátase tamén de xerar actitudes conciliatorias mediante o desenvolvemento de políticas da memoria que sirvan de referencia colectiva sobre cuestións do pasado que xamais deben volverse repetir. A experiencia do Holocausto e doutros

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

xenocidios e crimes contra a humanidade, a utilización do terror por parte de réximes totalitarios e autoritarios, e a ameaza do terrorismo vinculado a movementos políticos de diversa índole deben xerar unha actitude de rexeitamento cara ao uso de todo tipo de violencia e unha firme convicción sobre o recoñecemento das vítimas e o dereito á verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición.

OBX3. Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.

• O novo ideal de cidadanía que estableceron os réximes liberais puxo no centro da acción política e social á noción de igualdade, un concepto que, desde entón, foi incorporando significacións diferentes e contrapostas. O alumnado debe identificar e relacionar as múltiples variables e os factores que determinaron eses cambios con respecto aos dereitos civís e sociais, así como as súas derivacións políticas, principalmente en relación coa participación cidadá, valorando a capacidade de acción do suxeito na historia a través dos movementos sociais que este protagonizou en defensa das súas reivindicacións, en favor do seu recoñecemento xurídico e político e na loita pola consecución das súas aspiracións de dignidade e xustiza. De maneira especial debe atender á análise do mundo do traballo e ás transformacións que se produciron no ámbito da produción, nas condicións de vida dos traballadores e nas relacións laborais, cambios que supuxeron constantes movementos migratorios e fenómenos sociais e xeográficos como o abandono do medio rural, as aglomeracións urbanas e os consecuentes desequilibrios territoriais. Doutra banda, o coñecemento do proceso da proletarización da clase traballadora e da eclosión das organizacións obreiras debe servir como unha das referencias para medir os logros sociais alcanzados e o papel que representou niso a acción colectiva, así como as medidas que se foron adoptando nos diferentes Estados, as cales se foron adoptando en función da pluralidade de intereses que estes representan. As sociedades complexas de hoxe seguen suxeitas a cambios cada vez máis acelerados, que precisan dunha cidadanía capaz de adaptarse a unha contorna social e laboral especialmente condicionada polos avances tecnolóxicos, así como de mostrar un firme compromiso cívico co logro da cohesión social, a solidariedade, o respecto á diversidade e o dereito das minorías.

OBX4. Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.

• O inicio da contemporaneidade, máis aló de certas perduracións e resistencias, supuxo unha ruptura radical coas vivencias e sentimentos de pertenza tradicionais, abrindo un novo escenario para a creación e desenvolvemento de identidades alternativas que, na actualidade, manteñen toda a súa vitalidade e vixencia. Analizar a construción histórica destes novos marcos de referencia en relación con conceptos tan substanciais como os de clase ou de nación, identificar os espazos de socialización nos que se formaron estas conciencias colectivas, e recoñecer as ideoloxías, ritos e símbolos que lles confiren entidade política e cultural resultan accións necesarias para entender a súa capacidade de identificación, encadramento social e mobilización. Para iso o alumnado debe aproximarse aos métodos propios do pensamento histórico e á historiografía máis relevante sobre a cuestión nacional e as identidades sociais, poñendo especial atención na análise das experiencias históricas e das culturas políticas asociadas a estas, co obxecto de reflexionar sobre o papel do suxeito colectivo na historia, a súa capacidade de acción e de transformación, a súa articulación en movementos políticos e sociais e as distintas formas de organización que estes adoptaron. Tomar conciencia do papel que representaron as identidades na historia contemporánea, do seu significado polivalente, e da súa contribución tanto a procesos de dominio como de liberación, debe xerar unha actitude crítica fronte á intolerancia, pero respectuosa ante os sentimentos identitarios. Unha disposición esta última que implica o recoñecemento da riqueza da diversidade cultural e do patrimonio relacionado coas distintas identidades nacionais, culturais e sociais, así como a defensa da pluralidade fronte a toda tendencia a uniformizar ou a impoñer calquera identidade sobre outra.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX5. Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os obxectivos de desenvolvemento sustentable.
• A globalización define na actualidade un fenómeno múltiple e complexo que influíu substancialmente no modo de interpretar a realidade e tamén na forma de actuar da cidadanía. O alumnado debe coñecer os principais elementos e dimensións deste proceso histórico que, acelerado nas últimas décadas, tivo a súa orixe e desenvolvemento ao longo da Idade Contemporánea, identificando e analizando o grao de interdependencia que xerou e como este afecta á contorna local e á vida cotiá. Para iso é esencial o dominio avanzado de procesos asociados á información, especialmente en contornas dixitais, que lle permitan dispoñer de fontes fiables e veraces, discriminar contidos falaces, falsos ou irrelevantes e percibir calquera nesgo ideolóxico e intencionado. É necesario prestar atención á evolución comercial e á complexa estrutura de intereses que tiveron lugar na formación dun mercado global en constante inestabilidade e conflito, así como as diversas formas nas que nos afecta no ámbito laboral e no do consumo. Os cambios que a globalización produciu no contexto das relacións internacionais resultan de especial relevancia con respecto á seguridade e á paz mundial, o que implica a análise das alianzas e bloques, así como das diferentes estratexias de ameaza e de disuasión que se prolongaron ata a presente realidade multipolar. Finalmente, identificar os principais retos do século XXI, os riscos aos que nos enfrontamos e valorar os compromisos e alianzas rexionais e globais requiridas para afrontar estes desafíos, especialmente os relacionados coa emerxencia climática, resulta indispensable para adoptar actitudes e comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sustentabilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.
OBX6. Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sustentabilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.
• A idea do progreso é consubstancial ao pensamento contemporáneo e aos distintos movementos ideolóxicos, políticos e sociais desta época histórica, e tivo a súa principal materialización no desenvolvemento económico experimentado en tan breve espazo de tempo, derivado dos avances tecnolóxicos e das novas formas de concibir a produción, o intercambio e a distribución dos recursos. Para analizar este proceso é necesario o uso de procedementos cuantitativos para o tratamento de datos numéricos, así como o manexo de variables econométricas e a súa representación gráfica, de maneira que o alumnado poida describir e comprender os ritmos e ciclos de crecemento, os diferentes modelos de desenvolvemento, e as crises e as respostas dadas a estas a través da xestación e aplicación de novas teorías e políticas económicas. Coñecer e interpretar os distintos sistemas económicos que tiveron lugar, especialmente a orixe e evolución do capitalismo e os distintos factores que determinaron os seus avances e períodos de crises, así como as transformacións sociais, ambientais e territoriais que xeraron, son claves para que o alumnado identifique os desequilibrios que se produciron e analice as súas consecuencias desde a perspectiva das condicións de vida, a dignidade humana, o acceso universal a recursos esenciais e os problemas ecosociais. A análise da experiencia histórica debida á aplicación de diferentes políticas inspiradas nas principais doutrinas económicas debe promover no alumnado unha actitude comprometida con comportamentos responsables que favorezan un modelo de desenvolvemento no que resulten compatibles as expectativas de crecemento e de benestar, tanto individual como colectivo, coa xustiza social e a sustentabilidade do planeta.
OBX7. Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
• Os séculos XIX e XX constituíron, sen dúbida, a era das ideoloxías. Coñecer o papel que estas representaron na interpretación da realidade, na xestación de novos modelos de sociedade e na articulación de proxectos políticos transformadores constitúe un centro de atención fundamental para a comprensión dos principais

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

procesos políticos e sociais ocorridos nestes séculos. O alumnado, a través do uso de distintas fontes, incluídas entre outras a literatura e o cinema, debe tomar conciencia da capacidade de mobilización das ideas e do poder dos imaxinarios colectivos, interpretando as distintas experiencias históricas a que, desde a Ilustración aos nosos días, deron lugar estas ideas, utopías e imaxinarios. Todo iso implica introducirse nos principais debates historiográficos, aínda vixentes, arredor dos movementos sociais, os procesos revolucionarios, as culturas políticas do liberalismo e a democracia, a formación histórica da clase traballadora, o socialismo, os fascismos e, en suma, os problemas que máis preocuparon a comunidade científica e a sociedade. A análise crítica deste conxunto amplo e diverso de movementos ideolóxicos, políticos e sociais, así como dos intereses que representan e dos valores que defenden debe formularse desde a perspectiva dos principios éticos contidos nas declaracións e acordos auspiciados pola Organización das Nacións Unidas e nos ideais humanitarios que esta defende. Nunha realidade como a actual, caracterizada pola incerteza e pola «fin das ideoloxías», é necesario mostrar unha actitude comprometida coa mellora da realidade local e global, a través da participación cidadá, a defensa dos valores democráticos e a aposta por unha sociedade máis xusta e solidaria.
OBX8. Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia das personaxes anónimas da historia.
• A historia que se escribe préstalles maior atención aos feitos e personaxes excepcionais e individuais que protagonizan os grandes cambios que ás permanencias e aos suxeitos anónimos, que adoitan pasar desapercibidos. O alumnado debe tomar conciencia de que o coñecemento histórico do que dispoñemos resulta incompleto e que se fan necesarias outras visións que acheguen información sobre aspectos esenciais das vidas e experiencias dos que nos precederon. O achegamento ao pensamento histórico e á realización de traballos de investigación, a modo de obradoiros de historia, nos que o alumnado leve a cabo experiencias directas a través do uso de documentos de arquivos ou hemerotecas dixitais e do traballo con fontes orais, gráficas ou audiovisuais, especialmente en contextos locais, aproxímao ao quefacer do historiador e á súa metodoloxía. Doutra banda, os estudos sobre a poboación, os modos de vida e a actividade cotiá resultan esenciais tanto para entender os comportamentos sociais e as relacións de xénero e interxeracionais como para rescatar e valorar aquelas percepcións, emocións, crenzas e esquemas culturais nos que se expresa a diversidade social contemporánea. Esta perspectiva implica a análise dos mecanismos de control, subordinación, dominio e submisión que sufriu de maneira intensa e continuada a muller, relegada ao silencio e ao esquecemento, así como das accións en favor da súa emancipación e do desenvolvemento dos movementos feministas. Trátase, en fin, de promover un modo de entender a historia como un proceso aberto e en construción, capaz de conectar os grandes acontecementos coa contorna máis próxima e onde os personaxes anónimos cobran importancia e valor, concibindo así a memoria como un ben colectivo rico en experiencias e proxectos de futuro.

25.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Historia do Mundo Contemporáneo 1º curso	
Bloque 1. Revolución e restauración. Capitalismo, nación e imperio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.2. Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	OBX1
• CA1.3. Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	OBX4
• CA1.4. Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	OBX7
• CA1.5. Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, e a corresponsabilidade no coidado das persoas.	OBX8

Contidos
• O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.
• A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.
• A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.
• Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.
• O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea.
• As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos.
• A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas.
• Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.
• Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.
• Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Primeira Guerra Mundial. Período de Entreguerras. Segunda Guerra Mundial e Guerra Fría	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	OBX1
• CA2.2. Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	OBX2
• CA2.3. Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	OBX3
• CA2.4. Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	OBX4
Contidos	
• Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O Holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. • Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, Nazismo, Estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. • Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal. • Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable. • Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. • Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.	
Bloque 3. Desenvolvemento económico, poboación e identidades	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	OBX3
• CA3.2. Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.3. Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	OBX4
• CA3.4. Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sustentabilidade do planeta.	OBX6
• CA3.5. Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	OBX6
• CA3.6. Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	OBX8

Contidos
• Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da Revolución Industrial á era postindustrial.
• Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.
• Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.
• A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.
• O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.
• Desenvolvemento económico e sustentabilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos obxectivos de desenvolvemento sustentable.
• Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.
• Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais, e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.
• Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

Bloque 4. Un mundo globalizado. Retos do mundo actual	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.2. Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	OBX5
• CA4.3. Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sustentabilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	OBX5
• CA4.4. Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	OBX7
Contidos	
• Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. • O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. • A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. • Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva. • A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro. • Crise das ideoloxías e «fin da historia»: a era do escepticismo e dos novos populismos. • Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema. • Comportamento ecosocial: movementos en defensa do ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos obxectivos de desenvolvemento sustentable. • Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación. • Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.	

25.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Historia do Mundo Contemporáneo desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Historia do Mundo Contemporáneo e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2		2		1.1	1-2-3	1	
OBX2	1-5				1.1-3.1-4	1-2-3		
OBX3	3		1	5	1.2-3.1-4	2-3		
OBX4	3-5				1.2-3.1	2-3		1-2
OBX5	3		5	1	2-4	3-4	1	
OBX6			4-5		2-5	3-4	1-2	
OBX7	3-5			3	1.2-3.1-4	2-3		
OBX8	5		3	2	1.2-3.1-4	2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– O deseño de actividades que resulten atractivas para os estudantes con intereses, motivacións e diversas capacidades, que contribúan a reducir as desigualdades que poidan existir entre eles.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O uso rigoroso e crítico das fontes, a utilización precisa dos conceptos e a historiografía, o coñecemento das principais teorías e correntes académicas no ámbito da historia.

– O exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como a busca e o tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles grazas ás plataformas audiovisuais.

– O exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, ao igual que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implique tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

– O uso da aprendizaxe activa para que o estudante lle busque activamente significado ao obxecto de aprendizaxe, tratando de relacionalo cos seus coñecementos previos, reflexionando sobre as súas consecuencias respecto do que xa sabe e pensando sobre iso.

– O uso da historia do mundo contemporáneo para que o alumnado adquira uns coñecementos e habilidades que poida empregar no futuro para afrontar as diversas situacións que lle depare a vida, xa sexa en beneficio do seu desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.

– O desenvolvemento de situacións activas de aprendizaxe nas que se leven a cabo propostas de indagación e investigación, baseadas en proxectos de interese científico, cultural e social, e nas que o alumnado sexa o encargado de procesar a información, construír o coñecemento e transferilo.

26. Latín.

26.1. Introdución.

As Humanidades e a proposta dunha educación humanista na civilización europea van intrinsecamente ligadas á tradición e á herdanza cultural da Antigüidade clásica. Unha educación humanista sitúa as persoas e a súa dignidade como valores fundamentais, guiándoas na adquisición das competencias que necesitan para participaren de forma efectiva

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

nos procesos democráticos, no diálogo intercultural e na sociedade en xeral. A través da aprendizaxe da lingua, da cultura e da civilización romanas, a materia de Latín permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o Humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, dereito, política ou ciencia, capacitando o alumnado que a cursa para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Latín ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización latina á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade romana como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vertébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo romano, e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización latina.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización latina, o alumnado de Latín localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos da fonética, o léxico, a morfoloxía, a sintaxe e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua latina baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do latín, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico. O texto –orixinal, adaptado, en edición bilingüe ou traducido, en función da situación– é o punto de partida desde o cal o alumnado mobiliza todos os contidos para, partindo da súa contextualización, concluír unha lectura comprensiva, directa e eficaz, e unha interpretación razoada do seu contido. As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas. Finalmente, cando se opte pola utilización de métodos activos, o uso na aula da lingua latina, tanto oral como escrita, permitiralle ao alumnado, por unha banda, consolidar os coñecementos adquiridos e, por outra, poñer en práctica estratexias comunicativas que melloren a súa capacidade de expresión.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Así mesmo, a materia de Latín parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo romano, na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes éticas e estéticas que conforman o ámbito europeo. Esta aproximación resulta especialmente relevante para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Roma e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

O estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización latina. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado –preservación, conservación e restauración– supón, tamén, unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Os obxectivos da materia de Latín foron deseñados a partir dos descritores operativos das competencias clave nesta etapa, especialmente da competencia plurilingüe, a competencia en comunicación lingüística e a competencia cidadá, xa mencionada. A competencia plurilingüe, que ten como referente a Recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, sitúa o latín e o grego clásicos como ferramentas para a aprendizaxe e a comprensión de linguas en xeral. O enfoque plurilingüe da materia de Latín en bacharelato implica unha reflexión profunda sobre o funcionamento non só da propia lingua latina, o seu léxico, os seus formantes e as normas de evolución fonética, senón tamén das linguas de ensino e daquelas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado, estimulando a reflexión metalingüística e interlingüística e contribuíndo ao reforzo das competencias comunicativas, ao aprecio da diversidade lingüística e á relación entre as linguas desde unha perspectiva inclusiva, democrática e libre de prexuízos.

Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a produción lingüística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización, activando simultaneamente os contidos de carácter lingüístico e non lingüístico; e, polo outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva ao redor dos textos e ao legado material e inmaterial

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

da civilización latina, e a súa achega fundamental á cultura, á sociedade, á política e á identidade europea.

Os criterios de avaliación da materia permiten avaliar o grao de logro dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a elos. Consonte a súa formulación competencial, expóñense enunciando o proceso ou capacidade que o alumnado debe adquirir e o contexto ou modo de aplicación. A nivelación dos criterios de avaliación desenvolveuse tendo en conta a adquisición das competencias de forma progresiva durante os dous cursos. Neste sentido, os procesos de autoavaliación e coavaliación prevén o uso de ferramentas de reflexión sobre a propia aprendizaxe como a contorna persoal de aprendizaxe, o portfolio lingüístico, o diario de lectura ou o traballo de investigación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense nos dous cursos permitindo unha gradación e secuenciación flexible segundo os distintos contextos de aprendizaxe, e están organizados en cinco bloques. O primeiro, «Comprensión e interpretación dos textos», céntrase na aprendizaxe da lingua latina como ferramenta para acceder a fragmentos e textos de diversa índole a través da lectura directa e a tradución e comprende, pola súa vez, tres subloques: «Unidades lingüísticas da lingua latina»; «A tradución: técnicas, procesos e ferramentas» e «Destrezas comunicativas do uso da lingua latina». Esta última epígrafe ten como obxectivo sustentar normativamente o uso, cada día máis estendido, de métodos activos para a aprendizaxe do latín sen limitar, de ningún xeito, o uso da metodoloxía tradicional, deixando a criterio do profesorado a escolla do achegamento que lle pareza en cada caso máis axeitado. O segundo bloque, «Latín e plurilingüismo», pon o acento nas nocións de evolución fonética e en como a aprendizaxe da lingua latina, en concreto a identificación e recoñecemento dos formantes latinos, amplía o repertorio léxico do alumnado para que adecúe de maneira máis precisa os termos referidos ás diferentes situacións comunicativas. O terceiro bloque, «A literatura latina nos seus textos», tratado só no segundo curso, integra todos os saberes implicados na comprensión e interpretación de textos literarios latinos, contribuíndo mediante un enfoque intertextual á identificación e descrición de universais formais e temáticos inspirados en modelos literarios clásicos. O cuarto bloque, «A antiga Roma», que será tratado no primeiro curso, comprende os coñecementos e estratexias necesarios para o desenvolvemento dun espírito crítico e humanista, fomentando a reflexión sobre as semellanzas e diferenzas entre pasado e presente. O quinto e último bloque, «Legado e patrimonio», recolle os coñecementos, destrezas e actitudes que permiten a aproximación á herdanza material e inmaterial da civilización latina recoñecendo e apreciando o seu valor como fonte de inspiración, como testemuño da historia e como unha das principais raíces da cultura europea.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

26.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas, e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.
• A comprensión dos textos constitúe o núcleo do proceso de aprendizaxe das linguas clásicas. Con este fin, proponse unha progresión na ensinanza para conducir o alumnado cara ao coñecemento básico do léxico, as construcións idiomáticas, a morfoloxía e a sintaxe da lingua latina. A partir dos coñecementos adquiridos, o alumnado accede á comprensión e/ou traduce de maneira progresivamente autónoma textos de dificultade adecuada e gradual con atención á corrección ortográfica e estilística. Os procesos de comprensión e tradución favorecen a reflexión sobre a lingua, o manexo de termos metalingüísticos e a ampliación do repertorio léxico do alumnado. Complementarios aos procesos de comprensión e tradución como medio de reflexión sobre a lingua son os procesos de utilización activa da lingua e de tradución inversa ou retroversión, que permiten, ben consolidar a través da práctica os coñecementos adquiridos, ben adquirilos a través do uso. Dous son os enfoques propostos para o desenvolvemento deste obxectivo. En primeiro lugar, a comprensión dos textos e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a utilización activa da lingua latina son procesos que contribúen a impulsar os contidos de carácter lingüístico como ferramenta e non como fin, reforzando as estratexias de identificación e análise, en sentido amplo, de unidades lingüísticas da lingua latina, complementándoas coa comparación con linguas coñecidas cando esta sexa posible. En segundo lugar, os métodos de comprensión, a tradución e, cando corresponda, o uso activo da lingua contribúen a desenvolver a constancia, a capacidade de reflexión e o interese polo propio traballo e a súa revisión, apreciando o seu valor para a transmisión de coñecementos entre diferentes culturas e épocas. • É preciso, ademais, que o alumnado aprenda a desenvolver habilidades de xustificación e argumentación da comprensión alcanzada do texto e, se procede, do uso activo realizado da lingua, atendendo, no primeiro suposto, tanto aos mecanismos e estruturas lingüísticas como a referencias intratextuais e intertextuais que sexan esenciais para coñecer o contexto e o sentido do texto. A mediación docente resulta aquí imprescindible, especialmente como guía para o uso de recursos e fontes bibliográficas de utilidade e, cando cumpra, como modelo de uso de lingua. Todo iso coa finalidade última de promover o exercicio de reflexión sobre a lingua que se atopa, por unha banda, na base da técnica da tradución e, por outra, no correcto uso, tanto oral como escrito, da lingua latina. • Así mesmo, coa práctica progresiva da lectura directa, necesaria e inherente aos procesos de comprensión e tradución, o alumnado desenvolve estratexias de asimilación e adquisición tanto das estruturas gramaticais como do vocabulario latino de frecuencia, e consegue mellorar a comprensión dos textos latinos, base da nosa civilización.
OBX2. Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.
• O ensino da lingua latina desde un enfoque plurilingüe permítelle ao alumnado activar o seu repertorio lingüístico individual, relacionando as linguas que o compoñen e identificando nelas raíces, prefixos e sufixos latinos, e reflexionando sobre os posibles cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar ao longo do tempo. O enfoque plurilingüe e comunicativo favorece o desenvolvemento das destrezas necesarias para a mellora da aprendizaxe de linguas novas e permite ter en conta os distintos niveis de coñecementos lingüísticos do alumnado, así como os seus diferentes repertorios léxicos individuais. Así mesmo, favorece unha aprendizaxe interconectada das linguas, recoñecendo o carácter do latín como lingua de orixe de diferentes linguas modernas co obxectivo de apreciar a variedade de perfís lingüísticos, e contribuíndo á identificación, valoración e respecto á diversidade lingüística, dialectal e cultural para construír unha cultura compartida.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O estudo da evolución da lingua latina, partindo tanto desde formas de latín culto como de latín vulgar, axuda a mellorar a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, así como a consolidar e a ampliar o repertorio léxico do alumnado nas linguas que o conforman, romances e non romances, ofrecendo a posibilidade de identificar e definir o significado etimolóxico dun termo, e de inferir significados de termos novos ou especializados.
OBX3. Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.
• A lectura, a interpretación e o comentario de textos latinos pertencentes a diferentes xéneros e épocas constitúe un dos piares da materia de Latín na etapa de bacharelato e é imprescindible para que o alumnado tome conciencia da importancia do uso das fontes primarias na obtención de información. A comprensión e interpretación destes textos necesita dun contexto histórico, cívico, político, social, lingüístico e cultural que debe ser produto da aprendizaxe. O traballo con textos orixinais en edición bilingüe ou adaptados, completos ou a través de fragmentos seleccionados, permite prestar atención a conceptos e termos básicos en latín que implican un coñecemento léxico e cultural, co fin de contribuír a unha lectura crítica e de identificar os factores que determinan o seu valor como clásicos para a civilización occidental. Ademais, ese traballo favorece a integración de contidos de carácter lingüístico e non lingüístico, ofrecendo a posibilidade de comparar diferentes adaptacións, traducións e distintos enfoques interpretativos, discutindo as súas respectivas fortalezas e debilidades. • A lectura de textos latinos supón xeralmente acceder a textos que non están relacionados coa experiencia do alumnado, de aí que sexa necesaria a adquisición de ferramentas de interpretación que favorezan a autonomía progresiva con relación á propia lectura e á emisión de xuízos críticos de valor. A interpretación de textos latinos implica a comprensión e o recoñecemento do seu carácter fundacional da civilización occidental, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico que ten en conta desde o coñecemento sobre o contexto e o tema ata o desenvolvemento de estratexias de análise, reflexión e creación para lle dar sentido á propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana, e desenvolver a sensibilidade estética. O coñecemento das creacións literarias e artísticas e dos feitos históricos e lendarios da Antigüidade clásica, así como a creación de textos con intencionalidade estética tomando estes como fonte de inspiración, a través de distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas, audiovisuais ou dixitais, contribúe a facer máis intelixibles as obras, identificando e valorando a súa perduración no noso patrimonio cultural e os seus procesos de adaptación ás diferentes culturas e movementos literarios, culturais e artísticos que tomaron as súas referencias de modelos antigos. A mediación docente no establecemento da xenealoxía dos textos a través dun enfoque intertextual permite constatar a presenza de universais formais e temáticos ao longo das épocas, á vez que favorece a creación autónoma de itinerarios lectores que aumenten progresivamente a súa complexidade, calidade e diversidade ao longo da vida.
OBX4. Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.
• A análise das características da civilización latina e a súa achega á identidade europea supón recibir información expresada a través de fontes latinas e contrastala, activando as estratexias adecuadas para poder reflexionar sobre o legado desas características e a súa presenza na nosa sociedade. Este obxectivo vertébrase ao redor de tres ámbitos: o persoal, que inclúe aspectos tales como os vínculos familiares e as características das diferentes etapas da vida das persoas no mundo antigo ou o respecto aos maiores; o relixioso, que comprende, entre outros, o concepto antigo do sagrado e a relación do individuo coas divindades e os ritos, e o sociopolítico, que atende á relación do individuo coa cidade, ás súas institucións, ás formas de goberno e ás clases sociais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• A análise crítica da relación entre pasado e presente require da investigación e da procura e selección final de información guiada, en grupo ou de maneira individual, en fontes tanto analóxicas como dixitais, con ferramentas de índole variada, co obxectivo de reflexionar, desde unha perspectiva humanista, tanto sobre as constantes como sobre as variables culturais ao longo do tempo. Os procesos de análise crítica requiren contextos de reflexión e comunicación dialóxicos, respectuosos coa herdanza da Antigüidade clásica e coas diferenzas culturais que teñen a súa orixe nela e orientados á consolidación dunha cidadanía democrática e comprometida co mundo que a rodea, polo que supón unha excelente oportunidade para poñer en marcha técnicas e estratexias de debate e de exposición oral na aula.
OBX5. Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.
• O patrimonio cultural, tal e como sinala a UNESCO, é á vez un produto e un proceso que fornece as sociedades dun caudal de recursos que se herdan do pasado, se crean no presente e se transmiten ás xeracións futuras. É, ademais, como sucede coa mitoloxía clásica, fonte de inspiración para a creatividade e a innovación, e xera produtos culturais contemporáneos e futuros, polo que coñecelo e identificalo favorece a súa comprensión e a da súa evolución e a súa relación ao longo do tempo. • O legado da civilización latina, tanto material como inmaterial (restos arqueolóxicos, transmisión textual, organización e planificación de cidades, mitos e lendas, usos sociais, rituais, etc.), constitúe unha herdanza excepcional cuxa sustentabilidade implica atopar o xusto equilibrio entre sacar proveito do patrimonio cultural no presente e preservar a súa riqueza para as xeracións futuras. Neste sentido, a preservación do patrimonio cultural latino require o compromiso dunha cidadanía interesada en conservar o seu valor como memoria colectiva do pasado e en revisar e actualizar as súas funcións sociais e culturais, para ser quen de relacionalos cos problemas actuais e manter o seu sentido, o seu significado e o seu funcionamento no futuro. A investigación sobre a persistencia da herdanza do mundo romano, así como dos procesos de preservación, conservación e restauración, implica o uso de recursos, tanto analóxicos como dixitais, para acceder a espazos de documentación como bibliotecas, museos ou escavacións.

26.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Latín I 1º curso	
Bloque 1. Comprensión e interpretación dos textos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	OBX1
• CA1.2. Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	OBX1
• CA1.3. Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4. Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	OBX1
• CA1.5. Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	OBX1
• CA1.6. Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	OBX1
• CA1.7. Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	OBX1
• CA1.8 .Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	OBX1
• CA1.9. Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	OBX2

Contidos
• Unidades lingüísticas da lingua latina. – O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. – Clases de palabras. – Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). – Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. – Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. – Formas nominais do verbo. • A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. – A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. – Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, do contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. – Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. – Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

– Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.

– Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.

– A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.

– Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.

– Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

• Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.

– Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.

– Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.

– Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).

– Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, etc.

– Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

Bloque 2. Latín e plurilingüismo

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que teñan lugar.	OBX2
• CA2.2. Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	OBX2
• CA2.3. Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	OBX2
• CA2.4. Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	OBX2
• CA2.5. Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	OBX3

Contidos

• Sistemas de escritura ao longo da historia.

• Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua escrita.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. • O latín como lingua de cultura e prestixio; causas e consecuencias. Analoxía con contextos modernos. • Regras fonéticas básicas na evolución do latín ás linguas de ensino. • Léxico: – Lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica. – Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina. – Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos. • Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. • O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. • Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. • Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional. • Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

Bloque 3. A antiga Roma	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	OBX4
• CA3.2. Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, utilizando estratexias retóricas e oratorias de maneira guiada, mediando entre posturas cando sexa necesario, seleccionando e contrastando información e experiencias veraces e mostrando interese, respecto e empatía por outras opinións e argumentacións.	OBX4
• CA3.3. Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	OBX5
Contidos	
• Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano. • Xeografía do proceso de expansión de Roma na Península Ibérica. A Hispania tardorromana; suevos e visigodos.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade. • Historia da antiga Roma: – Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio). – Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C. – Lendas e principais episodios da historia de Roma. – Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. • Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. • Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. • Influencias da cultura grega na civilización latina. • A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. • Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo…). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana. • O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.

Bloque 4. Legado e patrimonio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	OBX4
• CA4.2. Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	OBX4
• CA4.3. Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	OBX4
• CA4.4. Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	OBX5
• CA4.5. Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración, e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	OBX5
• CA4.6. Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado, a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
• A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
• A romanización de Hispania e as pegadas da súa persistencia. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana; semellanzas e diferenzas.
• Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. A súa pegada na Galicia moderna.
• As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
• A educación na antiga Roma: etapas educativas.
• Principais obras artísticas da Antigüidade romana.
• Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

2º curso.

Materia de Latín II 2º curso	
Bloque 1. Comprensión e interpretación dos textos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	OBX1
• CA1.2. Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	OBX1
• CA1.3. Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	OBX1
• CA1.4. Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	OBX1
• CA1.5. Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	OBX1
• CA1.6. Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	OBX1
• CA1.7. Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.8. Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	OBX2
• CA1.9. Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	OBX3

Contidos
• Unidades lingüísticas da lingua latina.
– Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).
– Sintaxe oracional: funcións e sintaxe dos casos.
– Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
– Formas nominais do verbo.
• A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
– A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
– Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, do contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
– Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
– Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
– Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
– Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
– A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
– Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
– Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
• Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
– Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.
– Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.
– Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.
– Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, etc.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Latín e plurilingüismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tengan lugar.	OBX2
• CA2.2. Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	OBX2
• CA2.3. Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	OBX2
• CA2.4. Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	OBX2
• CA2.5. Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se partise da civilización e cultura latinas como fonte de inspiración.	OBX3
Contidos	
• Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. • Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino. • Léxico: – Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica. – Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina. – Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos. • O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. • O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. • Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. • Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional. • Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. A literatura latina nos seus textos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen espertar o espírito crítico, mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	OBX3
• CA3.2. Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos comparándoos con obras ou fragmentos literarios posteriores, desde un enfoque intertextual.	OBX3
• CA3.3. Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina e cuxa aprendizaxe combina coñecementos léxicos e culturais, en textos de diferentes formatos.	OBX3
• CA3.4. Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia, e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	OBX4
Contidos	
• A lingua latina como principal vía de transmisión do mundo clásico. • Etapas e vías de transmisión da literatura latina. A transmisión textual latina como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. • Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores. • Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos. • Recepción da literatura latina: influencia na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, *imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio*. • Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios latinos e os da literatura actual. • Introdución á crítica literaria. • A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. • Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.	
Bloque 4. Legado e patrimonio	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	OBX4
• CA4.2. Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	OBX5
• CA4.3. Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa, e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	OBX5
Contidos	
• A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. • O dereito romano e a súa importancia no sistema xurídico actual. • A importancia do discurso público para a vida política e social. A oratoria e as novas tecnoloxías. • Técnicas de debate e de exposición oral.	

26.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Latín desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Latín e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2	2	1-2					
OBX2		2-3	1		5			
OBX3	4							1-2
OBX4	3	3		1	3.1	1		
OBX5	3			2		1-4	1	1-2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O ensino da lingua, a cultura e a civilización latinas ofrece oportunidades significativas de traballo interdisciplinario que permiten combinar contidos e activar obxectivos de diferentes materias, contribuíndo desta maneira a que o alumnado perciba a importancia de coñecer o legado clásico para enriquecer o seu xuízo crítico e estético, a súa percepción de si mesmo e do mundo que o rodea. Neste sentido e de maneira destacada a frecuente coincidencia do estudo do latín co da lingua, a cultura e a civilización gregas favorece un tratamento coordinado de ambas as dúas materias, especialmente en primeiro de bacharelato.

– En consonancia co carácter competencial deste currículo, proponse crear tarefas interdisciplinarias, contextualizadas, significativas e relevantes, e desenvolver situacións de aprendizaxe desde un tratamento integrado das linguas onde se considere o alumnado como axente social progresivamente autónomo e responsable do seu propio proceso de aprendizaxe, tendo en conta os seus repertorios de linguas e intereses, así como as súas circunstancias específicas, o que permite combinar distintas metodoloxías.

– A coordinación cos departamentos de linguas para acordar unha nomenclatura gramatical común e evitar a confusión do alumnado ante a diversidade terminolóxica, así como a posta en común de aspectos gramaticais e a temporización e secuenciación dos contidos. Recoméndase, así pois, a actualización dos documentos do centro correspondentes.

– A coordinación con outros departamentos para o establecemento de lecturas obrigatorias e/ou voluntarias de carácter transversal.

– A introdución de actividades, preferentemente no primeiro curso, en coordinación con outros departamentos (especialmente de linguas e Historia, mais non exclusivamente) onde se dea a oportunidade ao establecemento de relacións entre aspectos comúns destas materias.

– A experimentación con novas metodoloxías como o traballo por proxectos, a clase invertida (*flipped classroom*), a aprendizaxe colaborativa etc., que permitan maximizar o tempo útil de traballo práctico na aula, optimizar resultados e facer o proceso de ensino máis inclusivo e variado, adaptándose ás especiais características desta etapa educativa, en que a preparación para a superación das probas de acceso á universidade é un obxectivo básico.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Tratamento transversal, a través de textos en latín orixinais, adaptados e/ou creados *ex professo*, dos contidos de historia, sociedade e legado, tendo en conta a perspectiva de xénero.

– A potenciación do uso das TIC, favorecendo a realización de vídeos, gravacións de son, presentacións en formato dixital, uso de aplicacións que favorezan a aprendizaxe, creación e difusión de contidos, etc.

– A incorporación de métodos activos que implican as seguintes recomendacións: introdución da expresión oral en latín adecuada ao contexto da práctica diaria na aula; elección, adaptación e/ou creación dun corpus de textos que permitan a aprendizaxe, preferentemente por uso, da gramática latina en xeral (introducindo progresivamente terminoloxía gramatical e sintáctica), e do vocabulario e expresións máis habituais dos textos obxecto de estudo, en particular; introdución de exercicios nos que se traballen a lectura e comprensión de textos latinos a través de preguntas en latín; introdución de exercicios escritos e orais nos que o alumnado, a partir dos textos obxecto de estudo, teña que expresar as mesmas ideas en latín con vocabulario e/ou expresións equivalentes aplicando o seu coñecemento da lingua latina; introdución de exercicios de tradución e/ou paráfrase de latín á lingua de uso do alumado, en que se demostre a correcta comprensión do texto e a capacidade para expresar na lingua propia as expresións idiomáticas presentes nos textos latinos. No segundo curso estes exercicios terán por obxecto preferentemente os textos dos autores escollidos para a proba de acceso á universidade; introdución de exercicios de representación, preferentemente no primeiro curso, en posible coordinación cos outros departamentos de linguas, en que o alumnado compoña e interprete pequenas escenas en latín relacionadas coa vida cotiá, para reforzar a percepción de que as linguas clásicas tamén poden desenvolver unha función comunicativa real; uso correcto e guiado do dicionario e o seu apéndice gramatical e/ou outras ferramentas dixitais como posible apoio para a resolución de dúbidas gramaticais e léxicas.

27. Lingua Castelá e Literatura.

27.1. Introdución.

A materia de Lingua Castelá e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, ao tempo que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate da ensinanza básica.

Os obxectivos de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde nesta etapa na relación continua entre pasado e presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de España e do mundo co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Os cinco obxectivos refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A continuación, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, mentres que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística do estudantado na etapa postobrigatoria; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo transdis-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria exixe nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como un manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo formúlanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama ferramentas e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto entre unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou do grao de autonomía que se espera do alumnado. De aí que tanto os contidos como os criterios de avaliación garden paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos das etapas precedentes.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque e o terceiro, centrados na «Comunicación», integran todos os saberes implicados na comprensión e na expresión oral e escrita e na alfabetización informacional e mediática, e vertébraos arredor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que deben acompañar ambos os desempeños. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgunhas obras relevantes da literatura española. Invita ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula, e que inscriben os textos no seu contexto de produción e na tradición cultural, ao tempo que tenden pontes cos contextos contemporá-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

neos de recepción. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas que lle permitirán responder aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas coas diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo se deben manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

27.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.
• A diversidade lingüística constitúe unha característica fundamental da Península Ibérica. As clases de linguas deben acoller esta diversidade tanto para valorar os significados culturais que derivan diso e evitar os prexuízos lingüísticos como para profundar no coñecemento do funcionamento das linguas e as súas variedades, facilitando a reflexión interlingüística e a comunicación con falantes doutras linguas. O desenvolvemento deste obxectivo na aula debe nutrirse da análise e do diálogo sobre textos orais, escritos e multimodais de carácter social e cultural, que reflictan tal pluralidade lingüística e dialectal. O alumnado debe, ademais, aprender a distinguir os trazos que obedecen á diversidade xeográfica doutros relacionados co sociolecto ou cos diversos rexistros vinculados ás distintas situacións comunicativas. • Por último, debe propiciarse que esta aprendizaxe se sustente nunha comprensión crítica dos fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e das consecuencias que poidan ter respecto diso os distintos modelos de convivencia lingüística. Todo iso coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.
• Desenvolver as estratexias de comprensión oral implica entender a comunicación como un constante proceso de interpretación de intencións no que entran en xogo o coñecemento compartido entre interlocutores e todos aqueles elementos contextuais e cotextuais que permiten interpretar o sentido do texto. A comprensión e interpretación de mensaxes orais require destrezas específicas que deben ser obxecto de ensino e aprendizaxe, desde as máis básicas (anticipar o contido, distinguir entre feitos e opinións, captar o sentido global e a relación entre as partes do discurso) ás máis avanzadas (identificar a intención do emisor, analizar procedementos retóricos, valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto, entre outras). • A atención ao desenvolvemento de estratexias de comprensión oral céntrase nesta etapa en textos de carácter académico e dos medios de comunicación con maior grao de especialización. Iso implica o contacto con novos xéneros discursivos, o emprego de mecanismos que permitan adquirir os coñecementos requiridos para a comprensión do texto, así como a familiarización cun léxico caracterizado pola presenza de tecnicismos, préstamos e estranxeirismos. A incorporación de discursos orais que aborden temas de relevancia social, científica e cultural é esencial para preparar o alumnado, tanto para a súa participación na vida activa como para o seu posterior desenvolvemento académico e profesional.
OBX3. Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.
• Nesta etapa, prestarase especial atención a situacións con maior distancia social entre os interlocutores, que exixen usos lingüísticos máis elaborados, rexistros formais e un control consciente de canto ten que ver coa comunicación non verbal. Estas destrezas serán esenciais para o desenvolvemento académico e profesional posterior. É preciso coñecer as claves dos xéneros discursivos e propoñerlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que lle permitan afrontar producións orais sobre temas de relevancia nas distintas áreas do saber. Estas secuencias didácticas atenderán ás sucesivas fases do proceso (planificación, produción, ensaio e revisión) ata chegar ao produto final. • Por outra banda, un maior grao de conciencia lingüística nas interaccións orais é un requisito indispensable para participar de maneira activa, comprometida e ética en sociedades democráticas. As clases de linguas deben procurar o acceso a contextos participativos propios dos ámbitos social ou educativo, onde o alumnado poida tomar a palabra e desenvolver estratexias de escoita activa, cooperación conversacional e cortesía lingüística. As tecnoloxías da información e da comunicación proporcionan novos formatos para a comunicación oral multimodal, síncrona ou asíncrona, e permiten rexistrar as producións orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.
OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.
• A atención ao desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora céntrase nesta etapa en textos de carácter académico cun alto grao de especialización, así como noutros procedentes dos medios de comunicación que abordan temas de relevancia social, científica e cultural. A lectura e interpretación de textos académicos implica o contacto con novos xéneros discursivos, o emprego de mecanismos que permitan asimilar os novos coñecementos, así como a familiarización cun léxico técnico e con abundante presenza de préstamos e estranxeirismos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Por outra banda, a lectura, interpretación e valoración de textos xornalísticos implica o coñecemento do contexto para poder completar o seu sentido e identificar a súa liña editorial. De non ser así, o lector queda limitado á interpretación literal, incapaz de detectar ironías, alusións ou dobres sentidos, ou de captar a intención comunicativa do autor ou autora. Por iso que o desenvolvemento da competencia lectora en bacharelato implica incidir na motivación, o compromiso e as prácticas de lectura, xunto co coñecemento e uso das estratexias que deben empregarse antes, durante e despois do acto lector, atendendo de maneira especial ao manexo de fontes diversas que permitan ampliar os coñecementos previos e aclarar a finalidade coa que foi escrito.
OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.
• Saber escribir significa hoxe facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento dos xéneros discursivos. En bacharelato, cobran especial relevancia os académicos (disertacións, ensaios, informes ou comentarios críticos, entre outros) que reclaman a integración de diferentes disciplinas. O alumnado, polo tanto, debe manexar con soltura a alternancia de información e opinión, consignando as fontes consultadas e procurando unha adecuada claridade expositiva. • A composición dun texto escrito debe atender, tanto á coherencia, cohesión e adecuación do rexistro, como á propiedade léxica e á corrección gramatical e ortográfica, así como á valoración das alternativas dispoñibles para o uso dunha linguaxe inclusiva. Require tamén adoptar decisións sobre o ton do discurso en función do papel desempeñado polo emisor e o receptor. Ademais, resulta esencial poñer a máxima atención na linguaxe e o estilo, polo que a vinculación entre a reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua e a súa proxección nos usos textuais resulta inseparable. Por ese motivo, o proceso de ensino-aprendizaxe da escritura reclama unha coidadosa e sostida intervención na aula.
OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.
• A produción, proliferación e distribución da información é o principio constitutivo das sociedades actuais, pero o acceso á información non garante en por si o coñecemento. Por iso é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e evidenciando unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual e coa identidade dixital. Trátase dunha aposta pola alfabetización mediática e informacional (AMI) que implica a utilización responsable das tecnoloxías, con especial atención á detección de informacións nesgadas ou falsas, a avaliación constante das fontes, os tempos de uso e a autorregulación. • Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma colaborativa, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para a realización de traballos ou proxectos de investigación, en especial sobre temas do propio currículo ou das obras literarias lidas. Estes procesos de investigación deben respectar as convencións de presentación establecidas (índice, organización en epígrafes, procedementos de cita, notas ao pé de páxina, bibliografía e webgrafía), fomentando a creatividade e a adecuación ao contexto co fin de favorecer a súa correcta difusión. A biblioteca escolar, como espazo creativo de aprendizaxe, será a contorna ideal para o logro deste obxectivo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.
• Desenvolver este obxectivo implica avanzar na construción dunha identidade lectora progresivamente autónoma, propiciando momentos de reflexión que permitan establecer relacións entre os textos lidos. Iso supón ampliar a diversidade e a complexidade dos textos apreciados vinculando as formas literarias tradicionais e actuais en distintos soportes con prácticas culturais emerxentes, e a capacidade de expresar a experiencia lectora. Trátase de dar un paso cara a un corpus de lecturas autónomas máis orientado á apreciación estética da literatura. En consecuencia, a emisión de xuízos de valor sobre as obras apoiarase en elementos como a intertextualidade a indagación, a lectura e o comentario das obras lidas. • Este obxectivo contribúe á adquisición dun saber literario e cultural que lle permite ao alumnado establecer relacións entre as distintas lecturas, indagar sobre as obras lidas, comprender e interpretar axeitadamente os textos, situalos con precisión no seu contexto, así como nas formas culturais en que se inscriben, e entender as características das distintas convencións a partir das cales se constrúen as obras.
• OBX8. Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.
• Este obxectivo permite o acceso a obras relevantes do patrimonio literario e o comentario das lecturas ao tempo que constrúe un mapa cultural que conxugue horizontes nacionais, europeos e universais relacionando as obras literarias con outras manifestacións artísticas e culturais. Para fomentar o hábito lector, será necesario establecer itinerarios formativos con lecturas guiadas, profundar na noción de historicidade e intertextualidade, e sustentar a aprendizaxe na investigación e na interpretación compartida das obras. • Trátase de seleccionar un número reducido de obras que serán obxecto de lectura guiada e compartida na aula. Os títulos elixidos irán acompañados dun conxunto de textos que axuden a entender, tanto a súa contextualización histórica e cultural, como o seu lugar na tradición literaria, a súa interpretación e a relación con outras formas artísticas clásicas e actuais. Convén elaborar unha escolma de obras relevantes do patrimonio literario incorporando textos de mulleres escritoras, para analizar o fenómeno literario e as relacións que se establecen cos valores ideolóxicos e estéticos do seu contexto de produción, así como a aplicación do seu significado á actualidade. Así mesmo, débese propiciar a creación de textos literarios con conciencia de estilo, respectando as convencións formais dos diversos xéneros.
OBX9. Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas, tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.
• Para que o estudo sistemático da lingua sexa útil, debe promover a competencia metalingüística do alumnado e vincularse cos usos reais e contextualizados propios dos falantes. A reflexión metalingüística debe partir do coñecemento previo do alumnado para acadar un dominio máis avanzado e sistemático da lingua, utilizando para iso unha terminoloxía específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas. • Trátase, polo tanto, de abordar a aprendizaxe estruturada da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre o coñecemento e o uso da lingua a partir da elaboración de pequenos proxectos de investigación. Para iso hai que partir da observación do significado e a función que as formas lingüísticas adquiren no discurso. A manipulación de enunciados, o contraste entre oracións, a formulación de hipótese e de regras, o uso de contraexemplos ou a conexión con outros fenómenos lingüísticos permitirán unha maior sistematización e comunicación dos resultados cunha metalinguaxe axeitada. En definitiva, procúrase estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o estudantado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverta nunha mellora das producións propias e da comprensión e interpretación crítica das alleas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX10. Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.
• Adquirir este obxectivo implica que as persoas sexan eficaces á hora de comunicarse e que poñan as palabras ao servizo da dimensión ética da comunicación. • No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forxar relacións interpersoais baseadas na empatía e o respecto, brindando ferramentas para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos. Erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra, é un imperativo ético. Nos ámbitos educativo, social e profesional, a educación lingüística debe capacitar para exercer unha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables en relación cos grandes desafíos que, como humanidade, debemos abordar: a sustentabilidade do planeta, a erradicación das diferentes violencias (incluída a violencia de xénero) e das crecentes desigualdades, etc.

27.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Lingua Castelá e Literatura I 1º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe adecuada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	OBX1
• CA1.2. Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	OBX1
• CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
• CA1.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos no ámbito persoal, educativo e social.	OBX10
Contidos	
• Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas de España. • Estudo comparativo das principais variedades dialectais do español en España e en América. • Estratexias de reflexión interlingüística.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. • Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. • Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. A sustentabilidade lingüística.

Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA2.4. Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA2.5. Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	OBX6
• CA2.6. Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	OBX6
• CA2.7. Identificar e resolver problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.8. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9

Contidos
• Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. – Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. • Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. – Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. – Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.

• Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.

– Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.

• Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	OBX3
• CA3.3. Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle e de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	OBX5
• CA3.4. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA3.5. Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	OBX6
• CA3.6. Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta axeitada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles desvíos da información.	OBX6
• CA3.7. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e corrixir problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA3.8. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Contexto vinculado ás estratexias de produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
– Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos; canal de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
• Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación e interpretación crítica de textos orais, escritos e multimodais.
– Respecto polas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Creación de textos académicos.
– Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
• Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
– Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
– Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
– Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
– Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
• Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
– Emprego adecuado nos textos propios das formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade.
– Utilización de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
– Uso de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
– Especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.
– Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
– Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA4.2. Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	OBX6
• CA4.3. Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	OBX7
• CA4.4. Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX7
• CA4.5. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX8
• CA4.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA4.7. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8
• CA4.8. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
Contidos	
• Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. – Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. – Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. – Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e *bestsellers*.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras.

– Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas.

– Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.

• Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.

– Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.

– Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.

– Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.

– Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.

– Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.

– Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

– Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA5.2. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA5.3. Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada, e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9
Contidos	
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. – Diferenzas relevantes e intersección entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. – A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

– Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

– Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

– Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

2º curso.

Materia de Lingua Castelá e Literatura II 2º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	OBX1
• CA1.2. Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	OBX1
• CA1.3. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
• CA1.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	OBX10
Contidos	
• As linguas de España e os dialectos do español. • Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística. • Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. • Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española. • Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. • Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Comunicación: comprensión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA2.4. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA2.5. Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.	OBX6
• CA2.6. Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	OBX6
• CA2.7. Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA2.8. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA2.9. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
Contidos	
• Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. – Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. • Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. – Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. – Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. – Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. – Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. – Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. – Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. • Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. – Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos. – Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. – Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. – Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais. – Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

Bloque 3. Comunicación: expresión oral e escrita	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo, e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA3.2. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	OBX3
• CA3.3. Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	OBX5
• CA3.4. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA3.5. Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propio, e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.6. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA3.7. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	OBX10

Contidos

• Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.

– Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

• Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.

– Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.

– Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.

• Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.

– Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

– Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.

– Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.

• Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.

– Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.

– Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

– Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.

– Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.

– Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.	
Bloque 4. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	OBX7
• CA4.2. Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX7
• CA4.3. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX8
• CA4.4. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA4.5. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA4.6. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
Contidos	
• Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. – Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. – Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. – Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e *bestsellers*. – Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. – Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

– Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.

• Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.

– Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.

– Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.

– Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.

– Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.

– Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.

– Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

– Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

Bloque 5. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5
• CA5.2. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX4
• CA5.3. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA5.4. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9
• CA5.5. Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	OBX9
Contidos	
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.	
– Diferenzas relevantes e intersección ns entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

– Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

– Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

– Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

– Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

27.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Lingua Castelá e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias lave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1
OBX2	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	4	2	3	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Obxectivos da materia	Competencias lave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7	1-4			3	1.1			2-3.1-3.2
OBX8	1-4					1		1-2-3.1-3.2-4.2
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3.1	1-2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.

– A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

– O deseño de proxectos significativos para o alumnado, é dicir, baseados en contextos auténticos e recoñecibles. Na medida do posible, terán en conta as súas vivencias particulares e reforzarán o compromiso das alumnas e alumnos co desenvolvemento sustentable, coa defensa dos dereitos humanos e coa convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. Algúns exemplos poden ser a análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas para analizar as características das variedades dialectais ou elaborar trípticos en varios idiomas para concienciar sobre a importancia da reciclaxe de residuos.

– O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para relacionarse cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Asemade, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Por exemplo, para desenvolver un programa de televisión en liña, pódese organizar o traballo por equipos para o deseño do grafismo do programa, a selección da música, a elaboración do guión do presentador ou presentadora, a escolma das noticias que se analizarán no programa, a entrevista a algún personaxe

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

relevante, a creación dun anuncio promocional e a gravación final das distintas partes do programa.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Co obxectivo de identificalas de maneira inmediata, resulta eficaz a utilización na aula de estratexias de retroalimentación como as tarxetas de saída (escribir algo que aprendiches nesa clase, algo sobre o que aínda tes dúbidas e unha cousa que lle poderías explicar a outra persoa).

– A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das competencias e dos contidos deberá facerse dun xeito progresivo, de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe autónoma e aumenten a capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de saberes, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Por exemplo, a creación dun repositorio compartido cunha escolma de ligazóns a contidos ou vídeos explicativos breves sobre aspectos relevantes da unidade didáctica, a publicación dunha revista ou o deseño dun blog.

– O tratamento integrado das linguas. O traballo coordinado cos departamentos lingüísticos do centro, co EDLG e co equipo de biblioteca é a mellor vía para estimular a reflexión interlingüística e aproximar o alumnado aos usos sociais reais, onde con frecuencia hai que manexar simultaneamente dúas ou máis linguas. Todos eles, coa súa acción coordinada, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas poden ser, entre outras, a comparación de diferentes traducións dun mesmo fragmento dun clásico da literatura e a elaboración de páxinas web plurilingües.

– A proposta de lectura de obras que estimulen o desexo de ampliar os ámbitos de coñecemento, que dean a coñecer aspectos clave do contexto sociocultural e que eleven o

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

nivel de capacitación verbal do alumnado. Convén incidir na aplicación e desenvolvemento de estratexias que potencien a expresión dos propios gustos literarios e que fomenten a creación dunha identidade lectora persoal e definida. Para logralo, sería necesario familiarizar o alumnado con mecanismos como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación do seu coñecemento base, a atención aos contidos principais do texto, a avaliación da consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, e a formulación de predicións de lectura.

– As estratexias de lectura compartida para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. Algunhas propostas concretas poden ser as seguintes: obradoiros de escritura creativa, organización de faladoiros literarios, creación de audiolibros, dramatizacións e encontros con autoras e autores.

– As estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras. Entre outras: *booktrailers*, emprego de aplicacións compiladoras e exposicións de recensións literarias.

– O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado, para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión. Exemplos: realizar exposicións de poesía creada e ilustrada polo alumnado, adaptación audiovisual dun relato ou a representación dunha obra teatral.

– A énfase nas estratexias que melloran a oralidade, co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

– A importancia dos mecanismos que favorecen a corrección gramatical e a ampliación do vocabulario do alumnado, a través de actividades como a votación de titulares atendendo á súa pertinencia e creatividade, ou a análise dunha mesma noticia en varios medios, onde os elementos de modalización dos enunciados e as eleccións tanto léxicas como sintácticas poñen de manifesto diferentes intencións comunicativas e distinto efecto perlocutivo nos receptores.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A complementariedade nas situacións de aprendizaxe, para que ao longo de cada curso académico se traballen de maneira proporcionada todos os bloques de contidos.

28. Lingua Estranxeira.

28.1. Introdución.

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións exixen o desenvolvemento daquelas competencias que lles axuden os individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea e cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de referencia para unha cultura democrática, nas actuais sociedades, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta clave no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun espazo europeo de educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras, favorece a internacionalización e a mobilidade e, ademais, permite o descubrimento doutras culturas ampliando as perspectivas do alumnado.

A materia de Lingua Estranxeira contribúe á adquisición das distintas competencias clave no bacharelato e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso das distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non só a dimensión comunicativa senón tamén os aspectos históricos e interculturais que conducen o alumnado a coñecer, valorar criticamente e respectar a diversidade lingüística e cultural e que contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Lingua Estranxeira na etapa de bacharelato ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira, de modo que lle permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia, fluidez e corrección, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

No eixe do currículo de Lingua Estranxeira concorren dúas dimensións do plurilingüismo: a dimensión comunicativa e a intercultural. Os obxectivos da materia, relacionados cos descritores operativos das competencias clave da etapa e cos retos do século XXI, permítenlle ao alumnado comunicarse na lingua estranxeira e enriquecer o seu repertorio lingüístico individual, aproveitando as experiencias propias para mellorar a comunicación tanto nas linguas familiares coma nas linguas estranxeiras. Así mesmo, ocupan un lugar

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

importante o respecto polos perfís lingüísticos individuais, a adecuación á diversidade, así como o interese por participar no desenvolvemento dunha cultura compartida e dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos a través do diálogo intercultural. No caso de Galicia, o desenvolvemento da competencia plurilingüe vese favorecido pola coexistencia das dúas linguas, a castelá e a galega, e das respectivas culturas, o que lle permite ao alumnado aprender e usar distintas linguas ao mesmo tempo, practicar o respecto polas diferenzas entre elas e atopar as similitudes, o que supón un enriquecemento para a persoa.

Esta materia, ademais, permítelle ao alumnado desenvolverse mellor nas contornas dixitais e acceder ás culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira, como motor de formación e aprendizaxe e tamén como fonte de información e gozo. Neste sentido, as ferramentas dixitais posúen un potencial que podería aproveitarse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas e culturas estranxeiras. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, o exercicio dunha cidadanía dixital activa, cívica, respectuosa e reflexiva como o uso seguro, ético, sustentable e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento de aprendizaxe moi relevante nesta materia.

Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira en bacharelato supoñen unha profundización e unha ampliación con respecto aos adquiridos ao termo do ensino básico, que serán a base para esta nova etapa e que se desenvolverán a partir dos repertorios e das experiencias do alumnado. Isto implica un maior desenvolvemento das actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a atender á diversidade e a colaborar e solucionar problemas de intercomprensión e entendemento. A progresión tamén leva a unha reflexión máis crítica e sistemática sobre o funcionamento das linguas e as relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen unha maior profundización nos saberes necesarios para xestionar situacións interculturais e a valoración crítica e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural, coa finalidade de fomentar a comprensión mutua e de contribuír ao desenvolvemento dunha cultura compartida.

Os criterios de avaliación da materia aseguran a consecución dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles e na súa formulación competencial expóñense enunciando o proceso ou a capacidade. A gradación dos criterios de avaliación baséase no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), aínda que adecuados á madureza e ao desenvolvemento do alumnado da etapa de bacharelato.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Pola súa banda, os contidos unifican os coñecementos (saber), as destrezas (saber facer) e as actitudes (saber ser) necesarias para a adquisición dos obxectivos da materia e favorecen a avaliación das aprendizaxes a través dos criterios. Estrutúranse en tres bloques. O bloque «Comunicación» abarca todos os saberes que é necesario mobilizar para o desenvolvemento das actividades lingüísticas de comprensión, produción, interacción e mediación, incluídos os relacionados coa procura, selección e contraste de fontes de información e a xestión das devanditas fontes. O bloque «Plurilingüismo» integra os saberes relacionados coa capacidade de reflexionar sobre o funcionamento das linguas, así como os saberes que forman parte do repertorio lingüístico do alumnado, co fin de contribuír á aprendizaxe da lingua estranxeira e á mellora das linguas que conforman o repertorio lingüístico do alumnado. Por último, no bloque «Interculturalidade» agrúpanse os saberes acerca das culturas vehiculadas a través da lingua estranxeira e a súa importancia como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.

O enfoque, a gradación e a definición dos distintos elementos do currículo están expostos a partir das actividades e das competencias que establece o Consello de Europa no MCER. Esta ferramenta é unha peza fundamental para determinar os distintos niveis de competencia que o alumnado adquire nas distintas actividades e apoia tamén o seu proceso de aprendizaxe, que se entende como dinámico e continuado, flexible e aberto e que debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses. Espérase que o alumnado sexa capaz de pór en funcionamento todos os contidos no seo de situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos –persoal, social, educativo e profesional– e a partir de textos sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado que inclúan aspectos relacionados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable e cos retos e desafíos do século XXI. En consonancia co enfoque orientado á acción que expón o MCER, que contribúe de maneira significativa ao deseño de metodoloxías eclécticas, o carácter competencial deste currículo convida o profesorado a crear tarefas interdisciplinares, contextualizadas, significativas e relevantes e a desenvolver situacións de aprendizaxe onde se considere o alumnado como un axente social autónomo e responsable do seu propio proceso de aprendizaxe. Isto implica ter en conta os seus repertorios, intereses e emocións, así como as súas circunstancias específicas, co fin de sentar as bases para a aprendizaxe ao longo de toda a vida.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

28.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.
• A comprensión supón recibir e procesar información. Na etapa de bacharelato, a comprensión é unha destreza comunicativa que se debe desenvolver a partir de textos orais, escritos e multimodais sobre temas de relevancia persoal para o alumnado ou de interese público, expresados na lingua estándar. Neste nivel, a comprensión implica entender e interpretar os textos e extraer as ideas principais e as liñas argumentais máis destacadas, así como valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices, como a ironía ou o uso estético da lingua. Para iso, é necesario activar as estratexias máis adecuadas, co fin de distinguir a intención e as opinións tanto implícitas coma explícitas dos textos. Entre as estratexias de comprensión máis útiles para o alumnado atópanse a inferencia e a comprobación de significados, a interpretación de elementos non verbais e a formulación de hipóteses acerca da intención e das opinións que subxacen aos devanditos textos, así como a transferencia e a integración dos coñecementos, as destrezas e as actitudes das linguas que conforman o seu repertorio lingüístico. Inclúe a interpretación de diferentes formas de representación (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, sons, xestos etc.), así como a información contextual (elementos extralingüísticos) e cotextual (elementos lingüísticos), que lle permiten ao alumnado comprobar a hipótese inicial acerca da intención e do sentido do texto, así como expor hipóteses alternativas se fose necesario. Ademais das devanditas estratexias, a procura de fontes fiables, en soportes tanto analóxicos coma dixitais, constitúe un método de grande utilidade para a comprensión, pois permite contrastar, validar e sustentar a información, así como obter conclusións relevantes a partir dos textos. Os procesos de comprensión e interpretación requiren contextos de comunicación dialóxicos que estimulen a identificación crítica de prexuízos e estereotipos, así como o interese xenuíno polas diferenzas e semellanzas étnico-culturais.
OBX2. Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.
• A produción engloba tanto a expresión oral como a escrita e a multimodal. Nesta etapa, a produción debe dar lugar á redacción e á exposición de textos sobre temas de relevancia persoal para o alumnado ou de interese público, con creatividade, coherencia e adecuación. A produción, en diversos formatos e soportes, pode incluír nesta etapa a exposición dunha presentación formal de extensión media na que se apoien as ideas con exemplos e detalles pertinentes, unha descrición clara e detallada ou a redacción de textos argumentativos que respondan a unha estrutura lóxica e que expliquen os puntos a favor e en contra da perspectiva exposta, mediante ferramentas dixitais e analóxicas, así como a procura avanzada de información en Internet como fonte de documentación de forma exhaustiva e selectiva. No seu formato multimodal, a produción inclúe o uso conxunto de diferentes recursos para producir significado (escritura, imaxe, gráficos, táboas, diagramas, sons, xestos, etc.) e a selección, configuración e uso de dispositivos dixitais, ferramentas e aplicacións para comunicarse, traballar de forma cooperativa e compartir información, xestionando de forma responsable as súas accións na Rede. • As actividades vinculadas coa produción de textos cumpren funcións importantes nos campos académicos e profesionais e existe un valor social e cívico concreto asociado a elas. A destreza nas producións máis formais en diferentes soportes é produto da aprendizaxe a través do uso das convencións da comunicación e dos trazos discursivos máis frecuentes. Inclúe non só aspectos formais de cariz máis lingüístico, senón tamén a aprendizaxe de expectativas e convencións asociadas ao xénero empregado, o uso ético da linguaxe, ferramentas de produción creativa ou características do soporte utilizado. As estratexias que permiten a mellora da produción, tanto formal coma informal, comprenden nesta etapa a planificación, a autoavaliación e coavaliación, a retroalimentación, así como a monitorización, a validación e a compensación de forma autónoma e sistemática.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.

• A interacción implica a intervención de dous ou máis participantes na construción dun discurso. Considérase a orixe da linguaxe e comprende funcións interpersoais, cooperativas e transaccionais. Na interacción con outras persoas entran en xogo a cortesía lingüística e a etiqueta dixital, os elementos verbais e non verbais da comunicación, así como a adecuación aos distintos xéneros dialóxicos, tanto orais como escritos e multimodais. Nesta etapa da educación, espérase que a interacción aborde temas de relevancia persoal para o alumnado ou de interese público. Este obxectivo é fundamental na aprendizaxe, pois inclúe estratexias de cooperación, de cesión e toma de quendas de palabra, así como estratexias para preguntar co obxectivo de solicitar clarificación ou confirmación. A interacción revélase, ademais, como unha actividade imprescindible no traballo cooperativo, onde a distribución e a aceptación de tarefas e responsabilidades de maneira equitativa, eficaz, respectuosa e empática está orientada ao logro de obxectivos compartidos. Ademais, a aprendizaxe e a aplicación das normas e principios que rexen a cortesía lingüística e a etiqueta dixital prepara o alumnado para o exercicio dunha cidadanía democrática, responsable, respectuosa, inclusiva, segura e activa.

OBX4. Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.

• A mediación é a actividade da linguaxe que consiste en explicar e en facilitar a comprensión de mensaxes ou textos a partir de estratexias como a reformulación, de maneira oral ou escrita. Na mediación, o alumnado debe actuar como un axente social encargado de crear pontes e de axudar a construír ou expresar mensaxes de forma dialóxica, non só entre linguas distintas, senón tamén entre distintas modalidades ou rexistros dentro dunha mesma lingua, a partir do traballo cooperativo e do seu labor como clarificador das opinións e das posturas doutros. Na etapa de bacharelato, a mediación céntrase no rol da lingua como unha ferramenta para resolver os retos que xorden do contexto comunicativo, creando espazos e condicións propicias para a comunicación e a aprendizaxe, fomentando a participación dos demais para construír e entender novos significados e transmitindo nova información de maneira apropiada, responsable e construtiva. Para iso pódense empregar tanto medios convencionais coma aplicacións ou plataformas virtuais para traducir, analizar, interpretar e compartir contidos que, nesta etapa, versarán sobre asuntos de relevancia persoal para o alumnado ou de interese público.

• A mediación facilita o desenvolvemento do pensamento estratéxico do alumnado, en tanto que supón facer unha adecuada elección das destrezas e estratexias máis convenientes do seu repertorio para lograr unha comunicación eficaz, pero tamén para favorecer a participación propia e doutras persoas en contornas cooperativas de intercambios de información. Así mesmo, implica recoñecer os recursos dispoñibles e promover a motivación dos demais e a empatía, comprendendo e respectando as diferentes motivacións, opinións, ideas e circunstancias persoais dos interlocutores e interlocutoras e harmonizándoas coas propias. Por iso, espérase que o alumnado amose a empatía, o respecto, o espírito crítico e o sentido ético como elementos clave para unha adecuada mediación neste nivel.

OBX5. Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.

• O uso do repertorio lingüístico e a reflexión sobre o seu funcionamento están vinculados co enfoque plurilingüe da adquisición de linguas. O enfoque plurilingüe parte do feito de que as experiencias do alumnado coas linguas que coñece serven de base para a ampliación e a mellora da aprendizaxe de linguas novas e axúdano a desenvolver e a enriquecer o seu repertorio lingüístico plurilingüe e a súa curiosidade e sensibilización cultural. Na etapa de bacharelato, é imprescindible que o alumnado reflexione sobre o funcionamento das linguas e compare de forma sistemática as que conforman os seus repertorios individuais analizando semellanzas e diferenzas co fin de ampliar os coñecementos e as estratexias nas devanditas linguas. Deste xeito, favorécese a aprendizaxe de novas linguas e mellórase a competencia comunicativa. A reflexión crítica e sistemática sobre as linguas e o seu funcionamento implica que o alumnado entenda as súas relacións e, ademais, contribúe

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

a que identifique as fortalezas e as carencias propias no terreo lingüístico e comunicativo, tomando conciencia dos coñecementos e das estratexias propios e facéndoos explícitos. Neste sentido, supón tamén a posta en marcha de destrezas para facer fronte á incerteza e desenvolver o sentido da iniciativa e a perseveranza na consecución dos obxectivos ou na toma de decisións. • Ademais, o coñecemento de distintas linguas e variedades permite valorar criticamente a diversidade lingüística da sociedade como un aspecto enriquecedor e positivo e adecuarse a ela. A selección, configuración e aplicación dos dispositivos e ferramentas tanto analóxicas como dixitais para a construción e a integración de novos contidos sobre o repertorio lingüístico propio pode facilitar a adquisición e a mellora da aprendizaxe doutras linguas.
OBX6. Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz, e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais
• A interculturalidade supón experimentar a diversidade lingüística, cultural e artística da sociedade analizándoa, valorándoa criticamente e beneficiándose dela. Na etapa de bacharelato, a interculturalidade, que favorece o entendemento cos demais, merece unha atención específica porque senta as bases para que o alumnado exerza unha cidadanía responsable, respectuosa e comprometida e evita que a súa percepción estea distorsionada por estereotipos e prexuízos que constitúan a orixe de certos tipos de discriminación. A valoración crítica e a adecuación á diversidade deben permitirlle ao alumnado actuar de forma empática, respectuosa e responsable en situación interculturais. • A conciencia da diversidade proporciónalle ao alumnado a posibilidade de relacionar distintas culturas. Ademais, favorece o desenvolvemento dunha sensibilidade artística e cultural e a capacidade de identificar e utilizar unha gran variedade de estratexias que lle permitan establecer relacións con persoas doutras culturas. As situacións interculturais que se poden expor durante o ensino da lingua estranxeira permítenlle ao alumnado abrirse a novas experiencias, ideas, sociedades e culturas, mostrando interese cara ao diferente, relativizar a propia perspectiva e o propio sistema de valores culturais e rexeitar e avaliar as consecuencias das actitudes sustentadas sobre calquera tipo de discriminación ou reforzo de estereotipos. Todo iso debe desenvolverse co obxectivo de favorecer e de xustificar a existencia dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.

28.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Lingua Estranxeira I 1º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	OBX1
• CA1.2. Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	OBX1
• CA1.4. Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	OBX2
• CA1.5. Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	OBX2
• CA1.6. Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	OBX2
• CA1.7. Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios.	OBX3
• CA1.8. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	OBX3
• CA1.9. Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	OBX4
• CA1.10. Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	OBX4
Contidos	
• Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. • Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. • Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.

• Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.

• Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.

• Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).

• Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. Alfabeto fonético básico.

• Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, padróns e elementos gráficos.

• Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía, etc.

• Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos, etc.

• Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.

• Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Bloque 2. Plurilingüismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	OBX5
• CA2.2. Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
• CA2.3. Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. • Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. • Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. • Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.

Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	OBX6
• CA3.2. Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	OBX6
• CA3.3. Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	OBX6

Contidos
• A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. • Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. • Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira. • Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. • Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2º curso.

Materia de Lingua Estranxeira II 2º curso	
Bloque 1. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	OBX1
• CA1.2. Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	OBX1
• CA1.3. Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	OBX1
• CA1.4. Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais, e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	OBX2
• CA1.5. Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX2
• CA1.6. Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	OBX2
• CA1.7. Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.8. Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	OBX3
• CA1.9. Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	OBX4
• CA1.10. Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	OBX4

Contidos
• Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. • Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. • Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. • Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir. • Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. • Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. • Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). • Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas á estes padróns. Alfabeto fonético básico. • Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, padróns e elementos gráficos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. • Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. • Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. • Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Bloque 2. Plurilingüismo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	OBX5
• CA2.2. Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	OBX5
• CA2.3. Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	OBX5
Contidos	
• Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. • Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. • Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. • Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). • Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.	
Bloque 3. Interculturalidade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	OBX6
• CA3.3. Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	OBX6
Contidos	
• A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. • Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira. • Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira. • Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos. • Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.	

28.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Lingua Estranxeira desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	1-2	1	1	4			
OBX2	1-5	1-2	1	1-2-3	4			3.2
OBX3	5	1-2	1	3	3.1	3	1-3	
OBX4	5	1-2-3	1		3.1	1-4		
OBX5		2	1	3	1.1			
OBX6	5	3			3.1	3		1

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O enfoque orientado á acción, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Isto favorece unha perspectiva de «dominio» guiada polo que o alumnado «pode facer», no canto dunha perspectiva de «carencia», na que se acentúa aquilo que aínda non foi adquirido. Trátase de deseñar currículos fundamentados nas necesidades comunicativas do mundo real, organizados arredor das tarefas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo.

– A creación de situacións de aprendizaxe para que o alumnado poida poñer en práctica todos os seus coñecementos e as súas capacidades en situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos –persoal, social, educativo e profesional– e a partir de textos sobre temas de relevancia persoal ou de interese público que inclúan aspectos relacionados cos obxectivos de desenvolvemento sustentable e cos retos e desafíos do século XXI.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, de xeito individual así como en grupos, favorecendo desde o ámbito da comunicación a adquisición de competencias clave a través da resolución de tarefas de forma creativa e cooperativa, fomentando o espírito científico e o emprendemento (iniciativa persoal) e reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Deste xeito, o papel do profesorado pasa a ser o de acompañante e guía que axude a converter cada proxecto nunha experiencia positiva e enriquecedora.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, o que axudará a darlle unha atención individualizada.

– A énfase na prevención das posibles dificultades e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten.

– A asociación da persoa docente coa lingua que imparte de xeito automático desde o primeiro momento para lle dar presenza á devandita lingua en todas as situacións comunicativas no ámbito escolar.

– O uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos, programas internacionais, plataformas de intercambio e cooperación.

– A utilización da comprensión oral coa axuda de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e preferiblemente auténticos.

– O uso da lectura en lingua estranxeira a través de diversos soportes e atendendo á diversidade das aulas.

– O manexo autónomo de técnicas de aprendizaxe e de estratexias de autoconfianza no uso da lingua estranxeira.

– A avaliación inicial e a formativa realizada ao longo do curso como elementos esenciais para a toma de decisións. A información proporcionada por estas permite modificar, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar posibles dificultades, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

– A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación diversos e adaptados ás características do alumnado.

– A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para reforzar conxuntamente a aprendizaxe de calquera lingua, en canto á tipoloxía textual, á definición de termos lingüísticos e á utilización de terminoloxía similar. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

29. Lingua Galega e Literatura.

29.1 Introdución.

A materia de Lingua Galega e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, á vez que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuír á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O obxectivo da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura en bacharelato marcan unha progresión a respecto dos da educación secundaria obrigatoria dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior estriba nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Os cinco obxectivos seguintes refírense á pro-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

dución, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A seguir, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística de cada estudante nesta etapa; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento.

A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria exixe nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo formúlanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama recursos e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou o grao de autonomía conferido ao alumnado. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos de etapas precedentes.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación», integra todos os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que deben acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgunhas obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona. Convida ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula e que inscriben os textos no seu contexto de produción e na tradición cultural, á vez que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura deben adestrar o alumnado no uso dos recursos que lle permitirán afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural propio, a defensa dos dereitos humanos, e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado, convida ao tratamento integrado das linguas como a mellor canle para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo deben de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

No marco galego, dada a proximidade xeográfica e os vínculos socioculturais entre Galicia e Portugal, a reflexión interlingüística no bacharelato cobra unha dimensión maior. Así, os coñecementos básicos de portugués aprendidos na educación secundaria obrigatoria deberán ser o punto de partida para desenvolver contidos e estratexias que, alén de facilitar a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional das mozas e mozos galegos. Con este fin, os centros educativos, a través do equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos e culturais entre o alumnado dos dous territorios (encontros, concursos, festivais...).

29.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.
• A diversidade lingüística constitúe unha característica fundamental de toda a Península Ibérica. As clases de idiomas deben acoller esta diversidade tanto para valorar os significados culturais derivados diso e evitar os prexuízos lingüísticos como para afondar no coñecemento do funcionamento das linguas e das súas variedades, facilitando a reflexión interlingüística e a comunicación con falantes doutras linguas. O desenvolvemento deste obxectivo na aula debe nutrirse da análise e do diálogo sobre textos orais, escritos e multimodais de carácter social e cultural, que reflictan tal pluralidade lingüística e dialectal. O alumnado debe, alén diso, aprender a distinguir os trazos que obedecen á diversidade xeográfica doutros relacionados co sociolecto ou cos diversos rexistros vinculados ás distintas situacións comunicativas. • Pola especial e preocupante situación da lingua galega, como axuda para a súa recuperación, é preciso que esta alcance, a través da lingua portuguesa, unha maior utilidade internacional. Débese conseguir que o portugués non sexa alleo ao galego. Para iso, é conveniente que o alumnado, cando se ache en contacto coa lingua portuguesa ben fisicamente ou ben a través das redes sociais e doutros medios de comunicación, entenda oralmente e por escrito –dentro do seu respectivo nivel– esta variedade lingüística próxima á nosa. Do que se trata, polo tanto, é de que o galego aproveite a oportunidade da súa estreita vinculación co portugués, tanto no relativo ás súas raíces históricas comúns canto aos trazos lingüísticos aínda hoxe compartidos, para avanzar no seu proceso de normalización social e para alcanzar unha maior proxección exterior, o que sen dúbida contribuirá a incrementar o seu prestixio no seo da sociedade galega e para superar os prexuízos que aínda hoxe dificultan a súa plena aceptación por algúns grupos sociais, fundamentalmente o prexuízo relativo á súa falta de utilidade. Tal fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, aprobada por unanimidade no Parlamento galego, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A devandita lei incide nesta idea ao establecer que a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, lle outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega (...). Por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha gran proxección internacional.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O galego, pois, como lingua histórica e a través do portugués, é unha lingua universal e policéntrica, cunha apreciable diversidade dialectal. Tal como acontece co ensino do español ou do inglés, parece lóxico que o alumnado de lingua galega tamén adquira coñecementos sobre as variedades lingüísticas pertencentes ao diasistema lingüístico común, de maneira especial cando tal coñecemento contribúe de modo eficaz ao incremento do seu repertorio lingüístico e á mellora da autoestima das persoas galegofalantes.

• Por último, debe propiciarse que esta aprendizaxe se sustente nunha comprensión crítica dos fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e das consecuencias que poidan ter respecto diso os distintos modelos de convivencia lingüística. Todo iso coa finalidade última de promover o exercicio dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida cos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.

OBX2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.

• Desenvolver as estratexias de comprensión oral implica entender a comunicación como un constante proceso de interpretación de intencións no que entran en xogo o coñecemento compartido entre interlocutores e todos aqueles elementos contextuais e cotextuais que permiten interpretar o sentido do texto. A comprensión e interpretación de mensaxes orais require destrezas específicas que deben ser obxecto de ensino e aprendizaxe, desde as máis básicas (anticipar o contido, distinguir entre feitos e opinións, captar o sentido global e a relación entre as partes do discurso) ás máis avanzadas (identificar a intención do emisor; analizar procedementos retóricos; valorar a fiabilidade, a forma e o contido do texto, entre outras).

• A atención ao desenvolvemento de estratexias de comprensión oral céntrase nesta etapa en textos de carácter académico e dos medios de comunicación con maior grao de especialización. Iso implica o contacto con novos xéneros discursivos, o emprego de mecanismos que permitan adquirir os coñecementos previos e os requiridos para a comprensión do texto, así como a familiarización cun léxico caracterizado pola presenza de tecnicismos, préstamos e estranxeirismos. A incorporación de discursos orais que aborden temas de relevancia social, científica e cultural é esencial para preparar o alumnado tanto para a súa participación activa na vida social como para o seu posterior desenvolvemento académico e profesional.

OBX3. Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.

• Nesta etapa prestarase especial atención a situacións con maior distancia social entre os interlocutores, que exixen usos lingüísticos máis elaborados, rexistros formais e un control consciente de canto ten que ver coa comunicación non verbal. Estas destrezas serán esenciais para o desenvolvemento académico e profesional posterior. É preciso coñecer as claves dos xéneros discursivos e proporlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que lle permitan afrontar producións orais sobre temas de relevancia nas distintas áreas do saber. As ditas secuencias didácticas atenderán ás sucesivas fases do proceso (planificación, produción, ensaio e revisión) ata chegar ao produto final.

• Por outro lado, un maior grao de conciencia lingüística nas interaccións orais é un requisito indispensable para participar de maneira activa, comprometida e ética en sociedades democráticas. As clases de linguas deben procurar o acceso a contextos participativos propios dos ámbitos social ou educativo, onde o alumnado poida tomar a palabra e desenvolver estratexias de escoita activa, cooperación conversacional e cortesía lingüística. As tecnoloxías da información e da comunicación proporcionan novos formatos para a comunicación oral multimodal, síncrona ou asíncrona, e permiten rexistrar as producións orais do alumnado para a súa difusión en contextos reais e a súa posterior análise e revisión.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.
• A atención ao desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora céntrase nesta etapa en textos de carácter académico cun alto grao de especialización, así como noutros procedentes dos medios de comunicación que abordan temas de relevancia social, científica e cultural. A lectura e interpretación de textos académicos implica o contacto con novos xéneros discursivos, o emprego de mecanismos que permitan asimilar os novos coñecementos, así como a familiarización cun léxico técnico e con abundante presenza de préstamos e estranxeirismos. • Alén diso, a lectura, interpretación e valoración de textos xornalísticos implica o coñecemento do contexto para poder completar o seu sentido e identificar a súa liña editorial. Se así non for, o lector queda limitado á interpretación literal, incapaz de detectar ironías, alusións ou duplos sentidos, ou de captar a intención comunicativa do autor ou autora. Por iso o desenvolvemento da competencia lectora en bacharelato implica incidir na motivación, o compromiso e as prácticas de lectura, xunto co coñecemento e uso das estratexias que deben empregarse antes, durante e despois do acto lector, atendendo de maneira especial ao manexo de fontes diversas que permitan ampliar os coñecementos previos e aclarar a finalidade coa que foi escrito.
OBX5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.
• Saber escribir significa hoxe facelo en diferentes soportes e formatos, moitos deles de carácter hipertextual e multimodal, e require o coñecemento dos xéneros discursivos. En bacharelato cobran especial relevancia os académicos (disertacións, ensaios, informes ou comentarios críticos, entre outros) que reclaman a integración de diferentes disciplinas. O alumnado, polo tanto, debe manexar con soltura a alternancia de información e opinión, consignando as fontes consultadas e procurando unha adecuada claridade expositiva. • A composición dun texto escrito ten de atender tanto á coherencia, cohesión e adecuación do rexistro como á propiedade léxica e á corrección gramatical e ortográfica, así como á valoración das alternativas dispoñibles para o uso da linguaxe inclusiva. Require tamén adoptar decisións sobre o ton do discurso en función do papel desempeñado polo emisor e o receptor. Alén diso, resulta esencial pór a máxima atención na linguaxe e no estilo.
OBX6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.
• A produción, proliferación e distribución da información é o principio constitutivo das sociedades actuais, mais o acceso á información non garante en por si o coñecemento. Por iso é imprescindible que o alumnado adquira habilidades e destrezas para transformar a información en coñecemento, desde un punto de vista crítico e persoal, e evidenciando unha actitude ética e responsable coa propiedade intelectual e coa identidade dixital. • Débese procurar que o alumnado, individualmente ou de forma colectiva, consulte fontes de información variadas en contextos sociais ou académicos para realizar traballos ou proxectos de investigación, en especial sobre temas do propio currículo ou das obras literarias lidas. Estes procesos de investigación deben respectar as convencións de presentación establecidas (índice, organización en epígrafes, procedementos de cita, notas ao pé de páxina, bibliografía e webgrafía), fomentando a creatividade e a adecuación ao contexto co fin de favorecer a súa correcta difusión. A biblioteca escolar, como espazo creativo de aprendizaxe, será o contorno ideal para o logro deste obxectivo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.

• Desenvolver este obxectivo implica avanzar na consolidación e construción dunha identidade lectora progresivamente autónoma, propiciando momentos de reflexión que permitan establecer relacións entre os textos lidos. Iso supón ampliar a diversidade, a complexidade dos textos escollidos vinculando as formas literarias tradicionais e actuais en distintos soportes con prácticas culturais emerxentes e a capacidade de expresar a experiencia lectora. Trátase de dar un paso cara a un corpus de lecturas autónomas máis orientado á apreciación estética da literatura. En consecuencia, a emisión de xuízos de valor sobre as obras apoiarase en elementos como a intertextualidade, a indagación, a lectura e o comentario das obras lidas.

• Este obxectivo contribúe á adquisición dun saber literario e cultural que lle permite ao alumnado establecer relacións entre as distintas lecturas, indagar sobre as obras lidas, comprender e interpretar axeitadamente os textos, situalos con precisión no seu contexto, así como nas formas culturais en que se inscriben, e entender as características das distintas convencións a partir das cales se constrúen as obras.

OBX8. Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.

• Este obxectivo permite o acceso a obras relevantes do patrimonio literario e o comentario das lecturas, ao tempo que constrúe un mapa cultural que conxugue horizontes galegos, lusófonos e universais relacionando as obras literarias con outras manifestacións artísticas e culturais. Para fomentar o hábito lector, será necesario establecer itinerarios formativos con lecturas guiadas en que debe haber representación de autores e autoras non só galegos senón tamén do ámbito lusófono, afondar na noción de historicidade e intertextualidade, e sustentar a aprendizaxe na investigación e na interpretación compartida das obras.

• Trátase de seleccionar un número reducido de obras que serán obxecto de lectura guiada e compartida na aula. Os títulos elixidos irán acompañados dun conxunto de textos que axuden a entender tanto a súa contextualización histórica e cultural como o seu lugar na tradición literaria, a súa interpretación e a relación con outras formas artísticas clásicas e actuais. Convén elaborar unha escolma de obras relevantes do patrimonio literario galego, lusófono e universal, incorporando textos de mulleres escritoras, para analizar o fenómeno literario e as relacións que se establecen cos valores ideolóxicos e estéticos do seu contexto de produción, así como a aplicación do seu significado á actualidade. Así mesmo, débese propiciar a creación de textos literarios con conciencia de estilo, respectando as convencións formais dos diversos xéneros.

OBX9. Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.

• Para que o estudo sistemático da lingua sexa útil, debe promover a competencia metalingüística do alumnado e vincularse cos usos reais e contextualizados propios dos falantes. A reflexión metalingüística debe partir do coñecemento previo do alumnado para acadar un dominio máis avanzado e sistemático da lingua, utilizando para iso unha terminoloxía específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

• Trátase, polo tanto, de abordar a aprendizaxe estruturada da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre o coñecemento e o uso da lingua a partir da elaboración de pequenos proxectos de investigación. Para iso hai que partir da observación do significado e a función que as formas lingüísticas adquiren no discurso. A manipulación de enunciados, o contraste entre oracións, a formulación de hipóteses e de regras, o uso de contraexemplos ou a conexión con outros fenómenos lingüísticos, permitirán

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

unha maior sistematización e comunicación dos resultados cunha metalinguaxe axeitada. En definitiva, procúrase estimular a reflexión metalingüística e interlingüística para que o estudantado poida pensar e falar sobre a lingua de maneira que ese coñecemento reverta nunha mellora das producións propias e da comprensión e interpretación crítica das alleas.
OBX10. Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.
• Lograr este obxectivo implica que as persoas sexan eficaces á hora de se comunicaren e que poñan as palabras ao servizo da dimensión ética da comunicación. • No ámbito da comunicación persoal, a educación lingüística debe axudar a forxar relacións interpersoais baseadas na empatía e no respecto, brindando recursos para a escoita activa, a comunicación asertiva, a deliberación argumentada e a resolución dialogada dos conflitos. Erradicar os usos discriminatorios e manipuladores da linguaxe, así como os abusos de poder a través da palabra é un imperativo ético. Nos ámbitos educativo, social e profesional, a educación lingüística debe capacitar para exercer unha cidadanía activa e comprometida na construción de sociedades máis equitativas, máis democráticas e máis responsables en relación cos grandes desafíos a que, como humanidade, estamos expostos: a sustentabilidade do planeta, a erradicación das diferentes violencias (incluída a violencia de xénero) e das crecentes desigualdades, etc.

29.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Lingua Galega e Literatura I 1º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	OBX1
• CA1.2. Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	OBX1
• CA1.3. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10
• CA1.4. Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	OBX10

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.
• Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).
• Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención a éuscaro e ao catalá), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.
• Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
• Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.
• Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.
• Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sustentabilidade lingüística.

Bloque 2. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA2.4. Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	OBX3
• CA2.5. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA2.6. Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA2.7. Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores, de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	OBX5
• CA2.8. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.9. Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	OBX6
• CA2.10. Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	OBX6

Contidos

• Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.

– Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

• Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

– Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

– Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.

– Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.

• Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

– Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.

– Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.

– Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

– Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.

– Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.

– Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

– Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.

– Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. – Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. – Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. – Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

Bloque 3. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA 3.1. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX4
• CA 3.2. Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX4
• CA 3.3. Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea, e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	OBX7
• CA 3.4. Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX7
• CA 3.5. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX8
• CA 3.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega –e tamén da lusófona– obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA 3.7. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX8
• CA 3.8. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega –e tamén do ámbito lusófono– que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. – Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. – Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. – Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e *bestsellers*. O debate sobre o canon literario. – Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. – Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. – Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. • Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. – Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. – Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. – Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. – Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. – Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. – Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. – Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA4.2. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.3. Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	OBX9
Contidos	
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. – Diferenzas relevantes e intersección entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. – A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. – Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). – Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. – Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. – Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.	

2º curso.

Materia de Lingua Galego e Literatura II 2º curso	
Bloque 1. As linguas e os seus falantes	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1 Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	OBX1
• CA1.2. Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	OBX1
• CA1.3. Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.4.Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	OBX10
Contidos	
• As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. • Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. • Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. • Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. • Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. • Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. • Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.	
Bloque 2. Comunicación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	OBX2
• CA2.2. Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	OBX2
• CA2.3. Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	OBX3
• CA2.4 Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	OBX3
• CA2.5. Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	OBX4
• CA2.6. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX4
• CA2.7. Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	OBX5
• CA2.8. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CE2.9. Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organiza-la e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	OBX6
• CE2.10. Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	OBX6

Contidos
• Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. – Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. • Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. – Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. – Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. – Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. • Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. – Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. – Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. – Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. – Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. – Produción escrita: elaboración, planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. – Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. – Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. – Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. – Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. – Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. – Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. – Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

Bloque 3. Educación literaria	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1 Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	OBX3
• CA3.2. Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	OBX5
• CA3.3. Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	OBX7
• CA3.4. Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX7
• CA3.5. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX8
• CA3.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	OBX8
• CA3.7. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA3.8. Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	OBX10

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
– Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
– Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
– Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e *bestsellers*.
– Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
– Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
– Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
• Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916-1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.
– Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
– Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
– Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
– Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
– Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
– Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
– Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

Bloque 4. Reflexión sobre a lingua	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	OBX4
• CA4.2. Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	OBX9
• CA4.3. Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	OBX9

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	OBX9
Contidos	
• Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. – Diferenzas relevantes e intersección ns entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. – A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. – Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). – Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. – Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. – Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.	

29.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Lingua Galega e Literatura desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Lingua Galega e Literatura e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-5	2-3				1-2		1
OBX2	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7	1-4			3	1.1			2-3.1-3.2
OBX8	1-4					1		1-2-3.1-3.2-4.2
OBX9	1-2	2	1-2		5			
OBX10	1-5	3		3	3.1	1-2-3		

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente.

– A realización de tarefas complexas, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI, que require persoas cultas, críticas e ben informadas.

– O deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sustentable, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. A análise do sexismo na publicidade, a comparación de escenas de películas, a elaboración de trípticos... servirían como exemplos que hai que seguir.

– O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Por exemplo, en primeiro de bacharelato, para desenvolver un programa de televisión en liña pódese organizar o traballo por equipos para o deseño do grafismo do programa, a selección da música, a elaboración do guión, a escolma das noticias, as entrevistas, a creación dun anuncio promocional e a gravación final.

– A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, ou de tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.

– Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

– O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou do grao de autonomía conferido ao alumnado.

– A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes. Os coñecementos básicos de portugués adquiridos na educación secundaria obrigatoria e as novas aprendizaxes sobre as súas variedades noutros territorios serán o punto de partida para desenvolver estratexias que, alén de facilitaren a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

– O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

– A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

– A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

– A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

– O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos, etc.

– O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

30. Linguaxe e Práctica Musical.

30.1. Introdución.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical proporciónalle ao alumnado unha formación que lle permite profundar no coñecemento e o uso da música como linguaxe universal, desenvolvendo habilidades perceptivas con fins expresivos e creativos.

A música precisa do cultivo da escoita como vía natural de acceso á súa apreciación, gozo e comprensión. A identificación de elementos musicais a través da audición require o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado non só analizar as súas características, senón tamén reflexionar sobre as emocións inherentes á propia percepción musical. Neste sentido, é importante que o alumnado adquira un vocabulario adecuado para describir a música e expresar as súas opinións e sentimentos.

Como soporte escrito de obras musicais, a partitura convértese en obxecto de estudo desta materia ao conectar aspectos perceptivos coa súa representación gráfica, xa sexa de forma convencional ou non convencional, posibilitando a conservación do repertorio. Así mesmo, achega información sobre a evolución da propia linguaxe a partir do seu estudo comparado, facilitando a comprensión de factores socioculturais que incidiron no seu desenvolvemento. Ademais, cando se utiliza como recurso de apoio á interpretación, a partitura favorece a práctica de habilidades de decodificación musical.

Tanto a escoita como a representación musical escrita son medios de acceso á obra. A través deles, o alumnado identifica e comprende padróns musicais que, unha vez interiorizados, forman parte do seu propio universo musical, podendo converterse en elementos xeradores de novas ideas. Neste proceso, adquiren especial relevancia as interpretacións e as improvisacións en que se utilizan a voz, o corpo ou os instrumentos musicais como medios para a expresión e a experimentación. Igualmente relevante é a participación en proxectos colaborativos que favorezan os procesos creativos, así como o descubrimento de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.

No contexto desta materia, o uso de aplicacións e programas informáticos para a transcrición, a gravación, a edición ou a difusión musical facilitan o desenvolvemento de numerosos coñecementos, destrezas e actitudes. Ao mesmo tempo, xera unha oportunidade para a reflexión sobre a necesidade de respectar a propiedade intelectual e os dereitos de autor.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical está deseñada a partir de cinco obxectivos que están vinculados cos da etapa, así como coas competencias clave previstas para o

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

bacharelato, especialmente coa competencia en conciencia e expresión culturais. A adquisición dos devanditos obxectivos permitirá que o alumnado poida recoñecer e utilizar os elementos da linguaxe musical e adquirir a sensibilidade necesaria para o achegamento á música desde a interpretación e a creación. Ao mesmo tempo, a súa consecución supón a adquisición de autonomía na lectura e na execución do discurso musical, imprescindibles para a apreciación de gran variedade de referencias artísticas e para a conformación dun criterio musical propio.

Os criterios de avaliación expostos, que se desprenden de forma directa dos obxectivos, serven para determinar o nivel competencial adquirido polo alumnado e están deseñados para aplicarse a partir de instrumentos de avaliación variados.

Pola súa banda, os criterios de avaliación e os contidos da materia divídense en dous bloques. O primeiro deles, «Linguaxe musical», inclúe os aspectos relacionados coa linguaxe musical como fundamento teórico da materia e a análise da música a través da escoita activa e da partitura; mentres que o segundo, «Práctica musical», fai referencia ás estratexias e técnicas de escoita para a práctica musical, ás técnicas de interpretación ou de lectura, así como ao uso de aplicacións e programas informáticos para a edición de partituras, a produción musical e audiovisual e a súa difusión.

As situacións de aprendizaxe da arte musical engloban os ámbitos comunicativo, analítico, expresivo, creativo, emocional e interpretativo. Así mesmo, favorecen o desenvolvemento de capacidades como a memoria, a atención, a concentración, a psicomotricidade, a autoestima, a xestión das emocións, o esforzo e a superación persoal. Tamén, a empatía co grupo, o pensamento crítico e a facultade para enfrontarse a situacións de tensións. En conclusión, o estudo da materia Linguaxe e Práctica Musical contribúe especialmente ao desenvolvemento integral e competencial do alumnado como individuo social.

30.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Cultivar a escoita activa, desenvolvendo estratexias de atención, para recoñecer e describir cun vocabulario adecuado os elementos que forman parte dunha obra e para reflexionar sobre aspectos subxectivos e emocionais inherentes á percepción musical.
• O recoñecemento e a descrición dos elementos constitutivos da linguaxe musical, a partir da escoita activa, resultan fundamentais para a comprensión das obras. A práctica de exercicios de percepción auditiva de complexidade progresiva favorece que o alumnado desenvolva as destrezas necesarias para a identificación sonora dos elementos musicais, así como para o recoñecemento da función destes dentro do discurso musical. Desta forma, prepárase o alumnado para a interiorización de padróns musicais que poden ser aplicados en procesos de interpretación ou de creación.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Neste marco, é necesario que o alumnado comprenda e utilice unha terminoloxía musical que lle permita describir de forma adecuada non soamente os trazos da obra, senón tamén as sensacións que esta lle xera, profundando en aspectos subxectivos propios da experiencia individual ante a música. Ademais, a escoita de diferentes tipos de obras posibilita o desenvolvemento por parte do alumnado de actitudes de apertura cara a novas sonoridades, enriquecendo os seus propios gustos musicais.
OBX2. Identificar os elementos musicais de obras de diferentes estilos e épocas, analizando e comparando partituras con diversas grafías, para describir as súas características e reflexionar sobre os factores que afectan á evolución da notación musical.
• A identificación e comprensión dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre, etc.), a través da análise de partituras con diferentes grafías, permítelle ao alumnado establecer vínculos entre o código musical escrito e a percepción auditiva da obra. Así mesmo, favorece a reflexión sobre a súa utilidade como medio para a conservación da música ao longo do tempo. • Na súa evolución, a linguaxe musical adquiriu diferentes formas para atender aos principios estéticos e ás necesidades de expresión humanas. O seu estudo comparativo, a través de partituras con diferente grafía, non só aproxima o alumnado ao coñecemento do código utilizado para poder decodificalo posteriormente, senón que o converte nun soporte para, a través da súa observación e análise, aproximarse a factores do contexto que afectan á creación musical e, en consecuencia, á súa representación na partitura.
OBX3. Aplicar estratexias de interpretación musical e coreográfica, utilizando a lectura como medio de aproximación á obra e adquirindo de forma progresiva habilidades de decodificación e integración da linguaxe musical, para realizar improvisacións ou executar con autonomía propostas musicais e dancísticas sinxelas.
• Nos procesos de interpretación musical e coreográfica, a lectura de partituras, con ou sen apoio da audición, convértese nun medio de acceso á obra, xa que permite o recoñecemento de elementos e a interiorización de padróns musicais. Neste sentido, a identificación do código musical para a súa aplicación práctica, facilítase cando se complementa con procesos previos de escoita e seguimento da partitura. Ademais, a partir dos materiais musicais asimilados, posibilítase a realización de improvisacións, individuais ou colectivas, libres ou dirixidas, nas que se elaboren novas ideas, empregando a voz, o corpo ou diferentes instrumentos musicais. • Así mesmo, o emprego destes recursos require a adquisición das habilidades técnicas necesarias para o seu uso. En consecuencia, para o logro desta competencia é fundamental concibir o ensaio como un espazo de lectura, escoita, aprendizaxe e gozo musical compartido, pero tamén de desenvolvemento de habilidades e destrezas expresivas.
OBX4. Realizar proxectos musicais colaborativos, planificando e implementando as súas fases e asumindo funcións diversas dentro do grupo, para favorecer procesos creativos e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.
• A participación en proxectos musicais preséntase como unha oportunidade para aplicar as aprendizaxes propias da materia nun marco eminentemente creativo, no que poden seleccionarse materiais musicais previamente traballados ou xerarse outros novos. • Ao realizar os proxectos de forma colaborativa, promóvese que o alumnado asuma diferentes funcións e que participe activamente e se comprometa en todas as fases do proceso. Esta experiencia permitiralle, desta maneira, descubrir e identificar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas á música. • Así mesmo, o desenvolvemento de proxectos musicais colaborativos contribúe ao cultivo de actitudes de respecto ante a diversidade de opinións, favorecendo o crecemento persoal e social do alumnado.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX5. Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais no ámbito musical, utilizando ferramentas de procesamento do son, de produción audiovisual e de edición de partituras, para desenvolver procesos de escritura, creación e difusión musical.
• As posibilidades que ofrecen as ferramentas e medios tecnolóxicos permítenlle ao alumnado participar no feito musical a través de procesos de edición de partituras e de produción sonora e audiovisual, utilizando diversas aplicacións e programas informáticos. Moitos destes recursos presentan unha interface noutra lingua, principalmente en inglés, co que se favorece, ao mesmo tempo, a adquisición dunha linguaxe técnica musical noutro idioma. • De igual forma, a difusión das producións musicais ou audiovisuais a través de diferentes plataformas dixitais en Internet amplía o marco comunicativo habitual do alumnado. Neste sentido, é importante que o alumnado avalíe os riscos dos espazos virtuais utilizados, coñeza as medidas de protección de datos persoais e asegure o respecto á propiedade intelectual e aos dereitos de autor.
OBX6. Interpretar un repertorio de obras musicais en formación orquestral (instrumentos Orff ou outros) ou vogal con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas de interpretación.
• A interpretación dun repertorio de obras de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, que integren os coñecementos adquiridos da linguaxe musical non só favorece, reforza e consolida a aprendizaxe teórica e práctica dos contidos da materia, senón que tamén pon de manifesto a importancia de coñecer a linguaxe da música e de contribuír coa súa interpretación á transmisión do patrimonio artístico e ao necesario recoñecemento do seu valor intrínseco. Así mesmo, a interpretación dese repertorio en concerto permite, en gran medida, a adquisición dos obxectivos e das competencias clave, á vez que axuda ao desenvolvemento integral do alumnado.

30.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Linguaxe e Práctica Musical 1º curso	
Bloque 1. Linguaxe musical	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Recoñecer e describir os diferentes parámetros do son e elementos musicais dunha obra (rítmicos, melódicos, harmónicos, tímbricos, formais, etc.), aplicando estratexias de escoita activa e de lectura analítica de partituras, e utilizando un vocabulario específico adecuado.	OBX1
• CA1.2. Describir as sensacións que xera a música e a súa posible vinculación coas características da obra e o contexto en que foi creada, reflexionando e extraendo conclusións sobre aspectos subxectivos inherentes á escoita musical.	OBX1
• CA1.3. Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre, etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	OBX2
• CA1.4. Comparar a representación dos elementos musicais en partituras con diferente grafía, reflexionando sobre os factores que inciden na evolución da notación musical.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Signos de representación musical dos parámetros do son.
• A melodía: intervalos simples e compostos. Tipos de escalas (diatónica, cromática, pentatónica, escala do blues, etc.).
• Escalas modais. A modalidade no folclore e a música pretonal.
• O ritmo: compases simples, compostos e de amálgama; ritmos básicos e complexos, irregulares e libres.
• Polirritmias e polimetrías.
• Grupos de valoración especial.
• A harmonía: o fenómeno físico harmónico; círculo de quintas; principais funcións harmónicas na tonalidade; acordes; ligazóns e cadencias; modulacións e progresións tonais con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo.
• A forma musical: unidades estruturais; formas simples e complexas.
• A textura: tipos.
• Elementos expresivos da música: dinámica, agóxica e articulación; indicacións e termos.
• Os elementos musicais (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos) na tradición musical occidental, no folclore e nas músicas populares urbanas.
• Notación convencional (grafía tradicional) e notación non convencional (introdución á notación da música contemporánea).
• Cifrado americano básico: nome das notas, acorde maior e menor.
• Estratexias de escoita ou visionado e de análises de pequenas obras ou fragmentos musicais sinxelos, de distintos estilos e épocas, a partir da escoita activa –con ou sen apoio de partitura–. Identificación do estilo e características musicais (agóxica, dinámica, compás, ritmo, melodía, instrumentación, etc.).
• Análise comparada e reflexiva de fragmentos de obras de diferentes épocas con distintas grafías, convencionais e non convencionais. Evolución da notación musical.
• A música como forma de expresión. Escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente.

Bloque 2. Práctica musical	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	OBX3
• CA2.2. Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	OBX3
• CA2.3. Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	OBX3
• CA2.4. Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	OBX3
• CA2.5. Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.6. Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	OBX5
• CA2.7. Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	OBX5
• CA2.8. Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	OBX6

Contidos

• Lectura e execución instrumental e vogal –a primeira vista e preparada– interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amálgama. Ritmos irregulares e libres; polirritmias e polimetrías, grupos de valoración especial.

• Identificación auditiva do pulso binario e ternario, dos acentos dos compases binarios, ternarios e cuaternarios e de cambios sinxelos de compás en fragmentos breves.

• Técnicas de realización escrita de ditados rítmicos e melódicos sinxelos a unha voz.

• Interpretación consciente vogal ou instrumental de grafías relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agóxica.

• Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais —Orff ou outros obxectos de son— de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura.

• O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas.

• Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas.

• Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel.

• Práctica auditiva ou interpretativa –instrumental e vogal– de estruturas tonais e modais. Estruturas melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos.

• Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas.

• Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás achegas de todos os seus membros.

• Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.

• Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.

• Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son, etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas adecuado ao nivel.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

30.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Linguaxe e Práctica Musical desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Linguaxe e Práctica Musical e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1		2		1.1-3.1			1-3.1
OBX2	1-2		2		1.1			2
OBX3	2				1.1-1.2			3.1-3.2
OBX4			3	3	3.2-5	2	1-3	4.1-4.2
OBX5		1		2-3	1.1		1-3	2-4.1
OBX6					1.1–3.1			4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A interiorización da aprendizaxe dos contidos teóricos a través dos prácticos, é dicir, o alumnado adquirirá os coñecementos da linguaxe musical a partir da experiencia.

– O fomento de situacións de aprendizaxe que engloben os ámbitos comunicativo, analítico, expresivo, creativo, emocional e interpretativo.

– A adquisición dos obxectivos grazas á escoita activa e a interpretación básica. Estas canles axudarán o alumnado a pór en valor as diferentes manifestacións musicais do acervo cultural propio ou alleo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A participación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe a través de experiencias, procesos, retos e tarefas que desenvolvan as súas capacidades de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade.

– A procura da mobilización nas actividades propostas dos diferentes recursos aprendidos polo alumnado, tanto no contexto da materia como noutros previos ou externos, para fomentar retos alcanzables que o involucren de maneira activa, vinculando ou seu desenvolvemento con situacións de relevancia universal e social.

– A inclusión na metodoloxía aplicada de diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, a atención á diversidade na prevención das dificultades de aprendizaxe para así poder pór en práctica, e a tempo, os mecanismos de reforzo adecuados. Ademais, favorecer a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo promovendo o traballo en equipo.

– O exercicio da práctica orquestral e a interpretación en agrupación vocal como recursos metodolóxicos moi importantes que cómpre ter en conta para a adquisición dos contidos específicos da materia, dos transversais, dos obxectivos e das competencias clave.

– A realización de proxectos colaborativos como os concertos de alumnado, tanto dentro como fóra do centro, xunto co desenvolvemento doutros proxectos musicais e dancísticos. Estes proxectos axudarán á resolución cooperativa de problemas, ao reforzo da autoestima a través da superación persoal, esforzo e disciplina, á autonomía e ás capacidades de reflexión, concentración e memoria; así mesmo, favorecerán as actitudes de compromiso, responsabilidade, empatía, tolerancia e respecto á diversidade. Ademais de contribuír especificamente á adquisición da competencia de «aprender a aprender» contribuirán ao desenvolvemento integral do alumnado.

– O uso de música que resulte próxima ao alumnado como elemento motivador.

31. Literatura Dramática.

31.1. Introdución.

A materia de Literatura Dramática enriquece de xeito innegable o desenvolvemento das competencias clave do alumnado de bacharelato, posto que amplía a súa conciencia artística e a súa sensibilidade, ligadas ás calidades expresivas, simbólicas, técnicas, estéticas e sociolóxicas do xénero teatral. Así mesmo, complementa o trazado seguido para a educación literaria na ensinanza secundaria e nas materias de Lingua Galega e

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Literatura Universal en bacharelato, polo que leva aparellados similares principios metodolóxicos. En efecto, a aula de literatura constitúe un espazo privilexiado para o desenvolvemento das dúas modalidades de lectura abordadas ao longo de toda a escolarización –a lectura guiada e a lectura autónoma–, o que favorece a confluencia dos seus respectivos corpus. No caso que nos ocupa e dadas as características do xénero dramático, estas dúas modalidades ábrense a un concepto máis amplo de recepción, polo que o acceso ao legado teatral se logra tanto a través da lectura coma do visionamento audiovisual ou da asistencia a postas en escena. En atención a esta especificidade, falaremos de recepción guiada e da recepción autónoma cando sexa pertinente facelo. Este percorrido pola inmensa intertextualidade literaria supón unha oportunidade magnífica para reflexionar sobre o sentido da literatura, da escritura, da autoría ou da relación co tempo social desde o que se escribe e desde o que se le. Por último, foméntase a capacidade de aprender a ser espectador ou espectadora de teatro, comprender a súa importancia e a súa vocación de creación de conciencia social, constatar e valorar a creación artística ao servizo dunhas linguaxes específicas e, alén diso, experimentar a práctica dalgunhas técnicas básicas de lectura dramática.

O enfoque proposto esperta no alumnado unha conciencia artística que resulta moi valiosa para entender, desde a aula, o proceso de creación e interpretación dunha obra dramática e para abrir portas á comprensión e á valoración do que chamamos tradición literaria. A isto debe engadirse que as obras do xénero teatral contan co enorme privilexio de resultaren moi axeitadas para seren compartidas entre comunidades de lectores e lectoras. A lectura compartida dunha obra xera unha infinidade de oportunidades para o intercambio de xuízos e perspectivas, para seguir lendo e investigando os distintos aspectos (de carácter temático, lingüístico, pragmático etc.) que a conforman, así como para producir diferentes textos. Para isto, desenvolven unha función moi importante os clubs de lectura dos centros educativos. Esta retroalimentación dos procesos de lectura ofrece un camiño enriquecedor para a configuración da identidade dos alumnos e alumnas como lectores e escritores de literatura, como público teatral e cultural, así como para a sistematización de metodoloxías que modelan esta identidade, potenciando o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

A materia permite, alén diso, a apropiación dun mapa de referencias arredor do xénero dramático ao longo da historia, ofrecendo técnicas de análise que lle permitan ao alumnado comprender, interpretar e gozar das diferentes artes escénicas, así como coñecer a relación cos seus contextos históricos e culturais de produción e representación escénica, que a maior parte das veces non son coincidentes, ao tempo que convida ao cuestionamento crítico dun canon que deixou fóra grande parte das obras escritas por mulleres ou

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

por autoras e autores galegos e doutras latitudes. A ampliación dos imaxinarios contribúe sen dúbida á cohesión social, á educación intercultural e á coeducación. Así mesmo, a lectura compartida e autónoma de clásicos da literatura dramática galega, lusófona, castelá e universal, a deliberación argumentada ao redor deles, o desenvolvemento de procesos de indagación, as actividades de apropiación e recreación dos clásicos contribúen tamén de maneira decisiva ao desenvolvemento das competencias clave.

O currículo de Literatura Dramática vertébrase sobre cinco obxectivos. En primeiro lugar, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de clásicos da literatura dramática, tanto lidos coma vistos en escena, que teñan en conta as relacións internas dos elementos construtivos da obra co sentido desta, así como a súa vinculación co contexto de produción e o seu lugar na tradición literaria, sen esquecer as especiais características de recepción do xénero e pondo tamén especial énfase nos modos de lectura dramatizada e grupal. En segundo lugar, a aplicación de estratexias de lectura e de recepción como público de obras de teatro de maneira autónoma, de modo que se aproveiten os mapas de referencia xurdidos da recepción guiada e compartida na aula para construír a súa identidade como espectador ou espectadora teatral. O terceiro obxectivo céntrase na lectura comparada de obras de diferentes épocas da literatura galega, lusófona, castelá e universal, contextos e linguaxes artísticas que permitan constatar a existencia de universais temáticos, arquetipos de personaxes e canles formais recorrentes ao longo da historia do xénero. Este terceiro obxectivo busca tamén analizar os vínculos entre o texto dramático e as súas distintas postas en escena ao longo do tempo, incluíndo adaptacións cinematográficas, ao tempo que favorece a apropiación dun marco de referencias compartidas e dun mapa cultural que permita contextualizar as futuras experiencias teatrais, literarias e artísticas ás que o alumnado vaia tendo acceso. En cuarto lugar, desenvólvese un obxectivo dedicado á práctica da escritura teatral. Por último, encontramos a participación no debate cultural arredor do canon literario e a necesidade de incorporar a el outras obras dramáticas que dean conta da diversidade de olladas sobre o mundo e a importancia da literatura na construción de imaxinarios.

Os criterios de avaliación, de enfoque inequivocamente competencial, atenden aos coñecementos, destrezas e actitudes relativos á interpretación de textos dramáticos e representacións teatrais, á formulación de xuízos de valor argumentados sobre as obras, á creación de textos de intención literaria e á conformación dun mapa cultural que permita a inscrición destas no seu contexto sociohistórico, literario e cultural. Todo isto reclama a diversificación de instrumentos e ferramentas de avaliación ao servizo do diagnóstico e a mellora das habilidades vinculadas á recepción, produción e interacción oral e escrita, así como os procesos de investigación e o desenvolvemento do pensamento crítico.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Dado que o encontro entre textos e persoas lectoras ou espectadoras constitúe o núcleo central da materia, os saberes organízanse arredor de catro bloques vinculados á recepción guiada (bloques 1, 2 e 3) e á recepción autónoma (bloque 4) de clásicos e obras relevantes da literatura dramática. O corpus é polo tanto coincidente, aínda que se desenvolven estratexias diferenciadas para unha modalidade e outra de lectura. O primeiro dos bloques, relacionado coa construción guiada e compartida de sentidos a partir da lectura, do visionamento e da asistencia teatral, iníciase, alén diso, co achegamento ás especificidades da arte teatral, prestando atención tanto ao texto como á realización escénica e á recepción do espectáculo. En canto á selección de textos, apóstase por un corpus aberto que convida o profesorado á configuración de itinerarios arredor dunha obra que será obxecto de recepción guiada e compartida na aula. Organizada en relación a catro eixes temáticos –teatro do eu, os outros, o mundo, o metateatro– a presentación non ten pretensións nin de limitar nin de esgotar as posibilidades de construción de itinerarios, non constitúen un catálogo de prescricións xustapostas. O seu obxectivo é facilitarlle ao profesorado exemplos para a construción de itinerarios de progreso adaptados á diversidade e ás necesidades do alumnado.

Non se pretende, por tanto, que ao longo do curso se esgoten todas as posibilidades que a proposta entraña, senón que cada docente seleccione un número determinado de obras e que elixa un foco que lle permita vinculalas a outras obras doutros contextos culturais ou moldes xenéricos para proceder posteriormente á lectura comparada dunhas e outras, así como á exploración das postas en escena que puideran ter ao longo do tempo. Estes itinerarios han de permitir unha aproximación a diferentes momentos, contextos de escritura, produción escénica e recepción, conflitos, arquetipos literarios e de personaxes, canles e formas de expresión, así como á lectura comparada de textos clásicos e contemporáneos, nacionais e estranxeiros, literarios e non literarios (historiográficos, de crítica literaria ou doutros códigos artísticos, incluída a escena teatral, a ficción audiovisual e dixital contemporánea).

A materia de Literatura Dramática permite, en definitiva, irlle descubrindo ao alumnado, a través da súa experiencia como lector ou como público teatral, o desenvolvemento das súas propias capacidades artísticas, creativas e interpretativas, e ir comprendendo así a necesaria relación entre os seus aspectos teóricos e prácticos. É fundamental unha dinámica de traballo con constantes alusións á práctica teatral e ás posibles situacións escénicas que percorren tempos e lugares moi diversos a partir do texto. Os alumnos e as alumnas desenvólvense así en aspectos como o literario, o estético e o cultural que, unidos ao aumento da súa sensibilidade, poden facilitar unha experiencia vital máis plena que lles axude a valorar a diversidade e a eliminar prexuízos e estereotipos sociais. Trátase, en

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

esencia, de contribuír ao enriquecemento do acervo cultural do alumnado e das súas posibilidades de expresión, aprendendo a apreciar tanto a beleza das obras, espectáculos e montaxes teatrais que ilustraron culturas pasadas, como as que sustentan o noso presente e avanzan o noso futuro.

Así mesmo, en contrapartida, as alumnas e os alumnos de Literatura Dramática tamén poden converterse en importantes dinamizadores culturais do seu centro, dentro e fóra das aulas, tanto nas actividades escolares coma extraescolares. O coñecemento e o desenvolvemento dos contidos propios da materia permitiralles seren pezas clave para promover actuacións que impliquen o resto da comunidade educativa (representacións teatrais, lecturas dramatizadas, teatro radiofónico, etc.).

31.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Ler obras da literatura dramática galega, lusófona, española e universal ou ver a súa posta en escena, atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos do xénero e as súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e a súa inscrición na tradición cultural, para alongar as posibilidades de gozo da literatura dramática e para estimular a creatividade literaria e artística.
• Este obxectivo ten a función de desenvolver habilidades de interpretación que permitan o acceso a obras relevantes do patrimonio dramático, que faciliten a verbalización dun xuízo de valor fundamentado sobre as lecturas ou as representacións dramáticas, apoiado na súa apreciación estética, e que axude a construír un mapa cultural que conxugue os horizontes galegos e estatais cos europeos e universais, e as obras teatrais con outras manifestacións artísticas. A meta é conseguir unha fruición consciente e elaborada ao redor do xénero teatral. • No entanto, non se trata de acometer unha historia da literatura dramática de pretensións enciclopédicas, senón de seleccionar un número reducido de obras que serán obxecto de lectura guiada e compartida na aula –ou nun espazo escénico– e que irán acompañadas dun conxunto de textos e representacións que permitirán tanto a súa contextualización histórica e cultural como a súa inscrición na tradición literaria e escénica, o acceso á historia das súas interpretacións e o diálogo con outras formas artísticas clásicas e contemporáneas. • Do mesmo xeito, desenvolverase convenientemente a lectura dramatizada, colectiva e en voz alta, prestando especial atención á configuración de situacións e escenas e pondo énfase nas emocións e na intensidade das palabras, nun proceso de aula con constantes alusións á práctica teatral e ás posibles situacións escénicas a partir do texto.
OBX2. Ler ou ver en escena de maneira autónoma obras relevantes da literatura dramática galega, lusófona, española e universal como fonte de pracer e de coñecemento; seleccionar de maneira orientada, con criterio propio e coa consulta de recomendacións especializadas aquelas que mellor se axustan aos gustos, intereses e necesidades persoais; diversificar formas de acceso ao feito teatral e compartir experiencias de recepción para forxar un criterio propio, e como público de teatro para construír a propia identidade literaria e para gozar da súa dimensión social.
• Desenvolver este obxectivo implica avanzar na consolidación da autonomía e na construción da propia identidade lectora, artística e cultural, esencial para o mantemento do hábito como lector e público escénico más alá da vida escolar, dedicando un tempo periódico e constante á lectura individual e á participación e ao gozo de eventos teatrais e das artes escénicas en xeral, así como á reflexión, que permita establecer relacións entre

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

os textos lidos, as súas diversas representacións e adaptacións a outros medios, como o cinema, a televisión ou os diversos formatos dixitais. A confluencia do corpus propio da modalidade de recepción guiada co da modalidade de recepción autónoma, constituído en ambos os casos por clásicos e obras relevantes da literatura dramática de todos os tempos, propicia a provisión de mapas de referencia que permitan a construción de itinerarios de progreso. A apropiación de habilidades de interpretación capaces de vencer as resistencias que ofrecen as obras e representacións teatrais de certa complexidade favorece o desenvolvemento de criterios de selección, imprescindibles na formación dun lector e espectador teatral autónomo.

• Isto supón ampliar as formas de gozo, a diversidade e a complexidade dos textos apreciados –que inclúa o contacto con formas literarias actuais, así como con prácticas culturais emerxentes e outras coma o cinema ou a ficción en televisión– e a capacidade de expresar a experiencia de recepción como lectores ou como público. Trátase de ampliar a bagaxe de lecturas teatrais e, por conseguinte, de enriquecer as formas de ler as obras para poder apreciar, progresivamente, a súa proposta estética, alén de poder ampliar os elementos en que se sustente a formulación da experiencia para valoralas, o que inclúe a identificación da intertextualidade entre os textos, así como a indagación e a lectura de ensaio relacionado coas lecturas e coas representacións teatrais.

OBX3. Establecer vínculos entre obras dramáticas de diferentes épocas (da literatura galega, lusófona, española e universal), contextos e linguaxes artísticas para constatar a existencia de universais temáticos, tipoloxías de personaxes e canles formais recorrentes ao longo da historia, e para recoñecer semellanzas e diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade.

• Este obxectivo incide na importancia de progresar, no marco dos itinerarios de recepcións guiadas establecidos polo profesorado, na aprehensión do funcionamento do fenómeno teatral, afondando na noción de texto teatral e nos elementos de significación da realización escénica e no sistema estilístico cando as obras son representadas. Para isto, será necesario sustentar a aprendizaxe en procesos de indagación e de construción compartida da interpretación das obras, o que inclúe a análise comparativa entre os textos dramáticos e as súas diversas postas en escena e entendendo as funcións e os efectos das distintas convencións a partir das cales se constrúe o teatro.

• Así mesmo, a indagación, a investigación e a comparación constantes entre distintas obras, as súas postas en escena, adaptacións cinematográficas ou outras representacións artísticas relacionadas conducirán á constatación da existencia de temas, tópicos e personaxes universais, así como á comprensión da flutuación histórica de recursos expresivos e valores éticos e estéticos, todo o cal configura a arte do teatro en xeral, e o xénero literario dramático en particular, como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios colectivos.

• Trátase, en definitiva, de seleccionar para a lectura guiada e compartida na aula algunhas obras relevantes do patrimonio literario de xénero dramático –un patrimonio que ha de incorporar a obra de mulleres escritoras– en función da súa pertinencia para mostrar elementos relevantes da construción e funcionamento do teatro e das relacións que establecen con outros textos e cos valores ideolóxicos e estéticos do seu contexto de produción, así como da súa capacidade de iluminar, comprender e explicar o noso presente.

OBX4. Empregar as capacidades expresivas e creativas necesarias para a recreación ou creación de textos dramáticos, utilizando os elementos que configuran o xénero, así como diferentes técnicas para compor a acción dramática, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas.

• A ensinanza da escritura teatral, quizais menos atendida na aula fronte á doutros xéneros literarios e tamén fronte aos xogos de teatralización de textos xa escritos, posúe un potencial expresivo e creativo para a promoción dun coñecemento diverso e experimentado das artes escénicas, que contribúe de maneira innegable ao desenvolvemento de persoas autónomas, participativas, solidarias, creativas e con cultura artística. A escritura dramática resulta moi adecuada como fonte de aprendizaxes lingüísticas, literarias e comunicativas. Conta, alén diso, coa vantaxe de relacionar de forma moi explícita a linguaxe oral e a escrita, co que promove a mellora de ambas as formas de expresión. Por último, a conflitividade dramática subxacente ao xénero teatral facilita a expresión íntima e persoal dos e das adolescentes e da xuventude, xa sexa sobre si mesmos ou sobre a súa visión do mundo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Este obxectivo require, por tanto, que a escritura dramática non sexa vista como un proceso meramente reprodutivo ou de imitación de determinada concepción de espectáculos moi presentes xa no seu imaxinario. Máis ben ao contrario, debe partir dun coñecemento o máis sistemático posible, aínda que nun nivel básico, da estrutura da obra teatral na súa dupla vertente de texto dramático e de representación escénica a través dos diversos textos e representacións visitados nos itinerarios da materia. Deste xeito, favorécese unha verdadeira procura de novas posibilidades creativas no alumnado, relacionando conceptos, identificando e modificando personaxes, escenarios, ambientes, conflitos, problemas e solucións arredor de situacións de experimentación dramática e propiciando sempre o desenvolvemento da súa propia intencionalidade creativa.
OBX5. Participar na construción dun canon literario dramático galego, lusófono, español e universal que integre a perspectiva de experiencia das mulleres e das voces galegas e doutras latitudes a través da lectura, do visionamento ou da asistencia a representacións de obras teatrais de escritoras ou de personaxes femininas esenciais que supere os marcos da cultura occidental, para establecer contrapuntos de interese, respecto e sensibilidade fronte a outras voces e para desenvolver o pensamento crítico a respecto da construción discursiva do mundo e dos seus imaxinarios.
• A sensibilidade contemporánea e os estudos literarios recentes coinciden ao sinalaren clamorosas ausencias na construción do canon literario. Ausentes as mulleres, ausentes tamén as voces non occidentais e das linguas periféricas, faise inescusable unha reconstrución do canon que incorpore unhas e outras, ao tempo que indaga nas causas da súa exclusión. Se a literatura e a arte son axentes determinantes nas construcións dos imaxinarios –a construción social dos xéneros, a configuración dun «nós» fronte aos «outros» ou o trazado de modelos sentimentais e amorosos– a educación literaria, neste caso ao redor do xénero dramático, debe incorporar habilidades de lectura, interpretación e reapropiación dos textos que desenvolvan unha ollada distanciada e que favorezan unha reflexión crítica da construción discursiva do mundo. Isto permitirá recoñecer e descartar actitudes inconscientemente sexistas e etnocéntricas ou racistas. • Para tal fin, a selección das obras obxecto de lectura compartida, así como os fragmentos e representacións teatrais a ela asociados, deben incorporar mostras representativas dun patrimonio autenticamente universal, con presenza de mulleres escritoras, de personaxes femininas destacables e de obras non occidentais, ao tempo que o fío condutor dalgún destes itinerarios pode pór o foco precisamente nestes aspectos. A presentación dun corpus de textos organizados tematicamente pretende favorecer estas apostas.

31.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Literatura Dramática 2º curso	
Bloque 1. Construción guiada: a arte teatral	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras teatrais lidas ou vistas como espectador ou espectadora, a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX1
• CA1.2. Ler en voz alta e colectivamente fragmentos e obras teatrais prestando especial atención á configuración de situacións e escenas; pondo énfase nas emocións, na intensidade das palabras e nos elementos prosódicos, e mostrando motivación, interese e capacidade para a implicación en tarefas colectivas.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura, do visionamento ou da asistencia a obras relevantes da literatura galega, lusófona, española e universal que atenda a aspectos temáticos, de xénero e subxénero, a elementos da estrutura e ao estilo e valores éticos e estéticos das obras, e que estableza vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX2
• CA1.4. Comparar textos ou fragmentos teatrais entre si ou coa súa posta en escena, adaptación cinematográfica ou outras representacións artísticas relacionadas, argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, e con atención aos valores éticos e estéticos das obras.	OBX3
• CA1.5. Desenvolver proxectos de investigación que dean lugar a unha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal arredor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre obras da literatura dramática obxecto de lectura guiada e as súas postas en escena ou outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, personaxes, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e que amose a implicación e a resposta persoal do lector ou lectora na obra.	OBX3
• CA1.6. Elaborar de xeito individual ou colectivo unha exposición multimodal que sitúe os textos teatrais lidos ou vistos no seu horizonte histórico-cultural e que ofreza unha panorámica de conxunto sobre xéneros, estilos e obras relevantes da literatura dramática universal galega, lusófona, española e universal.	OBX3
• CA1.7. Crear textos teatrais persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos teatrais significativos nos que se empreguen as convencións formais do xénero, atendendo especialmente ás súas dúas secuencias textuais básicas (diálogo e anotacións) e ao reflexo dos elementos de significación (espazo e obxectos escénicos, iluminación e son, deseño de personaxes ou códigos interpretativos) no texto escrito.	OBX4
• CA1.8. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, personaxes femininas esenciais, obras teatrais de contextos galegos, doutras latitudes ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha ollada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	OBX5
• CA1.9. Elaborar comentarios críticos ou recensións de textos teatrais, xa sexan orais ou escritos, participar en debates ou mesas redondas sobre lecturas, visionamentos e representacións teatrais nas que se incorpore a perspectiva de xénero e se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	OBX5
Contidos	
• O texto teatral. Definición e elementos. – O libreto: actos, cadros e escenas; diálogo, monólogo e aparte; didascalias e anotacións; *drammatis personnae*. – Estrutura interna da acción: conflito, situación e personaxes; construción dramática e posdramática; linguaxe e estilo. • A personaxe teatral. – Caracterización da personaxe dramática: planos, funcións, personaxe e acción, xerarquía, significado. – Modelos, tipoloxías e evolución da personaxe teatral desde as súas orixes ata a crise da personaxe no teatro moderno.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• A realización escénica e o sistema estilístico.
– Espazo escénico-escenográfico e obxecto escénico.
– Deseño de personaxe: vestiario, máscara e maquillaxe.
– Espazo sonoro, deseño de iluminación e recursos audiovisuais.
– Traballo actoral e códigos interpretativos.
• A recepción teatral: a relación co público.
– Catarse, estrañamento e participación.

Bloque 2. Construción guiada: temas e formas da literatura dramática	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras teatrais lidas ou vistas como espectador ou espectadora, a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX1
• CA2.2. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura, do visionamento ou da asistencia a obras relevantes da literatura galega, lusófona, española e universal que atenda a aspectos temáticos, de xénero e subxénero, a elementos da estrutura e ao estilo e valores éticos e estéticos das obras e que estableza vínculos argumentados con outras obras, e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX2
• CA2.3. Comparar textos ou fragmentos teatrais entre si ou coa súa posta en escena, adaptación cinematográfica ou outras representacións artísticas relacionadas, argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos e con atención aos valores éticos e estéticos das obras.	OBX3
• CA2.4. Elaborar de xeito individual ou colectivo unha exposición multimodal que sitúe os textos teatrais lidos ou vistos no seu horizonte histórico-cultural e que ofreza unha panorámica de conxunto sobre xéneros, estilos e obras relevantes da literatura dramática universal galega, lusófona, española e universal.	OBX3
• CA2.5. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, personaxes femininas esenciais, obras teatrais de contextos galegos e doutras latitudes ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha ollada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	OBX5

Contidos
• O teatro do eu: as personaxes como modelos vitais.
– Teatro biográfico: A construción do suxeito teatral e a indagación nas grandes interrogantes da condición humana: identidade, amor, dor, morte, etc.
– Texto autobiográfico: intimidade, testemuño e autorreferencialidade.
• Vivir cos outros: o teatro como modelo de interpretación das relacións humanas.
– Traxedia: o ser humano, o destino e a ética.
– Drama: liberdade individual e convencións sociais.
– Comedia: humor compracente, humor crítico.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• Vivir no mundo: función e sentido do teatro.
– Mitoloxías e cosmogonías: teatro crítico e relixioso de tradición galega, lusófona, española e universal.
– Reproducir o mundo: os realismos, o teatro como escola ou crítica de costumes.
– Teatro comprometido: teatro político, teatro documento, teatro épico.
– Teatro con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
– Imaxinar o mundo: comedia de maxia, simbolismo, vangardas, teatro posdramático etc.
• O teatro fala do teatro.
– Metaficción teatral.

Bloque 3. Construción guiada: estratexias de análise, interpretación e creación de textos teatrais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras teatrais lidas ou vistas como espectador ou espectadora, a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX1
• CA3.2. Ler en voz alta e colectivamente fragmentos e obras teatrais prestando especial atención á configuración de situacións e escenas, pondo énfase nas emocións, na intensidade das palabras e nos elementos prosódicos e mostrando motivación, interese e capacidade para a implicación en tarefas colectivas.	OBX1
• CA3.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura, do visionamento ou da asistencia a obras relevantes da literatura galega, lusófona, española e universal que atenda a aspectos temáticos, de xénero e subxénero, a elementos da estrutura e ao estilo e valores éticos e estéticos das obras e que estableza vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX2
• CA3.4. Participar en conversas literarias de maneira que se compartan as propias experiencias de lectura, de visionamento ou de asistencia teatral coa axuda dunha metalinguaxe específica.	OBX2
• CA3.5. Comparar textos ou fragmentos teatrais entre si ou coa súa posta en escena, adaptación cinematográfica ou outras representacións artísticas relacionadas, argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos e con atención aos valores éticos e estéticos das obras.	OBX3
• CA3.6. Desenvolver proxectos de investigación que dean lugar a unha exposición oral, a un ensaio ou a unha presentación multimodal arredor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre obras da literatura dramática obxecto de lectura guiada e as súas postas en escena ou outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, personaxes, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e que amose a implicación e a resposta persoal do lector ou lectora na obra.	OBX3
• CA3.7. Crear textos teatrais persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos teatrais significativos en que se empreguen as convencións formais do xénero, atendendo especialmente ás súas dúas secuencias textuais básicas (diálogo e anotacións ou didascalias) e ao reflexo dos elementos de significación (espazo e obxectos escénicos, iluminación e son, deseño de personaxes ou códigos interpretativos) no texto escrito.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.8. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, personaxes femininas esenciais, obras teatrais de contextos galegos e doutras latitudes ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha ollada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	OBX5
• CA3.9. Elaborar comentarios críticos ou recensións de textos teatrais, xa sexan orais ou escritos; participar en debates ou mesas redondas sobre lecturas, visionamentos ou asistencias teatrais en que se incorpore a perspectiva de xénero e se poña en cuestión a ollada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	OBX5

Contidos
• Participación na construción compartida da interpretación das obras dramáticas a través de discusións ou conversas literarias.
• Relación entre os elementos constitutivos do xénero dramático e a construción do sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. A interacción co público.
• Utilización de información sociohistórica, cultural e artística para construír a interpretación das obras e comprender o lugar que ocupan na tradición literaria.
• Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxe. Elementos de continuidade e ruptura.
• Indagación arredor do funcionamento do teatro como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais, facendo especial fincapé na perspectiva de xénero.
• Expresión argumentada da interpretación de obras e fragmentos dramáticos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. A recensión teatral.
• Lectura expresiva e dramatización dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados e aos trazos esenciais da interpretación teatral.
• Creación dos textos teatrais a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación, etc.).

Bloque 4. Recepción autónoma de obras relevantes da literatura dramática e participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións.	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras teatrais lidas ou vistas como espectador ou espectadora, a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX1
• CA4.2. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura, do visionamento ou da asistencia a obras relevantes da literatura galega, lusófona, española e universal que atenda a aspectos temáticos, de xénero e subxénero, a elementos da estrutura e ao estilo e valores éticos e estéticos das obras e que estableza vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX2
• CA4.3. Acceder de diversas formas á cultura literaria dramática galega, lusófona, española e universal no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e como público teatral.	OBX2
• CA4.4. Participar en conversas literarias de maneira que se compartan as propias experiencias de lectura, de visionamento ou de asistencia teatral coa axuda dunha metalinguaxe específica.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.5. Comparar textos ou fragmentos teatrais entre si ou coa súa posta en escena, adaptación cinematográfica ou outras representacións artísticas relacionadas, argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos e con atención aos valores éticos e estéticos das obras.	OBX3
• CA4.6. Desenvolver proxectos de investigación que dean lugar a unha exposición oral, a un ensaio ou a unha presentación multimodal arredor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre obras da literatura dramática obxecto de lectura guiada e as súas postas en escena ou outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, personaxes, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e que amose a implicación e a resposta persoal do lector ou lectora na obra.	OBX3
• CA4.7. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, personaxes femininas esenciais, obras teatrais de contextos galegos e doutras periferias ou latitudes ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha ollada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	OBX5
• CA4.8. Elaborar comentarios críticos ou recensións de textos teatrais, xa sexan orais ou escritos; participar en debates ou mesas redondas sobre lecturas, visionamentos ou asistencias teatrais en que se incorpore a perspectiva de xénero e se poña cuestión a ollada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	OBX5
Contidos	
• Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda do profesorado ou persoas especializadas. • Participación activa no circuíto literario, lector e teatral nun contexto presencial e dixital. • Definición dos gustos dramáticos persoais diversificando o corpus lido ou visto en tanto que espectador ou espectadora, atendendo aos circuítos culturais do teatro. • Expresión da experiencia lectora ou como público utilizando unha metalinguaxe específica e elaboración dunha interpretación persoal que atenda a aspectos temáticos e estruturais, de realización escénica e de sistema estilístico. • Mobilización da propia experiencia persoal, lectora e teatral para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida ou observada e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas, incluídas prácticas culturais emerxentes. • Recomendación das lecturas e postas en escena en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.	

31.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Literatura Dramática desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá de considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos seus descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar o adecuado grao de adquisición e o nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Literatura Dramática e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	4					1		1-2-3.1-3.2-4.2
OBX2	2-4				1.2-5		3	1-2-3.1
OBX3	1-4		2	1	5	1		1-2
OBX4	1			3	3.2			2-3.1-3.2-4.1-4.2
OBX5	1-2-4				3.1-4	1		1-2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo. Neste sentido, convén pór a énfase na atención á diversidade, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Algunhas suxestións para a creación de proxectos significativos son: a ilustración dunha obra dramática, a creación dun cómic con xeradores informáticos, a composición dun videoclip ao redor do argumento dunha obra teatral, a identificación de tópicos literarios en cancións, a creación dun telexornal literario con noticias relacionadas con movementos, tendencias, obras e autores de teatro, tanto galegos coma estranxeiros. Finalmente, recoméndase partir da confección de discursos que respondan aos diferentes moldes xenéricos ao redor de modelos recreados, incidindo especialmente nas estratexias que constitúen o proceso de escritura: a planificación do escrito, a redacción ou textualización a partir de borradores e a revisión destes antes da composición definitiva.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos dramáticos, da súa comprensión e da reflexión ao redor deles, tendo presente que esta non debe organizarse en saberes disciplinares estancos e descontextualizados que prolonguen a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua ou entre a reflexión literaria e o gozo de ler. Pola contra, debe adaptarse á realidade cambiante dun alumnado que vive inmerso nunha sociedade dixital e que é quen de procurar información de maneira inmediata a través das TIC, ampliando progresivamente a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, así como a súa educación literaria en xeral e a teatral en particular.

– As actuacións encamiñadas a que o alumnado descubra as súas propias capacidades artísticas, creativas e interpretativas, a través da súa experiencia como lector ou como público teatral, o que lle permitirá comprender a necesaria relación entre os seus aspectos teóricos e prácticos.

– O emprego dunha dinámica de traballo con constantes alusións á práctica teatral e ás posibles situacións escénicas que percorren tempos e lugares moi diversos a partir do texto, o que contribuirá ao desenvolvemento do alumnado en aspectos como o literario, o estético e o cultural que, unidos ao crecemento da súa sensibilidade, poden facilitar unha experiencia vital máis plena que lles axude a abrazar a diversidade e a eliminar prexuízos e estereotipos sociais.

– O enriquecemento do acervo cultural do alumnado e das súas posibilidades de expresión, aprendendo a apreciar tanto a beleza das obras, espectáculos e montaxes teatrais que ilustraron culturas pasadas como as que sustentan o noso presente e avanzan cara ao futuro.

– O fomento da capacidade de aprender a ser espectador ou espectadora de teatro, comprender a súa importancia e a súa vocación de creación de conciencia social, constatar e valorar a creación artística ao servizo dunhas linguaxes específicas e, alén diso, experimentar a práctica dalgunhas técnicas básicas de lectura dramática. A asistencia a representacións teatrais axudaría a conseguir este fin.

– A énfase na lectura comparada de textos clásicos e contemporáneos galegos, lusófonos, españois e estranxeiros, literarios e non literarios (historiográficos, de crítica literaria ou doutros códigos artísticos, incluída a escena teatral, a ficción audiovisual e dixital

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

contemporánea) que lle permita vinculalas con outras obras doutros contextos culturais ou moldes xenéricos, así como coa exploración de postas en escena que puidesen ter ao longo do tempo.

– O desenvolvemento do pensamento crítico e o cuestionamento dun canon que deixou fóra gran parte das obras escritas por mulleres ou por autoras e autores galegos ou doutras latitudes e a configuración dun novo canon dramático cun corpus de obras que dean conta da diversidade de olladas sobre o mundo e a importancia da literatura na construción de imaxinarios.

– A aplicación da metodoloxía de aprendizaxe-servizo, propiciando a colaboración con outros centros escolares ou outras institucións socioculturais da contorna. As representacións teatrais, teatro radiofónico, contacontos, dramatizacións en colexios, centros de maiores, centros de persoas con diversidade funcional, asociacións culturais etc. non só contribuirán a que o alumnado se sinta útil para a súa comunidade, senón tamén a consolidar os coñecementos adquiridos na aula.

– O afondamento e a posta en valor da escena galega, promovendo encontros con autores e autoras, directores e directoras de escena, dramaturgos ou actores e actrices, visitas guiadas ou virtuais a teatros, así como traballos de investigación (monográficos, compilacións, etc.) en formato analóxico ou dixital (*lapbook*, códigos QR...). O contacto cos profesionais galegos, o coñecemento dos espazos e os estudos específicos permitiranlle ao alumnado ter unha perspectiva máis ampla e positiva do panorama teatral galego.

– A procura da interterritorialidade entre Galicia e Portugal, coa colaboración entre grupos teatrais galegos e portugueses, xurdidos ao abeiro dos centros educativos. Por exemplo, mediante a representación de pezas teatrais que xiren arredor de figuras e momentos da historia de Galicia e Portugal.

– O desenvolvemento e a implicación en todo tipo de proxectos relacionados co universo teatral, especialmente os máis atractivos para a mocidade, de maneira que se potencie a asistencia e a participación en certames de teatro intercentros, concursos de teatro lido..., tanto dentro coma fóra de Galicia. A presenza nestes eventos, así como os intercambios físicos ou virtuais con alumnado doutros territorios (Portugal, Cataluña...), pode resultar moi enriquecedor non só para coñecer outras experiencias teatrais senón tamén outras realidades sociais. A participación nestes certames coa asistencia a espectáculos teatrais dentro e fóra dos centros educativos e a adaptación de pezas teatrais polo propio alumna-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

do, para a súa representación, contribuirían ao fomento da dramaturxia e á modernización da temática do teatro galego, procurando pola súa vez un público cómplice e activo.

– A expresión e a difusión dos gustos propios sobre as experiencias de lectura ou o visionamento de pezas teatrais a través de distintos medios. A revista do centro (recensións, artigos...), a radio escolar (sección de recomendacións lectoras, coloquios ou debates literarios...) ou as plataformas dixitais (*booktrailers*, *booktubers*...) poden ser excelentes espazos para que o alumnado manifeste as súas opinións e para que lle recomende as súas obras preferidas ao resto da comunidade educativa.

– A proposta de obras e fragmentos de textos dramáticos atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos, a loita contra o maltrato animal e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas dramáticas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos. A lectura compartida dunha obra dramática a través dos clubs de lectura dos centros xera unha chea de oportunidades para o intercambio de xuízos e perspectivas para seguir lendo e investigando os distintos aspectos (de carácter temático, lingüístico, pragmático etc.) que conforman a devandita peza dramática.

– O fomento da interdisciplinariedade, coa colaboración co equipo de dinamización da lingua galega e o resto dos departamentos didácticos, a partir da formación de grupos de teatro escolar, pode converter as alumnas e os alumnos de Literatura Dramática en importantes axentes dinamizadores culturais do seu centro. Neste sentido, poderían promoverse tamén actividades conxuntas co profesorado de linguas e das disciplinas máis vinculadas ás artes, sobre todo Música e Artes Plásticas, co fin de experimentar e explorar outras manifestacións artísticas vinculadas ao feito teatral, como as *performance*.

32. Literatura Universal.

32.1. Introdución.

A materia Literatura Universal continúa o trazado seguido para a educación literaria na etapa anterior, á vez que complementa a abordada en Lingua Castelá e Literatura de bacharelato. Constitúe un espazo privilexiado para o desenvolvemento das dúas modalidades de lectura literaria tratadas ao longo de toda a escolarización –a lectura guiada e a lectura autónoma– o que favorece a confluencia dos seus respectivos corpus e as súas formas de fruición. Desta maneira, os adolescentes e a xuventude afástanse paulatinamente da mera

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

lectura identificativa e argumental de obras próximas ao seu ámbito de experiencias, para acceder a obras complexas que reclaman habilidades de interpretación máis consolidadas e que abren a súa mirada a outros marcos culturais e espaciais de diferentes épocas.

Esta materia permite a apropiación dun mapa de referencias compartidas –obras e autores do patrimonio universal; movementos estéticos; xéneros e subxéneros; temas, tópicos, arquetipos, símbolos, etc. recorrentes ao longo da historia– á vez que convida ao cuestionamento crítico dun canon que deixou fóra gran parte das obras escritas por mulleres ou por autoras e autores non occidentais. A ampliación dos imaxinarios contribúe sen dúbida á cohesión social, á inclusión, á educación intercultural e á coeducación. A lectura compartida e autónoma dos clásicos da literatura universal, a deliberación argumentada e o comentario textual ao redor deles, o desenvolvemento de procesos de indagación ou as actividades de apropiación e recreación dos clásicos potencian o desenvolvemento do conxunto das competencias clave.

En coherencia con todo o anterior, son cinco os obxectivos que vertebran o currículo de Literatura Universal e que xiran ao redor dos eixes que se indican a continuación. En primeiro lugar, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de clásicos da literatura universal que teñan en conta as relacións dos elementos construtivos da obra co sentido desta, así como a súa vinculación co seu contexto histórico e literario. En segundo lugar, a lectura comparada de obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas que permitan constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia, así como recoñecer semellanzas e diferenzas. En terceiro lugar, o desenvolvemento de estratexias de lectura autónoma que aproveiten os mapas de referencia propios da lectura guiada. En cuarto lugar, a apropiación dun marco de referencias compartidas e dun mapa cultural que permita contextualizar as futuras experiencias literarias e artísticas ás que o alumnado vaia tendo acceso. Por último, a participación no debate cultural arredor do canon literario e da necesidade de incorporar outras obras e outras lecturas que dean conta da diversidade de miradas sobre o mundo e a importancia da literatura na construción de coñecemento e de imaxinarios.

Os criterios de avaliación, cun enfoque inequivocamente competencial, atenden aos coñecementos, destrezas e actitudes relativos á interpretación de textos literarios, á formulación de xuízos de valor argumentados sobre as obras e á conformación dun mapa cultural que permita a inscrición destas no seu contexto sociohistórico, literario e cultural. Todo iso reclama a diversificación de instrumentos e ferramentas de avaliación ao servizo do diagnóstico e da mellora das habilidades vinculadas á recepción, produción e interacción oral

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

e escrita, así como aos procesos de investigación e ao desenvolvemento do pensamento crítico.

Dado que o encontro entre textos e lectores constitúe o núcleo central da materia, os saberes organízanse ao redor de tres bloques vinculados á lectura guiada e á lectura autónoma de clásicos da literatura universal. O corpus é polo tanto coincidente, aínda que se desenvolven estratexias diferenciadas para unha modalidade e outra de lectura. En canto á selección de textos, apóstase por un corpus aberto que cruza o eixe temático co de xénero, convidando os docentes á configuración de itinerarios ao redor dunha obra que será obxecto de lectura guiada e compartida na aula. Organizada ao redor de catro fíos temáticos –o eu, os outros, o mundo e a natureza, cada un dos cales se vincula preferentemente a un xénero ou subxénero literario– a presentación non ten pretensións nin de limitar nin de esgotar as posibilidades de construción de itinerarios, é dicir, non constitúen un catálogo de prescricións xustapostas. O seu obxectivo é facilitarlle ao profesorado a construción de itinerarios de progreso adaptados á diversidade e ás necesidades do alumnado.

Non se pretende en ningún caso, polo tanto, que ao longo do curso se esgoten todas as posibilidades que entraña a proposta, senón de que cada docente seleccione un número determinado de obras e elixa un foco que lle permita vinculalas a outras obras doutros contextos culturais ou moldes xenéricos, para proceder posteriormente á lectura comparada dunhas e doutras. Estes han de permitir unha aproximación a diferentes momentos, contextos de produción e recepción, conflitos, arquetipos literarios, canles formais, formas de expresión etc. e á lectura comparada de textos clásicos e contemporáneos, nacionais e estranxeiros, literarios e non literarios (historiográficos, de crítica literaria ou doutros códigos artísticos, incluída a ficción audiovisual e dixital contemporánea).

Privilexiar o enfoque temático non debe supoñer, en ningún caso, prescindir da contextualización histórica das obras e da reconstrución da súa xénese artística e da súa pegada no legado posterior, nin relegar a un segundo plano os valores formais e especificamente literarios dos textos. De feito, a proposta amálgama os grandes temas da literatura coas distintas formas e xéneros en que se concretaron en cada obra e momento histórico. O eixe temático ofrece unha base que permite atravesar épocas e contextos culturais, establecer relacións entre o hoxe e o onte e entre literaturas diversas e conectar con cuestións que lle preocuparon á humanidade ao longo dos séculos e acerca das que aínda hoxe se preguntan os adolescentes e a xuventude.

Por todo iso, en cada un dos bloques temáticos hai descritores que permiten trazar itinerarios máis concretos, nos que a obra elixida irá acompañada dun conxunto de textos que

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

permitan a súa inserción no contexto histórico cultural de produción e a tradición literaria anterior e posterior, así como o acceso á historia das súas interpretacións e ao horizonte actual de recepción, tanto no plano das ideas coma das formas artísticas.

32.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Ler, interpretar e valorar clásicos da literatura universal atendendo tanto ás relacións internas dos elementos constitutivos do xénero e ás súas funcións nas obras como ás relacións externas das obras co seu contexto de produción e á súa inscrición na tradición cultural, para ampliar as posibilidades de gozo da literatura e para estimular a creatividade literaria e artística.
• Este obxectivo ten a función de desenvolver habilidades de interpretación que permitan o acceso a obras relevantes do patrimonio literario universal. Estas habilidades permitirán a verbalización dun xuízo de valor fundamentado sobre as lecturas, apoiado na súa apreciación estética e artística, e axudarán a construír un mapa cultural que conxugue os horizontes nacionais cos europeos e universais e as obras literarias con outras manifestacións artísticas. Trátase de conseguir unha fruición consciente e elaborada da lectura. • Non se pretende, con todo, acometer unha historia da literatura de pretensións enciclopédicas, senón seleccionar un número reducido de obras que serán obxecto de lectura guiada e compartida na aula e que irán acompañadas dun conxunto de textos que permitirán tanto a súa contextualización histórica e cultural como a súa inscrición na tradición literaria, o acceso á historia das súas interpretacións e o diálogo con outras formas artísticas clásicas e contemporáneas. Cada itinerario combinará, polo tanto, obras de diferentes xéneros literarios, períodos históricos e contextos culturais en función do eixe elixido como fío condutor e das que se seleccionarán fragmentos significativos. Trátase, en fin, de acompañar a lectura na aula dalgunhas obras relevantes do patrimonio literario universal, seleccionadas pola súa relevancia para mostrar as relacións que establecen con outros textos e cos valores ideolóxicos e estéticos do seu contexto de produción, así como pola súa capacidade de iluminar e explicar o noso presente.
OBX2. Ler de maneira autónoma clásicos da literatura universal como fonte de pracer e de coñecemento, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.
• Desenvolver este obxectivo implica avanzar na consolidación da autonomía e na construción da propia identidade lectora, esencial para a pervivencia do hábito lector máis alá da vida escolar, dedicando un tempo periódico e constante á lectura individual e asegurando momentos de reflexión e conversación que permitan establecer relacións entre os textos lidos. A confluencia do corpus propio da modalidade de lectura guiada co da modalidade de lectura autónoma propicia a provisión de mapas de referencia que permitan a construción de itinerarios de progreso. A apropiación de habilidades de interpretación e comprensión capaces de vencer as resistencias que expoñen as obras de certa complexidade favorece o desenvolvemento de criterios de selección, imprescindibles na formación de lector literario autónomo. • Este obxectivo contribúe á apropiación por parte do alumnado dun saber literario e cultural que permite establecer relacións entre as lecturas guiadas e as autónomas, así como indagar sobre as obras lidas, mobilizar a propia experiencia lectora e cultural na comprensión e interpretación dos textos e situar con precisión os textos no seu contexto histórico e cultural. Ademais, favorece a reflexión persoal acerca das distintas convencións a partir das cales se constrúen as obras.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Establecer vínculos entre obras de diferentes épocas, contextos, xéneros e linguaxes artísticas recoñecendo as semellanzas e as diferenzas en función dos seus respectivos contextos de produción e da interrelación entre literatura e sociedade, para constatar a existencia de universais temáticos e canles formais recorrentes ao longo da historia da cultura.

• O coñecemento dos imaxinarios –tanto dos seus elementos simbólicos coma das canles formais en que o ser humano cifrou e comunicou a súa experiencia elaborándoa artisticamente ao longo da historia– constitúe outro dos obxectivos propios da materia. Privilexiar o eixe temático na construción de itinerarios e abrilos á lectura intertextual ten un indubidable interese antropolóxico e cultural e unha enorme rendibilidade didáctica, xa que permite constatar a existencia de tópicos, temas e motivos que perviviron e determinar o seu diferente tratamento e recepción en diferentes épocas e contextos.

• Todo iso axúdanos a entendernos como individuos que senten e pensan nuns esquemas herdados, debedores dun legado cultural no que a literatura xoga un papel determinante, e que foi descartando ou consolidando formas e temas, ata o punto de depurar estas formas e estes temas nuns moldes: os xéneros literarios. Trátase de entender, en fin, a literatura como unha modalidade diferenciada da linguaxe cotiá, pero que absorbe e conforma a nosa constitución psicolóxica e social. Somos seres incapaces de pensarnos á marxe dun sistema de símbolos e experiencias comúns e, nese aspecto, a literatura desenvolve unha función esencial.

OBX4. Consolidar un marco de referencias compartidas a partir do coñecemento dalgúns trazos dos principais movementos estéticos e algunhas das obras literarias máis relevantes do patrimonio universal para conformar un mapa cultural no que inscribir as experiencias literarias e culturais persoais.

• A construción de imaxinarios, outrora confiada á literatura, descansa hoxe en día sobre os produtos da ficción audiovisual. Con iso refórzanse os vínculos xeracionais, mentres que se debilitan os vínculos interxeracionais pola ausencia de relatos compartidos. Por outra banda, a fragmentación e a vertixe propias das formas de vida actual dificultan a mirada ás ondas longas da historia, a arte e a cultura, imprescindibles para trazar as relacións que establecen unhas obras e outras tanto no plano sincrónico como no diacrónico. Á escola correspóndelle, polo tanto, un dobre labor: dun lado, a transmisión dun patrimonio cultural que consideramos valioso, ese conxunto de libros sobre os que, en determinado momento, descansa toda a cultura; doutro, a provisión duns mapas de referencia, simples e rigorosos, áxiles e precisos, nos que caiba inscribir as diferentes experiencias culturais ás que cada persoa vaia tendo acceso, máis alá mesmo dos anos de escolarización.

• Por iso, e aínda que o eixe de selección e de organización dos textos non sexa o cronolóxico, o ensino da literatura non pode prescindir da visión de conxunto da historia literaria nin ignorar a especificidade formal do texto literario, vinculada ás convencións artísticas do seu tempo e á evolución dos xéneros literarios. Con todo, esta visión de conxunto non debe interpretarse como un punto de partida do que se desprenden, como meros testemuños ou exemplos, os textos literarios, senón como un punto de chegada. Será a lectura dos textos –cuxa interpretación requirirá de elementos contextuais variados (históricos, sociais, artísticos e culturais– a que favorecerá a construción paulatina e compartida dun friso que permita observar, nun gran plano xeral, os grandes movementos estéticos, así como o lugar que ocupan neste as obras máis relevantes do patrimonio literario universal.

OBX5. Participar na construción dun canon literario universal que integre a perspectiva de experiencia das mulleres a través da lectura de obras de escritoras e que supere os marcos da cultura occidental para desenvolver o pensamento crítico con respecto á construción discursiva do mundo e dos seus imaxinarios.

• A sensibilidade contemporánea e os estudos literarios recentes coinciden ao sinalar clamorosas ausencias na construción do canon dunha literatura pretendidamente universal. Ausentes as mulleres, ausentes tamén as voces non occidentais, faise inescusable unha reconstrución do canon que incorpore unhas e outras á vez que indaga nas causas da súa exclusión. Se a literatura é un axente determinante na construción dos imaxinarios, a educación literaria debe incorporar habilidades de lectura, interpretación e reapropiación efectiva e afectiva dos textos que desenvolvan unha mirada distanciada e que favorezan a reflexión crítica acerca da construción discursiva do mundo. Iso permitirá recoñecer e descartar actitudes inconscientemente sexistas e etnocéntricas ou racistas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Para tal fin, a selección das obras obxecto de lectura compartida, así como os fragmentos a elas asociados, deben incorporar mostras representativas dun patrimonio autenticamente universal, con presenza de mulleres escritoras e obras non occidentais. O fío condutor dalgún destes itinerarios podería poñer o foco precisamente nestes aspectos. A presentación dun corpus de textos organizados neste sentido pretende favorecer estas apostas.

32.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Literatura Universal 1º curso	
Bloque 1. Lectura guiada: temas e formas da literatura universal	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX1
• CA1.2. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX1
• CA1.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX2
• CA1.4. Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	OBX2
• CA1.5. Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	OBX3
• CA1.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	OBX3
• CA1.7. Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofreza unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	OBX4
• CA1.8. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.9. Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	OBX5
Contidos	
• Dicir o eu. Identidade e literatura. – Poesía lírica. – A canción, forma de expresión dos sentimentos. – Literatura testemuñal e biográfica: diarios, cartas, memorias etc. – Realidade ficticia ou realidade representada: autobiografías, autoficción, etc. – Narrativa existencial: personaxes en crise. • Dialogar cos outros. – Fronte á lei ou ao destino: a traxedia. – Fronte ás convencións sociais: o drama. – Humor crítico, humor compracente: a comedia. • Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo. – Mundos imaxinados: mitos e narrativa. Mitoloxías. Heroes e heroínas. Viaxes imaxinarias. Espazos e criaturas fantásticas. Utopías, distopías, ciencia ficción. – Mundos observados: conto e novela. *Bildungsroman* ou novela de formación. Espazos privados, espazos públicos: afectos íntimos e lazos sociais. Desigualdades, discriminación, violencias. Guerra e revolución. Migracións e identidades culturais. Colonialismo e emancipación. Diálogos co poder. – Mundos de evasión. A literatura de aventuras e a novela policial. Literatura de terror. – Mundos en imaxes. O cómic. O cinema. – A arte como compromiso: o ensaio. A literatura de ideas. • O ser humano, os animais e a natureza: admiración, sobrecollemento, denuncia. Poesía, narrativa e ensaio.	
Bloque 2. Lectura guiada: estratexias de análises, interpretación, recreación e valoración crítica para a lectura compartida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX1
• CA2.2. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras, establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX2
• CA2.4. Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	OBX2
• CA2.5. Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	OBX3
• CA2.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	OBX3
• CA2.7. Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofreza unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	OBX4
• CA2.8. Realizar un proxecto de investigación sobre autoras de relevancia, obras literarias de contextos non occidentais ou sobre cuestións temáticas ou formais que acheguen unha mirada diversa e crítica sobre a construción de imaxinarios que propón a tradición literaria.	OBX5
• CA2.9. Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	OBX5

Contidos
• Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
• Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
• Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria.
• Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria.
• Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
• Indagación arredor do funcionamento da literatura como artefacto ideolóxico determinante na construción dos imaxinarios sociais e culturais, facendo fincapé na perspectiva de xénero.
• Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.
• Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados.
• Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. Lectura autónoma de obras relevantes do patrimonio universal	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1 Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	OBX1
• CA3.2. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	OBX1
• CA3.3. Elaborar unha interpretación persoal a partir da lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal, atendendo a aspectos temáticos, estruturais e estilísticos, de xénero e subxénero, valores éticos e estéticos das obras e establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	OBX2
• CA3.4. Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	OBX2
• CA3.5. Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	OBX3
• CA3.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	OBX3
• CA3.7. Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofreza unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	OBX4
• CA3.8. Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	OBX5
Contidos	
• Selección das obras de maneira autónoma e coa axuda de recomendacións especializadas. • Participación en conversacións literarias e en intercambios de recomendacións lectoras en contextos presenciais e dixitais. • Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. • Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido. • Expresión da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, estruturais, estilísticos, xenéricos e aos valores éticos e estéticos das obras. • Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas. • Recomendación das lecturas en soportes variados atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

32.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Literatura Universal desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e das liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Literatura Universal e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	4					1		1-2-3.1-3.2-4.2
OBX2	2-4			3	1.2-5			1-2-3.1
OBX3	1-2-4			1	5	1		1-2
OBX4	4			2-3		1		1-2-4.1-4.2
OBX5	1-2-4				4	1		1-2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo para actuar con creatividade, iniciativa e espírito crítico, a través dunha metodoloxía didáctica comunicativa, activa e participativa. Convén, polo tanto, orientar o alumnado cara á aproximación aos métodos de análise, indagación e investigación propios da modalidade textual elixida e do tipo de actividade proposta. Non hai que esquecer, neste sentido, a importancia da educación en valores a través da literatura, que ha de formar parte do proceso de ensino e aprendizaxe co fin de contribuír á adquisición dunha madurez persoal e social no alumnado que lle permita actuar de forma responsable e autónoma. Así mesmo,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

é imprescindible que a práctica docente da materia estimule no alumnado o interese e o hábito lector, de xeito que se lle garanta a oportunidade de desenvolver adecuadamente a linguaxe oral e escrita en diversos contextos comunicativos.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Convén lembrar tamén que a avaliación non ha de aplicarse exclusivamente ao produto final, elaborado de forma individual ou en grupo, senón que debe abarcar todo o proceso de creación do texto oral, escrito ou multimodal, tendo en conta a capacidade do alumnado para aprender de maneira autónoma, traballar en colaboración con outros compañeiros e aplicar os métodos de investigación adecuados. Algunhas suxestións para a creación de proxectos significativos son: a ilustración dunha obra literaria, a creación dun cómic con editores informáticos, a composición dun videoclip ao redor do argumento dunha obra, a identificación de tópicos literarios en cancións, a creación dun telexornal literario con noticias relacionadas con movementos, tendencias, obras e autores, con corresponden-tes en cada país elixido ou a elaboración dun *quizz* literario. Para o desenvolvemento destas ou doutras iniciativas semellantes, recoméndase partir da confección de discursos que respondan aos diferentes moldes xenéricos ao redor de modelos recreados, incidindo especialmente nas estratexias que constitúen o proceso da escritura: a planificación do traballo, a redacción ou textualización a partir de borradores e a revisión destes antes da composición definitiva.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na pre-vención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Así, por exemplo, para o traballo colabora-tivo, poderíanse formar pequenos grupos de alumnos e alumnas cuxa composición varíe segundo o tipo de tarefas que deban desempeñarse. Desta forma, favorécese a coeduca-ción e facilítase a intervención docente naqueles grupos que a requiran en maior medida. Por outra banda, é importante incidir nos contidos e nas actividades en que os estudantes mostren un nivel menos homoxéneo.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a ex-presión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode alcanzarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión ao redor deles, tendo presente que esta non debe organizarse en saberes dis-ciplinares estancos e descontextualizados que prolonguen a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua ou entre a reflexión literaria e o gozo de ler. Pola contra, debe

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

adaptarse á realidade cambiante dun alumnado que vive inmerso nunha sociedade dixital e que é capaz de buscar información de maneira inmediata a través das TIC, ampliando progresivamente a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, así como a súa educación literaria.

– A proposta de lectura de obras que estimulen o desexo de ampliar os ámbitos de coñecemento, que mostren aspectos clave do contexto sociocultural e que eleven o nivel de capacitación verbal do alumnado. Convén incidir na aplicación e no desenvolvemento de estratexias que potencien a expresión dos propios gustos literarios e que fomenten a creación dunha identidade lectora persoal e definida. Para logralo, é preciso habituar o alumnado a que lea con distintas motivacións e finalidades: para buscar información, para perfeccionar o uso da lingua ou linguas manexadas e para fomentar o achegamento a esta práctica como fonte de gozo. A educación literaria ha de asumir, polo tanto, o obxectivo de converter os alumnos e as alumnas en lectores competentes e progresivamente autónomos, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a súa vida.

– As estratexias de lectura compartida para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. Algunhas propostas concretas poden ser as seguintes: talleres de escritura creativa, organización de faladoiros literarios, creación de audiolibros ou dramatizacións e encontros con autoras e autores. Para a organización e o desenvolvemento adecuado de actividades como estas, convén incidir antes en tarefas de comprensión, análise, interpretación e produción, tanto de textos funcionais e non literarios (orais e escritos) coma literarios ou ficticios. A adquisición da competencia necesaria para a elaboración adecuada de discursos tales como os diálogos, coloquios, entrevistas ou os debates literarios precisa dunha exercitación previa na produción de textos e discursos orais e escritos acordes á situación comunicativa na que se efectúen.

– As estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras. Entre outras, *booktrailers*, emprego de aplicacións recompilatorias e exposicións de recensións literarias.

– O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado, para que sexa capaz de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión. Exemplos: realizar exposicións de poesía creada e ilustrada polo alumnado, adaptación audiovisual dun relato ou a representación

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

dunha obra teatral, colaboración nunha revista escolar, participación en concursos ou rutas literarias.

– O comentario e a análise das obras literarias e dos fragmentos propostos na clase, tanto na súa aproximación sincrónica coma na diacrónica, han de respectar os supostos comunicativos e textuais e completarse coas peculiaridades de cada xénero literario, tendo en conta tamén as interrelacións existentes entre os contextos e as situacións en que se producen as obras, así como as formas e os contidos destas. A asunción desta estratexia require de fases previas e fundamentais, como a lectura e a comprensión de textos nos que o alumnado poida diferenciar a información, a exposición e a argumentación, así como descubrir o gozo na recreación da lingua e na súa beleza e o desenvolvemento da súa imaxinación. O coñecemento de contextos, temas ou tendencias literarias permite achegarse de maneira práctica e funcional ás lecturas na súa complexidade e tamén fomentar o hábito lector, a ampliación e a riqueza do vocabulario, a importancia da oralidade e a necesidade da corrección expresiva para alcanzar un bo entendemento e unha comunicación social inequívoca. A análise de textos permite, ademais, profundar nos vínculos entre a literatura e outras artes, así como recoñecer a influencia de mitos, temas e tópicos creados pola literatura e o seu valor permanente na cultura universal. Un estudo comparativo arredor do tratamento dun contido determinado e a súa plasmación en distintas disciplinas artísticas e sociais constitúe un exemplo da operatividade desta estratexia.

33. Matemáticas.

33.1. Introdución.

As matemáticas constitúen un dos maiores logros científicos, culturais e intelectuais da humanidade. Ao longo da historia, as diferentes culturas esforzáronse en describir a natureza utilizando as matemáticas e en transmitirlles todo o coñecemento adquirido ás xeracións futuras. Hoxe en día, ese patrimonio intelectual adquire un valor fundamental, xa que os grandes retos globais, como a transformación dixital, o respecto ao ambiente, a eficiencia enerxética ou a industrialización inclusiva e sustentable, aos que a sociedade terá que facerlles fronte, requiren dun alumnado capaz de adaptarse ás condicións cambiantes, de aprender de forma autónoma, de modelizar situacións, de explorar novas vías de investigación e de usar a tecnoloxía de forma efectiva. Polo tanto, resulta imprescindible para a cidadanía do século XXI a utilización de coñecementos e destrezas matemáticas como o razoamento, a modelización, o pensamento computacional e a resolución de problemas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

O desenvolvemento curricular das Matemáticas I e II oriéntase ao logro dos obxectivos xerais da etapa, prestando unha especial atención ao desenvolvemento e á adquisición das competencias clave conceptualizadas nos descritores operativos de bacharelato que o alumnado debe conseguir ao finalizar a etapa. Así, a interpretación dos problemas e a comunicación dos procedementos e resultados están relacionadas coa competencia en comunicación lingüística e coa competencia plurilingüe. Establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua enlaza coa competencia emprendedora. A toma de decisións ou a adaptación ante situacións de incerteza son compoñentes propios da competencia persoal, social e de aprender a aprender. O uso de ferramentas dixitais no tratamento da información e na resolución de problemas entronca directamente coa competencia dixital en cuxo desenvolvemento as matemáticas xogaron un papel fundamental. O razoamento e a argumentación, a modelización e o pensamento computacional son elementos característicos da competencia STEM. As conexións establecidas entre as matemáticas e outras áreas de coñecemento, e a resolución de problemas en contextos sociais están relacionadas coa competencia cidadá. Doutra banda, o mesmo coñecemento matemático como expresión universal da cultura contribúe á competencia en conciencia e expresión culturais.

En continuidade coa educación secundaria obrigatoria, os eixes principais dos obxectivos de Matemáticas I e II son a comprensión efectiva de conceptos e procedementos matemáticos xunto coas actitudes propias do quefacer matemático, que permiten construír unha base conceptual sólida a partir da resolución de problemas, do razoamento e da investigación matemática, especialmente enfocados á interpretación e análise de cuestións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Os obxectivos céntranse nos procesos que mellor lle permiten ao alumnado desenvolver destrezas como a resolución de problemas, o razoamento e a argumentación, a representación e a comunicación, xunto coas destrezas socioafectivas. Estes procesos son resolución de problemas, razoamento e proba, conexións, comunicación e representación, ademais do desenvolvemento socioafectivo.

A resolución de problemas e a investigación matemática son dous compoñentes fundamentais no ensino das matemáticas, xa que permiten empregar os procesos cognitivos inherentes a esta área para abordar e resolver situacións relacionadas coa vida cotiá e coa ciencia e a tecnoloxía, desenvolvendo o razoamento, a creatividade e o pensamento abstracto. Os obxectivos de resolución de problemas, razoamento e proba e as súas conexións están deseñados para adquirir os procesos propios da investigación matemática, como son a formulación de preguntas, o establecemento de conxecturas, a xustificación e a xeneralización, a conexión entre as diferentes ideas matemáticas e o recoñecemento de conceptos e procedementos propios das matemáticas noutras áreas de coñecemento, particularmente nas ciencias e na tecnoloxía. Debe resaltarse o carácter instrumental das

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

matemáticas como ferramenta fundamental para as áreas de coñecemento científico, social, tecnolóxico, humanístico e artístico.

Outros aspectos importantes da educación matemática son a comunicación e a representación. O proceso de comunicación axuda a dar significado e permanencia ás ideas ao facelas públicas. Doutra banda, para entender e utilizar as ideas matemáticas é fundamental a forma en que estas se representan. Por iso, inclúense dous obxectivos enfocados á adquisición dos procesos de comunicación e representación tanto de conceptos como de procedementos matemáticos.

Co fin de asegurar que todo o alumnado poida facer uso dos conceptos e das relacións matemáticas fundamentais, e tamén chegue a experimentar a súa beleza e importancia, incluíuse un obxectivo relacionado co aspecto emocional, social e persoal das matemáticas. Preténdese contribuír, deste xeito, a desterrar ideas preconcibidas na sociedade, como a crenza de que só quen posúe un talento innato pode aprender, usar e gozar das matemáticas, ou falsos estereotipos fortemente arraigados como, por exemplo, os relacionados con cuestións de xénero.

O logro dos obxectivos valorarase cos criterios de avaliación, que priorizan a adquisición das competencias fronte á memorización de conceptos ou a reprodución rutineira de procedementos. Dada a natureza dos obxectivos, nalgúns casos a gradación dos criterios de avaliación entre os cursos primeiro e segundo realízase a través dos contidos.

Os criterios de avaliación e os contidos foron agrupados en bloques denominados «sentidos», entendidos como o conxunto de destrezas relacionadas co dominio en contexto de contidos numéricos, métricos, xeométricos, alxébricos, estocásticos e socioafectivos, que permiten empregalos dunha maneira funcional e con confianza na resolución de problemas ou na realización de tarefas.

O sentido numérico caracterízase pola aplicación do coñecemento sobre numeración e cálculo en distintos contextos, e polo desenvolvemento de destrezas e modos de facer e de pensar baseados na comprensión, a representación e o uso flexible dos números, de obxectos matemáticos formados por números e das operacións.

O sentido da medida céntrase na comprensión e comparación de atributos dos obxectos do mundo que nos rodea, así como da medida da incerteza.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

O sentido espacial aborda a comprensión dos aspectos xeométricos da nosa contorna; identificar relacións entre eles, situalos, clasificalos ou razoar con eles son elementos fundamentais da aprendizaxe da xeometría.

O sentido alxébrico proporciona a linguaxe na que se comunican as matemáticas. Son características deste sentido ver o xeral no particular, recoñecer relacións de dependencia entre variables e expresalas mediante diferentes representacións, así como modelizar situacións matemáticas ou do mundo real con expresións simbólicas. O pensamento computacional e a modelización incorporáronse neste bloque, pero non deben interpretarse como exclusivos del, senón que deben desenvolverse tamén no resto dos bloques.

O sentido estocástico comprende a análise e a interpretación de datos, a elaboración de conxecturas e a toma de decisións a partir da información estatística, a súa valoración crítica e a comprensión e comunicación de fenómenos aleatorios nunha ampla variedade de situacións.

O sentido socioafectivo implica a adquisición e aplicación de coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para entender e manexar as emocións que aparecen no proceso de aprendizaxe das matemáticas, o dominio de estratexias para o traballo matemático en equipo, a adecuada comunicación das ideas e a organización na resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Este sentido non debe traballarse de forma illada, senón ao longo do desenvolvemento da materia.

Este enfoque, diferente do habitual, permite un ensino das matemáticas que fai predominar e dar sentido aos conceptos en contexto, fronte á aprendizaxe de destrezas e algoritmos en situacións descontextualizadas.

As matemáticas non son unha colección de saberes separados e inconexos, senón que constitúen un campo integrado de coñecemento. O conxunto de obxectivos, criterios de avaliación e contidos están deseñados para constituír un todo que facilite a formulación de tarefas sinxelas ou complexas, individuais ou colectivas, dentro do propio corpo das matemáticas ou multidisciplinarias. Sen abandonar o uso de lapis e papel nos casos sinxelos, o emprego de ferramentas dixitais para investigar, interpretar e analizar posibilita que procesos e operacións que requiren sofisticados e tediosos métodos manuais, poidan abordarse de forma sinxela mediante o uso de calculadoras, follas de cálculo, programas de xeometría dinámica ou outro software específico, favorecendo o razoamento fronte ás aprendizaxes memorísticas e rutineiras.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

33.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.
• A modelización e a resolución de problemas constitúen un eixe fundamental na aprendizaxe das matemáticas, xa que son procesos centrais na construción do coñecemento matemático. Estes procesos aplicados en contextos diversos motivarán a aprendizaxe e establecerán uns cimentos cognitivos sólidos que permitan construír conceptos e experimentar as matemáticas como ferramenta para describir, analizar e ampliar a comprensión de situacións da vida cotiá ou da ciencia e da tecnoloxía. • O desenvolvemento deste obxectivo supón os procesos de análises e formulación do problema; a sistematización na procura de datos ou obxectos relevantes e as súas relacións; a súa codificación á linguaxe matemática ou a unha linguaxe fácil de interpretar por un sistema informático; a creación de modelos abstractos de situacións reais, e o uso de estratexias heurísticas de resolución, como a analoxía con outros problemas, estimación, ensaio e erro, resolución de maneira inversa (ir cara atrás) ou a descomposición en problemas máis sinxelos, entre outras.
OBX2. Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.
• A análise das solucións obtidas na resolución dun problema potencia a reflexión crítica, o razoamento e a argumentación. A interpretación das solucións e conclusións obtidas, considerando ademais da validez matemática diferentes perspectivas como a sustentabilidade, o consumo responsable, a equidade ou a non discriminación, entre outras, axuda a tomar decisións razoadas e a avaliar as estratexias. • O desenvolvemento deste obxectivo supón procesos reflexivos propios da metacognición como a autoavaliación e a coavaliación, o uso eficaz de ferramentas dixitais, a verbalización ou a descrición do proceso e a selección entre diferentes modos de comprobación de solucións ou de estratexias para validalas e avaliar o seu alcance.
OBX3. Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.
• A formulación de conxecturas e a xeración de problemas de contido matemático son dúas compoñentes importantes e significativas do currículo de Matemáticas e están consideradas unha parte esencial do quefacer matemático. Probar ou refutar conxecturas con contido matemático sobre unha situación formulada ou sobre un problema xa resolto implica facer novas preguntas, así como a reformulación do problema durante o proceso de investigación. • Cando o alumnado xera problemas ou realiza preguntas, mellora o razoamento e a reflexión á vez que constrúe o seu propio coñecemento, o que se traduce nun alto nivel de compromiso e curiosidade, así como de entusiasmo cara ao proceso de aprendizaxe das matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón fomentar un pensamento máis diverso e flexible, mellorar a destreza para resolver problemas en distintos contextos e establecer pontes entre situacións concretas e as abstraccións matemáticas.
OBX4. Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito da ciencia e da tecnoloxía.
• O pensamento computacional entronca directamente coa resolución de problemas e a formulación de procedementos algorítmicos. Co obxectivo de chegar a unha solución do problema que poida ser executada por un sistema informático, será necesario utilizar a abstracción para identificar os aspectos máis relevantes e descompoñer o problema en tarefas máis simples que se poidan codificar nunha linguaxe apropiada. Así

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

mesmo, os procesos do pensamento computacional poden culminar coa xeneralización. Levar o pensamento computacional á vida diaria e ao ámbito da ciencia e da tecnoloxía supón relacionar as necesidades de modelaxe e simulación coas posibilidades do seu tratamento informatizado. • O desenvolvemento deste obxectivo supón a creación de modelos abstractos de situacións cotiás e do ámbito da ciencia e da tecnoloxía, a súa automatización e a codificación nunha linguaxe fácil de interpretar de forma automática.
OBX5. Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.
• Establecer conexións entre as diferentes ideas matemáticas proporciona unha comprensión máis profunda de como varios enfoques dun mesmo problema poden producir resultados equivalentes. O alumnado pode utilizar ideas procedentes dun contexto para probar ou refutar conxecturas xeradas noutro contexto diferente e, ao conectar as ideas matemáticas, pode desenvolver unha maior comprensión dos conceptos, procedementos e argumentos. Percibir as matemáticas como un todo implica estudar as súas conexións internas e reflexionar sobre elas, tanto as existentes entre os bloques como entre as matemáticas dun mesmo ou distintos niveis ou as de diferentes etapas educativas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón enlazar as novas ideas matemáticas con ideas previas, recoñecer e utilizar as conexións entre elas na resolución de problemas e comprender como unhas ideas se constrúen sobre outras para formar un todo integrado.
OBX6. Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.
• Observar relacións e establecer conexións matemáticas é un aspecto clave do quefacer matemático. Afondar nos coñecementos matemáticos e na destreza para utilizar un amplo conxunto de representacións, así como no establecemento de conexións entre as matemáticas e outras áreas de coñecemento, especialmente coas ciencias e a tecnoloxía, confírenlle ao alumnado un gran potencial para resolver problemas en situacións diversas. • Estas conexións tamén deberían ampliarse ás actitudes propias do quefacer matemático de forma que estas poidan ser transferidas a outras materias e contextos. Neste obxectivo xoga un papel relevante a aplicación das ferramentas tecnolóxicas no descubrimento de novas conexións. • O desenvolvemento deste obxectivo supón o establecemento de conexións entre ideas, conceptos e procedementos matemáticos, outras áreas de coñecemento e a vida real. Así mesmo, implica o uso de ferramentas tecnolóxicas e a súa aplicación na resolución de problemas en situacións diversas, valorando a contribución das matemáticas á resolución dos grandes retos e obxectivos ecosociais, tanto ao longo da historia como na actualidade.
OBX7. Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.
• As representacións de conceptos, procedementos e información matemática facilitan o razoamento e a demostración, utilízanse para visualizar ideas matemáticas, examinar relacións e contrastar a validez das respostas e atópanse no centro da comunicación matemática. • O desenvolvemento deste obxectivo supón a aprendizaxe de novas formas de representación matemática e a mellora do coñecemento sobre o seu uso eficaz, recalcando as maneiras en que representacións distintas dos mesmos obxectos poden transmitir diferentes informacións e mostrando a importancia de seleccionar representacións adecuadas a cada tarefa.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX8. Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.
• Na sociedade da información faise cada día máis patente a necesidade dunha comunicación clara e veraz, tanto oralmente como por escrito. Interactuar con outras persoas ofrece a posibilidade de intercambiar ideas e reflexionar sobre elas, colaborar, cooperar, xerar e afianzar novos coñecementos convertendo a comunicación nun elemento indispensable na aprendizaxe das matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón expresar publicamente feitos, ideas, conceptos e procedementos complexos verbal, analítica e graficamente, de forma veraz e precisa, utilizando a terminoloxía matemática adecuada, co fin de lles dar significado e permanencia ás aprendizaxes.
OBX9. Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.
• A resolución de problemas ou de retos máis globais nos que interveñen as matemáticas representa a miúdo un desafío que involucra multitude de emocións que convén xestionar correctamente. As destrezas socioafectivas dentro da aprendizaxe das matemáticas fomentan o benestar do alumnado, a regulación emocional e o interese polo seu estudo. • Doutra banda, traballar os valores de respecto, igualdade ou resolución pacífica de conflitos, á vez que se superan retos matemáticos de forma individual ou en equipo, permite mellorar a autoconfianza e normalizar situacións de convivencia en igualdade, creando relacións e contornas de traballo saudables. Así mesmo, fomenta a ruptura de estereotipos e ideas preconcibidas sobre as matemáticas asociadas a cuestións individuais, por exemplo, as relacionadas co xénero ou coa existencia dunha aptitude innata para as matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón identificar e xestionar as propias emocións no proceso de aprendizaxe das matemáticas, recoñecer as fontes de tensións, ser perseverante na consecución dos obxectivos, pensar de forma crítica e creativa, crear resiliencia e manter unha actitude proactiva ante novos retos matemáticos. Así mesmo, implica mostrar empatía polos demais, establecer e manter relacións positivas, exercitar a escoita activa e a comunicación asertiva no traballo en equipo e tomar decisións responsables.

33.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Matemáticas I 1º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	OBX3
• CA1.2. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA1.3. Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA1.4. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Sentido das operacións. – Concepto de escalar e de vector fixo e libre. – Adición, produto de escalares por vectores e produto escalar de vectores: propiedades e interpretación xeométrica das operacións. – Estratexias para operar con números reais e vectores: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados. • Relacións. – Conxunto de vectores: estrutura. Estratexias de comprensión das operacións con números reais e vectores relacionando e comparando as súas propiedades. – Combinacións lineais. Dependencia e independencia lineal. Concepto de base. – Módulo dun vector e ángulo de dous vectores. Bases ortogonais e ortonormais. – Aplicación dos vectores, as súas operacións, propiedades e interpretación xeométrica á vida cotiá e á ciencia e a tecnoloxía. – Os números complexos como solucións de ecuacións polinómicas con raíces non reais. – Formas binómica e polar. Representacións gráficas. – Suma, resta, multiplicación, división, potencias e raíces de números complexos. – Resolución de ecuacións polinómicas con solucións non reais. Aplicación a problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.

Bloque 2. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	OBX3
• CA2.2. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA2.3. Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA2.4. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	OBX1
• CA2.5. Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	OBX2

Contidos
• Medición. – Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Circunferencia goniométrica. – Razóns trigonométricas dos ángulos suma, diferenza, dobre e metade. – Resolución de ecuacións trigonométricas sinxelas. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. – Cálculo de lonxitudes e medidas angulares: uso da trigonometría. Aplicación do teorema do seno e do coseno á resolución de triángulos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.

– A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.

• Cambio.

– Transformacións de funcións (operacións aritméticas, composición, valor absoluto e inversa), utilizando ferramentas dixitais para realizar as operacións coas expresións simbólicas máis complicadas.

– Concepto de límite dunha función nun punto e no infinito. Interpretación gráfica. Estimación e cálculo a partir dunha táboa, unha gráfica ou unha expresión alxébrica.

– Cálculo de límites nun punto e no infinito de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e trigonométricas. Resolución de indeterminacións. Cálculo de asíntotas.

– Concepto de continuidade dunha función nun punto. Estudo da continuidade dunha función graficamente. Aplicación de límites no estudo da continuidade. Tipos de descontinuidades. Interpretación gráfica. Función continua nun conxunto.

– Taxa de variación media (TVM) e taxa de variación instantánea (TVI) dunha función. Interpretación da TVM e da TVI en situacións da vida cotiá e en problemas da ciencia e a tecnoloxía.

– Derivada dunha función nun punto: definición a partir do estudo do cambio en diferentes contextos. Interpretación xeométrica. Recta tanxente. Utilización da definición de derivada dunha función nun punto para o seu cálculo en casos sinxelos.

– Función derivable nun conxunto. Función derivada. Derivadas sucesivas.

– Funcións derivadas das funcións elementais. A derivada e as operacións con funcións.

– Cálculo de derivadas utilizando lapis e papel en casos sinxelos e ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complexos.

– Aplicación dos límites, a continuidade e a derivada a situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.

Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	OBX3
• CA3.2. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA3.3. Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA3.4. Manexar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na modelización e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, avaliando a súa eficiencia en cada caso.	OBX1

Contidos

• Formas xeométricas de dúas dimensións.

– Obxectos xeométricos de dúas dimensións: análise das propiedades e determinación dos seus atributos. Relación coas operacións con vectores.

– Resolución de problemas relativos a obxectos xeométricos no plano representados con coordenadas cartesianas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Aplicación das operacións con vectores para a resolución de problemas xeométricos. Utilización de ferramentas tecnolóxicas.

• Localización e sistemas de representación.

– Relacións de obxectos xeométricos no plano: representación e exploración con axuda de ferramentas dixitais.

– Expresións alxébricas de obxectos xeométricos: identificación dos elementos característicos das rectas e das ecuacións da recta no plano. Paso dun tipo de ecuación a outra e selección da máis adecuada en función da situación para resolver.

• Visualización, razoamento e modelización xeométrica.

– Modelización da posición e o movemento dun obxecto no plano mediante vectores.

– Estudo de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no plano. Representación mediante ferramentas dixitais.

– Modelos matemáticos (xeométricos, alxébricos, grafos...) na resolución de problemas no plano. Conexións con outras disciplinas e áreas de interese.

– Resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no plano.

– Conxecturas xeométricas no plano: validación por medio da dedución e da demostración.

Bloque 4. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA4.2. Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA4.3 Resolver problemas en contextos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA4.4. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	OBX1
• CA4.5. Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	OBX2
• CA4.6. Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía utilizando o pensamento computacional, modificando e creando algoritmos.	OBX4
• CA4.7. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	OBX3

Contidos

• Padróns.

– Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.

• Modelo matemático.

– Relacións cuantitativas en situacións sinxelas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Uso de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e sistemas de inecuacións para modelizar situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. • Igualdade e desigualdade. – Resolución de ecuacións polinómicas, racionais, irracionais e de ecuacións exponenciais e logarítmicas sinxelas. – Resolución de sistemas de ecuacións de segundo grao con dúas incógnitas. – Resolución gráfica e alxébrica de inecuacións lineais, de segundo grao e racionais sinxelas cunha incógnita. – Resolución gráfica e alxébrica de sistemas de inecuacións lineais con unha ou dúas incógnitas. – Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, usando lapis e papel ou medios tecnolóxicos e interpretando as solucións. • Relacións e funcións. – Funcións a partir de táboas e gráficas. Aspectos globais dunha función. – As funcións e a súa representación gráfica na interpretación de fenómenos relacionados coa vida cotiá e coa ciencia e a tecnoloxía utilizando lapis e papel ou ferramentas dixitais. – Propiedades das distintas clases de funcións, incluídas as polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais sinxelas, logarítmicas, trigonométricas e a anacos: comprensión e comparación. – Aplicación do cálculo diferencial ao estudo da monotonía, extremos, curvatura e puntos de inflexión de funcións polinómicas, exponenciais, irracionais, racionais sinxelas, logarítmicas e trigonométricas. – Aplicación do cálculo diferencial á representación gráfica de funcións polinómicas e racionais sinxelas. Estudo das súas características principais: dominio, simetrías, periodicidade, crecemento, decrecemento, extremos, curvatura, puntos de inflexión e asíntotas. – Álxebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía. • Pensamento computacional. – Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía utilizando ferramentas ou programas adecuados. – Comparación de algoritmos alternativos para o mesmo problema mediante o razoamento lóxico.

Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Adquirir novo coñecemento matemático a partir da formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	OBX3
• CA5.2. Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA5.3. Manexar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na modelización e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, avaliando a súa eficiencia en cada caso.	OBX1
• CA5.4. Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Organización e análise de datos. – Variables bidimensionais: distribución conxunta, distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. – Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. – Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos científicos e tecnolóxicos. – Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos. • Incerteza. – Cálculo da probabilidade a partir da súa aproximación frecuencial e como medida da incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a súa experimentación. – Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto. Axiomática de Kolmogorov. • Inferencia. – Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais con ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións.

Bloque 6. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se expoñen na sociedade.	OBX6
• CA6.2. Afrontar as situacións de incerteza identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.3. Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facerlles fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.4. Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables.	OBX9
• CA6.5. Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	OBX8
• CA6.6. Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	OBX8

Contidos
• Crenzas, actitudes e emocións. – Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. – Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Traballo en equipo e toma de decisións. – Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas e tarefas matemáticas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso. – Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en equipos heteroxéneos. • Inclusión, respecto e diversidade. – Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. – Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. • Comunicación e organización. – Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. – Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. – Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

2º curso.

Materia de Matemáticas II 2º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA 1.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	OBX3
• CA1.2. Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA1.3. Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
Contidos	
• Sentido das operacións. – Operacións con vectores no espazo. Adición e produto de vectores e matrices: interpretación, comprensión e uso adecuado das propiedades. – Produto escalar, vectorial e mixto: definición, propiedades, interpretación xeométrica. – Matrices: clasificación e operacións. – Determinantes. Propiedades elementais. – Matriz inversa: determinar as condicións para a súa existencia e calculala usando o método máis apropiado.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Estratexias para operar con números reais, vectores, matrices e determinantes: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados. – Resolución de problemas mediante as operacións con matrices. • Relacións. – Conxuntos de vectores e matrices: estrutura, comprensión e propiedades. – Dependencia e independencia lineal. Concepto de base. – Rango dunha matriz. Cálculo utilizando o método de Gauss ou determinantes.

Bloque 2. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA2.2. Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA2.3. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	OBX1
• CA2.4. Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	OBX2

Contidos
• Cambio. – Continuidade dunha función. Continuidade en intervalos pechados. Teorema de Bolzano. – Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. Aplicacións. – Regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites. – Aplicación dos conceptos de límite, continuidade e derivabilidade á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións. – Aplicación da derivada como razón de cambio á resolución de problemas de optimización en contextos diversos. • Medición. – Utilización dos produtos entre vectores para a resolución de problemas que impliquen medidas de lonxitude, superficie ou volume nun sistema de coordenadas cartesianas e tendo en conta o seu significado xeométrico. – Concepto de integral definida. Interpretación da integral definida como a área baixo unha curva. Propiedades. – Teorema do valor medio e teorema fundamental do cálculo integral. Interpretación xeométrica. – Concepto de primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades. – Regra de Barrow. – Técnicas elementais para o cálculo de primitivas: integrais inmediatas e case inmediatas, por partes, cambio de variable e racionais con raíces reais. – Técnicas para a aplicación do concepto de integral á resolución de problemas que impliquen cálculo de áreas de superficies planas limitadas por rectas e curvas ou por dúas curvas e de volumes de revolución. – A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretación subxectiva, clásica e frecuentista.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Demostrar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA3.2. Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA3.3. Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA3.4. Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resolven problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	OBX1
Contidos	
• Formas xeométricas de tres dimensións. – Obxectos xeométricos de tres dimensións: análise das propiedades e determinación dos seus atributos. Relación coas operacións con vectores. – Aplicación das operacións con vectores para a resolución de problemas xeométricos. Utilización de ferramentas tecnolóxicas. • Localización e sistemas de representación. – Relacións de obxectos xeométricos no espazo: representación e exploración con axuda de ferramentas dixitais. – Expresións alxébricas dos obxectos xeométricos no espazo: identificación dos elementos característicos e das ecuacións da recta e do plano no espazo. Paso dun tipo de ecuación a outra e selección da máis adecuada en función da situación para resolver. • Visualización, razoamento e modelización xeométrica. – Modelización da posición e o movemento dun obxecto no espazo mediante vectores. – Estudo de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Representación mediante ferramentas dixitais. – Modelos matemáticos (xeométricos, alxébricos...) para resolver problemas no espazo. Conexións con outras disciplinas e áreas de interese. – Resolución de problemas de incidencia, paralelismo, distancias e ángulos de obxectos xeométricos no espazo. Cálculo de áreas e volumes. – Conxecturas xeométricas no espazo: validación por medio da dedución e da demostración.	
Bloque 4. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Demostrar unha visión matemática integrada investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA4.2. Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
• CA4.3. Resolver problemas en contextos matemáticos establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, describindo o procedemento utilizado.	OBX1
• CA4.5. Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema utilizando o razoamento e a argumentación.	OBX2
• CA4.6. Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	OBX3
• CA4.7. Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e da ciencia e da tecnoloxía, utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	OBX4

Contidos

• Padróns.

– Xeneralización de padróns en situacións diversas. Obtención do padrón en diferentes contextos: potencia n-ésima dunha matriz, derivada n-ésima...

• Modelo matemático.

– Relacións cuantitativas en situacións complexas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables.

– Aplicación das operacións con matrices na modelización de problemas reais.

– Uso de sistemas de ecuacións para modelizar situacións da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía.

– Técnicas e uso de matrices para, polo menos, modelizar situacións nas que aparezan sistemas de ecuacións lineais ou grafos.

– Discusión de sistemas de ecuacións. Teorema de Rouché-Frobenius.

• Igualdade e desigualdade.

– Obtención de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de sistemas de ecuacións mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais.

– Resolución de sistemas de ecuacións en diferentes contextos mediante o método de Gauss ou a regra de Cramer.

• Relacións e funcións.

– Representación, análise e interpretación de funcións con ferramentas dixitais.

– Propiedades das distintas clases de funcións: comprensión e comparación.

– Aplicación do cálculo de derivadas ao estudo de intervalos de crecemento e decrecemento, máximos e mínimos, intervalos de concavidade e convexidade, puntos de inflexión.

– Asíntotas: horizontal, vertical e oblicua.

• Pensamento computacional.

– Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía empregando as ferramentas ou os programas máis adecuados.

– Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes ou resolución de sistemas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	OBX3
• CA5.2. Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA5.3. Manexar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que modelizan e resolven problemas da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía, seleccionando as máis adecuadas segundo a súa eficiencia.	OBX1
• CA5.4. Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
Contidos	
• Incerteza. – Sucesos. Operacións con sucesos. Axiomática de Kolmogorov. – Cálculo de probabilidades en experimentos compostos. Probabilidade condicionada e independencia entre sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia. – Teoremas da probabilidade total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidade a partir da observación e a experimentación e a toma de decisións en condicións de incerteza. • Distribucións de probabilidade. – Variables aleatorias discretas (distribución de probabilidade, media, varianza e desviación típica) e continuas (función de densidade e función de distribución). – Modelización de fenómenos estocásticos mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas. – Cálculo de probabilidades mediante a aproximación da binomial pola normal.	
Bloque 6. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos que se presentan na sociedade.	OBX6
• CA6.2. Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións, e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.3. Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.4. Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais e escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	OBX9

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.5. Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	OBX8
• CA6.6. Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	OBX8
Contidos	
• Crenzas, actitudes e emocións. – Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. – Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. • Toma de decisións. – Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas. • Inclusión, respecto e diversidade. – Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas. – Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da ciencia e a tecnoloxía. • Comunicación e organización. – Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. – Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. – Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía	

33.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Matemáticas desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Matemáticas e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-3	2-5	4-5		3	
OBX2			1-2	3	4	3	3	
OBX3	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5			1-3	2-3				1
OBX6			1-2	2	5	4	2-3	1
OBX7			3	1-2-5			3	4.1-4.2
OBX8	1-3	1	2-4	3				3.2
OBX9		3	5		1.1-1.2-3.1-3.2	2-3	2	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A potenciación do razoamento, argumentación, investigación e comunicación, máis que os procedementos repetitivos.

– A interpretación, análise e modelización de situacións problemáticas en diferentes contextos, fomentando a adquisición do razoamento matemático e construíndo novos coñecementos a partir dos seus coñecementos previos.

– O emprego da historia das matemáticas para mostrar como se foi adquirindo o coñecemento matemático e as súas achegas á ciencia e á tecnoloxía.

– O desenvolvemento de métodos para a realización de proxectos matemáticos e de resolución de problemas, individuais ou en grupo, dunha forma eficiente e lóxica, buscando xeneralizacións co fin de crear estratexias que poidan ser utilizadas en situacións análogas, proporcionando unha visión das matemáticas como un campo integrado de coñecemento en si mesmo e aplicado á ciencia e á tecnoloxía.

– A realización de cálculos con lapis e papel debe limitarse aos casos máis sinxelos. Nos casos máis complicados, utilizaranse as ferramentas tecnolóxicas máis axeitadas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A valoración do razoamento e a explicación dos procedementos empregados para obter os resultados, así como a súa análise crítica, primará sobre á outorgada aos cálculos realizados e aos posibles erros cometidos.

– A transmisión da importancia da comunicación das ideas matemáticas de forma ordenada e coherente, así como da utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos coa precisión e rigor adecuados.

– O fomento da adquisición de destrezas e actitudes necesarias para entender e manexar as emocións que xorden na aprendizaxe das matemáticas.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos, con ideas matemáticas relevantes, significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención individualizada á diversidade do alumnado: prevención das dificultades de aprendizaxe, detección de altas capacidades e a posta en práctica de mecanismos de reforzo ou ampliación tan pronto como se detecten estas necesidades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

34. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais.

34.1. Introdución.

As matemáticas constitúen un dos maiores logros científicos, culturais e intelectuais da humanidade. Ao longo da historia, as diferentes culturas esforzáronse en describir a natureza utilizando as matemáticas e en transmitir todo o coñecemento adquirido ás xeracións futuras. Hoxe en día, ese patrimonio intelectual adquire un valor fundamental, xa que os grandes retos globais, como a transformación dixital, o respecto ao ambiente, a eficiencia enerxética ou a industrialización inclusiva e sustentable, aos que a sociedade terá que facerlles fronte, requiren dun alumnado capaz de adaptarse ás condicións cambiantes, de aprender de forma autónoma, de modelizar situacións, de explorar novas vías de investi-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

gación e de usar a tecnoloxía de forma efectiva. Polo tanto, resulta imprescindible para a cidadanía do século XXI a utilización de coñecementos e destrezas matemáticas como o razoamento, a modelización, o pensamento computacional e a resolución de problemas.

O desenvolvemento curricular das Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II oriéntase ao logro dos obxectivos xerais da etapa, prestando unha especial atención ao desenvolvemento e á adquisición das competencias clave conceptualizadas nos descritores operativos de bacharelato que o alumnado debe conseguir ao finalizar a etapa. Así, a interpretación dos problemas e a comunicación dos procedementos e resultados están relacionados coa competencia en comunicación lingüística e coa competencia plurilingüe. Establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua enlaza coa competencia emprendedora. A toma de decisións ou a adaptación ante situacións de incerteza son compoñentes propios da competencia persoal, social e de aprender a aprender. O uso de ferramentas dixitais no tratamento da información e na resolución de problemas entronca directamente coa competencia dixital en cuxo desenvolvemento as matemáticas xogaron un papel fundamental. O razoamento e a argumentación, a modelización e o pensamento computacional son elementos característicos da competencia STEM. As conexións establecidas entre as matemáticas e outras áreas de coñecemento, e a resolución de problemas en contextos sociais están relacionadas coa competencia cidadá. Doutra banda, o mesmo coñecemento matemático como expresión universal da cultura contribúe á competencia en conciencia e expresión culturais.

En continuidade coa educación secundaria obrigatoria, os eixes principais dos obxectivos de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I e II son a comprensión efectiva de conceptos e procedementos matemáticos xunto coas actitudes propias do quefacer matemático, que permiten construír unha base conceptual sólida a partir da resolución de problemas, do razoamento e da investigación matemática, especialmente enfocados á interpretación e análise de cuestións da vida cotiá e das ciencias sociais. Os obxectivos céntranse nos procesos que mellor lle permiten ao alumnado desenvolver destrezas como a resolución de problemas, o razoamento e a argumentación, a representación e a comunicación, xunto coas destrezas socioafectivas. Estes procesos son resolución de problemas, razoamento e proba, conexións, comunicación e representación, ademais do desenvolvemento socioafectivo.

A resolución de problemas e a investigación matemática son dous compoñentes fundamentais no ensino das matemáticas, xa que permiten empregar os procesos cognitivos inherentes a esta área para abordar e resolver situacións relacionadas coa vida cotiá e as ciencias sociais, desenvolvendo o razoamento, a creatividade e o pensamento abstracto.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Os obxectivos de resolución de problemas, razoamento e proba e as súas conexións están deseñados para adquirir os procesos propios da investigación matemática, como son a formulación de preguntas, o establecemento de conxecturas, a xustificación e a xeneralización, a conexión entre as diferentes ideas matemáticas e o recoñecemento de conceptos e procedementos propios das matemáticas noutras áreas de coñecemento, particularmente nas ciencias sociais. Debe resaltarse o carácter instrumental das matemáticas como ferramenta fundamental para áreas de coñecemento científico, social, tecnolóxico, humanístico e artístico.

Outros aspectos importantes da educación matemática son a comunicación e a representación. O proceso de comunicación axuda a darlles significado e permanencia ás ideas ao facelas públicas. Doutra banda, para entender e utilizar as ideas matemáticas é fundamental a forma en que estas se representan. Por iso, inclúense dous obxectivos enfocados á adquisición dos procesos de comunicación e representación tanto de conceptos como de procedementos matemáticos.

Co fin de asegurar que todo o alumnado poida facer uso dos conceptos e das relacións matemáticas fundamentais, e tamén chegue a experimentar a súa beleza e importancia, inclúuse un obxectivo relacionado co aspecto emocional, social e persoal das matemáticas. Preténdese contribuír, deste xeito, a desterrar ideas preconcibidas na sociedade, como a crenza de que só quen posúe un talento innato pode aprender matemáticas, usalas e gozar delas, ou falsos estereotipos fortemente arraigados como, por exemplo, os relacionados con cuestións de xénero.

O logro dos obxectivos valorarase cos criterios de avaliación, que priorizan a adquisición das competencias fronte á memorización de conceptos ou a reprodución rutineira de procedementos. Dada a natureza dos obxectivos, nalgúns casos a gradación dos criterios de avaliación entre os cursos primeiro e segundo realízase a través dos contidos.

Os criterios de avaliación e os contidos foron agrupados en bloques denominados «sentidos», entendidos como o conxunto de destrezas relacionadas co dominio en contexto de contidos numéricos, métricos, alxébricos, estocásticos e socioafectivos, que permiten empregalos dunha maneira funcional e con confianza na resolución de problemas ou na realización de tarefas.

O sentido numérico caracterízase pola aplicación do coñecemento sobre numeración e cálculo en distintos contextos, e polo desenvolvemento de destrezas e modos de facer

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

e de pensar baseados na comprensión, a representación, o uso flexible dos números, de obxectos matemáticos formados por números e das operacións.

O sentido da medida céntrase na comprensión e comparación de atributos dos obxectos do mundo que nos rodea, así como da medida da incerteza.

O sentido alxébrico proporciona a linguaxe na que se comunican as matemáticas. Son características deste sentido ver o xeral no particular, recoñecer padróns e relacións de dependencia entre variables e expresalas mediante diferentes representacións, así como modelizar situacións matemáticas ou do mundo real con expresións simbólicas. O pensamento computacional e a modelización incorporáronse neste bloque, pero non deben interpretarse como exclusivos del, senón que deben desenvolverse tamén no resto dos bloques.

O sentido estocástico comprende a análise e a interpretación de datos, a elaboración de conxecturas e a toma de decisións a partir da información estatística, a súa valoración crítica e a comprensión e comunicación de fenómenos aleatorios nunha ampla variedade de situacións.

O sentido socioafectivo implica a adquisición e aplicación de coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para entender e manexar as emocións que aparecen no proceso de aprendizaxe das matemáticas, o dominio de estratexias para o traballo en equipo, a adecuada comunicación das ideas e a organización na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais. Este sentido non debe traballarse de forma illada, senón ao longo do desenvolvemento da materia.

Este enfoque, diferente do habitual, permite un ensino das matemáticas que fai predominar e dar sentido aos conceptos en contexto, fronte á aprendizaxe de destrezas e algoritmos en situacións descontextualizadas.

As matemáticas non son unha colección de saberes separados e inconexos, senón que constitúen un campo integrado de coñecemento. O conxunto de obxectivos, criterios de avaliación e contidos están deseñados para constituír un todo que facilite a formulación de tarefas sinxelas ou complexas, individuais ou colectivas de carácter multidisciplinario. Sen abandonar o uso de lapis e papel nos casos sinxelos, o emprego de ferramentas dixitais para analizar e interpretar situacións da vida cotiá e das ciencias sociais posibilita que procesos e operacións que requiren sofisticados e tediosos métodos manuais poidan abor-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

darse de forma sinxela mediante o uso de calculadoras, follas de cálculo ou outro software específico, favorecendo o razoamento fronte ás aprendizaxes memorísticas e rutineiras.

34.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.
• A modelización e a resolución de problemas constitúen un eixe fundamental na aprendizaxe das matemáticas, xa que son procesos centrais na construción do coñecemento matemático. Estes procesos aplicados en contextos diversos motivarán a aprendizaxe e establecerán uns cimentos cognitivos sólidos que permitan construír conceptos e experimentar as matemáticas como ferramenta para describir, analizar e ampliar a comprensión de situacións da vida cotiá ou das ciencias sociais. • O desenvolvemento deste obxectivo supón os procesos de análise e formulación do problema; a sistematización na procura de datos ou obxectos relevantes e as súas relacións; a súa codificación á linguaxe matemática ou a unha linguaxe fácil de interpretar por un sistema informático; a creación de modelos abstractos de situacións reais e o uso de estratexias heurísticas de resolución, como a analoxía con outros problemas, estimación, ensaio e erro, a resolución de maneira inversa (ir cara atrás) ou a descomposición en problemas máis sinxelos, entre outras.
OBX2. Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.
• A análise das solucións obtidas na resolución dun problema potencia a reflexión crítica, o razoamento e a argumentación. A interpretación das solucións e conclusións obtidas, considerando, ademais da validez matemática, diferentes perspectivas como a sustentabilidade, o consumo responsable, a equidade ou a non discriminación, entre outras, axuda a tomar decisións razoadas e a avaliar as estratexias. • O desenvolvemento deste obxectivo supón procesos reflexivos propios da metacognición, como a autoavaliación e a coavaliación, o uso eficaz de ferramentas dixitais, a verbalización ou a descrición do proceso e a selección entre diferentes modos de comprobación de solucións ou de estratexias para validar as solucións e avaliar o seu alcance.
OBX3. Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.
• A formulación de conxecturas e a xeración de problemas de contido matemático son dúas compoñentes importantes e significativas do currículo de matemáticas e están consideradas unha parte esencial do quefacer matemático. Probar ou refutar conxecturas con contido matemático sobre unha situación exposta ou sobre un problema xa resolto implica facer novas preguntas, así como a reformulación do problema durante o proceso de investigación. • Cando o alumnado xera problemas ou realiza preguntas, mellora o razoamento e a reflexión á vez que constrúe o seu propio coñecemento, o que se traduce nun alto nivel de compromiso e curiosidade, así como de entusiasmo cara ao proceso de aprendizaxe das matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón fomentar un pensamento máis diverso e flexible, mellorar as destrezas para resolver problemas en distintos contextos e establecer pontes entre as situacións concretas e as abstraccións matemáticas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX4. Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito das ciencias sociais.
• O pensamento computacional entronca directamente coa resolución de problemas e a formulación de procedementos algorítmicos. Co obxectivo de chegar a unha solución do problema que poida ser executada por un sistema informático, será necesario utilizar a abstracción para identificar os aspectos máis relevantes e descompoñer o problema en tarefas máis simples que se poidan codificar nunha linguaxe apropiada. Levar o pensamento computacional á vida diaria e ao ámbito das ciencias sociais supón relacionar as necesidades de modelación e simulación coas posibilidades do seu tratamento informatizado. • O desenvolvemento deste obxectivo supón a creación de modelos abstractos de situacións cotiás e do ámbito das ciencias sociais, a súa automatización e a codificación nunha linguaxe fácil de interpretar de forma automática.
OBX5. Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.
• Establecer conexións entre as diferentes ideas matemáticas proporciona unha comprensión máis profunda de como varios enfoques dun mesmo problema poden producir resultados equivalentes. O alumnado pode utilizar ideas procedentes dun contexto para probar ou refutar conxecturas xeradas noutro e, ao conectar as ideas matemáticas, pode desenvolver unha maior comprensión dos problemas. Percibir as matemáticas como un todo implica estudar as súas conexións internas e reflexionar sobre elas, tanto as existentes entre os bloques de contidos como entre as matemáticas dun mesmo ou distintos niveis, ou as de diferentes etapas educativas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón enlazar as novas ideas matemáticas con ideas previas, recoñecer e utilizar as conexións entre elas na resolución de problemas e comprender como unhas ideas se constrúen sobre outras para formar un todo integrado.
OBX6. Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.
• Observar relacións e establecer conexións matemáticas é un aspecto clave do quefacer matemático. Afondar nos coñecementos matemáticos e na destreza para utilizar un amplo conxunto de representacións, así como no establecemento de conexións entre as matemáticas e outras áreas de coñecemento, especialmente coas ciencias sociais, confiren ao alumnado un gran potencial para resolver problemas en situacións diversas. • Estas conexións tamén deberían ampliarse ás actitudes propias do quefacer matemático de forma que estas poidan ser transferidas a outras materias e contextos. Neste obxectivo xoga un papel relevante a aplicación das ferramentas tecnolóxicas no descubrimento de novas conexións. • O desenvolvemento deste obxectivo supón o establecemento de conexións entre ideas, conceptos e procedementos matemáticos, outras áreas de coñecemento e a vida real. Así mesmo, implica o uso de ferramentas tecnolóxicas e a súa aplicación na resolución de problemas en situacións diversas, valorando a contribución das matemáticas á resolución dos grandes retos e obxectivos ecosociais, tanto ao longo da historia como na actualidade.
OBX7. Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.
• As representacións de conceptos, procedementos e información matemáticos facilitan o razoamento e a demostración, utilízanse para visualizar ideas matemáticas, examinar relacións e contrastar a validez das respostas e atópanse no centro da comunicación matemática.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O desenvolvemento deste obxectivo supón a aprendizaxe de novas formas de representación matemática e o aumento do coñecemento de como usalas de forma eficaz, recalcando as maneiras en que representacións distintas dos mesmos obxectos poden transmitir diferentes informacións e mostrando a importancia de seleccionar representacións adecuadas a cada tarefa.
OBX8. Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.
• Na sociedade da información faise cada día máis patente a necesidade dunha comunicación clara e veraz, tanto oralmente como por escrito. Interactuar con outras persoas ofrece a posibilidade de intercambiar ideas e reflexionar sobre elas, colaborar, cooperar, xerar e afianzar novos coñecementos, convertendo a comunicación nun elemento indispensable na aprendizaxe das matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón expresar publicamente feitos, ideas, conceptos e procedementos complexos verbal, analítica e graficamente, de forma veraz e precisa, utilizando a terminoloxía matemática adecuada, co fin de lles dar significado e permanencia ás aprendizaxes.
OBX9. Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.
• A resolución de problemas ou de retos máis globais nos que interveñen as matemáticas representa a miúdo un desafío que involucra multitude de emocións que convén xestionar correctamente. As destrezas socioafectivas dentro da aprendizaxe das matemáticas fomentan o benestar do alumnado, a regulación emocional e o interese polo seu estudo. • Doutra banda, traballar os valores de respecto, igualdade ou resolución pacífica de conflitos, á vez que se superan retos matemáticos de forma individual ou en equipo, permite mellorar a autoconfianza e normalizar situacións de convivencia en igualdade, creando relacións e contornas de traballo saudables. Así mesmo, fomenta a ruptura de estereotipos e ideas preconcibidas sobre as matemáticas asociadas a cuestións individuais, por exemplo as relacionadas co xénero ou coa existencia dunha aptitude innata para as matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón identificar e xestionar as propias emocións no proceso de aprendizaxe das matemáticas, recoñecer as fontes de tensións, ser perseverante na consecución dos obxectivos, pensar de forma crítica e creativa, crear resiliencia e manter unha actitude proactiva ante novos retos matemáticos. Así mesmo, implica mostrar empatía polos demais, establecer e manter relacións positivas, exercitar a escoita activa e a comunicación asertiva no traballo en equipo e tomar decisións responsables.

34.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I 1º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	OBX3
• CA1.2. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.3. Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA1.4. Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	OBX1

Contidos

• Cálculo.

– Concepto e utilidade das técnicas de reconto.

– Aplicación dos principios do produto e da adición á resolución de problemas.

– Uso dos diagramas de árbore e das técnicas da combinatoria (variacións con e sen repetición, combinacións e permutacións), para resolver situacións da vida real.

• Cantidade.

– Números reais (racionais e irracionais): comparación, ordenación, clasificación e contraste das súas propiedades.

– Representación na recta real de intervalos e semirrectas.

• Sentido das operacións.

– Potencias, raíces e logaritmos: comprensión e utilización das súas relacións para simplificar e resolver problemas.

• Educación financeira.

– Índice de variación e variación porcentual. O IPC.

– Uso das progresións para estudar o xuro simple e o xuro composto. Cálculo da taxa de xuro anual equivalente (TAE) en casos sinxelos.

– Estudo das operacións ofrecidas por entidades financeiras relacionadas coas anualidades de capitalización: plans de pensións e de aforro.

– Cálculo de anualidades e mensualidades de amortización: hipotecas e préstamos bancarios.

– Resolución de problemas relacionados coa educación financeira con ferramentas tecnolóxicas.

Bloque 2. Sentido da medida

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	OBX3
• CA2.2. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA2.3. Resolver problemas, establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA2.4. Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Cambio.
– Transformacións de funcións (operacións aritméticas, composición, valor absoluto e inversa), utilizando ferramentas dixitais para realizar as operacións coas expresións simbólicas máis complicadas.
– Estimación ou cálculo do valor do límite dunha función nun punto a partir dunha táboa, un gráfico ou unha expresión alxébrica.
– Cálculo de límites no infinito de funcións polinómicas e racionais e resolución de indeterminacións en casos sinxelos.
– Estudo da continuidade dunha función gráfica ou analiticamente, tipificando, cando cumpra, os tipos de descontinuidade.
– Aplicación do cálculo de asíntotas horizontais, verticais e oblicuas de funcións polinómicas e racionais á representación gráfica de funcións.
– Cálculo e interpretación da taxa de variación media (TVM) dunha función nun intervalo en contextos das ciencias sociais.
– Aproximación da TVM dunha función en intervalos moi pequenos pola taxa de variación instantánea nun punto.
– Cálculo da derivada dunha función nun punto mediante a definición en casos sinxelos.
– Regras de derivación e a súa aplicación ao cálculo de derivadas. Obtención da recta tanxente a unha curva nun punto.
• Medición.
– A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.

Bloque 3. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1 Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais, utilizando o pensamento computacional, modificando ou creando algoritmos.	OBX4
• CA3.2 Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	OBX1
• CA3.3 Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	OBX2
• CA3.4 Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de conxecturas ou problemas.	OBX3
• CA3.5 Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

Contidos
• Padróns.
– Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.
• Modelo matemático.
– Relacións cuantitativas esenciais en situacións sinxelas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

– Uso de ecuacións, inecuacións, sistemas de ecuacións e inecuacións para modelizar situacións das ciencias sociais e da vida real.

• Igualdade e desigualdade.

– Resolución de ecuacións cuadráticas e reducibles a elas e de ecuacións exponenciais e logarítmicas sinxelas.

– Resolución de sistemas de ecuacións de segundo grao con dúas incógnitas.

– Resolución gráfica e alxébrica de sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas.

– Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, usando lapis e papel ou medios tecnolóxicos, e interpretando as solucións.

• Relacións e funcións.

– Funcións a partir de táboas e gráficas. Aspectos globais dunha función.

– As funcións e a súa representación gráfica na interpretación de situacións relacionadas coa vida cotiá e as ciencias sociais, utilizando lapis e papel ou ferramentas dixitais.

– Representación gráfica de funcións utilizando a expresión máis adecuada.

– Propiedades das distintas clases de funcións, incluídas polinómica, exponencial, racional sinxela, irracional, logarítmica, periódica e a anacos: comprensión e comparación.

– Álxebra simbólica na representación e explicación de relacións matemáticas das ciencias sociais.

• Pensamento computacional.

– Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando programas e ferramentas adecuados.

– Comparación de algoritmos alternativos para o mesmo problema mediante o razoamento lóxico.

Bloque 4. Sentido estocástico

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de conxecturas e problemas de forma guiada.	OBX3
• CA4.2. Representar ideas matemáticas, estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA4.3. Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA4.4. Empregar algunhas estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, na resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, valorando a súa eficiencia en cada caso.	OBX1

Contidos

• Organización e análise de datos.

– Variables bidimensionais: distribución conxunta, distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística.

– Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade.

– Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos das ciencias sociais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

– Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos.

• Incerteza.

– Cálculo da probabilidade para partir do concepto de frecuencia relativa.

– Cálculo de probabilidades en experimentos simples: a regra de Laplace en situacións de equiprobabilidade aplicando diferentes técnicas de reconto, incluída a combinatoria. Axiomática de Kolmogorov.

– Cálculo de probabilidades en experimentos compostos.

– Resolución de problemas utilizando técnicas de reconto, diagramas de árbore e táboas de continxencia.

• Inferencia.

– Deseño de estudos estatísticos relacionados coas ciencias sociais utilizando ferramentas dixitais. Técnicas de mostraxe sinxelas.

– Análise de mostras unidimensionais e bidimensionais mediante ferramentas tecnolóxicas co fin de emitir xuízos e tomar decisións.

Bloque 5. Sentido socioafectivo

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias sociais.	OBX6
• CA5.2. Afrontar as situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA5.3. Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA5.4. Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables.	OBX9
• CA5.5. Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	OBX8
• CA5.6. Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	OBX8

Contidos

• Crenzas, actitudes e emocións.

– Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas.

– Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas.

• Traballo en equipo e toma de decisións.

– Recoñecemento e aceptación de diversas formulacións na resolución de problemas, transformando os enfoques dos demais en novas e melloradas estratexias propias, mostrando empatía e respecto no proceso.

– Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Inclusión, respecto e diversidade. – Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. – Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais. • Comunicación e organización. – Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. – Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. – Planificación de procesos de matematización e modelización, en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

2º curso.

Materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II 2º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1 Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	OBX3
• CA1.2. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA1.3 Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
Contidos	
• Sentido das operacións. – Matrices. Tipos de matrices. – Adición e produto de matrices: interpretación, comprensión e aplicación adecuada das propiedades. – Produto dun número real e unha matriz. Propiedades. – Determinante dunha matriz. – Rango dunha matriz. – Matriz inversa. – Estratexias para operar con números reais, matrices e calcular determinantes: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados. – Resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando matrices.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Relacións. – Conxuntos de matrices: estrutura, comprensión e propiedades.	
Bloque 2. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA2.2. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	OBX3
• CA2.3. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	OBX1
• CA2.4. Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (de sustentabilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	OBX2
Contidos	
• Cambio. – Aplicación dos conceptos de límite e derivada á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións. – Tendencia da función. Asíntotas. – Intervalos de monotonía. – Extremos relativos e absolutos dunha función derivable. – Modelización de situacións que conducen a problemas de optimización. – Resolución de problemas de optimización mediante a derivada en contextos diversos. • Medición. – Interpretación da integral definida como a área baixa unha curva. – Propiedades da integral definida. – Regra de Barrow. – Técnicas elementais para o cálculo de primitivas. – Integral indefinida. Propiedades. – Integrais inmediatas e case inmediatas. – Cálculo de áreas planas (recintos planos limitados por unha ou dúas curvas). – A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretacións subxectiva, clásica e frecuentista.	
Bloque 3. Sentido alxébrico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	OBX3
• CA3.3. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	OBX1
• CA3.4. Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	OBX2
• CA3.5. Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais, utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	OBX4

Contidos

• Padróns.

– Xeneralización de padróns que xorden en situacións diversas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente.

• Modelo matemático.

– Relacións cuantitativas en situacións complexas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables. Funcións a anacos.

– Sistemas de ecuacións: modelización de situacións en diversos contextos.

– Técnicas e uso de matrices para, polo menos, modelizar situacións nas que aparezan sistemas de ecuacións lineais, grafos ou asociadas a imaxes dixitais.

– Programación lineal: modelización de problemas.

• Igualdade e desigualdade.

– Obtención de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de sistemas de ecuacións e inecuacións, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais.

– Resolución de sistemas de ecuacións, empregando o método de Gauss.

– Programación lineal: resolución de problemas mediante algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais.

• Relacións e funcións.

– Representación, análise e interpretación de funcións, empregando os conceptos de límite e derivada. Uso de ferramentas dixitais.

– Propiedades das distintas clases de funcións: comprensión e comparación.

• Pensamento computacional.

– Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando as ferramentas ou os programas informáticos máis adecuados.

– Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes e resolución de sistemas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 4. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	OBX3
• CA4.2. Representar e visualizar ideas matemáticas, estruturando diferentes procesos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA4.3. Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que resolvan problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, seleccionando a máis adecuada segundo a súa eficiencia.	OBX1
• CA4.4. Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
Contidos	
• Incerteza. – Probabilidade condicionada e independencia de sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia. – Teoremas da probabilidade total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidade a partir da observación e a experimentación e a toma de decisións en condicións de incerteza. • Distribucións de probabilidade. – Variables aleatorias discretas e continuas. Parámetros da distribución. Distribucións binomial e normal. – Modelización de fenómenos estocásticos mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas. – Aproximación da distribución binomial pola distribución normal. • Inferencia. – Representatividade dunha mostra segundo o seu proceso de selección. Selección de mostras representativas. Técnicas de mostraxe. – Teorema central do límite. Aproximación da distribución da media e da proporción mostrais mediante a distribución normal. – Estimación puntual da media, a proporción e a varianza. – Intervalos de confianza para a media e a proporción, baseados na distribución normal: construción, análise e toma de decisións en situacións contextualizadas. – Emprego de ferramentas dixitais na realización de estudos estatísticos.	
Bloque 5. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias sociais.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.2. Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA5.3. Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA5.4. Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	OBX9
• CA5.5. Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	OBX8
• CA5.6. Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	OBX8
Contidos	
• Crenzas, actitudes e emocións. – Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. – Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. • Toma de decisións. – Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas. • Inclusión, respecto e diversidade. – Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas. – Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais. • Comunicación e organización. – Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. – Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. – Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.	

34.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-3	2-5	4-5		3	
OBX2			1-2	3	4	3	3	
OBX3	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5			1-3	2-3				1
OBX6			1-2	2	5	4	2-3	1
OBX7			3	1-2-5			3	4.1-4.2
OBX8	1-3	1	2-4	2-3				3.2
OBX9		3	5		1.1-1.2-3.1-3.2	2-3	2	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– A potenciación do razoamento, argumentación, investigación e comunicación, máis que os procedementos repetitivos.

– A interpretación, análise e modelización de situacións problemáticas en diferentes contextos, fomentando a adquisición do razoamento matemático e construíndo novos coñecementos a partir dos seus coñecementos previos.

– O emprego da historia das matemáticas para mostrar como se foi adquirindo o coñecemento matemático e as súas achegas ás ciencias sociais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O desenvolvemento de métodos para a realización de proxectos matemáticos e de resolución de problemas, individuais ou en grupo, dunha forma eficiente e lóxica, buscando xeneralizacións co fin de crear estratexias que poidan ser utilizadas en situacións análogas, proporcionando unha visión das matemáticas como un campo integrado de coñecemento en si mesmo e aplicado ás ciencias sociais.

– A realización de cálculos con lapis e papel debe limitarse aos casos máis sinxelos. Nos casos máis complicados, utilizaranse as ferramentas tecnolóxicas máis axeitadas.

– A valoración do razoamento e a explicación dos procedementos empregados para obter os resultados, así como a súa análise crítica, primará sobre a outorgada aos cálculos realizados e aos posibles erros cometidos.

– A transmisión da importancia da comunicación das ideas matemáticas de forma ordenada e coherente, así como da utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos coa precisión e rigor adecuados.

– O fomento da adquisición das destrezas e actitudes necesarias para entender e manexar as emocións que xorden na aprendizaxe das matemáticas.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos, con ideas matemáticas relevantes, significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención individualizada á diversidade do alumnado: prevención das dificultades de aprendizaxe, detección de altas capacidades e a posta en práctica de mecanismos de reforzo ou ampliación tan pronto como se detecten estas necesidades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

35. Matemáticas Xerais.

35.1,Introdución.

O desenvolvemento vertixinoso do mundo actual fai necesario que o alumnado analice e interprete a realidade para poder adaptarse a unhas condicións cheas de incerteza, ademais de dispoñer das competencias necesarias para aprender en por si. As matemáticas desempeñan un papel fundamental para modelizar, analizar e comprender os fenómenos de múltiples campos do coñecemento: sociais, educativos, científicos, económicos, etc. As competencias matemáticas comprenden, ademais das ideas e elementos matemáticos, destrezas de resolución de problemas, de razoamento matemático e de comunicación, extrapolables a contextos non matemáticos.

Matemáticas Xerais é unha materia obrigatoria dentro da modalidade xeral do bacharelato que contribúe ao logro dos obxectivos xerais da etapa, prestando unha especial atención ao desenvolvemento e á adquisición das competencias clave conceptualizadas nos descritores operativos de bacharelato que o alumnado debe conseguir ao finalizar a etapa. Nesta modalidade, o obxectivo do coñecemento matemático debe ser a aplicación das matemáticas para a interpretación e análise de situacións problemáticas en diversos contextos reais, que lle faciliten ao alumnado afrontar os desafíos do século XXI como cidadáns informados e comprometidos. Debe resaltarse o carácter instrumental das matemáticas como ferramenta fundamental para áreas de coñecemento científico, social, tecnolóxico, humanístico e artístico.

Os eixes fundamentais que articulan os obxectivos da materia son, en continuidade co currículo da educación secundaria obrigatoria, a resolución de problemas e a análise e interpretación da información. Ademais, abórdase o razoamento matemático e o establecemento de conexións, prestando especial atención nesta materia a diversos contextos non matemáticos, á súa relación con outras materias e coa realidade e á comunicación matemática. Co fin de asegurar que todo o alumnado poida facer uso dos conceptos e das relacións matemáticas fundamentais, e que tamén chegue a experimentar a beleza e a utilidade das matemáticas, desterrando ideas preconcibidas e estereotipos fortemente arraigados na sociedade, incluíronse dous obxectivos relacionados co aspecto emocional, social e persoal do alumnado con respecto á aprendizaxe desta materia.

As Matemáticas Xerais contribúen ao desenvolvemento da competencia STEM a través do razoamento e a argumentación, a modelización e o pensamento computacional. Ademais, favorecen a procura da beleza ou da harmonía, así como a descrición de múl-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

tiples manifestacións artísticas como a pintura, a arquitectura ou a música, contribuíndo así á competencia en conciencia e expresións culturais. Estimulan a procura de solucións emprendedoras e creativas aos problemas, achegando valor á competencia emprendedora. Contribúen á formación intelectual do alumnado e á análise de situacións sociais, o que permite desenvolver o sentido crítico e a competencia cidadá. O uso de ferramentas dixitais no tratamento da información e na resolución de problemas entronca directamente coa competencia dixital, en cuxo desenvolvemento as matemáticas xogaron un papel fundamental. A comunicación desempeña un papel central no razoamento matemático, en canto que é necesaria para a interpretación de enunciados e a transmisión de resultados. Por último, cabe destacar o valor formativo desta materia na competencia persoal, social e de aprender a aprender, debido a que dota de ferramentas instrumentais que permiten construír novos coñecementos.

A partir da resolución de problemas, débense proporcionar estratexias de razoamento e representación matemática que sexan aplicables a diversos contextos. Áreas como a economía, a socioloxía, a ciencia, a saúde ou a tecnoloxía deben servir para o enriquecemento dos contextos dos problemas formulados. Pero tamén estes deben basearse en contextos de áreas que aparentemente están máis afastadas das matemáticas: a lingüística, a xeografía ou a investigación histórica tamén deben ser fonte de enriquecemento destes. Doutra banda, non deben esquecerse os contextos persoais e profesionais, como problemas relacionados coas finanzas persoais ou a interpretación de información numérica complexa en facturas ou folletos publicitarios. É importante que se exploren e analicen os vínculos desta materia con outras disciplinas co fin de lles dar sentido aos conceptos e ao pensamento matemático.

Os criterios de avaliación formulados destínanse a coñecer o grao de logro dos obxectivos, o que debe guiar o proceso de ensino-aprendizaxe, de forma que este se oriente á posta en acción das competencias fronte á memorización de conceptos ou a reprodución rutineira de procedementos, para que a aprendizaxe teña sentido e sexa verdadeiramente significativa.

Os criterios de avaliación e os contidos foron agrupados en bloques denominados «sentidos», entendidos como o conxunto de destrezas relacionadas co dominio en contexto de contidos numéricos, métricos, alxébricos, estocásticos e socioafectivos, que permiten empregalos dunha maneira funcional e con confianza na resolución de problemas ou na realización de tarefas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

No sentido numérico, afiánzase o manexo e comprensión do número, avanzando en técnicas de reconto máis complexas, á vez que se profunda na comprensión de información numérica presente en diversos contextos sociais e científicos.

No sentido da medida, profúndase no estudo e na análise do cambio en diferentes contextos, así como na medida da incerteza.

No sentido espacial, preséntase a teoría de grafos como unha ferramenta con importantes aplicacións na visualización e modelización de problemas en diversos contextos.

No sentido alxébrico, investígase sobre situacións e fenómenos que poden modelizarse mediante ecuacións e funcións co apoio de ferramentas tecnolóxicas. O pensamento computacional e a modelización incorporáronse neste bloque, pero non deben interpretarse como exclusivos del, senón que deben desenvolverse tamén no resto dos bloques de contidos.

No sentido estocástico, afiánzanse destrezas de análises e interpretación de datos, o manexo da incerteza e a modelización de fenómenos aleatorios.

No sentido socioafectivo, os contidos deben tratarse de forma integrada cos correspondentes aos outros sentidos, cuestión de especial interese para o alumnado que curse a modalidade xeral de bacharelato. Debe potenciarse o traballo en equipo, aceptando a diversidade e fomentando actitudes que respecten a inclusión e a non discriminación. Aprender dos erros e desenvolver a tolerancia á frustración cobran especial importancia nesta etapa educativa.

Este enfoque permite unha ensinanza das matemáticas que fai predominar e dar sentido aos conceptos en contexto, fronte á aprendizaxe de destrezas e algoritmos en situacións descontextualizadas.

O logro dos obxectivos e o desenvolvemento dos contidos debe ter en conta as novas formas de facer e pensar matemáticas. O papel que na actualidade desempeñan as ferramentas tecnolóxicas e a facilidade de acceso a dispositivos cada vez máis potentes están a cambiar os procedementos en matemáticas. Procesos e operacións que requiren métodos sofisticados e tediosos de solución manual poden abordarse na actualidade de forma sinxela mediante o uso de calculadoras, follas de cálculo, programas de xeometría dinámica e outras ferramentas dixitais. Esta posibilidade fai que o ensino poida centrarse no afianzamento dos conceptos e actitudes básicas da materia e en afondar no uso das

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

matemáticas para interpretar e analizar situacións, resolver problemas en diferentes contextos e utilizar instrumentos sinxelos de cálculo e medida, prestando menor atención aos procedementos manuais e repetitivos. Neste sentido, a aprendizaxe debe orientarse preferentemente cara á interpretación e á análise de fenómenos e á adquisición do razoamento matemático, fuxindo de prácticas que supoñan aprendizaxes memorísticas e rutineiras.

35.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e de diversos ámbitos aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento, con axuda de ferramentas tecnolóxicas, para obter posibles solucións.
• A modelización e a resolución de problemas constitúen un eixe fundamental na aprendizaxe das matemáticas, xa que son procesos centrais na construción do coñecemento matemático. Estes procesos aplicados en contextos diversos e coa utilización de ferramentas tecnolóxicas motivarán a aprendizaxe e establecerán uns cimentos cognitivos sólidos que permitan construír conceptos e experimentar as matemáticas como ferramenta para describir, analizar e ampliar a comprensión de situacións da vida cotiá ou de diversos contextos. • O desenvolvemento deste obxectivo supón os procesos de análises e formulación do problema; a sistematización na procura de datos ou obxectos relevantes e as súas relacións; a súa codificación á linguaxe matemática ou a unha linguaxe fácil de interpretar por un sistema informático; a creación de modelos abstractos de situacións reais, e o uso de estratexias heurísticas de resolución, como a analoxía con outros problemas, estimación, ensaio e erro, resolución de maneira inversa (ir cara atrás) ou a descomposición en problemas máis sinxelos, entre outras.
OBX2. Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.
• A análise das solucións obtidas na resolución dun problema potencia a reflexión crítica, o razoamento e a argumentación. A interpretación das solucións e conclusións obtidas, considerando, ademais da validez matemática, diferentes perspectivas como a sustentabilidade, o consumo responsable, a equidade ou a non discriminación, entre outras, axuda a tomar decisións razoadas e a avaliar as estratexias. • O desenvolvemento deste obxectivo supón procesos reflexivos propios da metacognición como a autoavaliación e a coavaliación, o uso eficaz de ferramentas dixitais, a verbalización ou a descrición do proceso e a selección entre diferentes modos de comprobación de solucións ou de estratexias para validar as solucións e avaliar o seu alcance.
OBX3. Xerar preguntas de tipo matemático aplicando saberes e estratexias coñecidas para dar resposta a situacións problemáticas da vida cotiá.
• A xeración de preguntas de contido matemático é outro compoñente importante e significativo do currículo de Matemáticas Xerais e está considerada unha parte esencial do quefacer matemático. Xerar preguntas con contido matemático sobre unha situación problematizada, sobre un conxunto de datos ou sobre un problema xa resolto implica a creación de novos problemas co obxectivo de explorar unha situación determinada, así como a súa reformulación durante o proceso de resolución. • Cando o alumnado xera preguntas, mellora o razoamento e a reflexión á vez que constrúe o seu propio coñecemento. Isto tradúcese nun alto nivel de compromiso e curiosidade, así como de progresivo entusiasmo cara ao proceso de aprendizaxe das matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón fomentar un pensamento máis diverso e flexible, mellorar a destreza para resolver problemas en distintos contextos, establecer pontes entre situacións concretas e os modelos matemáticos e enriquecer e consolidar os conceptos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX4. Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando e creando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e de diversos ámbitos.
• O pensamento computacional entronca directamente coa resolución de problemas e a formulación de procedementos algorítmicos. Co obxectivo de chegar a unha solución do problema que poida ser executada por un sistema informático, será necesario utilizar a abstracción para identificar os aspectos máis relevantes e descompoñer o problema en tarefas máis simples que se poidan codificar nunha linguaxe apropiada. Levar o pensamento computacional á vida diaria supón relacionar as necesidades de modelación e simulación coas posibilidades do seu tratamento informatizado. • O desenvolvemento deste obxectivo supón a creación de modelos abstractos de situacións cotiás e de diversos ámbitos, a súa automatización e a codificación nunha linguaxe fácil de interpretar de forma automática.
OBX5. Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.
• Establecer conexións entre as diferentes ideas matemáticas proporciona unha comprensión máis profunda de como varios enfoques dun mesmo problema poden producir resultados equivalentes. O alumnado pode utilizar ideas procedentes dun contexto para probar ou refutar conxecturas xeradas noutro e, ao conectar as ideas matemáticas, pode desenvolver unha maior comprensión dos problemas. Percibir as matemáticas como un todo implica estudar as súas conexións internas e reflexionar sobre elas, tanto as existentes entre os bloques de contidos do propio curso como de diferentes etapas educativas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón enlazar as novas ideas matemáticas con ideas previas, recoñecer e utilizar as conexións entre elas na resolución de problemas e comprender como unhas ideas se constrúen sobre outras para formar un todo integrado.
OBX6. Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.
• Observar relacións e establecer conexións matemáticas é un aspecto clave do quefacer matemático. Afondar nos coñecementos matemáticos e na destreza para utilizar un amplo conxunto de representacións, así como no establecemento de conexións entre as matemáticas e outras áreas de coñecemento, confírenlle ao alumnado un gran potencial para resolver problemas en situacións diversas. • Estas conexións tamén deberían ampliarse ás actitudes propias do quefacer matemático de forma que estas poidan ser transferidas a outras materias e contextos. Neste obxectivo xoga un papel relevante a aplicación das ferramentas tecnolóxicas no descubrimento de novas conexións. • O desenvolvemento deste obxectivo supón o establecemento de conexións entre ideas, conceptos e procedementos matemáticos, outras áreas de coñecemento e a vida real. Así mesmo, implica o uso de ferramentas tecnolóxicas, así como a súa aplicación na resolución de problemas en situacións diversas, valorando a contribución das matemáticas á resolución dos grandes retos e obxectivos ecosociais, tanto ao longo da historia como na actualidade.
OBX7. Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.
• As representacións de conceptos, procedementos e información matemáticos facilitan o razoamento e a demostración, utilízanse para visualizar ideas matemáticas, examinar relacións e contrastar a validez das respostas, e atópanse no centro da comunicación matemática. • O desenvolvemento deste obxectivo supón a aprendizaxe de novas formas de representación matemática e a mellora do coñecemento sobre a súa utilización de forma eficaz, recalcando as maneiras en que representacións distintas dos mesmos obxectos poden transmitir diferentes informacións e mostrando a importancia de seleccionar representacións adecuadas a cada tarefa.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

OBX8. Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.
• Na sociedade da información faise cada día máis patente a necesidade dunha comunicación clara e veraz, tanto oralmente como por escrito. Interactuar con outras persoas ofrece a posibilidade de intercambiar ideas e reflexionar sobre elas, colaborar, cooperar, xerar e afianzar novos coñecementos convertendo a comunicación nun elemento indispensable na aprendizaxe das matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón expresar publicamente feitos, ideas, conceptos e procedementos complexos de forma oral e escrita, analítica e graficamente, con veracidade e precisión, utilizando a terminoloxía matemática adecuada, co fin de lles dar significado e permanencia ás aprendizaxes.
OBX9. Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións e respectando as dos demais e xestionando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.
• A resolución de problemas ou de retos máis globais nos que interveñen as matemáticas representa a miúdo un desafío que involucra multitude de emocións que convén xestionar correctamente. As destrezas socioafectivas dentro da aprendizaxe das matemáticas fomentan o benestar do alumnado, a regulación emocional e o interese polo seu estudo. • Doutra banda, traballar os valores de respecto, igualdade ou resolución pacífica de conflitos, á vez que se superan retos matemáticos de forma individual ou en equipo, permite mellorar a autoconfianza e normalizar situacións de convivencia en igualdade, creando relacións e contornas de traballo saudables. Así mesmo, fomenta a ruptura de estereotipos e ideas preconcibidas sobre as matemáticas asociadas a cuestións individuais, por exemplo as relacionadas co xénero ou coa existencia dunha aptitude innata para as matemáticas. • O desenvolvemento deste obxectivo supón identificar e xestionar as propias emocións no proceso de aprendizaxe das matemáticas, recoñecer as fontes de tensións, ser perseverante na consecución dos obxectivos, pensar de forma crítica e creativa, crear resiliencia e manter unha actitude proactiva ante novos retos matemáticos. Así mesmo, implica mostrar empatía polos demais, establecer e manter relacións positivas, exercitar a escoita activa e a comunicación asertiva no traballo en equipo e tomar decisións responsables.

35.2. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Matemáticas Xerais 1º curso	
Bloque 1. Sentido numérico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1 Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de preguntas de natureza matemática de forma autónoma.	OBX3
• CA1.2 Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA1.3. Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA1.4 Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que resolvan problemas da vida cotiá e de ámbitos diversos, seleccionando a máis adecuada en cada caso.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• Cálculo. – Regras e estratexias para determinar o cardinal de conxuntos finitos en problemas da vida cotiá: principios de comparación, adición, multiplicación e división, do pombal e de inclusión-exclusión. • Sentido das operacións. – Interpretación da información numérica contida en documentos da vida cotiá: táboas, diagramas, documentos financeiros, facturas, nóminas, noticias, etc. • Relacións. – Razóns, proporcións, porcentaxes e taxas: comprensión, relación e aplicación en problemas en contextos diversos. • Educación financeira. – Razoamento proporcional na resolución de problemas financeiros: medios de pagamento con cobranza de xuros, cotas, comisións, cambios de divisas. – Emprego de ferramentas tecnolóxicas e dixitais na resolución de problemas numéricos en contextos diversos.

Bloque 2. Sentido da medida	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de preguntas de natureza matemática de forma autónoma.	OBX3
• CA2.2. Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA2.3. Resolver problemas establecendo e aplicando conexións entre as diferentes ideas matemáticas.	OBX5
• CA2.4. Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (sustentabilidade, consumo responsable, equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	OBX2

Contidos
• Cambio. – Estudo da variación absoluta e da variación media. Cálculo e interpretación da taxa de variación media (TVM) dunha función nun intervalo en diferentes contextos. – Idea de límite dunha función nun punto. Aproximación da TVM dunha función en intervalos moi pequenos pola taxa de variación instantánea nun punto. – Concepto de derivada: definición a partir da variación media e do estudo do cambio en diferentes contextos. Análise e interpretación con medios tecnolóxicos. • Medición. – A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios.

Bloque 3. Sentido espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que resolvan problemas da vida cotiá e de ámbitos diversos, seleccionando a máis adecuada en cada caso.	OBX1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.2. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e de ámbitos diversos, describindo o procedemento realizado.	OBX1
• CA3.3. Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA3.4. Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
Contidos	
• Visualización, razoamento e modelización xeométrica. – Grafos: representación de situacións da vida cotiá mediante diferentes tipos de grafos (dirixidos, planos, ponderados, árbores etc.). Fórmula de Euler. – Grafos eulerianos e hamiltonianos: resolución de problemas de camiños e circuítos. Coloración de grafos. – Resolución do problema do camiño mínimo en diferentes contextos mediante ferramentas dixitais.	
Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas de ámbitos diversos utilizando o pensamento computacional, modificando ou creando algoritmos.	OBX4
• CA4.2. Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na formulación ou investigación de preguntas ou problemas.	OBX3
• CA4.3. Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e de ámbitos diversos, describindo o procedemento realizado.	OBX1
• CA4.4. Comprobar a validez matemática das posibles solucións dun problema utilizando o razoamento, a argumentación e as ferramentas dixitais.	OBX2
• CA4.5 Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	OBX7
Contidos	
• Padróns. – Xeneralización de padróns en situacións sinxelas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente. • Modelo matemático. – Funcións lineais, cuadráticas, racionais sinxelas, exponenciais, logarítmicas, a anacos e periódicas: modelización de situacións do mundo real con ferramentas dixitais. – Programación lineal: modelización de problemas reais. • Igualdade e desigualdade. – Resolución de sistemas de ecuacións de segundo grao con dúas incógnitas en diferentes contextos. Uso de ferramentas dixitais. – Resolución de inecuacións e de sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas en diferentes contextos. Uso de ferramentas dixitais. – Programación lineal: resolución de problemas reais mediante ferramentas dixitais.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Relacións e funcións. – Propiedades das clases de funcións, incluídas lineais, cuadráticas, racionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas: comprensión e comparación. • Pensamento computacional. – Análise, formulación, resolución, representación e interpretación de relacións e problemas da vida cotiá e de distintos ámbitos utilizando algoritmos, programas e ferramentas tecnolóxicas adecuados.

Bloque 5. Sentido estocástico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación de preguntas de natureza matemática de forma autónoma.	OBX3
• CA5.2. Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	OBX6
• CA5.3. Representar ideas matemáticas estruturando diferentes razoamentos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	OBX7
• CA5.4. Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais, que resolvan problemas da vida cotiá e de ámbitos diversos, seleccionando a máis adecuada en cada caso.	OBX1

Contidos
• Organización e análise de datos. – Interpretación e análise de información estatística en diversos contextos. – Organización dos datos procedentes de variables bidimensionais: distribución conxunta, distribucións marxinais e condicionadas. Análise da dependencia estatística. – Estudo da relación entre dúas variables mediante a regresión lineal e cuadrática: valoración gráfica da pertinencia do axuste. Diferenza entre correlación e causalidade. – Coeficientes de correlación lineal e de determinación: cuantificación da relación lineal, predición e valoración da súa fiabilidade en contextos científicos, económicos, sociais etc. – Calculadora, folla de cálculo ou software específico na análise de datos estatísticos. • Incerteza. – Cálculo de probabilidades en experimentos simples e compostos en problemas da vida cotiá. Probabilidade condicionada e independencia de sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. • Distribucións de probabilidade. – Distribucións de probabilidade uniforme (discreta e continua), binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas: aplicación á resolución de problemas. • Inferencia. – Selección de mostras representativas. Técnicas sinxelas de mostraxe. Discusión da validez dunha estimación en función da representatividade da mostra. – Deseño de estudos estatísticos relacionados con diversos contextos utilizando ferramentas dixitais. Representatividade dunha mostra.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 6. Sentido socioafectivo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que xorden na sociedade.	OBX6
• CA6.2. Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	OBX8
• CA6.3. Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	OBX8
• CA6.4. Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.5. Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando e aprendendo da crítica razoada, ao facerlles fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	OBX9
• CA6.6. Participar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos respectando as emocións e experiencias das demais persoas, escoitando o seu razoamento, identificando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saudables.	OBX9
Contidos	
• Crenzas, actitudes e emocións. – Actitudes inherentes ao traballo matemático como o esforzo, a perseveranza, a tolerancia á frustración, a incerteza e a autoavaliación, indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. – Tratamento do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. • Traballo en equipo e toma de decisións. – Destrezas básicas para avaliar opcións e tomar decisións na resolución de problemas e tarefas matemáticas. – Técnicas e estratexias de traballo en equipo para a resolución de problemas e tarefas matemáticas, en grupos heteroxéneos. • Inclusión, respecto e diversidade. – Destrezas para desenvolver unha comunicación efectiva: a escoita activa, a formulación de preguntas ou a solicitude e prestación de axuda cando sexa necesario. – Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance da humanidade. • Comunicación e organización. – Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. – Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor. – Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

35.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Matemáticas Xerais desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Matemáticas Xerais e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-3	2-5	4-5		3	
OBX2			1-2	2-3	3.1	3	3	
OBX3	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5			1-3	2-3				1
OBX6			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7			3	1-2-5			3	4.1-4.2
OBX8	1-3	1	2-4	2				3.2
OBX9		3	5		1.1-1.2-3.1-3.2	2-3	2	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Potenciar o razoamento, argumentación, investigación e comunicación, máis que os procedementos repetitivos.

– A interpretación, análise e modelización de situacións problemáticas en diferentes contextos, fomentando a adquisición do razoamento matemático e construíndo novos coñecementos a partir dos seus coñecementos previos.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O emprego da historia das matemáticas para mostrar como se foi adquirindo o coñecemento matemático e as súas achegas ao resto das ciencias.

– O desenvolvemento de métodos para a realización de proxectos matemáticos e de resolución de problemas, individuais ou en grupo, dunha forma eficiente e lóxica, buscando xeneralizacións co fin de crear estratexias que poidan ser utilizadas en situacións análogas, proporcionando unha visión das matemáticas como un campo integrado de coñecemento en si mesmo e aplicado ao resto das ciencias.

– A realización de cálculos con lapis e papel debe limitarse aos casos máis sinxelos. Nos casos máis complicados, utilizaranse as ferramentas tecnolóxicas máis axeitadas.

– A valoración do razoamento e a explicación dos procedementos empregados para obter os resultados, así como a súa análise crítica, primará sobre a outorgada aos cálculos realizados e aos posibles erros cometidos.

– A transmisión da importancia da comunicación das ideas matemáticas de forma ordenada e coherente, así como da utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos coa precisión e rigor adecuados.

– O fomento da adquisición de destrezas e actitudes necesarias para entender e manexar as emocións que xorden na aprendizaxe das matemáticas.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos con ideas matemáticas relevantes, significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase na atención individualizada á diversidade do alumnado: prevención das dificultades de aprendizaxe, detección de altas capacidades e a posta en práctica de mecanismos de reforzo ou ampliación tan pronto como se detecten estas necesidades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

36. Movementos Culturais e Artísticos.

36.1. Introdución.

A cultura forma un tecido complexo que se articula, ordena e reestrutura permanentemente. Como conxunto de trazos distintivos dunha sociedade, require dun proceso de aprendizaxe colectiva que inclúe crenzas, sistemas de valores, tradicións, costumes, artes, ciencia e modos de pensamento. Unha sólida comprensión da propia cultura favorecerá que o alumnado desenvolva o sentido da propia identidade cultural e que lle permita desenvolver o seu xuízo crítico, e así constrúa un vínculo social baseado en referencias comúns. Doutra banda, a arte é o conxunto de creacións humanas, enmarcadas e integradas dentro da cultura, mediante as que se manifesta unha visión persoal sobre o real ou o imaxinado. Tamén é unha construción histórica e social á que se lle atribúen valores transcendentais da civilización. A materia Movementos Culturais e Artísticos, de segundo de bacharelato, contribúe ao coñecemento da propia cultura e, ademais, a unha formación integral do alumnado en valores cidadáns, no respecto á diversidade das expresións artísticas e na promoción do diálogo entre culturas.

O mundo actual caracterízase por unhas fronteiras cada vez máis esvaecidas, o que provoca que nun mesmo lugar cohabiten distintas formas de ver, de sentir, de ser e de pensar, xerándose o que se coñece como «identidades deslocalizadas» e pluralizándose as culturas nun mesmo espazo e momento. Como resultado deste mundo global e diverso, hai unha cantidade extraordinaria de información que procesar, interpretar e asimilar, o que dá lugar a unha dinámica de transformación continua na que a interpretación e a representación do mundo evolucionan de forma constante. No noso tempo, a arte e a cultura ofrecen unha sorprendente diversidade de manifestacións e experiencias nas que converxen unha pluralidade de miradas, pensamentos e inquietudes que demandan novas formas de produción e recepción. A disparidade destas manifestacións é unha poderosa ferramenta para pensar o mundo contemporáneo, posto que a creación e a produción artística están en diálogo e evolución permanentes xunto cos cambios culturais e sociais.

Estas particularidades, propias da sociedade do século XXI, requiren a formación de persoas sensibles ao mundo que as rodea, cunha dispoñibilidade continua para a recepción activa, o coñecemento e a indagación. Así, resulta necesaria unha alfabetización cultural, artística e estética baseada no recoñecemento dos diferentes códigos, recursos, técnicas e discursos das distintas manifestacións culturais e artísticas da contorna. Para iso, esta materia facilítalle ao alumnado o establecemento de novos vínculos coa realidade, aproximándoo a unha apreciación empática e afectiva das artes mediante un encontro

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

sensible e razoado con diferentes producións e manifestacións. Todas elas pertencen ao patrimonio cultural e artístico da humanidade, dentro do cal se debe prestar especial atención ás manifestacións contemporáneas para evidenciar tanto as condicións de creación, o seu proceso e o seu contexto, como a súa implicación coa innovación, a liberdade de expresión e o compromiso social.

Tendo en conta todos estes aspectos, establecéronse cinco obxectivos para a materia, grazas aos cales se desenvolven a metacognición e a metaemoción, que emanan dos obxectivos da etapa e das competencias clave previstas para bacharelato. Estas competencias están deseñadas de maneira que varias delas poidan traballarse de maneira globalizada, polo que a orde no que se presentan non é vinculante nin presupón ningún tipo de xerarquía entre elas.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

O primeiro bloque de criterios de avaliación e contidos, «Aspectos xerais», recolle os aspectos disciplinares comúns da materia que será necesario mobilizar para a consecución dos obxectivos. Inclúense elementos que permitan contextualizar os movementos artístico-culturais contemporáneos máis relevantes, coñecer os fundamentos das distintas linguaxes e formas de expresión artística e as súas implicacións socioculturais, así como o papel da arte como motor de cambio social e o seu compromiso en relación cos principais desafíos do século XXI, con especial mención á loita contra os estereotipos e ás necesarias perspectivas de xénero e intercultural. Cada manifestación cultural e artística forma parte dun conxunto e inscríbese nunha evolución, de maneira que se pode determinar unha continuidade na creación dentro diversos dominios ao longo do tempo e, á vez, unha interrelación clara entre todos os ámbitos creativos. A herdanza artística está presente en todos e cada un deles, de forma que o novo nunca rompe totalmente co que o precede. Hai uns temas constantes nesta sucesión, que non ruptura total, que caracteriza a cultura e a arte, e que se poden seguir ao longo da historia, con diferentes reinterpretacións.

Os dous bloques de criterios de avaliación e contidos que seguen expuxéronse ao redor de dous grandes temas moi presentes nas manifestacións culturais e artísticas da sociedade contemporánea: «Natureza, arte e cultura» e «A arte dentro da arte». Pola súa banda, «A arte nos espazos urbanos» recolle tanto as manifestacións artísticas que se producen nas contornas urbanas, como os distintos tipos de espazos e formatos en que se manifestan. Esta organización permite enlazar producións culturais e artísticas desde mediados e,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

nalgún caso, desde principios do século XX ata a actualidade. O quinto bloque, «Linguaxes artísticas contemporáneas», abarca outras linguaxes, incluídas as audiovisuais e multimedia, presentes actualmente nas producións culturais e artísticas, así como as posibilidades expresivas das tecnoloxías contemporáneas.

A materia de Movementos Culturais e Artísticos ofrécelle ao alumnado a oportunidade de familiarizarse con numerosas referencias culturais, facilitándolle o acceso ao mundo das artes, descubríndolle as súas particularidades e contribuíndo á súa formación como cidadán ou cidadá e como público cultural. Ao establecer relacións próximas que eviten os prexuízos e que se baseen no coñecemento informado, conséguese unha aprehensión global e interdisciplinar da cultura que incidirá, así mesmo, no desenvolvemento da capacidade do gozo estético. Esta posibilidade achega modos de vida diferentes a través da expresión artística, o que favorece tamén a reflexión sobre a necesidade de respectar a diversidade e adoptar posturas vitais que fomenten a convivencia.

36.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar producións de distintos movementos culturais e artísticos desde as vangardas á actualidade, reflexionando de forma aberta e crítica sobre o seu contexto histórico e os seus aspectos singulares e comúns, para comprender o valor da arte como representación do espírito dunha época.
• Cada manifestación cultural e artística é portadora dunha gran cantidade de información simbólica sobre a maneira de sentir, de interrogarse, de entender e de interactuar co mundo de cada artista e, en consecuencia, da sociedade á que pertence. Toda produción artística responde en parte ao universo da persoa que a crea e, en parte, ás particularidades da época na que se elabora. • O coñecemento e a comprensión das características e singularidades dos distintos medios de expresión e as súas producións, así como dos diferentes movementos culturais aos que pertencen, axudaranlle ao alumnado a identificar as relacións entre a persoa creadora, a obra e a contorna histórica e cultural. De igual forma, pode descubrir a variedade de funcións que toda actividade cultural ten e tivo tanto de maneira individual, cumprindo coas necesidades persoais de autoexpresión, autocoñecemento e desenvolvemento da capacidade creadora, coma social, facilitando a comunicación e a estruturación da sociedade. Entre os exemplos analizados, débense incorporar a perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural e incidir no estudo de producións realizadas por mulleres e por persoas de grupos étnicos e poboacionais que sofren a discriminación racial, así como na súa representación na arte e na cultura. • Así mesmo, a través dunha reflexión aberta e sen prexuízos, por medio de producións orais, escritas e multimodais, o alumnado pode valorar a importancia que os factores estéticos e culturais teñen nas sociedades, descubrindo a cultura e a arte en canto que xeradores de pensamento e de coñecemento, así como suscitadores de novas posibilidades e respostas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX2. Explicar o valor social do patrimonio reflexionando sobre o compromiso da arte coa súa época e sobre a importancia da liberdade creativa e de expresión en producións culturais e artísticas, para construír unha mirada sobre a arte que recoñeza, valore e respecte a diversidade cultural.
• No momento de encontro cunha manifestación cultural e artística, o alumnado deberá implicarse tanto na recepción activa do resultado final coma na investigación sobre o contexto, as condicións e o proceso da súa creación, elaborando producións orais, escritas e multimodais e utilizando as ferramentas analóxicas e dixitais pertinentes. Así, pode considerar as múltiples opcións que existen á hora de materializar unha idea, valorando a importancia da libre expresión na cultura e na arte, empatizando coas persoas creadoras na procura de alternativas distintas das habituais e entendendo as posibles dificultades atopadas durante o desenvolvemento da súa produción. Outro interesante campo de reflexión xira ao redor da liberdade de creación e dos seus posibles límites, asunto que enlaza directamente co exercicio da censura directa ou indirecta sobre as producións artísticas. Unha sólida comprensión de diferentes manifestacións culturais e artísticas provocará un diálogo sensible coa arte e coa cultura, así como un intercambio de ideas e emocións durante o cal o alumnado recoñecerá a diferenza e a diversidade como fontes de riqueza a todos os niveis, o que lle permite explicar o valor social do patrimonio e facer súa a súa defensa. Neste sentido, non pode faltar unha reflexión que incorpore a perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural e interétnica na elaboración compartida do canon artístico. • Por outra banda, ao ser consciente das manifestacións culturais e artísticas, o alumnado pode recoñecer a diversidade cultural como unha riqueza da humanidade e a cultura contemporánea como un patrimonio do presente e do futuro, entendendo a importancia do seu gozo, promoción e conservación.
OBX3. Explorar e valorar as linguaxes e os códigos de diferentes manifestacións culturais e artísticas desde as vangardas ata a actualidade, identificando e comprendendo as súas características, referentes e intencionalidades, para potenciar as posibilidades de gozo estético.
• No desenvolvemento e na produción de manifestacións culturais e artísticas, empréganse moi diferentes e variadas técnicas e, en cada ocasión, en función do tipo de creación levada a cabo, utilízanse unha linguaxe e uns códigos determinados cuxas características e intencionalidades debe identificar e comprender o alumnado. Ademais, debe expresar aberta, respectuosa e articuladamente as ideas e os sentimentos que lle provoquen as manifestacións, explorándoas activamente por medio de producións orais, escritas ou multimodais. Deste xeito, fórmase o alumnado para unha recepción cultural completa, progresando tanto na sensibilización respecto das especificidades esenciais de calquera produción artística coma na súa interpretación, valoración crítica, exposición das súas ideas sobre ela e, finalmente, na posibilidade do seu gozo. • Á vez, ao longo desta exploración, o alumnado descubrirá como xorden as ideas ou as necesidades de expresión cultural e artística, como se desenvolven e como son retomadas en diferentes épocas ou culturas para seren reformuladas segundo cada contexto. Desta maneira, poderá entender como as creacións de cada sociedade evolucionan modificando formas e manifestacións xa existentes e, grazas ás conexións entre distintos tipos de linguaxes, identificando os referentes comúns dos que se alimentan as creacións culturais e artísticas, e analizando as distintas maneiras nas que son utilizados.
OBX4. Analizar a evolución da arte e a cultura na historia recente identificando os distintos ámbitos nos que se producen e manifestan, así como o valor da innovación e o papel das tecnoloxías, para desenvolver un criterio informado e crítico ante o feito artístico que favoreza a identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.
• A investigación sobre a evolución das diferentes manifestacións culturais e artísticas facilita que o alumnado as entenda como creacións que se nutren doutras creacións, non como producións independentes, establecendo conexións entre elas e observando a complexidade das súas interaccións ao contemplar como se cruzan os seus camiños. Non se trata de xogar ás diferenzas ou similitudes, senón de achegar argumentos que expliquen o compartido, as causas e os efectos, as decisións estéticas e as conexións filosóficas, expresivas ou sociais. Unha postura reflexiva sobre a interrelación de distintas manifestacións artísticas estimula o alumnado para desenvolver a intuición, facer inferencias, explorar, preguntar e cuestionar. Se ademais se promove que as alumnas e os alumnos compartan opinións e visións persoais, facilítase que se integren diferentes perspectivas nas conclusións, á vez que se fomentan o diálogo e o debate como parte da aprendizaxe.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Analizando a evolución da arte e da cultura e da arte na historia máis recente, o alumnado pode observar como as persoas creadoras non cesan de buscar novas formas de expresión, reivindicando a superación das técnicas e dos límites tradicionais, así como a necesidade de avanzar cara ao futuro co uso das tecnoloxías. Igualmente, o alumnado pode apreciar que as diferenzas da cultura e da arte contemporáneas coas do pasado non só se enmarcan nos problemas técnicos e estéticos, senón tamén no que afecta o seu papel na sociedade e no modo en que as persoas creadoras se vinculan con esta en cada época. Todo iso lle proporcionará ferramentas para interpretar os múltiples universos visuais e expresivos que se manifestan na súa contorna.

• A cultura e a arte están vinculadas tanto ás necesidades de comunicación e expresión das persoas creadoras, como ás necesidades colectivas de cada sociedade. Doutra banda, a interacción coa cultura é un proceso complexo e individualizado, xa que nel interveñen, de forma ineludible, as experiencias e a sensibilidade propias de cada persoa. Así, ao poñer en contacto o alumnado con diferentes manifestacións culturais e artísticas a través da análise dos aspectos referidos máis arriba, facilítase a integración desta herdanza no seu propio acervo, desenvolvendo, ademais, un criterio informado e crítico ante o feito artístico. Todo iso pode achegarlle tamén un coñecemento máis preciso sobre o interese crecente que se mostra, desde sectores laborais moi diferentes, polos perfís de persoas creativas, capaces de xerar respostas orixinais que melloren os procesos e os resultados.

OBX5. Explicar a práctica cultural e artística como un medio de expresión e comunicación individual e colectivo de ideas, opinións e sentimentos, a partir dunha análise crítica de diversas manifestacións culturais e artísticas que inclúa tamén unha reflexión sobre o seu impacto ambiental, económico e social, para profundar no coñecemento da sociedade contemporánea e promover o compromiso persoal coa sustentabilidade.

• Toda manifestación cultural e artística constitúe un testemuño sobre a condición humana. É unha resposta a unha inquietude de orde existencial e, ao mesmo tempo, xera outros interrogantes. É tamén unha forma de tomar conciencia de si mesmo e dos demais. Achegar o alumnado á práctica creativa das e os artistas activa a súa implicación no proceso do pensamento creador e, igualmente, alimenta a concepción da arte e da cultura como revelación e descubrimento dunha nova forma de contemplar a realidade.

• Máis alá dun proceso de análise formal e funcional co que indagar sobre os significados e peculiaridades de cada obra, solicítaselle ao alumnado a procura de novos vínculos emocionais. Mediante a exploración activa de diferentes manifestacións culturais e artísticas pode redescubrir aquelas que xa están integradas no seu imaxinario e igualmente identificar outras novas que esperten o seu interese, que lle susciten sentimentos e emocións e que, en consecuencia, comecen a formar parte do seu crecemento persoal, de xeito que comprenda que a arte, a cultura e a vida están intimamente ligados. Igualmente, ao lle expoñer ao alumnado a multiplicidade de ideas, opinións e sentimentos que a cultura e a arte poden expresar e comunicar, promóvese a construción dunha personalidade aberta e respectuosa coa diversidade cultural e artística.

• Todo iso debe achegarlle tamén ao alumnado un coñecemento máis preciso das repercusións sociais e económicas da cultura e da arte, así como da súa relevancia na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, outorgándolle a posibilidade de realizar unha análise crítica da arte e da cultura que teña en consideración diversas vertentes do fenómeno. Formalo en todos estes aspectos favorece que se implique non só como espectador, senón como participante activo, promovendo así o seu compromiso persoal e social.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

36.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Movementos Culturais e Artísticos 2º curso	
Bloque 1. Aspectos xerais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar os aspectos singulares de diversas manifestacións culturais e artísticas desde as vangardas ata a actualidade, relacionándoos co sentido das devanditas obras, cos contextos nos que foron producidas e coa tradición artística, de forma aberta, crítica e respectuosa.	OBX1
• CA1.2. Establecer relacións entre manifestacións culturais de distintos campos creativos dos principais movementos culturais e artísticos contemporáneos, identificando elementos comúns que configuran o espírito da súa época.	OBX1
• CA1.3. Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e de evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables.	OBX1
• CA1.4. Explicar a repercusión e o compromiso social da arte analizando exemplos que mostren a implicación das persoas creadoras e os efectos xerados na sociedade.	OBX2
• CA1.5. Analizar a importancia da diversidade cultural e da libre expresión na arte a partir do estudo de manifestacións culturais e artísticas diversas, incluídas as realizadas por mulleres ou as procedentes de ámbitos diferentes á cultura occidental.	OBX2
• CA1.6 Desenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos.	OBX2
• CA1.7 Identificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios.	OBX3
• CA1.8 Investigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas, comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades.	OBX3
Contidos	
• A evolución do concepto de arte. • As distintas manifestacións da expresión artística. • Elementos esenciais das distintas linguaxes artísticas. Os grandes movementos artístico-culturais contemporáneos. Aspectos fundamentais. • A expresión artística no seu contexto social e histórico. • Función social da arte e da cultura. O seu impacto socioeconómico. A liberdade de expresión. A censura na arte. • Estereotipos culturais e artísticos. A perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural na arte. O respecto á diversidade. • A arte como ferramenta de expresión individual e colectiva. • Estratexias de investigación, análise, interpretación e valoración crítica de produtos culturais e artísticos.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Natureza, arte e cultura	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables.	OBX1
• CA2.2. Explicar a repercusión e o compromiso social da arte analizando exemplos que mostren a implicación das persoas creadoras e os efectos xerados na sociedade.	OBX2
• CA2.3. Desenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos.	OBX2
• CA2.4. Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas, intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa.	OBX3
• CA2.5. Explorar, explicar e valorar a repercusión social e económica de diferentes manifestacións culturais e artísticas, reflexionando sobre as oportunidades persoais e profesionais que ofrecen.	OBX4
• CA2.6. Identificar unha variedade de ámbitos e espazos nos que se desenvolve a práctica cultural e artística na actualidade, analizando de que modo condicionan as manifestacións que acollen.	OBX4
• CA2.7. Explorar diferentes manifestacións culturais e artísticas actuais con interese, curiosidade e respecto, identificando o seu valor expresivo e comunicativo tanto da individualidade das persoas creadoras como da sociedade en que se producen.	OBX5
• CA2.8. Explicar algunhas das repercusións ambientais, sociais e económicas da cultura e da arte sobre a sociedade actual explorando alternativas que favorezan a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	OBX5
Contidos	
• Do *plein air* á fotografía de natureza. • Arte, conciencia ecolóxica e sustentabilidade. • Arte povera. • Arte ambiental e land art.	
Bloque 3. A arte dentro da arte	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Identificar os aspectos singulares de diversas manifestacións culturais e artísticas desde as vangardas ata a actualidade, relacionándoos co sentido das devanditas obras, cos contextos nos que foron producidas e coa tradición artística, de forma aberta, crítica e respectuosa.	OBX1
• CA3.2. Establecer relacións entre manifestacións culturais de distintos campos creativos dos principais movementos culturais e artísticos contemporáneos identificando elementos comúns que configuran o espírito da súa época.	OBX1
• CA3.3. Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables.	OBX1
• CA3.4. Explicar a importancia da promoción, conservación e posta en valor do patrimonio artístico e cultural.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.5. Analizar a importancia da diversidade cultural e da libre expresión na arte a partir do estudo de manifestacións culturais e artísticas diversas, incluídas as realizadas por mulleres ou as procedentes de ámbitos diferentes á cultura occidental.	OBX2
• CA3.6. Identificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios.	OBX3
• CA3.7. Investigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades.	OBX3
• CA3.8. Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa.	OBX3
Contidos	
• Arte primitiva, oriental, precolombina e africana. O seu papel como inspiración para as vangardas. • A pervivencia do clásico na arte e na cultura contemporánea. • Cultura popular e *pop art*. A arte pop en España. • Relacións interdisciplinares: literatura, cinema, música, fotografía, artes plásticas, cómic, publicidade, artes escénicas, deseño e moda.	
Bloque 4. A arte nos espazos urbanos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Establecer relacións entre manifestacións culturais de distintos campos creativos dos principais movementos culturais e artísticos contemporáneos, identificando elementos comúns que configuran o espírito da súa época.	OBX1
• CA4.2. Investigar acerca do papel dos movementos culturais e artísticos como motores de cambio e evolución da sociedade, recorrendo a fontes fiables.	OBX1
• CA4.3. Explicar a importancia da promoción, conservación e posta en valor do patrimonio artístico e cultural.	OBX2
• CA4.4. Explicar a repercusión e o compromiso social da arte, analizando exemplos que mostren a implicación das persoas creadoras e os efectos xerados na sociedade.	OBX2
• CA4.5. Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa.	OBX3
• CA4.6. Explorar, explicar e valorar a repercusión social e económica de diferentes manifestacións culturais e artísticas, reflexionando sobre as oportunidades persoais e profesionais que ofrecen.	OBX4
• CA4.7. Identificar unha variedade de ámbitos e espazos en que se desenvolve a práctica cultural e artística na actualidade, analizando de que modo condicionan as manifestacións que acollen.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos	
• Arquitectura e sociedade. • A arquitectura na arte contemporánea. • Intervencións artísticas en proxectos de urbanismo. • Arte mural e enganaollos (*trompe-l´oeil)*. Arte urbana. Os espazos da arte: museos, salóns, feiras, festivais, exhibicións, galerías, obradoiros, etc.	
Bloque 5. Linguaxes artísticas contemporáneas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Analizar a importancia da diversidade cultural e da libre expresión na arte a partir do estudo de manifestacións culturais e artísticas diversas, incluídas as realizadas por mulleres ou as procedentes de ámbitos diferentes á cultura occidental.	OBX2
• CA5.2. Desenvolver proxectos de investigación individuais ou colectivos que mostren unha implicación e unha resposta persoais ao redor da libre expresión artística e dos seus posibles límites, partindo da análise de casos concretos.	OBX2
• CA5.3. Identificar e explicar as características de diversas producións culturais e artísticas a partir da análise das súas linguaxes e códigos propios.	OBX3
• CA5.4. Investigar e analizar a presenza de referentes comúns en distintas manifestacións culturais e artísticas comparando os seus temas, linguaxes ou intencionalidades.	OBX3
• CA5.5. Debater sobre diferentes propostas culturais e artísticas intercambiando as opinións e os sentimentos experimentados e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras de maneira argumentada, construtiva e respectuosa.	OBX3
• CA5.6. Argumentar a influencia e as achegas que as novas linguaxes e tecnoloxías incorporaron na cultura e na arte recentes, a partir da análise crítica de diferentes producións, valorando a actitude innovadora das persoas creadoras.	OBX4
• CA5.7. Identificar unha variedade de ámbitos e espazos nos que se desenvolve a práctica cultural e artística na actualidade analizando de que modo condicionan as manifestacións que acollen.	OBX4
• CA5.8. Explorar diferentes manifestacións culturais e artísticas actuais con interese, curiosidade e respecto, identificando o seu valor expresivo e comunicativo tanto da individualidade das persoas creadoras como da sociedade en que se producen.	OBX5
Contidos	
• Deseño industrial e artes decorativas. • Medios electrónicos, informáticos e dixitais na arte. Videoarte. • Instalacións. Da arte ambiente á arte inmersiva e interactiva. • A explosión da narrativa serial no audiovisual do século XXI. • Narrativa multiverso e videoxogos.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

36.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Movementos Culturais e Artísticos desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Movementos Culturais e Artísticos e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-3	1	2			1-3		2
OBX2	1-3	1	2	2		1-3	1	1-2
OBX3	3	1	2		5	1		1-2
OBX4	3	1	1-2	3	1.2	1-3	1	1-2
OBX5	3	1	2		3.1	1-3-4	1-2	1-3.1

Liñas de actuación non proceso de ensino e aprendizaxe.

– A creación de situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado explorar, de forma progresivamente complexa, unha ampla variedade de manifestacións culturais e artísticas, mediante a mobilización globalizada dos correspondentes contidos (coñecementos, destrezas e actitudes), facilitándolle o acceso ao mundo das artes, descubríndolle as súas particularidades e contribuíndo a súa formación como cidadán e como espectador cultural. Estas situacións deben proporcionarlle ao alumnado unha perspectiva real das aplicacións formativas e profesionais da arte e da cultura nas súas múltiples facetas, así como do enriquecemento do seu acervo persoal.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– A importancia do traballo dos obxectivos da materia en conxunto, onde os bloques de criterios de avaliación e contidos non se vexan como independentes, facendo que intervéñan aqueles desempeños máis significativos en cada caso, de xeito que se poidan adquirir os coñecementos, destrezas e actitudes de forma interrelacionada e progresiva no referente á súa complexidade.

– O fomento no alumnado dun enriquecemento do seu acervo persoal e cultural desde unha perspectiva real das aplicacións formativas e profesionais da arte e da cultura nas súas múltiples facetas.

– A familiarización do alumnado coas numerosas referencias culturais facilitándolle o acceso ao mundo de las artes, descubríndolle as súas particularidades e contribuíndo a súa formación como cidadán e como espectador cultural.

– A selección de producións e manifestacións culturais e artísticas contemporáneas a partir dun estudo que permita deducir as súas linguaxes, as súas características ou as súas referencias comúns, así como o seu contexto de produción e recepción.

– O establecemento de relacións estreitas, sen prexuízos, e baseadas no coñecemento e na comprensión, de xeito que se consiga unha aprehensión máis global da cultura e do desenvolvemento do deleite estético. Esta posibilidade achega modos de vida diferentes a través da expresión artística, o que permite sentar as bases do respecto e iniciar aproximacións que fomenten a convivencia. Na liña dos obxectivos de desenvolvemento da Axenda 2030 a partir desta materia, o achegamento aos retos do século XXI desde a oportunidade que brinda o coñecemento dos movementos artísticos e culturais e da súa importancia no desenvolvemento social, económico e ambiental.

– A elección ao longo do curso de momentos coincidentes co desenvolvemento de feiras de arte contemporánea; festivais de cine, música ou danza; exposicións e outros eventos internacionais, nacionais ou locais, para introducir a análise das manifestacións artísticas presentes e achegar os contidos da materia ao momento e á contorna do alumnado. Deste xeito, realizarase un desenvolvemento entrelazado, coherente e relacionado dos movementos culturais e artísticos, en lugar de facelo de forma lineal.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

37. Proxectos Artísticos.

37.1. Introdución.

A materia de Proxectos Artísticos combina unha concepción da arte centrada na expresión persoal, que é a que se traballa na etapa educativa anterior, con outra na que resulta fundamental a concreción dos obxectivos e das finalidades que se expoñen na execución dun proxecto artístico, incidindo especialmente na planificación e xestión deste, así como no efecto que este poida ter na contorna física máis próxima ou noutras parcelas da realidade accesibles a través da Internet ou das redes sociais. Ponse, así, a énfase tanto no proceso coma no resultado.

Ao falar de proxectos, faise aquí referencia a unha ampla gama de posibilidades, que van desde os microproxectos que interactúan entre si a un gran proxecto que se realice durante todo o curso, pasando por fórmulas mixtas que se adapten mellor ás necesidades e ás particularidades de cada grupo e de cada centro educativo. En todos os casos, ha de entenderse o proxecto como unha contorna interdisciplinar que favorece a posta en práctica das competencias e a activación dos coñecementos desta e doutras materias que conforman a etapa.

A materia inclúe cinco obxectivos que emanan das competencias clave e dos obxectivos previstos para o bacharelato e que implican desempeños intimamente relacionados entre si, polo que han de ser abordados de maneira globalizada. Os obxectivos da materia permítenlle ao alumnado desenvolver un criterio de selección de propostas de proxectos artísticos, realizables e acordes coa intención expresiva ou funcional e co marco de recepción previsto. Permítenlle, ademais, planificar adecuadamente as fases e o proceso de traballo para conseguir un resultado axustado aos prazos, ás características do espazo e, se é o caso, ao orzamento previsto. Posibilitan tamén a realización efectiva dos proxectos con vistas a expresar a intención coa que foron creados e a provocar un determinado efecto na contorna. Así mesmo, favorecen a posta en común das distintas fases do proceso para avaliar a marcha do proxecto, incorporar achegas de mellora e optimizar a súa repercusión. Por último, facilitan o correcto tratamento da documentación que ha de deixar constancia do proxecto, do seu resultado e da súa recepción.

Os criterios de avaliación formuláronse tendo en conta os coñecementos, as destrezas e as actitudes que se pretende que active o alumnado, coa finalidade de determinar o nivel de logro dos obxectivos cos que se relacionan.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Dado que nesta materia se convida o alumnado a que asuma a dobre función de artista e xestor cultural, os criterios de avaliación e os contidos organízanse en dous bloques denominados «Desenvolvemento da creatividade» e «Xestión de proxectos artísticos». No primeiro bloque recóllense as técnicas e as estratexias que permitirán superar o bloqueo creativo e fomentar a creatividade, entendendo esta como unha destreza persoal e unha ferramenta para a expresión artística. No segundo inclúense saberes relacionados coa metodoloxía proxectual, a sustentabilidade e o impacto dos proxectos artísticos, o emprendemento cultural e outras oportunidades de desenvolvemento ligadas a este ámbito, así como as estratexias, técnicas e soportes de documentación, rexistro e arquivo.

37.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Xerar e perfeccionar ideas de proxecto, consultando distintas fontes, experimentando con técnicas e estratexias creativas, elaborando bosquexos e maquetas e valorando criticamente a relevancia artística, a viabilidade e a sustentabilidade desas ideas, para desenvolver a creatividade e aprender a seleccionar unha proposta concreta, realizable e acorde coa intención expresiva ou funcional e coas características do marco de recepción previsto.
• O desenvolvemento da creatividade é un desempeño fundamental desta materia. O alumnado debe descubrir, dunha maneira práctica, que a creatividade é unha ferramenta para a expresión artística e tamén unha destreza persoal de aplicación nos distintos ámbitos da vida. Neste sentido, contrariamente ao que se desprende de certos mitos ou ideas preconcibidas que convén desmontar, a creatividade pode desenvolverse, por exemplo, a través de diversas técnicas e estratexias, incluídas aquelas que facilitan a superación do bloqueo creativo, ou a partir de distintos estímulos e referentes achados na observación activa da contorna ou na consulta de fontes iconográficas ou documentais. • A exploración e a experimentación contribúen á xeración de ideas de proxecto en que, para descartalas ou perfeccionalas, se ha de profundar mediante a realización de bosquexos, esbozos, maquetas, probas de cor ou de selección de materiais etc. Estas ideas han de ter en conta as pautas que puidesen ser establecidas e deben responder a unha necesidade ou a unha intención previamente determinada ou definida durante ese mesmo proceso de xeración de ideas, en función do contexto social e das características das persoas a que se dirixen. • Unha vez que, de maneira individual ou colectiva, se xeraron, descartaron e perfeccionaron distintas ideas de proxecto, débese proceder á selección da proposta que se vai realizar atendendo á súa relevancia artística, á súa viabilidade, á súa sustentabilidade e á súa adecuación á intención expresiva ou funcional, así como ao marco de recepción previsto.
OBX2. Planificar adecuadamente as fases e o proceso de traballo dun proxecto artístico, considerando os recursos dispoñibles e avaliando a súa sustentabilidade, para conseguir un resultado axustado aos prazos, ás características do espazo e, se é o caso, ao orzamento previsto.
• A adecuada planificación das fases e do proceso de traballo dun proxecto artístico condiciona o seu desenvolvemento e o seu resultado final. Esta planificación proporciona unha visión global do que se pretende facer, do modo e do lugar en que se quere levar a cabo, dos recursos materiais e económicos cos que se conta, das persoas que participarán e das funcións que realizarán, así como do resultado e da repercusión que se desexan obter tanto desde o punto de vista artístico como desde o persoal e o social.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

• A planificación dos proxectos ha de ser rigorosa e realista, pero tamén creativa e flexible. Hase de garantir o cumprimento dos prazos e a adecuación aos recursos e aos espazos. Hai que asegurar tamén o respecto ao ambiente e a sustentabilidade daqueles resultados que se espera que sigan exercendo impacto unha vez finalizado o proxecto. Agora ben, a organización do plan de traballo non debe resultar un impedimento para o desenvolvemento da creatividade, pois esta axudará a atopar solucións orixinais e innovadoras ás distintas dificultades que poidan xurdir. Xunto ao desenvolvemento de pensamento creativo, o proceso de traballo contribuirá a afianzar o espírito emprendedor do alumnado con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
OBX3. Realizar proxectos artísticos, individuais ou colectivos, asumindo diferentes funcións, seleccionando espazos, técnicas, medios e soportes e identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, para expresar unha intención expresiva ou funcional e provocar un determinado efecto na contorna.
• A realización efectiva de proxectos artísticos, individuais ou colectivos, leva consigo, entre outras tarefas, a correcta selección de espazos, técnicas, medios e soportes, así como a repartición das distintas funcións que hai que desempeñar nas diferentes fases do proceso. Para que estas e outras decisións relativas, por exemplo, a posibles modificacións da planificación inicial sexan acertadas, convén determinar previamente tanto a intención expresiva ou funcional do proxecto coma os efectos que se espera que este teña na contorna. A falta de coherencia das decisións con estes elementos esenciais do proxecto pode poñer en risco o éxito da empresa. • Doutra banda, a identificación e a asunción de diversas tarefas e funcións na execución do proxecto favorecerán o descubrimento de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional ligadas ao ámbito artístico, incluídas as relativas ao emprendemento cultural. Estas oportunidades contan co valor engadido que achega a creatividade.
OBX4. Compartir, con actitude aberta e respectuosa, as distintas fases do proxecto, intercambiando ideas, comentarios e opinións con diversas persoas, incluído o público receptor, para avaliar a marcha do proxecto, incorporar achegas de mellora e optimizar a súa repercusión na contorna.
• A posta en común das distintas fases do proxecto e o intercambio de ideas, comentarios e opinións respecto diso, xa sexa entre os seus responsables ou con outras persoas, permite asegurar a avaliación interna e externa dos avances realizados e do logro da intención inicial exposta, así como incorporar, se é o caso, posibles achegas de mellora. • Son especialmente relevantes as reaccións do público receptor. Por esta razón, convén facelo partícipe do proxecto diversificando os medios e soportes de comunicación e difusión e expondo mecanismos que, por unha banda, faciliten a comprensión do sentido e da simboloxía do proxecto e, por outra, recollan as ideas, os sentimentos e as emocións que experimentou ante a proposta artística. Neste sentido, convén lembrar que a visualización do proceso de creación e das dificultades atopadas durante o proxecto mellora a comprensión do resultado final e, polo tanto, optimiza a súa repercusión na contorna. • Con este mesmo obxectivo, á hora de concibir o proxecto, pode terse en conta a posibilidade de recorrer a referentes próximos ou a elementos do patrimonio local, xa que isto permite situar –física ou simbolicamente– o público receptor xerando un horizonte de expectativas que, por afinidade ou contraste, lle achega relevo ao proxecto. Os significados e a simboloxía, os referentes próximos ou os elementos do patrimonio local combinaranse cos do proxecto artístico, o que xerará novas oportunidades para a contorna.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX5. Tratar correctamente a documentación dun proxecto artístico seleccionando as fontes máis adecuadas, elaborando os documentos necesarios, rexistrando o proceso creativo e arquivando adecuadamente todo o material para deixar constancia das distintas fases do proxecto, do seu resultado e da súa recepción.
• O tratamento da documentación, tanto física coma dixital, é un compoñente esencial de todo proxecto artístico. Esta competencia incide nese aspecto, considerando tres grandes vertentes no relativo aos documentos –textuais, visuais, sonoros, audiovisuais ou de calquera outro tipo– que poidan ser utilizados ou xerados no marco do proxecto. Por unha banda, todos aqueles que achegan unha base teórica, informativa ou inspiradora e, por outra, os que foron elaborados para dar resposta ás necesidades concretas de cada unha das fases do proxecto e, por último, os que rexistran o proceso creativo, así como o resultado e a recepción deste. • As tarefas asociadas a esta competencia comprenden a selección de fontes, medios e soportes, a elaboración de documentos, a organización do material, o rexistro reflexivo do proceso e do seu resultado e recepción e o arquivo ordenado, accesible e facilmente recuperable de toda a documentación.

37.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Proxectos Artísticos 1º curso	
Bloque 1. Desenvolvemento da creatividade	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Xerar e perfeccionar ideas de proxecto consultando distintas fontes, elaborando bosquexos e maquetas e experimentando coas técnicas e estratexias artísticas máis adecuadas en cada caso.	OBX1
• CA1.2. Propoñer solucións creativas na organización dun proxecto artístico buscando o máximo aproveitamento dos recursos dispoñibles.	OBX2
• CA1.3. Participar activamente na realización de proxectos artísticos, individuais ou colectivos, asumindo diferentes funcións e seleccionando os espazos, as técnicas, os medios e os soportes máis adecuados.	OBX3
• CA1.4. Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito artístico, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma crítica e respectuosa.	OBX3
• CA1.5. Compartir, a través de diversos medios e soportes, as distintas fases do proxecto, poñéndoo en relación co resultado final esperado e solicitando, de maneira aberta e respectuosa, as críticas, os comentarios e as achegas de mellora formuladas por distintas persoas, incluído o público receptor.	OBX4
• CA1.6. Valorar as críticas, os comentarios e as achegas de mellora recibidas, incorporando de maneira xustificada aquelas que redunden en beneficio do proxecto e da súa repercusión na contorna.	OBX4
• CA1.7. Seleccionar diversas fontes para a elaboración do proxecto, xustificando a súa utilidade teórica, informativa ou inspiradora.	OBX5
• CA1.8. Elaborar a documentación necesaria para desenvolver un proxecto artístico, considerando as posibilidades de aplicación e axustándose aos modelos máis adecuados.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.9. Arquivar correctamente a documentación garantindo a accesibilidade e a facilidade da súa recuperación.	OBX5
Contidos	
• A creatividade como destreza persoal e ferramenta para a expresión artística. • Estratexias e técnicas de fomento e desenvolvemento da creatividade. • Estratexias de superación do bloqueo creativo.	
Bloque 2. Xestión de proxectos artísticos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Xerar e perfeccionar ideas de proxecto consultando distintas fontes, elaborando bosquexos e maquetas e experimentando coas técnicas e estratexias artísticas máis adecuadas en cada caso.	OBX1
• CA2.2. Seleccionar unha proposta concreta para un proxecto xustificando a súa relevancia artística, a súa viabilidade, a súa sustentabilidade e a súa adecuación á intención coa que foi concibida e ás características do marco de recepción previsto.	OBX1
• CA2.3. Establecer o plan de traballo dun proxecto artístico organizando correctamente as súas fases, avaliando a súa sustentabilidade e axustándoo aos prazos, ás características do espazo e, se é o caso, ao orzamento previsto.	OBX2
• CA2.4. Participar activamente na realización de proxectos artísticos, individuais ou colectivos, asumindo diferentes funcións e seleccionando os espazos, as técnicas, os medios e os soportes máis adecuados.	OBX3
• CA2.5. Explicar, de forma razoada, a intención expresiva ou funcional dun proxecto artístico, detallando os efectos que se espera que este teña na contorna.	OBX3
• CA2.6. Argumentar as decisións relativas á execución do proxecto asegurando a coherencia destas decisións coa intención expresiva ou funcional e cos efectos esperados.	OBX3
• CA2.7. Compartir, a través de diversos medios e soportes, as distintas fases do proxecto, poñéndoo en relación co resultado final esperado e solicitando, de maneira aberta e respectuosa, as críticas, os comentarios e as achegas.	OBX4
• CA2.8. Avaliar a repercusión que o proxecto tivo na contorna, considerando as valoracións do público receptor e analizando o logro da intención inicial exposta, así como a pertinencia das solucións postas en práctica ante as dificultades afrontadas ao longo do proceso.	OBX4
• CA2.9. Elaborar a documentación necesaria para desenvolver un proxecto artístico, considerando as posibilidades de aplicación e axustándose aos modelos máis adecuados.	OBX5
• CA2.10. Rexistrar as distintas fases do proxecto adoptando un enfoque reflexivo e de autoavaliación.	OBX5
Contidos	
• Metodoloxía proxectual. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos artísticos. Difusión de resultados. • Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos. • Estratexias, técnicas e soportes de documentación, rexistro e arquivo.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Sustentabilidade e impacto dos proxectos artísticos.

• Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional relacionadas co ámbito artístico. O emprendemento cultural.

37.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Proxectos Artísticos desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Proxectos Artísticos e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1		3	1-2	1.1-3.1		3	3.2-4.1
OBX2			1	3	3.1	4	1-2	4.1-4.2
OBX3	1			3	1.2-3.2	3	1-3	3.1-4.1-4.2
OBX4	1-2	1	1	2	5	3	3	2-4.2
OBX5	2-3	1		1-2	4-5			2-4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Análise das situacións de aprendizaxe contextualizando o desenvolvemento da materia a través de exemplos baseados nas boas prácticas.

– Creación de contornas creativas flexibles favorables ao desenvolvemento de proxectos artísticos, fomentando a igualdade efectiva entre todas as persoas, sen atender a ningún tipo de condicionante social ou persoal, favorecendo a autodisciplina e a implicación nas tarefas desenvolvidas, ademais da capacidade de traballo en grupo.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Promoción e estimulación do alumnado ao traballo artístico fóra do centro educativo tendo o propio centro como un viveiro cultural, artístico e de creación de iniciativas artísticas abertas ao contexto social, físico ou virtual máis próximo, defendendo, por exemplo, a liberdade de expresión, promovendo a participación democrática, dando visibilidade e voz aos grupos sociais máis desfavorecidos ou estigmatizados e fomentando a igualdade, o respecto e a aceptación do outro.

– Fomento, a través da creación artística, de proxectos e iniciativas artísticas abertas ao contexto social máis próximo que supoñan un impacto positivo no individuo e na sociedade, que fomenten a igualdade efectiva entre as mulleres e os homes e a loita contra os delitos de odio, contribuíndo notablemente ao exercicio da cidadanía responsable e democrática, encamiñada á construción dunha sociedade máis xusta e equitativa.

38. Química.

38.1. Introdución.

O estudo da química no bacharelato debe contribuír a proporcionarlle ao alumnado coñecementos que lle permitan profundar na comprensión do mundo que o rodea; entender e describir como é a composición e a natureza da materia e como se transforma. Desde esta disciplina débese seguir atendendo ás relacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente, en particular as aplicacións da química, a súa presenza na vida cotiá e as súas repercusións directas en numerosos ámbitos da sociedade actual. A súa relación con outros campos de coñecemento, como a bioloxía, a medicina, a enxeñaría, a xeoloxía, a astronomía, a farmacia ou a ciencia dos materiais, por citar algúns, fai que contribúa a unha formación crítica en relación co papel que a química desenvolve na sociedade.

A materia de Química apóiase nas matemáticas e na física e, pola súa vez, serve de base para as ciencias da vida. Desde esta posición, esta materia amplía a formación científica do alumnado e proporciona unha ferramenta para a comprensión da natureza das ciencias en xeral, polo que é unha axuda importante na toma de decisións ben fundamentadas e responsables en relación coa súa propia vida e a comunidade onde vive, co obxectivo final de construír unha sociedade mellor. Ao longo da educación secundaria obrigatoria e o primeiro curso de bacharelato, o alumnado iniciouse no coñecemento da química e, mediante unha primeira aproximación, aprendeu os principios básicos desta ciencia, e como estes se aplican á descrición dos fenómenos químicos máis sinxelos. A partir de aquí, o propósito principal desta materia en segundo de bacharelato é profundar sobre estes coñecementos para achegarlle ao alumnado unha visión máis ampla desta ciencia, e outorgarlle

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

unha base química suficiente e as habilidades experimentais necesarias, co dobre fin de desenvolver un interese pola química e de que poida continuar, se así o desexa, estudos relacionados.

Para alcanzar esta dobre meta, este currículo da materia de Química en segundo curso de bacharelato propón un conxunto de obxectivos de marcado carácter competencial co que se pretende comprender os fundamentos dos procesos químicos máis importantes, adoptar os modelos e leis da química como base de estudo das propiedades físicas e químicas dos sistemas materiais para inferir solucións xerais aos problemas cotiáns, e en particular os relacionados co ambiente, utilizar con corrección os códigos da linguaxe química, defender de forma argumentada a influencia positiva que a química ten sobre a sociedade actual, aplicar técnicas de traballo propias das ciencias experimentais valorando a importancia do traballo en equipo e recoñecer a química como unha área de coñecemento multidisciplinario e versátil.

A aprendizaxe da química en segundo de bacharelato estrutura os criterios de avaliación e os contidos en catro grandes bloques, que están organizados de maneira independente, de forma que permitan abarcar todos os coñecementos, destrezas e actitudes básicos desta ciencia adecuados a esta etapa educativa. Aínda que se presenten neste documento cunha orde prefixada, ao non existir unha secuencia definida para os bloques, a distribución ao longo dun curso escolar permite unha flexibilidade en temporización e metodoloxía.

O primeiro bloque «Destrezas básicas da química» constitúe o eixe metodolóxico da área e é necesario traballalo simultaneamente con cada un dos tres bloques restantes. O ensino e a aprendizaxe da química implica o seguimento dunha metodoloxía específica e é relevante o traballo en equipo de forma colaborativa e cooperativa, así como a utilización de diferentes ferramentas tecnolóxicas. Polo tanto, os criterios de avaliación deste bloque cobran sentido ao relacionalos cos dos bloques restantes.

No segundo bloque profúndase sobre a estrutura da materia e a enlace químico, facendo uso de principios fundamentais da mecánica cuántica para a descrición dos átomos, a súa estrutura nuclear, a súa codia electrónica, a súa ordenación na táboa periódica, así como para o estudo da formación e as propiedades de elementos e compostos a través dos distintos tipos de enlaces químicos e de forzas intermoleculares.

O terceiro bloque de contidos introduce o alumnado nos aspectos tanto dinámicos (cinética) como os estáticos (equilibrio químico) das reaccións químicas e o estudo dos seus fundamentos termodinámicos. A continuación, abórdase o estado de equilibrio químico re-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

saltando a importancia das reaccións reversibles en contextos cotiáns, profundando en equilibrios entre ácidos e bases, entre pares redox conxugados e en reaccións de formación de precipitados e as súas implicacións sociais e industriais.

Por último, o cuarto bloque abarca o amplo campo da química no que se describen a estrutura e a reactividade dos compostos orgánicos. Nel trátase o estudo dalgunhas funcións orgánicas e as súas reaccións para aplicalo no campo dos polímeros abordando as súas características, como se obteñen e a grande importancia que teñen na actualidade por causa das numerosas aplicacións que presentan: química médica, química dos alimentos e química ambiental.

38.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Comprender, describir e aplicar os fundamentos dos procesos químicos máis importantes, atendendo á súa base experimental e aos fenómenos que describen, para recoñecer o papel relevante da química no desenvolvemento da sociedade.
• A química, como disciplina das ciencias naturais, trata de descubrir a través dos procedementos científicos cales son os porqués últimos dos fenómenos que ocorren na natureza e proporcionar unha explicación plausible a partir das leis que os rexen. Ademais, esta disciplina ten unha importante base experimental que a converte nunha ciencia versátil e de especial relevancia para a formación clave do alumnado que vaia optar por continuar a súa formación en itinerarios científicos, tecnolóxicos ou sanitarios. • Co desenvolvemento deste obxectivo preténdese que o alumnado comprenda tamén que a química é unha ciencia viva, cuxas repercusións non só foron importantes no pasado, senón que tamén supoñen unha importante contribución na mellora da sociedade presente e futura. A través das distintas ramas da química, o alumnado será capaz de descubrir algunhas das súas achegas máis relevantes na tecnoloxía, a economía, a sociedade e o ambiente.
OBX2. Adoptar os modelos e leis da química aceptados como base de estudo das propiedades dos sistemas materiais, para inferir solucións xerais aos problemas cotiáns relacionados coas aplicacións prácticas da química e as súas repercusións no ambiente.
• A ciencia química constitúe un corpo de coñecemento racional, coherente e completo cuxas leis e teorías se fundamentan en principios básicos e observacións experimentais. Sería insuficiente, con todo, que o alumnado aprendese química só neste aspecto. É necesario demostrar que o modelo coherente da natureza que se presenta a través desta ciencia é válido a través do contacto con situacións cotiás e coas preguntas que xorden da observación da realidade. Así, o alumnado que estude esta disciplina debe ser capaz de identificar os principios básicos da química que xustifican que os sistemas materiais teñan determinadas propiedades e aplicacións de acordo coa súa composición e que existe unha base fundamental de carácter químico no fondo de cada unha das cuestións ambientais actuais e, sobre todo, nas ideas e métodos para solucionar os problemas relacionados con elas. • Só desde este coñecemento profundo da base química da natureza da materia e dos cambios que a afectan se poderán atopar respostas e solucións efectivas a cuestións reais e prácticas, tal e como se presentan a través da nosa percepción ou se formulan nos medios de comunicación.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Utilizar con corrección os códigos da linguaxe química (nomenclatura química, unidades, ecuacións etc.), aplicando as súas regras específicas, para empregalos como base dunha comunicación adecuada entre diferentes comunidades científicas e como ferramenta fundamental na investigación desta ciencia.

• A química utiliza linguaxes cuxos códigos son moi específicos e que é necesario coñecer para traballar nesta disciplina e establecer relacións de comunicación efectiva entre os membros da comunidade científica. Nun sentido amplo, este obxectivo non se enfoca exclusivamente en utilizar de forma correcta as normas da IUPAC para nomear e formular, senón que tamén fai alusión a todas as ferramentas que unha situación relacionada coa química poida requirir, como son, por exemplo, as de tipo matemático ou os sistemas de unidades e as conversións correspondentes.

• O correcto manexo de datos e información relacionados coa química, sexa cal for o formato en que sexan proporcionados, é fundamental para a interpretación e resolución de problemas, a elaboración correcta de informes científicos e investigacións, a realización de prácticas de laboratorio ou, por exemplo, a resolución de exercicios. Debido a iso, este obxectivo supón un apoio moi importante para a ciencia en xeral e para a química en particular.

OBX4. Recoñecer a importancia do uso responsable dos produtos e procesos químicos, elaborando argumentos informados sobre a influencia positiva que a química ten sobre a sociedade actual, para contribuír a superar as connotacións negativas que en multitude de ocasións se atribúen ao termo «químico».

• Existe a idea xeneralizada na sociedade, quizais por influencia de medios de comunicación –especialmente os relacionados coa publicidade de certos artigos– de que os produtos químicos, e a química en xeral, son prexudiciais para a saúde e o ambiente. Esta crenza susténtase, na maioría das ocasións, na falta de información e de alfabetización científica da poboación. O alumnado que estuda química debe ser consciente de que os principios fundamentais que explican o funcionamento do universo teñen unha base científica, así como ser capaz de explicar que as substancias e os procesos naturais se poden describir e xustificar a partir dos conceptos desta ciencia.

• Ademais disto, as ideas aprendidas e practicadas nesta etapa débenos capacitar para argumentar e explicar os beneficios que o progreso da química tivo sobre o benestar da sociedade e que os problemas que ás veces supoñen estes avances son causados polo emprego neglixente, desinformado, interesado ou irresponsable dos produtos e procesos que xerou o desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía.

OBX5. Aplicar técnicas de traballo propias das ciencias experimentais e o razoamento lóxico-matemático na resolución de problemas de química e na interpretación de situacións relacionadas, valorando a importancia da cooperación, para poñer en valor o papel da química nunha sociedade baseada en valores éticos e sustentables.

• En toda actividade científica a colaboración e cooperación entre diferentes individuos e entidades é fundamental para conseguir o progreso científico. Traballar en equipo, utilizar con solvencia ferramentas dixitais e recursos variados e compartir os resultados dos estudos –respectando sempre a súa atribución– repercute nun crecemento notable da investigación científica, cuxo avance é cooperativo. É necesario e moi importante para a nosa sociedade que haxa unha aposta firme pola investigación científica, con homes e mulleres que desexen dedicarse a ela por vocación, pois resulta fundamental para mellorar a calidade de vida.

• O desenvolvemento deste obxectivo persegue que o alumnado se habitúe a traballar de acordo cos principios básicos que rexen as ciencias experimentais e desenvolva unha afinidade pola ciencia, polas persoas que se dedican a ela e polas entidades que a levan a cabo e que traballan por vencer as desigualdades de xénero, orientación, crenza etc. Pola súa vez, adquirir destrezas no uso do razoamento científico capacítao para interpretar e resolver situacións problemáticas en diferentes contextos da investigación, o mundo laboral e a súa realidade cotiá.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX6. Recoñecer e analizar a química como unha área de coñecemento multidisciplinario e versátil, poñendo de manifesto as relacións con outras ciencias e campos de coñecemento, para realizar a través dela unha aproximación holística ao coñecemento científico e global.
• Non é posible comprender profundamente os conceptos fundamentais da química sen coñecer as leis e teorías doutros campos da ciencia relacionados con ela. Da mesma forma, é necesario aplicar ideas básicas da química para entender fundamentos doutras disciplinas científicas. Do mesmo xeito que a sociedade está profundamente interconectada, a química non é unha disciplina científica illada, e as súas contribucións ao desenvolvemento doutras ciencias e campos de coñecemento (e viceversa) son imprescindibles para o progreso global da ciencia, a tecnoloxía e a sociedade. • Para que o alumnado chegue a ser competente desenvolverá a súa aprendizaxe a través do estudo experimental e a observación de situacións en que se poña de manifesto esta relación interdisciplinaria, a aplicación de ferramentas tecnolóxicas na indagación e a experimentación, e o emprego de ferramentas matemáticas e o razoamento lóxico na resolución de problemas propios da química. Esta base de carácter interdisciplinario e holístico que é inherente á química proporciónalle ao alumnado que a estuda uns cimentos adecuados para que poida continuar estudos en diferentes ramas de coñecemento, e a través de diferentes itinerarios formativos, o que contribúe de forma eficiente á formación de persoas competentes para a sociedade.

38.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Química 2º curso	
Bloque 1. Destrezas básicas da química	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Identificar a importancia da química e as súas conexións con outras áreas no desenvolvemento da sociedade, o progreso da ciencia, a tecnoloxía, a economía e o desenvolvemento sustentable respectuoso co ambiente, identificando os avances no campo da química que foron fundamentais nestes aspectos.	OBX1
• CA1.2. Recoñecer a natureza experimental e interdisciplinaria da química e a súa influencia na investigación científica e nos ámbitos económico e laboral actuais, considerando os feitos empíricos e as súas aplicacións noutros campos do coñecemento e a actividade humana.	OBX1
• CA1.3. Recoñecer e argumentar que as bases da química constitúen un corpo de coñecemento imprescindible nun marco contextual de estudo e discusión de cuestións significativas nos ámbitos social, económico, político e ético identificando a presenza e influencia destas bases nos devanditos ámbitos.	OBX2
• CA1.4. Aplicar de maneira informada, coherente e razoada os modelos e leis da química, explicando e predicindo as consecuencias de experimentos, fenómenos naturais, procesos industriais e descubrimentos científicos.	OBX2
• CA1.5. Argumentar de maneira informada, aplicando as teorías e leis da química, que os efectos negativos de determinadas substancias no ambiente e na saúde se deben ao mal uso que se fai deses produtos ou neglixencia, e non á ciencia química en si.	OBX4
• CA1.6. Explicar, empregando os coñecementos científicos adecuados, cales son os beneficios dos numerosos produtos da tecnoloxía química e como o seu emprego e aplicación contribuíron ao progreso da sociedade.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.7. Recoñecer a importante contribución na química do traballo colaborativo entre especialistas de diferentes disciplinas científicas poñendo de relevo as conexións entre as leis e teorías propias de cada unha delas.	OBX5
• CA1.8. Recoñecer a achega da química ao desenvolvemento do pensamento científico e á autonomía de pensamento crítico a través da posta en práctica das metodoloxías de traballo propias das disciplinas científicas.	OBX5
• CA1.9. Estudar realidades vinculadas coa química e propoñer solucións a situacións problemáticas relacionadas con esta ciencia, recoñecendo a importancia da contribución de cada participante do equipo e a diversidade de pensamento e consolidando habilidades sociais positivas no seo de equipos de traballo.	OBX5
Contidos	
• Desenvolvemento de traballo colaborativo. Metodoloxías propias das disciplinas científicas. • Emprendemento de proxectos de investigación. Resolución de problemas mediante o uso da experimentación. • Interpretación e produción de información científica en diferentes formatos e a partir de diferentes medios para desenvolver un criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade. • Investigación científica na industria e na empresa. • Impacto da química sobre a saúde e o ambiente. Argumentación e análise crítica. • Relación da química con outras áreas relevantes e o uso das bases da química no estudo e discusión de diferentes cuestións significativas nos ámbitos social, económico, político e ético.	
Bloque 2. Enlace químico e estrutura da materia	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Describir os principais procesos químicos que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das distintas ramas da química.	OBX1
• CA2.2. Analizar a composición química dos sistemas materiais que se atopan na contorna máis próxima, no medio natural e na contorna industrial e tecnolóxica, demostrando que as súas propiedades, aplicacións e beneficios están baseados nos principios da química.	OBX4
• CA2.3. Explicar e razoar os conceptos fundamentais que se atopan na base da química aplicando os conceptos, leis e teorías doutras disciplinas científicas (especialmente da física) a través da experimentación e a indagación.	OBX6
• CA2.4. Solucionar problemas e cuestións que son característicos da química utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	OBX6
Contidos	
• Espectros atómicos. – Relevancia, no contexto do desenvolvemento histórico do modelo do átomo, dos espectros atómicos como fundamento experimental da súa revisión. – Interpretación dos espectros de emisión e absorción dos elementos. Relación coa estrutura electrónica do átomo.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Principios cuánticos da estrutura atómica. – Relación entre o fenómeno dos espectros atómicos e a cuantización da enerxía. Do modelo de Bohr aos modelos mecano-cuánticos: necesidade dunha estrutura electrónica en diferentes niveis. – Principio de incerteza de Heisenberg e dualidade onda-corpúsculo do electrón. Natureza probabilística do concepto de orbital. – Números cuánticos e principio de exclusión de Pauli. Estrutura electrónica do átomo. Utilización do diagrama de Möller para escribir a configuración electrónica de elementos químicos. • Táboa periódica e propiedades dos átomos. – Natureza experimental da orixe da táboa periódica en canto ao agrupamento dos elementos segundo as súas propiedades. A teoría atómica actual e a súa relación coas leis experimentais observadas. – Posición dun elemento na táboa periódica a partir da súa configuración electrónica. – Tendencias periódicas. Aplicación á predición de valores de propiedades dos elementos da táboa a partir da súa posición nela. • Enlace químico e forzas intermoleculares. – Tipos de enlaces a partir das características dos elementos individuais que o forman. Enerxía implicada na formación de moléculas, de cristais e de estruturas macroscópicas. Propiedades das substancias químicas. – Modelos de Lewis, RPECV e hibridación de orbitais. Configuración xeométrica de compostos moleculares e as características dos sólidos. – Ciclo de Born-Häber. Enerxía intercambiada na formación de cristais iónicos. – Modelos da nube electrónica e a teoría de bandas para explicar as propiedades características dos cristais metálicos. – Forzas intermoleculares: características do enlace químico e a xeometría das moléculas. Propiedades macroscópicas de compostos moleculares.

Bloque 3. Reaccións químicas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Describir as principais reaccións químicas que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das distintas ramas da química.	OBX1
• CA3.2. Relacionar os principios da ciencia química cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.	OBX2
• CA3.3. Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas.	OBX3
• CA3.4. Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución de problemas usando ecuacións, unidades, operacións, etc.	OBX3
• CA3.5. Respectar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.	OBX3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.6. Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	OBX5
• CA3.7. Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química.	OBX6
• CA3.8. Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	OBX6

Contidos

• Termodinámica química.

– Primeiro principio da termodinámica: intercambios de enerxía entre sistemas.

– Ecuacións termoquímicas. Concepto de entalpía de reacción. Procesos endotérmicos e exotérmicos.

– Balance enerxético entre produtos e reactivos mediante a lei de Hess, a través da entalpía de formación estándar e das entalpías de enlace, para obter a entalpía dunha reacción.

– Segundo principio da termodinámica. A entropía como magnitude que afecta a espontaneidade e irreversibilidade dos procesos químicos.

– Cálculo da enerxía de Gibbs das reaccións químicas e espontaneidade destas en función da temperatura do sistema.

• Cinética química.

– Teoría das colisións como modelo a escala microscópica das reaccións químicas. Conceptos de velocidade de reacción e enerxía de activación.

– Influencia das condicións de reacción sobre a súa velocidade.

– Lei diferencial da velocidade dunha reacción química e determinación das ordes de reacción a partir de datos experimentais de velocidade de reacción.

• Equilibrio químico.

– O equilibrio químico como proceso dinámico: ecuacións de velocidade e aspectos termodinámicos. Expresión da constante de equilibrio mediante a lei de acción de masas.

– A constante de equilibrio de reaccións nas que os reactivos se atopen en diferente estado físico. Relación entre Kc e Kp e produto de solubilidade en equilibrios heteroxéneos.

– Principio de Le Châtelier e o cociente de reacción. Evolución de sistemas en equilibrio a partir da variación das condicións de concentración, presión ou temperatura do sistema.

• Reaccións ácido-base.

– Natureza ácida ou básica dunha substancia. Teorías de Arrhenius e de Brønsted e Lowry.

– Ácidos e bases fortes e débiles. Grao de disociación en disolución acuosa.

– pH de disolucións ácidas e básicas. Expresión das constantes Ka e Kb.

– Concepto de pares ácido e base conxugados. Carácter ácido ou básico de disolucións nas que se produce a hidrólise dun sal.

– Reaccións entre ácidos e bases. Concepto de neutralización. Volumetrías ácido-base.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Ácidos e bases relevantes no ámbito industrial e de consumo, con especial incidencia na súa influencia sobre a conservación do ambiente.

• Reaccións redox.

– Estado de oxidación. Número de oxidación e especies que se reducen ou oxidan nunha reacción.

– Método do ión-electrón para axustar ecuacións químicas de oxidación-redución. Cálculos estequiométricos e volumetrías redox.

– Potencial estándar dun par redox. Espontaneidade de procesos químicos e electroquímicos que impliquen dous pares redox.

– Leis de Faraday: relación entre a cantidade de carga eléctrica e as cantidades de substancia producidas nun proceso electroquímico. Cálculos estequiométricos con reaccións que transcorren en cubas electrolíticas.

– Reaccións de oxidación e redución na fabricación e funcionamento de baterías eléctricas, celas electrolíticas e pilas de combustible, así como a prevención da corrosión de metais.

Bloque 4. Química orgánica

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Describir os principais procesos de química orgánica que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das distintas ramas da química.	OBX1
• CA4.2. Relacionar os principios da ciencia química cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, nos que teña relevancia a química orgánica, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.	OBX2
• CA4.3. Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da química orgánica da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas orgánicas.	OBX3
• CA4.4. Respectar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química orgánica.	OBX3
• CA4.5. Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química orgánica que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	OBX5
• CA4.6. Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química orgánica.	OBX6
• CA4.7. Solucionar problemas e cuestións que son característicos da química orgánica utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	OBX6

Contidos

• Isomería.

– Fórmulas moleculares e desenvoltas de compostos orgánicos. Diferentes tipos de isomería estrutural.

– Modelos moleculares ou técnicas de representación 3D de moléculas. Isómeros espaciais dun composto e as súas propiedades.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Reactividade orgánica.

– Principais propiedades químicas das distintas funcións orgánicas. Comportamento en disolución ou en reaccións químicas.

– Principais tipos de reaccións orgánicas. Produtos da reacción entre compostos orgánicos e as correspondentes ecuacións químicas.

• Polímeros.

– Proceso de formación de polímeros a partir dos seus correspondentes monómeros. Estrutura e propiedades.

– Clasificación dos polímeros segundo a súa natureza, estrutura e composición. Aplicacións, propiedades e riscos ambientais asociados.

38.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Química desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Química e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1			1-2-3				1	1
OBX2	2		2-5	5			1	
OBX3	1-5	2	4		4	3	3	
OBX4	1	2	1-5		5		2	1
OBX5			1-2-3	1-2-3-5				
OBX6			4		3.2			

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O enfoque global do conxunto das disciplinas científicas na liña da aprendizaxe STEM. Independentemente da metodoloxía aplicada en cada caso na aula, é desexable que as programacións didácticas desta materia inclúan esta liña de aprendizaxe para darlle un carácter máis competencial, se cabe, á aprendizaxe da química.

– O uso de distintas estratexias metodolóxicas que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan tanto o traballo individual como o cooperativo e o colaborativo.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado, de tarefas de carácter experimental, así como situacións-problema formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así como a resolución colaborativa e cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Débese ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as etapas da formación do alumnado parte da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e contextos habituais, no seu intento de explicación a partir do coñecemento, da procura de evidencias e da indagación e na correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes, para o que se precisa unha adecuada adquisición das competencias referidas neste parágrafo.

– A realización de actividades de carácter interdisciplinario, que combinen saberes das diferentes ciencias, da tecnoloxía, e das matemáticas, como corresponde ao carácter STEM da química. Deberase ter en conta que as ciencias básicas que se inclúen nos estudos de bacharelato, entre elas a química, contribúen, todas por igual e de forma complementaria,

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ao desenvolvemento dun perfil do alumnado baseado na argumentación e no razoamento que son propios do pensamento científico.

– O uso de metodoloxías motivadoras que busquen fomentar no alumnado o gusto pola ciencia e a promoción de vocacións científicas. O fin último da aprendizaxe desta ciencia na presente etapa é acadar un coñecemento químico máis profundo, que desenvolva o pensamento científico, espertando máis preguntas, máis coñecemento, máis hábitos do traballo característico da ciencia e, nunha última instancia, máis vocación, favorecendo que o alumnado se poida dedicar a actividades como son a investigación e as actividades laborais científicas. Co propósito de manter a motivación por aprender é necesario que o profesorado consiga que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de utilizar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

– A realización de actividades de afianzamento que favorezan a adquisición de aprendizaxes significativas que, en relación co punto anterior, axuden positivamente á formación das futuras xeracións dos nosos científicos e científicas. A este respecto, merecen especial consideración as preconcepcións contrarias ás evidencias científicas, polas barreiras que implican para o logro dos obxectivos deste currículo.

– O traballo por proxectos é un exemplo de metodoloxía que axuda o alumnado a organizar o seu pensamento, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un aplica, de forma activa, os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais, favorecendo unha aprendizaxe orientada á acción cun importante carácter interdisciplinario no que os estudantes conxugan coñecementos, habilidades e actitudes para levar a bo fin o proxecto proposto.

– O primeiro bloque, de carácter transversal, deberase traballar en combinación co resto dos bloques e ao longo de todo o curso.

39. Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica.

39.1. Introdución.

Ao longo da historia, as técnicas artísticas condicionaron enormemente a natureza e a forma das obras de arte. Nun momento clave da historia da arte, a flexibilidade e a ductilidade da pintura ao óleo permitiu que a pintura abandonase os muros e que se trasladase a soportes máis liviáns, como a tea, o que non só facilitou o traslado das obras, senón que, ao mellorar a plasticidade, permitiu representar fundidos, degradados e modelados máis

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

elaborados e con aparencia máis natural. Do mesmo xeito que as necesidades expresivas, os materiais, instrumentos e procedementos evolucionan co tempo e conforman un legado técnico-artístico cuxo coñecemento será un requisito indispensable para enriquecer os recursos de calquera persoa disposta ao estudo ou á produción de obras artísticas.

A materia Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica achégalle ao alumnado aos recursos, as técnicas, os procedementos e as aplicacións instrumentais que fan posible a produción artística en xeral e as producións plásticas, gráficas e visuais en particular. A través desta materia, o alumnado adquirirá os coñecementos relativos ás técnicas clasificadas tradicionalmente como debuxo, pintura e gravado, sen esquecer outras técnicas relevantes que escapen a esta clasificación. O obxectivo é que o alumnado, por unha banda, adquira as habilidades necesarias para implementar correctamente os procedementos de traballo e, por outra, que adecúe as técnicas ás propostas artísticas con soltura, iniciativa e creatividade crecentes.

O coñecemento das técnicas gráfico-plásticas e a súa posta en práctica fan posible a comunicación visual e posibilitan a investigación e a procura de estratexias de creación propias. A través delas, o alumnado poderá construír unha identidade artística capaz de abordar proxectos creativos de certa complexidade. En todo momento, promoverase a capacidade proactiva e creadora, así como a adecuación do rexistro comunicativo ás intencións e especificidades de cada discurso artístico plástico. Conseguir a madureza expresiva, a autoexpresión e o desenvolvemento do espírito crítico ante producións artísticas diversas, tanto propias coma alleas, son algúns dos obxectivos primordiais na materia.

Esta actividade creativa individual debe complementarse co fomento da actividade colaborativa, a posta en común e o intercambio de ideas crítico e argumentado, co fin de preparar o alumnado para unha participación activa en equipos de traballo. Neste marco, todas as actividades que se leven a cabo traballaranse nun contexto igualitario e inclusivo e terase en conta o enriquecemento que supón a apreciación da diversidade do patrimonio cultural e artístico, desde o máis universal ata o máis próximo, pasando polo de culturas tradicionalmente ignoradas na historia da arte occidental predominante.

Por outra banda, como en toda produción humana contemporánea, faise necesario ter en conta a sustentabilidade, tanto no uso de recursos coma na prevención e na xestión dos residuos que a produción artística poida xerar. Da mesma forma, terase en conta non só o uso de materiais e ferramentas innovadores, senón tamén de novos materiais biodegradables e que respecten as regulacións relativas ao coidado ambiental.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Utilizaranse as técnicas dixitais de maneira transversal, como ferramentas de investigación e procura, como xeradoras de composicións e tamén como recurso para rexistrar graficamente a actividade plástica desenvolvida, xerando contido de rápida difusión e de posta en común co resto da aula, coa comunidade educativa ou con outros axentes externos.

Tendo en conta todos estes aspectos, esta materia pretende desenvolver no alumnado a sensibilización e o respecto cara ao patrimonio artístico plástico en toda a súa diversidade, o que inclúe a análise dos elementos, das técnicas e dos procedementos que foron empregados para a súa elaboración. Por outra banda, a comprensión, a análise e a interpretación de producións artísticas gráfico-plásticas e das técnicas empregadas permite unha adecuada selección de recursos materiais e procedementais para a participación activa en proxectos colaborativos ou persoais vinculados á produción plástica, gráfica e visual. Así mesmo, a creación de obras gráfico-plásticas mediante a aplicación coherente de materiais, procedementos e técnicas de debuxo, pintura e gravado é clave para unha comunicación efectiva de ideas, sentimentos ou emocións, o que facilita, ademais, que as alumnas e os alumnos poidan estimular e ampliar a sensibilidade para o gozo estético.

A materia está deseñada ao redor de cinco obxectivos, que emanan das competencias clave e dos obxectivos establecidos para a etapa de bacharelato. Estes obxectivos están definidos de maneira que varios deles poden acometerse de maneira integrada, polo que non existe unha fronteira estrita entre uns e outros e a orde en que se presentan non é vinculante nin representa ningunha xerarquía.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os contidos da materia, que deberán tratarse para adquirir os devanditos obxectivos, articúlanse ao redor de seis bloques. O primeiro bloque, denominado «Aspectos xerais», abarca os coñecementos e as actitudes necesarios para recoñecer as distintas linguaxes artísticas, os elementos que as conforman e a súa evolución ao longo da historia, así como as calidades e o impacto dos diversos materiais e soportes. Inclúense tamén algúns elementos esenciais relacionados coa conservación, a sustentabilidade, a perspectiva inclusiva e de xénero e a propiedade intelectual, ademais de estratexias específicas para o desenvolvemento da valoración crítica, a planificación e o traballo colaborativo. O segundo bloque, titulado «Técnicas de debuxo», reúne as técnicas e os conceptos que permiten a exploración e a creación con esta forma de expresión. O terceiro bloque, «Técnicas de pintura», comprende os procedementos e as operacións vinculados á cor e as súas diversas manifestacións plásticas. O cuarto bloque, «Técnicas de gravado e estampaxe», recolle as

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

diversas metodoloxías que se deben experimentar para o dominio e a comprensión dos diferentes medios de estampaxe. O quinto bloque, «Técnicas mixtas e alternativas», incorpora as técnicas e os medios de expresión máis innovadores, como os dixitais. O sexto bloque, «Proxectos gráfico-plásticos», trata sobre a metodoloxía proxectual e a difusión dos proxectos gráfico-plásticos.

Os obxectivos da materia han de ser adquiridos desenvolvendo situacións de aprendizaxe integradas que posibiliten que o alumnado adquira as destrezas dos procedementos máis tradicionais e que experimente coas diversas técnicas innovadoras, desenvolvendo así a súa creatividade abordando proxectos colaborativos, multidisciplinares e, como tales, enriquecedores. As situacións de aprendizaxe farán posible un traballo globalizado fundamentado en metodoloxías máis próximas ás que se aplican no mundo laboral e profesional, o que achega máis significatividade ás aprendizaxes e xera un maior grao de implicación do alumnado na materia. Ademais, para contribuír á súa formación integral, débense abordar aspectos tales como a propiedade intelectual, a sustentabilidade e a seguridade dos proxectos, a prevención e a xestión responsable dos residuos, o estudo da toxicidade ou o impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos.

A materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica posibilita a materialización das ideas, conceptos e sentimentos en obras artísticas, trata de estimular e ampliar o campo sensible e o deleite estético de obras de arte e supón para o alumnado, ademais dunha reflexión sobre a creatividade e a práctica artística, unha oportunidade para coñecer e poñer en evidencia o potencial transformador da arte na nosa sociedade.

39.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Analizar obras gráfico-plásticas valorando os seus aspectos formais, comparando as técnicas, materiais e procedementos empregados na súa execución e conservación e reflexionando sobre o seu posible impacto ambiental para conformar un marco persoal de referencia que potencie a creatividade e fomente unha actitude positiva cara ao patrimonio, á vez que comprometida coa sustentabilidade.
• Entendidas como elementos complexos que poden ser abordados desde diferentes enfoques, as producións artísticas constitúen un reflexo do contexto social, cultural e histórico no que se xeraron. Un dos aspectos que axudan a definir ese contexto é a análise tanto dos materiais coma das técnicas e procedementos utilizados, poñéndoos en relación coas súas calidades expresivas e comunicativas, para o que tamén se deben considerar os seus aspectos formais (composición; forma, cor e textura; luz, etc.). Esta análise permite comparar e relacionar obras en contextos diferentes, o que lle proporcionará ao alumnado unha bagaxe de recursos para aplicar tanto en futuras valoracións críticas coma nas súas propias producións artísticas. Por outra banda, esta análise de diferentes producións artísticas axudará a fomentar unha valoración positiva da diversidade cultural e artística do patrimonio. Entre os exemplos analizados, débense incorporar a perspectiva de xénero

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

e a perspectiva intercultural, con énfase no estudo de producións realizadas por mulleres e por persoas de grupos étnicos e poboacionais cuxa presenza no canon artístico occidental foi tradicionalmente moi limitada.

• Para a análise das manifestacións gráfico-plásticas poden empregarse diversas metodoloxías, entre as que se contan a investigación documentada mediante fontes analóxicas ou dixitais, así como novas ferramentas tecnolóxicas de análise científica. Aínda que ambos son valiosos exemplos de achegamento, resultan complementarios da imprescindible análise visual da obra, cuxa sinxeleza técnica, inmediatez e versatilidade permiten consideralo como o primeiro método de achegamento, nos seus dous aspectos fundamentais: de aproximación ao gozo estético –activando así outros procesos cognitivos importantes, como a atención e a memoria– e de desenvolvemento do sentido crítico. A aplicación destas metodoloxías de recepción pode transferirse a outros ámbitos de coñecemento, mellorando a formación integral do alumnado.

• Por outra banda, a maioría das producións artísticas plásticas, en canto que obxectos físicos, son elementos sobre os que convén facer unha reflexión ambiental, tanto pola repercusión dos materiais, técnicas e ferramentas empregados na súa realización como a que deriva dos procesos de produción, que tamén poden xerar residuos prexudiciais para o planeta. Así pois, é especialmente importante coñecer as técnicas de elaboración dos materiais empregados no traballo gráfico-plástico. O alumnado debe ter en conta todas estas consideracións para poder valorar, no momento da recepción dunha obra concreta, o seu impacto sobre o ambiente. Por último, a sustentabilidade na produción artística debe complementarse coa aposta consciente pola conservación e o coidado do patrimonio artístico, establecendo un diálogo respectuoso entre ambas as vertentes.

OBX2. Utilizar os distintos elementos e procedementos propios da linguaxe gráfico-plástica, manifestando dominio técnico e experimentando de maneira creativa e innovadora coas súas posibilidades e combinacións, para desenvolver unha capacidade de expresión autónoma e persoal e para responder a uns obxectivos determinados.

• A linguaxe gráfico-plástica acompañou o ser humano desde os seus inicios, polo que resulta extremadamente rica e variada. Por iso o estudo das técnicas de expresión gráfico-plástica require contidos asociados a moi diversos campos de coñecemento, incluída a práctica e a destreza na aplicación dos distintos procedementos. As técnicas gráfico-plásticas ofrecen recursos moi potentes para expresar, de maneira persoal e libre, ideas, sentimentos e opinións sobre calquera temática ou fundamentadas en vivencias persoais ou compartidas. Deste xeito, o alumnado incorpora a faceta persoal ás súas composicións, intensificando así a súa implicación. En todo caso, deberá seleccionar os recursos máis adecuados en función da intencionalidade buscada, sen perder de vista a necesaria reflexión sobre a sustentabilidade do produto final.

• Ademais, as producións gráfico-plásticas permiten un alto grao de experimentación e creatividade, combinando de maneira moi diversa materiais, utensilios, técnicas e procedementos. Todo iso proporciónalle ao alumnado unha maior liberdade para plasmar as ideas e os sentimentos persoais. A adquisición das destrezas necesarias e a progresiva soltura técnica na execución das producións irá posibilitando que o alumnado exercite a improvisación. En definitiva, a resolución destas producións gráfico-plásticas constitúe un impulso no crecemento persoal do alumnado e xera un clima de autoconfianza, á vez que agudiza o sentido crítico, aumenta a autoestima e potencia a creatividade.

OBX3. Planificar o proceso de realización individual e colectiva de obras gráfico-plásticas valorando as posibilidades que ofrecen as distintas técnicas, materiais e procedementos, así como a súa adecuación a unha determinada proposta, para responder con eficacia e creatividade a calquera desempeño relacionado coa produción cultural ou artística.

• Os niveis de complexidade das producións gráfico-plásticas son moi variados e están condicionados por circunstancias tanto propias como alleas a elas. Para lograr desenvolvelas con éxito, o alumnado debe valorar, xunto ao grao de complexidade, as posibilidades dos recursos dispoñibles para o proxecto, así como a súa adecuación a este. Tras este diagnóstico da situación, debe planificar ordenadamente as diferentes fases de realización, seleccionando con criterio e creatividade os recursos que mellor se adapten á proposta. Deste xeito, o proceso de análise da situación de partida e a planificación da obra convértense en compoñentes con tanto ou máis valor que o produto final para o alumnado, que ha de ser capaz de xestionar correctamente esta complexa rede de relacións para afrontar con éxito un proxecto gráfico-plástico.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Cando os proxectos son colectivos, é importante planificar igualmente a participación dos distintos membros do grupo, valorando as súas debilidades e fortalezas, co fin de integrar as experiencias compartidas e favorecer unhas dinámicas de traballo eficaces, respectuosas, empáticas e enriquecedoras.

• Finalmente, resulta fundamental que, unha vez concluída a planificación da obra gráfico-plástica, esta sexa sometida a un proceso de avaliación, individual ou colectivo, que inclúa outra análise que lle permita ao alumnado explicar o modo en que os materiais, técnicas, procesos de realización e linguaxes seleccionados condicionaron o produto final.

OBX4. Desenvolver proxectos gráfico-plásticos individuais e colaborativos, utilizando con destreza diversos materiais, técnicas e procedementos, para integrar o proceso creativo e responder de maneira eficaz, sustentable e creativa a uns obxectivos de desempeño determinados.

• Tanto nos proxectos colectivos coma nos individuais, cada alumno ou alumna debe enfrontarse á resolución de problemas aplicando de maneira consciente as destrezas e as técnicas adquiridas. Un aspecto fundamental consiste en determinar as técnicas, materiais, soportes e procedementos que resulten máis adecuados para responder á necesidade exposta. En todo caso, na selección de materiais e na aplicación dos procedementos para crear as diferentes obras gráfico-plásticas, é imprescindible aplicar unha perspectiva de sustentabilidade, empregando materiais e procedementos respectuosos co ambiente.

• Cando os proxectos son individuais, propician o desenvolvemento da autonomía e a autoestima e, ao mesmo tempo, posibilitan o enriquecemento de futuras producións en equipo. Cando son colaborativos, ademais, cada alumna ou cada alumno recibe, achega e comparte propostas co resto de membros do grupo, desenvolvendo así estratexias de colaboración, comunicación e resolución de problemas e de conflitos. En calquera dos dous casos, o obxectivo é crear unhas dinámicas de traballo empáticas e enriquecedoras, mediante as que o alumnado aprenda a respectar tanto o traballo propio coma o alleo, o que constituirá, ademais, unha achega valiosa para a construción da identidade persoal e o enriquecemento do espírito crítico. Por outro lado, os proxectos gráfico-plásticos, tanto individuais coma colectivos, poden vincularse coa experimentación, a expresión persoal e a autonomía na resolución de problemas. Deste diálogo entre o individual e o colectivo depende en gran parte a eficacia e a adecuación da resposta a calquera proposta.

OBX5. Avaliar os produtos gráfico-plásticos propios e alleos, valorando o seu posible impacto social e cultural, para potenciar unha actitude crítica e responsable que favoreza o desenvolvemento persoal e profesional no campo da expresión gráfico-plástica.

• Todo proxecto artístico colectivo necesita da implicación activa dos seus integrantes para aplicar con éxito as aprendizaxes que interveñen no proceso de planificación e creación e plasmalas nunha produción final satisfactoria que responda a un obxectivo concreto previamente exposto. Trátase dun proceso comunicativo de discusión, cuestionamento e intercambio de ideas que favorece a inclusión e pon en valor as oportunidades de desenvolvemento persoal e social do alumnado, para o que este debe comprender as repercusións que o proxecto pode ter neses e noutros campos.

• Por este motivo, unha vez elaborado o proxecto gráfico-plástico, é imprescindible proceder a avaliar tanto as producións propias coma as alleas atendendo, en primeiro lugar, á adecuación entre as linguaxes, técnicas, materiais e procedementos empregados en función da intencionalidade inicial e do tipo de produto que se desexaba obter. Para iso, o alumnado debe utilizar o vocabulario específico e a terminoloxía profesional adecuada, ademais de mostrar unha actitude empática e construtiva, expresando e aceptando os erros e puntos débiles como posibilidades para aprender e mellorar.

• Outro aspecto que debe avaliarse é, sen dúbida, a calidade na execución e o grau de adecuación da planificación á realidade da produción, así como as posibles interaccións ambientais. É tamén o momento de avaliar o respecto cara á propiedade intelectual do produto final, así como de establecer paralelismos entre os traballos realizados e outros similares pertencentes a ámbitos distintos do escolar, reflexionando sobre as posibilidades profesionais derivadas do coñecemento e aplicación solvente das diferentes técnicas gráfico-plásticas, o que supoñerá un incentivo no grao de implicación do alumnado na materia, ao asociar así o traballo de aula coa súa proxección futura no mundo laboral.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Por todo iso, prodúcese un movemento que incidirá tanto na mellora dos traballos sucesivos coma no desenvolvemento da capacidade crítica argumentada, que poderá aplicarse a outros moitos campos da súa vida persoal e académica e que é clave para o desenvolvemento dunha personalidade autónoma.

39.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica 2º curso	
Bloque 1. Aspectos xerais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar obras gráfico-plásticas de distintos tipos e épocas identificando os elementos da linguaxe, materiais, técnicas e procedementos utilizados, valorando os seus efectos expresivos e incorporando xuízos de valor estético a partir do estudo dos seus aspectos formais.	OBX1
• CA1.2. Comparar os elementos, técnicas e procedementos empregados en distintas producións gráfico-plásticas identificando diferenzas e aspectos comúns e establecendo relacións entre eles.	OBX1
• CA1.3. Valorar criticamente a sustentabilidade e o impacto ambiental dos procedementos e materiais utilizados na creación gráfico-plástica en distintos momentos históricos propoñendo alternativas respectuosas co ambiente.	OBX1
• CA1.4. Contextualizar criticamente a perspectiva inclusiva, intercultural e de xénero nas producións gráfico-plásticas.	OBX5
• CA1.5. Valorar a protección da propiedade intelectual das obras gráfico-plásticas a través de diferentes canles de difusión e do coñecemento da lexislación que ás afecta.	OBX5
Contidos	
• A linguaxe gráfico-plástica: forma, cor, textura e composición. A súa evolución histórica. • Soportes, utensilios, pigmentos, aglutinantes, disolventes e outras substancias asociadas ás diferentes técnicas gráfico-plásticas. Interacción entre materiais. • Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Soportes e materiais sustentables. • Conservación das obras gráfico-plásticas. • A protección da creatividade. Aspectos fundamentais da propiedade intelectual. Versións, copias e falsificacións. • Perspectiva de xénero, perspectiva intercultural e perspectiva inclusiva nas producións gráfico-plásticas. • Estratexias de investigación, análise, interpretación e valoración crítica de produtos culturais e artísticos.	
Bloque 2. Técnicas de debuxo	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Seleccionar creativamente os recursos de debuxo adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.2. Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de debuxo na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sustentabilidade do produto final.	OBX2
• CA2.3. Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de debuxo.	OBX4
• CA2.4. Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas con técnicas de debuxo integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sustentabilidade.	OBX4
Contidos	
• Materiais, útiles e soportes asociados ao debuxo. Características e terminoloxía específica. • Técnicas secas: lapis de grafito, carbón, lapis compostos, sanguinas, barras graxas, lapis de cor e rotuladores. • Técnicas húmidas e mixtas. A tinta e as súas ferramentas.	
Bloque 3. Técnicas de pintura	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Seleccionar creativamente os recursos pictóricos adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	OBX2
• CA3.2. Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos de pintura na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sustentabilidade do produto final.	OBX2
• CA3.3. Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os distintos procedementos de pintura.	OBX4
• CA3.4. Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas utilizando técnicas pictóricas, integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sustentabilidade.	OBX4
Contidos	
• Materiais, útiles e soportes. Características e terminoloxía específica. • Técnicas magras, graxas e emulsións miscibles en auga. Técnicas sólidas. Pinturas biodegradables. • Acuarela, témpera, acrílico, fresco, témpera ao ovo, encaustos, pasteis magros e graxos, óleos e óleos á auga.	
Bloque 4. Técnicas de gravado e estampaxe	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Seleccionar creativamente os recursos de gravado e estampaxe adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	OBX2
• CA4.2. Utilizar de maneira creativa e autónoma as técnicas, materiais e procedementos básicos de gravado e estampaxe na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor, na execución e na sustentabilidade do produto final.	OBX2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.3. Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de distintos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico os procedementos de gravado e estampaxe básicos.	OBX4
• CA4.4. Realizar obras individuais ou colaborativas, mediante procedementos de gravado e estampaxe, integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sustentabilidade.	OBX4
Contidos	
• Materiais, útiles, maquinaria e soportes. Terminoloxía específica. • Monoimpresión e reprodución múltiple. A obra gráfica. • Monotipia plana. • Estampaxe en relevo: xilografía, linóleo. • Estampaxe en oco: calcografía. Técnicas directas e indirectas. • Estampaxe plana, método planográfico: litografía; método permeográfico: serigrafía; método electrónico: *copy art.*	
Bloque 5. Técnicas mixtas e alternativas	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Seleccionar creativamente os recursos gráfico-plásticos adecuados en función da situación expresiva ou da intencionalidade do desempeño solicitado.	OBX2
• CA5.2. Utilizar de maneira creativa e autónoma técnicas alternativas e mixtas e os seus correspondentes materiais e procedementos na resolución de distintas necesidades expresivas e comunicativas, incidindo no rigor na execución e na sustentabilidade do produto final.	OBX2
• CA5.3. Expresar ideas, opinións e sentimentos mediante a creación de producións gráfico-plásticas individuais e colaborativas de distintos tipos, ao redor de diversos motivos ou formulacións, aplicando con solvencia e dominio técnico distintos procedementos e técnicas mixtas e alternativas.	OBX4
• CA5.4. Interactuar coordinada e colaborativamente no desenvolvemento de producións gráfico-plásticas colectivas manifestando unha actitude respectuosa, creativa e conciliadora cando se produzan diferenzas de opinión entre os membros do grupo.	OBX4
• CA5.5. Realizar composicións gráfico-plásticas individuais ou colaborativas, con técnicas mixtas e alternativas, integrando o uso de materiais reciclados cando sexa posible e aplicando criterios de inclusión e sustentabilidade.	OBX4
Contidos	
• Outras técnicas, materiais e procedementos na expresión gráfico-plástica. • A imaxe dixital. Arte dixital.	
Bloque 6. Proxectos gráfico-plásticos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Avaliar diferentes produtos gráfico-plásticos argumentando, coa terminoloxía específica, o grao de adecuación á intención prevista das linguaxes, técnicas, materiais e procedementos utilizados, valorando o rigor e a calidade da execución, así como aspectos relacionados coa sustentabilidade e coa propiedade intelectual.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.2. Planificar o proceso completo de realización de obras gráfico-plásticas variadas, individuais ou colectivas, establecendo as fases de realización e argumentando a selección das técnicas, materiais, procedementos e linguaxes máis adecuadas en función das distintas intencións comunicativas ou creativas.	OBX3
• CA6.3. Planificar de maneira adecuada a organización das fases e dos equipos de traballo nas propostas colaborativas identificando as habilidades requiridas en cada caso e repartindo e asumindo as tarefas con criterio.	OBX3
• CA6.4. Identificar e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal e profesional que derivan do coñecemento das técnicas de expresión gráfico-plástica.	OBX5
Contidos	
• Metodoloxía proxectual. • Estratexias para a planificación e o desenvolvemento de proxectos gráfico-plásticos. A organización dos equipos de traballo. • Proceso de elaboración dunha obra gráfico-plástica. • Exposición e difusión de proxectos gráfico-plásticos. • Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráfico-plásticos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.	

39.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	3	1-3	2	1	2	1-2-4		1-2
OBX2				2	1.1-1.2	4	3	3.1-3.2-4.1-4.2
OBX3			3		3.2-4		2	4.2
OBX4			3	4	1.1-3.1-3.2		3	3.1-3.2-4.1
OBX5		1			1.1-1.2-3.1	4	2	1-2

Liñas de actuación non proceso de ensino e aprendizaxe.

– A experimentación con técnicas innovadoras, así como cos procedementos máis tradicionais, apoiándose tamén en ferramentas dixitais, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, de maneira que se favoreza unha aprendizaxe significativa e a capacidade de aprender por si mesmo.

– A toma de conciencia da sustentabilidade, seguridade e toxicidade dos materiais e técnicas utilizados, así como da prevención no uso e xestión responsable dos residuos xerados polas diferentes producións gráfico-plásticas.

– O uso de situacións de aprendizaxe integradas, por medio de traballos interrelacionados, que reflictan a realidade do mundo laboral e profesional, en prol de lograr a implicación do alumnado na materia e de ofrecer unha formación completa e integral.

– O traballo transversal no desenvolvemento da creatividade, na comprensión lectora, na expresión oral e escrita, na comunicación audiovisual, na competencia dixital, no espírito científico e no emprendemento, atendendo á diversidade do alumnado.

– A atención individualizada do alumnado para previr dificultades de aprendizaxe e poñer en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de distintos métodos de achegamento ás técnicas plásticas que estimulen e amplíen o campo sensible e o deleite estético das obras de arte.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O desenvolvemento da creatividade mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado, enriquecedores e multidisciplinares, promovendo o traballo en equipo e a resolución creativa de problemas.

– O uso de estratexias que posibiliten a materialización das ideas, conceptos e sentimentos en obras artísticas, facendo énfase en reforzar a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A énfase en mostrar o potencial transformador da arte na nosa sociedade, a través da reflexión sobre a creatividade, a práctica artística das obras propias e alleas, prestando atención á propiedade intelectual dos produtos creativos.

40. Tecnoloxía e Enxeñaría.

40.1. Introdución.

Na sociedade actual, o desenvolvemento da tecnoloxía por parte das enxeñarías converteuse nun dos eixes arredor dos cales se articula a evolución sociocultural. Nos últimos tempos, a tecnoloxía, entendida como o conxunto de coñecementos e técnicas que pretenden dar solución ás necesidades do ser humano, foi incrementando a súa relevancia nos diferentes ámbitos da sociedade, desde a xeración de bens básicos ata as comunicacións, dando lugar ao benestar e ás estruturas económicas e sociais do mundo actual. Ao tempo, axudou a mitigar as desigualdades presentes na sociedade actual, evitando xerar novas fendas cognitivas, sociais, de xénero ou xeracionais, aspectos relacionados cos desafíos que o século XXI propón para garantir a igualdade de oportunidades no eido local e global.

Nesa evolución cara a un mundo máis xusto e equilibrado, convén prestar atención aos mecanismos da sociedade tecnolóxica, analizando e valorando a sustentabilidade dos sistemas de produción, e ao uso dos diferentes materiais e fontes de enerxía, tanto no ámbito industrial coma doméstico ou de servizos.

Para iso, a cidadanía necesita dispoñer dun conxunto de saberes científicos e técnicos que sirvan de base para adoptar actitudes críticas e construtivas ante certas cuestións, ao tempo que lle permitan actuar de modo responsable, creativo, eficaz e comprometido na solución ás necesidades que lle poidan xurdir.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Neste sentido, a materia de Tecnoloxía e Enxeñaría pretende reunir os saberes científicos e técnicos que, a partir dun enfoque competencial, contribúan á consecución dos obxectivos da etapa de bacharelato e á adquisición das correspondentes competencias clave. A este respecto, desenvolve aspectos técnicos relacionados coa competencia matemática e coa competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, coa competencia dixital, así como con outros saberes transversais asociados á competencia lingüística, á competencia persoal e social e de aprender a aprender, á competencia emprendedora, á competencia cidadá e á competencia en conciencia e expresións culturais.

Os obxectivos oriéntanse a que o alumnado, mediante proxectos de deseño e investigación, fabrique, automatice e mellore produtos e sistemas de calidade que dean resposta a problemas dados, transferindo saberes doutras disciplinas cun enfoque ético e sustentable. Todo isto faise achegando o alumnado, desde un enfoque inclusivo e non sexista, ao ámbito formativo e laboral propio da actividade tecnolóxica e da enxeñaría. Deste xeito, contribúese á promoción de vocacións no ámbito tecnolóxico entre o alumnado, avanzando un paso máis con relación á etapa anterior, especialmente no relacionado cos saberes técnicos e achegando unha actitude máis comprometida e responsable, impulsando o emprendemento, a colaboración e a implicación local e global cun desenvolvemento tecnolóxico accesible e sustentable.

Con base no anterior, o fío condutor da materia vai ser a resolución de problemas interdisciplinarios ligados a situacións reais a través de solucións tecnolóxicas, o que lle facilitará ao alumnado o coñecemento panorámico da contorna produtiva a partir da realidade que supón a creación dun produto, desde o seu deseño pasando polo seu ciclo de vida útil, e rematando coa súa obsolescencia e a xestión dos seus residuos. Este coñecemento abre un amplo campo de posibilidades ao facilitar a comprensión do proceso de deseño e desenvolvemento desde un punto de vista industrial, así como a aplicación das novas filosofías *maker* ou DiY («faino ti mesmo») de prototipado a medida ou baixo demanda.

A coherencia e a continuidade con etapas anteriores faise patente, especialmente coas materias de Tecnoloxía e Dixitalización e Tecnoloxía da educación secundaria obrigatoria, ao establecerse entre elas unha gradación no nivel de complexidade e no proceso de creación de solucións tecnolóxicas que dean resposta aos problemas propostos mediante a aplicación do método de proxectos e outras técnicas.

Os criterios de avaliación nesta materia formúlanse cunha orientación competencial graduada entre 1º e 2º de bacharelato, de xeito que no primeiro curso se incidirá na par-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

ticipación en proxectos e, no segundo, na elaboración de proxectos de investigación e innovación.

A materia estrutúrase en seis bloques conectados a través do desenvolvemento de situacións de aprendizaxe competenciais e actividades ou proxectos de carácter práctico.

O bloque «Proxectos de investigación e desenvolvemento» céntrase na metodoloxía de proxectos, dirixida á ideación e á creación de produtos e ao seu ciclo de vida.

O bloque «Materiais e fabricación» aborda os criterios de selección de materiais e as técnicas máis apropiadas para a súa transformación e posterior elaboración de solucións tecnolóxicas sustentables.

Os bloques «Sistemas mecánicos» e «Sistemas eléctricos e electrónicos» fan referencia a elementos, mecanismos e sistemas que dean a base para a realización de proxectos ou para a ideación de solucións técnicas.

O bloque «Programación, automatización e control» afronta a actualización de sistemas técnicos para o seu control automático mediante a simulación ou a montaxe, traballando saberes relacionados coa informática, tales como a programación textual ou as tecnoloxías emerxentes, para a súa aplicación a proxectos técnicos e a sistemas de control.

O bloque «Tecnoloxía sustentable» proporciónalle ao alumnado unha visión da materia en función dalgunhas das metas dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS).

Co obxectivo de lle conferir o enfoque competencial á materia, é conveniente que os saberes poidan confluír en proxectos que supoñan situacións de aprendizaxe contextualizadas nas que o alumnado poida aplicar os seus coñecementos e destrezas para solucionar unha necesidade concreta, que pode emerxer dun contexto persoal, social ou cultural, tanto no eido local coma global, cunha actitude de compromiso crecente. Deste xeito, favorecerase a creación de vínculos entre o ámbito educativo e os sectores sociais, económicos e de investigación.

Para dar saída a este enfoque competencial resulta necesario dispoñer dunha aula-taller equipada e actualizada, entendida como un espazo específico que permita incorporar os sistemas de fabricación dixital, pois estes achegan técnicas de traballo, prototipado rápido e fabricación *off line* cun gran potencial de desenvolvemento, tal e como sucede na sociedade e no sistema produtivo actual.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

40.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Coordinar e desenvolver proxectos de investigación cunha actitude crítica e emprendedora, a través de estratexias e técnicas eficientes de resolución de problemas e comunicando os resultados de xeito adecuado, para crear e mellorar produtos e sistemas de modo continuo.
• Este obxectivo propón tanto a participación do alumnado na resolución de problemas técnicos como a coordinación e xestión de proxectos cooperativos e colaborativos. Isto implica, entre outros aspectos, mostrar empatía e establecer e manter relacións positivas exercitando a escoita activa e a comunicación asertiva, identificando e xestionando as emocións no proceso de aprendizaxe, recoñecendo as fontes de estrés e sendo perseverante na consecución dos obxectivos. • Para isto, incorpóranse técnicas específicas de investigación, facilitadoras da ideación e da toma de decisións, así como estratexias iterativas para organizar e planificar as tarefas que han de desenvolver os equipos, resolvendo de partida unha solución inicial básica, que en varias fases será completada funcionalmente establecendo prioridades. Neste aspecto, o método *Design Thinking* e as metodoloxías *Agile* son os que adoitan empregar as empresas tecnolóxicas, o que achega unha maior flexibilidade ante calquera cambio nas demandas dos clientes. • Tense en conta tamén a mellora continua de produtos como punto de partida dos proxectos que se vaian desenvolver, o que é un fiel reflexo do que ocorre no ámbito industrial, onde supón unha das principais dinámicas empregadas. • Así mesmo, debe fomentarse a eliminación dos estereotipos de xénero ou de aptitude existentes sobre as materias tecnolóxicas, a través dunha actitude de resiliencia e positividade ante os novos retos tecnolóxicos. • Neste obxectivo específico convén salientar a investigación como un achegamento a proxectos de I+D+I, de xeito crítico e creativo, onde a correcta selección de información e a elaboración de documentación técnica adquiren unha grande importancia. Neste sentido, o desenvolvemento deste obxectivo implica expresar feitos, ideas, conceptos e procedementos complexos tanto verbal como analítica e graficamente, de forma veraz e precisa e utilizando a terminoloxía adecuada para a comunicación das ideas e das solucións xeradas.
OBX2. Seleccionar materiais e elaborar estudos de impacto aplicando criterios técnicos e de sustentabilidade para fabricar produtos de calidade que dean resposta a problemas e a tarefas propostos desde un enfoque responsable e ético.
• O obxectivo refírese á capacidade para seleccionar os materiais adecuados para a creación de produtos fundamentándose nas súas características e para realizar a avaliación do impacto ambiental xerado. • Á hora de determinar os materiais, atenderase a criterios relativos ás propiedades técnicas, así como aos aspectos relacionados coa capacidade para ser conformados aplicando unha ou outra técnica, segundo sexa conveniente para o deseño final do produto. Do mesmo modo, débense considerar os criterios relativos á capacidade do material para ser tratado, modificado ou aleado, co fin de mellorar as súas características. Por último, o alumnado valorará aspectos de sustentabilidade para determinar que materiais son os máis apropiados con relación á contaminación xerada e ao consumo enerxético durante todo o seu ciclo de vida —desde a súa extracción ata a súa aplicación final na creación de produtos—, á capacidade de reciclaxe ao finalizar o seu ciclo de vida, á biodegradabilidade do material e respecto a outros aspectos vinculados co uso controlado de recursos ou coa relación que se establece entre os materiais e as persoas que finalmente fan uso do produto.
OBX3. Utilizar as ferramentas dixitais adecuadas analizando as súas posibilidades, configurándoas segundo as súas necesidades e aplicando coñecementos interdisciplinarios para resolver tarefas e para realizar a presentación dos resultados dun xeito óptimo.
• O obxectivo aborda os aspectos relativos á incorporación da dixitalización no proceso habitual da aprendizaxe nesta etapa. Continuando coas habilidades adquiridas na etapa anterior, amplíase e refórzase o emprego de ferramentas dixitais nas tarefas asociadas á materia. Por exemplo, as actividades asociadas á investigación ou á análise de produtos e sistemas tecnolóxicos requiren un bo uso de ferramentas de busca de infor-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

mación valorando a súa procedencia, contrastando a súa veracidade e facendo unha análise crítica desta, de xeito que se contribúe á alfabetización informacional. Así mesmo, o traballo colaborativo, a comunicación de ideas ou a difusión e presentación de traballos implican o coñecemento das características das ferramentas de comunicación dispoñibles e as súas aplicacións, así como as opcións e funcionalidades existentes dependendo do contexto. De xeito similar, o proceso de deseño e de creación compleméntase cun elenco de programas informáticos que permiten o deseño, a simulación, a programación e o control de sistemas ou a fabricación de produtos.

• En suma, o uso e a aplicación das ferramentas dixitais co fin de facilitar o proceso de creación de solucións e de mellorar os resultados convértese nun instrumento esencial en calquera fase do proceso, tanto nas relativas á xestión, deseño ou posta en marcha de solucións tecnolóxicas coma nas relativas á resolución práctica de exercicios sinxelos ou á elaboración e difusión da documentación técnica relativa aos proxectos.

OBX4. Xerar coñecementos e mellorar destrezas técnicas transferindo e aplicando saberes doutras disciplinas científicas con actitude creativa para calcular e resolver problemas ou dar resposta a necesidades dos distintos ámbitos da enxeñaría.

• A resolución dun simple exercicio ou dun complexo problema tecnolóxico require a aplicación de técnicas, procedementos e saberes que ofrecen as diferentes disciplinas científicas. Este obxectivo específico ten como finalidade, por un lado, que o alumnado utilice as ferramentas adquiridas en matemáticas e/ou os fundamentos da física ou da química necesarios para calcular as magnitudes e as variables de problemas mecánicos, eléctricos e electrónicos e, por outro, que se utilice a experimentación, a través de montaxes ou simulacións, como ferramenta de consolidación dos coñecementos adquiridos. Esa transferencia de saberes aplicada a novos e diversos problemas ou situacións permite ampliar os coñecementos do alumnado e fomentar a competencia de aprender a aprender.

OBX5. Deseñar, crear e avaliar sistemas tecnolóxicos aplicando coñecementos de programación informática, regulación automática e control, así como as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías emerxentes, para estudar, controlar e automatizar tarefas.

• Este obxectivo fai referencia á habilitación de produtos ou solucións dixitais na execución de certas accións de forma autónoma. Por un lado, consiste en crear aplicacións informáticas que automaticen ou que lles simplifiquen tarefas aos usuarios e, por outro, trátase de incorporar elementos de regulación automática ou de control programado nos deseños que permitan accións sinxelas en máquinas ou sistemas tecnolóxicos. Neste sentido, inclúense, por exemplo, o control en desprazamentos ou movementos dos elementos dun robot, a activación regulada de operadores como poden ser lámpadas ou motores, o control da estabilidade dos valores de magnitudes concretas etc. Deste xeito, permíteselle ao alumnado a automatización de tarefas en máquinas e robots mediante a posta en práctica de pequenos programas informáticos executables en tarxetas de control.

• Nesta liña de actuación, convén salientar o papel que pode ter a aplicación de tecnoloxías como a intelixencia artificial, a internet das cousas, o *big data,* etc.

OBX6. Analizar e comprender sistemas tecnolóxicos dos distintos ámbitos da enxeñaría estudando as súas características, o consumo e a eficiencia enerxética para avaliar o uso responsable e sustentable que se fai da tecnoloxía.

• O que persegue este obxectivo específico é dotar o alumnado dun criterio informado sobre o uso e o impacto da enerxía na sociedade e no ambiente, mediante a adquisición dunha visión xeral dos diferentes sistemas enerxéticos, dos axentes que interveñen nos seus procesos de xeración, transporte e distribución, así como dos aspectos básicos relacionados cos abastecementos domésticos. De xeito complementario, preténdese dotar o alumnado dos criterios que ha de empregar na avaliación do impacto social e ambiental ligado a proxectos de diversa índole.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Para o desenvolvemento deste obxectivo abórdanse, por un lado, os sistemas de xeración, transporte, distribución da enerxía, subministración e o funcionamento dos mercados enerxéticos e, por outro lado, o estudo das instalacións en vivendas de máquinas térmicas ou eléctricas, así como os fundamentos da súa regulación automática, tendo en conta criterios relacionados coa eficiencia e co aforro enerxético que lle permitan ao alumnado facer un uso responsable e sustentable da tecnoloxía.

40.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Tecnoloxía e Enxeñaría I 1º curso	
Bloque 1. Proxectos de investigación e desenvolvemento	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Investigar e deseñar proxectos que mostren de forma gráfica a creación e a mellora dun produto seleccionando, referenciando e interpretando información relacionada.	OBX1
• CA1.2. Participar no desenvolvemento, xestión e coordinación de proxectos de creación e mellora continua de produtos viables e socialmente responsables identificando melloras e creando prototipos mediante un proceso iterativo, con actitude crítica, creativa e emprendedora.	OBX1
• CA1.3. Colaborar en tarefas tecnolóxicas escoitando o razoamento dos demais, achegando o equipo a través do rol asignado e fomentando o benestar grupal e as relacións saudables e inclusivas.	OBX1
• CA1.4. Elaborar documentación técnica con precisión e rigor xerando diagramas funcionais e utilizando medios manuais e aplicacións dixitais.	OBX3
• CA1.5. Comunicar de maneira eficaz e organizada as ideas e as solucións tecnolóxicas empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	OBX3
• CA1.6. Determinar o ciclo de vida dun produto planificando e aplicando medidas de control de calidade nas súas distintas etapas, desde o deseño á comercialización, tendo en consideración estratexias de mellora continua.	OBX1
• CA1.7. Resolver tarefas propostas e funcións asignadas de maneira óptima mediante o uso e a configuración de diferentes ferramentas dixitais de maneira óptima e autónoma.	OBX3
• CA1.8. Realizar a presentación de proxectos empregando ferramentas dixitais adecuadas.	OBX3
Contidos	
• Estratexias de xestión e desenvolvemento de proxectos: diagramas de Gantt, metodoloxías *Agile*. Técnicas de investigación e ideación: *Design Thinking*. Técnicas de traballo en equipo. • Produtos: ciclo de vida. Estratexias de mellora continua. Planificación e desenvolvemento de deseño e comercialización. Loxística, transporte e distribución. Metroloxía e normalización. Control de calidade. • Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. • Autoconfianza e iniciativa. Identificación e xestión de emocións. O erro e a reavaliación como parte do proceso de aprendizaxe.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Materiais e fabricación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Seleccionar os materiais, tradicionais ou de nova xeración, adecuados para a fabricación de produtos de calidade baseándose nas súas características técnicas e atendendo a criterios de sustentabilidade de maneira responsable e ética.	OBX2
• CA2.2. Deseñar modelos empregando as ferramentas de deseño máis axeitadas e aplicando os criterios técnicos necesarios.	OBX2
• CA2.3. Fabricar modelos ou prototipos empregando as técnicas de fabricación máis adecuadas e aplicando os criterios técnicos e de sustentabilidade necesarios.	OBX2
Contidos	
• Materiais técnicos e novos materiais. Clasificación e criterios de sustentabilidade. Selección e aplicacións características. • Expresión gráfica. Aplicacións CAD-CAE-CAM. Diagramas funcionais, esquemas e esbozos. • Técnicas de fabricación: modelaxe rápida e baixo demanda. • Fabricación dixital aplicada a proxectos: impresión 3D e corte. • Normas de seguridade e hixiene no traballo.	
Bloque 3. Sistemas mecánicos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Resolver problemas asociados a sistemas e instalacións mecánicas aplicando fundamentos de mecanismos de transmisión e transformación de movementos, soporte e unión ao desenvolvemento de montaxes ou simulacións.	OBX4
• CA3.2. Interpretar e solucionar esquemas de sistemas pneumáticos a través de montaxes e simulacións, o que comprende o funcionamento de cada un dos seus elementos e do sistema na súa totalidade.	OBX4
• CA3.3. Deseñar sistemas mecánicos e/ou pneumáticos que resolvan un problema determinado e poñelo en funcionamento de forma física ou simulada.	OBX4
Contidos	
• Mecanismos de transmisión e transformación de movementos. Soportes e unión de elementos mecánicos. Deseño, cálculo, montaxe e experimentación física ou simulada. • Sistemas pneumáticos: elementos, simboloxía e circuítos básicos. Montaxe e/ou simulación para a resolución de problemas. • Aplicación práctica en proxectos.	
Bloque 4. Sistemas eléctricos e electrónicos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Resolver problemas de circuítos eléctricos e electrónicos aplicando fundamentos de corrente continua ao desenvolvemento de montaxes ou simulacións.	OBX4
• CA4.2. Resolver problemas asociados a máquinas eléctricas de corrente continua aplicando fundamentos de electricidade.	OBX4
• CA4.3. Interpretar e representar circuítos eléctricos e electrónicos utilizando a simboloxía normalizada.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.4. Montar e experimentar circuítos de forma física ou simulada analizando e describindo o seu funcionamento.	OBX4

Contidos
• Circuítos eléctricos de corrente continua.
• Circuítos electrónicos básicos.
• Interpretación e representación esquematizada de circuítos. Cálculo, montaxe e experimentación física ou simulada. Aplicación a proxectos.
• Máquinas eléctricas de corrente continua: motores e xeradores, partes, funcionamento e conexións.

Bloque 5. Programación, automatización e control	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Coñecer e comprender conceptos básicos de programación textual mostrando o progreso paso a paso da execución dun programa a partir dun estado inicial e predicindo o seu estado final tras a execución.	OBX5
• CA5.2. Controlar o funcionamento de sistemas tecnolóxicos e robóticos utilizando linguaxes de programación informática.	OBX5
• CA5.3. Aplicar ao funcionamento de sistemas e robots as posibilidades que ofrecen a telemetría e a internet das cousas.	OBX5
• CA5.4. Automatizar, programar e avaliar movementos de robots, mediante a súa modelización, aplicando algoritmos sinxelos e o uso de ferramentas informáticas.	OBX5

Contidos
• Fundamentos da programación textual. Características, elementos e linguaxes.
• Proceso de desenvolvemento: edición, compilación ou interpretación, execución, probas e depuración.
• Sistemas de control: conceptos, elementos e modelización de sistemas sinxelos.
• Automatización programada de procesos. Deseño, programación, construción e simulación e/ou montaxe.
• Creación de programas aplicados á automatización de procesos utilizando linguaxes de programación textual. Modularización.
• Robótica: modelización de movementos e accións mecánicas.
• Protocolos de comunicación de redes de dispositivos.
• Control de dispositivos mediante tecnoloxías de comunicación con e sen fíos.
• Sistemas de supervisión (SCADA). Telemetría e monitorización.
• Aplicación da internet das cousas (IoT) a proxectos e sistemas de control.

Bloque 6. Tecnoloxía sustentable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Avaliar os distintos sistemas de xeración de enerxía eléctrica e mercados enerxéticos estudando as súas características.	OBX6
• CA6.2. Calcular as magnitudes relacionadas coa xeración de enerxía eléctrica valorando a eficiencia dos diferentes sistemas.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.3. Analizar as diferentes instalacións dunha vivenda desde o punto de vista da súa eficiencia enerxética buscando aquelas opcións máis comprometidas coa sustentabilidade e fomentando un uso responsable destas.	OBX6
Contidos	
• Sistemas de xeración de enerxía eléctrica e mercados enerxéticos. Cálculo de magnitudes. Consumo enerxético sustentable, técnicas e criterios de aforro. Subministracións domésticas sustentables. • Instalacións en vivendas: eléctricas, de auga e climatización, de comunicación e domóticas, desde o punto de vista da súa eficiencia enerxética e sustentabilidade. Enerxías renovables aplicadas á vivenda.	

2º curso.

Materia de Tecnoloxía e Enxeñaría II 2º curso	
Bloque 1. Proxectos de investigación e desenvolvemento	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Desenvolver proxectos de investigación e innovación coa finalidade de crear e mellorar produtos de forma continua, utilizando modelos de xestión cooperativos e flexibles.	OBX1
• CA1.2. Comunicar e difundir de forma clara e comprensible o proxecto definido elaborándoo e presentándoo coa documentación técnica necesaria.	OBX3
• CA1.3. Resolver problemas asociados ás distintas fases do desenvolvemento e da xestión dun proxecto (deseño, simulación e montaxe e presentación) utilizando as ferramentas adecuadas que proveñen das aplicacións dixitais.	OBX1
• CA1.4. Elaborar informes sinxelos de avaliación de impacto ambiental de xeito fundamentado e estruturado.	OBX6
• CA1.5. Analizar os distintos sistemas de enxeñaría desde o punto de vista da responsabilidade social e da sustentabilidade estudando as características de eficiencia enerxética asociadas aos materiais e aos procesos de fabricación.	OBX6
• CA1.6. Perseverar na consecución de obxectivos en situacións de incerteza, identificando e xestionando emocións, aceptando e aprendendo da crítica razoada e utilizando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.	OBX1
Contidos	
• Xestión e desenvolvemento de proxectos. Técnicas e estratexias de traballo en equipo. Metodoloxías *Agile*: tipos, características e aplicacións. • Difusión e comunicación de documentación técnica. Elaboración, referenciación e presentación. • Impacto social e ambiental. Informes de avaliación. Valoración crítica das tecnoloxías desde o punto de vista da sustentabilidade ecosocial. • Autoconfianza e iniciativa. Identificación e xestión de emocións. O erro e a reavaliación como parte do proceso de aprendizaxe. • Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Bloque 2. Materiais e fabricación	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Analizar a idoneidade dos materiais técnicos na fabricación de produtos sustentables e de calidade considerando as súas propiedades básicas e a súa estrutura interna.	OBX2
• CA2.2. Analizar diferentes métodos de ensaio das propiedades mecánicas dos materiais comprendendo a utilizade de cada un deles.	OBX2
• CA2.3. Escoller os tratamentos de modificación máis adecuados para a mellora das propiedades básicas dos materiais.	OBX2
Contidos	
• Estrutura interna dos materiais e relación coas súas propiedades básicas. • Procedementos de ensaio de propiedades: resolución de problemas de ensaios de dureza, de tracción e de resiliencia. • Análise de técnicas de fabricación industrial para a mellora das propiedades dos materiais e a súa sustentabilidade.	
Bloque 3. Sistemas mecánicos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Calcular e montar estruturas sinxelas estudando os tipos de cargas a que se poidan ver sometidas e a súa estabilidade.	OBX4
• CA3.2. Analizar as máquinas térmicas: máquinas frigoríficas, bombas de calor e motores térmicos, comprendendo o seu funcionamento e realizando simulacións e cálculos básicos sobre a súa eficiencia.	OBX4
• CA3.3. Interpretar e solucionar esquemas de sistemas pneumáticos e hidráulicos a través de montaxes ou simulacións e comprendendo e documentando o funcionamento de cada un dos seus elementos e do sistema na súa totalidade.	OBX4
Contidos	
• Estruturas sinxelas. Tipos de cargas, estabilidade e cálculos básicos de cargas, esforzos e momentos. Montaxe ou simulación de exemplos sinxelos. • Máquinas térmicas: máquina frigorífica, bomba de calor e motores térmicos. Cálculos básicos de rendemento e eficiencia, simulación e aplicacións básicas. • Sistemas pneumáticos e hidráulicos: elementos, simboloxía, circuítos básicos e cálculos das magnitudes de forza, presión e caudal. Montaxe e/ou simulación para a resolución de problemas.	
Bloque 4. Sistemas eléctricos e electrónicos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Interpretar e resolver circuítos de corrente alterna mediante montaxes ou simulacións identificando os seus elementos e comprendendo o seu funcionamento.	OBX4
• CA4.2. Experimentar e deseñar circuítos combinacionais e secuenciais físicos e simulados aplicando fundamentos da electrónica dixital e comprendendo o seu funcionamento no deseño de solucións tecnolóxicas.	OBX4
• CA4.3. Resolver problemas lóxicos reais aplicando fundamentos da electrónica dixital e poñelos en práctica mediante montaxes ou simulacións.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos	
• Circuítos de corrente alterna monofásicos RLC serie e paralelo. Triángulo de potencias. Cálculo, montaxe e/ou simulación. • Electrónica dixital combinacional. Portas e funcións lóxicas. Deseño e simplificación de funcións. Resolución de problemas lóxicos sinxelos. • Electrónica dixital secuencial. Biestables. • Montaxe e/ou simulación de circuítos dixitais característicos.	
Bloque 5. Programación, automatización e control	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Comprender e simular o funcionamento dos procesos tecnolóxicos baseados en sistemas automáticos de lazo aberto e pechado.	OBX5
• CA5.2. Aplicar técnicas de simplificación a sistemas automáticos obtendo a función de transferencia simplificada.	OBX5
• CA5.3. Analizar a estabilidade dun sistema de control sinxelo experimentando con simuladores.	OBX5
• CA5.4. Coñecer e avaliar sistemas informáticos emerxentes e as súas implicacións na seguridade dos datos, analizando modelos existentes.	OBX5
Contidos	
• Sistemas automáticos e de control en lazo aberto e pechado. • Álxebra de bloques e simplificación de sistemas sinxelos. • Análise da estabilidade de sistemas sinxelos. • Experimentación en simuladores. • Intelixencia artificial, *big data*, bases de datos distribuídas e ciberseguridade.	

40.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Tecnoloxía e Enxeñaría desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Tecnoloxía e Enxeñaría e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1		3-4	1-3-5	1		3	
OBX2			2-5	1-2	1.1-4	4	1	
OBX3	3	1	1-4	1-2-3-5	5		3	
OBX4			1-2-3-4	2-5	5		3	
OBX5			1-2-3	2-3-5	1.1		3	
OBX6			2-5	1-2-4	2	4	1	

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e que promovan o traballo en equipo.

– A resolución de problemas interdisciplinarios ligados a situacións reais mediante solucións tecnolóxicas para facilitar a comprensión do proceso de deseño e desenvolvemento dun produto.

– A orientación competencial está graduada entre 1º e 2º de bacharelato, de xeito que no primeiro curso se incidirá na participación en proxectos que dean resposta a unha necesidade proposta e, no segundo, incidirase na elaboración de proxectos de investigación e innovación que conecten co ámbito social, económico e de investigación do centro.

– O bloque «Proxectos de investigación e desenvolvemento» terá un tratamento transversal e traballarase de xeito conxunto co resto dos bloques de contidos, tanto no primeiro coma no segundo curso.

– No bloque de «Materiais e fabricación» deberanse abordar no primeiro curso a selección de materiais e as técnicas máis apropiadas para a súa transformación e elaboración de solucións tecnolóxicas sustentables, mentres que en segundo se tratarán as súas propiedades desde un punto de vista macroscópico.

– No bloque 3, «Sistemas mecánicos», trataranse en primeiro os sistemas mecánicos desde un punto de vista de montaxes, ao tempo que se fará unha introdución á pneumá-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

tica. O segundo curso céntrase nas estruturas desde un punto de vista estático, así como nas máquinas térmicas, na pneumática e na hidráulica dun xeito máis avanzado.

– No bloque «Sistemas eléctricos e electrónicos» abórdanse no primeiro curso os circuítos eléctricos, as máquinas de corrente continua e a electrónica analóxica, e no segundo curso abordaranse os circuítos eléctricos e as máquinas de corrente alterna e a electrónica dixital.

– O bloque «Programación, automatización e control» afronta no primeiro curso os sistemas robóticos e de control programado, a aplicación da internet das cousas (IoT) a proxectos e sistemas de control e no segundo curso trata os sistemas de control desde un punto de vista máis de procesos e avalía sistemas informáticos emerxentes e as súas implicacións na seguridade dos datos, analizando modelos existentes.

– O bloque «Tecnoloxía sustentable» desenvólvese no primeiro curso, en que se afondará nos sistemas de xeración de enerxía eléctrica e nas instalacións en vivendas a través dun enfoque de eficiencia enerxética e sustentable, no segundo curso,daráselle un tratamento máis transversal ao integralo no desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación.

41. Volume.

41.1. Introdución.

Desde as orixes da civilización, os seres humanos necesitaron crear obxectos tridimensionais, tanto para responder a necesidades funcionais coma movidos por intencións lúdicas, relixiosas ou artísticas. En todas as producións humanas pode rastrexarse unha intención estética, que unhas veces se produce dunha maneira intuitiva e emocional e outras é o resultado dun proceso racional máis ou menos sofisticado. A materia de Volume ocúpase especificamente do estudo da forma e do espazo tridimensional no ámbito da expresión artística, atendendo ás calidades físicas, espaciais, estruturais e volumétricas dos obxectos.

A introdución ao estudo e a análise das formas e manifestacións tridimensionais completa e desenvolve a formación plástica e artística do alumnado, exercitando os mecanismos de percepción das formas volumétricas e axudando ao desenvolvemento dunha visión analítica e sintética dos obxectos de creación tridimensional que nos rodean, así

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

como das súas aplicacións máis significativas no campo científico, industrial, artesanal e artístico.

O alumnado que curse esta materia adquirirá as competencias que lle permitan comprender en que medida a forma, o tamaño, a cor ou o acabado final dos obxectos de creación tridimensional veñen condicionados tanto polos materiais e técnicas empregados coma pola función, a intencionalidade expresiva, os efectos que se queren producir na recepción e a contorna cultural en que se producen. Outros factores condicionantes son os aspectos relacionados coa sustentabilidade e co coidado do ambiente. Valores tales como o respecto e o aprecio da riqueza inherente á diversidade cultural e artística ou a necesidade de protexer a propiedade intelectual propia e allea deben ser tidos tamén en conta, sen esquecer a perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural, para poñer en valor o traballo realizado por mulleres ou por persoas de culturas que non pertencen ao ámbito occidental dominante.

A materia de Volume trata tanto do desenvolvemento da percepción sensorial, intelectual e crítica das formas coma da creación de obxectos tridimensionais, vertentes ambas estreitamente vinculadas. Esta dimensión da materia conecta o mundo das ideas co das formas para partir do coñecemento da linguaxe plástica e do uso de materiais, procedementos e técnicas de configuración tridimensional, así como doutros elementos de configuración formal e espacial, da análise da representación espacial e da aplicación da metodoloxía xeral do proxecto de creación de obxectos tridimensionais. Espérase con iso que o alumnado adquira, xunto coa capacidade de percepción espacial, táctil e cinestésica un dominio técnico e unhas habilidades creativas capaces de mobilizar o pensamento diverxente, como manifestación da capacidade humana para propoñer múltiples respostas ante un mesmo estímulo. Todo iso favorece o desenvolvemento de certos compoñentes da formación artística fortemente vinculados entre si: a percepción intelectual e sensorial da forma, a creación de obxectos tridimensionais e a análise da luz para a comprensión da configuración e da percepción dos obxectos volumétricos.

O alumnado adquirirá unha visión xeral, tanto das técnicas e procedementos escultóricos máis innovadores coma dos máis tradicionais, para que identifique as propiedades e particularidades expresivas dos distintos materiais, como barro, madeira, pedra, mármore ou metais, entre outros, e comprenda que pode achegar cada un á función de cada obxecto e a intencionalidade da proposta creativa, considerando o contexto cultural no que se traballa. Do mesmo xeito, debe reflexionar sobre os útiles e as ferramentas máis adecuados para cada produción artística. Abórdanse tamén aspectos relacionados coa composición no espazo, fomentando a expresividade e o desenvolvemento do deleite es-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

tético e sensorial, para favorecer o crecemento persoal, social, académico e profesional. Outro aspecto importante ao que se debe prestar atención desde esta materia é a reflexión sobre a necesidade de facer un uso adecuado e responsable dos materiais, atendendo ao seu impacto ambiental e á prevención e ao tratamento dos posibles residuos que se xeren, desenvolvendo así unha actitude crítica, sustentable, inclusiva e innovadora ante a experiencia artística.

Estes fins vehiculan os obxectivos da materia de Volume definidos a partir dos obxectivos xerais e as competencias clave previstas para a etapa de bacharelato. A consecución dos devanditos obxectivos implicará a adquisición por parte do alumnado dos coñecementos e habilidades necesarios para propoñer e levar a cabo solucións factibles na creación de propostas volumétricas. Ademais, contribuirá a desenvolver a súa capacidade crítica e estética, utilizando o vocabulario específico adecuado para fundamentar os seus xuízos sobre distintas creacións volumétricas, desde o respecto cara á diversidade e cara ao patrimonio artístico e cultural.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia organízanse en catro bloques, que non deben acometerse obrigatoriamente na orde en que están presentados, senón dunha maneira integrada en función das distintas situacións de aprendizaxe, o que facilita unha visión global da materia. O primeiro bloque, «Técnicas e materiais de configuración», atende aos materiais e procedementos esenciais no traballo escultórico. O segundo bloque, «Elementos de configuración formal e espacial», comprende a linguaxe e as tipoloxías das formas volumétricas. O terceiro bloque, «Análise da representación tridimensional», recolle os elementos da forma no espazo e a súa presenza no patrimonio artístico. Finalmente, o bloque chamado «Os proxectos de arte e deseño tridimensionais» ocúpase das metodoloxías proxectuais e os aspectos profesionais vinculados con este campo.

Para unha mellor adquisición dos obxectivos da materia é necesario propoñer unhas situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado mellorar o desempeño das habilidades requiridas para o traballo coas formas volumétricas, considerando a incorporación de ferramentas dixitais cando resulte pertinente. No seu desenvolvemento, os bloques de contidos deben traballarse de forma conxunta, de maneira que os coñecementos, destrezas e actitudes se activen de maneira interrelacionada para responder a retos de progresiva complexidade.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

41.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Identificar os fundamentos compositivos da linguaxe tridimensional en obras de diferentes épocas e culturas analizando os seus aspectos formais e estruturais, así como os canons de proporción e elementos compositivos empregados, para aplicalos a producións volumétricas propias equilibradas e creativas.
• Educar a mirada é esencial para dotar o alumnado das destrezas necesarias para ver, descubrir e sentir a creación de obras artísticas volumétricas. A análise de obras de diferentes épocas e culturas apreciando as distintas técnicas, os materiais e os elementos compositivos empregados permite entender os principais elementos da linguaxe tridimensional. Ao comparar as obras en relevo e as obras exentas e diferenciar os aspectos decorativos dos estruturais, desenvólvense as habilidades necesarias para a identificación dos elementos da linguaxe tridimensional de producións volumétricas. • A partir da análise de obras tridimensionais, o alumnado interiorizará a terminoloxía específica da materia, enriquecendo así a súa capacidade comunicativa e aprendendo a explicar as obras de maneira precisa. Así mesmo, a través do achegamento a das obras creadas en distintos contextos históricos ou culturais, recoñece o valor da diversidade do patrimonio, así como a riqueza creativa e estética inherente a ela. As experiencias artísticas contribuirán ao desenvolvemento da súa personalidade e ampliarán o seu repertorio de recursos, facilitando a aplicación das aprendizaxes adquiridas ás súas propias propostas volumétricas e a realización de pezas equilibradas e creativas. • As novas tecnoloxías facilitan o acceso do alumnado a unha gran variedade de obras, por exemplo, a través das bibliotecas ou coleccións dixitais, de modo que poida analizar unha ampla gama de formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos, así como de técnicas e materiais. • Entre as obras analizadas, débese incorporar a perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural para reflexionar sobre a conformación do canon artístico dominante e recoñecer a achega a esta disciplina de artistas mulleres e de artistas de culturas non occidentais, así como de creadoras e creadores galegos.
OBX2. Explorar as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional partindo da análise de obxectos e obras de diferentes artistas nas que se estableza unha relación coherente entre a imaxe e o seu contido, para elaborar producións tridimensionais con diferentes funcións comunicativas e respectuosas da propiedade intelectual.
• Explorar as posibilidades plásticas e expresivas que se materializan en diversos obxectos e obras volumétricas constitúe unha actividade imprescindible para que o alumnado poida comprender as distintas funcións comunicativas da linguaxe tridimensional. Esta exploración pode partir da análise dos aspectos máis notables da configuración de obxectos cotiáns tridimensionais (os elementos formais, funcionais e estruturais), do estudo das diferenzas entre o estrutural e o accesorio e da identificación da relación entre forma e función, vinculando a súa función comunicativa e o seu nivel icónico. O acceso ás obras a través de diversas fontes bibliográficas e dixitais (sitios web, acceso dixital a museos etc.) fai posible que o alumnado poida ter á súa disposición unha gran variedade de obras significativas de diferentes artistas, tanto do pasado como da actualidade. • A análise de obxectos e obras permítelle ao alumnado adquirir os coñecementos necesarios para explorar as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional a través de propostas alternativas á representación de obxectos e obras tridimensionais, obviando os aspectos estilísticos ou decorativos. Deste xeito, pode xerar, nun proceso de abstracción, obxectos volumétricos dotados de significado, atendendo á relación entre imaxe e contido, así como entre forma, estrutura e función comunicativa, con distintos niveis de iconicidade. A adquisición deste obxectivo contribúe, ademais, a que as alumnas e os alumnos desenvolvan a súa capacidade crítica e estética e descubran as calidades expresivas desta disciplina, adquirindo os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a explicación e xustificación argumentada de obras propias e alleas. • A inspiración en obras existentes ou a súa adaptación creativa son unha ocasión idónea para reflexionar sobre aspectos relacionados coa propiedade intelectual, tanto para aprender a protexer a creatividade propia como para ser respectuosos coa creatividade allea.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX3. Realizar propostas de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de produción máis adecuados, para resolver problemas de configuración espacial e apreciar as calidades expresivas da linguaxe tridimensional.
• Iniciarse no campo da creación de composicións tridimensionais proporcionándolle ao alumnado unha serie de coñecementos, destrezas e actitudes que lle permiten descubrir os materiais, as ferramentas e as técnicas propias da materia. Neste proceso de experimentación, o alumnado aprende a seleccionar e a utilizar as ferramentas e os materiais máis adecuados en función das características formais, funcionais, estéticas e expresivas da peza que se vaia realizar. Tamén a identificar, seleccionar e aplicar as técnicas de elaboración e reprodución en función dos obxectivos plásticos e comunicativos da obra para poder resolver os problemas de configuración espacial expostos. No proceso de selección, haberá de ter en conta a sustentabilidade e o impacto ambiental das ferramentas e os materiais e deberá considerar as condicións de seguridade e hixiene para o seu correcto uso. • A adquisición deste obxectivo permite que o alumnado desenvolva a creatividade asociada co pensamento diverxente, así como a súa autonomía e a súa capacidade de iniciativa. Na resolución de problemas volumétricos ha de considerarse, ademais, o erro como unha oportunidade de mellora e de aprendizaxe que lle axude a desenvolver a súa autoestima persoal e artística, así como a súa resiliencia. Isto permitiralle enfrontarse a futuros retos relacionados coa configuración espacial nos ámbitos tanto académico coma profesional.
OBX4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos adecuando os materiais e os procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución, para valorar a metodoloxía proxectual como forma de desenvolver o pensamento diverxente na resolución creativa de problemas.
• A materia de Volume proporciona o contexto propicio para que o alumnado poida planificar e desenvolver proxectos sustentables e creativos, de forma tanto individual coma colaborativa, ofrecéndolle a oportunidade de tomar a iniciativa na ideación, no deseño e na proxección das súas propias propostas volumétricas. Os proxectos hanse de deseñar en función dos condicionantes e requirimentos expostos e achegando solucións diversas e creativas. A planificación das distintas fases, desde a ideación ata a elaboración final da obra, pódese realizar utilizando fontes dixitais e bibliográficas para recompilar e analizar a información que permita levar a cabo propostas creativas e viables. No proceso de planificación e desenvolvemento do proxecto, o alumnado ha de determinar os aspectos materiais, técnicos e construtivos dos produtos de deseño tridimensional en función das súas intencións expresivas, funcionais e comunicativas, ademais de interpretar e analizar a documentación gráfica técnica en función das súas características e debuxar a información gráfica necesaria para o desenvolvemento do produto, tendo en conta as súas características e parámetros técnicos e estéticos. Así mesmo, debe realizar bosquexos, maquetas ou modelos que permitan a visualización de obxectos tridimensionais utilizando diferentes técnicas e, por último, comprobar a viabilidade da súa execución. • Para iso, será necesario que o alumnado organice e distribúa as tarefas e que asuma responsabilidades individuais orientadas a conseguir un obxectivo común, coordinándose co resto do equipo e respectando as realizacións e opinións dos demais. A identificación e a asunción de diversas tarefas e funcións na execución do proxecto favorecerán o descubrimento de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional. Así, o alumnado poderá valorar a metodoloxía proxectual como unha forma de desenvolver o pensamento diverxente para a resolución creativa de problemas, así como identificar o traballo en equipo como fonte de riqueza creativa e favorecer o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

41.3. Criterios de avaliación e contidos.

1º curso.

Materia de Volume 1º curso	
Bloque 1. Técnicas e materiais de configuración	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Describir materiais, ferramentas e técnicas de creación tridimensional aplicando a terminoloxía específica da materia.	OBX1
• CA1.2. Resolver de forma creativa problemas de configuración espacial a través de composicións tridimensionais, seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados en función dos requisitos formais, funcionais, estéticos e expresivos.	OBX3
Contidos	
• Materiais e ferramentas de configuración tridimensional. Materiais sustentables, naturais, efémeros e innovadores. Características técnicas, comunicativas, funcionais e expresivas. Terminoloxía específica. • Procedementos de configuración: técnicas aditivas (modelaxe, escaiola directa...), subtractivas (talla), construtivas (estruturas e instalacións) e de reprodución (moldeado e baleirado, sacado de puntos, pantógrafo, impresoras 3D).	
Bloque 2. Elementos de configuración formal e espacial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Estudar os aspectos máis notables de pezas volumétricas identificando as diferenzas entre o estrutural e o accesorio.	OBX2
• CA2.2. Describir formas, estruturas, proporcións e elementos compositivos tridimensionais aplicando a terminoloxía específica da materia.	OBX1
• CA2.3. Explicar os canons de proporción e os elementos compositivos de pezas tridimensionais de diferentes períodos artísticos dentro do seu contexto histórico, diferenciando os aspectos decorativos dos estruturais.	OBX1
• CA2.4. Elaborar producións volumétricas cunha función comunicativa concreta, atendendo á relación entre imaxe e contido, así como entre forma, estrutura e función comunicativa, con distintos niveis de iconicidade.	OBX2
Contidos	
• As formas tridimensionais e a súa linguaxe. Elementos estruturais da forma: liña, plano, aresta, vértice, superficie, volume, texturas (visuais e táctiles), concavidades, convexidades, baleiro, espazo, masa, escala, cor. • Composición espacial (campos de forza, equilibrio, dinamismo etc.) e relación entre forma, escala e proporción. • As estruturas tridimensionais: modularidade, repetición, gradación e ritmo no espazo. • Relación entre forma e estrutura. A forma externa como proxección ordenada de forzas internas. • Relacións entre os elementos (dirección, posición, espazo e gravidade).	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Representación do movemento nos obxectos tridimensionais e na escultura. Elementos móbiles na obra tridimensional.
• A luz como elemento xerador e modelador de formas e espazos.
• Calidades emotivas e expresivas dos medios gráfico-plásticos en corpos volumétricos.
• Tipoloxía de formas volumétricas adaptadas ao deseño de obxectos elementais de uso común como medio de estudo e de análise.

Bloque 3. Análise da representación tridimensional	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Explicar as funcións comunicativas da linguaxe tridimensional en obras significativas de diferentes creadores, desde unha perspectiva intercultural, inclusiva e de xénero, xustificando, de maneira argumentada, a relación establecida entre a forma e o contido.	OBX2
• CA3.2. Describir as calidades expresivas da linguaxe tridimensional nas composicións tridimensionais propostas xustificando a selección das técnicas, as ferramentas e os materiais de realización máis adecuados.	OBX3
• CA3.3. Analizar os aspectos máis notables da configuración de esculturas e obxectos cotiáns tridimensionais describindo a relación entre a súa función comunicativa, a súa usabilidade e o seu nivel icónico.	OBX2
• CA3.4. Analizar as diferentes fontes de difusión de obras volumétricas, apreciando o respecto á autoría e aos dereitos de propiedade intelectual.	OBX2

Contidos
• Escultura, obras de arte, artesanía e deseño tridimensional no patrimonio artístico e cultural universal e galego. Contexto histórico e principais características técnicas, formais, estéticas e comunicativas.
• Tipoloxías da escultura. Relevo e escultura exenta.
• A perspectiva de xénero e a perspectiva intercultural.
• Arte obxectual e conceptual. A instalación artística. Artes performativas.
• Graos de iconicidade nas representacións escultóricas. Hiperrealismo e efectos especiais, realismo, abstracción, síntese, estilización.
• As posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe tridimensional e o seu uso creativo na ideación e realización de obra orixinal.
• Técnicas de transmisión de emocións, estudo do xesto, ideas, accións e situacións na produción e recepción de obras de arte volumétricas.
• O respecto da propiedade intelectual. Tradición, inspiración, plaxio, apropiación.
• Fontes bibliográficas e dixitais de acceso a obras volumétricas de diferentes épocas e culturas: sitios web, acceso dixital a museos, bibliotecas ou coleccións dixitais, etc.

Bloque 4. Os proxectos de arte e deseño tridimensionais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Planificar proxectos tridimensionais organizando correctamente as súas fases, distribuíndo de forma razoada as tarefas, avaliando a súa viabilidade e sustentabilidade e seleccionando as técnicas, as ferramentas e os materiais máis adecuados ás intencións expresivas, funcionais e comunicativas.	OBX4

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.2. Participar activamente na realización de proxectos artísticos asumindo diferentes funcións, valorando e respectando as achegas e as experiencias dos demais e identificando as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional que ofrece.	OBX4
• CA4.3. Realizar proxectos individuais ou colaborativos adecuando materiais e procedementos á finalidade estética e funcional dos obxectos que se pretenden crear e achegando solucións diversas e creativas aos retos expostos durante a execución.	OBX4
• CA4.4. Avaliar e presentar os resultados de proxectos tridimensionais analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido, e explicando as posibles diferenzas entre eles.	OBX4
Contidos	
• Principios e fundamentos do deseño tridimensional. • Metodoloxía proxectual aplicada ao deseño de formas e estruturas tridimensionais. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos. Difusión de resultados. • Proxectos de producións artísticas volumétricas: secuenciación, fases e traballo en equipo. • Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos. • Pezas volumétricas sinxelas en función do tipo de produto proposto. Deseño sustentable e inclusivo. Sustentabilidade e impacto dos proxectos artísticos. • Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional vinculadas coa materia. • A propiedade intelectual: a protección da creatividade persoal.	

41.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Volume desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Relación entre os obxectivos da materia de Volume e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1	3		1	~~4~~	1		1-2
OBX2	1	3		1	~~4~~	1		1-2
OBX3					5	~~4~~		3.1-3.2-4.1
OBX4	3	1	3	3	3.1-3.2		3	3.1-4.1-4.2

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso de estratexias que axuden á comprensión, expresión e comunicación en diferentes formatos plásticos, visuais e audiovisuais, así como ao correcto e seguro uso das tecnoloxías da información e comunicación.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado emparellando a percepción e a imaxinación cos coñecementos prácticos e técnicos que o axuden a orientarse académica e profesionalmente e a desenvolver un espírito emprendedor.

– A énfase en impulsar a capacidade creadora do alumnado en canto á produción tridimensional apoiando solucións propias, diverxentes e afastadas de convencionalismos.

– O traballo en proxectos creativos tridimensionais que xunten todos os bloques de contidos de forma conxunta, de maneira que os coñecementos, destrezas e actitudes se activen de maneira interrelacionada para responder a retos de progresiva complexidade.

– O uso de métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e que reforcen a autoestima crítica, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

– A atención individualizada do alumnado adaptando as propostas creativas á súa diversidade, tentando previr e detectar dificultades de aprendizaxe e poñendo en marcha mecanismos de reforzo tan pronto como se produzan.

– A resolución colaborativa de problemas facendo énfase na prevención e resolución de conflitos, na inclusión e na igualdade de xénero.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– O uso de estratexias para traballar transversalmente o fomento do desenvolvemento sustentable e o coidado do ambiente, a través do estudo dos materiais e do impacto das creacións volumétricas na contorna.

– A realización de proxectos creativos nos que se traballe transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

42. Xeografía.

42.1. Introdución.

A xeografía explora as complexas interaccións e interdependencias entre as persoas e o territorio, contribuíndo ao descubrimento do espazo en que viven, desde a referencia da contorna local a un contexto global, servindo tamén de guía para comprender unha realidade ecosocial en constante transformación e atopar o noso lugar no mundo, recoñecendo límites e buscando oportunidades ante os retos do século XXI.

O espazo xeográfico é o obxecto de estudo da xeografía, cuxa finalidade é a comprensión e explicación holística dos procesos naturais e humanos que van modelando ese territorio ao longo do tempo. Como seres con conciencia espazotemporal, as persoas precisan desa interpretación da realidade que as rodea, máis alá da percepción persoal e colectiva do territorio e do momento e estrutura social en que se desenvolven as experiencias vitais. Nesta materia de bacharelato, a escala de análise xeográfica céntrase en España, con especial atención ao territorio galego, aínda que dentro dunha perspectiva europea e global, necesaria para coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo.

A comprensión desas realidades próximas e globais é esencial para a construción da personalidade e identidade do alumnado, así como para comprender e respectar as identidades alleas. Ademais, debe constituír a base para exercer unha cidadanía crítica, desde os valores democráticos, o respecto polos dereitos fundamentais e o exercicio da responsabilidade cívica á hora de construír unha sociedade xusta e equitativa en sintonía cos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

A xeografía, pola súa natureza práctica, permítelle ao alumnado desenvolverse no uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación grazas ás funcionalidades das tecnoloxías da información xeográfica (TIX). As TIX, ademais de constituír un recurso

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

básico para desenvolver investigacións individuais e en equipo, permiten formular o tratamento interdisciplinario do territorio e, como ferramenta de diagnóstico, presentar e comunicar eficientemente conclusións e propostas de mellora da contorna social do alumnado desde a súa análise crítica, fomentando a súa madurez e participación cívica. A aplicabilidade da materia de Xeografía convértea nunha disciplina clave da sociedade do coñecemento e do emprendemento social.

Nun contexto de constantes e profundas transformacións no global e no local, a materia de Xeografía debe achegar unha visión integral do medio natural e da sociedade de España, tratando de espertar a curiosidade innata a toda persoa e lograr o gozo dos coñecementos xeográficos. Con tal fin, os obxectivos fundaméntanse nunha aprendizaxe baseada na investigación dos fenómenos naturais e humanos que se desenvolven no territorio. Estes fenómenos afectan a vida cotiá das sociedades actuais e representan, algúns deles, retos clave para afrontar o futuro, igual que, en ocasións, tamén constituíron desafíos no pasado. As respostas a estes retos ecosociais desde o pensamento xeográfico requiren da aplicación de saberes baseados no rigor científico, a mobilización de estratexias e o compromiso ético coa sustentabilidade e a solidariedade na resolución de problemas.

Por todo iso, o estudo da xeografía de España debe contribuír ao desenvolvemento persoal e á madurez do alumnado, conformando a súa identidade e fortalecendo a súa empatía ao asumir que vivimos nunha sociedade diversa e con desequilibrios sociais e territoriais que precisa dun desenvolvemento sustentable. Como persoas formadas e comprometidas coa contorna en que viven, o alumnado debe aplicar as aprendizaxes adquiridas para emprender accións individuais e colectivas que materialicen a súa capacidade de transformala desde criterios éticos baseados nos valores que compartimos.

A materia de Xeografía contribúe a alcanzar os obxectivos xerais da etapa de bacharelato e a adquisición das competencias clave, e permite o desenvolvemento do pensamento xeográfico do alumnado iniciado na etapa anterior coa materia de Xeografía e Historia. Ademais, promóvese o seu desenvolvemento en contextos interdisciplinarios e noutros próximos ás experiencias persoais, que deben aproveitarse para enriquecer a contorna de aprendizaxe do alumnado, tanto de maneira individual como grupal, conectando cos seus intereses e atendendo a necesidades específicas.

Os criterios de avaliación, derivados dos obxectivos da materia e asociados aos contidos propostos, fomentan a participación activa do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, a investigación aplicada, tanto individualmente como en equipo, a elaboración de creacións propias, contextualizadas e relevantes, e a comunicación eficiente en

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

público. Todo iso desde a valoración crítica e ética do proceso de aprendizaxe e o compromiso coa transformación da súa contorna vital, desde o respecto aos dereitos humanos e ao principio de sustentabilidade.

Os criterios de avaliación e os contidos estrutúranse en catro bloques que deben tratarse desde as súas tres dimensións de coñecementos, destrezas e actitudes e valores. As transferencias entre estas tres dimensións e a imbricación dos catro bloques son primordiais para enfocar a materia dun modo práctico e fomentar o tratamento transversal destes.

O bloque «España, Europa e a globalización» agrupa os contidos necesarios para asumir a especificidade e diversidade de España e a súa situación nos contextos mundial e europeo, e valorar a importancia da súa pertenza á Unión Europea. O bloque «A sustentabilidade do medio físico de España» propón contidos que poñen en valor a diversidade do relevo, do clima, da vexetación, dos solos e da hidrografía de España. Finalmente, os dous últimos bloques, «España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial» e «España: a ordenación do territorio no enfoque económico», integran contidos sobre a análise xeográfica dos aproveitamentos dos recursos naturais, tratando as actividades económicas e a poboación como o principal factor transformador do territorio, profundando nas causas e consecuencias destes procesos e comparando os desequilibrios territoriais resultantes, introducindo a perspectiva da sustentabilidade e valorando o impacto das políticas comunitarias. É esencial subliñar o tratamento integrador que a xeografía lles dá aos fenómenos espaciais, lembrando que a síntese é un obxectivo irrenunciable do pensamento xeográfico, ao que deben contribuír o enfoque interdisciplinario e a dobre dimensión ecosocial.

A materia de Xeografía é aberta e flexible para que, tomando como eixe vertebrador os obxectivos e os contidos da materia, o profesorado poida adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado. En definitiva, para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica baseada na autonomía persoal e o respecto ás persoas e ao ambiente no contexto actual de cambios e incertezas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

42.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Recoñecer os retos ecosociais actuais e futuros de España debatendo desde a perspectiva xeográfica sobre as mensaxes recibidas a través de canles oficiais e extraoficiais, formais e informais, e desenvolvendo o pensamento crítico, para transformar padróns de consumo insustentables e adoptar estilos de vida saudables.
• O recoñecemento por parte do alumnado dos problemas ecosociais a que se enfronta a sociedade española supón saber identificalos e tomar conciencia da responsabilidade individual e colectiva ante desafíos como a emerxencia climática, o reto demográfico ou a xestión de recursos limitados. Son situacións de ecodependencia que afectan o medio natural e os grupos humanos e que en ocasións seguen procesos a escala global. Unha cidadanía informada debe manter debates nos que se sometan a xuízo crítico as mensaxes que se reciban desde medios oficiais ou informais, previndo a difusión daquelas que sexan informacións falsas ou nas que se detecte a manipulación interesada. • Os argumentos que se esgrimen en calquera debate público ou privado deberían construírse desde a fundamentación científica que achega o pensamento xeográfico, rexeitando calquera opinión non avalada por datos fiables, accesibles e contrastados. O desenvolvemento do pensamento espacial crítico constitúe o maior activo para unha cidadanía formada e informada que reúna as condicións necesarias para sopesar respostas éticas ante os retos actuais e futuros, anticipándose a consecuencias non desexadas. Así mesmo, o alumnado debería chegar a reflexionar con rigor sobre a súa capacidade de adaptación a novas situacións, e sobre a transformación de padróns de consumo insustentables e para adoptar hábitos de vida saudables en beneficio propio e do ben común, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sustentable.
OBX2. Comprender a complexidade do espazo xeográfico, mediante a interpretación de fontes de información visuais, para apreciar a riqueza das paisaxes naturais e humanizadas e valorar a sustentabilidade como principio das relacións entre os ecosistemas naturais e a acción humana.
• A comprensión do espazo xeográfico implica asumir a súa complexidade como sistema en que se combinan elementos abióticos, bióticos e a acción humana. A teoría xeral de sistemas achega os conceptos necesarios para entender a imbricación deses compoñentes e as súas relacións. Todo sistema está integrado por subsistemas que, unha vez desagregados, facilitan unha análise pormenorizada das súas características, o que leva a resolver o problema da escala de análise. Desde o local ao global, esta escala permite delimitar o campo ou parcela de estudo. • A interpretación de imaxes axuda a espertar a curiosidade do alumnado por territorios descoñecidos e a redescubrir lugares familiares, xerando creativamente os seus propios recursos visuais, incluídos esbozos e bosquexos. Como complemento á observación de paisaxes, que tamén pode ser directa sobre o terreo, a cartografía e os gráficos son valiosas fontes de información visual. Educar a mirada xeográfica supón tamén desenvolver o aprecio polo rico patrimonio paisaxístico que atesoura España. A sustentabilidade debe incorporarse como criterio para xulgar criticamente a relación entre medio natural e acción antrópica e promover o equilibrio entre ambos.
OBX3. Analizar a diversidade natural de España e a súa singularidade xeográfica dentro de Europa, a través da comparación de características comúns e específicas do relevo, o clima, a hidrografía e a biodiversidade, para reflexionar sobre a percepción persoal do espazo.
• A análise da diversidade natural de España adquire sentido ao examinar a gran variedade de ecosistemas terrestres e acuáticos existentes e que teñen o seu reflexo na rede de espazos naturais protexidos. A súa singularidade a escala europea confírelle un lugar destacado dentro da Rede Natura 2000. Tal biodiversidade explícase pola interacción particular en cada área dos factores físicos que afectan a Península Ibérica, aos arquipélagos de Balears e de Canarias e o resto dos territorios.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Desde o rigor que impón o método comparativo, baseado na procura de analoxías e diferenzas, toda análise xeográfica debe partir de datos e cálculos fiables que poidan ser contrastados á hora de describir as características e a distribución de unidades xeomorfolóxicas, climáticas, vexetais e hídricas. Tradicionalmente, o medio natural serviu para construír a percepción que cada persoa ten do territorio e da súa existencia, condicionando vínculos e sentimentos de pertenza a un ou varios lugares. Nunha sociedade predominantemente urbana de pasado rural recente, a reflexión sobre os conflitos nos usos do territorio, así como a identidade individual e colectiva, debe, construírse desde o respecto aos demais e a aceptación de identidades múltiples.
OBX4. Aplicar as tecnoloxías da información xeográfica (TIX), métodos e técnicas propios ou de ciencias afíns, localizando fenómenos naturais e humanos, e argumentando con rigor os seus límites ou categorías, para resolver eficientemente o problema da escala en calquera análise ou proposta de actuación.
• A aplicación eficiente dos métodos propios da xeografía e de calquera ciencia afín implica o seu uso práctico para observar, representar e explicar os fenómenos físicos e humanos que se desenvolven no territorio. Polas súas características integradoras e o seu potencial visual como fonte de información e recurso creativo, as tecnoloxías da información xeográfica (TIX) deben adoptar unha posición preferente como ferramenta manexada competentemente polo alumnado. • A distribución e localización de fenómenos físicos e humanos de todo tipo e a diferentes escalas, así como a súa evolución no tempo, son principios básicos da xeografía sobre os cales se articula o pensamento espacial. As TIX deben desenvolver o seu potencial para logralo, mediante o uso de mapas interactivos e recursos que faciliten argumentos para xustificar a extensión de cada fenómeno. É dicir, delimitando rexións, categorías ou tipoloxías, e reflexionando sobre o problema dos límites e das áreas de transición. Ante fenómenos naturais e humanos complexos e en continua transformación, a iniciativa para achegar solucións creativas a problemas reais desde o coñecemento rigoroso é parte esencial do compromiso cívico.
OBX5. Asumir a globalización como contexto que enmarca a evolución dos sistemas económicos e os comportamentos sociais recentes, investigando as súas relacións de causa e efecto e creando produtos propios que demostren a interconexión e a interdependencia a todas as escalas, para promover o respecto á dignidade humana e ao ambiente como base dunha cidadanía global.
• Ao entender que o fenómeno da globalización é determinante nas complexas relacións existentes entre os países e os seus sistemas económicos, pódese poñer no seu contexto a evolución recente das actividades económicas en España e na Unión Europea en todos os seus sectores. Igualmente, producíronse transformacións socioculturais de grande impacto sobre a distribución espacial da poboación e os comportamentos demográficos. • A investigación dos factores causantes destas transformacións e das súas consecuencias sobre o territorio e a sociedade abre un rico campo de indagación destas ecodependencias. As relacións de interdependencia e interconexión poden demostrarse de forma indutiva, especialmente mediante o estudo de casos ou situacións-problema próximas e relevantes para o alumnado. Por exemplo, a orixe de bens ou servizos producidos e consumidos fóra e dentro de España, ou as consecuencias da asimilación de ideas, comportamentos e estilos de vida alleos a prácticas tradicionais. Ao chegar á análise dos efectos positivos e negativos da globalización, o respecto á dignidade humana debe primar como valor ético para o exercicio dunha cidadanía global e comprometida tamén co ambiente.
OBX6. Explicar de forma crítica os desequilibrios territoriais de España e da súa estrutura sociolaboral e demográfica, recoñecendo os procesos e as decisións que contribuíron ás desigualdades presentes, para reforzar a conciencia de solidariedade e o compromiso cos mecanismos de cooperación e cohesión españois e europeos.
• A explicación crítica dos desequilibrios socioeconómicos e demográficos de España parte dun diagnóstico rigoroso da desigual repartición dos recursos naturais e humanos no ámbito nacional e autonómico. Require entender as disparidades no tecido produtivo por tamaño relativo, grao de especialización, capitalización ou innovación, así como coñecer a repartición espacial da poboación e a súa composición por sexo, idade e pola diferente estrutura sociolaboral existente, prestando atención ao reto demográfico que supoñen o envellecemento da poboación, os movementos migratorios, o despoboamento rural e as aglomeracións urbanas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• O recoñecemento dos factores de localización de cada actividade produtiva, incluídas as decisións políticas e empresariais, e das causas dos procesos socioeconómicos recentes e das tendencias actuais e futuras, arguméntase coas razóns obxectivas da actual desigual distribución da riqueza, da poboación e do acceso a certos servizos públicos e privados. A finalidade é consolidar no alumnado a solidariedade e a cooperación como valores constitucionais e europeístas para lograr a cohesión a través das políticas redistributivas de ordenación do territorio e de desenvolvemento rexional.
OBX7. Mobilizar coñecementos previos, novos e doutros campos do saber ao abordar situacións do pasado, do presente ou do futuro, reorientando eficazmente decisións e estratexias de traballo individual ou en equipo, para achegar solucións innovadoras a contextos en transformación e fomentar a aprendizaxe permanente.
• A reflexión sobre a propia aprendizaxe é clave como obxectivo metacognitivo. Lograr este coñecemento das posibilidades e limitacións propias debe servir para construír a autoestima necesaria coa que implicarse e ser protagonista na resolución de retos ecosociais reais e próximos e, polo tanto, incorporarse á vida activa e exercer funcións sociais. A planificación é un proceso fundamental que implica mobilizar coñecementos previos, novos e doutros ámbitos. Tamén supón poñer en acción ferramentas como cuestionarse situacións, formular hipóteses, recoller datos, organizar sistematicamente a información recollida, tratala, contrastala con outras evidencias e extraer conclusións xustificadas. • Moitas destas estratexias deben ser negociadas con outras persoas ao traballar en equipo mediante técnicas de discusión e deliberación para revisar e xerar produtos consensuados. O fin destes saberes e a achega do pensamento xeográfico é desenvolver a autoaprendizaxe permanente e o compromiso cívico activo, tanto á hora de prever e avaliar consecuencias, como á de priorizar accións a problemas relevantes ou formular respostas innovadoras.

42.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Xeografía 2º curso	
BC1. España, Europa e a globalización	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Empregar a escala apropiada para localizar ou representar, con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	OBX4
• CA1.2. Crear produtos propios individuais ou en grupo con fins explicativos, comunicando diagnósticos, propoñendo hipóteses ou conclusións e aplicando eficientemente as TIC.	OBX4
• CA1.3. Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	OBX5
• CA1.4. Expresar a necesidade de preservar o ambiente, indagando sobre os impactos dos modos de produción, distribución e consumo a escala local e global, e propoñendo actuacións de mellora.	OBX5

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles. • España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos obxectivos de desenvolvemento sustentable. Galicia no contexto mundial. • España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo. • Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do *Atlas Nacional de España* e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación actual e proxeccións do Estado do benestar.

BC2. A sustentabilidade do medio físico de España	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Extraer información de paisaxes naturais e humanizadas analizando fontes visuais, distinguindo elementos xeográficos e interpretando a influencia e interrelacións de factores físicos e humanos.	OBX2
• CA2.2. Reflexionar sobre a percepción do espazo xeográfico localizando e recoñecendo en mapas rexións xeomorfolóxicas e bioclimáticas con características comúns e específicas, destacando a súa achega á sustentabilidade do medio.	OBX3
• CA2.3. Identificar a diversidade e singularidade de paisaxes naturais comparando a súa distribución, características e contrastes no ámbito autonómico, realzando o territorio de Galicia, de España e de Europa, así como formas humanas de relación con esas contornas.	OBX3
• CA2.4. Reelaborar saberes sobre fenómenos naturais e humanos relevantes a diferentes escalas e en novos contextos, aplicando o pensamento xeográfico, mobilizando e revisando criticamente coñecementos previos e novos, diagnosticando problemas e oportunidades, e razoando sobre posibles previsións e solucións.	OBX7

Contidos
• Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas. Análise dos condicionantes xeomorfolóxicos, bioclimáticos, edáficos, hídricos e relativos ás actividades humanas e prevención dos riscos asociados para as persoas. • Diversidade climática de Galicia e España. Análises comparativas de distribución e representación de climas. Emerxencia climática: cambios nos padróns termopluviométricos; causas, consecuencias e medidas de mitigación e adaptación. Estratexias de interpretación do tempo e alertas meteorolóxicas; webs e aplicacións móbiles. • Biodiversidade, solos e rede hídrica. Características por rexións naturais. Impacto das actividades humanas e efectos sobre estas: perda de biodiversidade, de solos e xestión da auga. Interpretación de imaxes, cartografía e datos. Riscos xerados polas persoas. • Políticas ambientais en Galicia, en España e na Unión Europea: uso de ferramentas de diagnóstico. A rede de espazos naturais protexidos e a Rede Natura 2000. O debate sobre os cambios do modelo de desenvolvemento: o principio de sustentabilidade.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

BC3. España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Cuestionar modos de vida insustentables mediante a análise xeográfica de todo tipo de fontes de información que traten os retos ecosociais presentes e futuros, e desde argumentos fundados na relevancia e a necesidade das accións para afrontalos.	OBX1
• CA3.2. Debater sobre os retos naturais e sociais de España de forma comprometida e respectuosa con opinións alleas, utilizando estratexias orais con apoio dixital de gráficos, imaxes e cartografía, e manexando datos rigorosos.	OBX1
• CA3.3. Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sustentabilidade, recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	OBX2
• CA3.4. Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	OBX6
• CA3.5. Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	OBX6
Contidos	
• A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural. • Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sustentables. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sustentable.	
BC4. España: a ordenación do territorio no enfoque económico	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sustentabilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	OBX2
• CA4.2. Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	OBX6
• CA4.3. Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa, analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sustentable.	OBX6
Contidos	
• Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sustentables e insustentables. O valor socioambiental e económico dos produtos agroalimentarios e forestais de proximidade: indagación de pegadas ecolóxicas e da estrutura sociolaboral. O exemplo galego. Influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sustentabilidade. Estudo de casos: etiquetaxes diferenciadas, ecolóxico, etc.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. Sustentabilidade e política pesqueira común. O caso galego. Estudo de casos: marisqueo, pesca de baixura e altura, acuicultura, sobreexplotación de caladoiros, etc.

• Sector secundario. Os espazos industriais. Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Avaliación de pegadas ecolóxicas; dependencia e transición enerxéticas; estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. Impacto da deslocalización sobre sectores da industria española. Estudo de casos: construción, automobilístico, agroalimentario etc. e factores de localización. Espazos industriais e tendencias en Galicia. O debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización.

• Sector terciario. Os espazos terciarizados. O modelo de economía circular e os servizos: relacións entre produción, distribución e venda. Análise crítica de pegadas ecolóxicas, estrutura sociolaboral, responsabilidade social corporativa e dos consumidores. Estudo de casos: competitividade e desequilibrios en transporte, comercio, turismo, servizos esenciais etc. e factores de localización. Modelos insustentables de servizos e alternativas. Modelos de ocupación dominante en Galicia.

• A economía dixital: impacto da «economía colaborativa» e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea.

42.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Xeografía desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado ou logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e ou logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Xeografía e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-3		5	4	2-4	1-4	1	
OBX2			4-5	1		1-4	1	1-2
OBX3			1-4		3.1	1-3		1
OBX4	1		1-2	1-2-5		3	1-3	
OBX5	5		1-5	4	3.1	2-3-4	1	4.1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6			4		1.2-3.1	1-2-3	1-2	3.2
OBX7	5		1		1.1-1.2-3.2-5	3	1-3	

Liñas de actuación non proceso de ensino e aprendizaxe.

– O uso dunha metodoloxía propia para que o profesorado, tomando como eixe vertebrador os criterios de avaliación e os contidos, poidan, adaptar as súas situacións de aprendizaxe a contextos de todo tipo, convertendo as posibles respostas aos retos ecosociais de Galicia, de España e do mundo nun incentivo para a aprendizaxe activa do alumnado, para o desenvolvemento do pensamento xeográfico e para a valoración da xeografía como saber aplicado.

– O emprego de métodos cuantitativos de carácter serial, gráfico e estatístico que lle proporcione ao alumnado información de diferentes fontes que permitan elaborar un discurso que fomente a igualdade e a sustentabilidade, requisitos que caracterizan as ciencias sociais.

– O uso de estratexias nas que o alumnado exercite tanto procesos instrumentais como actitudes para promover a capacidade transformadora de todo saber desde a responsabilidade cívica, baseada na autonomía persoal e no respecto ás persoas e ao medio natural no contexto actual de cambios e incertezas.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e estimulando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade.

– O desenvolvemento no alumnado de fundamentos propios a través dun enfoque interdisciplinario, aproveitando o carácter globalizador e integrador da materia coa presentación da información en diferentes linguaxes que inclúan aspectos tanto visuais como verbais.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Analizar problemas sociais e ambientais relevantes, que faciliten asimilar os conceptos teóricos por parte do alumnado e que lle permitan unha comprensión xusta e igualitaria do mundo en que vive.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escritura, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a igualdade de xénero, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– Fomento do traballo grupal, fomentando a participación en debates sobre temas relevantes para a comprensión crítica da realidade xeográfica.

– Saídas didácticas e elaboración de traballos de campo como medio de achegamento directo á realidade xeográfica.

– Impulsar o uso das TIC como instrumento para traballar a análise espacial, aproveitando en particular a potencialidade dos dispositivos móbiles, webs e un uso crítico das diversas fontes; xestión de datos estatísticos; cartografía e fotointerpretación.

43. Xeoloxía e Ciencias Ambientais.

43.1. Introdución.

Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 2º de bacharelato é unha materia de modalidade do bacharelato de ciencias e tecnoloxía que o alumnado poderá elixir para ampliar os coñecementos e destrezas relacionados coas disciplinas científicas do mesmo nome. Contribúe ao desenvolvemento das oito competencias clave e de varios dos obxectivos da etapa, tal e como se explica a continuación.

De forma directa, pola súa natureza científica, contribúe a traballar a competencia matemática e a competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

Así mesmo, permite afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina e de mellorar a expresión oral e escrita a través de informes e exposicións de proxectos científicos (competencia en comunicación lingüística). Ademais, dado que as publicacións científicas máis relevantes están noutras linguas diferentes á materna, esta materia ofrécelle ao alumnado

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

a oportunidade de mellorar as destrezas comunicativas noutras lingua e desenvolver así a competencia plurilingüe.

Do mesmo xeito, coa materia Xeoloxía e Ciencias Ambientais promóvese a análise de traballos científicos para responder a cuestións relacionadas coas ciencias xeolóxicas, o que contribúe ao desenvolvemento da competencia persoal e social e a de aprender a aprender.

Esta materia tamén busca concienciar, a través da evidencia científica, sobre a importancia crucial da adopción dun modelo de desenvolvemento sustentable como forma de compromiso cidadán polo ben común (competencia cidadá). Coa materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais promoveranse os estilos de vida sustentables cun enfoque centrado nas aplicacións cotiás dos recursos da xeosfera e da biosfera e a importancia da súa explotación e consumo responsables. Ademais, fomentarase a participación do alumnado en iniciativas locais relacionadas coa sustentabilidade, co que se lle proporciona a oportunidade de desenvolver o espírito emprendedor (competencia emprendedora), así como as destrezas para aprender de forma independente (competencia persoal e social e a de aprender a aprender).

Recoméndase traballar a materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais cun enfoque interdisciplinar e fomentando a observación, a curiosidade, o traballo de campo e a colaboración, o que require unha actitude respectuosa e tolerante cara á diversidade cultural ou de puntos de vista (competencia en conciencia e expresións culturais).

Así mesmo, promoverase que a colaboración, a comunicación ou a procura de información científica se realice utilizando recursos variados, incluídas as tecnoloxías dixitais, o que permitirá o desenvolvemento das destrezas para o seu uso eficiente, responsable e ético (competencia dixital).

Dentro de Xeoloxía e Ciencias Ambientais defínense seis obxectivos que orientan as directrices principais da materia e que poden resumirse en: interpretación, transmisión, procura e utilización de fontes de información científicas; análise crítica de resultados científicos; formulación e resolución de problemas, e análise de elementos, fenómenos e riscos xeolóxicos. Estes seis obxectivos son a concreción dos descritores operativos para bacharelato das oito competencias clave que constitúen o eixe vertebrador do currículo e, polo tanto, contribúen ao desenvolvemento destas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Para valorar a adquisición e o desenvolvemento dos obxectivos desta materia por parte do alumnado defínense os criterios de avaliación que teñen un carácter competencial e relaciónanse de xeito flexible cos contidos.

Así mesmo, nesta materia trabállanse unha serie de coñecementos, destrezas e actitudes propios das ciencias xeolóxicas e ambientais e que veñen definidos nos criterios de avaliación e contidos, que aparecen organizados en sete bloques. O primeiro bloque, «Experimentación en xeoloxía e ciencias ambientais», traballa de forma práctica as destrezas necesarias para o traballo científico en ciencias xeolóxicas e ambientais e para a valoración da importancia e contribución destas ao desenvolvemento da sociedade. O segundo, «A tectónica de placas e xeodinámica interna», comprende os movementos das placas litosféricas, as súas causas e a súa relación cos procesos xeolóxicos internos, as deformacións que orixinan e a vinculación entre estes, as actividades humanas e os riscos naturais. O terceiro bloque, «Procesos xeolóxicos externos», recolle os solos, os diferentes tipos de modelaxe do relevo, os factores que os condicionan e os riscos naturais derivados da confluencia, no espazo e no tempo, de certas actividades humanas e determinados procesos xeolóxicos externos. O cuarto bloque, «Mineraloxía», está centrado na clasificación dos minerais e na súa identificación, baseándose nas súas propiedades e nas súas condicións de formación. O quinto bloque, «Petroloxía», complementa o bloque anterior e dedícase á análise e á clasificación das rochas segundo a súa orixe, ao estudo dos procesos de formación dos diferentes tipos de rochas e da composición destas, así como á relación entre os procesos tectónicos e as rochas que orixinan. O sexto bloque, «As capas fluídas da Terra», profunda na estrutura, dinámica, función e contaminación da atmosfera e da hidrosfera e o último bloque, «Os recursos e a súa xestión sustentable», trata sobre os principais recursos, a súa utilización cotiá e a súa relevancia, os problemas ambientais derivados do seu uso e explotación e a importancia do seu aproveitamento e consumo sustentables.

Como conclusión, esta materia contribúe á adquisición, afondamento e interconexión intra e interdisciplinar de conceptos que lle van permitir ao alumnado comprender holisticamente o funcionamento do planeta a través do estudo dos seus elementos xeolóxicos e dos procesos ambientais que lles afectan, así como a influencia da acción humana sobre eles. Do mesmo xeito, fomentarase a concienciación medioambiental ao poñer o foco nos recursos e patrimonio xeolóxicos e na importancia da súa explotación sustentable a través do consumo responsable, materializado en accións cotiás.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

43.2. Obxectivos.

Obxectivos da materia
OBX1. Interpretar e transmitir con precisión información e datos extraídos de traballos científicos para analizar conceptos, procesos, métodos, experimentos ou resultados relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais.
• As ciencias xeolóxicas e ambientais comparten unha serie de principios comúns con todas as demais disciplinas científicas e a comunicación constitúe unha parte imprescindible para o seu progreso. Con todo, tamén existen formas de proceder exclusivas destas ciencias e, polo tanto, formatos particulares para a comunicación dentro destas, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación, de riscos...), fotografías aéreas, imaxes de satélite, cortes e diagramas de fluxo, entre outros. • O desenvolvemento deste obxectivo permite que o alumnado se familiarice con estes formatos, que adquira unha visión completa e que forxe as súas propias conclusións sobre elementos e fenómenos relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais, de xeito que será quen de transmitir a información con precisión e claridade. Ademais, a través desta competencia búscase traballar a argumentación, entendida como un proceso de comunicación baseado no razoamento e na evidencia. • A comunicación no contexto desta materia require, por parte do alumnado, a mobilización dos seus saberes e de destrezas lingüísticas e sociais, o uso do razoamento e de recursos tecnolóxicos, así como mostrar unha actitude aberta e respectuosa cara ás ideas alleas convenientemente argumentadas. Estes coñecementos, destrezas e actitudes son moi recomendables para a plena integración profesional dentro e fóra de contextos científicos, a participación social e a satisfacción emocional, o que evidencia a enorme importancia deste obxectivo para o desenvolvemento do alumnado.
OBX2. Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando información, avaliándoa criticamente e contrastando a súa veracidade, para resolver preguntas expostas de forma autónoma e crear contidos relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais.
• A recompilación e a análise crítica da información son esenciais na investigación científica, pero tamén na toma de decisións sociais relacionadas coa xeoloxía e co ambiente e en contextos non necesariamente científicos, como a participación democrática ou a aprendizaxe ao longo da vida. Ademais, constitúen un proceso complexo que implica despregar de forma integrada coñecementos variados, destrezas comunicativas, o razoamento lóxico e o uso de recursos tecnolóxicos. • Así mesmo, no contexto desta materia búscase que o alumnado mellore as súas destrezas para contrastar a información. Para iso, é necesario coñecer as fontes fiables ou utilizar estratexias para identificalas, o que é de vital importancia na sociedade actual, inundada de información que non sempre reflicte a realidade. • Outro aspecto novo deste obxectivo con respecto a etapas anteriores é que fomenta que o alumnado cree contidos a partir da información recompilada e contrastada. Isto implica un maior grao de comprensión da información solicitada para poder transmitila estruturándoa de forma orixinal, pero mantendo o rigor. • Por estas razóns, o desenvolvemento deste obxectivo pode ter un efecto moi positivo para a integración do alumnado na sociedade actual de cara a facilitar o seu crecemento persoal e profesional e o seu compromiso como cidadán.
OBX3. Analizar criticamente resultados de traballos de investigación ou divulgación relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais comprobando se seguen correctamente os pasos dos métodos científicos para avaliar a fiabilidade das súas conclusións.
• Todo traballo científico debe seguir o proceso de revisión por pares previo á súa publicación. Esta é unha práctica rutineira e imprescindible para asegurar a veracidade e o rigor da información científica e, polo tanto, é inherente ao avance científico como base do progreso da sociedade. A revisión é realizada de forma desin-

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

teresada por científicos doutros grupos de investigación e por expertos no campo de estudo e pode dar como resultado a aceptación ou o rexeitamento ou ben propostas para a mellora da investigación realizada como requisito para a súa publicación.

• Ao final do bacharelato, o alumnado presenta un maior grao de madurez académica e emocional e un desenvolvemento considerable do seu pensamento crítico, polo que está preparado para iniciarse na análise da calidade de certas informacións científicas. A revisión por pares, como tal, é un proceso propio da profesión científica e, xa que logo, moi complexo mesmo para o alumnado desta etapa. Con todo, é importante que comece a avaliar as conclusións de determinados traballos científicos ou divulgativos comprendendo se estas se adecúan aos resultados observables.

• O desenvolvemento deste obxectivo comporta mobilizar o pensamento crítico, o razoamento lóxico e as destrezas comunicativas e utilizar recursos tecnolóxicos, o que promoverá a integración e a participación plena do alumnado como cidadán. Ademais, permítelle valorar a contribución positiva do labor científico á sociedade.

OBX4. Expor e resolver problemas buscando e utilizando as estratexias adecuadas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se fose necesario, para explicar fenómenos relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais.

• O uso do razoamento é especialmente importante na investigación en calquera disciplina científica para expor e contrastar hipóteses e para afrontar imprevistos que dificulten o avance dun proxecto. Así mesmo, en diversos contextos da vida cotiá, é necesario utilizar o razoamento lóxico e outras estratexias como o pensamento computacional para abordar dificultades e resolver problemas de diferente natureza. Ademais, con frecuencia as persoas enfróntanse a situacións complexas que exixen a procura de métodos alternativos para abordalas.

• O desenvolvemento deste obxectivo implica traballar catro aspectos fundamentais: formulación de problemas, utilización de ferramentas lóxicas para resolvelos, procura de estratexias de resolución se fose necesario e análise crítica da validez das solucións obtidas. Este catro aspectos exixen a mobilización dos saberes da materia; de destrezas como o razoamento lóxico, o pensamento crítico e a observación, e de actitudes como a curiosidade e a resiliencia. Nesta etapa, o desenvolvemento máis profundo destas destrezas e actitudes a través deste obxectivo permite ampliar os horizontes persoais e profesionais dos alumnos e das alumnas e a súa integración plena como cidadáns comprometidos coa mellora da sociedade.

OBX5. Analizar os impactos de determinadas accións sobre o ambiente ou a dispoñibilidade de recursos a través de observacións de campo e de información en diferentes formatos e baseándose en fundamentos científicos para promover e adoptar estilos de vida compatibles co desenvolvemento sustentable.

• Os recursos xeolóxicos son unha parte indispensable das actividades cotiás, pero a pesar do seu valor adoitan pasar completamente desapercibidos. Algúns destes recursos, como o petróleo ou o coltán, presentan ademais unha grande importancia xeoestratéxica e son mesmo obxecto de conflitos armados.

• O desenvolvemento deste obxectivo estimula o alumnado a observar a contorna natural, de forma directa ou a través de información en diferentes formatos (fotografías, imaxes de satélite, cortes, mapas hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos e de vexetación, entre outros) para analizar o uso de recursos en diferentes obxectos cotiáns, como os teléfonos móbiles, e valorar así a súa importancia. Ademais, promove a reflexión sobre os impactos ambientais da explotación dos recursos, a problemática da súa escaseza e a importancia da súa xestión e consumo responsables. Noutras palabras, este obxectivo proporciónalle ao alumnado as bases e destrezas científicas para tomar accións e adoptar estilos de vida compatibles cun modelo de desenvolvemento sustentable, a través do consumo responsable de recursos nun compromiso polo ben común.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

OBX6. Identificar e analizar os elementos xeolóxicos do relevo a partir de observacións de campo ou de información en diferentes formatos para explicar fenómenos, reconstruír a historia xeolóxica, facer predicións e identificar posibles riscos xeolóxicos dunha zona determinada.
• Os fenómenos xeolóxicos ocorren a escalas e ao longo de períodos de tempo con frecuencia inabarcables para a súa observación directa. Con todo, a análise minuciosa do terreo utilizando distintas estratexias e a aplicación dos principios básicos da xeoloxía permiten reconstruír a historia xeolóxica dun territorio e mesmo realizar predicións sobre a súa evolución. Entre as aplicacións deste proceso analítico, cabe destacar a predición e a prevención de riscos xeolóxicos. • As bases teóricas para a prevención de riscos xeolóxicos están firmemente consolidadas. Con todo, con frecuencia danse grandes catástrofes polo desenvolvemento de asentamentos humanos en zonas de risco (como as ramblas). • Por iso, é importante que o alumnado desenvolva este obxectivo, que implica a adquisición duns coñecementos básicos e das destrezas para a análise dun territorio a través da observación da contorna natural ou do estudo de diversas fontes de información xeolóxica e ambiental (como fotografías, cortes ou mapas xeolóxicos, entre outros). Desta forma, desenvolverase o aprecio polo patrimonio xeolóxico e valorarase a adecuada ordenación territorial rexeitando prácticas abusivas. Con todo iso contribuirase a formar unha cidadanía crítica que axudará coas súas accións a previr ou a reducir os riscos naturais e as perdas ecolóxicas, económicas e humanas que estes comportan.

43.3. Criterios de avaliación e contidos.

2º curso.

Materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais 2º curso	
Bloque 1. Experimentación en Xeoloxía e Ciencias Ambientais	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.1. Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais seleccionando e interpretando información en diversos formatos, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros.	OBX1
• CA1.2. Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, transmitíndoas de forma clara e rigorosa e utilizando o vocabulario e os formatos adecuados, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros, e respondendo con precisión as cuestións que poidan xurdir durante a exposición.	OBX1
• CA1.3. Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	OBX1
• CA1.4. Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	OBX2
• CA1.5. Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	OBX 2

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA1.6. Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	OBX3
• CA1.7. Deducir e explicar a historia xeolóxica dunha área determinada identificando e analizando os seus elementos xeolóxicos a partir de información en diferentes formatos (fotografías, cortes, mapas xeolóxicos...) e empregando os principios xeolóxicos básicos, a escala de tempo xeolóxico, descontinuidades estratigráficas e o contido paleontolóxico.	OBX6
• CA1.8. Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel das mulleres e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	OBX3
Contidos	
• A evolución histórica do saber científico: o avance da xeoloxía e as ciencias ambientais como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. • O traballo xeolóxico e ambiental. – Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental. – Fontes de información xeolóxica e ambiental (mapas, cortes, fotografías aéreas, textos, posicionamento e imaxes de satélite, diagramas de fluxo...): procura, recoñecemento, utilización e interpretación. – Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo... – Procura de información en institucións científicas: ferramentas dixitais, formatos de presentación de procesos, resultados e ideas. • O patrimonio xeolóxico e ambiental en España e en Galicia: valoración da súa importancia e da conservación da xeodiversidade. • O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel das mulleres.	
Bloque 2. A tectónica de placas e xeodinámica interna	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA2.1. Describir a estrutura interna da Terra interpretando e contrastando a información que achegan os diferentes métodos de estudo.	OBX2
• CA2.2. Valorar os avances tecnolóxicos e científicos que permitiron chegar á teoría da tectónica de placas integrando as probas que a avalan.	OBX3
• CA2.3. Explicar as principais estruturas xeolóxicas derivadas da tectónica de placas relacionándoas cos bordos e zonas de intraplaca e as causas que explican o movemento.	OBX1
• CA2.4. Recoñecer a influencia do ciclo de Wilson sobre a disposición dos continentes e os principais episodios oroxénicos a través de mapas xeolóxicos, modelos ou figuras.	OBX1
• CA2.5. Clasificar pregamentos e fallas identificando os seus elementos xeométricos e a relación entre o esforzo e a deformación que os producen.	OBX1
• CA2.6. Realizar predicións sobre riscos xeolóxicos internos nunha área determinada analizando a influencia de diferentes factores sobre eles e propor accións para previr ou minimizar os seus posibles efectos negativos.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• A estructura interna da Terra.
– Métodos de estudo directos e indirectos.
– Estrutura interna da Terra: modelos xeoquímico e dinámico.
• A teoría da tectónica de placas.
– Da deriva continental á tectónica de placas. Distribución da sismicidade e do vulcanismo na Terra, paleomagnetismo e expansión do fondo oceánico.
– A litosfera. Distribución e movemento das placas tectónicas.
– Bordos construtivos. Rifts continentais. As dorsais. Estrutura e orixe da litosfera oceánica.
– Bordos destrutivos. Zonas de subdución, foxas oceánicas, prisma de acreción, arcos insulares, bacías sedimentarias, oróxenos de tipo andino e de colisión.
– Bordos transformantes.
– Procesos xeolóxicos nas zonas de intraplaca. Os puntos quentes.
– Convección e dinámica terrestre. Modelos que explican o movemento.
• O ciclo de Wilson: influencia na disposición dos continentes e nos principais episodios oroxénicos.
• As deformacións das rochas: elásticas, plásticas e fráxiles. Relación coas forzas que actúan sobre elas e con outros factores.
• Elementos xeométricos e clasificación de pregamentos e fallas. Cabalgamentos e mantos de corremento.
• Os riscos xeolóxicos internos e a súa relación coas actividades humanas.
– Volcáns, terremotos e diápiros.
– Medidas de predición, prevención e corrección. A rede de vixilancia sísmica e volcánica.

Bloque 3. Procesos xeolóxicos externos	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA3.1. Comprender os diferentes tipos de meteorización analizando a influencia dos factores condicionantes.	OBX1
• CA3.2. Describir os procesos edafoxenéticos identificando as características dos solos.	OBX1
• CA3.3. Recoñecer os solos de Galicia seleccionando e interpretando información en ferramentas dixitais, mapas e imaxes.	OBX2
• CA3.4. Explicar a acción xeomorfolóxica dos axentes xeolóxicos externos a través dos mecanismos de erosión, transporte e sedimentación que xera cada un deles.	OBX1
• CA3.5. Comprender a modelaxe do relevo identificando os factores condicionantes, procesos e formas xeomorfolóxicas características de cada medio.	OBX6
• CA3.6. Investigar sobre a xeomorfoloxía de Galicia relacionando os axentes xeolóxicos e a modelaxe do relevo próximo.	OBX2
• CA3.7. Realizar predicións sobre riscos xeolóxicos externos nunha área determinada analizando a influencia de diferentes factores sobre eles e propor accións para previr ou minimizar os seus posibles efectos negativos.	OBX6

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Contidos
• A meteorización.
– Tipos.
– Os factores condicionantes.
• Edafoloxía.
– Factores que inflúen na formación e na evolución dun solo.
– Compoñentes, horizontes, perfil e propiedades dos solos.
– Solos característicos en Galicia.
• A erosión, mecanismos de transporte e sedimentación.
• A acción xeomorfolóxica dos axentes xeolóxicos externos.
• A modelaxe do relevo.
– Factores condicionantes.
– Xeomorfoloxía glaciar e periglaciar, fluvial, árida e litoral.
– Relevos litolóxicos e estruturais.
– Xeomorfoloxía de Galicia.
• Os riscos xeolóxicos externos e a súa relación coas actividades humanas.
– Movementos de ladeira, inundacións, subsidencias e colapsos.
– Medidas de predición, prevención e corrección.

Bloque 4. Mineraloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA4.1. Recoñecer a materia mineral analizando as características xerais dos minerais.	OBX1
• CA4.2. Diferenciar a materia cristalina da materia amorfa, comprendendo o proceso de cristalización e os principios básicos da cristalografía.	OBX1
• CA4.3. Clasificar e identificar os principais minerais empregando un criterio químico-estrutural e as súas propiedades.	OBX1
• CA4.4. Explicar fenómenos relacionados cos saberes da mineraloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	OBX4
• CA4.5. Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da mineraloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	OBX4

Contidos
• Características xerais dos minerais.
• Cristalografía.
– Diferenza entre a materia cristalina e a materia amorfa. A cristalización.
– Os elementos e as operacións de simetría.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Os sistemas cristalinos e as redes espaciais. As maclas.
• As propiedades físicas dos minerais.
• Clasificación químico-estrutural dos minerais: relación coas súas propiedades.
• Diagramas de estabilidade mineral ou de fases dun ou dous compoñentes: condicións de formación e transformación de minerais.
• Polimorfismo e isomorfismo.
• Identificación dos minerais polas súas propiedades físicas: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

Bloque 5. Petroloxía	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA5.1. Comprender a orixe das rochas ígneas a través dos procesos magmáticos.	OBX1
• CA5.2. Describir a formación das rochas metamórficas recoñecendo os principios do metamorfismo.	OBX1
• CA5.3. Explicar a orixe das rochas sedimentarias relacionando os procesos e os ambientes sedimentarios.	OBX1
• CA5.4. Clasificar as rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias empregando criterios químicos, mineralóxicos, estruturais e/ou composicionais.	OBX1
• CA5.5. Identificar a través de diferentes métodos as principais rochas mediante a súa mineraloxía, textura e orixe.	OBX1
• CA5.6. Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	OBX4
• CA5.7. Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	OBX4
• CA5.8. Describir a formación e a evolución das rochas relacionando o magmatismo, o metamorfismo e a sedimentación coa teoría da tectónica de placas.	OBX1

Contidos
• Características xerais da rochas.
• Magmatismo e rochas ígneas.
– Composición, propiedades, orixe e evolución do magma.
– Principais tipos de texturas.
– Clasificación das rochas ígneas: criterio químico e IUGS modal.
– Estruturas de localización das rochas intrusivas.
– Os produtos volcánicos.
– Tipos de erupcións e de aparatos volcánicos.
– Relación entre o magmatismo e a tectónica de placas.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Metamorfismo e rochas metamórficas. – Os límites e factores do metamorfismo. – Tipos de metamorfismo: rexional, de contacto e dinámico. – Minerais índice, grao e facies metamórficas. – Principais tipos de texturas. – Clasificación das rochas metamórficas: foliadas e non foliadas. Protolito, textura, mineraloxía e tipo de metamorfismo en que se forman. – Relación entre o metamorfismo e a tectónica de placas. • Sedimentación e rochas sedimentarias. – Tipos de sedimentación e de sedimentos. A estratificación. – Etapas e procesos da diaxénese. – Características básicas dos medios sedimentarios e principais estruturas sedimentarias. – Principais tipos de texturas. – Clasificación das rochas sedimentarias: detríticas, bioquímicas e químicas. – A formación do carbón, do petróleo e do gas natural. – Relación entre os procesos sedimentarios e a tectónica de placas. • Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

Bloque 6. As capas fluídas da Terra	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA6.1. Identificar a composición, estrutura e funcións da atmosfera e da hidrosfera relacionándoas coa súa importancia para a orixe e a evolución da vida.	OBX1
• CA6.2. Explicar a dinámica da atmosfera e da hidrosfera a través de figuras e/ou diagramas.	OBX1
• CA6.3. Recoñecer a distribución da auga na Terra relacionándoa co ciclo hidrolóxico.	OBX1
• CA6.4. Analizar os principais procesos de contaminación do aire e da auga describindo as súas causas e as súas consecuencias sobre o ambiente.	OBX2
• CA6.5. Comprender a dinámica hídrica das augas subterráneas analizando a hidroxeoloxía dos acuíferos e describindo os impactos do seu uso e a explotación sustentable.	OBX1
• CA6.6. Argumentar que os avances científicos e tecnolóxicos permiten mellorar a calidade do aire e da auga.	OBX3
• CA6.7. Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental argumentando sobre a importancia do seu consumo e o aproveitamento responsable.	OBX5
Contidos	
• A atmosfera. – Composición e estrutura. – Os movementos de convección e dinámica global.	

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

– Funcións e importancia para os seres vivos. • A hidrosfera. – O ciclo hidrolóxico e a distribución da auga na Terra. – As correntes oceánicas superficiais e profundas. – Funcións e importancia para os seres vivos. • Contaminación atmosférica e hídrica. – As fontes e os tipos de contaminantes do aire e da auga. – Causas e efectos dalgúns procesos: *smog*, chuvia ácida, burato da capa de ozono, cambio climático, eutrofización e contaminación e sobreexplotación de acuíferos.

Bloque 7. Os recursos e a súa xestión sustentable	
Criterios de avaliación	Obxectivos
• CA7.1. Recoñecer a utilidade que teñen os recursos xeolóxicos a través das súas aplicacións na vida cotiá.	OBX5
• CA7.2. Investigar os recursos xeolóxicos de Galicia relacionando os minerais e as rochas do territorio co seu interese económico e empregando ferramentas dixitais ou outras fontes.	OBX2
• CA7.3. Describir a importancia dos recursos hídricos valorando a súa explotación, tratamento eficaz e xestión sustentable.	OBX5
• CA7.4. Identificar os recursos da biosfera relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	OBX1
• CA7.5. Promover e adoptar hábitos de vida sustentables a partir da análise dos diferentes tipos de recursos xeolóxicos e da biosfera analizando e valorando os seus posibles usos.	OBX5
• CA7.6. Relacionar o impacto da explotación de determinados recursos coa deterioración ambiental e social argumentando sobre a importancia da súa extracción, uso e aproveitamento responsables.	OBX5
• CA7.7. Argumentar a importancia da prevención e xestión dos residuos valorando a súa diminución, valorización, transformación e eliminación e recoñecendo as limitacións do ambiente como o seu sumidoiro natural.	OBX5

Contidos
• Os recursos xeolóxicos e as súas aplicacións na vida cotiá. – Recurso, xacemento, reserva, lei, minerario e ganga. – Minerais metálicos e non metálicos. As rochas industriais e ornamentais. – Recursos enerxéticos: carbón, petróleo, gas natural e uranio. – A explotación de rochas, minerais e recursos enerxéticos da xeosfera: tipos e avaliación do seu impacto ambiental. – Os recursos xeolóxicos en Galicia. • Os recursos hídricos: abundancia relativa, explotación, usos e importancia do tratamento eficaz das augas para a súa xestión sustentable. • Os recursos da biosfera e as súas aplicacións da vida cotiá: o solo, recursos forestais, agrícolas e gandeiros.

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

• Os impactos ambientais e sociais da explotación dos recursos.

– Importancia da súa extracción, do seu uso e do seu consumo responsables, de acordo coa súa taxa de renovación e interese económico e coa capacidade de absorción e xestión sustentable dos seus residuos.

– Medidas preventivas, correctoras e compensatorias.

• Os residuos.

– Concepto e diferentes criterios de clasificación.

– Prevención e xestión: importancia e obxectivos (diminución, valorización, transformación e eliminación).

– O ambiente como sumidoiro natural de residuos e as súas limitacións.

43.4. Orientacións pedagóxicas.

A intervención educativa na materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Relación entre os obxectivos da materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I.

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	1-2	1	4	3	4	3		3.2
OBX2	2-3	2	4	1	4	3		
OBX3	2-3	2	2-4	1	4	3		
OBX4	3		1-2	1-5	1.1		3	
OBX5	3		2-5	4	2	4	1	1
OBX6	3	2	2-5	4	4	3	3	1

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-gr17-aii4-mapma0oaxco6

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

– Un enfoque de traballo eminentemente práctico e conectado coa realidade, buscando a interdisciplinariedade, potenciando a participación en iniciativas relacionadas coa sustentabilidade e sempre tendo como horizonte o desenvolvemento das oito competencias clave.

– A posta en práctica de situacións de aprendizaxe ou actividades competenciais baseadas en situacións reais e que busquen que o alumnado mobilice de forma integrada unha ampla variedade de coñecementos, destrezas e actitudes.

– O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

– A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

– O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

– O deseño de experiencias de laboratorio e o traballo de campo, promovendo a observación, curiosidade e colaboración para lle permitir ao alumnado asimilar de xeito significativo os saberes da materia e conectalos coa realidade.

– A utilización de fontes de información científica variadas e fiables, e unha comunicación que empregue diferentes recursos, incluídos os dixitais.

ANEXO III

Continuidade entre materias de bacharelato

1º curso de bacharelato	2º curso de bacharelato
• Análise Musical I	• Análise Musical II
• Artes Escénicas I	• Artes Escénicas II
• Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	• Bioloxía
• Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	• Xeoloxía e Ciencias Ambientais
• Coro e Técnica Vocal I	• Coro e Técnica Vocal II

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

1º curso de bacharelato	2º curso de bacharelato
• Debuxo Artístico I	• Debuxo Artístico II
• Debuxo Técnico I	• Debuxo Técnico II
• Debuxo Técnico I ou Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I	• Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II
• Física e Química	• Física
• Física e Química	• Química
• Grego I	• Grego II
• Latín I	• Latín II
• Lingua Castelá e Literatura I	• Lingua Castelá e Literatura II
• Lingua Estranxeira I	• Lingua Estranxeira II
• Lingua Galega e Literatura I	• Lingua Galega e Literatura II
• Matemáticas I	• Matemáticas II
• Matemáticas I ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	• Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
• Segunda Lingua Estranxeira I	• Segunda Lingua Estranxeira II
• Tecnoloxía e Enxeñaría I	• Tecnoloxía e Enxeñaría II
• Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	• Tecnoloxías da Información e da Comunicación II

ANEXO IV

Distribución horaria

43.5. Distribución horaria da etapa.

Materias	Cursos	
	1º	2º
• Educación Física	3	
• Filosofía	3	
• Lingua Castelá e Literatura I	3	
• Lingua Castelá e Literatura II		3
• Lingua Estranxeira I	3	
• Lingua Estranxeira II		3
• Lingua Galega e Literatura I	3	
• Lingua Galega e Literatura II		3

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Materias	Cursos	
	1º	2º
• Historia da Filosofía		3
• Historia de España		3
• Obrigatoria de modalidade (1)	4	4
• De opción de modalidade 1 (2)	4	4
• De opción de modalidade 2 (2)	4	4
• Optativa (3)	4	4
• Relixión/Libre disposición de centro	1	1
Totais	32	32

(1) A materia obrigatoria de modalidade para cada curso e modalidade ou vía será:			
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	• Debuxo Artístico I	• Debuxo Artístico II
	Vía de Música e Artes Escénicas	• Análise Musical I/Artes Escénicas I	• Análise Musical II/Artes Escénicas II
Ciencias e Tecnoloxía		• Matemáticas I	• Matemáticas II/Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Humanidades e Ciencias Sociais		• Latín I/Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	• Latín II/Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Xeral		• Matemáticas Xerais	• Ciencias Xerais
(2) As materias de opción de modalidade seleccionaranse para cada curso e modalidade ou vía de entre as seguintes:			
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	• Cultura Audiovisual • Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I • Proxectos Artísticos • Volume	• Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II • Deseño • Fundamentos Artísticos • Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica
	Vía de Música e Artes Escénicas	• Análise Musical I • Artes Escénicas I • Coro e Técnica Vocal I • Cultura Audiovisual • Linguaxe e Práctica Musical	• Análise Musical II • Artes Escénicas II • Coro e Técnica Vocal II • Historia da Música e da Danza • Literatura Dramática
Ciencias e Tecnoloxía		• Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais • Debuxo Técnico I • Física e Química • Tecnoloxía e Enxeñaría I	• Bioloxía • Debuxo Técnico II • Física • Química • Tecnoloxía e Enxeñaría II • Xeoloxía e Ciencias Ambientais

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Humanidades e Ciencias Sociais	• Economía • Grego I • Historia do Mundo Contemporáneo • Latín I • Literatura Universal • Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	• Empresa e Deseño de Modelos de Negocio • Grego II • Historia da Arte • Latín II • Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II • Xeografía
Xeral	• Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial • As materias de modalidade de 1º curso que se oferten no centro	• Movementos Culturais e Artísticos • As materias de modalidade de 2º curso que se oferten no centro
(3) A materia optativa, en función da oferta do centro, seleccionarase para cada curso de entre as seguintes:		
Todas as modalidades e vías	• Anatomía Aplicada • Antropoloxía • Cultura Científica • Literatura Galega do Século XX e da Actualidade • Segunda Lingua Estranxeira I • Tecnoloxías da Información e da Comunicación I • As materias de modalidade de 1º curso	• Métodos Estatísticos e Numéricos • Psicoloxía • Segunda Lingua Estranxeira II • Tecnoloxías da Información e da Comunicación II • Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia • As materias de modalidade de 2º curso

43.6. Distribución horaria por cursos.

1º curso.

Curso	Materia	Sesións lectivas
1º	• Educación Física	3
1º	• Filosofía	3
1º	• Lingua Castelá e Literatura I	3
1º	• Lingua Estranxeira I	3
1º	• Lingua Galega e Literatura I	3
1º	• Obrigatoria de modalidade (1)	4
1º	• De opción de modalidade 1 (2)	4
1º	• De opción de modalidade 2 (2)	4
1º	• Optativa (3)	4
1º	• Relixión/Libre disposición de centro	1
Total 1º		32

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

(1) A materia obrigatoria de modalidade de 1º curso para cada modalidade ou vía será:		
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	• Debuxo Artístico I
	Vía de Música e Artes Escénicas	• Análise Musical I/Artes Escénicas I
Ciencias e Tecnoloxía		• Matemáticas I
Humanidades e Ciencias Sociais		• Latín I/Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I
Xeral		• Matemáticas Xerais
(2) As materias de opción de modalidade de 1º curso seleccionaranse para cada modalidade ou vía de entre as seguintes:		
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	• Cultura Audiovisual • Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I • Proxectos Artísticos • Volume
	Vía de Música e Artes Escénicas	• Análise Musical I • Artes Escénicas I • Coro e Técnica Vocal I • Cultura Audiovisual • Linguaxe e Práctica Musical
Ciencias e Tecnoloxía		• Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais • Debuxo Técnico I • Física e Química • Tecnoloxía e Enxeñaría I
Humanidades e Ciencias Sociais		• Economía • Grego I • Historia do Mundo Contemporáneo • Latín I • Literatura Universal • Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I
Xeral		• Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial • As materias de modalidade de 1º curso que se oferten no centro
(3) A materia optativa de 1º curso, en función da oferta do centro, seleccionarase de entre as seguintes:		
Todas as modalidades		• Anatomía Aplicada • Antropoloxía • Cultura Científica • Literatura Galega do Século XX e da Actualidade • Segunda Lingua Estranxeira I • Tecnoloxías da Información e da Comunicación I • As materias de modalidade de 1º curso

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

2º curso.

Curso	Materia	Sesións lectivas
2º	• Lingua Castelá e Literatura II	3
2º	• Lingua Estranxeira II	3
2º	• Lingua Galega e Literatura II	3
2º	• Historia da Filosofía	3
2º	• Historia de España	3
2º	• Obrigatoria de modalidade (1)	4
2º	• De opción de modalidade 1 (2)	4
2º	• De opción de modalidade 2 (2)	4
2º	• Optativa (3)	4
2º	• Relixión/Libre disposición de centro	1
Total 2º		32

(1) A materia obrigatoria de modalidade de 2º curso para cada modalidade ou vía será:		
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	• Debuxo Artístico II
	Vía de Música e Artes Escénicas	• Análise Musical II/Artes Escénicas II
Ciencias e Tecnoloxía		• Matemáticas II/Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Humanidades e Ciencias Sociais		• Latín II/Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Xeral		• Ciencias Xerais
(2) As materias de opción de modalidade de 2º curso seleccionarase para cada modalidade ou vía de entre as seguintes:		
Artes	Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	• Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II • Deseño • Fundamentos Artísticos • Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica
	Vía de Música e Artes Escénicas	• Análise Musical II • Artes Escénicas II • Coro e Técnica Vocal II • Historia da Música e da Danza • Literatura Dramática
Ciencias e Tecnoloxía		• Bioloxía • Debuxo Técnico II • Física • Química • Tecnoloxía e Enxeñaría II • Xeoloxía e Ciencias Ambientais

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6

Humanidades e Ciencias Sociais	• Empresa e Deseño de Modelos de Negocio • Grego II • Historia da Arte • Latín II • Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II • Xeografía
Xeral	• Movementos Culturais e Artísticos • As materias de modalidade de 2º curso que se oferten no centro
(3) A materia optativa de 2º curso, en función da oferta do centro, seleccionarase de entre as seguintes:	
Todas as modalidades	• Métodos Estatísticos e Numéricos • Psicoloxía • Segunda Lingua Estranxeira II • Tecnoloxías da Información e da Comunicación II • Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia • As materias de modalidade de 2º curso

CVE-DOG: q49im5z0-8b37-grl7-aii4-mapma0oaxco6